

MEMORIA TOMO II
VOLUME 2





MEMORIA

TOMO II VOLUME 2

CONTIDO

I.	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	7
II.	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	141
III.	CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	249
IV.	CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	377
V.	CONSELLERÍA DE SANIDADE	439



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

SECCIÓ 08

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia ademais de aclarar, ordenar e sistematizar a estrutura do sector público autonómico trouxo consigo a introdución de medidas en orde a súa racionalización e simplificación. É neste marco onde se aproban a estrutura orgánica da Xunta de Galicia por Decreto 42/2024, do 14 de abril; a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia por Decreto 49/2024, do 22 de abril; e a estrutura orgánica da Consellería a través do Decreto 139/2024, do 20 de maio.

De acordo con isto, a Consellería de Política Social e Igualdade estrutúrase nos seguintes órganos:

- Persoa titular da Consellería.
- Secretaría Xeral Técnica.
- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- Dirección Xeral de Inclusión Social.
- Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.
- Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria.
- Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.
- Dirección Xeral de Promoción da Igualdade.
- Departamentos territoriais.

Así mesmo, queda adscrita a esta consellería a Axencia Galega de Servizos Sociais, creada polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo.

A Axencia Galega de Servizos Sociais, configúrase como unha entidade pública instrumental pertencente ao tipo de axencias públicas autonómicas, dotada de personalidade xurídica propia a quen se lle encomenda a xestión de servizos públicos en materia de servizos sociais, de acordo co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e no decreto polo que se aproban os seus estatutos. A Axencia Galega de Servizos Sociais está conformada, na actualidade, pola Xerencia e por 28 centros (escolas infantís) e o seu persoal.

Igualmente adscrito, e mentres non se extinga de acordo co punto 3 da Disposición Adicional Segunda do devandito Decreto 40/2014, está o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, entidade de dereito público de carácter interadministrativo constituída pola Xunta de Galicia e os concellos galegos asinantes do convenio de colaboración para a constitución do Consorcio (convenio de data 3 de xullo de 2006, DOG do 7 de xullo de 2006), así como

aqueles outros concellos galegos incorporados de acordo co establecido no artigo 33 dos seus estatutos.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A estrutura orgánica da Xunta de Galicia establecida no Decreto 42/2024, do 14 de abril, está integrada, entre outras, pola Consellería de Política Social e Igualdade.

A Consellería de Política Social e Igualdade de acordo co Decreto 139/2024 do 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que, ademais de aquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e coa Constitución española, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar.

Trátase de competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia e promover e adoptar medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Neste contexto a Consellería de Política Social e Igualdade desenvolve unha serie de proxectos no marco dos eixos da “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión”, “Modernización e dixitalización do sistema educativo, incluída educación de 0 a 3 anos” e “Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos europeos, coa finalidade de mellorar os equipamentos para coidados de longa duración, modernizar os servizos sociais en particular os referidos a educación 0 a 3 anos e establecer proxectos piloto de innovación en servizos sociais.

O exercicio destas funcións e competencias desenvólvese a través de:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Exercerá as funcións e competencias establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación con todas as unidades e servizos dependentes da Consellería de Política Social e

Igualdade, así como as que lle atribúa a normativa en vigor e as que lle sexan encomendadas por delegación da persoa titular da Consellería.

En particular exercerá as competencias mencionadas na Orde do 4 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias nos órganos de dirección e persoas titulares dos departamentos territoriais desta Consellería.

A título singular pódense sinalar as seguintes:

- Coordinar, baixo a dirección da persoa titular da Consellería, os programas e actuacións das diferentes direccións xerais e entes do sector público adscritos á Consellería e actuar como órgano de comunicación coas demais consellerías.
- Dirixir e xestionar os servizos comúns da Consellería e velar pola organización, simplificación e racionalización administrativa, así como polo cumprimento das disposicións legais en materia de igualdade.
- Exercer as funcións relativas ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, o réxime de control, inspección, acreditación e sancionador, de ser o caso, así como a súa coordinación cos demais órganos e cos departamentos territoriais en aplicación e de conformidade coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia; coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia; coa Lei 3/2011 do 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia; coa Lei 10/2014, do 23 de decembro, de accesibilidade e demais normas de aplicación, sen prexuízo das encomendadas aos órganos da Xunta de Galicia competentes en materia de avaliación e reforma administrativa.
- Dirixir, impulsar, xestionar, planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de valoración da dependencia e da discapacidade en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro.
- As que lle atribúa a normativa en vigor e as que lle sexan encomendadas por delegación.
- Aquelas outras desenvolvidas polos órganos que constitúen a súa estrutura e que veñen definidas no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

Correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o deseño, a coordinación, a avaliación e a xestión do conxunto das políticas da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.

En relación coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, correspóndelle deseñar, promover e desenvolver políticas públicas de apoio ás familias que contribúan ao seu benestar, de xeito que se garantan a súa protección económica e social e a igualdade de oportunidades para os seus membros, ao tempo que promovan a igualdade de xénero e a solidariedade interxeracional. Correspóndelle igualmente a promoción e defensa dos dereitos das nenas, nenos e adolescentes, así como cantas actuacións de prevención de situacións de risco ou de desamparo lles poidan afectar. Esta garantía de dereitos tamén abrangue ás e aos menores infractores, aplicándoseles a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Tamén ten atribuídas as competencias derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar co obxectivo de que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar así como as atribuídas pola Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia para establecer un marco xurídico e financeiro estable e o desenvolvemento de actuacións integrais que garantan unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias. Así mesmo, consolida as políticas de igualdade ao integrar a perspectiva de xénero como panca do desenvolvemento social e económico e elemento tractor do impulso demográfico.

En consecuencia corresponderánlle as seguintes funcións:

- Exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, e na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
- Coordinar as políticas autonómicas destinadas a xestionar o cambio demográfico e exercer as dirixidas a favorecer e impulsar o crecemento e a renovación xeracional da poboación galega.
- Promover e adoptar as medidas que aseguren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral como medio para garantir un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.
- Protexer e tutelar as persoas menores en situación de risco ou desamparo e executar as medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.
- Elaborar as propostas normativas no ámbito das súas competencias.
- Exercer a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
- Elaborar o anteproxecto do orzamento e da memoria de funcionamento do órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- Elaborar as estatísticas nas materias da súa competencia.

DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL

Á Dirección Xeral de Inclusión Social, órgano de dirección da Consellería de Política Social e Igualdade, corresponderanlle as seguintes funcións:

- Exercer as políticas autonómicas en materia de servizos sociais, inclusión social e inmigración, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Impulsar o deseño, a coordinación, a avaliación e a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar social, inclusión social, inmigración e servizos sociais comunitarios de Galicia.
- Elaborar as propostas normativas no ámbito dos servizos sociais, inmigración e inclusión social e para o desenvolvemento normativo da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Coordinar o funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación nas materias de competencia da Dirección Xeral.
- Exercer a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
- Elaborar o anteproxecto do orzamento e a memoria de funcionamento do órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- Elaborar as estatísticas nas materias da súa competencia.
- O seguimento da xestión da Fundación Pública Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica (FUNGA).

Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materia da súa competencia.

DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Consonte establece o artigo 21 do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, configúrase como un órgano de dirección da Consellería de Política Social e Igualdade, ao que lle corresponden as seguintes funcións:

- a) Planificar, impulsar, coordinar, dirixir, xestionar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería destinadas ao apoio e atención ás persoas con discapacidade, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, sen prexuízo das que lle correspondan a outros órganos de dirección da Consellería.
- b) A formulación de propostas relacionadas coas políticas da Consellería nas materias propias da Dirección Xeral.

- c) A proposta, o impulso, a elaboración das bases, a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións baixo o réxime de concorrência promovidas pola Dirección Xeral ou a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade.
- d) A xestión e a coordinación do funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación en materia de benestar social, nas competencias asumidas pola Dirección Xeral.
- e) O exercicio da potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación, cando non estea atribuída a outros órganos da Consellería.
- f) A elaboración do anteproxecto de orzamento e da memoria de funcionamento da Dirección Xeral, así como a súa xestión, seguimento e avaliación, e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.
- g) Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade contará cos seguintes órganos:

- Subdirección Xeral de Recursos e Equipamentos de Apoio á Discapacidade.
- Subdirección Xeral de Programas de Apoio á Discapacidade.

DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

Ao abeiro do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade correspóndelle á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria as seguintes funcións:

- Impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar, destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, entre elas a ordenación, a planificación, a innovación estratéxica dos recursos sociosanitarios e a coordinación e avaliación da súa actividade asistencial.
- Planificar as políticas da Dirección Xeral nas materias de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais, así como a iniciativa da proposta normativa nesta materia.
- A coordinación das iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sociais e a supervisión da/das plataforma/s tecnolóxica/s que dean soporte a estas actividades dentro do sistema de servizos sociais, sen prexuízo das que lles correspondan a outros órganos.
- Impulsar iniciativas de humanización e seguridade asistencial nos centros sociosanitarios.

- O fomento e a planificación de actividades de formación continuada nos centros sociosanitarios.
- O impulso da efectividade e da eficiencia nos procesos asistenciais, e a promoción da seguridade e da calidade, e a súa mellora continua.
- O exercicio da potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
- A elaboración do anteproxecto do orzamento e da memoria de funcionamento correspondente ao órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación, e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.
- Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.
- Coordinar a Rede galega de centros sociocomunitarios.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio-sanitaria conta cos seguintes órganos:

- a) Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores.
- b) Subdirección Xeral de Atención Sociosanitaria e Innovación Asistencial.
- c) Subdirección Xeral de Envellecemento Activo, Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria.
- d) Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi).

DIRECCIÓN XERAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.
- b) Planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia da erradicación da violencia de xénero e impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.
- c) Realizar o estudo e o seguimento da lexislación vixente naqueles aspectos que afecten a loita contra a violencia de xénero e elaborar propostas normativas en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- d) Establecer e fomentar relacións de cooperación cos organismos competentes en materia de igualdade da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e da

Administración local, así como cos organismos internacionais e comunitarios en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

- e) Elaborar as propostas normativas no ámbito das competencias da Dirección Xeral.
- f) Elaborar as estatísticas nas materias da súa competencia.
- g) Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.
- h) A formulación de propostas relacionadas coas políticas da Consellería nas materias propias da Dirección Xeral.
- i) A elaboración do anteproxecto do orzamento e da memoria de funcionamento correspondente ao órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación, e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.

DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE

Á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, de acordo co Decreto 139/2024, do 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade ten como competencias e funcións principais as seguintes:

- a) Impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.
- b) Promover a incorporación do principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as normas, políticas, actuacións, plans e estratexias da Xunta de Galicia, en cumprimento do principio de transversalidade recollido no artigo 20 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- c) Planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de igualdade entre mulleres e homes, e a promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes no ámbito persoal, familiar e laboral.
- d) Realizar o estudo e o seguimento da lexislación vixente naqueles aspectos que afecten o principio de igualdade entre mulleres e homes, e elaborar propostas de modificación das normas que o dificulten ou impidan.
- e) Establecer e fomentar relacións de cooperación cos organismos competentes en materia de igualdade da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e da Administración local, así como cos organismos internacionais e comunitarios, en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- f) Propoñer medidas, programas e normas dirixidos á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.
- g) Establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como a igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.
- h) A promoción das actuacións referentes ás medidas municipais de conciliación, bancos municipais de tempo e plans de programación do tempo da cidade.
- i) Elaborar as propostas normativas no ámbito das competencias da Dirección Xeral.
- j) Coordinar o funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación nas materias de competencia da Dirección Xeral.
- k) Exercer a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
- l) Elaborar o anteproxecto do orzamento e a memoria de funcionamento do órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- m) Elaborar as estatísticas nas materias da súa competencia.
- n) Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.
- o) A formulación de propostas relacionadas coas políticas da Consellería nas materias propias da Dirección Xeral.
- p) A elaboración do anteproxecto do orzamento e da memoria de funcionamento correspondente ao órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación, e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.
- q) A preparación, a coordinación e o control dos convenios e das convocatorias de subvencións nas materias de competencia da Subdirección.
- r) Calquera outra función que lle sexa asignada polos órganos de que depende.

1.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

A Axencia Galega de Servizos Sociais, creada polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo, é unha entidade pública instrumental pertencente ao tipo de axencias públicas autonómicas, de conformidade coa autorización contida no artigo 34.I da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da dita Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Para o cumprimento dos seus fins a Axencia Galega de Servizos Sociais está dotada de personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, e facultada para exercer as potestades administrativas necesarias para o cumprimento dos seus obxectivos e funcións no ámbito dos programas correspondentes ás políticas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias propias da súa competencia, así como respecto de todas aquelas actividades e funcións que correspondan a ela mesma, agás a potestade expropiadora.

Á Axencia Galega de Servizos Sociais, como axencia pública autonómica encoméndaselle, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos, a xestión de servizos públicos en materia de servizos sociais, de acordo co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e no decreto polo que se aproban os seus estatutos.

A Axencia exercerá as seguintes funcións:

- Acadar un aproveitamento óptimo e a racionalización no emprego dos recursos dedicados aos servizos sociais, asegurando o maior nivel de eficacia e eficiencia na xestión e prestación deles.
- Velar pola plena efectividade do principio de responsabilidade pública na prestación dos servizos sociais.
- Xestionar equipos, prestacións económicas, programas e servizos sociais de competencia autonómica.
- Coordinar o exercicio das actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais, promovendo o establecemento de convenios, concertos ou calquera outra fórmula de coordinación ou cooperación que permita unha utilización óptima e racional.

Segundo o apartado 3 da disposición adicional primeira do Decreto 40/2014, do 20 de marzo, a Axencia Galega de Servizos Sociais asumiu, dende a súa posta en funcionamento, as competencias atribuídas en materia de xestión de escolas infantís á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (antiga Dirección Xeral de Familia e Inclusión), subrogándose en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das ditas competencias; sendo na actualidade a única competencia que desenvolve.

1.2.3. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E DE BENESTAR

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ten como misión primordial, segundo o artigo 6º dos seus Estatutos, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís

e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen, co obxecto de:

- Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente, que contribúa a reforzar a igualdade de oportunidades na utilización da rede social de atención.
- Incrementar de xeito notable a cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións.
- Contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo. Na mesma liña, prestarase especial atención ás familias que asumen tarefas de atención e coidado.
- Proceder a unha efectiva distribución dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

E neste sentido, no cumprimento dos seus fins o Consorcio exercerá en todo caso, e no ámbito territorial dos entes consorciados, as competencias específicas que se enumeran no artigo 7º dos Estatutos, correspondéndolle, entre outras:

- O estudo das necesidades básicas en materia de servizos sociais de atención en todos os municipios consorciados e a elaboración de cantos plans e proxectos se estimen oportunos para satisfacer as ditas necesidades, así como a investigación e formación do persoal na dita materia.
- O establecemento de directrices xerais de cara a prestación de servizos sociais de ámbito local por parte dos concellos integrantes do Consorcio.
- A determinación e/ou execución en colaboración cos concellos, se é o caso, das obras de construción, reforma e/ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación dos servizos.
- A prestación daqueles outros servizos que resulten necesarios par acadar os fins do Consorcio, sempre que os entes consorciados o acorden así expresamente.

1.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA O APOIO AO EXERCICIO DA CAPACIDADE XURÍDICA (FUNGA)

A Fundación Pública Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica (FUNGA) é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, declarada de interese galego e que ten afectado o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se recollen polo miúdo no artigo 6 dos seus estatutos.

A FUNGA foi constituída no ano 1996 coa denominación de Fundación Galega para a Tutela de Adultos en cumprimento da obriga do goberno autonómico de prestar un apoio persoal, xurídico e patrimonial especializado ás persoas maiores de idade con discapacidade ou incursas nun procedemento de provisión de medidas xudiciais de apoio para o exercicio da capacidade xurídica ás persoas con discapacidade e das que os órganos xudiciais atribuían á Xunta de Galicia o desempeño destas medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica. Dende ese momento a Xunta de Galicia conta, a través da FUNGA, cun ente estable, especializado e con dedicación exclusiva ao cumprimento das citadas funcións mediante o exercicio das medidas de apoio pertinentes.

Dende o seu nacemento, varias foron as adaptacións e modificacións que se levaron a cabo nos estatutos da Fundación, para aumentar as súas competencias (en concreto as vinculadas á dependencia), para especializarse nas medidas de apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica, para adaptar os propios estatutos ás distintas normativas que lles afectaban ou para modificar o seu nome. A última modificación estatutaria levada a cabo tivo como finalidade principal a adaptación da FUNGA á Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, adaptación que supuxo, entre outras actuacións, o cambio da denominación da fundación á actual Fundación Pública Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica.

Os fins da Fundación serán sempre de interese xeral e teñen como cometido a prestación de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica ás persoas con discapacidade beneficiarias da actividade da fundación a través das medidas de apoio establecidas xudicialmente, así como a súa integración na comunidade e o fomento do respecto aos seus dereitos. Na actualidade, tales fins poden ser agrupados no apoio xurídico, social, persoal e patrimonial dos/as beneficiarios/as a través do exercicio da curadoría (excepcionalmente representativa), da defensa xudicial ou da administración xudicial do patrimonio, nos casos nos que proceda.

Terán a condición de beneficiarias as persoas físicas que reúnan as seguintes condicións:

- Persoas maiores de idade con discapacidade provistas dunha medida de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica para cuxa prestación se nomee á FUNGA previa

aceptación do cargo por parte desta; ou persoas maiores de idade incursas nun expediente ou proceso de provisión de medidas xudiciais de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica nos que a FUNGA sexa nomeada defensora xudicial e acepte tal nomeamento.

- Residir na comunidade autónoma galega.
- Que, dada a condición de recurso subsidiario da FUNGA, se determine que carece de familia ou outra persoa física, xurídica ou institución considerada idónea para a prestación da medida xudicial de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica, isto é, que se atopen en situación de desamparo.

Asemade, poderán ser beneficiarias as persoas que, sen estar incluídas nos apartados anteriores, precisen recursos de información, orientación, apoio, intervención e asesoramento individual ou comunitario nas materias propias do ámbito da Fundación.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

Os obxectivos e liñas de acción da Consellería de Política Social e Igualdade artéllanse a través dos órganos seguintes:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica, órgano de dirección con relación xerárquica directa co/a conselleiro/a e coordinador dos programas e actuacións das diferentes direccións xerais e entes do sector público adscritos á consellería, ten como principal liña de actuación a de facilitar a consecución dos obxectivos xerais da mesma impulsando dinámicas de colaboración e apoio a eses órganos.

Así mesmo, como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, avaliando e planificando en calquera caso respostas ás novas necesidades que se produzan.

Neste contexto, os principais liñas de acción son:

1. Desenvolver un sistema de coordinación operativo e institucional estable, suxeito aos principios de austeridade e eficacia, favorecendo a consecución dunha maior eficiencia na coordinación interadministrativa así como no deseño dos procedementos. Trátase de facilitar unha mellor realización dos obxectivos das distintas unidades administrativas da consellería para así conseguir optimizar as accións que se levan a cabo ao servizo do administrado.
2. Coordinar a xestión dos distintos servizos e órganos adscritos á consellería, racionalizando e mellorando os procedementos administrativos tanto de xestión propiamente ditos como tamén en materia de réxime interno e persoal.
3. Mellorar a coordinación e impulso da contratación administrativa de toda a consellería.
4. Xestionar o mantemento das dependencias da consellería, así como dar resposta ás necesidades xeradas pola posta en funcionamento de novos espazos, tanto centrais coma periféricos.
5. Introducción da perspectiva de xénero en todas as actividades da consellería.
6. Racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas da consellería, con especial incidencia nos procedementos de xestión de subvencións.
7. Adoptar políticas de racionalización do gasto.
8. Impulsar e coordinar a elaboración do anteproxecto de orzamento da consellería.
9. Coordinación das taxas e prezos públicos dos distintos servizos da consellería.

10. Planificación, desenvolvemento de execución e coordinación cos departamentos territoriais e co resto dos órganos da consellería, dos investimentos en materia de obras e subministracións, así como da contratación centralizada da consellería en materia de servizos e subministracións susceptibles da mesma.
11. Desenvolvemento das aplicacións estatísticas.
12. Modificación e ampliación da normativa para a acreditación de centros e servizos para persoas maiores e/ou con discapacidade, en consonancia aos estándares de calidade establecidos no marco do Consello Territorial previsto na Lei 39/2006 para autonomía persoal e atención á dependencia.
13. Dirección, impulso, xestión, planificación, coordinación, control e supervisión do conxunto das actuacións da consellería en materia de valoración da dependencia e da discapacidade en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro.
14. Aqueles outros derivados da xestión dos recursos humanos e materiais, a contratación, e outros correspondentes aos servizos comúns desta consellería.
15. Coordinación na execución dos proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia.

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

No exercicio das competencias que ten encomendadas trata de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción:

- Coordinar o desenvolvemento dunha acción transversal de goberno para a xestión do cambio demográfico que aborde os distintos desafíos dun modo transversal e interdisciplinar.
- Dispoñer de recursos de atención á infancia accesibles, sustentables e de calidade en todo o territorio da nosa comunidade.
- Ofrecer a todos os nenos e nenas galegos/as unha educación e coidado de calidade na súa primeira infancia como factor clave para o seu desenvolvemento integral.
- Proporcionar oportunidades e recursos que garanten a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación corresponsable entre a vida persoal, familiar e laboral e un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.
- Avanzar na corresponsabilidade da Administración Pública e das empresas no desenvolvemento da ampliación e consolidación de medidas de conciliación.
- Promover o establecemento de servizos e recursos complementarios de apoio para o coidado dos nenos e nenas.
- Deseñar, promover e desenvolver políticas públicas de apoio ás familias que contribúan ao seu benestar, de xeito que se garantan a súa protección económica e social e a igualdade de

oportunidades para os seus membros, ao tempo que promovan a igualdade de xénero e a solidariedade interxeracional.

- Potenciar a formación de axentes de políticas de convivencia e política familiar, de xeito que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar.
- Potenciar os medios, axudas e servizos que atendan a familias en situación de risco social ou de especial debilidade.
- Promover a adopción de medidas normativas no ámbito laboral, fiscal e de seguridade social que contemplen as diversas circunstancias familiares.
- Coordinar as distintas actuacións na atención á infancia de todas as áreas administrativas implicadas, garantindo a plena operatividade do principio de transversalidade e promovendo a inclusión da perspectiva da infancia e de xénero no deseño e execución de políticas públicas.
- Apoiar e fomentar a colaboración de todos os sectores e, en particular, das corporacións locais e do terceiro sector, na garantía dos dereitos dos nenos e nenas.
- Sensibilizar e concienciar a sociedade galega acerca da responsabilidade compartida no respecto e promoción dos dereitos dos nenos e nenas, no fomento do bo trato á infancia e na loita contra as situacións de risco e desprotección.
- Acadar a coordinación efectiva de todas as administracións públicas e entidades da sociedade civil na prestación de servizos e atención ás necesidades da infancia.
- Potenciar as actuacións tanto de tipo preventivo como de intervención integral ante situacións de desprotección, de xeito que se acade a efectiva atención e protección dos nenos, nenas e adolescentes no seo das súas propias familias e no seu contorno comunitario.
- Promover a inclusión social das e dos menores infractores mediante o desenvolvemento de programas de intervención integral.
- Promover a inserción social e laboral dos mozos e mozas infractores ou que, sendo menores de idade, se beneficiaron de medidas de protección, evitando a consolidación da situación de dependencia dos servizos sociais.
- Responsabilizar os/as menores que cometeran delitos ou faltas a través da aplicación de medidas educativas e socializadoras que se poidan desenvolver tanto no seu contorno natural como nun centro axeitado ao réxime acordado en sede xudicial.

A partir destas liñas xenéricas as actividades que se van realizar son as seguintes:

- Posta en marcha das actuacións da súa competencia previstas na Lei de impulso demográfico de Galicia.
- Participación en foros nacionais e internacionais co obxectivo de situar a cuestión demográfica na axenda política nacional e europea.
- Impulso e consolidación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e do Observatorio Galego da Familia e Infancia.
- Apoio económico ás familias nas que se produce o nacemento ou adopción dun neno ou dunha nena mediante a Tarxeta Benvida.

- Creación de recursos de atención á infancia e desenvolvemento de programas de mellora da súa calidade.
- Investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI).
- Consolidación da gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para todos os nenos e nenas.
- Atención das necesidades de conciliación, así como a contribución á revitalización demográfica e cohesión territorial a través de concesión de axudas para a posta en marcha das Casas Niño.
- Atención das necesidades puntuais de conciliación e períodos de vacacións escolares a través do programa Bono Concilia Familia.
- Desenvolvemento normativo da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Desenvolvemento normativo da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de Impulso Demográfico de Galicia.
- Adaptación da normativa autonómica ás leis estatais de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Elaboración dun plan de apoio ás familias numerosas.
- Elaboración dun plan de apoio ás familias monoparentais.
- Creación do Rexistro de acreditación de familias monoparentais.
- Mantemento do rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e desenvolvemento dos programas de mediación familiar, especialmente a través dos Gabinetes de Orientación Familiar.
- A execución e coordinación de programas de apoio ás familias en situación de risco, risco prenatal, así como aos e ás menores en situación de desprotección.
- Impulso do acollemento familiar de menores en situación de risco ou desamparo.
- Planificación, xestión, coordinación e mellora da rede de centros residenciais e de atención de día para menores en situación de risco ou desamparo e o desenvolvemento de programas de calidade naqueles.
- Xestión e mellora do procedemento adoptivo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Execución de programas de inclusión sociolaboral dirixidos a menores ou mozos/as en risco de exclusión social.
- Exercicio das accións civís ou penais que resulten procedentes en defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia.
- Implantación de programas e actuacións que, coordinadas coas doutros departamentos e administracións, favorezan a diminución da delincuencia xuvenil en Galicia.
- Execución e coordinación das medidas xudiciais previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores a través de centros e programas de intervención individual.

- Realización de campañas de sensibilización e cursos de formación, seminarios, xornadas sobre temas de competencia da dirección xeral.
- Xestión da tramitación dos títulos de familia numerosa e mellora do seu ámbito de aplicación na comunidade autónoma a través de medidas de implicación e concienciación de axentes públicos e privados.
- Desenvolvemento da Estratexia Galega para a infancia e Adolescencia (EGIA), como instrumento de planificación das políticas da Xunta de Galicia dirixidas ao conxunto de nenas, nenos e adolescentes que residen na comunidade autónoma.
- Garantir o interese superior do menor, dispoñendo recursos técnicos, humanos e materiais para unha adecuada atención das nenas, nenos e adolescentes adaptados ás necesidades dos nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA).
- Ampliar a rede de puntos de encontro familiar, para asegurar unha mellor resposta ás necesidades dos usuarios.
- Xestionar a asignación orzamentaria do 0,7 do IRPF para financiar programas que comprenden actuacións en materia de prevención, protección e fomento dos dereitos da infancia, así como actuacións de apoio ás familias e conciliación.

DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL

As principais liñas de acción a desenvolver por esta dirección xeral son:

1. Manter a cobertura e a capacidade de resposta da rede de servizos sociais comunitarios prestados polas corporacións locais, de maneira coordinada coa administración Autonómica, de acordo coa distribución de funcións e competencias establecida para o Sistema Galego de Servizos Sociais na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, así como a accesibilidade universal en todo o territorio galego ás prestacións básicas dos servizos sociais.
2. Coordinar os servizos sociais de titularidade pública cos que prestan as entidades de iniciativa social apoiadas con fondos públicos nas áreas de atención social comunitaria e inclusión social, e en favor da poboación inmigrante, coa finalidade de atender de forma coordinada e global ás novas e emerxentes necesidades sociais derivadas da pasada crise económica, para o máximo rendemento dos recursos dispoñibles e a prestación duns servizos de calidade que eviten os desequilibrios territoriais e estimulen a cultura de participación da sociedade e das propias persoas afectadas como elemento esencial na provisión dos servizos sociais, incluíndo a xestión do financiamento de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo a asignación orzamentaria do 0,7 % do IRPF como un elemento de reforzo das entidades de iniciativa social no ámbito da inclusión social.
3. Garantirlles, a través da RISGA e mais os seus complementos, uns recursos económicos de subsistencia ás persoas tecnicamente valoradas en situación ou risco de exclusión social de conformidade co establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e no Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27

de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social, mellorando a configuración dos incentivos á inclusión activa das persoas perceptoras de RISGA e do ingreso mínimo vital (IMV).

4. Atender as necesidades básicas das persoas en situación de pobreza, vulnerabilidade ou exclusión social.
5. Posibilitar, a través do desenvolvemento de proxectos personalizados de inclusión sociolaboral, o apoio sociofamiliar e unha saída laboral ás persoas que estean en risco ou situación de exclusión social, con independencia de que sexan ou non perceptoras da RISGA.
6. Coordinar os distintos departamentos da administración autonómica para garantir a abordaxe integral dos procesos de exclusión.

Particularmente as actuacións que se van desenvolver son as seguintes:

- Apoio económico e técnico á rede básica de servizos sociais comunitarios das corporacións locais, para que poidan exercer as súas competencias e cumprir coas súas obrigas consonte a normativa vixente.
- Apoio económico para o mantemento dunha rede de iniciativa social de centros de inclusión e emerxencia social (albergues, comedores, centros de día, centros de acollida e inclusión, etc.).
- Apoio á promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e de inclusión social xestionados polas entidades de iniciativa social e as corporacións locais.
- Potenciación e Mellora da coordinación coas corporacións locais nos ámbitos de competencia desta dirección xeral.
- Mantemento no territorio dos equipos de inclusión sociolaboral para mellorar o acceso aos recursos de inclusión e garantir unha actuación coordinada ante as situacións de vulnerabilidade.
- Mellora das ferramentas técnicas, dos sistemas de información e dos programas destinados a profesionais e persoas usuarias dos servizos sociais.
- Atención das solicitudes de incorporación á Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), así como das de Axudas de Inclusión Social (AIS).
- Melloras na tramitación e cobertura protectora da RISGA e as AIS, consonte o previsto o Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.
- Mellora da configuración dos incentivos á inclusión activa das persoas perceptoras de RISGA e do ingreso mínimo vital (IMV).
- Fomento das intervencións preventivas e inclusivas con grupos sociais con alto risco de exclusión social e en situación de pobreza severa (sen teito, barrios degradados, poboación

afectada por exclusión territorial, etc.), tendo en conta, a través de entidades especializadas do terceiro sector de acción social e dos servizos sociais comunitarios municipais.

- O 01/10/2023 comezou un novo programa de asesoramento e intervención a familias en risco de perder a súa vivenda habitual.
- Implementación das actuacións integrais previstas na Estratexia de Inclusión Social de Galicia, na Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia (actualmente en proceso de actualización) e mais no Plan de atención ás persoas sen fogar, destacando o perfeccionamento das liñas de acción e medidas comprendidas na Axenda Social Única de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

I. Dentro do ámbito de atención á discapacidade:

Este orzamento dunha banda consolidará a atención ás persoas con discapacidade na procura dunha atención integral e doutra banda dotará dun novo impulso as súas políticas de atención.

A este fin, establécense os seguintes obxectivos:

- Mellora dos medios materiais e técnicos precisos para a xestión dos procedementos establecidos, especialmente desenvolvendo escenarios de tramitación electrónica e interoperabilidade con outros sistemas.
- Impulsar o emprego das novas tecnoloxías e a diversificación dos servizos e actuacións ofertadas destinadas á atención das persoas dependentes con discapacidade e ao apoio dos seus coidadores co obxecto de fomentar a permanencia nos seus domicilios e a mellora da súa calidade de vida.
- Planificación de recursos para atención á discapacidade e promoción da autonomía, fomentando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais.
- Coordinación, racionalización e optimización dos recursos existentes.
- Xestión das prazas nos centros e servizos públicos de atención as persoas con discapacidade titularidade da Consellería ou financiadas por estas a través da concertación social co obxecto de incrementar a transparencia e concorrência na prestación destes servizos.
- Apoio material e técnico aos centros de persoas con discapacidade así como coordinación dos equipamentos necesarios.
- Dotación de medidas de reforzo para a atención ás persoas con discapacidade cun maior grao de vulnerabilidade.

As actuacións a desenvolver para facer efectivas as anteriores coberturas son as seguintes:

- Evolución dos medios tecnolóxicos e telemáticos actuais para a mellora da xestión administrativa, procurando unha resposta áxil na tramitación administrativa e na resposta ao cidadán.
- Potenciar os servizos destinados a apoiar a permanencia das persoas con discapacidade en situación de dependencia no seu fogar a través de recursos de proximidade implementando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais.
- Actuacións de mellora tecnolóxica en centros de titularidade e xestión propia da Xunta de Galicia, destinados a atender persoas con discapacidade.
- Dotación de servizos sociais de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas con discapacidade en Galicia.
- Implementación de servizos específicos por tipoloxías de discapacidade: física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista e enfermidade mental.

2. Dentro do ámbito da prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal:

Os servizos de promoción da autonomía persoal teñen por finalidade desenvolver e manter a capacidade persoal de control, afrontar e tomar decisións acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias, e facilitar a execución das actividades da vida diaria.

Establécense os seguintes obxectivos:

- Desenvolvemento da estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, procurando un salto cualitativo nas actuais políticas dende sistemas asistenciais, terapéuticos e de rehabilitación cara á prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, buscando novas sinerxías a través da coordinación e cooperación e fomentando a creación de novos programas, servizos e actuacións neste eido.
- Consolidación dos programas e servizos que teñan acreditada a súa eficacia como instrumentos de integración social, de promoción da autonomía persoal e de mellora da calidade de vida dos colectivos integrados polas persoas con discapacidade.
- Fortalecemento dos servizos e programas que posibiliten e favorezan a permanencia das persoas con discapacidade no contorno familiar e social, onde desenvolven a súa vida, con especial atención ás que viven en áreas rurais diseminadas e as que viven soas, e que faciliten, a través dos medios de apoio axeitados, a promoción da súa autonomía persoal.
- Impulsar o desenvolvemento de políticas que favorezan a vida independente para as persoas con discapacidade como garantía de igualdade efectiva e integración social, implementando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais.

- Promover a coordinación cos demais departamentos da Xunta de Galicia e con outras institucións públicas e privadas que teñan competencias ou desenvolvan actuacións nos ámbitos e atención ás persoas con discapacidade.
- Impulsar o desenvolvemento das actuacións destinadas á potenciación e mellora dos servizos de autonomía persoal dirixidos ás persoas con discapacidade.
- Desenvolvemento dos servizos de prevención e promoción da autonomía persoal, da carteira de servizos sociais da atención ás persoas con discapacidade en situación de dependencia en Galicia, fomentando a colaboración e a implicación das entidades locais como axentes implicados na promoción das políticas de promoción da autonomía persoal.

Actuacións a desenvolver coa finalidade de facer efectivos os anteditos obxectivos:

- Ampliar na comunidade autónoma os servizos vinculados á aplicación das novas tecnoloxías que favorezan a permanencia dos colectivos máis vulnerables no fogar.
- Promover os servizos de atención ás persoas con discapacidade, e promover a difusión dos distintos programas e servizos de carácter público destinados a elas.
- Desenvolvemento de estudos, protocolos e demais instrumentos de favorezan a actuación coordinada dos diversos axentes que interveñan nun mesmo ámbito de atención ás persoas con discapacidade.
- Promover o desenvolvemento de programas de atención específicos destinados aos distintos colectivos de persoas con discapacidade en función da tipoloxía desta, a través das distintas federacións en que se agrupan, apoiando o tecido asociativo e federativo destinado á atención das persoas con discapacidade.
- Mellorar a eficacia na atención ás persoas con discapacidade a través da modernización e mellora dos procedementos administrativos existentes.
- Impulsar a colaboración con concellos e universidades.
- Impulsar a consolidación e extensión da Rede galega de atención temperá.
- Mellorar a formación do persoal das entidades do terceiro sector en materia de accesibilidade universal.
- Mellorar o acceso aos servizos de promoción da autonomía persoal que permita as persoas con discapacidade asumir este tipo de servizos a través do establecemento dun sistema de axudas que lles facilite acceder dun xeito máis rápido e polo tanto acadar así un maior éxito da intervención.
- Articular novos modelos de intervención social eficientes, integradores e accesibles que permitan consolidar unha densa rede de apoio de atención ás persoas con discapacidade.

Partindo dos obxectivos anteditos, as grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario 2025 son as seguintes:

- a) Mellorar a eficiencia do gasto público, focalizando como indicadores as persoas destinatarias das políticas sociais e aproveitando de xeito coordinado as actuacións das diferentes administracións públicas e as entidades privadas.
- b) Incremento da utilización das tecnoloxías da información e comunicación (TICs) para mellora da eficacia e eficiencia na atención ás persoas con discapacidade.
- c) Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos contornos, espazos, bens, produtos e servizos.
- d) Mellorar a calidade e capacidade de atención dos servizos e recursos da Rede galega de atención temperá.
- e) Desenvolver proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia que fagan máis resilientes as economías e as preparen para afrontar o futuro con máis fortaleza.
- f) Posta en marcha das novas Unidades de Atención Post Temperá (UAPT) configuradas como un servizo especializado dirixido a nenos e nenas de 6 a 12 anos que presentan problemas no seu desenvolvemento que proporcionará unha intervención continuada e adaptada ás necesidades específicas de cada menor, atendidos previamente a través da Rede Galega de atención temperá.

DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA

- I. Dentro do ámbito de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores, establécense os seguintes obxectivos:
 - Coordinar e supervisar os equipamentos e servizos, residenciais e de atención diúrna, do ámbito competencial da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria; a elaboración da proposta do catálogo de servizos e medidas de planificación; a programación, a coordinación e o control dos programas, servizos e equipamentos, tanto comúns como do nivel de actuación especializada para as persoas maiores, sen prexuízo das que lle correspondan a outros órganos da Consellería.
 - Diseñar e pór en marcha programas e actividades dirixidas a persoas maiores.
 - Colaborar cos órganos responsables de autorización e inspección de servizos sociais no control dos requisitos de acreditación en materia de atención ás persoas maiores, que garantan a calidade da dita atención.
 - A proposta da regulación do sistema de acceso e admisión nos centros e servizos para as persoas maiores, e a súa execución.
 - Preparar o anteproxecto do orzamento e a memoria de funcionamento da Dirección Xeral, con base nas propostas de gastos elaboradas polos distintos órganos e unidades da dita dirección xeral, así como o control e o seguimento da súa xestión e execución.

- Preparar propostas normativas relativas a taxas, prezos públicos e demais ingresos en relación con actividades ou servizos competencia da Dirección Xeral, así como o seguimento da xestión e recadación dos existentes, sen prexuízo das competencias que lle correspondan á consellería competente en materia de facenda.
 - Coordinar a xestión económica da Dirección Xeral, sen prexuízo da que lle corresponda á Secretaría Xeral Técnica.
 - A xestión e o control de fondos finalistas, así como a elaboración das propostas necesarias para a tramitación dos expedientes correspondentes ás súas modificacións.
2. Dentro do ámbito da Atención Sociosanitaria e Innovación Asistencial establécense os seguintes obxectivos:
- Planificar e dimensionar as estruturas, os recursos e as tecnoloxías desde o punto de vista asistencial.
 - Supervisar os plans directores e funcionais dos centros sociosanitarios e facer o seguimento da implantación de novos recursos, técnicas e procedementos.
 - Xestionar as estratexias de innovación destinadas a mellorar a prestación asistencial.
 - Impulsar a cooperación e a coordinación efectiva cos órganos ou unidades da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competentes en materia de sanidade de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.
 - O desenvolvemento e a coordinación de sistemas de avaliación de tecnoloxías e programas de servizos sociais.
 - A planificación, a coordinación, a execución e o seguimento das competencias e funcións da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria nas materias de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais, especialmente orientados á promoción da autonomía persoal e mellora da calidade de vida das persoas maiores, así como a iniciativa da proposta normativa nesta materia.
 - A coordinación, o impulso e a xestión das iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sociais e a supervisión da/das plataforma/s tecnolóxica/s que dean soporte a estas actividades dentro do sistema de servizos sociais, en coordinación cos órganos competentes na materia.
 - A planificación estratéxica, o deseño, a adquisición, a implantación, a formación, o soporte, a normalización e o mantemento dos sistemas de información de servizos sociais e a plataforma e servizos TIC que os sustentan.
 - Impulsar o sistema de xestión da calidade nos servizos sociosanitarios sen prexuízo das funcións que lle corresponda a outros órganos da Consellería.
 - A posta en marcha de proxectos de humanización no contorno dos servizos sociais.
 - Implantar as estratexias de seguridade dos residentes dos centros sociosanitarios.
 - O fomento e a planificación de actividades de formación continuada nos centros sociosanitarios.

3. Dentro do ámbito do Envelhecimento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria:
 - Desenvolvemento da estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, procurando un salto cualitativo nas actuais políticas dende sistemas asistenciais, terapéuticos e de rehabilitación cara a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, buscando novas sinerxías a través da coordinación e cooperación e fomentando a creación de novos programas, servizos e actuacións neste eido.
 - Desenvolvemento da Estratexia galega de Soidade non desexada.
 - Consolidación dos programas e servizos que teñan acreditada a súa eficacia como instrumentos de integración social, de promoción da autonomía persoal e de mellora da calidade de vida dos colectivos integrados polas persoas maiores.
 - Fortalecemento dos servizos e programas que posibiliten e favorezan a permanencia tanto da persoa maior no contorno familiar e social, onde desenvolve a súa vida, con especial atención aos que viven en áreas rurais diseminadas e as persoas maiores que viven soas, e que faciliten, a través dos medios de apoio axeitados, a promoción da súa autonomía persoal.
 - Promover a coordinación cos demais departamentos da Xunta de Galicia e con outras institucións públicas e privadas que teñan competencias ou desenvolvan actuacións nos ámbitos e atención ás persoas maiores.
 - Impulsar o desenvolvemento das actuacións destinadas respectivamente á “Mellora dos servizos e infraestruturas que faciliten a permanencia no fogar das persoas maiores en situación de dependencia” e á “Potenciación e mellora dos servizos de Autonomía Persoal”.
 - Desenvolvemento dos servizos de prevención e promoción da autonomía persoal, da carteira de servizos sociais da atención ás persoas dependentes en Galicia, e fomentando a colaboración e a implicación das entidades locais como axentes implicados na promoción das políticas de envelhecimento activo.

Actuacións a desenvolver coa finalidade de facer efectivos os anteditos obxectivos:

- Impulsar o desenvolvemento de políticas de envelhecimento activo como forma de prevención de situacións de dependencia, xerando espazos nos que os maiores poidan desenvolver as súas capacidades e favorezan a súa socialización, e procurando a implicación das entidades locais neste obxectivo.
- Ampliar na comunidade autónoma os servizos vinculados a aplicación das novas tecnoloxías que favorezan a permanencia dos colectivos máis vulnerables no fogar.
- Mantemento dos programas de acollemento e potenciación do servizo de estancias temporais.
- Potenciar o programa de carácter integrador, preventivo e asistencial destinado á promoción, recuperación e/ou mantemento da autonomía das persoas maiores como recurso de promoción da autonomía persoal, aos efectos de favorecer a permanencia das persoas en

situación de dependencia na súa contorna, no caso de que non existan na mesma recursos de atención diúrna, e fomentar a prevención das situacións de dependencia en persoas maiores que aínda gozan de autonomía, paliando así mesmo situacións de illamento social.

- Promover os servizos de atención as persoas maiores, e promover a difusión dos distintos programas e servizos de carácter público destinados a eles.
- Continuar coa implantación a nivel autonómico servizo de teleasistencia incluído na carteira de servizos sociais para contribuír a mellorar a calidade de vida e a promoción da autonomía persoal das persoas maiores así como daquelas que se atopan en situación de dependencia.
- Promover liñas de acción para avanzar na mellora da conciliación das familias galegas e no apoio ás persoas coidadoras das persoas en situación de dependencia a través de distintos programas de respiro que favorezan a prestación de servizos de atención e coidado no propio domicilio así como a financiación de estancias temporais en centros residenciais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Desenvolvemento de estudos, protocolos e demais instrumentos que favorezan a actuación coordinada dos diversos axentes que interveñan nun mesmo ámbito de atención ás persoas maiores.
- Promover o desenvolvemento de programas de atención específicos destinados ás persoas maiores que viven soas, tanto dirixidos a que poidan permanecer residindo no seu fogar de forma segura e independente así como o desenvolvemento de programas de acompañamento.
- Fomentar o envellecemento activo das persoas maiores a través da promoción e desenvolvemento de programas, tanto propios como en colaboración coas entidades locais así como tamén coas universidades e outras entidades.
- Mellorar a eficacia na atención aos colectivos indicados a través da modernización e mellora dos procedementos administrativos existentes.
- Mellorar a formación do persoal das entidades do terceiro sector en materia de accesibilidade universal.
- Articular novos modelos de intervención social eficientes, integradores e accesibles que permitan consolidar unha densa rede de apoio de atención ás persoas.

Partindo dos obxectivos anteditos, as grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario 2025 son as seguintes:

- Mellorar a eficiencia do gasto público, focalizando como indicadores as persoas destinatarias das políticas sociais e aproveitando de xeito coordinado as actuacións das diferentes administracións públicas e as entidades privadas.
- Incremento da utilización das tecnoloxías da información e comunicación (TICs) para mellora da eficacia e eficiencia na atención aos usuarios.
- Potenciar a rede de recursos de proximidade e de promoción da autonomía persoal para abordar a atención das persoas recoñecidas en grao I.

- Mellorar o acceso aos recursos dos servizos sociais e asistenciais de proximidade destinados ás persoas maiores, especialmente a aquelas que vivan no rural cara a mellorar a súa calidade de vida.
- Promover a coordinación socio-sanitaria na área da dependencia e discapacidade en colaboración cos distintos órganos do sistema de saúde.
- Impulsar o servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia a través das entidades locais de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

No que respecta á prevención e o tratamento da violencia de xénero, o goberno galego segue a apoiar cos seus orzamentos a loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres, de acordo coa nova regulación vixente, derivada da entrada en vigor no ano 2022 da Lei 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, así como da modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, coa que se incluíu, como unha forma de violencia de xénero, a explotación sexual. No plano programático cómpre atender con estes orzamentos á execución das medidas previstas no Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres 2023-2027 (Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado e Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade do 3 de marzo de 2023, pola que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres 2023-2026) e no I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

Así, o Goberno Galego destaca a importancia do compromiso de continuidade do Pacto de Estado, que se materializou coa aprobación en marzo de 2023 do Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres, e cuxa vixencia se estende ata o 2027. O seu obxecto é impulsar o deseño de mecanismos de colaboración que garantan a estabilidade orzamentaria e administrativa, de maneira que permitan soste os actuais e futuros servizos vinculados ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, así como asegurar a existencia, en todo o territorio do Estado, dun conxunto de servizos mínimos de acordo coas competencias propias de cada administración, que garantan o exercicio efectivo dos dereitos das vítimas de violencia contra as mulleres consagrados na lexislación estatal vixente, e, en particular, na Lei orgánica 11/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. Así mesmo, o Plan conxunto plurianual inclúe un Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres, e un Sistema común de información e avaliación, como instrumentos básicos para a loita contra a violencia de xénero en todo o Estado nos vindeiros anos.

No período comprendido entre 2018 e 2022 Galicia xestionou preto de 40 millóns de euros dos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O pasado ano 2023, coa aprobación do Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres, correspondéronlle a Galicia un total de 11 millóns de euros destes fondos, cos cales, ademais de seguir

financiando todas aquelas actuacións iniciadas en anos anteriores e xa consolidadas actualmente, tamén se asumiu a posta en marcha de novos servizos, como a dotación de persoal, con carácter plurianual, para a atención dos centros de crise, durante as 24 horas os 365 días do ano.

Así, os fondos vinculados á execución do Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres van permitir darlle continuidade a todas aquelas medidas que se puxeron en marcha co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e que a día de hoxe están consolidadas e implantadas, e que posibilitaron, entre outras cousas, impulsar a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero e os incentivos á mobilidade xeográfica para as vítimas. Galicia, ademais, é pioneira, no marco do Pacto, no apoio integral aos menores que quedaron orfos/as por mor dos actos de violencia machista, dálle cobertura económica e social ás vítimas gravemente feridas, organiza quendas de garda para a atención psicolóxica e incorporou traballadores/as sociais ás sete oficinas de asistencia ás vítimas do delito (OAVDs) dos xulgados. Entre as medidas incluídas no Pacto atópanse tamén accións para a sensibilización e prevención da violencia, a coordinación na resposta institucional ás vítimas, configuración de estatísticas ou visibilidade doutras formas de violencia que poden afectar ás mulleres.

Deste xeito, os recursos investiranse en intensificar o desenvolvemento das medidas postas en marcha no período 2018-2022, e que terán continuidade no 2025, así como o seu reforzamento, actuacións de amplo consenso, sometidas polo Goberno a acordo coa representación das diferentes administracións territoriais, partidos políticos, Administración de Xustiza, organizacións sindicais e empresariais e asociacións civís.

Neste marco, algunhas das medidas que terán continuidade en 2025 son:

- Mantemento das axudas para as vítimas de violencia de xénero, tanto de pago periódico como de pago único, así como a posta en marcha dunha nova liña de axudas para as vítimas de violencia sexual.
- Campañas de prevención información e sensibilización fronte a violencia machista dirixidas á mocidade no ámbito deportivo, á infancia a través de accións culturais e de promoción da lingua, ás mulleres do rural, ás mulleres maiores etc.
- Programa de apoio integral e axudas económicas (indemnización), aos orfos e orfas por causa da violencia machista que carezan de rendas.
- Axudas económicas (indemnización), a mulleres gravemente feridas por causa da violencia machista.
- Durante os pasados anos (con anterioridade ao seu recoñecemento no ano 2015), Galicia veu defendendo a necesidade de incluír aos menores como vítimas directas da violencia de xénero. Por iso, en todos os programas do Goberno galego incluíronse medidas específicas para os e as menores, así como a formación aos profesionais que traballan con eles.
- Impulsarase tanto a indemnización económica como o programa de asistencia social, legal, psicolóxica e administrativa para apoio aos orfos e orfas tralo asasinato da súa nai por violencia de xénero.

- Quenda de garda psicolóxica permanente para as vítimas da violencia de xénero. Procurárase o seu acceso aos profesionais da psicoloxía desde o momento da denuncia e en adiante.
- Reforzo da asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero, mediante a ampliación da asistencia xurídica, psicolóxica, a implantación de novas liñas de apoio directo ao emprego e a contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero, así como da promoción do seu acceso á vivenda.

E máis aló destas e doutras medidas que permitirán implementar o orzamento achegado polo Pacto de Estado, a administración autonómica mantén o seu compromiso coas axudas económicas periódicas para as vítimas, consignando novamente para esta finalidade 4 millóns de euros ampliables.

O obxecto destas axudas é fundamental para a erradicación da violencia. Trátase de proporcionar apoio económico ás mulleres vítimas, incluídas as vítimas de trata con fins de explotación sexual e ás vítimas de explotación sexual, para intentar garantir-lles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor ou da persoa que mantivese sobre elas unha relación de dominación (caso das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou de explotación sexual), e intentar axudalas a romper coa situación de violencia, que lles posibilibite dar o primeiro paso o consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

- Reforzo da rede galega de acollemento, impulsando a posta en funcionamento de novos recursos de acollida para mulleres que sofren violencia machista e ademais presentan outras problemáticas engadidas (toxicomanías ou enfermidade mental), que necesitan dunha atención específica.
- Ampliación do Bono de Alugueiro Social para a totalidade de vítimas de violencia de xénero sen recursos suficientes, de xeito que se lles poida garantir o acceso a unha vivenda de alugueiro.
- Fortalecemento e apoio ás oficinas xudiciais de atención ás vítimas da violencia de xénero en Galicia, coa formación das e dos profesionais que nelas prestan apoio e asistencia psicolóxica ás vítimas, en coordinación coa D.X. de Xustiza, e reforzando a atención integral co mantemento das traballadoras sociais de cada oficina.
- Programas de prevención da violencia sexual e de atención especializada ás súas vítimas así como intensificación de campañas contra a violencia sexual e presenza de puntos informativos en diversos concellos galegos.
- Intensificación das actuacións contidas no decreto que regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero de todo o persoal ao servizo da administración da comunidade autónoma, o que permitirá fortalecer o coñecemento da violencia machista e mellorar o tratamento das vítimas.
- Incremento das actividades formativas específicas destinadas a diferentes colectivos profesionais relacionados co tratamento da violencia de xénero e/ou coa trata de seres humanos (policiais, sanitarios, sociais etc.) así como as agresións sexuais, buscando a coordinación con todas as instancias implicadas na loita fronte á violencia machista.

- Apoio socio-laboral ás vítimas da violencia machista, continuando coa implantación dun programa específico de inserción laboral, por considerar a súa integración no mercado laboral como un elemento clave para unha recuperación integral, e que este programa apoia mediante itinerarios de inserción, formación, acompañamento na busca de emprego e intermediación con empresas.
- Reforzo e ampliación do programa de atención psicolóxica especializada para as mulleres vítimas de violencia de xénero e para os seus fillos e fillas, o que permitirá desenvolver dun xeito máis eficaz estas actuacións e mellorar os recursos terapéuticos que son fundamentais para abrir vías de recuperación tanto para as mulleres vítimas de violencia de xénero, como para os menores e persoas do seu ámbito familiar que vivan ou padezan esta situación.
- Impulso de accións e actividades de apoio e atención ás mulleres que son vítimas de trata, fundamentalmente con fins de explotación sexual, e ás vítimas de explotación sexual, para proporcionarlles o asesoramento e atención que precisan. Reforzaranse as pautas de actuación para a detección, identificación, asistencia e protección destas mulleres, favorecendo a coordinación das institucións implicadas na súa atención e impulsarse o apoio e a cooperación da administración autonómica coas organizacións e entidades con experiencia acreditada en Galicia na asistencia a estas vítimas.
- Impulso do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, mediante a constitución dun novo grupo de traballo, o GT5, especializado na trata e outras formas de explotación sexual en contextos de prostitución, e incidindo igualmente na problemática da violencia sexual, a través dos traballos do GT4, e levando a cabo a actualización do Protocolo de coordinación e cooperación institucional contra a violencia de xénero, no GT1.
- Fortalecemento do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero, establecendo novas liñas de traballo. Ademais o seu papel como centro coordinador da Rede Galega de Acollemento, impúlsase a súa labor como centro coordinador de todas aquelas actuacións para permitir a reparación ás vítimas.
- Establecemento de liñas de actuación específicas para abordar a problemática da trata de seres humanos con fins de explotación sexual, dentro do marco programático marcado polo Plan Galego contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual 2022-2024.

Para concluír coas actuacións no ámbito da violencia de xénero cabe sinalar o avance na implementación dos Centros de Crise 24 horas. Estes centros prestarán un servizo de atención especializada ás mulleres vítimas de todas as formas de violencia contra as mulleres, incluídas as mulleres que teñan vivido un intento ou situación de violencia sexual recente ou pasada, ou teñan a sospeita de tela sufrido. O servizo contará cun equipo profesional, de carácter multidisciplinar, integrado por profesionais do ámbito social, psicolóxico, xurídico e social.

DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE

No exercicio das competencias que ten encomendadas trata de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción:

- Impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes.
- Promover a incorporación do principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes en todas as normas, as políticas, as actuacións, os plans e as estratexias da Xunta de Galicia, en cumprimento do principio de transversalidade.
- Apoiar medidas que fomenten e favorezan a conciliación e a corresponsabilidade entre mulleres e homes no ámbito persoal, familiar e laboral, contribuíndo á dinamización demográfica e que eviten as desigualdades no ámbito laboral.
- Establecer e fomentar relacións de cooperación cos organismos competentes en materia de igualdade da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e da Administración local, así como cos organismos internacionais e comunitarios.
- Promover o exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, e incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, e eliminar as discriminacións existentes entre sexos.
- Loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.
- Establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero en todas actuacións, plans e estratexias de promoción da igualdade entre mulleres e homes.

A partir destas liñas xenéricas as actividades que se van realizar son as seguintes:

- Posta en marcha das actuacións que sexan competencia deste departamento previstas na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Seguimento e desenvolvemento dos instrumentos de planificación estratéxica no ámbito da igualdade: VIII Plan Estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025 e III Programa Galego de Muller e Ciencia 2021-2025.
- Aprobación e desenvolvemento do Estatuto das mulleres do rural e do Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro.
- Desenvolvemento de diferentes programas onde se promova a corresponsabilidade, ao abeiro do Plan Corresponsables en Galicia, a través de entidades locais, Anpas (asocia-

cións de nais e pais), entidades de iniciativa social (especialmente no eido da discapacidade) ou asociacións de mulleres rurais. Actuacións en corresponsabilidade:

- Apoio ás necesidades de conciliación das familias, mediante a posta en marcha de servizos de coidado profesional a menores de 16 anos e creación de emprego de calidade.
- Plans de sensibilización e formación en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes e ás familias.
- Incentivos á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.
- Execución e desenvolvemento de diferentes programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, tanto de promoción da igualdade entre homes e mulleres e de prevención da violencia de xénero, como de recursos integrais de atención especializada, a través de entidades locais e de entidades de iniciativa social ou asociacións de mulleres.
- Impulso na comunidade educativa a través das ANPA de programas de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e rexeitamento da violencia contra as mulleres, formación e sensibilización dirixidas ao alumnado de centros educativos non universitarios e/ou ás súas familias.
- Fomento e impulso do emprendemento feminino, favorecendo o acceso das mulleres a sectores economicamente viables, ofrecéndolles apoio, acompañamento e orientación específica durante todo o proceso emprendedor.
- Organización e participación en foros ou encontros de emprendemento co obxectivo de difundir e dar a coñecer liñas de subvencións os casos de boas prácticas a través do así como o intercambio de experiencias entre mulleres emprendedoras.
- Potenciar a elaboración de estudos e avaliación sobre o impacto da situación das iniciativas apoiadas polo programa de emprendemento feminino nos últimos anos.
- Intensificar os recursos e servizos de asesoramento xurídico, atención psicolóxica e orientación dos/das axentes de igualdade para as mulleres galegas, en especial en situación de vulnerabilidade, a través dos Centros de Información á Muller (CIMs) de Galicia.
- Ampliar e potenciar a formación das profesionais dos Centros de Información á Muller (CIMs) a través do xa consolidado Plan de Formación, co obxectivo de actualizar e mellorar os coñecementos no seu ámbitos de actuación.
- Apoio as asociacións de mulleres e ás federacións constituídas por estas para fortalecer e consolidar o movemento asociativo e potenciar a participación social e o cambio de valores necesarios para avanzar na igualdade real e efectiva por razón de xénero, incidindo na importancia do tecido asociativo no medio rural como promotor da dinamización do territorio en termos de igualdade e sustentabilidade.
- Xestión do Programa a cargo da asignación orzamentaria do 0,7 do IRPF para financiar programas que comprenden actuacións dirixidas á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero.

- Fomento da construción e divulgación da participación e a produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e desenvolvemento da sociedade, ao tempo que se busca a deconstrución dos estereotipos de xénero a través do desenvolvemento do programa “Donas de si”, que está incluído dentro do Plan Proxecta, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que oferta aos centros educativos actividades e materiais didácticos.
- Desenvolvemento de actuacións de formación, sensibilización e concienciación a prol da igualdade e non discriminación entre mulleres e homes dirixidas tanto á comunidade educativa, como á sociedade en xeral.
- Organización e desenvolvemento de diferentes actos de recoñecemento e difusión da promoción da igualdade: concesión das Medallas Emilia Pardo Bazán, dos Premios María Josefa Wonenburger Planells así como conmemoración do Día Internacional da muller (8M).
- Xestión e impulso dos órganos colexiados de asesoramento, estudo e participación institucional que lideran a incorporación da perspectiva de xénero en todos os eidos e representan a participación das asociacións de mulleres e axentes económicos e sociais: Comisión Interdepartamental de Igualdade, Unidade de Muller e Ciencia de Galicia, Consello Galego das Mulleres, Observatorio da Imaxe da Muller e Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar.
- Elaboración dos informes de impacto de xénero coa finalidade de detectar situacións de desvantaxe, desigualdade ou discriminación entre mulleres e homes na elaboración de leis, regulamentos e plans.
- Elaboración dos informes de seguimento de implantación dos Plan de Igualdade nas empresas.
- Participación nas comisións de seguimento e grupos técnicos da Xunta de Galicia: comisión de Seguimento do I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia, grupo técnico da Comisión interdepartamental de I+D+i, Consello Escolar de Galicia, Comité Seguimento Programa FSE+ 2021-2027 Galicia, Consello Galego de Benestar Social.
- Impulso do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o que permitirá fortalecer a presenza transversal da perspectiva de xénero nos diferentes niveis da administración.
- Apoio ao colectivo LGTBI, a través de liñas de colaboración coas asociacións que levan a cabo proxectos específicos dirixidos ao colectivo LGTBI, apoiando as accións, programas e campañas que desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo.
- Impulso do Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, no que se atopan representadas, ademais da administración autonómica, os colectivos LGTBI, a administración estatal, as entidades locais, o Consello

Galego de Relacións Laborais, as universidades, as centrais sindicais e as organizacións patronais.

- Coordinación do equipo e actividades que desenvolven os Centros Quérote + , co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento integral en autonomía e liberdade de mozos e mozas segundo as súas necesidades, intervindo nos procesos de xeito preventivo, e procurando que mulleres e homes aprendan a coñecerse, a aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente.
- Apoio a actividade investigadora no eido da igualdade de xénero así como no eido da investigación sanitaria de enfermidades que afecten ás mulleres de maneira diferente que aos homes.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

Ao abeiro do Decreto 40/2014 do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos e no exercicio das competencias que ten encomendadas trata de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción en materia de escolas infantís:

- Mellorar os servizos educativos e de apoio á infancia, asumindo o carácter da etapa infantil como unha etapa educativa vital e un alto nivel de calidade mediante o desenvolvemento de actuacións que incidan na mellora pedagóxica de educación infantil 0-3; así como impulsar políticas que promovan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar.
- Promover o establecemento de servizos complementarios de apoio ao coidado dos nenos e nenas.

Tendo en conta o exposto e a partir destas liñas xenéricas, as actividades a realizar pola Axencia Galega de Servizos Sociais irán encamiñadas a lograr un aproveitamento óptimo dos recursos dedicados ás escolas infantís para a consecución dunha mellor eficacia e eficiencia do servizo, levando a cabo actividades que supoñan a participación dos usuarios e promovendo a potenciación de boas prácticas, con programas de apoio á innovación e accións que melloren a accesibilidade; prestando tamén atención aos horarios para facilitar a conciliación.

A implantación da gratuidade que facilitará en maior medida as medidas de conciliación. Por outra banda seguiranse acometendo reparacións e melloras, tratando de seguir a liña de investimento do ano para seguir mellorando espazos e investir en eficiencia enerxética, o que irá en beneficio das e dos nenos, así como do persoal da Escolas Infantís.

A Axencia está a desenvolver unha experiencia de alimentación de proximidade e ecolóxica, incidindo nunha alimentación saudable e traballando no impacto da pegada ecolóxica. Debe-

mos avanzar na formación das traballadoras e traballadores neste e noutros ámbitos da Educación Infantil, sendo obxectivo prioritario un Proxecto Educativo unificado para todos os Centros dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais, respectando a idiosincrasia de cada centro.

II.3. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ten como obxectivo o desenvolvemento dunha rede de servizos sociais homoxénea e de calidade na comunidade autónoma a través da participación na dirección e xestión dos servizos no ámbito territorial dos entes consorciados. As principais liñas de acción do Consorcio Galego podemos desagregalas nas seguintes:

- Centro de Atención a Persoas maiores “CAPM”.
- Rede Galega de Escolas Infantís “A galiña azul”.
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023 – 2030.
- Centros Quérote +.
- Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero na cidade de Vigo.

No terreo dos maiores, o principal ámbito de actuación do Consorcio segue a ser o crecemento e o mantemento da Rede Pública de Centros de Atención ás Persoas Maiores. Neste sentido os centros de día do Consorcio veñen definidos como centros xerontolóxicos de alcance social e terapéutico e de apoio ás familias, que prestan atención diúrna ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no entorno habitual. Xunto cos centros, o programa de comida a domicilio Xantar na Casa facilita o benestar e a atención social a persoas maiores, dependentes ou en risco de exclusión, facilitando e garantindo unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás súas necesidades.

Por outra banda, o Consorcio participa da xestión da Rede Galega de Escolas Infantís “A Galiña Azul”, un proxecto educativo de calidade para nenos de entre tres meses e tres anos que ten por obxecto, dende a tolerancia e o respecto, permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega.

Outro dos ámbitos de actuación dentro do Consorcio é a loita contra a pobreza e a exclusión social a través da Estratexia de inclusión social de Galicia 2023 - 2030. Nesta actuación traballan 18 equipos nas diferentes oficinas de inclusión repartidas polo territorio e dous equipos máis nos programas “Nelson Mandela” nos Centros Penitenciarios de Teixeiro e A Lama, todos eles baixo a coordinación do persoal dos servizos centrais do Consorcio en Santiago de Compostela.

A atención á xuventude ten tamén cabida no Consorcio, a través da xestión dos Centros Quérote + nos que se está a desenvolver o programa de asesoramento e de carácter informativo aos mozos e mozas posto en marcha pola Dirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Por último, o Consorcio xestiona tamén o Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero na cidade de Vigo, que, integrado na Rede Galega de Acollemento dependente da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, ofrece acollemento de urxencia e atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero.

II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA O APOIO AO EXERCICIO DA CAPACIDADE XURÍDICA (FUNGA)

Dende a creación da Fundación no ano 1996, o número de beneficiarios e beneficiarias dos servizos prestados foi aumentando de maneira constante, sendo a previsión actual que tal tendencia se manteña nos vindeiros anos. A base fundamental de tal previsión é o progresivo envellecemento da poboación galega así como o incremento do número de persoas diagnosticadas de enfermidades mentais. A estas circunstancias cómpre tamén engadir un elevado número de persoas afectadas por diversas patoloxías relacionadas co consumo de drogas ou o abuso do alcol. Todo isto acompañado do desarraigo familiar existente na nosa sociedade en relación con este sector da poboación, motivado en moitos casos polas dificultades que lles entraña ás familias a atención das persoas con este tipo de padecementos.

A través do seguinte cadro expónse de xeito gráfico a evolución nos últimos anos:

FUNCIÓNS TUTELARES	31 DEC 2019	31 DEC 2020	31 DEC 2021	31 DEC 2022	31 DEC 2023
CURADORÍAS	2362	2370	2510	2601	2588
DEFENSAS XUDICIAIS	891	406	411	418	489
ADM. BENS	37	51	45	39	38
FALECIDOS	188	211	246	234	236
BAIXAS	288	560	314	114	120
TOTAL	3766	3598	3526	3406	3471

* Con respecto aos datos facilitados en exercicios anteriores e debido á adaptación á Lei 8/2021, eliminouse a categoría "Pretutelas" polo que os datos varían lixeiramente.

Tal e como se dixo anteriormente, a FUNGA prevé que esta tendencia ao incremento anual do número de persoas beneficiarias dos servizos da Fundación se siga mantendo, cando menos a curto ou medio prazo, polos motivos aos que se facía referencia. Tal tendencia recomenda continuar traballando na mesma liña seguida ata o de agora, consistente na especialización e enfoque das actuacións da FUNGA no cumprimento das responsabilidades derivadas do exercicio dos apoios para o exercicio da capacidade xurídica ás persoas con discapacidade determinados

nos procedementos xudiciais de provisión pertinentes. Tal liña de actuación, herdada da modificación estatutaria levada a cabo no ano 2011, posibilita a adaptación da estrutura e recursos da FUNGA á súa realidade diaria de traballo, logrando deste xeito un funcionamento máis eficiente e, consecuentemente, a prestación dun servizo máis adaptado ás necesidades e esixencias que esta Fundación recibe no cumprimento dos seus fins.

A partir da liña de acción marcada para o ano 2024 e co fin de acadar unha mellora continua do servizo prestado, a FUNGA propónse para o próximo 2025 executar as seguintes actuacións:

- Promover o incremento da atención persoal mediante o aumento do número de visitas.
- Ampliar a cobertura xurídica en aras a acadar un apoio xurídico integral.
- Revisar as prestacións das que son beneficiarios/as co fin de acadarlles as máis beneficiosas tanto dende o punto de vista económico como asistencial, así como solicitarlles a valoración de dependencia nos casos nos que proceda.
- Acadar un funcionamento máis áxil e eficaz que permita actuar coa maior celeridade posible ante os problemas e necesidades dos/as beneficiarios/as.
- Lograr a maior eficiencia posible na administración do patrimonio dos/as persoas que reciben este tipo de apoio por parte da FUNGA.
- Promover a realización de novos convenios de colaboración con distintas entidades co fin de levar a cabo programas que faciliten o desenvolvemento social das persoas con discapacidade das que esta Fundación exerce algún tipo de medida de apoio.
- A participación en actividades de formación, información e asesoramento relacionadas coa labor e funcionamento da FUNGA e cos procedementos xudiciais de provisión de medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica ás persoas con discapacidade e medidas de apoio deles derivados.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 311A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 311A desagregase nun conxunto de actuacións tendentes a facilitar a operatividade da estrutura administrativa das distintas áreas da consellería.

Trátase de pór os medios para que a estrutura administrativa vinculada ás distintas áreas da consellería acade os seus obxectivos coa maior eficiencia e funcionalidade.

Este programa actúa como soporte económico das actuacións que permiten ás distintas unidades administrativas e centros vinculados ás diferentes áreas da consellería desenvolver adecuadamente as súas competencias e xestión.

Igualmente, figuran neste programa os créditos precisos para a construción de novos centros prestadores de servizos sociais, así como para a remodelación dos existentes, co obxectivo de mellorar as condicións de accesibilidade, habitabilidade e confortabilidade das persoas usuarias, á vez que se avanza cara á eficiencia enerxética dos edificios.

Así mesmo, integra os recursos necesarios para a adquisición e reposición de mobiliario e equipamento destinado aos centros de servizos sociais que faciliten as actividades da vida cotiá ás persoas usuarias destas instalacións.

Con base nestes obxectivos estratéxicos desenvólvense unha serie de obxectivos específicos co fin de:

- Fortalecer e mellorar a rede de centros prestadores de servizos sociais residenciais e de atención diúrna da Comunidade Autónoma de Galicia para persoas maiores e con discapacidade, coa finalidade de avanzar cara a un modelo de atención centrada na persoa, a través da construción de novos centros e a modernización e adaptación dos xa existentes.
- Reforzar a rede de centros públicos de protección residencial e acollemento especializado de nenos, nenas e adolescentes, co fin de dotalos de espazos adecuados e procurar a maior integración posible no contorno comunitario, que permita unha transición á reintegración familiar e/ou á vida independente.
- Reformar, conservar e mellorar as infraestruturas que albergan as actividades destinadas á comunidade nos espazos comunitarios: centros sociocomunitarios, casas do mar, residencias

de tempo libre; todas aquelas instalacións adscritas á Consellería de Política Social e Igualdade nas que se prestan servizos sociais nos distintos sectores de idade e poboación.

- Mellorar a eficiencia enerxética dos edificios que albergan as dependencias dos centros prestadores de servizos sociais, así como a súa funcionalidade en canto aos novos sistemas dixitais, domótica, con instalacións que contribúan a mellorar a calidade de vida e confort das persoas usuarias e do persoal que presta os seus servizos nestes centros,

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

En tanto que programa facilitador das actuacións dunha organización administrativa dirixida a acadar o benestar dos distintos colectivos demandantes de servizos sociais pódese afirmar a súa vocación de universalidade.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida ven determinada polo impulso do crecemento potencial da economía galega mediante os investimentos estruturais precisos para contar cun tecido industrial máis moderno, produtivo, sostible, e competitivo; o impulso dun tecido empresarial de maior tamaño, que aposte pola súa internacionalización mediante a diversificación de produtos e mercados; a consolidación dun crecemento sostido promovendo proxectos transformadores da nosa estrutura económica que aceleren o seu desacoplamento dos combustíbeis fósiles e impulsen as fontes de enerxía limpas apoiando os investimentos que contribúan á eficiencia e á transición enerxética.

Así mesmo, proseguir coa modernización dos servizos públicos fundamentais como instrumento básico de solidariedade e redistribución. En relación aos servizos sociais os esforzos centraranse en despregar un conxunto de servizos que garantan a accesibilidade en todo o territorio galego ás prestacións básicas dos servizos sociais, dedicando unha especial atención á diversificación dos servizos e actuacións ofertadas en función das necesidades detectadas. Tamén en seguir apoiando aos colectivos máis vulnerables mediante o despregamento de actuacións públicas coordinadas co obxectivo último de incidir sobre os niveis de desigualdade da economía e sobre as vulnerabilidades ás que están expostos.

Así mesmo, cómpre sinalar o grande número, variada tipoloxía e antigüidade dos centros e infraestruturas dependentes da consellería, o que obriga a unha constante intervención acometendo actuacións de diverso tipo, ás veces, con elevados custos, imprevisibles e inaprazables.

ANALISE DAFO

1. Hai que tentar que as limitacións orzamentarias non impliquen insuficiencia de recursos para atender a unha demanda crecente, así como contar coa complexidade na tramitación dalgún dos procedementos a desenvolver.
2. Cómpre ter presente a ameaza que supón a dificultade de trasladar os datos da situación económica inestable na que nos atopamos á asignación dos recursos.
3. Como fortalezas destacan a existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas así como contar con persoal cualificado e con experiencia na xestión.
4. Como oportunidade a aproveitar está o rigor na asignación dos recursos orzamentarios no desenvolvemento das distintas políticas de gasto, conxugado cun crecente grao de concienciación social sobre a necesidade e a utilidade dunha adecuada asignación e bo uso dos recursos dispoñibles.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco de actuación deste programa pasa polo establecemento dun sistema de coordinación interna e interadministrativa estable de acordo aos principios inspiradores da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese atender á problemática concreta das distintas unidades administrativas e centros dependentes da consellería intentando dar solución inmediata e áxil ás situacións que unha organización destas características esixe, coa finalidade de facilitarlle ao administrado, en tanto que destinatario último das políticas de benestar, unha resposta adecuada ás súas demandas.

Así mesmo, entre as actuacións a desenvolver neste programa estarían as relacionadas con:

- Facilitar a xestión das distintas unidades administrativas tanto a nivel central como periférico.
- Coordinar e apoiar as actividades do resto dos órganos no eido dos proxectos e obras, así como de bens correntes e servizos, a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reforma dos bens inmoables administrativos e centros prestadores de servizos sociais e demais actuacións tendentes ao mantemento e mellora das infraestruturas.
- Colaborar na execución dos proxectos financiados ao abeiro do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en especial os relativos á transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos; e o dirixido á modernización, dixitalización e mellora dos servizos de

protección, atención e acollemento da infancia. En concreto; na provincia da Coruña na nova residencia de Ribeira e nas residencias de Ferrol, Oleiros e Torrente Ballester así como o centro de menores Concepción Arenal; en Lugo no novo centro de servizos sociais da cidade de Lugo e nas residencias das Gándaras e a Milagrosa; na provincia de Ourense na residencia de Miragres e nos centros de menores Montealegre e Carballeira; e na provincia de Pontevedra na nova residencia do Rebullón e nas residencias de Campolongo, Marín e o CRAPD de Vigo

- A elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas de traballo da consellería.
- A definición de programas de información e comunicación en materia de benestar na liña de establecer un sistema de información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.
- A potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas de benestar da consellería.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Hai que ter en conta que tanto a construción de novos centros, como a remodelación dos centros existentes ou a adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, polo que se estima que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar como criterio de adxudicación nas ofertas das empre-

sas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se aplique na execución dos contratos; que no momento de acreditar estas medidas achegan plans de igualdade nos que se recollen estas accións destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras causas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social; así como ao apartado d) no caso de empresas de 50 ou máis traballadores, non cumprir coa obriga de contar cun plan de igualdade conforme ao disposto no artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Nas licitacións realizadas neste programa de gasto máis dun 52 % das empresas acreditaron dispor de medidas para fomento da igualdade como criterio de adxudicación, conforme ao establecido nos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeron.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.2. PROGRAMA 312A - PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátanse de cubrir as necesidades básicas das persoas con escaseza de recursos económicos e en risco de exclusión social e prestarlles atención ás persoas e familias nunha situación de especial dificultade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións que se realizan a través deste programa, que ten carácter sectorial, van destinadas ás persoas afectadas por unha carencia de medios económicos e en situación de risco ou exclusión social, mediante prestacións de inclusión social, así como mediante o apoio ás entidades de iniciativa social, coa finalidade de atender de forma coordinada e global as necesidades, mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, procurar a calidade na prestación dos servizos, evitar os desequilibrios territoriais e estimular a cultura de participación da sociedade e das propias persoas afectadas como elemento esencial na provisión dos servizos sociais.

Hai que ter en conta que no ano 2023 a porcentaxe de mulleres respecto do total de persoas beneficiarias de RISGA é dun 62,55 %, e que o perfil xeral das persoas beneficiarias, obtido dos informes estatísticos de RISGA, é o dunha muller de entre 45 e 65 anos, solteira, que vive soa en zona urbana nun piso de alugamento. Polo tanto, con esta prestación estase a atender maioritariamente a persoas e familias en risco de exclusión social que maioritariamente son poboación feminina.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A consecuencia da situación de crise económica que levamos padecido, desde finais da primeira década do século e ata a primeira metade da seguinte década, elevouse a porcentaxe da poboación galega con carencia de recursos económicos e en risco ou situación de exclusión social. Todo isto plasmouse nun incremento no número total de solicitudes de RISGA e AIS presentadas, (tendencia que se reverteu lixeiramente dende o ano 2016 ata 2018), e que no ano 2023 foron 10.530.

Por outra parte, a atención destas persoas con carencia de medios económicos suficientes e problemas de integración social fai preciso o apoio ás entidades de iniciativa social que prestan unha cobertura de última barreira de contención dos problemas de necesidade económica e marxinalidade.

O número total de persoas beneficiarias da RISGA no ano 2023 foi de 8.989, tendo en conta que na RISGA se contempla unha persoa perceptora por unidade de convivencia; iso significa que o impacto que se acadou foi un apoio a preto de 9.000 fogares, aos cales hai que sumarlles as persoas que recibiron axuda indirectamente a través das entidades de iniciativa social.

En canto ás Axudas de Inclusión Social (AIS) concedéronse en 2023 un total de 3.944.

Finalmente no ano 2023 recibiron unha axuda extraordinaria 13.045 persoas beneficiarias de Pensións non contributivas, Fondo de Asistencia Social e Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos.

Análise DAFO

- Como fortalezas destacan a existencia dun marco legal coa configuración das prestacións como dereito subxectivo, a existencia dunha metodoloxía consolidada, contar con persoal altamente cualificado e con experiencia na xestión das axudas e prestacións.
- Hai que prever unha dotación orzamentaria suficiente que permita atender a demanda e cumprir os prazos de resolución legalmente establecidos.
- Como oportunidades está o rigor na asignación dos recursos económicos con respecto á norma, o grao de concienciación social e mediática acadado na cidadanía sobre a necesidade, a utilidade e o bo uso dos recursos, e a constatación obxectiva de que o custo económico en caso da non intervención social compensatoria fronte ás situacións de exclusión é exponencialmente maior. Así mesmo hai que ter en conta que, coa aprobación e posta en marcha do ingreso mínimo vital (IMV) por parte do Estado, resulta procedente realizar unha revisión e adecuación da normativa reguladora das prestacións económicas autonómicas para racionalizar os recursos públicos e dar cobertura a novas situacións de necesidade, complementando a acción protectora con programas que permitan estimular a inclusión activa das persoas perceptoras das ditas axudas.
- Cómpre ter presente a ameaza que supón o crecemento das desigualdades e a concentración espacial da pobreza, especialmente en zonas urbanas desfavorecidas e en zonas rurais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia.
- Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia 2019-2023.
- Axenda Social Única de Galicia 2021-2024.
- Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

- Orde do 26 de maio de 2015 pola que se aproba o modelo de informe social para a área da inclusión (ISI) e a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As distintas actuacións do programa están destinadas a consolidar a acción protectora das persoas afectadas por unha carencia de recursos económicos e en situación de risco e exclusión social; para isto continuarase facendo fronte ás altas no listado de persoas perceptoras de RISGA e ás solicitudes de Axudas de Inclusión Social e se manterá a Axuda extraordinaria ás persoas beneficiarias de Pensións non contributivas, o Fondo de Asistencia Social e o Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos. Tamén se dará cobertura ás demandas das persoas que acoden ás entidades de iniciativa social para a satisfacción das súas necesidades máis básicas e daquelas que son usuarias das entidades que prestan apoio aos grupos sociais máis desfavorecidos ou en risco de marxinalidade.

Trátase de que as persoas en situación ou risco de pobreza e/ou exclusión teñan unha oportunidade de supervivencia e de acceso aos servizos sociais. Polo tanto, as axudas e prestacións contempladas neste programa actúan como un elemento de cohesión social. Así mesmo, como efecto colateral, pódese indicar que toda prestación outorgada a este segmento de poboación redunda nun efecto reactivador da circulación monetaria e, en consecuencia, da actividade económica.

A aplicación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia permitiu seguir avanzando na procura do equilibrio de dous aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situacións de grave pobreza e exclusión e o dereito a un acompañamento, ao apoio profesional e financeiro para a adquisición de novas capacidades e cualificacións.

Ademais, a máis recente aprobación do Decreto que desenvolve a Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, produce un maior impacto preventivo, porque a súa regulación mellora a protección das persoas beneficiarias e habilita os novos complementos do tramo persoal e familiar da RISGA: tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.

A asignación dos recursos realízase de maneira taxada, medida, avaliada e fiscalizada polos órganos competentes.

A consecución das anteditas finalidades levarase a cabo mediante as seguintes accións:

- Tramitación, resolución e pagamento das AIS.
- Tramitación, resolución e pagamento da RISGA.
- Elaboración e pagamento da nómina de FAS.

- Tramitación e pagamento da axuda extraordinaria ás persoas beneficiarias de Pensións non contributivas, do Fondo de Asistencia Social e do Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos.
- Convocatoria e xestión dunha orde de axudas destinada a entidades de iniciativa social para programas de servizos sociais (funcionamento da rede de centros de inclusión: comedores sociais, albergues, centros de inclusión, centros de atención social continuada e centros de día de inclusión, e programas específicos de atención).
- Convenio de colaboración coa Federación Galega de Bancos de Alimentos.
- Colaboración coa Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa educativo-terapéutico "Proxecto Home" de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas.
- Tramitación e pagamento do bono social térmico.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A nivel xeral, o perfil das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios corresponde a un 59 % de mulleres e un 41 % de homes.

Respecto da RISGA, o perfil maioritario das 8.989 persoas beneficiarias en 2023, obtido dos informes estatísticos, é dunha muller de entre 45 e 65 anos, solteira, que vive soa en zona urbana nun piso de alugamento.

En canto ás AIS concedidas no ano 2023, o 64,99 % das persoas perceptoras foron mulleres.

A porcentaxe de mulleres do total de persoas que recibiron a Axuda Social Extraordinaria de Pensións non contributivas, Fondo de Asistencia Social e Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos é do 96,40 %.

O seguimento do programa faise a través dos seguintes indicadores, todos eles desagregados por sexo:

- número de persoas beneficiarias da RISGA,
- número de persoas beneficiarias de AIS,
- número de persoas beneficiarias de FAS,
- número de persoas beneficiarias da axuda extraordinaria.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións previstas neste programa de gasto van dirixidas a todas as persoas e grupos sociais en risco de exclusión; non obstante, os datos de xestión indican que benefician maioritariamente a mulleres.

Dado o maior perfil de risco que presentan as mulleres, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, prevé unha acción positiva de xénero para o acceso á RISGA e ás AIS establecendo que, en condicións de igualdade de cumprimento dos requisitos, darase preferencia a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia. Tamén está previsto un tratamento específico das situacións de violencia de xénero, mediante a axilización da tramitación dos expedientes para estes supostos.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

No exercicio 2024 espérase acadar cifras de atención similares ou incluso superiores e que a distribución por sexo se siga mantendo nas mesmas porcentaxes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

A nivel xeral, o perfil das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios corresponde a un 59 % de mulleres e un 41 % de homes.

Respecto da RISGA, o perfil maioritario das 8.989 persoas beneficiarias en 2023, obtido dos informes estatísticos, é dunha muller de entre 45 e 65 anos, solteira, que vive soa en zona urbana nun piso de alugamento.

En canto ás AIS concedidas no ano 2023, o 64,99 % das persoas perceptoras foron mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non se teñen implantado novas estratexias: os referentes estratéxicos continúan a ser a Estratexia de Inclusión Social de Galicia, a Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, a Axenda Social Única de Galicia 2021-2024 e mais o Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia 2019-2023, nos que xa se incorporara a perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Inclusión Social

III.1.3. PROGRAMA 312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase, por unha banda, de abordar o reto demográfico de Galicia e, por outra, de atender as necesidades das familias nas súas distintas modalidades e de garantir o seu benestar e libre desenvolvemento, así como a súa protección integral, na orde xurídica, económica e social, como unidade e de cada un dos seus membros, e especialmente dos nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección e/ou penalmente responsables.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Aínda que as actuacións para a xestión do cambio demográfico e para impulsar o crecemento e a renovación xeracional da poboación galega teñen diversos públicos obxectivos, dende a poboación xeral a axentes sociais e económicos do territorio, a poboación destinataria final do programa son tanto as familias en xeral como, en actuacións máis específicas, as persoas menores de idade en situación de desprotección e as súas familias e as persoas maiores de catorce anos

e menores de dezoito anos ás que se lles esixe responsabilidade pola comisión de feitos tipificados como delitos no Código Penal ou nas leis penais especiais.

Así mesmo, a través da Axencia Galega de Servizos Sociais, o colectivo ao que se dirixe é o de nenos e nenas de 0-3 anos e as súas familias.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O índice conxuntural de fecundidade en Galicia é o terceiro máis baixo de España, con 1,01 nacementos por cada muller en idade fértil, fronte á media estatal de 1,16 (INE datos 2022) e os 1,46 da Unión Europea (Eurostat 2022, UE-27). Como consecuencia do anterior e da alta esperanza de vida con 83,23 anos (INE 2022) Galicia é a segunda comunidade española con maior porcentaxe de poboación envellecida.

Pola súa banda, as familias galegas demandan cada vez máis medidas e recursos de calidade que permitan compatibilizar as responsabilidades laborais coas tarefas de atención e coidado necesarias para o sostemento da vida no ámbito privado.

As dúas premisas anteriores e a experiencia comparada no contexto da Unión Europea permiten concluír que unha política de apoio á natalidade e que facilite o acceso a recursos de conciliación de calidade é esencial para que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto vital, ao permitir manter o equilibrio nas diferentes dimensións da vida e mellorar o seu benestar, saúde e capacidade de traballo, repercutindo na participación no mercado laboral ou nas taxas de fertilidade.

Para atender estes desafíos é preciso crear contornos favorables para o libre desenvolvemento das familias, apoiándoas nos maiores gastos que supón a crianza durante os primeiros anos de vida e poñendo á súa disposición recursos accesibles e de calidade para a atención infantil, obxectivo ao que responden as medidas recollidas neste programa de gasto.

Na actualidade a Axencia Galega de Servizos Sociais oferta 2.285 prazas de 0-3 anos repartidas nas súas 28 escolas infantís da comunidade autónoma.

A situación actual incide no aumento das crises familiares e a demanda dos programas de orientación e mediación familiar mantense alta confirmando a tendencia dos últimos anos.

Igualmente mantense a demanda na solicitude de expedición de títulos de familia numerosa. Máis de 27.100 familias numerosas gozan dos beneficios que lles outorgan.

Por outra banda, actualmente teñen expediente de protección á infancia abertos en Galicia máis de 2.500 menores, e, no ano 2023, un total de 41 nenos españois ou estranxeiros foron integrados en familias galegas a través da adopción.

Para atender esta poboación empréganse programas e recursos que abranguen todas as vertentes da intervención, desde a detección do problema (a través da liña de axuda 11611 á infancia ou o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil) ata a busca de familia alternativa para os nenos e nenas que non poden permanecer na súa de orixe, ben sexa de forma permanente (a través do acollemento permanente ou adopción) ou provisoria (acollemento temporal), pasando por toda unha serie de programas que tratan de satisfacer o conxunto das necesidades dos menores, desde o punto de vista material, educativo, sanitario, psicolóxico, de integración laboral, etc.

Merece especial mención o esforzo da Xunta de Galicia na preparación dos menores dos sistemas de protección e reforma para a vida independente e na súa formación para acadar unha adecuada inserción social e laboral. A tal fin desenvólvese o Programa Mentor de inserción socio-laboral de mozos e mozas en risco social, dirixido a aqueles mozos e mozas entre 16 e 21 anos (excepcionalmente ata os 25 anos), que estean ou estivesen baixo tutela ou garda da Administración pública, suxeitos a medidas xudiciais ou que sexan usuarios doutros programas de atención.

Respecto da execución de medidas impostas polos xulgados de menores pola comisión de feitos delituosos, cuxa competencia corresponde á Consellería de Política Social e Igualdade, no ano 2023, executáronse un total de 197 medidas de internamento e 724 medidas distintas ao internamento (medio aberto).

Para a execución das medidas de internamento, a Comunidade Autónoma de Galicia conta con 3 centros en réxime pechado, semiaberto ou aberto, cun total de 102 prazas, e un centro de internamento terapéutico que conta con 23 prazas en réxime pechado, semiaberto ou aberto.

Para a execución das medidas distintas ao internamento (denominadas de medio aberto) cóntase con cinco equipamentos situados en cada capital de provincia e na cidade de Vigo e dous dispositivos de atención nas cidades de Santiago e Ferrol.

Ao mesmo tempo, desenvólvese o programa de “Organización do Traballo Remunerado e a Formación Ocupacional dos Menores Internos en Centros” destinado a facilitar a súa inserción laboral e incorporación ao mercado de traballo mediante a realización de prácticas laborais, cursos de formación profesional ocupacional, programas que melloren a súa competencia e capacidade laboral ou mediante a contratación laboral en actividades, basicamente de xardinería, panadería e mantemento, desenvolvidas no propio centro.

Análise DAFO

Fortalezas:

- A dinamización demográfica é un eixo transversal do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.
- O 26 de xaneiro do ano 2021 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de Impulso Demográfico de Galicia, instrumento xurídico que permitirá a abordaxe máis profunda dos efectos derivados do cambio demográfico e xestionar con éxito o reto demográfico ao que se enfronta Galicia.

- Participación da comunidade autónoma en redes europeas e nacionais de territorios afectados polo cambio demográfico.
- Galicia lidera xunto co País Vasco a taxa de escolarización 0-3 en España, superando en máis de 12 puntos a media estatal e acadando o obxectivo do 45 % fixado pola UE para o ano 2030.
- Sistema estruturado e sólido, homoxéneo e equiparable ao das outras CCAA.
- Experiencia e profesionalidade do persoal que forma parte dos equipos de valoración e intervención, orientación e mediación familiar, centros e equipamentos.
- Responsabilidade e implicación das entidades colaboradoras.

Debilidades:

- Necesidade de programas e servizos de intervención coas familias, especialmente no ámbito preventivo.
- Existencia de áreas de competencia non definida entre servizos sociais, educación e sanidade, para a intervención e tratamento de problemas da infancia e de saúde mental.

Oportunidades:

- Existencia de canles de diálogo abertas para dar a coñecer as nosas peculiaridades demográficas e situar esta cuestión na axenda política nacional e europea.
- Existencia de proxectos, programas e recursos de calidade para a atención das familias, das nenas e nenos e dos adolescentes.
- Posibilidade de poñer en marcha protocolos de actuación común e coordinación con outras administracións (tanto local como autonómica).
- Boa aceptación e valoración dos programas por parte das persoas usuarias.

Ameazas:

- Falta de visibilidade, coñecemento e percepción axeitada da realidade demográfica polos diferentes axentes sociais e económicos e pola sociedade en xeral.
- Dinámica poboacional diferente entre as provincias occidentais e orientais que dificulta nestas últimas o acceso en condicións de igualdade aos servizos.
- Necesidade de aumentar o traballo preventivo realizado polos servizos sociais de base.
- Maior demanda de recursos específicos para a atención de menores con problemas de comportamento e saúde mental.
- Posible modificación do sistema competencial en materia de servizos sociais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE núm. 11, do 13 de xaneiro).
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE núm. 175, do 23 de xullo).
- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia DOG Núm. 26 Martes, 9 de febreiro de 2021).
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia (BOE núm. 180, do 29 de xullo).
- Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís (BOE núm. 162 do 7 de xullo).
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG núm. 134, do 13 de xullo).
- Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia (DOG núm. 245, do 18 de decembro).
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG núm. 124, do 29 de xuño).
- Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar (DOG núm. 117, do 18 de xuño).
- Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE núm. 209, do 30 de agosto).
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG núm. 156, do 16 de agosto).
- Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro dos Mediadores familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta (DOG núm. 34, do 18 de febreiro).
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG núm. 45, do 6 de marzo).
- Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.
- Decreto 68/2017, do 13 de xullo, polo que se modifica o Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.
- Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE núm. 277, do 19 de novembro).

- Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE núm. 15, do 18 de xaneiro de 2006).
- Plan de Apoio á Natalidade.
- En canto á Axencia Galega de Servizos Sociais, cada curso escolar publícase a Orde de convocatoria de prazas para as escolas da Axencia, con referencias ao Decreto de prezos 49/2012 do 19 de xaneiro e polo Decreto 91/2014 do 17 de xullo que modifica o anterior. Terase en conta a gratuidade da atención educativa para todos os nenos e nenas.
- A Orde do 3 xullo de 2000 de Regulamento de Réxime Interno.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese conseguir os obxectivos seguintes:

- Promover a mellora das condicións de vida das familias galegas mediante axudas económicas.
- Promover modificacións dos marcos de convivencia no fogar e unha mudanza progresiva no mapa das estruturas familiares, cada vez máis diversas así como a orientación das actuacións en materia demográfica, que deben transcender o ámbito político temporal e ser planificadas considerando os seus efectos a medio e longo prazo.
- Crear un ambiente social favorable no que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tendo en conta a distribución da poboación no territorio.
- Formar as familias dotándoas de habilidades parentais e das necesarias para enfrontarse ás súas necesidades.
- Informar, asesorar e orientar ás familias para evitar ou saír de procesos de conflitividade familiar. Preservar a relación entre os nenos, nenas e adolescentes e as súas familias en situación de crise.
- Ofertar aos nenos e nenas de 0-3 anos o servizo de escola infantil como medio para iniciar o seu propio desenvolvemento e ás súas familias como alternativa de conciliación.
- Consolidar, axustándoa ás necesidades reais, unha rede de centros e prazas públicas de atención á infancia, que sirva como axente dinamizador e potenciador do asentamento demográfico.
- Promover a mellora das condicións familiares que permitan a permanencia do neno/a na súa familia de orixe ou a súa reintegración no prazo máis curto posible.
- Satisfacer as necesidades materiais, psicolóxicas, educativas, afectivas e doutra índole dos menores en situación de desamparo.

- Buscar, formar e apoiar a familias acolledoras, que de xeito temporal ou permanente ofrezan un fogar aos nenos/as que non poden reintegrarse ás súas familias.
- Consolidar, axustándoa ás necesidades reais, unha rede de centros residenciais tanto públicos como concertados, para aqueles menores para os que non sexa posible ou conveniente a integración nunha familia, e mellorar a calidade na intervención levada a cabo neles.
- Promover a mellora das competencias e habilidades dos nenos, nenas e adolescentes que permitan a súa integración na sociedade no prazo máis curto posible.
- Preparar para a vida independente e acadar a integración social e laboral dos adolescentes e mozos/as que estean próximos a acadar a maioría de idade e non conten con apoios familiares.
- Dar resposta de calidade ás necesidades derivadas da intervención con menores sometidos ao cumprimento de medidas xudiciais e traballar co obxectivo de evitar a súa reincidencia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Dado que o programa se dirixe á poboación xeral, a potencial poboación beneficiaria é a totalidade das persoas que se atopan en Galicia, polo tanto, as fendas de xénero son as identificadas con carácter xeral para a poboación de Galicia. Para abordalas convenientemente o programa prevé actuacións especificamente orientadas a promover a igualdade e previr a vio-

lencia de xénero que se relacionan no apartado específico desta memoria e ademais incorpora transversalmente a perspectiva de xénero.

E, por último, a maioría das estatísticas e datos cuantitativos manexados e obtidos no proceso de desenvolvemento deste programa están desagregadas por sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

- Adecuación e racionalización de horarios e prazas nas escolas infantís 0-3.
 - Indicadores:
 - N° de escolas que cambian o seu horario pola demanda de atención noutra franxa horaria.
 - N° de escolas que ofertan prazas ás persoas non residentes no concello no que está situado o equipamento.
 - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
- Reforzo das accións que se veñen a realizar en relación á temática da igualdade como contido transversal nos centros que dependen da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a través da remisión de todo tipo de documentación que facilite e mellore o traballo que xa se ven realizando.
 - Indicadores:
 - N° de iniciativas.
 - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
- Prioridade e bonificación ás familias monoparentais nas escolas infantís 0-3.
 - Indicadores:
 - N° de familias monoparentais beneficiadas.
 - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
- Consideración preferente das vítimas de violencia de xénero para ser titulares dunha casa niño e no acceso aos recursos de conciliación.
- Outorgamento dunha puntuación adicional sobre o resto de solicitudes para a posta en marcha dunha casa niño.
- No suposto de que a casa niño teña unha demanda de prazas superior ás que se ofertan terán prioridade, se as houber, as solicitudes de mulleres vítimas de violencia de xénero empadroadas no concello en que se sitúe a casa niño ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade.

- Reserva do 5 % das prazas de escolas infantís dependentes da Xunta para casos urxentes (fillos/as de mulleres que se atopen en casas de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero).
 - Indicadores:
 - N° de menores beneficiados/as.
 - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
- Educación en igualdade e corresponsabilidade e fomento de roles non sexistas.
 - Indicadores:
 - N° menores beneficiados.
 - Persoas ás que vai dirixida: nenos, nenas e adolescentes usuarios de centros de menores.
- Impartición de módulos de igualdade e perspectiva de xénero nas actividades de orientación e inserción sociolaboral.
 - Indicadores:
 - N° menores beneficiados.
 - Persoas ás que vai dirixida: mozos e mozas usuarios do programa de inserción sociolaboral de menores.
- Desenvolvemento de cursos e talleres específicos sobre educación sexual, promoción da saúde e educación en valores destinados a menores responsables de cometer delitos relacionados coa violencia de xénero ou agresións sexuais.
 - Indicadores:
 - N° de actividades realizadas.
 - N° de menores que realizaron actividades.
 - Reincidencia na mesma tipoloxía delituosa.
 - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
- Uso da igualdade entre mulleres e homes como criterio de valoración nos procesos de contratación de servizos públicos.
 - Indicadores:
 - % dos procedementos de contratación nos que se incorporou o criterio de igualdade.
 - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
- Estatísticas con perspectiva de xénero.
 - Indicadores:
 - Estatísticas publicadas.
 - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.

- Integración da perspectiva de xénero nas convocatorias de axudas e no desenvolvemento normativo.
 - Indicadores:
 - % de convocatorias de axudas e normas que integran a perspectiva de xénero
 - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
- Dentro dos Proxectos Educativos das Escolas planificación de temas transversais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Todas as actuacións dirixidas á atención das necesidades de conciliación das familias favorecen a igualdade entre mulleres e homes, dado que son as mulleres as que maioritariamente se veñen facendo cargo das responsabilidades de atención e coidado dos fillos e fillas.

Por outra banda, actuacións concretas como a posta en marcha de casas niño no rural poñen en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral.

Galicia lidera xunto co País Vasco a taxa de escolarización 0-3 en España, superando en máis de 12 puntos a media estatal e acadando o obxectivo do 45 % fixado pola UE para o ano 2030.

O traballo na Escola Infantil (primeira experiencia educativa para os nenos e nenas) resulta prioritario tanto para eles e elas como para as familias.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

A totalidade das familias monoparentais que solicitaron prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos tiveron prioridade no acceso e bonificación nos prezos públicos establecidos.

As mulleres vítimas de violencia de xénero son tratadas de xeito preferente en todas as convocatorias dirixidas a persoas físicas ou familias e no programa de casas niño.

Ao abeiro do programa de casas niño estarán en marcha no curso 2024-2025 un total de 106 casas niño en concellos rurais de Galicia de menos de 5.000 habitantes. Con esta actuación aténdese as necesidades de conciliación das familias e ao mesmo tempo póñense en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral.

e a súa permanencia no territorio, e contribúe tanto a promocionar a igualdade entre mulleres e homes como a frear o declive demográfico.

A totalidade das convocatorias de axudas nas que é pertinente e da normativa elaborada incorporan a perspectiva de xénero.

Os centros de protección de menores promoven a educación en políticas de igualdade e convocan anualmente cursos de formación en materia de igualdade de xénero, educación sexual... co fin de garantir que os nenos, nenas e adolescentes reciban a información/formación necesaria na dita materia.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

As medidas a implantar na Axencia Galega de Servizos Sociais van fundamentalmente encañadas á formación das traballadoras e traballadores e a aplicación práctica na Escola.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Axencia Galega de Servizos Sociais

III.1.4. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase de promover a inclusión social das persoas migrantes, así como loitar contra calquera forma de discriminación.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación de Galicia no ano 2023 foi de 2.699.424 persoas, das cales 139.306 son persoas estranxeiras, que representa o 5,16 % da poboación.

Do total de persoas estranxeiras, 104.879 son persoas ás que se lles aplica o réxime xeral e 34.427 pertencen á UE.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Polo que atinxe á política en materia de inmigración, a situación actual presenta unha serie de debilidades como é a dispersión xeográfica deste colectivo, distribuídos entre concellos que non son na súa maior parte limítrofes. A diversidade da orixe das persoas inmigrantes esixe unha atención adaptada ás necesidades e particularidade das persoas, moi diferentes segundo a súa procedencia.

Ademais, hai que engadir a falla de coñecemento das linguas de acollida e as dificultades na validación dos estudos realizados no país de orixe.

Así mesmo, os efectos da crise deixáronse notar de forma considerable neste colectivo, sendo necesario un reaxuste entre a demanda empresarial de man de obra e a cualificación da poboación inmigrante.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

No referente á inmigración as normas que se teñen que ter en conta son as seguintes:

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia.
- Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia 2019-2023.

- Axenda Social Única de Galicia 2021-2024.
- Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ámbito da inmigración o obxectivo é avanzar na inclusión da poboación inmigrante, entendendo que a mellor maneira de acadala é a través do emprego, pero que non hai que descoidar outros aspectos importantes como a eliminación das barreiras idiomáticas, o coñecemento da sociedade de acollida e a xestión da diversidade sociocultural poñendo o acento na convivencia.

Preténdese atender as necesidades destas persoas con independencia dos seus países de orixe e da localidade na que residan. Non obstante, serán obxecto dunha atención especial as persoas refuxiadas que superen a fase de acollida e acaden as fases de integración e autonomía.

As principais actuacións que se enmarcan neste programa pretenden conseguir unha poboación inmigrante cualificada que responda ás necesidades do mercado laboral, para iso en moitos casos é preciso desenvolver itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral, que proporcionen a formación prelaboral e laboral precisa e incluso a formación en competencias clave, que lles permitirá logo participar en accións formativas de competencias de profesionalidade.

Nestes itinerarios será preciso afondar tamén nos coñecementos de idiomas, e darlle a necesaria importancia ao asesoramento especializado en materia de estranxeiría que ofrecen as entidades que traballan neste eido, por ser moi variadas as situacións nas que pode estar unha persoa inmigrante en función do seu país de procedencia, das súas relacións familiares, da súa situación laboral, da homologación dos seus títulos académicos..., aspectos todos eles que teñen cabida nas convocatorias de axudas que se tramitan anualmente.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actuacións previstas no programa 312C levaranse a cabo con perspectiva de xénero e terase en conta ademais a realización de accións positivas a prol da igualdade entre mulleres e homes, tendo en conta os roles de xénero adoitan estar moi definidos debido a que as sociedades emisoras teñen normalmente valores patriarcais. Así, obsérvase que a carencia de emprego nos sectores nos que habitualmente traballaban os homes inmigrantes, ocasionou que as mulleres decidiran incorporarse ao mercado laboral, por ter maior empregabilidade que os homes, pero aínda sen deixar de lado as súas responsabilidades familiares e o seu rol tradicional.

Por iso nas convocatorias de axudas a entidades para a realización de programas para inmigrantes incluíranse como criterio de valoración o enfoque de xénero.

Segundo os datos obtidos nas convocatorias de subvencións do ano 2023 a participación das mulleres nas actuacións financiadas foi superior á dos homes. Así, podemos indicar que 1.879 mulleres inmigrantes participaron en accións dirixidas á súa inclusión social mentres que o número de homes que participaron foi de 1.361 o que representa un 58 % de mulleres.

Todas estas actuacións son medibles a través dos seguintes indicadores, todos eles desagregados por sexo:

- Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración.
- Persoas inactivas.
- Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia.
- Persoas menores de 25 anos de idade.
- Migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías (incluídas comunidades marxina-das como a poboación romaní).
- Participantes con discapacidade.
- Outras persoas desfavorecidas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Incorporación nas convocatorias de axudas, como criterio do baremo de concesión, a realización de actividades específicas de promoción da igualdade de xénero.

Así mesmo, na metodoloxía das actuacións esíxese que incorporen a perspectiva de xénero, describindo os axustes que se introducirán en función dos roles diferentes que asumen os homes e as mulleres na sociedade e que poden condicionar o acceso e a calidade da súa participación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Contribuír a través das actuacións subvencionadas á igualdade entre mulleres e homes, á corresponsabilidade no fogar e á redución das diferenzas de participación nos diferentes ámbitos derivadas da concepción tradicional do que significa ser home e muller.

A previsión para 2024 é que se beneficien dun xeito directo deste programa 3.900 persoas inmigrantes, das que se prevé que preto dun 60 % sexan mulleres, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Segundo os datos obtidos nas convocatorias de subvencións do ano 2023 a participación das mulleres nas actuacións financiadas foi superior á dos homes. Así, podemos indicar que 1.879 mulleres inmigrantes participaron en accións dirixidas á súa inclusión social mentres que o número de homes que participaron foi de 1.361 o que representa un 58 % de mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non se teñen implantado novas estratexias: os referentes estratéxicos continúan a ser a Estratexia de Inclusión Social de Galicia, a Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, a Axenda Social Única de Galicia 2021-2024, e o Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia 2019-2023, nos que xa se incorporara a perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Inclusión Social

III.1.5. PROGRAMA 312D - PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Servizos sociais de atención ás persoas dependentes.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A atención ao colectivo de poboación maior ou de poboación con algún tipo de discapacidade ou limitación, que lle causou ou lle pode chegar a causar unha dependencia para as actividades da vida diaria ou necesidades de apoio para a súa autonomía persoal en igualdade de oportunidades, convértese nun reto ineludible para os poderes públicos, que require unha resposta firme, sostida e adaptada ao noso actual modelo de sociedade. Así se establece na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, cando no seu artigo 3 formula, como un dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais “garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, para estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia”.

Este programa pretende dar cobertura ás necesidades de atención que precisan as persoas en situación de dependencia que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade e vinculadas á falla de ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, requiren da atención doutra persoa ou precisan de axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa vai dirixido a persoas en situación de dependencia oficialmente recoñecida (entre elas persoas maiores, persoas con discapacidade ou persoas enfermas coas limitacións sinaladas no parágrafo anterior) nos graos III, II e I. Para estes efectos é necesario un despregue de actuacións e servizos vinculados ao incremento notable de poboación dependente que deberá atenderse. Neste senso, haberá que potenciar a atención no ámbito da prevención da dependencia e da promoción da autonomía persoal, co fin de adiar situacións de dependencia grave ou moi grave que limitan de xeito importante a autonomía e capacidade das persoas ao tempo que requiren servizos máis custosos e que en moitos casos requiren a institucionalización daquelas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O número total de persoas con discapacidade en Galicia a decembro 2023 é de 242.784. Deste total, un 51,51 % son mulleres.

A maioría da poboación de máis de 65 anos que presenta algunha discapacidade é feminina, cunha porcentaxe do 57,15 % fronte ao 42,85 % da poboación masculina.

As elevadas necesidades asistenciais que presentan as persoas con algún tipo de discapacidade fai necesaria a adopción de medidas para a creación de recursos de atención especializados neste ámbito.

A nova realidade social obriga a intensificar a coordinación cos servizos sanitarios para unha atención integral nos centros da Consellería de Política Social e Igualdade e a buscar iniciativas de humanización e seguridade asistencial nos centros sociosanitarios.

Galicia é a segunda comunidade autónoma máis avellentada do Estado cunha tendencia a que este rango se acentúe aínda máis nos próximos anos. Isto, unido ao aumento da esperanza de vida está a provocar unha demanda, cada vez máis crecente, dos servizos de atención á dependencia.

Estímase que en 2033 se reduza a poboación nun 4,86 % , mentres que o número de persoas maiores de 65 anos se incremente nun 18,42 %.

Na actualidade arrastrase una situación deficitaria na atención as persoas en situación de dependencia, derivada inicialmente do volume de persoas desatendidas que se xerou nos inicios da implementación da Lei 39/2006 na nosa comunidade. Esta situación agravouse coa entrada en calendario en xullo do ano 2015 do grao I, que supuxo o acceso ao Sistema de 15.000 novas persoas xa recoñecidas neste grao.

Todo isto nun contexto no que o volume de persoas que continúan solicitando atención a través da Lei 39/2006 aumenta considerablemente cada ano, e no que se constata que ao redor do 86 % das persoas que solicitan o recoñecemento da dependencia, son efectivamente valoradas con algún grao de dependencia con dereito de atención (grao III, II e I).

Da combinación destas variables (situación herdada da continuación do fluxo de solicitudes e novas persoas recoñecidas con dereito de atención), resulta que aínda co considerable esforzo que se leva realizando nos 5 últimos anos, tanto orzamentario coma de xestión non é suficiente e resulta imprescindible e necesario seguir avanzando na dotación de recursos orzamentarios que permitan a creación de novos servizos e a ampliación dos existentes cos que dar atención a todas as persoas que o precisen, así como o mantemento de recursos materiais (medios técnicos e telemáticos) e humanos para mellorar o procedemento de xestión que posibiliten a mellor e máis completa atención as persoas en situación de dependencia.

Cómpre salientar que da evolución da poboación prevista para os vindeiros anos, cun incremento exponencial da poboación maior de 65 anos (que supón o 86 % dos solicitantes de recoñecemento da situación de dependencia), só pode deducirse que, aínda absorbendo o déficit de atención da situación actual, seguirá sendo necesaria a implantación de novos recursos de atención e máis fundamentalmente o desenvolvemento dunha rede de servizos de promoción da autonomía e prevención da dependencia que permita a utilización de recursos asistenciais de menor custo económico e maior aceptación social, xa que a maioría da poboación e dos profesionais comparten a necesidade de fomentar os maiores niveis de autonomía posibles.

A mellora nos tempos de tramitación permitiu unha atención pronta ao cidadán na maioría dos supostos, que nalgúns casos se incrementa por enriba da media o tempo de tramitación debido ao recurso solicitado, polo que aínda segue a ser preciso afondar en melloras tecnolóxicas, así como no mantemento e aumento dos recursos humanos destinados á xestión do procedemento, e consolidación dos escenarios de tramitación electrónica implementados.

Doutra banda o volume acadado na xestión tanto das solicitudes coma das persoas atendidas, require dun maior esforzo no control e seguimento dos expedientes e as situacións de altas e baixas do sistema.

O importante avance na creación de novos recursos asistenciais durante os últimos anos, tanto en prazas residenciais como de centros de día, non só permitiu dar resposta a persoas en espera de atención senón que ao mesmo tempo incrementou o rateo de rotación de persoas nos servizos.

Non obstante, aínda hai modalidades de atención non suficientemente cubertas no ámbito das persoas con discapacidade en situación de dependencia. Neste senso a carteira de servizos para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, supuxo un cambio de paradigma na forma de atender ás persoas en situación de dependencia, prevención da dependencia e autonomía persoal, pasando dun modelo baseado en centros de atención a outro baseado en servizos. A prestación de servizos adecúase ás persoas usuarias ao configurarse como un servizo flexible, onde se poderán combinar os diferentes servizos necesarios para atención das súas necesidades.

Todo isto, tendo en conta que se ten que escoitar a preferencia das persoas en situación de dependencia, como amosa no último exercicio a prestación de coidados no entorno familiar.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

- Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
- Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
- Resolución do 23 de abril de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre criterios, recomendacións e condicións mínimas para a elaboración dos plans de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal; datos básicos do sistema de información do SAAD e Catálogo de referencia de servizos sociais.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Coas actuacións contidas no programa 312D, a Secretaría Xeral Técnica, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade e a Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria pretenden:

- Facilitar a integración mediante a implantación de programas propios destinados a atender as persoas con discapacidade, a dependencia nas persoas maiores, as persoas con demencia así como o apoio aos seus coidadores.
- Fomentar a aplicación das novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes ou con algún tipo de discapacidade procurando unha mellora na súa calidade de vida.
- Favorecer o desenvolvemento da actuación 5.1.1.1 "Mellora dos servizos e infraestruturas que faciliten a permanencia no fogar das persoas en situación de dependencia", a dotación de prazas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a atención diúrna de persoas en situación de dependencia e o desenvolvemento polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de programas en centros de día orientados á diversificación dos seus servizos.
- A posta en marcha de programas e actividades dirixidas a persoas con discapacidade e a persoas maiores.
- Coordinar e supervisar os equipamentos e servizos, residenciais e de atención diúrna, dirixidos ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.
- Estudar as necesidades organizativas, orzamentarias, formativas e de procedementos para a calidade da atención dos centros e servizos para as persoas con discapacidade.

- Xestionar e controlar os centros e servizos comúns a persoas maiores e servizos especializados no ámbito da atención ao alzhéimer e especializados dirixidos ao sector das persoas con discapacidade.
- O estudo das necesidades organizativas, orzamentarias, formativas e de procedementos para a calidade da atención dos centros e servizos para as persoas maiores.
- Fomentar o servizo de teleasistencia avanzada para contribuír a mellorar a calidade de vida e a promoción da autonomía persoal das persoas maiores así como daquelas que se atopen en situación de dependencia.
- Promover liñas de acción para avanzar na mellora da conciliación das familias galegas e no apoio ás persoas coidadoras das persoas en situación de dependencia a través de distintos programas de respiro.
- Dotar de cobertura asistencial, consolidando e aumentando os recursos sociais e prestacións dedicados ás persoas en situación de dependencia, garantindo os niveis de calidade axeitados.
- Prestar apoio ás necesidades de atención de persoas con ELA ou os seus fenotipos, reforzando a cobertura existente na actualidade a través do Sistema para a autonomía e a atención a dependencia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A maioría da poboación de máis de 65 anos que presenta algunha discapacidade é feminina, cunha porcentaxe do 57,15 % fronte ao 42,85 % da poboación masculina, de acordo co informe do Censo de persoas con discapacidade do ano 2023.

O número total de persoas con discapacidade en Galicia a decembro de 2023 é de 242.784, dos que o 51,51 % son mulleres (datos extraídos do Censo de Persoas con Discapacidade).

O número de potenciais beneficiarios son os/as 242.784 persoas residentes en Galicia con discapacidade igual ou superior o 33 %.

Máis do 62 % das persoas en situación de dependencia son mulleres, debido ao alongamento da esperanza de vida que inflúe na aparición das situacións de dependencia.

En torno ao 83 % das persoas coidadoras non profesionais son mulleres.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar)	
----------------------	--

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

- Formación a persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia e prestacións económicas destinadas a coidados non profesionais, vinculada á adquisición dun servizo e á asistencia persoal. Tendo en conta que o 83 % das persoas coidadoras son mulleres, estas actuacións están destinadas preferentemente ás mulleres facilitando a conciliación da vida familiar e laboral, así coma un soporte económico para os coidados non profesionais das persoas en situación de dependencia.
- Inclusión nas convocatorias de concerto social para a xestión de prazas residenciais e de atención diúrna de criterios de selección consistentes en medidas de conciliación da vida persoal, familiar e corresponsabilidade, de acordo co establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro de impulso demográfico de Galicia.
- Criterios de valoración en contratos para a xestión de prazas de residencias nos centros de día de maiores a favor de entidades que teñan implantado medidas en materia de conciliación da vida persoal, familiar, laboral e corresponsabilidade de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.
- Mantemento e ampliación do volume de novas prazas sostidas con fondos públicos en centros de atención a persoas maiores (dependentes), que facilitan a conciliación da vida persoal e laboral das familias. Para medir a actuación empregárase como indicador de número de prazas en centros de atención a persoas maiores (dependentes), estímase un indicador de 7.800 prazas.
- Mantemento e ampliación do volume de novas prazas sostidas con fondos públicos en centros de atención a persoas con discapacidade (dependentes), que facilitan a conciliación da vida persoal e laboral das familias. Para medir a actuación empregárase como indicador, na Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, o Nº de centros de atención a persoas con discapacidade (dependentes) e o Nº de prazas en centros de atención a persoas con discapacidade (dependentes) estimándose un indicador de 226 centros e 5.987 prazas.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Ao redor do 63 % das persoas en situación de dependencia son mulleres, e sobre o 80 % de mulleres corresponde o perfil de coidador familiar da dependencia, polo que en consecuencia a porcentaxe de mulleres destinatarias deste programa de gasto é substancialmente superior a dos homes.

Ademais de acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, a taxa de emprego feminina para o colectivo de persoas con discapacidade foi superior á masculina en 4,5 puntos en 2022 o que supuxo un aumento respecto ao ano anterior, que era 0,6 puntos inferior á taxa de emprego masculina.

No referido á taxa de paro, en 2022 foi dun 20,7 % tanto para homes como para mulleres, 0,6 puntos menos que o ano anterior.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Ao redor do 83 % das persoas dependentes reciben coidados de membros do fogar, polo que desde a perspectiva de xénero, este programa mellorou a conciliación da vida persoal e familiar de preto de 138.000 persoas, das que ao redor de 90.000 son mulleres.(fonte: IGE, 2023).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Dadas as características deste programa, os órganos encargados da súa xestión teñen presente en todas as súas actuacións a perspectiva de xénero e a consideración da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade

Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria

III.1.6. PROGRAMA 312E - PROGRAMA DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Promover a atención social e o benestar das persoas con discapacidade mediante o financiamento de recursos, servizos e o desenvolvemento de programas, orientados a favorecer a súa autonomía persoal, a súa integración sociofamiliar e laboral, a permanencia da persoa no seu contorno e o seu benestar físico e psíquico, tanto por medios propios como en colaboración con entidades que prestan atención ao citados colectivos.

O conxunto de actuacións que configuran este programa están dirixidas a desenvolver e consolidar servizos e prestacións que atendan as necesidades sociais que poidan afectar especificamente ás persoas en situación de dependencia, ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade; así mesmo xunto á acción que lle corresponde aos poderes públicos tamén cómpre seguir apoiando tanto ás entidades de iniciativa social que traballan na defensa dos intereses destes colectivos así como ao movemento asociativo no que se integran e participan estas persoas.

Mellorar a calidade de vida das persoas maiores e das persoas con discapacidade, en termos de autonomía persoal, así como prever as situacións de dependencia, son por tanto as necesidades estratéxicas que pretende atender este programa.

En resumo, este programa busca cubrir as necesidades de persoas maiores e persoas con discapacidade en risco ou situación de dependencia procurando o desenvolvemento e mantemento da capacidade persoal de controlar, afrontar e tomar decisión sobre o xeito de vivir conforme ás normas e preferencias propias. Todo isto, coa finalidade de favorecer a participación, integración social e o benestar físico e psíquico da persoa no seu contorno social.

Deste xeito, é fundamental promover os coñecementos e as condicións necesarias para conseguir o aumento e/ou mantemento das capacidades das persoas con discapacidade, para o desenvolvemento da súa vida diaria e, polo tanto, evitar ou retrasar no posible a aparición da dependencia, promovendo así mesmo o desenvolvemento tecnolóxico no eido da prevención e detección precoz da dependencia, así como promover a accesibilidade universal e o deseño para

toda a cidadanía, e fomentar a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a participación das persoas con discapacidade en termos de igualdade.

Igualmente, é fundamental actuar de xeito preventivo para contribuír a aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento, e promover os coñecementos e as condicións necesarias para conseguir o aumento e/ou mantemento das capacidades destas persoas, para o desenvolvemento da súa vida diaria e, polo tanto, evitar ou retrasar no posible a aparición da dependencia, promovendo así mesmo o desenvolvemento tecnolóxico no eido da prevención e detección precoz da dependencia, así como promover a accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Sectores vinculados á prestación de atención residencial, colectivos integrados polas persoas maiores e persoas con discapacidade, así como tamén polas persoas que están na franxa de idade de 55 ata 64 anos como parte fundamental das políticas de envellecemento activo.

Finalidades a acadar:

- Promover servizos de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia destinados ás persoas maiores.
- Facilitar unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento individual e dos grupos na comunidade, favorecendo a promoción da súa autonomía persoal e a súa integración social e familiar.
- Consolidar e reforzar un sistema que complemente e mellore a dispoñibilidade dos servizos e prestacións da administración mediante o apoio á iniciativa social, con ou sen ánimo de lucro, complementando a cobertura das necesidades derivadas do envellecemento.
- Consolidar e reforzar un sistema que complemente e mellore a dispoñibilidade dos servizos de atención residencial, facendo posible un novo modelo de residencias.
- Fomentar e apoiar o tecido asociativo no ámbito das persoas maiores co fin de potenciar a participación destes colectivos nos ámbitos cultural, social, deportivo e educativo e promover a súa participación en todas aquelas actuacións que afecten aos seus dereitos e intereses co fin de garantir a igualdade de oportunidades e a súa plena integración en tódolos ámbitos.
- Favorecer a inserción social dos colectivos con especiais dificultades de normalización das condicións de vida dos segmentos de poboación con menos recursos e a resposta ante necesidades emerxentes e excepcionais.
- Garantir a atención de calidade ás persoas maiores consolidando os servizos e recursos sociais dedicados a este fin.

- Promover o envellecemento activo das persoas maiores a través do desenvolvemento de programas, tanto propios como en colaboración coas entidades locais, así como con universidades e outras entidades; e servizos, especialmente servizos innovadores de proximidade que nestes momentos están sendo obxecto de desenvolvemento a fin de incluílos nunha norma regulamentaria pola que se aprobe a carteira de servizos sociais para persoas maiores e/ou con discapacidade autónomas.
- Desenvolvemento da Estratexia galega de Soidade non desexada.
- Aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento.
- Fomentar iniciativas de investigación, innovación e mellora dos servizos sociais para a instauración de novos modelos de intervención social e de envellecemento activo.
- Mellorar o acceso aos recursos dos servizos sociais e asistenciais de proximidade destinados ás persoas maiores, especialmente a aquelas que vivan no rural cara a mellorar a súa calidade de vida.
- Articular novos modelos de intervención social eficientes, integradores e accesibles que permitan consolidar unha densa rede de apoio.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En Galicia, das 242.784 persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % que constan no Censo de persoas con discapacidade, o 41,68 % son persoas en idade laboral, tendo en conta ademais que das persoas en idade laboral, 9.867 son mozos/as de entre 16 e 29 anos.

Galicia é unha das comunidades autónomas cunha menor taxa de actividade entre as persoas con discapacidade a nivel estatal, 29,9 % fronte ao 35,3 % da media española (fonte INE. Nota de prensa 2022 El empleo de las personas con discapacidad, actualizada a 20 de decembro de 2023). Así mesmo, a taxa de paro das persoas con discapacidade en Galicia está ao redor do 20,7 % fronte ao 11,1 % da poboación xeral galega segundo datos do IGE.

Tamén cómpre ter en conta a relevancia da cifra de persoas maiores de 65 anos con discapacidade en Galicia, que supón o 54,20 % das persoas con discapacidade.

A estas circunstancias tamén hai que engadirle o lugar de residencia como factor determinante no acceso aos recursos para este sector da poboación, e que debe contemplarse como factor non excluínte que impida ter as cotas axeitadas de benestar e calidade de vida.

No ámbito das persoas maiores, os datos de referencia ao respecto do colectivo das persoas maiores que viven en Galicia, polo impacto que supón no deseño das políticas públicas cara a que a súa calidade de vida sexa a mellorar, atendendo aos diferentes perfís sociais, educativos, de residencia, etc. que existen. Sen dúbida é necesario ter presente que a poboación de 65 ou máis anos en Galicia supón o 26,3 % da poboación total; sendo xa este un dato relevante aínda

o é máis o feito de que no ámbito das políticas de envellecemento activo e as estratexias que neste sentido se están a traballar tanto a nivel autonómico, como estatal e mundial, a franxa de idade á que se destinan as políticas en materia de envellecemento activo, comeza nos 55 anos de idade, con accións de carácter preventivo e tamén de preparación para a etapa de xubilación, e neste sentido en Galicia a poboación de 55 ou máis anos, acada a cifra de 1.106.193 persoas, (fonte IGE datos 24/01/2023), o que ven a supoñer o 41 % da poboación total.

A estas circunstancias tamén hai que engadirle o lugar de residencia como factor determinante no acceso aos recursos para este sector da poboación, e que debe contemplarse como factor non excluínte que impida ter as cotas axeitadas de benestar e calidade de vida.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia seguindo as especificacións da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
- Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.
- Decreto 35/2020, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras nas Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, Horizonte 2020, seguindo as especificacións da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Resolución do 23 de abril de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre criterios, recomendacións e condicións mínimas para a elaboración dos plans de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal; datos básicos do sistema de información do SAAD e Catálogo de referencia de servizos sociais.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través do programa 312E, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade e a Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria pretenden:

- Facilitar ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento individual e dos grupos na comunidade, favorecendo a promoción da súa autonomía persoal e a súa integración social e familiar.
- Garantir a ausencia de discriminación, a plena igualdade de oportunidades, a accesibilidade universal e a equiparación de dereitos das persoas con discapacidade co resto da cidadanía, a través da promoción da súa autonomía persoal, a normalización, a supresión de barreiras arquitectónicas, de comunicación e actitudinais, e, ao mesmo tempo, reequilibrar situacións de desigualdade entre mulleres e homes deste colectivo.
- Consolidar e reforzar un sistema que complemente a dispoñibilidade dos servizos e prestacións da administración mediante o apoio á iniciativa social con ou sen ánimo de lucro, complementando a cobertura das necesidades derivadas da discapacidade.
- Favorecer a inserción social dos colectivos con especiais dificultades á normalización das condicións de vida dos segmentos de poboación con menos recursos e a resposta ante necesidades emerxentes e excepcionais.
- Garantir a atención ás persoas maiores e persoas con discapacidade, consolidando os servizos e recursos sociais dedicados a este fin.
- Promover o desenvolvemento de programas para as persoas con discapacidade e o envellecemento activo para as persoas maiores, a través de programas, tanto propios como en colaboración coas entidades locais e outras entidades, tendo en conta transversalmente a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Promover o envellecemento saudable e a calidade de vida das persoas maiores a través da nutrición.
- Desenvolvemento de medidas de actuación a prol dun envellecemento activo, seguindo as liñas marcadas pola estratexia para a prevención precoz da dependencia de Galicia.
- Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos contornos, espazos, bens, produtos e servizos en igualdade de condicións co resto da poboación.
- Fomentar e apoiar o tecido asociativo no ámbito das persoas con discapacidade co fin de potenciar a participación deste colectivo nos ámbitos cultural, social, deportivo e educativo e promover a súa participación en todas aquelas actuacións que afecten aos seus dereitos e intereses co fin de garantir a igualdade de oportunidades e a súa plena integración en todos os ámbitos.
- Fomentar a colaboración cos concellos para a promoción de recursos e servizos destinados ao fomento do envellecemento activo e da autonomía persoal.

- Mellorar a calidade e capacidade de atención dos servizos e recursos da Rede galega de atención temperá.
- Prover de servizos públicos sociais e asistenciais de proximidade axeitados ás características da poboación, cun maior peso das persoas maiores e das persoas con discapacidade.
- Favorecer o mantemento da poboación maior de 55 anos na súa casa tanto tempo como sexa posible en condicións de seguridade e dotados dos servizos axeitados, así como coas condicións de habitabilidade necesarias, e tamén empoderamento da poboación maior a través da súa participación e integración na sociedade.
- Impulsar a prestación de servizos de atención a persoas maiores mediante fórmulas de autoemprego e economía social así como crear oportunidades para reter e atraer poboación nova ao rural galego e fomentar o reequilibrio territorial, favorecendo a equidade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia.
- Favorecer a permanencia das persoas maiores e persoas con discapacidade en situación de dependencia na súa contorna, fomentando, ao mesmo tempo, a prevención das situacións de dependencia das persoas que aínda gozan de autonomía, paliando así mesmo situacións de illamento social.
- Deseñar e pór en marcha programas e actividades de promoción da autonomía persoal así como de benestar e fomentar as relacións interxeracionais.
- Impulsar iniciativas de humanización e seguridade asistencial nos centros sociosanitarios.
- O fomento e planificación de actividades de formación continuada nos centros sociosanitarios.
- O impulso da efectividade e da eficiencia nos procesos asistenciais, e a promoción da seguridade, e da calidade e a súa mellora continua.
- Xestionar e controlar os centros e servizos comúns de persoas maiores con autonomía.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

No ámbito das persoas con discapacidade, a maioría da poboación de máis de 65 anos que presenta algunha discapacidade é feminina, cunha porcentaxe do 57,15 % fronte ao 42,85 % da poboación masculina, de acordo co informe do censo de persoas con discapacidade do ano 2023.

O número total de persoas con discapacidade en Galicia a decembro de 2023 é de 242.784, dos que o 51,51 % son mulleres.

O número de potenciais beneficiarios son os as 242.784 persoas residentes en Galicia con discapacidade igual ou superior o 33 %.

Neste programa encadrase o servizo de apoio á mobilidade para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia.

Para medir a actuación realizada empregaranse indicadores sobre o número de persoas desagregado por sexo que participan no servizo de apoio á mobilidade para persoas con discapacidade/ou en situación de dependencia. Estímase que serán 2.723 homes e 3.498 mulleres.

No ámbito das persoas maiores, outra das áreas de actuación que comprende este programa de gasto, sinalar que na Comunidade Autónoma Galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos en diante supera o 26 % do total da poboación. Este dato implica, necesariamente, que o deseño e implementación de medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e ao logro do seu benestar e calidade de vida ademais de ser unha condición indispensable para a consecución dun alto grao de benestar social xeral ten que supoñer tamén unha prioridade fundamental na estratexia de intervención e actuación gobernamental. (fonte: IGE 2023).

Unha das preocupacións que se manifesta a raíz do envellecemento dunha poboación, é como evolucionan os índices relativos a esta tendencia; así, e segundo datos do IGE, os datos de indicadores de envellecemento mostran a seguinte información: índice de envellecemento (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación de menos de 20 anos) para 2023 foi de 169,27 (en 2022: 167,26); o índice de sobreenvellecemento (relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos) situouse en 2023 en 19,61 (en 2022: 19,56).

Deste xeito, os cambios sociodemográficos e socioeconómicos producidos caracterízanse, esencialmente, por unha intensificación dos índices de envellecemento poboacional na nosa comunidade coas conseguíntes repercusións nos niveis de incidencia de enfermidades asociadas á vellez, coma o Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas. Igualmente neste senso hai que sinalar as profundas transformacións experimentadas nas estruturas familiares, e dentro delas as derivadas da incorporación progresiva da muller ao mercado laboral, o que implicou o abandono do campo e a migración a vilas e cidades, o cal unido a unhas maiores expectativas de vida e a unha vida máis saudable, repercutiron determinantemente tanto nunha maior incidencia de situacións de persoas maiores que viven soas como nunha maior demanda de equipamentos e recursos destinados á atención deste colectivo.

A xeito de exemplo pódese facer referencia á ampliación dos servizos de teleasistencia domiciliaria así como outros servizos e prestacións como é o caso do servizo galego de apoio á mobilidade persoal. Así mesmo, hai que ter en conta o importante avance das novas tecnoloxías que, ao igual que noutros ámbitos, ten propiciado tamén a aparición dun elevado número de posibilidades de actuación destinadas á atención das necesidades das persoas maiores, fundamentalmente no ámbito da teleasistencia avanzada.

Pero ademais hai que ter en conta que as proxeccións de poboación en Galicia evidencian que o colectivo poboacional composto polas persoas maiores de 65 anos, lonxe de perder importancia, seguirá incrementando o seu peso relativo con respecto ás cifras totais de poboación da comunidade. Concretamente e en base aos datos consultados do IGE, considerando un escenario a 2033, a cifra de poboación maior de 65 anos estímase que acadará nese ano un total de 804.384 persoas, o que suporá o 31,35 % da poboación total proxectada para ese ano en Galicia (2.565.194).

Ao respecto sinalar tamén que o 23,64 % dos fogares galegos están compostos na súa totalidade por persoas de 65 ou máis anos e que a maioría das persoas galegas de 65 ou máis anos viven maioritariamente (56,49 %) en fogares nos que tódolos seus membros son maiores de 65 anos.

As provincias de Ourense e A Coruña son as que presentan maiores porcentaxes de persoas de 65 ou máis anos que viven en fogares con todos os seus membros neste grupo de idade.

Por outra parte case a metade dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos son (48,46 %). (fonte: IGE a 29/12/2023).

O estado civil máis habitual tanto en Galicia como en España das persoas de 65 ou máis anos é o de “casado”; esta porcentaxe aproxímase ao 60 % en ambos os dous casos.

Por outra banda, cando se analiza o perfil das persoas maiores, e cando se pretende que esta análise sirva como ferramenta útil no proceso de planificación do conxunto de medidas destinadas a proporcionar unha atención integral a este colectivo, é importante considerar cuestións

relativas ás limitacións que no grao de autonomía persoal provoca, en moitos casos, o avance da idade.

Así mesmo, tal e como xa antes se indicou, os aspectos socioeconómicos das persoas, e no ámbito de actuación deste programa de gasto, nomeadamente o colectivo das persoas maiores, cómpre sinalar que os ingresos medios mensuais nos fogares en que o sustentador principal ten 65 ou máis anos, é de 2.153 euros, mentres que o ingreso medio mensual dun fogar galego xeral é de 2.548 euros.

Tendo en conta que a estrutura dos ingresos das persoas perceptoras de 65 ou máis anos está constituída maioritariamente polas prestacións (93,21 %), que neste tipo de poboación proceden basicamente das pensións contributivas da Seguridade Social, a clave de xénero vai amosar tamén datos relevantes como pode ser o dato da contía das pensións, de xeito que os homes de 55 a 74 anos perciben unha pensión media de 1.521,62 € e as mulleres de 1.181,08 €; na franxa de 75 a 84 anos os homes perciben unha pensión media de 1.342,93 € e as mulleres de 987,27 € e na franxa de máis de 85 anos os homes perciben unha pensión media de 1.103,02 € e as mulleres de 913,18 €, o que reporta unha precariedade económica maior no caso das mulleres que dos homes.

Estes datos apoian o feito de que ao redor do 10 % dos galegos e galegas maiores de 65 anos se atopan nunha situación de risco de pobreza (9,08 % no caso dos homes e 11,33 % no caso das mulleres.).

Polo tanto coas accións que se desenvolvan ao abeiro deste programa, estímase que a poboación beneficiaria directa serán preto de 710.002 persoas maiores de 65 anos que residen en Galicia (43 % homes e 57 % mulleres), sen esquecer que no público destinatario das accións de envellecemento activo a franxa de idade abrangue dende os 55 anos, de xeito que na dita franxa atópanse en Galicia máis de 1 millón de persoas.

Para medir as actuacións realizadas empregaranse indicadores sobre o número de persoas total e desagregado por sexo que son beneficiarias das accións, así como tamén o número de familias que participan no programa de acollemento familiar, e para as accións vinculadas á promoción de hábitos de vida saudables, usarase como indicador o nº de proxectos, así como tamén o nº de persoas beneficiarias maiores de 55 anos (mulleres) y nº de persoas beneficiarias maiores de 55 anos (total).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Unha das actividades principais, desenvólvese a través dos convenios de colaboración coas entidades representativas das persoas con discapacidade en Galicia e que teñen como fin primordial a realización e desenvolvemento de programas dirixidos a este colectivo, e aplicando a perspectiva de xénero cun enfoque dual, é dicir, de xeito transversal pero tamén con accións específicas para atender a situación desigual das mulleres con discapacidade.

Outra das áreas de actuación que comprende este programa de gasto é a área de atención ás persoas maiores. Na Comunidade Autónoma Galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos en diante representa máis do 26 % do total da poboación. Este dato implica, necesariamente, que o deseño e imaxe de medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e ao logro do seu benestar e calidade de vida ademais de ser unha condición indispensable para a consecución dun alto grao de benestar social xeral ten que supoñer tamén unha prioridade fundamental na estratexia de intervención e actuación gobernamental. Son varias as liñas de acción tanto a través de convenios con entidades representativas dos intereses das persoas maiores como a través da posta a disposición destas persoas de servizos e recursos como o programa de acollemento familiar. Tamén o apoio e a mellora da situación existente nos servizos de atención residencial mellorará a calidade de vida ás persoas usuarias, fundamentalmente despois da situación epidemiolóxica xerada na actualidade.

Outra liña de actuación será o estudo do novo modelo de residencias que permita planificar e dimensionar as estruturas, recursos e tecnoloxías necesarias. Búscase aplicar a innovación tecnolóxica, impulsar un sistema de xestión da calidade dos servizos e pór en marcha proxectos de humanización no entorno dos servizos sociais.

Tamén neste programa encádrase o servizo de apoio á mobilidade persoal para as persoas con discapacidade e/ou dependentes que ten como finalidade propiciar unha integración social efectiva destas persoas poñendo a disposición das mesmas os medios axeitados para facilitar a súa mobilidade e favorecendo así a súa comunicación e participación no seu entorno habitual. Cómpre destacar que na contratación do Servicio Galego de Apoio á mobilidade se valoraba como criterio a puntuar o feito de que un 20 % das persoas condutoras foran mulleres, potenciando así a igualdade no acceso ao mercado laboral. Así mesmo, se valoraba como criterio de desempate a acreditación da implantación dun plan de igualdade.

Neste ámbito, a través da posta en marcha e consolidación de proxectos como as Casas do maior, non só se favorece a equidade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia, especialmente no rural, tamén se fomenta a participación da muller na prestación de servizos de atención a persoas maiores no rural mediante fórmulas de autoemprego e economía social.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Ao redor do 63 % das persoas en situación de dependencia son mulleres, e sobre o 80 % de mulleres corresponde o perfil de coidador familiar da dependencia, polo que en consecuencia a porcentaxe de mulleres destinatarias deste programa de gasto é substancialmente superior a dos homes.

Ademais de acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, a taxa de emprego feminina para o colectivo de persoas con discapacidade foi superior á masculina en 4,5 puntos en 2022, o que supuxo un aumento respecto ao ano anterior, que era 0,6 puntos inferior á taxa de emprego masculina.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

En base á tipoloxía das actuacións levadas a cabo, a repercusión obxecto de valoración refírese exclusivamente á porcentaxe de representación que supón a participación de homes e mulleres nas ditas actuacións, e que polo peso porcentual que supoñen as mulleres nos datos de poboación de 65 ou máis anos e de persoas con discapacidade mostra, en consecuencia, datos tamén dunha maior participación en termos absolutos.

Unha análise dende o punto de vista cualitativo pasa por analizar a tipoloxía de actividades que se ofrecen e que por suposto deben ser deseñadas con perspectiva de xénero e do mesmo xeito promover actividades específicas que teñan en conta as diferentes inxedanzas, necesidades, etc. de homes e mulleres, aspecto este que non se está a dar con toda a intensidade que sería necesaria, e que é necesario polo tanto reforzar cara a futuras programacións.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

O programa de gasto responde en termos xerais aos principios reitores que se estableceron na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, entre os que como principio transversal establécese a igualdade de xénero, dado que o xénero é unha variable que afonda nas desigualdades e que vén supoñendo unha dobre discriminación para as mulleres con discapacidade. Deste xeito, estase a traballar para que a dimensión da igualdade de xénero sexa unha dimensión transversal, o cal vén supoñer que ademais do enfoque integrado de xénero que deben cumprir todas as actuacións, tamén deberán contemplarse e reforzarse accións específicas dirixidas a reducir a fenda de xénero nos ámbitos en que sexa necesario. En todo caso, é necesario reforzar a implicación das entidades colaboradoras no desenvolvemento dos programas no que atinxe a que a programación das súas accións respondan as necesidades de homes e mulleres.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade

Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

III.1.7. PROGRAMA 312G - APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A corresponsabilidade busca lograr unha distribución xusta e equilibrada entre mulleres e homes, no reparto de tarefas domésticas e responsabilidades familiares, como a organización, a educación e o coidado de menores, de persoas maiores e dependentes dentro do fogar.

Aínda que a fenda de xénero que existe neste ámbito reduciuse nas últimas décadas, o peso da conciliación e as responsabilidades e tarefas de coidados segue a recaer sobre as mulleres. Por outra banda, as necesidades de coidados incrementáronse polo envellecemento da poboación, así como pola menor dispoñibilidade das mulleres para o coidado non remunerado polos cambios socio-económicos e culturais.

A falta de corresponsabilidade nas tarefas domésticas e responsabilidades familiares segue a ser un factor determinante dos atrancos das mulleres para manterse no ámbito laboral, progresar na súa carreira profesional e acceder a esferas de decisión.

Así, no eido do mercado laboral, os datos para as mulleres seguen a ser peores ca os dos homes: menor presenza de mulleres na poboación activa e ocupada e maior taxa de desemprego. Maior proporción de contratos temporais e mesmo a tempo parcial (na maior parte dos casos para atender as obrigas familiares e domésticas) e, como consecuencia, existencia dunha fenda salarial. Así mesmo, evidénciase a existencia dunha segregación laboral por razón de xénero, segregación vertical e horizontal que fai que mulleres e homes se concentren en sectores, ramas de actividade e ocupacións diferenciadas e condicionadas por estereotipos de xénero e ocupen postos de menor responsabilidade.

Por todos estes datos o fomento da corresponsabilidade entre homes e mulleres a través de medidas de conciliación da esfera profesional e a vida privada, será un asunto central no deseño das políticas de igualdade deste Goberno, para contribuír á mellora da calidade de vida e ao benestar laboral, de xeito que poidan participar de forma igualitaria na asunción das responsabilidades familiares e dos tempos laborais e de ocio para o desenvolvemento do seu proxecto vital.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións que se realizan a través deste programa, van destinadas a mulleres e homes con responsabilidades familiares de coidado de menores, así como de persoas maiores e dependentes dentro do fogar, co obxectivo de favorecer a corresponsabilidade con medidas de conciliación.

A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, recolle o exercicio dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como manifestación do dereito das mulleres e dos homes á libre configuración do seu tempo, promoverase a corresponsabilidade a través da repartición equilibrada entre mulleres e homes das obrigas familiares, das tarefas domésticas e de coidado de persoas dependentes mediante a individualización dos dereitos e o fomento da súa asunción por parte dos homes e a prohibición de discriminación baseada no seu libre exercicio por parte destes.

Neste sentido, a conciliación do emprego e da vida familiar así como o fomento da corresponsabilidade son criterios xerais fixados na lei que vinculan a actuación dos poderes públicos.

Ademais, resulta imprescindible mudar a conciencia da cidadanía facéndoa consciente da importancia da conciliación e da corresponsabilidade, reforzando a sensibilización e a educación en igualdade para eliminar roles e estereotipos tradicionais que colocan a mulleres e homes en tarefas e funcións diferentes e, polo tanto, nunha posición de desigualdade económica e social.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os cambios experimentados nos últimos anos na sociedade e nas familias (incremento da esperanza de vida, aumento do número de fogares nos que os dous membros da parella traballan, incremento do número de familias monoparentais), os modelos de organización do traballo nas empresas, ou a dificultade para acceder a servizos que permiten o coidado e a atención a persoas dependentes, etc., dificultan a homes e mulleres, pero especialmente a estas últimas ao considerarse socialmente que “é a súa responsabilidade”, facer compatibles os tempos que poden dedicar á familia, ao emprego e ao ocio.

A falta de corresponsabilidade e as dificultades para conciliar vida persoal, familiar e laboral, contribúen a soste a discriminación laboral e salarial das mulleres e constitúen unha das principais barreiras para o seu desenvolvemento e progreso profesional. E no caso da sociedade, supoñen unha importante perda de talento que lastra a competitividade empresarial e dificulta o progreso económico.

É importante coñecer estas consecuencias na vida das persoas, pero tamén para a sociedade de no seu conxunto, para ser conscientes do problema e buscar solucións eficaces. Non se trata de axudar ás mulleres para que poidan traballar e atender as responsabilidades familiares, senón

de repartir tarefas e equilibrar os tempos e os horarios para que mulleres e homes disfruten e exerzan os mesmos dereitos e as mesmas responsabilidades.

A adopción de medidas de conciliación da vida laboral e persoal facilita que as mulleres traballadoras poidan compatibilizar a súa vida persoal e familiar, pero son insuficientes se non se promoven que sexan extensibles tamén aos homes.

Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) as mulleres con fillas e fillos traballan a tempo parcial seis veces máis que os homes, tamén ocupan en maior medida postos de traballo temporais e solicitan en maior medida a redución de xomada para coidado de fillas e fillas o que afecta de xeito directo na redución do salario e cotización á Seguridade Social.

As medidas de conciliación tradicionalmente dirixíanse fundamentalmente ás mulleres, contribuíndo a que a conciliación se considerase como un “problema exclusivo das mulleres”. Non entanto, a corresponsabilidade social vai máis alá da conciliación, e non só se refire a aumentar a implicación dos homes no reparto das responsabilidades domésticas e familiares, senón que debe estenderse a outros axentes sociais e instancias públicas e privadas.

O éxito das medidas que teñen en conta o enfoque da corresponsabilidade radica na súa universalización, é dicir, que se aplican tanto a traballadores como a traballadoras xa que a súa finalidade é promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Polo contrario, se as medidas van dirixidas só ás mulleres, manteranse a desigualdade e as diferenzas de xénero.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027.
- II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é apoiar medidas que fomenten e favorezan a conciliación e a corresponsabilidade entre mulleres e homes no ámbito persoal, familiar e laboral, contribuíndo á dinamización demográfica e que eviten as desigualdades no ámbito laboral. Esta dobre vertente implica traballar a sensibilización social, respecto da necesidade de compartir as tarefas no ámbito privado ao tempo que se dota a sociedade de recursos para a conciliación.

Tamén se promove a implicación activa de todas as administracións, das empresas e dos axentes sociais na implantación de modelos que favorezan a participación igualitaria na corresponsabilidade e nos usos do tempo.

Temos que salientar que este programa é coherente co II Plan Galego de Benestar laboral, Conciliación e corresponsabilidade 2022-2025, aprobado no Consello do 27 de abril de 2023 que ten os seguintes temas centrais:

- Acabar coa desigualdade no reparto dos coidados dada a desvantaxe das mulleres.
- Fortalecer e ampliar o apoio á conciliación e os coidados.
- Procurar a implicación de todos os axentes sociais (empresas, sindicatos, tecido asociativo de mulleres....).
- Intensificar o apoio por parte da Administración Autonómica.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	X
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa prevé actuacións especificamente orientadas a promover e apoiar medidas que fomenten e favorezan a conciliación e a corresponsabilidade entre mulleres e homes no ámbito persoal, familiar e laboral e ademais incorpora transversalmente a perspectiva de xénero.

A persistencia dos roles de xénero na nosa sociedade, concretamente no que respecta a asignación histórica ás mulleres do rol de coidadora e responsable principal do traballo domés-

tico, faise patente se se analizan os motivos polos que a poboación inactiva afirma non buscar emprego.

Os datos evidencian que, á marxe de situacións como a xubilación ou a enfermidade ou incapacidade propias, as razóns vinculadas ao coidado de persoas dependentes, de nenos e nenas, de persoas maiores, con enfermidades, así como outras responsabilidades familiares e persoais, son realizadas principalmente polas mulleres, cun peso extremadamente inferior entre a poboación masculina inactiva. Do mesmo xeito, cando se analizan as estatísticas das excedencias laborais para o coidado de persoas, compróbase que a maioría son solicitadas por mulleres.

Por outra banda, a desigualdade de xénero no ámbito laboral ten outro dos seus datos máis reveladores no tipo de xornada de traballo. A xornada a tempo parcial presenta unha acusada diferenza entre os sexos.

Este traballo a tempo parcial non é unha opción voluntaria na gran maioría dos casos. Á hora de sinalar os motivos desta modalidade de traballo, a gran maioría de mulleres e homes aducen facelo por non poder atopar un traballo a tempo completo. O coidado de menores, persoas maiores, en situación de dependencia etc., así como a existencia doutras obrigas familiares e persoais son razóns cun menor peso, pero mencionadas case exclusivamente por mulleres.

A falta de conciliación tamén ten un gran impacto sobre a natalidade: o 44 % das mulleres entre 20 e 44 anos aínda non tivo fillos/as e o 58 % das mulleres que residen en España asegura que ter fillos/as representa un obstáculo para a vida profesional.

De feito, a incidencia dos factores asociados á maternidade, á corresponsabilidade e á conciliación da vida persoal, familiar e laboral como obstáculos para o acceso e a permanencia das mulleres no mercado do traballo remunerado fanse patentes cando se analizan as taxas de ocupación da poboación de 20 a 49 anos con fillos e fillas.

Neste programa de gasto utilízanse os seguintes indicadores con relevancia dende o punto de vista do xénero:

- N° de homes e n° de mulleres titulares de familias monomarentais beneficiarias da axudas para reducir a súa xornada laboral para o coidado de fillas/os menores de 3 anos.
- N° de familias beneficiarias de bolsas de coidados ou accións de conciliación.
- N° de nenas e nenos beneficiarios ou participantes en bolsas de coidados ou accións de conciliación.
- N° de persoas contratadas nas bolsas de coidados ou accións de conciliación.
- N° de homes que participan en accións formativas de corresponsabilidade.
- N° de actuacións de formación, estudo, difusión e promoción da igualdade (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Actividades previstas:

- Execución e desenvolvemento de diferentes programas onde se promova a corresponsabilidade, ao abeiro do Plan Corresponsables en Galicia, a través de entidades locais, Anpas (asociacións de nais e pais), entidades de iniciativa social (especialmente no eido da discapacidade) ou asociacións de mulleres rurais. Actuacións en corresponsabilidade: Apoio ás necesidades de conciliación das familias, mediante a posta en marcha de servizos de coidado

profesional a menores de 16 anos e creación de emprego de calidade e Plans de sensibilización e formación en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes e ás familias. Destinada a familias con fillos menores de 16 anos e a sociedade en xeral.

- Incentivos á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.
- Potenciar de xeito especial a conciliación da vida laboral e persoal das mulleres do rural, soporte fundamental para asentar poboación, evitar a masculinización e o envellecemento e impulsar a diversificación económica.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As actuacións previstas neste programa por unha banda son de carácter sensibilizador, pretenden un cambio estrutural e forman parte dunha estratexia a longo prazo baseada na educación en valores de igualdade. Espérase con elas contribuír a un cambio de modelo social que supere as relacións asimétricas de poder no ámbito da parella e reducir as discriminación por razóns de xénero no mercado laboral derivadas dos diferentes roles asignados tradicionalmente a homes e mulleres.

Neste sentido cabería esperar, a medio prazo, unha diminución da porcentaxe de persoas que na nosa comunidade continúan pensando que o coidado de persoas dependentes e as tarefas do fogar son unha responsabilidade eminentemente feminina e polo tanto, colocar ás mulleres nunha mellor situación respecto do acceso e permanencia no mercado laboral permitindo a Galicia contar cunha forza de traballo necesaria para o seu desenvolvemento económico.

Por outra banda, tamén existen no programa actividades directamente dirixidas a apoiar o desenvolvemento de recursos e medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral que, aínda que dirixidas a toda a sociedade, agárdase que teñan unha maior repercusión no acceso e permanencia das mulleres no mercado de traballo e na mellora da súa calidade de vida, dada a persistencia dos roles de xénero tradicionais. A medio prazo agárdase unha diminución da porcentaxe de mulleres que non acceden ao mercado laboral por insuficiencia de recursos de atención a menores durante a xornada de traballo.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

A totalidade das convocatorias de axudas ou convenios de colaboración incorporan a perspectiva de xénero.

- 304 persoas traballadoras apoiadas na redución de xornada laboral para o coidado de fillas e fillos.
- 20.000 menores atendidos en Programas de conciliación e corresponsabilidade de concellos e ANPAs.
- 4.600 homes participaron en Plans de formación en corresponsabilidade.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Pola asignación de competencias que ten atribuídas, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade integra e ten presente en todas as súas actuacións a perspectiva de xénero e a consideración da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, está a desenvolver continuamente novas estratexias para estender esta transversalidade ao resto dos departamentos da Xunta de Galicia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Promoción da Igualdade

III.1.8. PROGRAMA 313B - ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa está destinado á impulsar o avance efectivo cara unha igualdade real entre mulleres e homes a través da sensibilización da cidadanía, o empoderamento das mulleres e a incorporación de xeito transversal da perspectiva de xénero nas actuacións da administración autonómica.

Promoverase a igualdade en todos os ámbitos, prestando unha especial atención a fomentar o autoemprego feminino e en apoiar a aquelas mulleres en situación de vulnerabilidade.

Teranse especialmente en conta as actuacións a desenvolver no ámbito rural e no ámbito educativo, co obxecto de contribuír a cohesión social en Galicia así como para favorecer o cambio de valores e o respecto para conformar unha sociedade con igualdade de oportunidades por razón de xénero.

Tamén desenvolveranse proxectos específicos dirixidos ao colectivo LGTBI, co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto.

A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, recolle que a través da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, buscarase que a igualdade e a liberdade das persoas sexan reais e efectivas, con independencia do seu sexo e dos estereotipos de xénero.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As desigualdades diferenciais que seguen a existir entre homes e mulleres obrigan a mellorar a posición das mulleres en todos os ámbitos e fan necesaria a adopción dunha dobre estratexia que permita, por unha banda, desenvolver accións específicas que respondan a necesidades prácticas e, por outra, o deseño de medidas xerais que fomenten o equilibrio social, laboral, de representación, etc. entre mulleres e homes e, por outra, promover a introdución de obxectivos de igualdade en todas as políticas.

Estas medidas están dirixidas a toda a sociedade, pero en algúns casos de xeito específico a mulleres e tamén ao colectivo LGTBI.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Para que a igualdade de xénero se valore e se promova, non só polas administracións públicas, senón tamén pola cidadanía, é preciso que a dita igualdade se recoñeza como un dereito humano e como motor de desenvolvemento da sociedade.

Precísase coñecer a realidade sobre a que se actúa e facer visibles as diferenzas entre homes e mulleres, nos ámbitos en que existan, e identificar se estas diferenzas poden supoñer desigualdades para desenvolver proxectos e actuacións que garantan un beneficio igual (ou equivalente) para mulleres e homes como resultado das políticas públicas.

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a súa permanencia no emprego e as súas condicións laborais están lonxe de darse en condicións de igualdade con respecto ás dos homes.

Atención especial requiren as mulleres nas que concorren outros factores adicionais que poden conducir a situacións de discriminación e potenciar a ausencia dunha igualdade de oportunidades efectiva; nestes casos resulta necesario facer referencia ao concepto de discriminación múltiple que pon de relevo a conexión que existe entre o xénero e outros factores como a discapacidade, a orixe racial ou étnica, a idade, a capacidade económica, ou a orientación sexual, etc.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Coas actuacións contidas neste programa se cumpren as seguintes finalidades:

- Impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes.
- Promover o exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, e incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, e eliminar as discriminacións existentes entre sexos.
- Loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

As actuacións deste programa de gasto terán presentes, ademais, os ámbito prioritarios de actuación incluídos na Estratexia Europea para a Igualdade de Xénero 2020-2025, que establece os obxectivos estratéxicos e as accións clave en materia de igualdade de xénero para ese período: nin violencia nin estereotipos (combater os estereotipos de xénero), prosperar nunha economía con igualdade de xénero, aumentar a participación da muller no mercado laboral e a equiparación da independencia económica de mulleres e homes; mellorar a conciliación da vidas familiar, laboral e persoal; eliminar a brecha salarial; igualdade nos postos de mando en todos os ámbitos da sociedade; Integración da perspectiva de xénero e a perspectiva interseccional nas políticas da Unión Europea; financiamento para avanzar na igualdade de xénero na UE; e abordar a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres en todo o mundo.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	X
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Malia que xa se ten avanzado considerablemente e que as actitudes ante a igualdade están evolucionando, aínda persisten desigualdades entre mulleres e homes na educación (en termos de preferencia de titulacións, de rendemento e de patróns de participación). É máis probable que as mulleres cursen educación superior pero seguen sobrerrepresentadas en campos vinculados cos roles femininos tradicionais, como os relacionados coas tarefas asistenciais e infrarrepresentadas en carreiras de ciencias, matemáticas, tecnoloxías da información e enxeñerías.

Como resultado, a desigualdade nas ocupacións adopta formas novas e as mulleres continúan a ter máis probabilidades que os homes de ser economicamente non activas.

As mulleres supoñen ademais a principal fonte de potencial empresarial sen explotar. Como resultado dunha análise histórica vese claramente a evolución desta fenda.

As iniciativas emprendedoras femininas sitúanse en sectores con menos posibilidades de expansión internacional e de creación de emprego, e alonxadas da tecnoloxía.

Polo que respecta ao acceso aos recursos económicos ao longo da vida, a igualdade entre mulleres e homes continúa a ser difícil de acadar. As mulleres (especialmente as que teñen asociados outros factores de discriminación) continúan a xerar unha proporción máis baixa de ingresos que os homes no mercado laboral.

Por outra banda, o diferencial dos salarios medios anuais de mulleres e homes cífrase no 19,4 %, isto é, as mulleres galegas gañan ao ano por termo medio o 80 % do salario dos homes. Isto da lugar a unha ampla disparidade nas pensións e polo tanto as mulleres de idade avanzada teñen un maior risco de pobreza e de exclusión social que os homes.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade desenvolve, no marco deste programa de gasto, actuacións dirixidas a reducir as desigualdades en canto a emprego e protección social, co fin de alcanzar os obxectivos da estratexia Europa 2021-30 especialmente en tres ámbitos de gran relevancia para a igualdade de xénero: o emprego, a educación e o fomento da inclusión social, contribuíndo así ao potencial de crecemento da poboación activa europea.

Así, fináncianse actuacións integrais de promoción da igualdade no eido laboral, complementando accións de apoio directo á actividade empresarial feminina con accións que favorecen a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Tamén se levan a cabo actuacións dirixidas a promover o liderado e a promoción da igualdade na toma de decisións co fin de aproveitar plenamente todas as capacidades, potenciando o asociacionismo feminino como factor clave e axente de cambio que permite transformar a realidade a través da participación social, especialmente no medio rural.

E programas integrais para a atención a mulleres en situación de especial vulnerabilidade (afectadas por factores de discriminación múltiple) que se desenvolven tanto en colaboración coas entidades locais como con entidades sen fin de lucro, así como actuacións dirixidas a garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual.

Tamén intensifícase o apoio ao colectivo LGTBI, a través de liñas de colaboración coas asociacións que levan a cabo proxectos específicos dirixidos ao colectivo LGTBI, apoiando as accións, programas e campañas que desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo.

Neste ano 2025 iniciarase a coordinación do equipo e actividades que desenvolven os Centros Quérote +, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento integral en autonomía e liberdade de mozos e mozas segundo as súas necesidades, intervindo nos procesos de xeito preventivo, e procurando que mulleres e homes aprendan a coñecerse, a aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente.

Estas actuacións directas van dirixidas a eliminar os estereotipos de xénero que aínda están presentes na sociedade, así como a mudar os roles de xénero. Ou actividades formativas específicas para profesionais que traballan no ámbito da promoción da igualdade, docentes, persoal orientador, pais e nais, etc.

Neste programa utilízanse, entre outros, os seguintes indicadores de xénero:

- Nº mulleres beneficiarias do programa de emprendemento feminino.
- Nº de accións de formación e sensibilización no ámbito de promoción da igualdade.
- Nº de mulleres que recibiron información, atención psicolóxica ou asesoramento xurídico.
- Nº de mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións.
- Nº de entidades de iniciativa social beneficiarias de axudas para a promoción da igualdade.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Actividades previstas:

- Intensificar os recursos dos Centros de información ás mulleres (CIMs): proporcionan servizos de asesoramento xurídico, atención psicolóxica e orientación dos/das axentes de igualdade. Dirixidos ás mulleres en xeral e en especial en situación de vulnerabilidade.
- Apoiar as asociacións de mulleres e ás federacións constituídas por estas para fortalecer e consolidar o movemento asociativo e potenciar a participación social e a calidade de vida das mulleres. Dirixidos ás mulleres en xeral e ao conxunto da sociedade.
- Desenvolver accións de sensibilización dirixidas ao fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Dirixida á sociedade en xeral con independencia de que o seu foco de interese sexa variable segundo o ámbito de desigualdade sobre o que se quere incidir.
- Medidas de apoio a mulleres dirixidas a previr situacións de exclusión social (programas e recursos integrais). Dirixida a entidades de iniciativa social e mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Fomento e impulso do emprendemento feminino, favorecendo o acceso das mulleres a sectores economicamente viables, ofrecéndolles apoio, acompañamento e orientación específica durante todo o proceso emprendedor. Destinado ás mulleres.
- Programas de capacitación no ámbito da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Dirixido ao persoal da administración autonómica, persoal docente e persoal técnico de centros e recursos dependentes dos concellos galegos buscando a incorporación da perspectiva de xénero no seu traballo cotiá.
- Accións de apoio ao colectivo LGTBI, apoiando as accións, programas e campañas que desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo. Destinatarios: asociacións e colectivo LGTBI,
- Impulso do Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. Destinatarios: administración autonómica, os colectivos LGTBI, a administración estatal, as entidades locais, o Consello Galego de Relacións Laborais, as universidades, as centrais sindicais e as organizacións patronais.
- Programas de promoción da igualdade a través das entidades locais. Dirixido a entidades locais e sociedade en xeral.

- Actuacións de promoción da igualdade e da corresponsabilidade. Dirixido a nenas e nenos, pais e nais, profesorado e persoal orientador.

A totalidade das actividades previstas dentro deste programa están dirixidas a toda a sociedade pero dependendo da liña de acción pode definirse un perfil destinatario máis concreto.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As actuacións que se van levar a cabo son accións propiamente dirixidas a minorar situacións de desigualdade e dotar a cidadanía no seu conxunto, e as mulleres en particular, de maiores índices e cotas de igualdade. É dicir, este programa na súa integridade está dirixido a eliminar a fenda aínda existente no ámbito da igualdade e que homes e mulleres teñan os mesmos dereitos e oportunidades.

Por este motivo as actuacións previstas neste programa pretenden un cambio estrutural e forman parte dunha estratexia a longo prazo pero con obxectivos anuais a acadar e que a través das diferentes liñas de acción a desenvolver, pretenden contribuír a un cambio de modelo social e a desaparición das discriminacións por razóns de xénero que aínda existen.

Por iso o programa contén diferentes liñas de acción como son as accións de sensibilización dirixidas a diferentes públicos e coas que se agarda contribuír a un cambio de modelo social que supere as relacións asimétricas de poder e a discriminación das mulleres nos ámbitos nos que aínda perdura. Neste ámbito levaranse a cabo diferentes programas de visibilización e promoción do talento feminino en todos os campos da ciencia e da cultura, incluíndo a difusión de mulleres senlleiras e significativas no emprendemento e do mundo rural e do deporte entre outros referentes.

Tamén se agarda que a través das liñas de acción dirixidas ao emprendemento feminino se produza un incremento do emprego feminino por conta propia e allea, e un incremento da conciencia de xénero das mulleres do territorio e capacitación para a busca de emprego.

Espérase fortalecer as capacidades e destrezas do persoal de diferentes ámbitos co obxecto de ofrecer á poboación unha atención de carácter integral que teña en conta as diferenzas derivadas do xénero para superar as brechas existentes en cada ámbito concreto dos sinalados na diagnose.

En resumo, reducir as fendas de xénero existentes en cada ámbito concreto dos sinalados na diagnose.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

- 12.386 mulleres atendidas polos 84 CIMs (Centros de Información á Muller) que dan cobertura a 189 concellos.
- 360 Proxectos de emprendemento feminino apoiados e 800 postos de traballo para mulleres subvencionados.
- 14.053 mulleres atendidas en situación de vulnerabilidade por 185 asociacións subvencionadas.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

Pola asignación de competencias que ten atribuídas, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade integra e ten presente en todas as súas actuacións a perspectiva de xénero e a consideración da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, está a desenvolver continuamente novas estratexias para estender esta transversalidade ao resto dos departamentos da Xunta de Galicia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Promoción da Igualdade

III.1.9. PROGRAMA 313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En situacións de crise económica, como a acaecida ata mediados desta década, o número de persoas e familias que sofren un grave deterioro das súas condicións económicas e sociais ata atoparse en risco de exclusión social vese incrementado de forma notable. Este deterioro das situacións sociais e familiares, unido ao maior envellecemento da poboación teñen producido un

incremento considerable da demanda de servizos sociais. Precisamente polo incremento desta demanda nos últimos anos fixéronse esforzos por mellorar os instrumentos de protección social do Sistema Galego de Servizos Sociais e optimizar todos os recursos públicos e privados na procura da inclusión social.

Neste sentido, é necesario continuar:

- Facilitando o acceso próximo e universal ao Sistema Galego de Servizos Sociais, co apoio económico e técnico á prestación dos servizos sociais comunitarios básicos por parte das entidades locais, para que poidan exercer en cada caso as súas competencias e cumprir coas obrigas establecidas na normativa vixente.
- Posibilitando a adecuada tramitación dos expedientes relativos aos servizos e prestacións sociais xestionados polos servizos técnicos e administrativos desta Consellería de Política Social e Igualdade mediante a imprescindible (é preceptiva) intervención, cooperación e seguimento dos servizos sociais comunitarios municipais.
- Evitando a cronicidade das persoas beneficiarias das prestacións sociais que ampara o programa de gasto 312A, mediante dispositivos específicos e recursos humanos destinados á inclusión sociolaboral, utilizando a metodoloxía dos itinerarios personalizados de inclusión.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O Sistema Galego de Servizos Sociais, e especialmente os servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal, como porta de entrada ao dito sistema, están dirixidos a atender con carácter xeral a toda a cidadanía, aínda que con máis intensidade á poboación máis vulnerable (persoas en situación de dependencia, de exclusión social, de discapacidade, persoas maiores, persoas sen fogar, menores de idade en risco de desprotección, vítimas de violencia de xénero, persoas con problemas de condutas aditivas como drogodependencia, alcoholismo, ludomanía, anorexia, etc.).

Sen prexuízo do anterior, existen grupos sociais afectados por determinados factores de vulnerabilidade, e nos que están a incidir fortemente as consecuencias da crise económica, nos que o risco de exclusión social é moi elevado e para os que é necesario establecer dispositivos que minimicen as problemáticas que padecen, como son as minorías étnicas, persoas sen fogar ou en situación de habitabilidade precaria, reclusas e ex-reclusas, inmigrantes, perceptores de rendas mínimas...

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Coa finalidade de proporcionarlles apoio financeiro e técnico ás corporacións locais para que poidan executar as súas competencias e cumprir coas obrigas establecidas na normativa vixente, desde o ano 1988 xa se viña desenvolvendo un convenio-programa entre o Ministerio de Traballo e Seguridade Social e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais polas corporacións locais ("Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais"). Nos últimos exercicios véñense facendo esforzos por consolidar a rede de servizos sociais comunitarios para dar unha axeitada resposta aos cambios derivados da Lei de servizos sociais do ano 2008.

Coa aprobación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, desenvolveuse a regulación das competencias e obrigas establecidas previamente polas leis de réxime local e de servizos sociais para as diferentes entidades integrantes da administración local (deputacións e concellos) en materia de servizos sociais, régúlase o apoio económico da administración autonómica ás corporacións locais para a prestación destes servizos e séntanse as bases para unha adecuada coordinación operativa entre os servizos sociais comunitarios e o resto do sistema galego de servizos sociais.

A necesidade de incremento dos recursos das corporacións locais en materia de servizos sociais implica tamén a necesidade de dispoñer de infraestruturas sociais, ben de titularidade municipal ou do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, como entidade de dereito público que institucionaliza a cooperación interadministrativa entre as corporacións locais e a Xunta de Galicia nesta materia mentres non se proceda á súa liquidación e extinción e posterior integración na Axencia Galega de Servizos Sociais, quen asumirá as súas competencias.

Por outro lado, a Xunta de Galicia, consciente da crecente necesidade de establecer medidas e dispositivos dirixidos á atención de persoas e grupos sociais en situación de especial vulnerabilidade, elabora a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2021/2027, a cal ten por finalidade abordar os factores de exclusión e atender ás persoas máis desfavorecidas socialmente, afrontando os procesos de inclusión desde unha formulación centrada en dar respostas globais e integradas.

Hai que ter en conta que o número total de persoas usuarias das prestacións de servizos sociais comunitarios básicos municipais rexistrados na aplicación "Prestacións Básicas de Servizos Sociais (PBSS)" ao longo do ano supón máis dun 22,4 % do total da poboación de Galicia.

Ademais, o número de persoas usuarias que figuran cunha intervención social aberta rexistrada no "Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS)" supón o 20,2 % do total da poboación de Galicia durante o ano e máis da terceira parte delas son obxecto dun seguimento continuado.

Por outra banda, o número de persoas atendidas polos equipos de inclusión sociolaboral con problemáticas diversas supera cada ano a cifra de 3.300 e desas persoas son inseridas laboralmente aproximadamente a terceira parte. E en torno a 6.000 persoas son atendidas e/ou formadas por entidades de iniciativa social colaboradoras nas medidas de inclusión social.

A continuación pasamos a expoñer a análise DAFO da situación de partida exposta:

- a) Como fortalezas cabe destacar a existencia dun marco legal que garante os dereitos das persoas a determinadas prestacións públicas dirixidas especificamente a paliar as necesidades e/ou problemáticas que presentan. Tamén conta o mantemento duns dispositivos como referentes técnicos axeitados na atención das problemáticas expostas, o emprego dunha metodoloxía avalada tanto polos resultados obtidos no territorio da comunidade autónoma como pola Unión europea, a experiencia do persoal altamente cualificado e a configuración do Sistema Galego de Servizos Sociais como un sistema multicompetencial, que atribúe responsabilidades compartidas ás administracións autonómica e local, de xeito que se suman os recursos públicos de ambas as dúas esferas administrativas para tratar de atender á poboación máis vulnerable.
- b) Necesidade de seguir afondando nos mecanismos de coordinación entre as dúas administracións públicas implicadas, autonómica e local (concellos e deputacións).
- c) Como oportunidades para aproveitar está o alto grao de concienciación social sobre a necesidade, utilidade e bo uso destes servizos sociais, o consenso dos colexios profesionais implicados sobre o modelo e metodoloxía consolidados, o respaldo das mesas de diálogo social na racionalización dos dispositivos de atención á exclusión e no impulso desta liña de actuación, o cal queda plasmado no proceso seguido na elaboración da lei de inclusión e a importancia que se lle concede na Estratexia Europa 2020 ás medidas a favor da inclusión social, como as contidas na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2021/2027, tendo en conta a incorporación da citada estratexia na lei de inclusión.
- d) É moi importante destacar o aforro de custo económico que supón o investimento na loita contra a exclusión social, porque a non intervención eleva exponencialmente o custo económico que teñen que asumir as administracións públicas ao ter que compensar as problemáticas derivadas: incremento dos custos noutros sistemas de protección social, como a sanidade ou a educación, dos custos en termos de estigmatización social, influencia negativa no turismo, incremento do gasto en materia de seguridade cidadá, etc. E sobre todo cabe destacar as consecuencias desta non intervención para a vida económica e social da comunidade autónoma no futuro. Hai que ter en conta a repercusión que ten no índice de pobreza infantil a existencia de pobreza e exclusión social dunha parte das persoas adultas, impacto que se ve moito máis agravada a longo prazo polo seu efecto multiplicador.

Ao abeiro deste programa, no ano 2025, este centro directivo, executará catro proxectos dentro do marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Orde do 26 de maio de 2015 pola que se aproba o modelo de informe social para a área da inclusión (ISI) e a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia.
- Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia.
- Axenda Social Única de Galicia 2014-2024.
- Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dentro dos obxectivos que se pretenden acadar sinálanse os seguintes:

- I. Manter a rede de servizos sociais comunitarios básicos.
 - I.1.- Dotar a rede de centros de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal con traballadores/as sociais, como profesionais de referencia encargados de xestionar o expediente social básico de cada unha das persoas usuarias do Sistema Galego de Servizos Sociais.
 - I.2.- Dotar a rede de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal con outro persoal técnico e profesional, xestores/as de caso, en concellos de máis de 20.000 habitantes.
 - I.3.- Apoiar o desenvolvemento de prestacións e programas básicos de servizos sociais comunitarios.
 - I.4.- Procurar a adecuada tramitación dos expedientes de solicitude de prestacións de dependencia, RISGA, PNC, axudas de inclusión social, mediante a necesaria cooperación entre os servizos sociais comunitarios municipais e a administración autonómica.

- 1.5.- Procurar a dispoñibilidade de centros e equipamentos sociais adaptados ás esixencias da normativa aplicable para atender a importante demanda existente.
2. Procurarlles itinerarios de inclusión sociolaboral ás persoas beneficiarias de RISGA e a outros grupos de poboación en situación ou risco de inclusión social.
3. Atender ás persoas que padecen factores de especial vulnerabilidade: persoas sen fogar ou en situación de habitabilidade precaria, minorías étnicas, etc.
4. Garantir que os equipamentos funcionais dos centros que dean unha resposta integral e de calidade ás diferentes necesidades das persoas usuarias.
5. Fomentar a socialización e a participación en actividades de promoción da saúde das persoas maiores a través dos centros sociocomunitarios.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A nivel xeral, o perfil das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios corresponde a un 59 % son mulleres e un 41 % homes.

As mulleres que viven soas sofren máis pobreza que os homes que viven sós.

Cando os fogares están formados por unha persoa adulta con fillos/as a cargo a inmensa maioría son mulleres soas con cargas familiares, sendo esta a forma de convivencia máis castigada polo risco de pobreza segundo o indicador AROPE.

Así mesmo, as mulleres galegas teñen unha taxa de actividade menor ca os homes e unha taxa de desemprego maior e a situación económica das maiores de 65 anos é considerablemente peor que a situación dos homes para o mesmo rango de idade.

Todos estes factores apuntan a un maior risco de pobreza das mulleres.

Por outra banda, as mulleres, ao atender maioritariamente as tarefas domésticas, teñen máis dificultades para participar nos itinerarios de inclusión. Ademais, cando padecen exclusión social severa, teñen un maior número de problemáticas asociadas que os homes.

No desenvolvemento do programa utilízanse os seguintes indicadores, todos eles desagregados por sexo:

- Persoas beneficiadas.
- Persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS.
- Persoas de etnia xitana beneficiadas.
- Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración.
- Persoas inactivas.
- Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia.
- Persoas menores de 25 anos de idade.
- Participantes con discapacidade.
- Outras persoas desfavorecidas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Incorporación nas convocatorias de axudas como criterio do baremo de concesión a realización de actividades específicas de promoción da igualdade de xénero.

Así mesmo, na metodoloxía das actuacións esíxese que incorporen a perspectiva de xénero, describindo os axustes que se introducirán en función dos roles diferentes que asumen os homes e as mulleres na sociedade e que poden condicionar o acceso e a calidade da súa participación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Contribuír a través das actuacións subvencionadas á igualdade entre mulleres e homes, á corresponsabilidade no fogar e á redución das diferenzas de participación nos diferentes ámbitos derivadas da concepción tradicional do que significa ser home e muller.

Estímase que no 2023 se beneficiaron dun xeito directo deste programa máis de 10.000 mulleres e preto de 8.000 homes, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión, así como de outras actuacións orientadas a mellorar a inclusión residencial, á mediación social e intercultural ou a intervención comunitaria en territorios en exclusión, entre outras.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No ano 2021, do total de 511.662 persoas usuarias con intervención aberta nos servizos sociais comunitarios, 301.040 (un 59 %) foron mulleres.

No ano 2022, do total de 514.718 persoas usuarias con intervención aberta nos servizos sociais comunitarios, 302.789 (un 59 %) foron mulleres.

No ano 2023, do total de 545.888 persoas usuarias con intervención aberta nos servizos sociais comunitarios, 320.957 (un 59 %) foron mulleres.

No 2021 un total de 10.018 mulleres e 7.720 homes beneficiáronse de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión, así como de outras actuacións como as relativas á inclusión residencial, á mediación social e intercultural ou a intervención comunitaria en territorios en exclusión, entre outras.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non se teñen implantado novas estratexias: os referentes estratéxicos continúan a ser a Estratexia de Inclusión Social de Galicia, a Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, a Axenda Social Única de Galicia 2021-2024, e o Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia, nos que xa se incorporara a perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Inclusión Social

Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

III.1.10. PROGRAMA 313D - PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Con este programa trátase de previr e loitar contra todas as formas de violencia contra as mulleres, as súas diferentes causas, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e protección das mulleres vítimas e dos seus fillos e fillas, con actuacións de carácter integral, desenvolvendo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, así como o Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Prevención e tratamento integral da violencia de xénero no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, realizando actuacións de sensibilización fronte a todas as formas de violencia contra as mulleres, incluída a detección temperá, así como a prestación de servizos de asistencia social integral ás mulleres vítimas e aos seus fillos e fillas, incluídas medidas de reparación e recuperación integral.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa diríxese a todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en Galicia e que se encontren nunha situación de violencia de xénero, así como as súas fillas e fillos e outras persoas dependentes delas, vítimas directas e indirectas.

O programa diríxese tamén á atención a vítimas de trata de seres humanos, fundamentalmente as que o son con fins de explotación sexual, e ás mulleres vítimas de explotación sexual.

Igualmente, o programa ten tamén un carácter universal, xa que tamén se desenvolven actuacións de sensibilización e prevención, que se dirixen ao conxunto da cidadanía.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A violencia de xénero constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes e constitúe un gravísimo problema ao que se enfronta a sociedade actual. A Cons-

titución Española proclama no seu artigo 15 o dereito de todas as persoas á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. O artigo 14 da norma fundamental establece a igualdade de todos ante a lei, prohibindo calquera discriminación por razón de sexo. A violencia de xénero constitúe un ataque frontal contra ambos preceptos constitucionais. Trátase dunha violencia que afecta ás mulleres polo mero feito de selo e constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

Por esta razón, é necesario actuar en vertentes distintas: a prevención, atención, protección e asistencia fronte á violencia de xénero.

As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen acceso a axudas económicas directas, a indemnizacións en casos de feridas graves, a recursos de acollida, acceso prioritario ás vivendas de promoción pública, son beneficiarias do bono de alugueiro social para acceso a unha vivenda, teñen acceso a un programa de fomento da contratación por parte de entidades locais galegas así como por parte de entidades sen ánimo de lucro e están contempladas como colectivo preferente en todas as demais medidas de emprego xestionadas dende a Xunta de Galicia.

Tamén se fai un importante investimento para que as vítimas da violencia de xénero poidan contar con atención psicolóxica e asesoramento xurídico especializados.

Garántese o mantemento da Rede galega de acollemento, que conta con sete centros de acollida, un deles específico para mulleres con enfermidade mental, e cun centro de emerxencias.

Por último, lembrar que a trata de seres humanos con fins de explotación sexual é tamén unha forma de violencia de xénero; polo que existen tamén programas específicos para atender esta cuestión.

Así mesmo, na Lei 11/2007 a violencia sexual é considerada unha forma de violencia de xénero. Coa entrada en vigor da Lei 10/2022 e do Real decreto 664/2024, do 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais, e polo que se modifica o Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, as vítimas desta forma de violencia de xénero tamén contarán cunha axuda específica.

Igualmente, a través dos centros de crise 24 horas prestarase atención psicolóxica, xurídica e social ás mulleres vítimas de violencia sexual e ás persoas da súa contorna.

No ano 2023 en Galicia rexistráronse tres casos de vítimas mortais por violencia de xénero, e foron 55 os casos rexistrados no conxunto de España ao remate do ano 2023. No caso dos menores, non se rexistrou durante o ano pasado ningún/ningunha menor vítima mortal por violencia de xénero. No conxunto de España rexistráronse un total de 2 menores vítimas mortais por violencia de xénero.

Nos xulgados de violencia sobre a muller, no ano 2023, rexistráronse no conxunto do territorio español un total de 199.282 denuncias por violencia de xénero, das cales compútanselle á Comunidade Autónoma de Galicia 7.483.

Así mesmo, nos xulgados de violencia sobre a muller, no ano 2023, incoáronse, no territorio español un total de 42.495 solicitudes de ordes de protección e medidas (dos artigos 544 ter e 544 bis da Lei de axuízamento criminal), das cales foron adxudicadas 29.190 (68,7 % das solicitudes). Do total de 42.495 solicitudes, atribúenselle á Comunidade Autónoma de Galicia 1.928, das que se resolveron favorablemente 1.299.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (BOE núm. 137, do 6 de xuño de 2014, polo que se publica o Instrumento de ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio de 2011).
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.
- Real decreto 664/2024, do 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais, e polo que se modifica o Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero: Informe da Subcomisión do Congreso dos Deputados, do 28 de setembro de 2017 e Informe da Ponencia de Estudo do Senado do 13 de setembro de 2017, para un pacto de estado en materia de violencia de xénero.
- Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres 2023-2027 (Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado e Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade do 3 de

marzo de 2023, pola que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres 2023-2026).

- I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para o apoio e protección das mulleres que sofren violencia de xénero existen diversidade de recursos dispersos, que se fai preciso coordinar e harmonizar para unha maior eficacia, así como a necesidade de seguir incidindo en medidas de sensibilización sobre as causas e efectos que a violencia de xénero ten sobre as mulleres, sobre os nenos e as nenas, e sobre a sociedade en xeral; na formación da totalidade dos profesionais implicados no tratamento da violencia de xénero, ou na visibilización e sensibilización sobre un delito aínda moi oculto na nosa sociedade, como é o da trata de persoas, fundamentalmente con fins de explotación sexual.

Consólidase o compromiso do Goberno galego con esta problemática, reflectida no VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, reforzando o apoio ás vítimas da violencia machista, garantindo as axudas económicas directas que poden ser solicitadas ao longo de todo o ano, das que tamén se poden beneficiar as vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e as vítimas de explotación sexual, no marco programático das actuacións establecidas no I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

Ademais continuarase co programa específico de inserción laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, baseado na súa integración no mercado laboral como elemento clave para conseguir unha recuperación integral, e incrementarase o programa específico de fomento da contratación que financia o 100 % da contratación de mulleres vítimas da violencia machista, tanto por parte de entidades locais, como de entidades sen ánimo de lucro.

No ámbito da mellora da coordinación, acometerase a actualización do Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á Violencia de Xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, para incluír tanto os novos recursos como as novas actuacións implementadas dende a súa aprobación polo Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero de maneira definitiva en marzo de 2017.

Destacar tamén o financiamento das traballadoras sociais das oficinas de asistencia ás vítimas do delito (OAVDs) en Galicia, facendo especial fincapé nas particularidades das vítimas de violencia de xénero e doutras vítimas especialmente vulnerables (menores, persoas de idade avanzada –especialmente aquelas que viven soas e carecen de capacidade para xestionar a súa adecuada defensa–, vítimas de trata de seres humanos, etc.), que inclúen tarefas de apoio e asistencia psicolóxica ás vítimas, así como quendas de garda psicolóxica e social permanentes para as vítimas da violencia de xénero.

Continuarase co mantemento da rede galega de acollemento, promovendo a posta en funcionamento de novos recursos de acollida para mulleres que sofren violencia machista e ademais presentan outras problemáticas engadidas.

No eido da atención directa ás vítimas, impulsarase a posta en funcionamento de novos centros de crise para a atención, as 24 horas os 365 días do ano, das vítimas de todas as formas de violencia contra as mulleres, así como de axudas directas ás vítimas de violencia sexual.

Indicar ademais o reforzo da liña de axudas económicas (indemnización) aos orfos e orfas da violencia de xénero que carezan de rendas así como ás mulleres gravemente feridas por violencia machista, e as axudas específicas para facilitar a súa mobilidade xeográfica.

É tamén salientable o desenvolvemento por toda Galicia de campañas de prevención información e sensibilización, dirixidas á mocidade e á infancia, ás mulleres do rural, ás mulleres maiores, ás mulleres con discapacidade, etc.

Seguirase a traballar na liña de apoiar a plena integración das mulleres que sufriron violencia de xénero, impulsando o Bono de Alugueiro Social para a totalidade de vítimas.

Entendendo que a violencia contra as mulleres vai máis alá da relación de parella ou ex-parella, seguiranse a impulsar ademais os programas de prevención da violencia sexual e os programas de atención especializada ás súas vítimas, así como intensificación de campañas contra a violencia sexual e presenza de puntos informativos en lugares públicos de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	X
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Entre 2003 e 2023, foron asasinadas en Galicia a mans das súas parellas ou ex-parellas 69 mulleres. Galicia rexistrou no 2023 tres casos de vítimas mortais por violencia de xénero e non houbo en Galicia ningún/ningunha menor vítima mortal por violencia de xénero no ano 2023. No que vai de ano, durante o 2024 dúas mulleres foron asasinadas en Galicia a mans das súas parellas ou ex-parellas e un menor quedou orfo por mor do asasinato da súa nai e do ingreso en prisión do seu pai.

Polo que respecta aos delitos sexuais, dende o ano 2017 ata o ano 2023 incrementáronse os delitos sexuais en España un 86,6 %, destacando unha forte subida de 3.842 casos no ano 2021. Galicia, con 924 delitos de índole sexual, representa o 4,23 % do total nacional, situándose na oitava comunidade autónoma con máis número de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.

Nos xulgados de violencia sobre a muller, no ano 2023, rexistráronse no conxunto do territorio español un total de 199.282 denuncias por violencia de xénero, das cales compútanselle á Comunidade Autónoma de Galicia 7.483. No primeiro trimestre de 2024 presentáronse en Galicia un total de 1.724 denuncias por violencia de xénero, fronte ás 1.747 do primeiro trimestre do ano anterior, o cal supón unha diminución do 1,3 %.

Así mesmo, nos xulgados de violencia sobre a muller, no ano 2023, incoáronse, no territorio español un total de 42.495 solicitudes de ordes de protección e medidas (dos artigos 544 ter e 544 bis da Lei de axuízamento criminal), das cales foron adxudicadas 29.190 (68,7 % das solicitudes). Do total de 42.495 solicitudes, atribúenselle a Comunidade Autónoma de Galicia 1.928, das que se resolveron favorablemente 1.299. No primeiro trimestre de 2024 incoáronse en Galicia 448 solicitudes de ordes de protección, o cal supón unha diminución do 9,5 % respecto do mesmo trimestre do ano anterior, das cales se adoptaron 286 e se denegaron 155.

A cifra total de chamadas referentes á violencia de xénero atendidas polo 016 desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023 no conxunto de España, foi de 108.788, das cales 5.446 foron efectuadas desde Galicia, sendo esta a sexta comunidade autónoma en número de chamadas dentro do conxunto nacional.

Estas cifras seguen a falar dunha realidade dramática, que en pleno século XXI aínda viven as mulleres pola súa condición de tal, seguen a falar do prezo inasumible que paga esta sociedade pola desigualdade, que se cobra cada ano a vida das mulleres. Unha análise dos acontecementos diarios, das estatísticas de violencia de xénero ou da desigualdade de oportunidades, lévanos a concluír que é, non xa necesario, senón urxente, construír un novo patrón de relación igualitario en substitución do tradicional, obsoleto e fracasado, que prexudica ás mulleres, pero tamén é insatisfactorio para os homes.

Os desaxustes e os fracasos que produce o actual patrón desigual deben obrigarnos, como colectividade, a repensar un novo modelo de relación, que sexa aceptado por todos e todas e que sexa gratificante para mulleres e homes. Na construción dese novo modelo débense implementar liñas de acción con criterio horizontal e interinstitucional, destinadas a estimular a corresponsabilidade de toda a sociedade e, especialmente, da xente máis nova contra a violencia de xénero, así como a ampliar a protección das vítimas, considerando neste grupo ás mulleres e aos menores.

Os potenciais beneficiarios/as deste programa é toda a poboación galega en xeral, xa que ademais das axudas e servizos directos para as vítimas de violencia de xénero, o programa contén actuacións dirixidas ao conxunto da sociedade galega, como accións de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, campañas publicitarias, etc.

No ano 2023 a poboación en Galicia ascendeu a 2.705.741 persoas, das cales 1.301.546 son homes e 1.404.195 son mulleres. O número de vítimas de violencia de xénero en Galicia no primeiro trimestre do ano 2024 ascendeu a 1.708.

- Existencia de indicadores con relevancia de xénero:
 - Número de vítimas de violencia de xénero.
 - Número de mulleres beneficiarias de axudas.
- Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo:
 - Número de ordes de protección solicitadas, aprobadas e denegadas.
 - Número de sentenzas ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller.

Fonte: IGE, INE. Padrón municipal de habitantes; Ministerio do Interior, CGPJ Ministerio de Igualdade, Xunta de Galicia, SXI.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X

Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Actividade prevista	Persoas destinatarias
Promover a concienciación social sobre a problemática da violencia de xénero e a responsabilidade de toda a sociedade para a súa erradicación e impulsar a prevención e a detección das situacións de violencia de xénero en todas as súas formas e ámbitos	Toda a sociedade
Mellorar a formación das e dos profesionais implicados na prevención, atención e integración das vítimas de violencia de xénero.	Toda a sociedade
Reforzar a protección e a atención integral das mulleres vítimas de violencia de xénero así como das persoas ao seu cargo mediante unha rede de recursos especializados e facilitar a integración social e a independencia económica das mulleres vítimas de violencia de xénero	Mulleres e menores
Aumentar a coordinación dos esforzos públicos co fin de acadar unha maior eficacia e complementariedade dos recursos destinados a intervención integral coas vítimas de violencia de xénero	Toda a sociedade
Impulsar unha atención integral e específica ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e das vítimas de explotación sexual	Mulleres

A totalidade das actividades previstas dentro deste programa están directamente relacionadas coa prevención e a loita contra a violencia de xénero, e polo tanto diríxense tanto á sociedade en xeral como ás vítimas desa violencia en particular.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Para comprender a desigualdade e a violencia de xénero, poder combatelas e deconstruílas é imprescindible partir dos roles estipulados historicamente para as mulleres e os homes así como a valoración outorgada a cada un deles.

Polo tanto, as actuacións previstas neste programa son, por unha banda, de carácter preventivo, a través de vías de sensibilización e información, que pretendan cambios estruturais, medidas que impliquen o fomento de valores de igualdade, respecto, resolución de conflitos de maneira non violenta, fomento da autoestima e das habilidades de comunicación..., son factores de protección ante a violencia encamiñados ao establecemento de relacións igualitarias e de respecto entre homes e mulleres.

Por outra banda, existen no programa actuacións directamente dirixidas a apoiar e atender as necesidades das vítimas da violencia de xénero, fundamentalmente, a través de axudas de carácter económico, apoio psicolóxico, asistencia xurídica, recursos residenciais de acollemento e información en todas as fases do seu proceso de saída da situación de violencia.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Acadar unha sociedade libre de violencias machistas, máis xusta e igualitaria, respectuosa cos dereitos humanos.

Os resultados do programa dende o punto de vista do xénero implicarán unha maior concienciación fronte a todas as formas de violencia contra as mulleres, as súas causas e consecuencias, por parte de toda a sociedade, homes e mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Pola propia natureza das actuacións obxectos deste programa, a perspectiva de xénero está incorporada de xeito intrínseco e de forma inherente na xestión, desenvolvemento e avaliación das accións financiadas con este programa, xa que a súa finalidade é a prevención e loita contra a violencia de xénero, que ten a súa última causa nas desigualdades existentes entre mulleres e homes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI04 - Transferencias ao CGSIB	
0001 - Medidas de impulso á natalidade e dinamización demográfica, incluídas medidas de conciliación	
0002 - Potenciación da escolarización dos nenos de 0-3 anos e continuar a garantir a súa gratuidade (escolas infantís, puntos de atención á primeira infancia, casas niño, etc.)	
Indicador	Valor Previsto
P00048 - Campañas de difusión e promoción.	2
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0002 - Diseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
MRR034 - Actuacións de mellora, rehabilitación e/ou construción	27
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habitan persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas da mesma	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Xestión dos servizos de atención residencial, atención diúrna, de axuda no fogar, de promoción da autonomía en equipamentos especiais.	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como previr as situacións de dependencia	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Atención ás persoas con discapacidade e maiores e fomento de actitudes positivas cara o coidado da saúde e a promoción da autonomía persoal (fomento da actividade física e doutros hábitos de vida saudables, implantación de programas e obradoiros prácticos de preparación para a xubilación).	
0006 - Investimentos en equipamento e infraestruturas para a atención de persoas maiores e en situación de discapacidade	
Indicador	Valor Previsto
MRR034 - Actuacións de mellora, rehabilitación e/ou construción	33
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os ámbitos sociais e profesionais e nos procesos de toma de decisións	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Programa: 312A PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Dotar de integridade un sistema de garantía de ingresos para que as persoas sen recursos ou con insuficiencia destes podan cubrir as súas necesidades básicas	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Configurar a implantación en Galicia dun sistema de garantía de recursos no que operan Goberno Central e a Comunidade autónoma a través de prestacións e axudas de atención ás necesidades básicas e situacións sociais de emerxencia que se articulen desde a eficacia, eficiencia e complementariedade con procesos e accións promotoras da inclusión sociolaboral en colaboración con entidades de iniciativa social 0002 - Renda de Inclusión Social de Galicia e axudas de Inclusión Social para abordar situacións de pobreza e carencias derivadas e medidas de inclusión social ou sociolaboral asociadas. 0004 - Axuda Extraordinaria Pensións non contributivas (PNC), Fondo de Asistencia Social (FAS) e subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM). 0005 - Programas de axudas para persoas con déficit de recursos, en risco ou en situación de pobreza (bonos sociais, bono social térmico, etc.)	
Indicador	Valor Previsto
P342.H - Persoas beneficiadas (homes)	23.950
P342.M - Persoas beneficiadas (mulleres)	39.882
P345.H - Persoas perceptoras da RISGA. Homes	3.150
P345.M - Persoas perceptoras da RISGA. Mulleres	4.050
Programa: 312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) OI04 - Transferencias ao CGSIB 0001 - Medidas de impulso á natalidade e dinamización demográfica, incluídas medidas de conciliación 0002 - Potenciación da escolarización dos nenos de 0-3 anos e continuar a garantir a súa gratuidade (escolas infantís, puntos de atención á primeira infancia, casas niño, etc.) 0003 - Programas de apoio ás familias e menores e favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.	
Indicador	Valor Previsto
DOC035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	45.286
MRR042 - Novas prazas públicas de escolas infantís 0-3 anos	1.139
P00450 - Familias beneficiarias da tarxeta benvinda	24.197
P01060 - Familias beneficiarias de bonos para conciliación	13.500
P1030H - Menores en situación de acollemento familiar. Homes	800
P1030M - Menores en situación de acollemento familiar. Mulleres	1.000
P111.H - Menores en situación de acollemento residencial e atención de día (Homes)	4.112
P111.M - Menores en situación de acollemento residencial e atención de día (mulleres)	1.730
P112.H - Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. H	550
P112.M - Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. M	550
P341.H - Menores e familias beneficiarias de programas de integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (homes)	2.415
P341.M - Menores e familias beneficiarias de programas de integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres)	2.085
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Impulso á dixitalización dos servizos públicos nos diferentes ámbitos sectoriais mediante a aplicación de solucións innovadoras, que permitan mellorar a súa calidade, seguridade, eficiencia e eficacia.	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no novo contexto dixital							
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental							
0002 - Difusión e desenvolvemento de formación en competencias dixitais considerando especialmente ás persoas maiores, atendendo á perspectiva de xénero e buscando chegar aos profesionais de todos os sectores económicos.							
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial							
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante							
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante							
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental							
0002 - Diseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos							
Programa: 312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS							
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial							
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante							
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante							
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental							
0002 - Diseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos							
	<table> <tr> <th>Indicador</th><th>Valor Previsto</th></tr> <tr> <td>SE01.H - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes</td><td>485</td></tr> <tr> <td>SE01.M - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres</td><td>2.109</td></tr> </table>	Indicador	Valor Previsto	SE01.H - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes	485	SE01.M - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres	2.109
Indicador	Valor Previsto						
SE01.H - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes	485						
SE01.M - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres	2.109						
Programa: 312D PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA							
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial							
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante							
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habitan persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas da mesma							
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental							
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)							
0001 - Xestión dos servizos de atención residencial, atención diúrna, de axuda no fogar, de promoción da autonomía en equipamentos especiais.							
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico							
	<table> <tr> <th>Indicador</th><th>Valor Previsto</th></tr> <tr> <td>P241.H - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes</td><td>75.197</td></tr> <tr> <td>P241.M - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres</td><td>119.093</td></tr> </table>	Indicador	Valor Previsto	P241.H - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	75.197	P241.M - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	119.093
Indicador	Valor Previsto						
P241.H - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	75.197						
P241.M - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	119.093						
Programa: 312E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES							
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial							
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante							
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante							
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental							
0002 - Diseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos							
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como prever as situacións de dependencia							
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental							

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) OI03 - Transferencias internas 0001 - Atención ás persoas con discapacidade e maiores e fomento de actitudes positivas cara o coidado da saúde e a promoción da autonomía persoal (fomento da actividade física e doutros hábitos de vida saudables, implantación de programas e obradoiros prácticos de preparación para a xubilación). 0002 - Aplicación de solucións TIC e novos recursos para actividades preventivas, atención das persoas e fomento da autonomía, así coma accións destinadas a reducir a fenda dixital entre as persoas maiores 0003 - Facilitar a accesibilidade universal como requisito para unha vida autónoma. Impulsar a accesibilidade nos fogares para as persoas con diversidade con medidas de adaptación dos fogares e outras achegas. 0004 - Promoción da formación e apoio ao aprendizaxe permanente das persoas maiores 0005 - Achegar os servizos sociais e asistenciais ao medio rural para promover que as persoas maiores permanezan no seu domicilio e no seu contorno habitual durante o maior tempo posible 0006 - Investimentos en equipamento e infraestruturas para a atención de persoas maiores e en situación de discapacidade	
Indicador	Valor Previsto
DOE036 - Poboación beneficiada pola actuación de infraestrutura (ou equipamento) social	900.600
P00020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	104
P140.H - Participantes en programas de prevención da dependencia. Homes	11.444
P140.M - Participantes en programas de prevención da dependencia. Mulleres	25.860
P241.H - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	1.863
P241.M - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	2.644
P431.H - Nenos de 0-6 anos participantes nos servizos (homes)	3.461
P431.M - Nenos de 0-6 anos participantes nos servizos (mulleres)	1.942
SC16.H - Participantes con discapacidade. Homes	46.608
SC16.M - Participantes con discapacidade. Mulleres	49.748
Programa: 312F PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE	
Eixe: E1 - Eixe 1. 0 reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0004 - Fomentar a participación xuvenil nos programas de voluntariado e aproveitar o coñecemento e a experiencia das persoas maiores nun marco de convivencia e intercambio das vivencias con persoas novas, promovendo a inscrición das experiencias das persoas voluntarias que faciliten a certificación das actividades realizadas.	
Programa: 312G APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL	
Eixe: E1 - Eixe 1. 0 reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Concienciar a poboación galega sobre a importancia da corresponsabilidade.	
Indicador	Valor Previsto
P0092H - Homes/Familias monoparentais que reducion a súa xornada laboral. (Homes)	198
P0092M - Familias monoparentais que reducion a súa xornada laboral. (Mulleres)	69
Programa: 313B ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER	
Eixe: E1 - Eixe 1. 0 reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI04 - Transferencias ao CGSIB

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os ámbitos sociais e profesionais e nos procesos de toma de decisións

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

0001 - Actuacións de sensibilización e modificación dos valores, actitudes e estereotipos que sustentan a desigualdade. Apoio a colectivos

0002 - Potenciación da participación das mulleres en todos os ámbitos en condicións de igualdade.

0005 - Promoción do autoemprego e do emprendemento femininos. Formación específica para mulleres para mellorar a súa empregabilidade e condicións laborais

0006 - Promoción da igualdade entre mulleres e homes a través de plans e políticas activas de igualdade. Especial fincapé na promoción da igualdade no ámbito local

Indicador

Valor Previsto

P00181 - Mulleres que recibiron información, atención ou asesoramento 1.259

P00468 - Mulleres beneficiarias do programa de autoemprego da muller(EMEGA) 454

SOEE01 - Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións 750

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0001 - Protección, prevención e apoio integral a vítimas de violencia de xénero e mulleres en situacións similares de vulnerabilidade

Programa: 313C SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico

Prioridade de Actuación: PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI04 - Transferencias ao CGSIB

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

0002 - Deseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos

0004 - Apoiar o desenvolvemento de programas de servizos sociais básicos e específicos de inclusión social realizados polas corporacións locais; e accións promotoras da inclusión social desenvolvidas polas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais.

0007 - Mantemento a rede de servizos sociocomunitarios

0011 - Garantir o acceso á vivenda digna con programas de acompañamento social.

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador

Valor Previsto

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

MRR019 - Vivendas rehabilitadas	60
MRR025 - Equipamentos tecnolóxicos	386
MRR026 - Ferramentas interactivas e aplicacións informáticas	3
P342.H - Persoas beneficiadas (homes)	103.541
P342.M - Persoas beneficiadas (mulleres)	103.597
P347.H - Persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS (homes)	449.862
P347.M - Persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS (mulleres)	641.914
SE01.H - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes	7.003
SE01.M - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres	8.881
Programa: 313D PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
O001 - Protección, prevención e apoio integral a vítimas de violencia de xénero e mulleres en situacións similares de vulnerabilidade	
O002 - Accións para fomentar a empregabilidade das vítimas de violencia de xénero. Priorizar, na medida do posible, o acceso de vítimas a determinados postos de traballo.	
O003 - Accións específicas dirixidas a mulleres vítimas da trata ou explotación sexual.	
O010 - Impartir accións de sensibilización e formación especializada en violencia de xénero	
O011 - Actuacións no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.	
O012 - Consolidación da rede galega de acollemento.	
Indicador	Valor Previsto
P00115 - Mulleres atendidas nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero	5.979
P00463 - Mulleres en atención psicolóxica nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero	850
P00464 - Mulleres vítimas de violencia de xénero en programas de inserción laboral	30
P00465 - Mulleres vítimas de trata ou explotación sexual	1.454
P00466 - Mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas en centros de acollida	228
P110.H - Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes	1.411
P110.M - Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres	1.326
P116.H - Menores en atención psicolóxica atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes	150
P116.M - Menores en atención psicolóxica atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres	150
P117.H - Menores atendidos en centros de acollida nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes	84
P117.M - Menores atendidos en centros de acollida nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres	98

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	04	05
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	67.995		6.662	5.099	4.976
312A-Protección e inserción social			70.802		
312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia		246.684			
312C-Servizos sociais relativos ás migracións			1.500		
312D-Programa de atención á dependencia	252.445			147.941	327.930
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores				27.618	35.297
312F-Programas de solidariedade			133		
313C-Servizos sociais comunitarios			52.353		3.561
Total	320.440	246.684	131.451	180.658	371.764

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos			
	06	07	A1	Total
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	2.116	441		87.290
312A-Protección e inserción social				70.802
312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia			16.477	263.160
312C-Servizos sociais relativos ás migracións				1.500
312D-Programa de atención á dependencia				728.316
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores				62.915
312F-Programas de solidariedade				133
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social		9.510		9.510
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller		17.572		17.572
313C-Servizos sociais comunitarios				55.914
313D-Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero	25.917	550		26.467
Total	28.033	28.074	16.477	1.323.580

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	33.349	3.873	2.812	37.197	10.060	87.290
312A-Protección e inserción social	77	6.751	63.974			70.802
312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia	35.920	68.111	144.836	314	13.980	263.160
312C-Servizos sociais relativos ás migracións			1.500			1.500
312D-Programa de atención á dependencia	103.519	213.000	405.518	633	5.645	728.316
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores	12.160	7.717	32.215	4.000	6.821	62.915
312F-Programas de solidariedade			133			133
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social		230	9.280			9.510
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller	352	276	16.778	166		17.572
313C-Servizos sociais comunitarios	842	6.435	42.867	1.465	4.306	55.914
313D-Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero	810	3.363	17.533	390	4.370	26.467
Total	187.029	309.756	737.447	44.166	45.183	1.323.580

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	33.674	36.933	9,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.982	4.237	6,4
Cap. IV - Transferencias correntes	195.071	232.013	18,9
Cap. VI - Investimentos reais	33.174	37.197	12,1
Cap. VII - Transferencias de capital	9.320	10.060	7,9
Total	275.221	320.440	16,4

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	21.350	22.028	3,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	60.213	65.686	9,1
Cap. IV - Transferencias correntes	139.965	144.836	3,5
Cap. VI - Investimentos reais	154	154	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	7.063	13.980	97,9
Total	228.744	246.684	7,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	7.332	7.581	3,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	10.223	10.288	0,6
Cap. IV - Transferencias correntes	111.238	107.811	-3,1
Cap. VI - Investimentos reais	1.619	1.465	-9,5
Cap. VII - Transferencias de capital	4.457	4.306	-3,4
Total	134.869	131.451	-2,5

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	41.571	42.680	2,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	101.600	109.962	8,2
Cap. IV - Transferencias correntes	19.155	18.839	-1,6
Cap. VI - Investimentos reais	862	633	-26,5
Cap. VII - Transferencias de capital	3.755	8.543	127,5
Total	166.942	180.658	8,2

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	62.047	60.196	-3,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	106.722	113.289	6,2
Cap. IV - Transferencias correntes	172.893	190.356	10,1
Cap. VI - Investimentos reais	2.000	4.000	100,0
Cap. VII - Transferencias de capital	3.453	3.923	13,6
Total	347.115	371.764	7,1

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

06 DIRECCIÓN XERAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.820	2.926	3,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.920	3.363	15,2
Cap. IV - Transferencias correntes	15.841	16.983	7,2
Cap. VI - Investimentos reais	3.990	390	-90,2
Cap. VII - Transferencias de capital	771	4.370	467,2
Total	26.342	28.033	6,4

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

07 DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	765	793	3,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	484	506	4,6
Cap. IV - Transferencias correntes	26.666	26.608	-0,2
Cap. VI - Investimentos reais	166	166	0,0
Total	28.081	28.074	0,0

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	12.669	13.891	9,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.191	2.425	10,7
Cap. VI - Investimentos reais	160	160	0,0
Total	15.020	16.477	9,7

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	275.221	320.440	16,4
02 DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	228.744	246.684	7,8
03 DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	134.869	131.451	-2,5
04 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	166.942	180.658	8,2
05 DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	347.115	371.764	7,1
06 DIRECCIÓN XERAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	26.342	28.033	6,4
07 DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE	28.081	28.074	0,0
A1 AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	15.020	16.477	9,7
Total	1.222.335	1.323.580	8,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	169.559	173.137	0	13.891	0	0	0	187.029
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	286.144	307.331	0	2.425	0	0	0	309.756
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IV - Transferencias correntes	695.189	753.328	0	0	0	15.882	0	737.447
OPERACIÓNS CORRENTES	1.150.893	1.233.797	0	16.317	0	15.882	0	1.234.232
Cap. VI - Investimentos reais	41.965	44.006	0	160	0	0	0	44.166
Cap. VII - Transferencias de capital	28.977	45.343	0	0	0	160	0	45.183
OPERACIÓNS DE CAPITAL	70.943	89.349	0	160	0	160	0	89.349
Total	1.221.835	1.323.145	0	16.477	0	16.042	0	1.323.580

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Cons. Política Social e Igualdade	2025
Altos Cargos	8
Persoal Funcionario	1.869
Subgrupo A1	427
Subgrupo A2	420
Subgrupo C1	152
Subgrupo C2	609
Agrupacións profesionais	261
Persoal Laboral	1.981
Grupo I	109
Grupo II	322
Grupo III	128
Grupo IV	754
Grupo V	668
TOTAL	3.858

Medios Persoais

Axencia Galega de Servizos Sociais	2025
Persoal Funcionario	134
Subgrupo A2	9
Subgrupo C1	85
Agrupacións profesionais	40
Persoal Laboral	240
Grupo II	28
Grupo III	131
Grupo V	81
TOTAL	374

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	Explotación	Capital
Cons. Galego Serv. Igualdade e Benestar	111.011	10.060
Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fund. para a tutela de persoas adultas	2.291	4
Total	113.302	10.064

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

SECCIÓ 09

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

A Presidencia da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Posteriormente aprobouse o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, que no seu artigo 5, establece que a Consellería de Economía e Industria para o desempeño das súas funcións dispón dos seguintes órganos superiores e de dirección:

- Secretaría Xeral Técnica.
- Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.
- Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.
- Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas.

Quedan adscritos a esta consellería:

- O ente público Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE.
- A Axencia Instituto Enerxético de Galicia - INEGA.

Igualmente, consonte o disposto no anterior decreto e no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Economía e Industria, queda tamén adscrita a mesma a Axencia Galega da Industria Forestal.

Ademais, quedan adscritas as seguintes sociedades e fundacións:

- Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A. (SODIGA).
- Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco (SGECRSA).
- Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.
- Sociedade Xestión do Solo de Galicia Xestur, S.A.
- Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

De conformidade co establecido no artigo 1 do Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Economía e Industria é o órgano da

Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, o exercicio de funcións en materia de:

- a) Promoción e dinamización da economía; o impulso e coordinación da política económica e industrial, así como a revisión da regulación con incidencia na economía.
- b) Apoio xeral ao sector empresarial, fomentando a mellora da competitividade das empresas, incidindo no desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, na transformación dixital, na sustentabilidade e na internacionalización.
- c) Promoción e fomento do crecemento e consolidación das empresas así como o apoio a creación, crecemento e consolidación das emerxentes innovadoras- startup.
- d) Coordinación, planificación, deseño e posta en marcha dos mecanismos públicos autonómicos de financiamento empresarial e industrial.
- e) Impulso e promoción das industrias forestais.
- f) Promoción industrial, solo empresarial, asesoramento e información na materia de propiedade industrial, administración e seguridade industrial, metroloxía e metais preciosos.
- g) Planificación enerxética, recursos minerais e as augas minerais e termais.

O exercicio destas funcións e competencias desenvólvese a través dos seguintes centros xestores:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Baixo a superior dirección da persoa titular da Consellería de Economía, e Industria, consono o artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións nel establecidas, así como aquelas outras que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería e as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico.

Polo tanto, corresponde á Secretaría Xeral Técnica velar polo correcto funcionamento operativo dos servizos administrativos de toda a consellería, asumindo a coordinación da xestión económica e da contratación, a xestión do seu persoal, o apoio xurídico, a xestión dos arquivos e en xeral a comunicación e coordinación con calquera departamento da consellería en todas as cuestións transversais. Tamén é a encargada do financiamento das axencias públicas autonómicas e demais organismos adscritos a ela mediante a execución das transferencias internas.

A SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO

De acordo co establecido no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento enerxético correspóndelle a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da Consellería en materia de industria, administración, seguridade e calidade industrial, solo empresarial, metroloxía e metais preciosos; enerxía, recursos minerais e augas minerais e termais, e as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico.

Baixo a súa dirección e dependencia directa, a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, para o cumprimento das competencias e funcións encomendadas, estruturase nos seguintes órganos e unidades:

- a) Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.
- b) Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas.
- c) Subdirección Xeral de Proxectos.
- d) Servizo de Coordinación Administrativa.
- e) Servizo de Seguimento e Oficina Técnica.

A Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial dispón da Subdirección Xeral de Promoción Industrial e Solo Empresarial que conta para o exercicio das súas funcións co Servizo de Promoción Industrial e o Servizo de Planificación e Ordenación de Solo Empresarial; e da Subdirección Xeral de Administración e Seguridade Industrial que dispón do Servizo de Administración industrial-Segapi, do Servizo de Seguridade Industrial e do Servizo de Metroloxía e Metais Preciosos.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas dispón, para o exercicio das súas funcións, da Subdirección Xeral de Enerxía e Planificación de Recursos que conta co servizo de Infraestruturas e Promoción Enerxética e co servizo de Planificación, Ordenación e Eficiencia Enerxética; e da Subdirección Xeral de Recursos Minerais que dispón do Servizo de Xestión Mineira.

A Subdirección Xeral de Proxectos, baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, exerce as funcións relativas á planificación, ao impulso, e á tramitación dos procedementos previstos pola normativa autonómica para favorecer a implantación das iniciativas empresariais. Así mesmo, exerce a coordinación dos servizos territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional. Para o exercicio das súas funcións dispón do Servizo de Impulso de Proxectos.

Finalmente, a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético conta cos Servizos de Coordinación Administrativa e de Seguimento e Oficina técnica, para o desenvolvemento

das competencias establecidas para estas unidades administrativas no decreto de estrutura orgánica, que son dun carácter máis transversal. O Servizo de Coordinación Administrativa desenvolve tarefas de coordinación económica, administrativa e xurídica no ámbito da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, mentres que o Servizo de Seguimento e Oficina técnica desenvolve, entre outras, competencias de tipo técnico no mesmo ámbito, incluído o seguimento sobre o cumprimento das declaracións ambientais estratéxicas e informes ambientais estratéxicos dos plans ou programas en que a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético ou os órganos de dirección que dela dependan sexan os órganos substantivos.

DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL

Baixo a superior dirección da persoa titular da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, a Dirección xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial exercerá as competencias e funcións en materia de estratexia industrial, administración industrial, seguridade e calidade industrial, solo empresarial, metroloxía e metais preciosos, e as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico, e, entre elas, as seguintes:

- a) O desenvolvemento, a promoción e coordinación da política industrial dentro da Comunidade Autónoma de Galicia en colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia.
- b) O impulso da política da Xunta de Galicia en materia de industria, realizando informes, estudos e outros traballos técnicos, coordinando as actuacións en materia de industria e propoñendo e impulsando as melloras respecto das ditas actuacións.
- c) O desenvolvemento de medidas dirixidas a facilitar a dispoñibilidade de solo empresarial, que permita a implantación de novas empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, ou ampliación das existentes.
- d) A proposta de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación.
- e) A planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico.
- f) A elaboración, promoción e xestión de plans e programas de promoción, adquisición e posta no mercado do solo empresarial que incentive o asentamento de empresas, a dinamización económica e o equilibrio territorial.
- g) A adquisición de solo por calquera título, mesmo por expropiación forzosa, dos terreos destinados á formación de reservas de solo, preparación de solares, dotacións e equipamento, para o desenvolvemento e a xestión da política de solo empresarial.
- h) A administración, xestión, conservación e disposición do patrimonio de solo empresarial.

- i) A preparación e proposta dos plans sectoriais de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- j) O impulso do desenvolvemento de infraestruturas en parques empresariais, así como o fomento do desenvolvemento de novas actividades industriais e, en xeral, calquera actuación de promoción e execución de actuacións de modernización e dotación de servizos avanzados no solo empresarial.
- k) A xestión do Censo de solo empresarial de Galicia.
- l) A cooperación con outras Administracións Públicas para o desenvolvemento do solo empresarial na forma prevista na normativa reguladora das áreas empresariais de Galicia e, en concreto, mediante a formalización e celebración dos convenios e negocios xurídicos que procedan.
- m) A tramitación e resolución das solicitudes de constitución das entidades urbanísticas de conservación de áreas empresariais previstas na normativa reguladora de áreas empresariais de Galicia.
- n) A colaboración, con outros centros directivos da Consellería de Economía e Industria e con outras consellerías, para a busca e achega de solucións en situacións de dificultade empresarial que poñan en risco a actividade produtiva e, polo tanto, o emprego nos centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- o) A interlocución, no ámbito industrial, cos diferentes axentes económicos e sociais con representatividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- p) A coordinación e homoxeneización das actuacións dos servizos territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional. A estes efectos, para garantir a homoxeneidade de criterio en determinadas categorías ou tipos de asuntos, ou por razóns de reparto ou distribución das cargas de traballo, poderá dispor a actuación individual ou conxunta de persoal técnico ou unidades técnicas pertencentes a calquera órgano da dirección ou departamento territorial da consellería, aos efectos da emisión de informes técnicos, calquera que sexa a unidade ou departamento territorial aos que estivese atribuída a competencia para o coñecemento do asunto. Así mesmo poderá impulsar a través do Consello Galego de Seguridade Industrial as seccións técnicas ou grupos de traballo en materia de regulamentos industriais.
- q) A colaboración, con outros centros directivos da Consellería de Economía e Industria e con outras consellerías, para o impulso e o avance tecnolóxico nas diferentes actividades industriais, incluídas as manufactureiras, extractivas ou do ámbito enerxético.
- r) O desenvolvemento das competencias da Comunidade Autónoma en materia de seguridade e calidade industrial.
- s) O exercicio das competencias en materia de metroloxía, a través do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.
- t) O exercicio das competencias en materia de contrastación de metais preciosos, a través do Laboratorio Oficial de Contrastación de Metais Preciosos de Galicia.

- u) A elaboración de propostas normativas en materia de industria en relación con todas as competencias anteriores, así como a análise e supervisión dos proxectos normativos na materia promovidos polo Estado ou por outras consellerías que teñan incidencia no ámbito industrial.
- v) Calquera outra función que, no marco das súas competencias, lle sexa asignada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.
- w) Calquera outra función que, no marco das competencias de solo empresarial, veñan atribuídas pola normativa de áreas empresariais e non estean atribuídas á persoa titular da consellería.

Para o exercicio das súas funcións, estrutúrase nas seguintes unidades:

- 1. Subdirección xeral de Promoción Industrial e Solo Empresarial.
 - 1.1 Servizo de Promoción Industrial.
 - 1.2 Servizo de Planificación e Ordenación de Solo Empresarial.
- 2. Subdirección xeral de Administración e Seguridade Industrial.
 - 2.1 Servizo de Administración industrial - SEGAPI.
 - 2.2 Servizo de Seguridade Industrial.
 - 2.3. Servizo de Metroloxía e Metais Preciosos.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS

A estrutura da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais queda establecida no Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, que actualmente por Decreto 59/2023, de 14 de xuño pasa a denominarse Consellería de Economía, Industria e Innovación, correspóndelle exercer a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da Consellería en materia de enerxía, recursos minerais e augas termais.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais configúrase nas seguintes unidades administrativas:

- 1. A Subdirección Xeral de Recursos Minerais que exercerá as funcións relativas á planificación, ordenación, fomento e desenvolvemento e inspección e control da minería de Galicia. Así mesmo, exercerá a coordinación dos servizos territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional. Entre elas, correspóndelle o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ó desenvolvemento do sector mineiro, así como a inno-

vación, o incremento da competitividade, o impulso da internacionalización e a mellora da seguridade e saúde laboral do Sector Mineiro de Galicia.

2. A Subdirección Xera de Enerxía exercerá as funcións relacionadas coa planificación, ordenación, fomento e inspección no relativo á enerxía, ás infraestruturas enerxéticas, ás enerxías renovables e á eficiencia enerxética. Asimesmo coordinará os servizos territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional. En xeral, correspóndenlle os asuntos que lle sexan encomendados por razón do seu ámbito competencial e funcional pola Dirección Xeral.

1.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONÓMICA - IGAPE

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), foi creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Entre as súas funcións están as de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos, facilitar a internacionalización do tecido produtivo e impulsar a capacidade de innovación.

O órgano superior de goberno do IGAPE é o Consello de Dirección, ao que lle corresponden todas as facultades e funcións que sexan precisas para alcanzar os seus fins.

Para o desenvolvemento das funcións, que o IGAPE ten encomendadas, conta cos seguintes órganos superiores de dirección:

- O presidente ou a presidenta que será, por razón do seu cargo, o/a conselleiro/a competente en materia de economía. Correspóndelle a representación do IGAPE en toda clase de actos ou negocios xurídicos e exercerá no seu nome accións e recursos e demais competencias que se lle asignan no artigo 11 da citada Lei 5/1992.
- O director ou a directora xeral, que será nomeado/a polo Consello de Dirección, por proposta do/a conselleiro/a. Correspóndelle exercer as competencias que se establecen no artigo 12 da Lei 5/1992 e as que lle sexan expresamente delegadas polo/a presidente/a ou polo Consello de Dirección.

Así mesmo, o Instituto estrutúrase internamente nunha xerencia, catro áreas, a oficina económica de Galicia e unha unidade dependentes organicamente e funcionalmente da Dirección:

- Xerencia: A persoa titular da Xerencia serao tamén de todos os órganos colexiados dela, e para estes efectos exercerá a coordinación, baixo as instrucións da Dirección, dos progra-

mas e actuacións das diferentes direccións de área e dos entes do sector público adscritos ao Instituto, a xestión dos asuntos relacionados co réxime interno e o réxime de persoal do Instituto, as propostas de simplificación e racionalización da actividade administrativa, a elaboración dos proxectos e plans xerais de actuación, prestar asistencia técnica, administrativa e apoio xurídico á persoa titular da Dirección do Instituto, a emisión de informes e anteprojectos normativos e de orzamentos do Instituto, así como calquera outra que lle encomende a Dirección do ente.

- Área de Financiamento: Ten como misión fundamental a identificación, regulamento e xestión dos apoios financeiros ás empresas, en especial, ás pequenas e medianas. Tales apoios, materializaranse en subvencións, préstamos, bonificacións de produtos financeiros, avais e outros instrumentos financeiros ou actuacións de semellantes características de apoio á actividade empresarial.
- Área de Competitividade: Ten como misión lograr a adopción e o desenvolvemento, por parte do tecido empresarial, de prácticas, metodoloxías ou sistemas que melloren o nivel competitivo das empresas galegas, promover a creación de empresas e promover a creación de emprego, así como a modernización empresarial abundando nos retos e oportunidades de cada momento, apostando actualmente pola dobre transformación dixital e sostible de empresa galega. Así mesmo, deberá propoñer e executar programas de apoio e impulso dentro da política industrial de Galicia e a política de clústers.
- Área de Internacionalización: Ten como misión promover un incremento da cota de mercado internacional do empresariado galego e promover a entrada de investimento foráneo en Galicia de carácter produtivo, cara a unha mellora do índice de emprego na nosa comunidade autónoma.
- Área de Innovación empresarial: Ten como misión a promoción, avance e incremento do sistema de innovación galego no tecido produtivo e na empresa, e coordinar e colaborar na mellora da innovación do sistema económico galego a través da transferencia ao tecido produtivo dos resultados da investigación e desenvolvemento co obxectivo de incrementar a capacidade competitiva da empresa galega.
- Oficina Económica de Galicia é a responsable de facilitar a implantación das iniciativas empresariais, especializada no acompañamento e na tramitación das iniciativas empresariais, así como do asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha e acompañamento das iniciativas empresariais. Constitúe así o punto de contacto centralizado e singular da Xunta de Galicia para o asesoramento á empresa e ás persoas emprendedoras, así como para facilitar a posta en marcha das iniciativas empresariais, encargándose da coordinación coas demais consellarías neste eido.
- Unidade de Operacións: Terá como misión planificar, coordinar e executar os distintos plans e programas de actuación co obxectivo de favorecer o equilibrio territorial de Galicia, e responsabilizarse da coordinación, información e asesoramento empresarial nas oficinas territoriais.

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA - INEGA

Os obxectivos básicos da axencia Instituto Enerxético de Galicia son o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, de selo caso, de servizos noutros campos sinérxicos ó enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As súas funcións xerais son:

- Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de enerxía plans e programas en materia enerxética.
- Promover e, de selo caso, executar os plans e programas indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
- Controlar, vixiar e inspeccionar, dentro do ámbito de actuación do Instituto Enerxético de Galicia e en coordinación coa subdirección xeral competente en materia de enerxía, as instalacións de produción, conducción, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.
- Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvolvemento e a xestión da política enerxética.
- Fomentar e desenvolver programas de asesoramento e auditoría enerxéticos e auditorías para impulsar actuacións de aforro e mellora da eficacia enerxética, elaborar programas de racionalización do uso da enerxía e promover o aproveitamento dos recursos enerxéticos.
- Fomentar e participar en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens de equipamento e servizos relacionados coa enerxía.
- Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovables e de coxeración.
- Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.
- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
- Orientar ás persoas usuarias nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.
- Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.

- O Instituto Enerxético de Galicia poderá exercer a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola normativa vixente en materia enerxética.
- Xestionar a Rede de enerxía da Xunta de Galicia, creada mediante o Decreto 66/2013, do 18 de abril.
- Realizar unha labor divulgativa e formativa no ámbito da certificación enerxética de edificios.
- Impulsar e xestionar incentivos para a implantación de proxectos de enerxías renovables e de eficiencia enerxética.
- Asesorar no ámbito enerxético e promover a realización de estudos para a posta en marcha de medidas de eficiencia enerxética e enerxías renovables na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.
- Impulsar e realizar o seguimento de proxectos innovadores con carácter demostrativo no ámbito da enerxía.

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

A Presidencia da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Posteriormente aprobouse o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, na súa disposición adicional sexta adscribe a Axencia Galega da Industria Forestal á Consellería de Economía e Industria.

O Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Economía e Industria, na súa disposición adicional décima adscribe a Axencia Galega da Industria Forestal e o Centro de Investigación Forestal de Lourizán á Consellería de Economía e Industria de conformidade co establecido na disposición adicional sexta do Decreto 49/2024, do 22 de abril.

Asemade, a devandita disposición adicional décima no seu punto segundo establece que á Axencia Galega da Industria Forestal asumirá o control, a xestión e a administración do Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

O Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, creou a Axencia e aprobou os seus estatutos, establecendo entre outros a finalidade e obxectivos e a súa organización e funcionamento. Posteriormente o Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria na disposición derradeira primeira, contén a modificación do devandito Decreto 81/2017, do 3 de agosto e o Decreto 174/2024, do 29 de xullo, modificou o Decreto 81/2017.

A Axencia Galega da Industria Forestal, segundo o disposto no artigo 19 do Decreto 81/2017 estrutúrase internamente nas seguintes áreas, con nivel orgánico de subdirección xeral, e baixo a dependencia directa da persoa titular da Dirección:

- a) Xerencia.
- b) Área de Innovación Forestal.
- c) Área de Promoción e Calidade Forestal.
- d) Área de Información Forestal.

Adscríbese á Axencia Galega da Industria Forestal, baixo a dependencia orgánica e funcional da Área de Innovación Forestal, e con nivel de servizo, os seguintes centros:

- a) O Centro de Innovación e Servizo Tecnolóxico da Madeira, CIS-Madeira.
- b) O Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

I.2.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SODIGA GALICIA, SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO, S.A.

SODIGA ten como finalidade proporcionar recursos, a medio e longo prazo, a empresas con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional e que teñan relación co desenvolvemento e consolidación da economía e a industria de Galicia. De acordo coa súa forma xurídica, a achega de recursos consistirá na toma de participación temporal e minoritaria no capital de empresas non financeiras e non cotizadas, podendo conceder outro tipo de financiamento, xeralmente en forma de préstamos participativos.

SODIGA ten encomendada a xestión dos seus activos á sociedade xestora XESGALICIA, S.G.E.I.C., S.A.U.

XESGALICIA, SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U.

Xesgalicia é unha sociedade xestora de entidades de capital risco e de entidades de investimento colectivo de tipo pechado, que ten como finalidade a xestión das sociedades e fondos, propiedade maioritariamente da Administración da Comunidade Autónoma ou dos seus entes instrumentais, destinados ao investimento e financiamento do desenvolvemento empresarial galego mediante a toma de participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas, así como mediante o outorgamento de préstamos, xeralmente de carácter participativo.

Cada unha das entidades xestionadas (sociedades ou fondos) teñen unha orientación de investimento diferenciada, de xeito que abranguen as distintas tipoloxías de empresas e de fases no seu ciclo de vida.

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.

O Parque Tecnolóxico de Galicia foi creado a iniciativa da Xunta de Galicia coa finalidade de crear unha contorna de referencia en Galicia dirixido a acoller, apoiar e potenciar iniciativas empresariais innovadoras e que aposten pola tecnoloxía, a investigación e o desenvolvemento como eixes da súa actividade.

A sociedade xestora, Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., foi constituída no ano 1991 e as instalacións do parque foron inauguradas en outono de 1992.

A composición actual do accionariado configura á entidade como sociedade mercantil pública autonómica que trala ampliación de capital social executada no ano 2016 é a seguinte:

- Xunta de Galicia: 50,52%
- Abanca Corporación Bancaria S.A.: 37,34 %
- INORDE: 3,49%
- Varios con participación inferior ao 2% que suman o 8,65% restante: Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela, Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, Concello de Ourense, Concello de San Cibrao das Viñas, Confederación Empresarial de Ourense, Unión Xeral de Traballadores de Galicia e Universidade da Coruña.

O seu obxecto social está recollido no artigo 2º dos estatutos sociais, os cales foron modificados e refundidos no ano 2017:

1. A promoción, xestión, conservación e mantemento do Parque Tecnolóxico de Galicia e doutros Parques Científicos e/ou tecnolóxicos ou enclaves tecnolóxicos, así como a prestación de servizos nestes.
2. A adquisición, alleamento ou gravame, por calquera título, de todo tipo de bens mobles e inmobles e de accións de sociedades cuxos fins sexan comúns ao Parque Tecnolóxico de Galicia.
3. A compravenda de enerxía eléctrica, así como fomentar o desenvolvemento de políticas medioambientais, o uso de enerxías renovables e o aforro enerxético.
4. Prestar á Xunta de Galicia e ós organismos ou entidades dependentes, a colaboración e asistencia técnica necesaria para levar a cabo as medidas contidas no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento ou calquera outros plans.

5. Fomentar a innovación e a transferencia de tecnoloxía entre as usuarias do Parque, así como con outras estruturas externas.
6. Fomentar a creación de empresas, o crecemento e a internacionalización, así como difundir o papel do Parque como axente de enlace entre investigación e empresa.
7. A prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á creación de emprego en Galicia.
8. Promover, organizar e dirixir o desenvolvemento de todo tipo de actividades dirixidas á divulgación da ciencia, a mellorar a competitividade empresarial e ao desenvolvemento económico e social en xeral.

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA- XESTUR, S.A.

Nace da fusión das catro sociedades provinciais de solo XESTIÓN URBANÍSTICA DE A CORUÑA, S.A., XESTIÓN URBANÍSTICA DE LUGO, S.A., XESTIÓN URBANÍSTICA DE OURENSE, S.A. e XESTIÓN URBANÍSTICA DE PONTEVEDRA, S.A.

A fusión formalizouse mediante escritura pública en data 23 de decembro de 2013, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela con data 24 de febreiro de 2014, iniciando ás súas operacións o 1 de xaneiro de 2014.

Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A. (Xestur Galicia) é unha sociedade anónima pública constituída para a realización de actividades urbanísticas no territorio de Galicia. O seu obxecto social está constituído pola realización das actividades dirixidas á promoción e xestión de solo empresarial, residencial e construción de edificacións na Comunidade Autónoma.

O desenvolvemento destas actividades ten como finalidade garantir a utilización do solo de acordo co interese xeral e dotar á Comunidade Autónoma de solo suficiente para a localización de industrias e a implantación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento socioeconómico e a promoción de emprego, así como, de solo para a construción de vivendas dignas e axeitadas, destinadas especialmente aos sectores con menos capacidade económica.

Ata o de agora Xestur estaba adscrita á Consellería competente en materia de xestión e desenvolvemento de solo empresarial e residencial (Consellería de Territorio, Medio Ambiente e Vivenda), sendo tutelada funcionalmente polo Instituto Galego da Vivenda e o Solo (IGVS), Organismo Autónomo de carácter comercial e financeiro.

Na nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, aprobada por Decreto 49/2024, de 22 de abril, o IGVS adscribíase á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, con competencias en materia de vivenda, traspasándose as competencias en materia de solo empresarial á Consellería de Economía e Industria, quen pasa a asumir a tutela funcional de Xestur.

A súa vez, as características específicas relacionadas coa xestión e necesidades de financiamento de cada unha das actividades antes referidas, e tendo en conta a previsión actual de actuacións para os vindeiros anos, nos que se incrementará significativamente tanto a actividade de vivenda como a de solo empresarial, fan recomendable a separación das actividades ata o de agora desenvolvidas de forma conxunta por Xestur, debido á separación de competencias.

Tanto a separación e reparto das competencias de vivenda e solo residencial e de solo empresarial, como a racionalización da xestión das referidas actividades, fan necesario separar o patrimonio e actividades ata o de agora desenvolvidas de forma conxunta por Xestur. Asemade, esta separación de actividades simplificará a estrutura organizativa de cada unha das sociedades, ao atribuír de forma exclusiva os medios e recursos asociados a cada actividade, o que conferirá unha maior eficacia no seu funcionamento.

1.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA

É unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio se atopa afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

O obxecto principal da Fundación é contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade da industria do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, preferentemente en Galicia, mediante a xeración de coñecemento tecnolóxico e a realización de actividades de I+D+i; así como desenvolver e facilitar a súa aplicación a través da intermediación entre organismos xeradores de coñecemento e as empresas, e a prestación de servizos de apoio á innovación tecnolóxica no ámbito do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios.

O obxecto da Fundación realizarase a través do Centro Tecnolóxico do Granito cos seus laboratorios, os seus medios técnicos e instalacións.

Para iso, a Fundación traballará no ámbito dos procesos, os produtos, o márketing e a organización, así como o control de calidade, no sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, preferentemente en Galicia.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Como responsable da xestión coordinada das súas propias unidades administrativas, a Secretaría Xeral Técnica ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, procurando que os servizos administrativos funcionen da forma máis óptima posible.

Como órgano de asesoramento e de coordinación de todos os órganos, servizos e entidades instrumentais adscritos á Consellería, ten por obxectivo o impulso de medidas de colaboración e apoio para facilitar a consecución dos seus obxectivos xerais, avaliando e planificando en calquera caso respostas ás novas necesidades que se produzan, coa finalidade de acadar unha mellora na calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos á cidadanía da nosa comunidade.

Para iso, os orzamentos da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria baséanse no criterio de eficiencia que debe inspirar a actuación e a organización administrativa.

De cara ao 2025, a Secretaría Xeral Técnica seguirá fomentando o uso das tecnoloxías da información e o desenvolvemento da administración dixital coas conseguíntes vantaxes tanto para as empregadas e empregados públicos como para a administración e a sociedade en xeral na procura dunha atención aos cidadáns máis áxil e dinámica.

SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO

Á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético correspóndelle a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da Consellería en materia de industria, a administración, seguridade e calidade industrial, solo empresarial, metroloxía e metais preciosos; enerxía, recursos minerais e augas minerais e termais, e as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico.

O obxectivo principal desta Secretaría é o impulso da actividade industrial e, polo tanto, a creación de emprego asociado a este sector. Por unha parte, cómpre desenvolver unha estratexia de apoio aos principais sectores industriais de Galicia, así como as que teñen un maior potencial de desenvolvemento futuro. E, por outra parte, é necesario apoiar aos proxectos concretos, facilitando a súa implantación ou ampliación, tratando de que Galicia se converta no emprazamento idóneo para o seu desenvolvemento. Isto inclúe, entre outras variables, garantir a dispoñibilidade de solo empresarial a custos accesibles, maximizar as posibilidades de aproveitamento dos recursos naturais, necesarios para a descarbonización da industria, ou desenvolver procedementos administrativos áxiles, acordos coas necesidades actuais das empresas.

De acordo co anterior, ademais da coordinación dos centros directivos que dependen desta Secretaría, de forma directa desenvolveranse as seguintes liñas de acción no ano 2025:

- Proposta de estratexias no ámbito da política industrial, enerxética e mineira.

Desde a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, continuaranse elaborando propostas de estratexias que teñan como obxectivo a mellora do sector industrial galego, así como o aproveitamento sustentable dos recursos enerxéticos e mineiros, que deberán asegurar o impulso do binomio enerxía-industria.

Ademais, colaborárase co resto de centros directivos da Consellería de Economía e Industria na promoción e ordenación industrial de zonas con especiais problemas de reindustrialización, así como na busca e achega de solucións en situacións de dificultade empresarial que poñan en risco a actividade produtiva e, polo tanto, o emprego nos centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Finalmente, participárase nas avaliacións de impacto das actuacións públicas en materia de industria, solo empresarial, enerxía e minas no tecido industrial galego, co fin de garantir que o sector industrial continúa o seu crecemento e a súa tendencia positiva.

- Plans directores dos distintos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia: construción naval, automoción, industria das TIC, metalmecánico, forestal-madeira e loxística. Estes sectores contarían con Plans directores industriais específicos que servirían como folla de ruta, integrando as medidas, os mecanismos e os recursos necesarios para o seu impulso e, en xeral, para o desenvolvemento do territorio. O obxectivo destes documentos é o de fortalecer o sector industrial en Galicia, co fin de incrementar o emprego de calidade e o investimento, reforzando así todo o tecido empresarial e as sinerxías sectoriais e/ou intersectoriais.

Ao longo do ano 2024, priorizouse o desenvolvemento dos Plans directores de construción naval, automoción e forestal-madeira, pola súa importancia estratéxica. Estes Plans directores serán os tres primeiros en aprobarse por parte do Consello da Xunta, seguindo o procedemento establecido no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Unha vez aprobados, farase o seguimento e evolución das medidas contempladas neles, o que permitirá propoñer melloras ou modificacións, acordos coas necesidades de cada sector.

Ademais do seguimento destes plans, no ano 2025 continuarase desenvolvendo o procedemento, xa iniciado, de elaboración dos plans directores da industria das TIC, metalmecánico e loxística, colaborando co resto das consellerías con competencias en materias que poidan resultar afectadas, de forma directa ou indirecta; coas empresas que forman parte deles, a través dos clústeres e asociacións, segundo o caso, que as representan; así como cos representantes das persoas traballadoras.

- Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais.

Continuarase co desenvolvemento do Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, iniciado no ano 2024, e no que se se inclúen proxectos industriais con elevados investimentos e amplas perspectivas de xeración de emprego.

Os instrumentos postos en marcha no ano 2024, así como os xa existentes aos que se lles deu continuidade, están a permitir acurtar os prazos de tramitación destes proxectos dunha forma moi significativa, especialmente no caso dos proxectos industriais estratéxicos, o que está a ser moi valorado por parte das empresas que están a desenvolver os proxectos en Galicia. No marco deste Plan están a desenvolverse os procedementos de aprobación de importantes proxectos, en ámbitos tan diferentes como a xeración de hidróxeno verde, que contribuirá á descarbonización da economía, a economía circular ou a preparación de produtos do mar.

A función como órgano substantivo de tramitación dos proxectos industriais estratéxicos implica tamén a necesaria coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia, cos que se mantén un contacto continuo para asegurar o correcto desenvolvemento do proxecto e os prazos de tramitación previstos na normativa vixente.

- Proxectos europeos.

Co fin de colaborar no desenvolvemento de sectores, tecnoloxías ou ámbitos industriais de futuro, participárase no desenvolvemento de proxectos europeos que permitan afianzar o crecemento futuro da industria e do aproveitamento de recursos naturais en Galicia. Entre os proxectos europeos que se desenvolverán no ano 2025 destacan os seguintes:

- AOWINDE

O obxectivo do proxecto AOWINDE é acelerar o desenvolvemento e a relevancia da enerxía eólica mariña na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal desde un punto de vista industrial, a través da colaboración público-privada e a implementación de ferramentas de apoio á cadea de valor da enerxía eólica mariña transfronteiriza. Tamén se busca atraer novos actores ao territorio, proporcionando formación especializada e promovendo activamente a enerxía eólica mariña como unha fonte de enerxía sostible.

- MAE

O proxecto MAE aborda a necesidade dunha transformación sostible e innovadora nas cadeas de valor industriais, especialmente nas que afrontan un maior risco de obsolescencia. O proxecto propón a posibilidade de reorientar a súa actividade cara a un sector aeroespacial a través da innovación.

O proxecto busca igualmente definir e implementar accións de políticas públicas que apoién unha transformación responsable dos sectores industriais relevantes para o sector aeroespacial, propoñendo a aprendizaxe interrexional e un enfoque de innovación responsable xunto aos axentes territoriais presentes na cadea de valor.

- GREEN_HUB

Un factor determinante para o crecemento económico e a competitividade dos territorios é a innovación e a especialización produtiva. Neste contexto, o proxecto Green-

HUB pretende contribuír para a superación de desafíos desta Euro-Rexión aproveitando o potencial da cooperación para consolidar o ecosistema de innovación, científico e tecnolóxico, fomentando a creación de coñecemento e redes empresariais e a mellora da competitividade das empresas.

- OPENLABS

Este proxecto enmárcase no Programa de Cooperación Interreg VIN A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e ten como obxectivo principal acelerar a innovación nas empresas industriais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para impulsar novas formas de produción e prestación de servizos que permitan avanzar cara a dixitalización e o desenvolvemento sostible. Para iso, poñerase ao dispor do tecido empresarial unha rede de laboratorios de procesos avanzados e un programa de apoio á innovación a través do cal as empresas mellorarán as súas capacidades e testarán casos de uso para a implementación de solucións innovadoras en contornas preindustriais.

- AEROGANP

O principal obxectivo do proxecto AEROGANP é impulsar na Eurorrexión GNP a investigación nun sector tecnolóxico estratéxico como o aeroespacial, mediante a creación dunha rede de fomento das súas capacidades de xerar e trasladar I+D+i a través da interrelación entre todos os seus axentes públicos e privados.

- TWIN_NAV_AUX

O obxectivo de Twin NavAux é establecer as condicións tecnolóxicas e de capacitación (de I+D+i, humanas e empresariais) necesarias para facilitar a implantación xeneral de modelos de xemelgo dixital de produto no sector auxiliar do naval na área de cooperación Galicia-Norte de Portugal.

No ámbito naval, o Xemelgo Dixital adquire relevancia pola súa contribución á optimización do sostemento dun buque cando entra en operación.

DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL

No ámbito da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, as principais liñas de acción para 2025 centraranse na dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control no ámbito da política industrial, a xestión do solo empresarial, o impulso do Polo Aeroespacial de Galicia, no fortalecemento dos parques empresariais da Comunidade Autónoma, a mellora da seguridade industrial, a vixilancia de mercado, a potenciación de actuacións en materia de propiedade industrial e o impulso da metroloxía e metais preciosos.

- Política industrial

No ano 2025 avanza-se no desenvolvemento da estratexia de política industrial na Comunidade Autónoma que permita atraer novas industrias, así como consolidar as existentes, co obxectivo de aproveitar as oportunidades actuais de implantación de novas industrias e creación de emprego industrial.

Entre os distintos instrumentos nos que se baseará a política industrial galega, atópanse os xa mencionados Plans directores dos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia. Estes Plans están asociados ao impulso selectivo daqueles sectores de maior relevancia para o presente e futuro da industria galega, de xeito que se consoliden como cadeas de valor competitivas a nivel internacional, a través da innovación, a dixitalización e a sustentabilidade, e se consiga xerar alto valor engadido e empregos estables e de calidade.

No marco desta estratexia, o mapa industrial de Galicia conformarase baixo tres eixos de información cuantitativa: tecido industrial, territorio e solo industrial. Ademais, disporase dunha rede de informantes claves que funcionará como instrumento complementario do anterior e que servirá para extraer información cualitativa das necesidades e/ou demandas dos diferentes actores sectoriais e territoriais que conforman o tecido industrial galego.

- Solo empresarial

De acordo co Decreto 140/2024 do 20 de maio de 2024, á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial correspóndelle as competencias e funcións no desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación. Tamén lle corresponde a planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico e a elaboración, promoción e xestión de plans e programas de promoción, adquisición e posta no mercado do solo empresarial que incentiven o asentamento de empresas, a dinamización económica e o equilibrio territorial.

Neste ámbito, impulsarase a creación de solo produtivo ordenadamente, de acordo cos plans e programas vixentes, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e a posta a disposición deste solo nas condicións mais favorables posibles, co obxecto de facilitar a implantación de actividades económicas xeradoras de emprego na nosa comunidade autónoma. Ademais, promoverase o desenvolvemento de novos ámbitos de solo empresarial a través das distintas figuras de axilización previstas no proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que inclúe modificacións do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro. Estas figuras facilitarán a creación de solo empresarial nas zonas nas que exista demanda real para a implantación de iniciativas empresariais, incluídas as do ámbito rural.

Estas medidas veranse ademais complementadas pola iniciativa posta en marcha xa no ano 2024 que permitiu a extensión do réxime de dereito de superficie á totalidade de solo titularidade de Xestur, así como a súa utilización de forma gratuíta durante os oito primeiros anos.

- Polo Aeroespacial de Galicia

Con respecto á continuación das actuacións asociadas ao Polo Aeroespacial de Galicia, as actuacións que no ano 2025 serán máis salientables son as seguintes:

- O impulso do Polo Aeroespacial de Galicia a través de diversas actuacións que se desenvolven no marco da iniciativa estratéxica coa denominación de Civil UAVs Initiative que persegue impulsar o crecemento económico e a cohesión de Galicia, a través do apoio a un novo sector de alta tecnoloxía.
- A consolidación do investimento público-privado no marco da Estratexia da Civil UAVs Initiative, contemplando todas as actuacións capaces de consolidar Galicia como un polo aeroespacial de referencia mundial no desenvolvemento e ensaio de aeronaves non tripuladas.
- A participación en proxectos europeos de diferentes iniciativas (Interreg Europe e outros fondos europeos POCTEP ou Horizonte2020) co obxectivo de fortalecer a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, e mellorar a excelencia científica no espazo de cooperación transfronteiriza de Galicia e Portugal e nas alíneas de investigación con potencial para seren máis competitiva internacionalmente.

- Fortalecemento dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia

Por outra parte, continuarase apostando polo fortalecemento, modernización e mellora das infraestruturas dos parques empresariais de titularidade municipal, principalmente a través da dotación orzamentaria necesaria para promover tres tipos de infraestruturas e dotacións: a mellora de infraestruturas xerais dos parques empresariais galegos, a mellora na súa subministración eléctrica, e a implantación de viveiros industriais e a mellora dos existentes.

Estas liñas, que contarán cunha dotación total de máis de 5,5 M€ no ano 2025, contribúen a apoiar aos concellos galegos e pretenden ser, ademais, un impulso para a captación de investimentos en Galicia, sendo claves para favorecer a actividade das empresas asentadas e das que buscan instalarse nunha área industrial que responda as súas necesidades.

- Seguridade industrial

Todos os sectores produtivos de Galicia, algúns de tanta transcendencia como a agricultura, a automoción, a enerxía, a minería e o sector naval ou o comercio están directamente afectados pola normativa de seguridade industrial. Polo tanto, unha boa política en materia de seguridade industrial ofrece un valor diferencial nestes sectores produtivos con avanzados estándares de seguridade nesta materia.

Neste contexto, continuarase o desenvolvemento do Plan para a mellora da seguridade industrial en Galicia posto en marcha no ano 2024, co obxecto de prever e limitar os riscos asociados á seguridade das instalacións que afecten a persoas, bens e contorna, e que xa no ano 2024 se baseou que se baseou nos seguintes piares:

- Desenvolvemento do Consello Galego da Seguridade Industrial, creado no ano 2024, como órgano colexiado de natureza consultiva e de participación para o impulso e coordinación dos criterios e actuacións en materia de seguridade industrial. Este órgano permite avanzar na idónea aplicación das medidas dirixidas a garantir a seguridade

industrial en Galicia, cunha estratexia coordinada con todos os axentes implicados na infraestrutura da seguridade e calidade industrial.

- Desenvolvemento dun Plan de inspección de seguridade industrial extraordinario, que no ano 2024 complementou o plan ordinario anual, co fin de colaborar coas empresas e traballadores na detección de posibles incidencias que poidan supoñer riscos para a seguridade das persoas ou dos bens.
- Desenvolvemento dun Plan de fomento e difusión da seguridade industrial, dirixido a difundir as vantaxes do cumprimento da normativa en materia de seguridade industrial e á concienciación á cidadanía sobre as vantaxes que supón manter as instalacións coa máxima calidade e posta en servizo.

- Modernización das Estacións de Servizo e implantación nelas do servizo de “caixeiro”

Como novidade para o ano 2025, prevese desenvolver unha liña de axudas que permita a modernización das estacións de servizo, especialmente no ámbito rural, co fin de apoiar a súa modernización e, en especial, a dixitalización das súas instalacións. A convocatoria desta liña será bianual, cunha dotación económica de 0,8 M€ no ano 2025, que se complementará cunha dotación superior no ano 2026.

Considérase importante apoiar esta actividade económica, que tivo tradicionalmente un importante papel no ámbito rural; nos pobos de Galicia, as estacións de servizo son puntos de referencia non só para a venda de combustibles para vehículos e maquinaria do sector primario, senón tamén para a venda doutros artigos asociados e mesmo produtos de alimentación.

Mediante a nova liña de axudas, promoverase o mantemento da actividade das estacións de servizo no ámbito rural galego, como un dos piares básicos necesarios para garantir a calidade de vida no ámbito rural.

- Control dos combustibles e carburantes á venda na Comunidade Autónoma e vixilancia de mercado

Considerase fundamental o control de todos os produtos petrolíferos á venda na Comunidade Autónoma co fin de garantir a súa calidade, para protexer aos consumidores e á sociedade en xeral. Tendo en conta que se trata dun sector no que os avances tecnolóxicos son constantes, dando lugar a novas produtos e a un mercado altamente diversificado, os mecanismos de control que se utilicen han de ser capaces de responder ás innovacións científicas e tecnolóxicas, contando con medios humanos e técnicos na vangarda científica. No ano 2025 continuarase a desenvolver o control dos combustibles e carburantes á venda na Comunidade Autónoma, co fin de garantir a súa calidade, cumprindo, ao mesmo tempo, coas abrigas establecidas no ámbito regulamentario.

Pola súa parte, a vixilancia de mercado ten unha dobre finalidade, unha a protección dos cidadáns, comprobando a seguridade dos produtos ao dispor dos usuarios, outra eliminar competencia desleal, penalizando a aqueles operadores económicos que non cumpran coa normativa de harmonización. As actuacións previstas para o ano 2025 son o desenvolvemento de campañas de vixilancia do mercado do produtos industriais, empezando por paneis fotovoltaicos e aparatos salva escaleiras.

- Propiedade industrial

A propiedade industrial é un conxunto de dereitos exclusivos que protexen tanto a actividade innovadora manifestada en novos produtos, novos procedementos ou novos deseños, como a actividade mercantil, mediante a identificación en exclusiva de produtos e servizos ofrecidos no mercado. Neste sentido, o través do servizo galego de propiedade industrial (SEGAPI), poden rexistrarse, ao amparo dun convenio de colaboración asinado coa Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM), todos os títulos de propiedade industrial e calquera documentación necesaria para solicitar ou manter os seus dereitos así como prestar servizos de asesoramento e información sobre cuestións relacionadas coa propiedade industrial.

- Impulso da metroloxía e metais preciosos.

No ámbito da metroloxía, prevense desenvolver as actividades propias da metroloxía legal e industrial, coa participación activa do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia, mantendo e mellorando os servizos prestados neste ámbito. Pola súa parte, no ámbito dos metais preciosos, continuarase o desenvolvemento das tarefas de contraste das pezas fabricadas con metais preciosos, segundo establece a lexislación de aplicación nesta materia, a través do Laboratorio Oficial de Contrastación de Metais Preciosos de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E MINAS

I. No ámbito da enerxía as principais liñas de acción para 2025 serán:

- A planificación dos recursos naturais no contexto da planificación enerxética, a través de impulso dun novo Plan Sectorial Eólico.
- Tramitación administrativa e autorización das infraestruturas de transporte e distribución de enerxía eléctrica.
- Tramitación administrativa e autorización das infraestruturas de xeración eléctrica competencia da DXPEM.
- Tramitación administrativa a autorización das infraestruturas de distribución de gas natural.
- Análise e informe previo dos plans de investimento das empresas distribuidoras de electricidade.
- Elaboración de propostas e alegacións ao Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte e distribución da enerxía eléctrica, e as modificacións de aspectos puntuais do mesmo.
- Loitar contra a pobreza enerxética, a través da concesión do Bono Social Térmico e do Bono Social Eléctrico.
- Traballar coordinadamente co INEGA no seguimento da planificación enerxética e no estudo das distintas propostas de regulación emanadas da Administración Xeral do Estado e da Administración da Unión Europea, co fin de que os intereses de Galicia se contemplen debidamente nas mesmas.

- Traballar na mellora das respostas ás reclamacións enerxéticas da cidadanía e das empresas.

Adicionalmente, neste ámbito, cómpre sinalar as principais liñas de acción do CIS Ferrol:

- Impulsar a realización de proxectos de investigación e pilotos a escala ou pre-comerciais nas costas galegas.
 - Favorecer a implantación e a transformación industrial, creando as condicións óptimas para facer de Galicia a rexión na que investir en todas as fases do ciclo de vida destas tecnoloxías.
 - Trasladar á sociedade os resultados, efectos e impactos desta oportunidade, mediante a creación de oportunidades económicas a longo prazo e de emprego de calidade en Galicia.
2. No ámbito da minería, as grandes liñas de acción para 2025 sustentaranse no establecido na Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030, sendo esta unha folla de ruta na que se comprenderán diferentes actuacións, que supoñen unha promoción e apoio á minería sustentable a través dun programa que coaduxve ao deseño e á implantación de políticas públicas desde a perspectiva da incorporación efectiva do principio de sustentabilidade na actividade mineira, que converta ao sector da minería de Galicia nun aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industriais, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital se abasteza de maneira sostible coas imprescindibles materias primas. Así, actuarase en distintos eidos:

No eido das axudas a empresas mineiras:

- Convocatoria de axudas para mellorar a sustentabilidade nos seus centros de traballo para a protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras para a loita contra as enfermidades profesionais nos seus postos de traballo mediante a redución de emisións de po e ruído e a mellora da calidade do ambiente atmosférico das zonas afectadas pola actividade mineira.

No eido da protección e prevención ambiental:

- A execución pola Administración de actuacións en materia de rehabilitación medioambiental ou de posta en seguridade de explotacións mineiras, a través, no seu caso, de procedementos de execución subsidiaria.

No eido da xestión de fondos Europeos e da recuperación ambiental:

- Xestión en relación cos fondos Next Generation: MRR Compoñente 10. Restauración de ocos e espazos abandonados pola actividade mineira.

No eido da dixitalización:

- Continuarase impulsando a dixitalización e modernización da Administración mineira mediante actuacións de auditoría e revisión de procedementos administrativos de proxectos mineiros e actuacións de preparación e dixitalización de arquivos e sistemas co obxectivo de acadar unha xestión telematizada e transparente, así como a simplificación administrativa e a tramitación electrónica dos procedementos de minas, así como do tratamento estatístico dos seus datos.

No eido das colaboracións:

- Apoio ao funcionamento da Cámara Oficial Mineira de Galicia, en canto entidade de dereito público de carácter consultivo e de colaboración coa Administración Pública e como institución representativa do sector que ten encomendado en xeral o seu fomento.

No eido da valorización dos recursos mineiros nos concellos de Galicia:

- Colaboración coas entidades locais como forma de poñer en valor o patrimonio mineiro galego, en especial o patrimonio termal e o patrimonio industrial mineiro.

No eido da sustentabilidade:

- A través do Programa de Sustentabilidade no Sector Mineiro fomentárase a minería sostible con colaboracións con entidades relevantes e representativas do sector mineiro, tales como o Clúster da Pizarra de Galicia, e/ou Fundacións como é a do Centro Tecnolóxico do Granito, así como colaboracións con outras entidades que representan a distintos sectores mineiros de carácter estratéxico para a Comunidade de Galicia.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONÓMICA - IGAPE

No Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), incardínase o conxunto de medidas do Goberno da Comunidade Autónoma dirixidas a promover a economía galega, favorecendo o emprendemento e o crecemento empresarial a través da internacionalización e a mellora da competitividade e da innovación no conxunto do territorio.

Máis concretamente, estas medidas están enfocadas:

- Ao impulso e consolidación da actividade económica das empresas apoiadas especialmente na transformación dixital e na sustentabilidade.
- A dar resposta ás esixencias do escenario económico actual, para favorecer a continuidade e o crecemento da economía e do tecido empresarial.
- Á consolidación e fortalecemento do programa de apoio á internacionalización das pemes galegas, cunha forte compoñente de internacionalización dixital e comercio electrónico global.
- Ao fomento da competitividade, da innovación e da produtividade e ao impulso da participación e cooperación entre os axentes económicos galegos.
- Ao desenvolvemento das empresas e industrias, en colaboración cos clúster galegos, impulsando medidas de acordo cos novos plans directores da Consellería de Economía e Industria.

- Ao apoio integral ao emprendemento innovador, a incubación, aceleración e consolidación de proxectos de startups a través de aceleradoras específicas transversais e verticais (Business factories).
- Á atracción de empresas e novos investimentos empresariais que contribúan á creación de emprego e ao fortalecemento do tecido produtivo e de servizos en Galicia.
- A favorecer o crecemento e consolidación de empresas impulsando o equilibrio territorial.

Os orzamentos estrutúranse en torno á estratexia do IGAPE no marco 2021-2027 e á posta en marcha dos diferentes programas e plans de actuación, que integran medidas configuradas de xeito conxunto, nas bases reguladoras dos apoios xestionados polo Instituto, xunto con instrumentos financeiros, servizos e novas actuacións, que teñen en conta as directrices e orientacións prioritarias en Europa, como a recuperación empresarial e a resiliencia a través da innovación, a economía verde e a dixitalización, e todo iso desde unha forma de xestionar menos burocratizada, na procura dunha xestión máis áxil e simplificada.

Os plans de actuación do IGAPE materializan o compromiso coa resiliencia e crecemento da economía da nosa Comunidade e a mellora da competitividade e a innovación das empresas galegas.

Programas e eixos de actuación do IGAPE:

I. Competitividade Empresarial

A mellora da competitividade das pemes, eixe central da actuación do IGAPE, verase reforzada pola posta en marcha de novas medidas e actuacións de impulso fundamental á Empresa Dixital e Sostible.

Deste xeito, no despregamento cara á mellora da competitividade do tecido empresarial, o IGAPE contempla accións específicas, como son:

- Apoios para incentivar melloras na transformación dixital, especialmente no eido da implantación de sistemas e solucións de dixitalización, na implantación de medidas de mellora Ambientais, Sociais e de Gobernanza, así como na sensibilización e capacitación de directivos e mandos intermedios fronte aos retos dinámicos da economía global.
- Promoción e financiamento de INFRAESTRUTURAS COLABORATIVAS INDUSTRIAIS (programas de Centros de Fabricación Avanzada e Infraestruturas Estratéxicas Abertas), que contribúan a reforzar o contorno industrial e dotar de acceso a infraestruturas equipadas a emprendedores, persoas traballadoras en activos, spin-outs empresariais, etc. para desenvolver proxectos e iniciativas industriais en espazos dotados e con condicións de acceso coñecidas e reguladas.
- Prestación de servizos avanzados, a través do programa "Re-Acciona" renovado e reforzado co obxectivo de contribuír á mellora competitiva da empresa, mediante servizos de desenvolvemento estratéxico das pemes, de profesionalización operativa, de dixitalización, internacionalización e innovación.

- Posta en marcha de liñas e servizos específicos no eido da ECONOMÍA CIRCULAR, como chave de impulso á peme galega sostible, e á LOXÍSTICA AVANZADA E SOSTIBLE, especialmente na industria, en resposta aos postulados da Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia e á Estratexia Galega de Economía Circular, respectivamente.
- Continuar a promover a excelencia nos clúster, co seguimento de actividade e novos programas de axudas ao desenvolvemento de accións e eventos de interese económico xeral por parte das Agrupacións Empresariais Innovadoras (clústeres consolidados e clústeres emerxentes) que esixen aos agrupamentos a proposta de plans de actuación principalmente nos eidos da dixitalización, a sustentabilidade e a internacionalización en materia de difusión, promoción xeral e capacitación e concienciación.
- Promover a través dos propios clústeres e outros organismos intermedios de carácter empresarial a execución de obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sostibilidade, loxística avanzada e proxectos de hibridación intersectorial para a xeración de novos produtos ou servizos conxugando as diferentes capacidades de eidos de actividade non conexas.
- Pór en marcha un PROGRAMA PILOTO de INTERIM MANAGER para contribuír a mellora de xestión nas pemes. O obxectivo é reforzar a xestión incorporando de xeito temporal expertos nas áreas de xestión que sexan necesarias reforzar.
- Fomentar programas para impulsar a conciencia e actuación nun itinerario de fortalecemento da CIBERSEGURIDADE nas empresas galegas.

2. Galicia Investe

lgape porá en marcha distintas liñas de actuación de financiamento dos investimentos das empresas galegas que contribuirán:

- A apoiar e incentivar o investimento e o crecemento empresarial.
- A estimular unha maior dimensión das empresas galegas.
- A favorecer un nivel equilibrado de fondos propios nos balances das pemes.
- A favorecer o acceso ao crédito bancario para o financiamento do capital corrente das pemes.
- A mobilizar o financiamento privado nos ámbitos do emprendemento, a industria e a innovación empresarial.
- A promover a diversificación, reorientación ou cambio de negocio a partir da hibridación e a correspondencia oferta/demanda sectorial.

As actuacións contempladas oriéntanse nas seguintes actuacións:

- Apoios para incentivar o investimento e o crecemento empresarial a través de diversas formulas como prestamos e subvencións a fondo perdido.
- Impulsar a atracción de empresas a través de apoios ou investimentos e incentivos en Galicia para contribuír ao crecemento empresarial e industrial.

- Liñas de acceso ao financiamento operativo avalando operacións de investimento, de capital corrente e outro tipo de garantías, mediante convenios subscritos coas sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras, como o do programa de “Reavais”.
- Programas de avais para facilitar o acceso ao financiamento de investimentos e de capital circulante.
- Programa de préstamos directos para financiar grandes proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia, así como liñas específicas de préstamos que financien actuacións axustándose ás necesidades das empresas.
- Préstamos destinados á novación de débedas.
- Novos instrumentos financeiros a través do Fondo de Transición Xusta, para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego na provincia da Coruña.
- Novos instrumentos financeiros que apoien a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico das Empresas.
- Novos programas de subsidiación de xuros como acompañamento noutras liñas de financiamento como as que convocan os distintos Ministerios e outros organismos estatais e as de préstamos do Banco Europeo de Investimentos (BEI) como medida de apoio ao investimento e consolidación de empresas.

Para as diversas actuacións, o IGAPE contará coa colaboración de distintos organismos facilitadores de financiamento (entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca, entre outros). A participación do IGAPE no marco destes convenios suporá a concesión de avais e reavais e compensacións ás sociedades de garantía recíproca, tanto como entidades colaboradoras, como para apoiar a súa solvencia.

3. Internacionalización da Empresa Galega

Fomentar a internacionalización como base para a competitividade do tecido empresarial galego.

A través de diversas actuacións, medidas, servizos e instrumentos, o IGAPE centrarase en fortalecer e expandir a presenza das empresas galegas no exterior, así como en atraer investimento produtivo, comercial e financeiro cara a Galicia, contribuíndo deste xeito, á promoción económica e ao crecemento empresarial.

O IGAPE, como coordinador das políticas de internacionalización da Xunta de Galicia, baseará a súa actuación no reforzo da colaboración e coordinación entre os distintos axentes públicos e privados.

As liñas de actuación son as seguintes:

- Fomento da cultura da internacionalización empresarial: mediante a especialización e a capacitación dos recursos humanos das empresas.
- Incremento e consolidación da presenza das empresas galegas nos mercados internacionais: identificaranse mercados internacionais onde as empresas galegas teñan vantaxes competitivas e desenvolveranse programas específicos en función destas oportunidades.

- Consolidación da imaxe de Galicia no exterior e fomento da cooperación empresarial e institucional para promover unha imaxe forte e positiva de Galicia e das súas empresas no exterior. Para iso, incentivaranse alianzas estratéxicas entre empresas galegas, así como colaboracións coas institucións públicas e privadas.

Co fin de incrementar a eficacia e eficiencia dos recursos públicos, o IGAPE prestará especial atención ás iniciativas de colaboración de entidades e principais organizacións empresariais que traballan no ámbito da internacionalización.

Estas sinerxías contribuirán a crear unha marca Galicia recoñecida a nivel internacional, potenciando a visibilidade dos produtos e servizos galegos nos mercados globais. Ademais, promoveranse accións conxuntas en feiras, eventos internacionais e campañas de comunicación que reforcen a reputación de Galicia como un territorio competitivo, innovador e de calidade, favorecendo así a atracción de investimentos e oportunidades de negocio.

Neste sentido, seguiremos apoiando os programas destinados a impulsar e facilitar a cooperación empresarial, tanto para promover a internacionalización conxunta como para favorecer o intercambio de boas prácticas neste ámbito.

Darase continuidade a programas de probado éxito como o Galicia Exporta Empresas, Galicia Exporta Organismos Intermedios e Galicia Exporta Dixital e Xestores de Internacionalización.

Tamén, en colaboración coas cámaras de Comercio Galegas, continuarase co plan Foexga (Plan de Fomento das exportacións galegas) e Plan Foexga Grandes empresas.

O reforzo dos servizos de apoio ás empresas a través das Antenas do Igape. Está prevista a apertura de dúas novas antenas en mercados internacionais que se sumarán ás seis que xa están en funcionamento en EEUU, México, Marrocos, China, EAU e Xapón.

Continuarase traballando nos programas da Área de Internacionalización, tales como:

- Aceleradora Internacionalización Pymes- Galicia Avanza é un programa de aceleración especializado na comercialización exterior que persegue fortalecer a internacionalización das solucións innovadoras en produtos ou servizos das pemes galegas.
- Contract GALICIA: O obxectivo é favorecer a internacionalización e obtención de novos clientes internacionais as numerosas empresas galegas do sector contract ampliando o seu abanico de clientes e sectores de actuación.

Entre as novas actividades a desenvolver pola Área de Internacionalización cabe destacar:

Convenios coas Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior (AEGAS), que teñen como obxectivo dinamizar as relacións entre o empresariado galego no exterior e o de Galicia, promovendo colaboracións e acordos tanto no ámbito privado como no público e institucional. Estes convenios buscan contribuír ao desenvolvemento das empresas galegas, facilitando o acceso a novos mercados e clientes a través da cooperación entre empresarios dentro e fóra de Galicia.

Posta en marcha do novo programa Galicia Capacita Internacional, Esta nova liña pretende Impulsar a capacitación e a mellora dos equipos humanos das empresas do sector industrial

mediante estancias temporais nas Empresas do grupo empresarial. Dando resposta as necesidades das empresas industrias que están afectadas polo entorno cambiante

Esta combinación de accións complementarias encádranse dentro dunha estratexia de internacionalización 2021-2025, na que a maioría dos obxectivos xa están cumpridos e noutros estase traballando para acadalos antes do remate do ano 2025:

- Incremento da base exportadora
- Diversificación de mercados: crecer nos nosos mercados obxectivo fóra da UE, especialmente en América do Norte, América do Sur, Asia e o Reino Unido.
- Internacionalización Dixital: acadar as 1.000 empresas internacionalizadas dixitalmente no 2025.
- Talento Internacional: Conseguir e dar a coñecer ás empresas 500 profesionais galegos especializados en internacionalización.

4. Apoio e impulso ás startups en Galicia

O IGAPE mantén o impulso e consolidación das Empresas Innovadoras/Startup, e faino, poñendo en marcha novas edicións das Business factory nas que se atende a transversalidade e os sectores. Así, no ano 25 impulsaremos a Business Factory Auto (BFA), a Aeronautics Business Factory (BFAero) no sector aeronáutico, no sector da industria alimentaria, a Business Factory Food (BFFood) e no sector da Sostibilidade e a economía circular a BF-CLIMA TECH. Tamén se promoverá a cofinanciación de novos focos en algún sector novo de especial interese como poden ser a Saúde, a Industria do Deporte e o benestar ou as Enerxías Renovables.

O ano 2025 continuará a dar resposta ás startups en Galicia, coa que se persegue a internacionalización das startups, a súa consolidación e tamén o reforzo do ecosistema da man dos axentes principais na economía galega do emprendemento innovador.

Continuaremos coa liña de apoio para dar cobertura a necesidades recorrentes das startups nos seus inicios, mediante bonos de axil acceso e concesión, que permitan facilitar a operación das startups galegas cun sistema sinxelo de apoio desde o IGAPE.

5. Programa Galicia Capacita

Como elemento e peza clave na mellora da competitividade das empresa galegas, o IGAPE manterá e reforzará o programa de formación e desenvolvemento directivo.

No Programa Galicia Capacita contéplanse accións en tres eixos: formación e difusión, profesionalización, estratexia e novos modelos de negocio e cooperación. Estes tres aspectos resultan totalmente determinantes da competitividade das persoas e as organizacións e, polo tanto, das competencias necesarias para a profesionalización das empresas e así incrementar a súa solidez, capacidade de resistencia ante circunstancias adversas e afirmar as bases dun crecemento sostido e sostible a medio e longo prazo.

Impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos é outra das medidas sinaladas para contribuír a capacitación, ao desenvolvemento e á modernización empresarial. Accións que o Instituto vén facendo, especialmente nos últimos anos. Deste xeito, buscase contribuír a que tódolos axentes e organismos de Galicia colaboren de ma-

neira coordinada para mellorar o tecido empresarial e situar a Galicia como unha rexión atractiva para investir e traballar é o principal obxectivo deste plan nos plans de actuación do Instituto, que ten como principais axentes aos clústeres e organismos intermedios de carácter empresarial.

Os orzamentos de 2025 contemplan accións específicas nestes eidos, como son:

- Acordos e convenios con axentes clave para a formación, a difusión de tendencias de xerencia e xestión e o desenvolvemento directivo dos administradores, directivos e mandos intermedios da peme galega.
- Un gran programa de difusión, formación e capacitación de mandos intermedios empresariais, directivos e Consellos de Administración, como chave de éxito das pemes cara ó futuro e que pretende exercer un impulso de cambio na acción dos cadros de mando das pemes galegas e, consecuentemente, o lanzamento de novas estratexias cara ó crecemento e a internacionalización de xeito decidido.
- Prestación de servizos diferenciais, de alto valor, a través do programa “Re-Acciona”. No ano 2025, seguindo o esquema de selección de entidades colaboradoras, porase en marcha un novo programa Re-Acciona, que aglutine as actuacións mais interesantes de toda a carteira de servizos experimentados ata a data e reforzase con servizos para a internacionalización e outros acordos coas actuais tendencias e retos do mercado global.

Moitas das liñas de actuación neste plan, acometeranse en colaboración con entidades e organismos dedicados a formación e capacitación de directivos e mandos intermedios, como a Asociación para o Progreso da Dirección, o Circulo de Empresarios de Galicia ou Nordés Clube empresarial.

6. Innovación empresarial

A innovación empresarial contribúe á competitividade das pemes, e polo tanto eixo central estratéxico de actuación do IGAPE cun obxectivo claro incrementar a competitividade, crecemento e consolidación a través da Innovación.

O IGAPE porá en marcha en 2025 distintas liñas de actuación que contribuirán a:

- Incrementar o número de empresas innovadoras en Galicia, tanto en sectores maduros e tradicionais como nos sectores emerxentes e de alto potencial.
- Apoiar todas as etapas de innovación empresarial.
- Estender a cultura da innovación no tecido empresarial.
- Profesionalizar a innovación nas empresas.
- Incrementar a colaboración entre as empresas e os centros tecnolóxicos.
- Apoiar ás empresas que xa innovan, para que intensifiquen o seu esforzo no desenvolvemento de novos produtos, servizos, aplicacións e tecnoloxías.

Deste xeito, na programación de iniciativas 2025 para o impulso da innovación nas empresas galegas, por un lado manteranse iniciativas derivadas de GAIN por estar actualmente en fase de desenvolvemento e por outro poranse en marcha novas iniciativas desenvolvidas no IGAPE. A continuación resúmense as liñas principais:

- Peme Innova. Innova Peme – Deseña Peme: liña de subvención provinte de GAIN co obxecto de apoiar as empresas no ámbito do deseño e da innovación empresarial.
- Bonos Innovación: Axudas dirixidas a pemes para mellorar a súa capacidade competitiva a través da innovación mediante a contratación de consultoras especializadas neste ámbito.
- Digital Innovation Hubs: Acelerar a transformación dixital ea innovación das pemes a través do apoios os Hub Innovation (Digital, Datalife).
- Estrategia formación microempresas: Programa de innovación nas microempresas para contribuír a superar os obstáculos que estas teñen para innovar.
- Fábrica Intelixente e sostible: Apoio a proxectos empresariais de innovación de carácter estratéxico.
- INNOVA IGAPE: Ademais, prevense axudas destinadas ao financiamento de servizos externos de apoio á innovación mediante bonos de servizos de innovación e financiación, co obxectivo de dar apoio ás micro e pequenas empresas de baixa intensidade tecnolóxica para comezar a integrar a innovación no seu modelo de negocio.
- Fábrica Automoción Intelixente e sostible: apoio a proxectos empresariais de innovación de carácter estratéxico para o sector de automoción.
- IGAPE Tech Innovación: fomentar a adopción e desenvolvemento de solucións e tecnoloxías innovadoras no sector industrial para aumentar a competitividade, sustentabilidade e eficiencia das empresas.
- Maquinaria 4.0 de uso recorrente: Nova actuación para impulsar en Galicia la fabricación de maquinaria de uso recorrente e de índole innovadora que atendan as demandas sectoriais.
- Produto TIC Galego: Nova liña de apoio ao sector TIC, para impulsar o desenvolvemento de produto TIC galego que satisfaga as demandas sectoriais do mercado galego.
- Premios Innovación e Deseño: Con estes galardóns búscase destacar as mellores prácticas para que sirvan de exemplo a todo o tecido empresarial galego, poñendo de relevo como a innovación e o deseño compren un papel esencial para mellorar a competitividade das empresas e, en definitiva, a calidade de vida das persoas.
- Programa retech Política industrial 2030. MRR 21-26: Posta en marcha dunha plataforma de datos para a IA para dar servizo aos sectores estratéxicos da economía galega.
- Programa retech. ENIA C.16. MRR 21-26: Optimización das cadeas de valor en sectores estratéxicos da economía para a mellora da produtividade e da calidade de vida a través da aplicación da IA.

7. Oficina Económica de Galicia

A Oficina Económica de Galicia ten como obxectivo informar, asesorar e acompañar as empresas.

Calquera tipo de iniciativa empresarial atopará un punto de contacto coa Xunta de Galicia. Desde a Oficina Económica se identifican as necesidades das empresas para dar unha

resposta de todos os apoios e instrumentos que existen en Galicia, no ámbito estatal e no europeo.

Por outra banda, a Oficina Económica de Galicia ten o obxectivo de atraer a Galicia investimento produtivo. Neste contexto acompañarase e asesorarase a outras empresas de fóra de Galicia para tentar atraer proxectos e investimentos que se poidan implantar na nosa Comunidade Autónoma e que sexan creadores de tecido industrial e de postos de traballo.

8. Actividades de soporte

Baixo este eixe inclúense as diferentes actividades de información e difusión dos servizos e apoios do IGAPE e os gastos xerais de funcionamento do Instituto.

O Igape comezou o proceso para a súa transformación dixital cara a obter novas capacidades internas que permita unha tramitación máis áxil, máis eficiente e cun menor custe para as organizacións empresariais e persoas traballadoras autónomas que presenten a súas solicitudes de apoio. Neste ano a implantación e desenvolvemento destas ferramentas significará un salto evolutivo na relación dixital entre empresas e a administración.

O IGAPE aposta pola intelixencia artificial e a hiperautomatización dos procesos con menor valor engadido que redundará nun mellor e máis rápido servizo, adaptando a xestión administrativa ás novas necesidades de empresas e persoas traballadoras autónomas.

A creación dun observatorio de tecnoloxía interno permitirá introducir no Instituto de Promoción Económica as mellores prácticas e adaptar novos avances tecnolóxicos na xestión administrativa pública.

En canto á perspectiva de xénero nos orzamentos, o Igape velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

Naqueles programas de axuda nos que se valore a creación ou mantemento de emprego, establecerase unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

Por outra parte, para os distintos programas obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA - INEGA

As principais liñas de acción para o ano 2025 son as seguintes:

- I. Plan de Eficiencia Enerxética nas familias:
 - Fomento do autoconsumo eléctrico.
 - Impulso da xeración de calor e auga quente sanitaria a partir de sistemas altamente eficientes.
 - Mellora da eficiencia enerxética nas vivendas.

- Campañas de información e sensibilización á cidadanía.
 - Mobilidade eficiente e sostible.
2. Fomento de axudas de aforro e eficiencia enerxética:
- Impulso á mellora da competitividade das empresas pola vía do aforro e a eficiencia enerxética, mediante axudas dirixidas ás actividades económicas.
 - Impulso á mellora da competitividade das empresas do sector agropecuario, pola vía do aforro e a eficiencia enerxética.
 - Bono enerxía Peme: axudas en condicións vantaxosas para a mellora enerxética do sector servizos.
 - Xestión do Programa de axudas para actuacións de eficiencia enerxética no sector industrial dirixido a grandes proxectos.
 - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos a proxectos de descarbonización e renovación industrial de industrias tractoras da provincia da Coruña.
 - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á mellora de polígonos industriais ecoeficientes na provincia da Coruña.
 - Fomento da planificación e o asesoramento enerxético.
3. Fomento do uso de fontes de enerxías renovables:
- Axudas para intensificar a implantación de enerxías renovables na Comunidade Autónoma, focalizando a implantación das instalacións que permitan aos fogares e ás empresas o acceso ao autoconsumo eléctrico, á xeración distribuída a pequena escala e ao almacenamento enerxético.
 - Impulso á mellora da competitividade das empresas do sector agropecuario, mediante o incentivo ás enerxías renovables.
 - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á fabricación de compoñentes para enerxía renovable e almacenamento, na provincia da Coruña.
 - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á mellora de polígonos industriais ecoeficientes na provincia da Coruña.
 - Fomento para o desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais.
 - Apoio á instalación de equipamentos térmicos con biomasa e ás instalacións de xeración de calor a partir das tecnoloxías xeotérmica e aerotérmica.
 - Apoio á implantación de infraestruturas e tecnoloxías de almacenamento enerxético e identificación de oportunidades de desenvolvemento de proxectos de interese para a Comunidade Autónoma.
4. Programa de axudas de impulso á mobilidade eficiente e sostible:
- Fomento da introdución de tecnoloxías de mobilidade eficientes e sostibles.
 - Execución do programa MOVES III.
5. Actuacións en planificación e infraestruturas enerxéticas:
- Promoción das actuacións contempladas na Axenda Enerxética de Galicia 2030.

- Seguimento da planificación da rede de transporte de electricidade do Estado 2021-2026.
 - Fomento da creación do Corredor Verde Norte que permita dispoñer das infraestruturas necesarias nas principais vías de conexión terrestre que unen Galicia con Asturias e Castela e León para garantir o adecuado subministro enerxético ás alternativas de propulsión para a mobilidade e o transporte libres de emisións.
 - Elaboración do Balance enerxético de Galicia do 2024.
 - Recompilación de información da enerxía eléctrica xerada polas distintas centrais de produción de enerxía eléctrica en Galicia.
 - Actualización da información xeorreferenciada (gráfica e alfanumérica) das infraestruturas enerxéticas da Comunidade Autónoma (Atlas Enerxético).
6. Tecnoloxías relacionadas co hidróxeno e outros gases de orixe renovable:
- Fomento das actuacións contempladas na Estratexia do hidróxeno renovable de Galicia, actualmente en elaboración.
 - Fomento da implantación de tecnoloxías relacionadas co hidróxeno e outros gases de orixe renovable que permitan a descarbonización de procesos industriais.
7. Desenvolvemento das enerxías renovables mariñas:
- Continuar coa labor do INEGA na función de Secretaría técnica do Observatorio da Eólica Mariña de Galicia.
 - Promoción e, no seu caso, tramitación, da solicitude dunha nova zona experimental para o ensaio de tecnoloxías relacionadas coa eólica mariña flotante.
 - Continuar co desenvolvemento de actividades para o impulso da actual zona experimental de enerxías mariñas (ondas, mareas e correntes) de Punta Langosteira.
8. Certificación enerxética de edificios:
- Tramitación e resolución das solicitudes de inscrición no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Control técnico dos certificados de eficiencia enerxética dos edificios.
 - Desenvolvemento e actualización de novas funcionalidades na plataforma RGEEE que xestiona o Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios.
 - Participación como membro da Comisión Asesora e de Grupos de Traballo na materia.
 - Información xeral e técnica á cidadanía e aos axentes implicados na certificación enerxética dos edificios, así como asesoramento a outras consellerías e organismos públicos.
9. Actuacións de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables na administración pública autonómica:
- Xestión da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA), constituída polas infraestruturas, medios e servizos necesarios para a xestión enerxética dos centros de consumo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, prestando asesoramento técnico a todos os centros adheridos ás distintas contratacións centralizadas.

- Promoción da mellora do comportamento enerxético dos elementos técnicos e arquitectónicos nos centros sociais, educativos, sanitarios e administrativos, na procura de acadar unha diminución na factura enerxética da Xunta de Galicia a través de actuacións directas en aforo e eficiencia enerxética e enerxías renovables nestes edificios.
- Mellora da iluminación exterior de edificios singulares e históricos da Administración autonómica.

10. Proxectos europeos:

- Seguimento e participación na implantación e desenvolvemento do Plan de recuperación para Europa a través da execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Execución de actuacións financiadas co Fondo de Transición Xusta, cuxo obxectivo é apoiar aos territorios máis afectados pola transición á neutralidade climática e evitar o aumento das disparidades rexionais.
- Execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas ao abeiro do Programa Operativo FEDER 2021-2027.
- Execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas con FEADER ao abeiro do Plan Estratéxico da PAC 2023-2023.
- Participación en novas propostas de proxectos de investigación relacionados co ámbito enerxético en programas europeos (COMEREG, H-MOV,...).

11. Outras actuacións:

- Asesoramento técnico á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas.
- Participación na comisión de seguimento da execución dos proxectos de natureza industrial asociados ós parques eólicos adxudicatarios dentro das Ordes da convocatoria que regula a Lei 8/2009, do 22 de decembro.
- Tramitación das competencias derivadas do Real Decreto 56/2016, do 12 de febreiro, relativo a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía. Este Real Decreto establece a obriga para as grandes empresas de realizar unha auditoría enerxética cada 4 anos e comunicarlle a Administración. No primeiro período de 4 anos recibíronse máis de 2.500 comunicacións de auditorías.
- Desenvolvemento de proxectos pilotos e demostrativos.
- Xestión autonómica polo Inega do Sistema CAE, establecido polo Real Decreto 36/2023, do 24 de xaneiro.
- Ensaio de prototipos na zona experimental de enerxías mariñas de Punta Langosteira.

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

A Axencia Galega da Industria Forestal durante o ano 2025 seguirá levando a efecto os seus obxectivos estratéxicos:

- Primeiro. Asegurar que o capital humano do sector da industria forestal madeira de Galicia teña as habilidades necesarias para levar a cabo as tarefas propias da mesma, por certo, cada vez máis complexas e diversas.

Na consecución deste obxectivo estarán implicadas as distintas organización empresariais do Sector, o Clúster da Madeira e do Deseño de Galicia e, por suposto, as distintas universidades galegas.

- Segundo. Afrontar melloras en aspectos tecnolóxicos e ambientais da nosa industria, incidindo na mellora da xestión e organización, de produto, de modelos de negocio e de relación cos mercados. Os destinatarios de todas estas actuacións son as pemes do Sector forestal-madeira.
- Terceiro. Desenvolver e reforzar o concepto de ecosistema de innovación para o sector da industria forestal madeira de Galicia, aprofundando na mellora da competitividade na segunda transformación, na ecoinnovación de produtos forestais, na dixitalización e na mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal de galega e do contract.
- Cuarto. A Axencia Galega da Industria Forestal seguirá impulsando no ano 2025 a nova construción, rehabilitación ou reforma de edificacións, naves e establecementos de negocio que empregue produtos de madeira como elementos estruturais. Destinando este esforzo tanto comunidades de montes veciñais en man común, pemes, persoas traballadoras autónomas, asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, como a persoas físicas sendo subvencionada a redacción de proxectos e a utilización de produtos de madeira en construción en vivendas e establecementos de negocio.
- Quinto. No ano 2025, poñerase en funcionamento o Sistema de créditos voluntarios da Xunta de Galicia, coa base de información, incorporando un conxunto de metodoloxías, unha delas relacionada co uso de produtos de madeira de longa duración no eido da construción, axudando deste xeito ás persoas promotoras a escoller este tipo de produtos en aplicación de políticas de descarbonización.
- Sexto. Durante o ano 2025 o CIF Lourizán, adscrito á Axencia Galega da Industria Forestal, verá reforzadas as súas liñas de acción co desenvolvemento de novos proxectos financiados con fondos europeos (INTERREG, LIFE) e estatais (Fundación Biodiversidade), do mesmo xeito, darase comezo a proxectos en materia de mellora xenética forestal así como prevención contra incendios forestais.
- Sétimo. Seguirase traballando na rehabilitación integral do Pazo de Lourizán e implantación dun novo programa de usos que consolide a finca como referente da formación, investigación e divulgación forestal e como punto de encontro do Sector. Unha vez resolto o concurso de ideas, procederemos á contratación para a redacción do proxecto básico e de execución e comezaremos a traballar na licitación das obras de rehabilitación.

- Oitavo. Avanzarase, en coordinación co departamento competente en recursos forestais, no desenvolvemento do Inventario forestal continuo de Galicia, en particular no levantamento das parcelas de campo que permitan subministrar os datos dasométricos necesarios para a produción de mapas de existencias, biomasa e carbono dos bosques galegos.
- Noveno. Seguiremos avanzando nun plan integral de dinamización e recuperación de frondosas, para o que será necesario poñer á dispoñibilidade do mercado materia prima de alta calidade, prestando especial atención ao incremento do uso de madeira estrutural na construción, potenciando tanto beneficios aos propietarios como unha mellora da economía verde. E desenvolver produtos innovadores con base na madeira de frondosas distintas ao eucalipto.

II.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SODIGA GALICIA, SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO

As liñas de actuación da Sociedade materializaranse en investimentos financeiros, mediante a toma de participación no capital de empresas non financeiras e non cotizadas, con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional, que desenvolvan unha actividade que redunde nun beneficio da economía da Comunidade Autónoma, ben sexa pola súa contribución ao valor engadido, á súa integración produtiva e/ou á xeración de emprego.

Tamén poderá realizar investimentos financeiros nas citadas empresas mediante a concesión de préstamos que, con carácter xeral, revestirán a forma de préstamos participativos.

A política de investimento de SODIGA centrarase no mantemento dunha carteira diversificada de participacións, preferiblemente en sectores estratéxicos de Galicia, cunha rotación axeitada nos investimentos.

XESGALICIA, SOCIEDAD XESTORA DE ENTIDADES DE INVERSIÓN DE TIPO PECHADO, S.A.U.

A sociedade XESGALICIA xestiona entidades de capital risco e entidades de investimento colectivo de tipo pechado destinadas ao financiamento do desenvolvemento empresarial galego, materializado en forma de tomas de participación no capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos.

En función da tipoloxía das empresas obxecto de investimento e dos seus proxectos investidores, establécense varias liñas de actuación, que se canalizan a través de distintos fondos ou sociedades xestionados:

- SODIGA GALICIA, S.C.R., S.A. As liñas de actuación da Sociedade materializaranse en investimentos financeiros, mediante a toma de participación no capital de empresas non financeiras e non cotizadas, con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional, que desenvolvan unha actividade que redunde nun beneficio da economía da Comunidade Autónoma, ben sexa pola súa contribución ao valor engadido, á súa integración produtiva e/ou á xeración de emprego.
- Tamén poderá realizar investimentos financeiros nas citadas empresas mediante a concesión de préstamos que, con carácter xeral, revestirán a forma de préstamos participativos.
- GALICIA COMPITE, FICC: Este fondo destínase ao apoio do tecido empresarial galego mediante a toma de participacións temporais no capital de empresas galegas, ou nas que os seus beneficios redunden directa ou indirectamente en Galicia, ou facilitando préstamos participativos ou ordinarios. Ademais, o fondo poderá investir noutras entidades de capital - risco.

As súas principais liñas de actuación para o ano 2025 e seguintes, son:

- Participación no financiamento de operacións transformación empresarial, así como de procesos de concentración, sucesión ou cambios de xestión, necesarias para dar continuidade a empresas innovadoras, competitivas, e con potencial de crecemento, que xeren emprego de calidade na Comunidade Autónoma.
- Dar continuidade ao financiamento de novas operacións que permitan profundar na modernización do tecido produtivo galego a través da transformación dixital, a mobilidade sostible ou a transición ecolóxica, en liña cos obxectivos da Unión Europea.
- Identificación, para a súa participación, de Fondos de investimento privados ou público-privados, cunha orientación dos seus investimentos a proxectos vinculados á Comunidade Autónoma, ben pola súa situación no territorio o ben porque aporten vantaxes de carácter socioeconómico para Galicia. O investimento en Fondos de investimento constitúe unha medida altamente mobilizadora de recursos.
- GALICIA INNOVA TECH FICC: Este fondo destínase ao financiamento de investimentos en proxectos de marcado carácter innovador, con especial atención a proxectos que resulten da potencial valorización do coñecemento xerado polos diferentes axentes do sistema galego de I+D+i.
- GALICIA INICIATIVAS EMPRENDEDORAS, FICC: Este fondo oríéntase a proxectos empresariais en fase de semente-arranque, para o fomento do espírito emprendedor e apoio financeiro a iniciativas emprendedoras, así como para o financiamento dos proxectos seleccionados nos distintos programas de aceleración públicos nos que participa a Xunta de Galicia.

As actuacións cos distintos vehículos de investimento está aliñadas co fomento dos principais sectores da economía galega, tendo en conta os obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia para o período 2022-2030.

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

Os Eixes, Prioridades de Actuación e Obxectivos Estratéxicos no marco do PEG 22-30 que atinxen a Xestur serían os seguintes:

EIXE 4. COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

PA 4.4 Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única.

OE 4.4.1 Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo empresarial.

- Fomentar solo empresarial accesible mediante distintas fórmulas e acorde cos plans territoriais, os condicionamentos loxísticos e a demanda en cada territorio, así como a creación de reservas de solo estratéxicas con destino á implantación de iniciativas empresariais en Galicia.
- Fomentar solo industrial accesible mediante distintas fórmulas e acorde cos plans territoriais, os condicionamentos loxísticos e a demanda en cada territorio, con especial atención ás áreas transfronteirizas con Portugal. Reforzar a conectividade do solo coas vías de comunicación, fundamentalmente alternativas ao transporte por estrada.
- Planificar novos desenvolvementos de solo empresarial e facilitar o acceso ao solo empresarial de titularidade autonómica.

Neste Eixe, Xestur realiza os estudos e planeamento de novos parques empresariais, a adquisición de terreos e a licitación e execución das obras de urbanización, para a posterior adjudicación e venda de solo empresarial e a implantación das empresas.

Como novas liñas de actuación:

Entre as distintas medidas que a Xunta de Galicia está a desenvolver, atópanse actuacións dirixidas á redución de prazos na tramitación dos procedementos necesarios para a implantación de industrias, a mellora do financiamento, os incentivos á contratación, e novas medidas que favorezan a dispoñibilidade de solo empresarial.

- XESTUR ofertará todo o seu solo dispoñible en dereito de superficie gratuíto os 8 primeiros anos para axudar á implantación de novas empresas na Comunidade Autónoma, así como á consolidación e ampliación das existentes, de cara a facilitar o investimento empresarial e, polo tanto, a creación de emprego.
- Por outra parte, co fin de ampliar as posibilidades que ofrece a normativa vixente para a creación de solo empresarial, prevese que, mediante a próxima lei de medidas fiscais e administrativas, se creen novos instrumentos que permitirán ao tecido empresarial de Galicia promover solo empresarial, de forma máis áxil, naquelas zonas nas que existe demanda e se van implantar proxectos industriais estratéxicos. Aínda que estes instrumentos están deseñados para ser desenvolvidos por parte da iniciativa privada, posibilitarase que as entidades do sector público autonómico cuxo obxecto principal sexa a creación

de solo empresarial, como Xestur S.A., poidan colaborar no dito desenvolvemento, tanto participando na sociedade que os promova como, de ser o caso, aportando a súa experiencia na elaboración de instrumentos de ordenación e na tramitación dos procedementos administrativos necesarios ata que o solo empresarial está dispoñible.

- Mediante as partidas orzamentarias previstas para a anualidade 2025, darase resposta ás necesidades dos desenvolvementos de solo empresarial que están actualmente en marcha. Ademais, os orzamentos previstos permitirán a participación de Xestur S.A. no desenvolvemento de novas figuras previstas na normativa en materia de promoción industrial, que entrarán en vigor no ano 2025. Finalmente, ademais de reservarse unha partida específica para traballos técnicos en varios concellos que xurdan ao longo do ano 2025, prevese xa o inicio de actuacións en concellos como Ferrol, Ordes, Vilagarcía ou Teo, cos primeiros estudos necesarios, que permitirán determinar cales son as mellores solucións para a creación de solo empresarial nestes concellos, e cuxos resultados permitirán orzamentar as actuacións que se consideren idóneas nas seguintes anualidades.

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.

O plan estratéxico da sociedade define cinco grandes obxectivos estratéxicos:

- Optimizar e poñer en valor o espazo.
- Favorecer e apoiar o desenvolvemento empresarial.
- Proporcionar formación e mellorar a comunicación e márketing.
- Consegur unha Tecnópole máis sostible.
- Impulsar a innovación.

O desenvolvemento do plan estratéxico da sociedade concretarase no ano 2025 nas actuacións que a continuación se detallan para cada un dos obxectivos estratéxicos.

- Optimizar e poñer en valor o espazo.

Para o desenvolvemento do Parque é necesario contar con infraestruturas modernas que permitan prover ás empresas de servizos de calidade, así como evitar da mellor maneira posible que existan instalacións en desuso ou abandonadas.

Para afrontar estes retos establecéronse 3 obxectivos operativos coas seguintes liñas de acción:

- Xestionar de forma eficiente o espazo dispoñible e dotar de novos espazos.
- Promoción e venda do solo dispoñible e urbanizado.
- Busca de entidades para instalación en edificios ou parcelas adquiridas por terceiros e que non teñen uso actualmente.
- Promoción dos locais en alugueiro dos edificios Centro de Empresas e Innovación, Tecnópole I e Tecnópole II e do espazo de coworking.

- Promoción do novo centro de negocios trala reapertura do edificio da parcela 7G como Edificio Tecnópole III.
 - Promoción e mantemento das instalacións deportivas do Parque Tecnolóxico de Galicia.
 - Proxecto para executar a primeira fase de construción de naves modulares para acomodo de medianas empresas.
 - Procura de financiamento para a construción dun espazo singular para celebrar eventos e substituír o uso de carpas. Consiste nunha grande estrutura de madeira proxectada coa colaboración de XERA e do CIS Madeira.
 - Mellorar os servizos públicos que ofrece a sociedade xestora en relación cos espazos.
 - Actuacións de investimento para mellorar zonas verdes, zonas peonís, aparcadoiros e sistema hidráulico.
 - Actuacións de investimento nos 4 edificios xestionados.
 - Mellorar as telecomunicacións.
 - Actuacións de investimento nas infraestruturas e sistemas de comunicacións.
 - Dotación de persoal para o posto de técnico/a superior en informática.
- Favorecer e apoiar o desenvolvemento empresarial.
Nesta estratexia establecéronse 4 obxectivos a conseguir coas seguintes liñas de acción:
 - Desenvolver centros de emprendemento e de negocios.
 - Integración de servizos no novo edificio Tecnópole III.
 - Participación no programa INCUVI Emprende da Universidade de Vigo, facilitando espazos aos proxectos emprendedores.
 - Participación na rede de Viveiros Industriais de Galicia.
 - Favorecer o desenvolvemento do mercado internacional.
 - Programa Galicia Avanza: convenio de colaboración entre GAIN, IGAPE e Tecnópole renovado en 2024 para o período 2024-2026 no que se levarán a cabo dúas convocatorias. Esta aceleradora Galicia Avanza ten como obxectivo que solucións innovadoras de pemes galegas de calquera ámbito ou sector poidan alcanzar presenza ou fortalecerse no exterior no menor tempo posible.
 - Proporcionar servizos profesionais ás empresas residentes.
 - Reforzar os servizos profesionais englobados dentro da oficina técnica de proxectos como apoio ás empresas nas súas tarefas de innovación.
 - Realización de diagnósticos de innovación das empresas instaladas en Tecnópole.
 - Localización de partners a través das redes de asociacións ás que pertence Tecnópole.
 - Reforzar a transferencia entre a universidade e as empresas mediante a participación en proxectos conxuntos.

- Promoción de proxectos de colaboración empresarial dirixidos á mellora da competitividade empresarial, a través de convocatorias públicas e participación activa da sociedade xestora nestes se fose posible.
 - Aproveitar as infraestruturas singulares.
 - Promoción do centro de cirurxía experimental (proxecto Tecmeva) e do laboratorio de biotecnoloxía.
 - Promoción da sala de coworking.
 - Promoción do búnker de alta seguridade.
- Proporcionar formación e mellorar a comunicación e márketing
- Os obxectivos operativos nos que se concreta esta estratexia e as súas liñas de actuación en 2025 son as seguintes:
- Desenvolver Tecnópole Divulga.
 Todas as actividades de divulgación científico-tecnolóxica agrúpanse na marca Tecnópole Divulga. No ano 2025 preténdense promover as vocacións científicas e o espírito emprendedor entre a mocidade coas seguintes actuacións:
 - 20ª edición da Feira Galiciencia: tres días de exposición de proxectos científicos do estudantado de primaria, ESO, bacharelato e FP, obradoiros e espectáculos. Será unha edición especial polo 20ª aniversario.
 - Aula Newton Galicia e campamento de verán Newton: actividades dirixidas ao estudantado de 3º e 4º de ESO nas que se ofrece formación en ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas mediante dinámicas prácticas con acceso a equipos, como simuladores de voo, que lles permiten explorar, debater, reflexionar e colaborar nas materias STEM.
 - Aulas Tecnópole: desenvólvense de outubro a maio para as e os estudantes de 1º e 2º ciclo da ESO e bacharelato tendo como resultado proxectos que nalgúns casos se presentarán a certames nacionais e internacionais.
 - Proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino, realizado de forma conxunta con outros parques tecnolóxicos de toda España co obxectivo principal de aumentar a elección entre o estudantado feminino de carreiras científicas e tecnolóxicas no futuro. Comezouse a desenvolver no 2018.
 - Mellora da comunicación e imaxe como mecanismo para a atracción de empresas e talento:
 - Incrementar a difusión de notas de prensa sobre as empresas residentes e da propia Tecnópole.
 - Reforzamento da presenza en redes sociais.
 - Mellora do contido e distribución da newsletter do Parque.
 - Continuar a implementación da nova imaxe Tecnópole, coa eliminación progresiva da anterior.

- Manter actualizada a información da páxina web.
- Atracción de actos e eventos en Tecnópole.
 - A celebración de actividades en Tecnópole favorece a visibilidade do Parque Tecnolóxico de Galicia e proporciona coñecemento e a posibilidade de novos contactos ás entidades instaladas.
 - Ademais de atraer actos promovidos por terceiros, dende Tecnópole tamén se procurará a organización de eventos, xomadas, encontros empresariais etc. que favorezan a interrelación empresarial e o contacto con outros axentes (universidade, administración, investidores).
- Conseguir unha Tecnópole máis sostible.

A través dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU búscase mellorar os procesos, minimizar a pegada de carbono e o impacto das actividades no medio ambiente e a sociedade.

Tamén se pretende atraer empresas aliñadas nas súas actividades a estes ODS e ter unha contorna na que o autoconsumo e a economía circular sexan unha prioridade.

As principais liñas de actuación en 2025 son as seguintes:

 - Actualización do Mapa de ODS do Parque.
 - Mantemento do rexistro de adhesión ao Pacto Mundial da ONU.
 - Informe anual do cálculo da pegada de CO₂.
 - Actuacións para mellorar a recollida selectiva e o uso de equipos máis eficientes.
 - Mantemento do Bosque de Tecnópole para compensación de emisións de CO₂.
 - Participación activa coa Asociación Galega do Hidróxeno (AGH₂), entidade que ten por obxectivo desenvolver tecnoloxías sostibles que permitan alcanzar a independencia enerxética de fontes externas, reducir as emisións de CO₂ e descarbonizar a industria.
 - Promover a actividade de Tecnópole en materia de sostibilidade, coa actualización do apartado de Tecnópole en Verde na web e a realización de reunións co grupo de traballo de expertos pertencentes a empresas residentes.
 - Execución dos principais investimentos para a posta en marcha da comunidade enerxética empresarial.
- Impulsar a innovación

Fomentar a innovación aberta actuando como axente de enlace e colaborador activo cos socios de asociacións sectoriais e empresariais e outros foros dos que se forma parte. Para este obxectivo no ano 2025 realizaranse distintas actividades e proxectos cos que se potenciará a Tecnópole como espazo de encontro entre o sistema público de I+D+i e o tecido privado:

 - Colaboración como axente do sistema galego de innovación na liña cos obxectivos marcados para Galicia na Estratexia de Especialización Intelixente.

- Aliñación coa estratexia RIS3 Galicia 2021-2027 e participación nas reunións e eventos.
 - Actividades, proxectos ou programas piloto realizados baixo o amparo da Xunta de Galicia ou organismos dela dependentes, que contribúan á implantación da RIS3 ou para desenvolver actuacións de I+D+i en Galicia.
 - Convocar a reunión do Consello Asesor de Tecnópole.
 - Participación activa coa Asociación de Parques Científicos e Tecnolóxicos de España (APTE) e coa International Association of Science Parks and Areas of Innovation (IASP).
 - Participación activa no Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) e colaboración co grupo de traballo de Financiamento creado no Clúster.
 - Participación activa en AMETIC, a Asociación Multisectorial de Empresas de Electrónica, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, das Telecomunicacións e dos Contidos Dixitais, formando parte en distintos grupos de traballo.
 - Participación nos proxectos que xurdan das relacións cos diferentes foros e redes e que respondan aos obxectivos estratéxicos da Tecnópole.
 - Promoción da plataforma posta en marcha pola APTE para a publicación de ofertas e demandas de colaboración científico-tecnolóxicas entre as empresas dos parques españois.
- Integración da perspectiva de xénero:

Cada programa levará consigo medidas concretas para promover a igualdade entre homes e mulleres e prever a discriminación, estudando a situación inicial e avaliando as consecuencias e impacto das actuacións. Algúns exemplos do que se está a facer:

 - A política de Responsabilidade Social Corporativa que practica a sociedade inclúe a flexibilización de horarios e o teletraballo, nun cadro de persoal maioritariamente feminino.
 - No recinto do Parque Tecnolóxico de Galicia hai unha escola infantil a disposición dos traballadores e traballadoras das empresas e centros instalados, cuestión que favorece a integración laboral das mulleres, tradicionalmente máis dedicadas ao coidado das fillas e fillos.
 - Dende 2018 desenvólvese o Proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino, co obxectivo principal de aumentar a elección entre o estudantado feminino de carreiras científicas e tecnolóxicas.
 - As mozas e mozos que participan nas actividades de divulgación científica reciben un obradoiro específico ao inicio no que se traballa o respecto e o principio de igualdade e no que se incentiva o coñecemento na investigación tecnolóxica das alumnas.
 - As xornadas e actividades organizadas pola sociedade realízanse en horarios que permitan a conciliación familiar, evitando os horarios de tarde, e procúrase dar máis protagonismo ás mulleres participando como relatoras en eventos.
 - Exposición permanente sobre o papel das mulleres na ciencia ao longo da historia recente, situada no edificio principal de Tecnópole, coa finalidade de promover as vocacións científicas nas mozas.

- Nos procedementos de contratación inclúense cláusulas sociais para fomentar as medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA, ofrecerá as capacidades e servizos axeitados para potenciar a competitividade e a innovación do sector da minaría e, principalmente, do sector da pedra natural. Para atinxir esta orientación de xeito práctico, no ano 2025 a actuación da entidade debe cumprir cos catro vectores chave.

En concreto:

- Identificar e transferir coñecemento tecnolóxico en materia de Minaría e, especialmente, Pedra natural.
- Idear e deseñar proxectos sectoriais con impacto concreto na competitividade e a innovación das empresas da Minaría e, especialmente, da Pedra natural.
- Ofrecer servizos estandarizados (laboratorios de Pedra e de Áridos) e/ou «a medida» ás empresas da Minaría e, especialmente, da Pedra natural; e, asemade, ás administracións públicas vencelladas con estas actividades (Xunta, concellos, deputacións provinciais, etc.).
- Traballar en iniciativas que despreguen e implanten os obxectivos e as liñas de actuación da Axenda de Impulso da Minaría Sostible de Galicia.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 312A- PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores, creou un programa de concesión directa de axudas destinadas a paliar a pobreza enerxética en persoas consumidoras vulnerables, no que respecta á enerxía destinada á calefacción, auga quente sanitaria ou cociña, denominado Bono Social Térmico.

A axuda a conceder ten como finalidade compensar gastos necesarios para garantir o subministro de enerxía para usos térmicos ou o apoio a actuación de aforro ou melloras da eficiencia enerxética aos consumidores vulnerables.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

De acordo co artigo 8 do Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, en cada exercicio serán persoas beneficiarias do Bono Social Térmico aquelas persoas consumidoras que sexan beneficiarias do Bono Social de Electricidade previsto no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, o 31 de decembro do ano anterior.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O Bono Social é un desconto na factura eléctrica da que pode beneficiarse o consumidor que teña contratado o Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor (PVPC). É unha axuda directa, de carácter estatal, e que se materializa a través das comercializadores de referencia.

Para o exercicio 2023 foron persoas beneficiarias oitenta e tres mil oitocentos setenta e cinco, beneficiarias á súa vez do Bono Social de Electricidade previsto no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, o 31 de decembro do ano 2022.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A axuda regúlase no Real decreto Lei 15/2018, de 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores (BOE nº: 242, do 6 de outubro), e posterior STC 134/2020, do 23 de setembro de 2020, que declara a nulidade dalgúns preceptos legais que impoñen a modalidade e momento temporal de pago do bono social térmico.

É unha axuda estatal cuxa xestión e pago correspóndelle ás comunidades autónomas e ás cidades con estatuto de autonomía. A estes efectos, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico calcula a distribución territorial do orzamento e transfere os importes ás administracións competentes para o seu pagamento.

A concesión destas axudas a través desta resolución ven determinada no ámbito autonómico pola distribución competencial establecida no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade desta axuda é compensar os gastos necesarios para garantir o subministro de enerxía para usos térmicos ou o apoio a actuación de aforro ou melloras da eficiencia enerxética aos consumidores vulnerables.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	
--	--

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As persoas beneficiarias desta axuda son as beneficiarias do bono social de electricidade

A contía da axuda que percibirá cada persoa beneficiaria determínase atendendo ao seu grao de vulnerabilidade, segundo o define a norma reguladora do bono social de electricidade, así como á zona climática en que se localice a vivenda na que se atope empadroadado, polo que non aplican indicadores de xénero.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

Non se implantaron: as persoas beneficiarias veñen determinadas polos perceptores do bono social eléctrico.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas

III.1.2. PROGRAMA 531A - PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE. 04.04.01. Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo empresarial.

Indicador de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico:

- Número de empresas asentadas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 531A consiste basicamente en ofertar solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas, para o que a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial realizará as funcións que neste ámbito lle corresponden, como son:

- A planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico.
- A proposta de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación.
- A elaboración, promoción e xestión de plans e programas de promoción, adquisición e posta no mercado do solo empresarial que incentiven o asentamento de empresas, a dinamización económica e o equilibrio territorial.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 531A é o de persoas físicas ou xurídicas (e, dentro destas, públicas ou privadas) que demanden parcelas urbanizadas de solo empresarial.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nestes momentos a Xunta e o Xestión do Solo de Galicia - Xestur S.A. dispoñen de máis de 700.000 metros cadrados lucrativos de solo empresarial.

Co obxecto de racionalizar a programación das novas actuacións, a Xunta aprobou o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais. Este plan ten como obxecto fundamental a programación das actuacións de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, dando prioridade ás que se localizan en ámbitos territoriais nos que se prevé maior demanda de solo, así como facer compatible o desenvolvemento de solo empresarial de Galicia.

Por outro lado, o Decreto 63/2015, do 23 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do solo empresarial, regula con maior claridade figuras que se estaban a utilizar na práctica como os proxectos empresariais singulares ou a permuta de terreos, que na normativa vixente apenas aparecían contempladas, e que cada vez cobran unha maior importancia na xestión do solo empresarial. Tamén posibilita expresamente este decreto o alleamento de solo empresarial, estea ou non urbanizado, e a minoración de prezos no suposto de que o primeiro concurso quedara total ou parcialmente deserto.

Ademais o Decreto 175/2020, de 15 de outubro, creou o Censo de solo empresarial de Galicia como rexistro público de natureza administrativa dependente da consellería competente en materia de vivenda e solo e xestionado pola Dirección xeral de estratexia industrial e solo empresarial, que ten como finalidade coñecer o solo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes na comunidade autónoma, co obxecto de que sexa un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial en Galicia.

A Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia que supón un gran avance na flexibilización e na axilidade na planificación, desenvolvemento, xestión e conservación das áreas empresariais de Galicia.

O Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 531A é o seguinte:

- Decreto 108/2012, do 29 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial de Promoción Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 175/2020, do 15 de outubro, polo que se regula o Censo de Solo Empresarial de Galicia e o seu réxime sancionador.

- Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.
- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 531A ten por finalidade facilitar a implantación das actividades empresariais que contribúan ao impulso da actividade económica e ao fomento do emprego.

Para iso prevese o desenvolvemento de solo empresarial para a súa posterior transmisión en condicións favorables de prazos e prezos de venda.

Continuarase coa comercialización da PLISAN, promovida polo IGVS conxuntamente coa Autoridade Portuaria de Vigo e Consorcio Zona Franca de Vigo e iniciárase o desenvolvemento dunha nova fase do ámbito.

Tamén se iniciarán outras actuacións incluídas no Plan Sectorial de Areas Empresariais de Galicia.

Así mesmo, prestarase o apoio oportuno a Xestur Galicia para facilitar o desenvolvemento de solo empresarial e a súa posta no mercado nas condicións mais favorables posibles para atraer a implantación de iniciativas empresariais xeradoras de emprego e actividade económica.

Con estas medidas preténdese acadar un aproveitamento adecuado do solo empresarial posto a disposición, atraendo investimentos que xeren actividade económica e creación de emprego.

Finalmente, neste ámbito hai que destacar a tramitación dun novo marco xurídico para o solo empresarial que se concretará na primeira lei de áreas empresariais de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	x

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

III.1.3. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxecto atender a un conxunto de prioridades nos eidos na innovación e a investigación que, no que respecta a esta consellería, están relacionados co ámbito competencial da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas e do IGAPE.

Entre os retos para 2025:

- Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento.
Á hora de concretar como abordar este retos canalízanse os recursos e esforzos do seguinte xeito:
 - a sostibilidade como eixo diferenciador.
 - a dixitalización como elemento facilitador.
 - Soberanía tecnolóxica (desenvolvemento de coñecemento, tecnoloxías e aplicacións innovadoras propias).

Situar o ecosistema de innovación galegos como referentes internacionais da industria de enerxías mariñas e almacenamento enerxético.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os beneficiarios directos do programa son o conxunto de profesionais e empresas que operan na Comunidade Autónoma e que configuran o ecosistema e o tecido industrial galego, como titulares ou promotores de novas iniciativas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nos últimos anos, foise afianzando unha traxectoria de políticas de innovación desenvoltas dende a Xunta de Galicia que propiciaron o fortalecemento e cohesión dun Sistema Galego de Innovación composto por un conxunto de axentes que conforman unha ampla oferta tecnolóxica e que reduciu significativamente a súa fenda tanto coas diferentes rexións españolas máis avanzadas así como coa media europea.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Constitución Española establece no artigo 149.1.15ª a competencia exclusiva do Estado en materia de “fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica” e no artigo 148.1.17ª establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir atribucións para “o fomento da cultura e da investigación”.

O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico créase ao abeiro da Lei 12/1993, do 6 de agosto, de Fomento de Investigación e de Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ano 2025, baixo o paraugas dunha nova política industrial, continuaremos apoiando a innovación pero tamén profundaremos nos demais apoios que toda industria e toda empresa necesita: para investir en novas instalacións, para fabricar, para transformarse, para exportar, para crecer; en definitiva, para ser competitiva a longo prazo na contorna global.

Por outro lado seguirase apoiando ao segmento dos vehículos non tripulados e que isto permitiu a moitas empresas crear produtos e servizos que hoxe xa contan cunha demanda para ser sostibles.

Por último, en relación á política industrial, impulsaranse plans directores para os distintos sectores industriais e a competitividade do tecido produtivo.

Outra das finalidades do programa é consolidar a economía galega para o ano 2025 nunha senda socialmente recoñecible cara a mellora do crecemento e a competitividade en base á transformación do modelo produtivo dende un modelo de intensidade tecnolóxica medio-baixa das actividades produtivas, a un modelo caracterizado por unha intensidade tecnolóxica medio-alta, mediante a absorción das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFE) promovendo o seu carácter disruptivo, necesidade da súa transversalidade alcanzando a todos os sectores produtivos e sinerxiando usos destas, e o posicionamento da rexión como referente no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados co envellecemento activo e a vida saudable.

Todo isto, sen prexuízo de impulsar os proxectos tractores que poidan axudar a Galicia a saír da crise provocada pola COVID 19 , o que implicará ter unha rexión máis dixital, máis verde e máis resiliente.

O conxunto de prioridades establecidos anteriormente acadaranse mediante unha serie de instrumentos que se agrupan en dos Programas:

- Programa Innova e emprende:
 - Innova PEME e Deseña PEME.
 - Bonos de innovación.
 - Aceleradoras.
- Programa Completa e transfire
 - Fábrica intelixente e sostible.
 - Innovación en enerxías mariñas e desenvolvemento enerxético dentro do CIS Ferrol.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	x
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	x

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

No que atinxe ás competencias e actuacións da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, as normas reguladoras das distintas actividades que se desenvolven neste programa de gasto, e como consecuencia da natureza das mesmas, non se identifican disposicións concretas que establezan unha relación directa con políticas de igualdade de oportunidades. Non obstante, esta Dirección Xeral promoverá o emprego dunha linguaxe non sexista e unhas imaxes non estereotipadas en todas as comunicacións e campañas que se realicen, tendo en conta ademais que moitas das accións destes programas desenvólvense en ámbitos e profesións nas que a muller está infrarrepresentada.

Por outro lado, e en relación ás competencias que asume IGAPE, o programa 561A destinado a investigación e a innovación, prevé, non obstante, unha serie de actuacións que poden contribuír a eliminar a desigualdade entre homes e mulleres no ámbito da ciencia. Para iso, en todas as actuacións que desenvolva tratará de analizar as posibles fendas de xénero e as súas causas, tentando establecer medidas correctivas.

A maioría das actuacións están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que a análise da situación debe facer énfase nestas. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

As diferentes actuacións nas que se fará especial énfase na perspectiva de igualdade son as seguintes:

- Talento e capital humano.
- Emprendemento innovador.
- Difusión e divulgación da ciencia e do papel da muller nesta.

Resulta de especial importancia o traballo a prol da participación de mulleres no eido da investigación, un sector que tradicionalmente ten unha maioritaria participación masculina. Con esta finalidade nas distintas actuacións e liñas de axuda a desenvolver pola Axencia Galega de Innovación valorarase a incorporación de mulleres nos equipos de investigación como un aspecto importante dentro da repercusión socio-económica dos proxectos financiados por esta Axencia, incluíndo a perspectiva de xénero entre os indicadores de calidade na produción de coñece-

mento e de resultados de I+D+I. Así mesmo, con este mesmo obxectivo, tamén será relevante a inclusión de mulleres como investigadoras principais e/ou en tarefas de coordinación.

Trátase con estas medidas de favorecer un cambio nas actividades científicas, tecnolóxicas e de innovación realizadas polas empresas que inclúa as perspectivas, experiencias e necesidades das mulleres. Promovendo a implantación da igualdade de xénero nas empresas con actividade de I+D+I como unha estratexia empresarial que fomente a contratación de mulleres científicas e tecnólogas e que fomente no tecido produtivo galego a adopción de boas prácticas na igualdade de xénero.

Tamén, hai que destacar a participación con outros órganos no Plan de Ciencia e Muller, fundamentalmente a través de premios que visualicen o papel da muller na ciencia, así como a participación noutras iniciativas como o “día internacional das rapazas nas TIC”, unha celebración a nivel internacional, orientada a motivar as novas xeracións de mozas para que consideren o ámbito das TIC para o seu desenvolvemento académico, investigador e profesional.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	x
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	x
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	x
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	x
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	x
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	x
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	x
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Toda a sociedade

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas

Instituto Galego de Promoción Económica IGAPE

III.1.4. PROGRAMA 731A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A finalidade deste programa é dar cobertura ao funcionamento das unidades administrativas vinculadas aos servizos centrais e periféricos dentro das competencias da Consellería de Economía e Industria. Deste xeito actúa de soporte básico para a coordinación e garantía duns recursos humanos, materiais e de organización que permitan acadar maiores cotas de efectividade, racionalidade e simplificación administrativa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As características do programa determinan o seu alcance universal entendendo como tal aquel que pretende, aínda que sexa de modo indirecto, garantir a toda a cidadanía unha adecuada xestión dos recursos públicos. Trátase de xerar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade que presiden o funcionamento de calquera administra-

ción pública, sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Responder ao reto do crecemento económico e do desenvolvemento industrial e afondar no camiño xa iniciado de racionalización das estruturas administrativas, consolidando pautas de mellora continua na procura dunha maior eficacia e eficiencia no seu funcionamento. No dito escenario darase prioridade ás políticas de gasto encamiñadas a potenciar os sectores fundamentais para a actividade económica, todo isto encadrado nun compromiso de eficacia e economía que definen o deseño e funcionamento de calquera administración pública.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco de actuación do programa pasa polo establecemento dun sistema de coordinación interna e interadministrativa estable pero dinámico de acordo aos principios inspiradores da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese atender ás necesidades concretas das distintas unidades administrativas e centros con competencias en materia de economía e industria da consellería competente nestas materias. Trátase de dar solución inmediata e áxil ás diferentes situacións e necesidades que poidan xurdir e que unha organización destas características esixe, no marco dunha estratexia facilitadora de respostas adecuadas ás demandas do administrado como destinatario último das políticas públicas.

Neste sentido, as características do programa permiten definilo como un conxunto de actuacións e recursos dirixido a acadar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería, tratando de garantir a toda a cidadanía unha axeitada xestión dos recursos públicos. Este programa, de carácter instrumental, facilita os recursos para a consecución de escenarios de crecemento económico que permitan unha axeitada definición das liñas de actuación e intervención da consellería.

As actuacións máis significativas a desenvolver con este programa estarían relacionadas con:

- Facilitar a xestión das distintas unidades administrativas tanto a nivel central como periférico.
- A elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas en materia de economía e industria da consellería.
- A definición de programas de información e comunicación en materia económica na liña de establecer un sistema de información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.
- A potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas económicas da consellería.
- A racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas en materia de economía e industria da consellería.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión.	X

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actuacións contempladas neste programa teñen como destinatarios directos as empregadas e empregados públicos da Consellería de Economía, e Industria, respectando a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen ningún tipo de discriminación. Polo tanto, este

colectivo é o potencial beneficiario do gasto, entre os que se observa unha representación equilibrada de homes e mulleres.

O gasto destínase por igual entre homes e mulleres, sen discriminación, sendo a nómina de persoal unha fonte de datos moi importante no que se mostra o equilibrio salarial e a non discriminación por cuestións de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Todo o cadro de persoal da Consellería de Economía e Industria.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.5. PROGRAMA 732A - REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións técnicas e administrativas en materia de implantación de proxectos industriais, política industrial, administración, seguridade e calidade industrial, metroloxía e metais preciosos e solo empresarial.

O programa responde á necesidade de manter e mellorar a seguridade dos establecementos e instalacións industriais no referente á seguridade industrial e a garantir a exactitude das medidas e dos equipos de medición suxeitos a control metrolóxico.

Desenvolveranse as competencias da actividade da metroloxía legal e industrial, levando a cabo servizos de control metrolóxico e servizos de calibración, coa participación do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

Outro dos obxectivos do programa é a dinamización do tecido empresarial mellorando as infraestruturas dos parques empresariais e fomentando a creación de novas empresas e a reindustrialización.

Tamén este programa responde á necesidade da xestión e adquisición de solo empresarial mediante a compra directa ou a expropiación.

E por último, a planificación, o impulso, e a tramitación dos procedementos previstos pola normativa autonómica para favorecer a implantación das iniciativas industriais.

En definitiva, este programa responde á necesidade de responder ao reto urxente de recuperación económica de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os beneficiarios directos do programa son o conxunto de profesionais e empresas que operan na Comunidade Autónoma e que configuran o ecosistema e o tecido industrial galego, como titulares ou promotores de novas iniciativas.

Por outra banda, serán tamén beneficiarios directos os concellos de Galicia polo que respecta ás ordes de axudas para a creación e a consolidación dos viveiros industriais e a mellora de infraestruturas asociadas aos parques empresariais; ou para o reforzo e extensión das súas redes de distribución.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No relativo ás instalacións afectadas por regulamentos de seguridade industrial, e preciso facer unha labor divulgativa das obrigas que teñen os seus titulares para garantir a súa seguridade, facendo ademais un plan de inspección que nos permita verificar o seu estado actual.

No relativo aos instrumentos de medida que interveñen en transaccións comerciais, é preciso facer unha labor divulgativa das obrigas dos seus titulares no referente á metroloxía legal, fomentando as súas verificacións periódicas.

Incídese tamén na mellora da competitividade das empresas mellorando as infraestruturas básicas dos polígonos e parques empresariais onde as empresas desenvolven a súa actividade, así como o fomento da creación de viveiros industriais de empresas nos distintos concellos de Galicia.

Foméntase por último a reindustrialización dos concellos afectados polo peche das centrais térmicas mediante a creación de oficinas de reindustrialización así como o apoio e impulso de implantación de iniciativas empresarias destinadas a produción de enerxías renovables, a infraestruturas enerxéticas e a adopción medidas de eficiencia enerxética no tecido industrial para facer fronte ao retos do contexto actual de recuperación económica, emerxencia climática e crise enerxética.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal da política industrial de Galicia está regulada no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, que establece as directrices e obxectivos da estratexia da política industrial de actuación da política industrial da comunidade autónoma de Galicia.

Ademais, cómpre ter en conta a filosofía e o disposto na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Por outra parte, o marco legal básico nas actuacións en materia de seguridade industrial o constitúe fundamentalmente a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria que establece as normas básicas reguladoras da ordenación das actividades e instalacións industriais así como o control administrativo para a vixilancia e control do cumprimento das normas e regulamentos de seguridade industrial e o dito texto refundido.

No caso da metroloxía legal a lexislación básica estatal a constitúe a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, e o Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, completando a normativa de referencia o Decreto 78/2011, do 14 de abril, polo que se establece a ordenación das funcións do control metrolóxico do Estado que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, e se aproba o regulamento de vixilancia e inspección de instrumentos sometidos a control metrolóxico.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ámbito da seguridade industrial, búscase que os titulares de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial cumpran cos requirimentos que establecen ditos regulamentos, poñendo en marcha e mantendo instalacións o máis seguras posibles.

Para isto úsanse como vía principal o Plan anual de inspección en materia de seguridade industrial, que é a ferramenta fundamental para a comprobación de que as instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial compren os regulamentos que lles afectan.

Polo que respecta á metroloxía legal, o principal obxectivo é garantir aos cidadáns que os instrumentos utilizados para medir e contar en aplicacións de medida por razóns de interese público, saúde e seguridade pública, orde público, protección do medio ambiente, protección dos consumidores e usuarios, recadación de impostos e taxas, cálculo de aranceis, canons e sancións administrativas, realización de peritaxes xudiciais e para o establecemento das garantías básicas para un comercio leal ofrecen a confianza, exactitude, seguridade, etc. que legalmente se lle requiren.

Outro dos obxectivos en metroloxía é desenvolver as actividades da metroloxía legal e industrial coa participación activa do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

No relativo á dinamización do tecido empresarial acometeranse tres actuacións clave a través de tres ordes de axudas que se veñen desenvolvendo nos últimos anos: mellora das infraestruturas dos parques empresariais, reforzo e extensión das súas redes de distribución eléctrica e a creación e consolidación neles de viveiros industriais de empresas.

Por último, poñeranse en marcha unha serie de instrumentos co obxectivo de consolidar unha estratexia de impulso e implantación de iniciativas de carácter industrial: proxectos industriais estratéxicos, proxectos de interese autonómico, proxectos tractores ou para calquera outra declaración análoga vinculada ao impulso económico e industrial de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas normas reguladoras das distintas actividades que se desenvolven neste programa de gasto, e como consecuencia da natureza das mesmas, non se identifican disposicións concretas que establezan unha relación directa con políticas de igualdade de oportunidades. Non obstante, esta Dirección Xeral promoverá o emprego dunha linguaxe non sexista e unhas imaxes non estereotipadas en todas as comunicacións e campañas que se realicen, tendo en conta ademais que

moitas das accións destes programas desenvólense en ámbitos e profesións nas que a muller está infrarrepresentada.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓN

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético

Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

III.1.6. PROGRAMA 733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O principal obxectivo que se pretende acadar con este programa é contribuír á transformación do sistema enerxético galego para que sexa máis sostible en termos económicos, sociais e ambientais, fundamentalmente a través de medidas que fomenten o aforro enerxético e as enerxías renovables. Para acadar estes obxectivos é fundamental impulsar a implantación das enerxías renovables xa que contribúen a diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións. Unha maior achega das enerxías renovables permite reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles. A importancia das enerxías renovables vese reforzada en relación con aspectos ambientais (diminución da emisión de substancias contaminantes á atmosfera), xeración de emprego, desenvolvemento rexional, incremento da actividade económica, etc.

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese diminuír as emisións do CO₂ á atmosfera e contribuír coas boas prácticas a unha concienciación cidadá para evitar o desperdicio e diminuír o consumo enerxético.

Con carácter xeral, impulsaranse actuacións en liña cos principios recollidos na Axenda Enerxética de Galicia 2030, informada no Consello da Xunta de Galicia do 23 de xuño de 2022, e que se resumen a continuación:

- Eficiencia Enerxética.
- Integración das fontes renovables no mix enerxético coa garantía de seguridade da subministración.
- Mobilidade eficiente e sostible.
- Economía circular.
- Impulso dos biocombustibles e gases de orixe renovable.
- Innovación tecnolóxica.

En liña con estes principios, os obxectivos estratéxicos, cos seus respectivos obxectivos operativos, marcarán a folia de ruta:

- OE1: Converter a Galicia nunha rexión neutra en carbono no ano 2050:
 - Reducir as emisións asociadas a usos enerxéticos.
 - Implicar á cidadanía no proceso de descarbonización.
- OE2: Diminuír a dependencia enerxética do exterior:
 - Potenciar os recursos enerxéticos naturais de Galicia.
 - Garantir a seguridade do subministro enerxético, incluíndo o almacenamento de enerxía.
 - Incrementar a capacidade de xeración renovable no mix enerxético.
- OE3: Descarbonización dos sectores económicos e sociais:
 - Impulsar a eficiencia enerxética e fomento do autoconsumo enerxético.
 - Uso eficiente dos recursos.
- OE4: Posicionar a Galicia como polo enerxético innovador:
 - Promover en Galicia a atracción e retención do talento.
 - Impulsar a colaboración público-privada en desenvolvementos tecnolóxicos vencellados ás EERR.
- OE5: Industria eficiente e sostible:
 - Promover o investimento industrial sostible.
 - Impulsar proxectos de economía circular.
 - Formación: Novas capacidades formativas aliñadas coas novas necesidades no eido enerxético.

Detállanse a continuación as principais actuacións a desenvolver polo INEGA:

- I. Plan de Eficiencia Enerxética nas familias:
 - Fomento do autoconsumo eléctrico.
 - Impulso da xeración de calor e auga quente sanitaria a partir de sistemas altamente eficientes.
 - Mellora da eficiencia enerxética nas vivendas.
 - Campañas de información e sensibilización á cidadanía.
 - Mobilidade eficiente e sostible.
2. Fomento de axudas de aforro e eficiencia enerxética:
 - Impulso á mellora da competitividade das empresas pola vía do aforro e a eficiencia enerxética, mediante axudas dirixidas ás actividades económicas.
 - Impulso á mellora da competitividade das empresas do sector agropecuario, pola vía do aforro e a eficiencia enerxética.

- Bono enerxía Peme: axudas en condicións vantaxosas para a mellora enerxética do sector servizos.
 - Xestión do Programa de axudas para actuacións de eficiencia enerxética no sector industrial dirixido a grandes proxectos.
 - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos a proxectos de descarbonización e renovación industrial de industrias tractoras da provincia da Coruña.
 - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á mellora de polígonos industriais ecoeficientes na provincia da Coruña.
 - Fomento da planificación e o asesoramento enerxético.
3. Fomento do uso de fontes de enerxías renovables:
- Axudas para intensificar a implantación de enerxías renovables na Comunidade Autónoma, focalizando a implantación das instalacións que permitan aos fogares e ás empresas o acceso ao autoconsumo eléctrico, á xeración distribuída a pequena escala e ao almacenamento enerxético.
 - Impulso á mellora da competitividade das empresas do sector agropecuario, mediante o incentivo ás enerxías renovables.
 - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á fabricación de compoñentes para enerxía renovable e almacenamento, na provincia da Coruña.
 - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á mellora de polígonos industriais ecoeficientes na provincia da Coruña.
 - Fomento para o desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais.
 - Apoio á instalación de equipamentos térmicos con biomasa e ás instalacións de xeración de calor a partir das tecnoloxías xeotérmica e aerotérmica.
 - Apoio á implantación de infraestruturas e tecnoloxías de almacenamento enerxético e identificación de oportunidades de desenvolvemento de proxectos de interese para a Comunidade Autónoma.
4. Programa de axudas de impulso á mobilidade eficiente e sostible:
- Fomento da introdución de tecnoloxías de mobilidade eficientes e sostibles.
 - Execución do programa MOVES III.
5. Actuacións en planificación e infraestruturas enerxéticas:
- Promoción das actuacións contempladas na Axenda Enerxética de Galicia 2030.
 - Seguimento da planificación da rede de transporte de electricidade do Estado 2021-2026.
 - Fomento da creación do Corredor Verde Norte que permita dispoñer das infraestruturas necesarias nas principais vías de conexión terrestre que unen Galicia con Asturias e Castela e León para garantir o adecuado subministro enerxético ás alternativas de propulsión para a mobilidade e o transporte libres de emisións.
 - Elaboración do Balance enerxético de Galicia do 2024.

- Recompilación de información da enerxía eléctrica xerada polas distintas centrais de produción de enerxía eléctrica existentes en Galicia.
 - Actualización da información xeorreferenciada (gráfica e alfanumérica) das infraestruturas enerxéticas da Comunidade Autónoma (Atlas Enerxético).
6. Tecnoloxías relacionadas co hidróxeno e outros gases de orixe renovable:
- Fomento das actuacións contempladas na Estratexia do hidróxeno renovable de Galicia, actualmente en elaboración.
 - Fomento da implantación de tecnoloxías relacionadas co hidróxeno e outros gases de orixe renovable que permitan a descarbonización de procesos industriais.
7. Desenvolvemento das enerxías renovables mariñas:
- Continuar coa labor do INEGA na función de Secretaría técnica do Observatorio da Eólica Mariña de Galicia.
 - Promoción e, no seu caso, tramitación, da solicitude dunha nova zona experimental para o ensaio de tecnoloxías relacionadas coa eólica mariña flotante.
 - Continuar co desenvolvemento de actividades para o impulso da actual zona experimental de enerxías mariñas (ondas, mareas e correntes) de Punta Langosteira.
8. Certificación enerxética de edificios:
- Tramitación e resolución das solicitudes de inscrición no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Control técnico dos certificados de eficiencia enerxética dos edificios.
 - Desenvolvemento e actualización de novas funcionalidades na plataforma RGEED que xestiona o Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios.
 - Participación como membro da Comisión Asesora e de Grupos de Traballo na materia.
 - Información xeral e técnica á cidadanía e aos axentes implicados na certificación enerxética dos edificios, así como asesoramento a outras consellerías e organismos públicos.
9. Actuacións de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables na administración pública autonómica:
- Xestión da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA), constituída polas infraestruturas, medios e servizos necesarios para a xestión enerxética dos centros de consumo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, prestando asesoramento técnico aos centros adheridos ás distintas contratacións centralizadas (electricidade, gas natural e gasóleo C).
 - Promoción da mellora do comportamento enerxético dos elementos técnicos e arquitectónicos nos centros sociais, educativos, sanitarios e administrativos, na procura de acadar unha diminución do consumo e da factura enerxética da Xunta de Galicia a través de actuacións directas en eficiencia enerxética e enerxías renovables nestes edificios.
 - Mellora da iluminación exterior de edificios singulares e históricos da Administración autonómica.

10. Proxectos europeos:

- Seguimento e participación na implantación e desenvolvemento do Plan de recuperación para Europa a través da execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Execución de actuacións financiadas co Fondo de Transición Xusta, cuxo obxectivo é apoiar aos territorios máis afectados pola transición á neutralidade climática e evitar o aumento das disparidades rexionais.
- Execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas ao abeiro do Programa Operativo FEDER 2021-2027.
- Execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas con FEADER ao abeiro do Plan Estratéxico da PAC 2023-2023.
- Participación en novas propostas de proxectos de investigación relacionados co ámbito enerxético en programas europeos (COMEREG, H-MOV,...).

11. Outras actuacións:

- Asesoramento técnico á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas.
- Participación na comisión de seguimento da execución dos proxectos de natureza industrial asociados ós parques eólicos adxudicatarios dentro das Ordes da convocatoria que regula a Lei 8/2009, do 22 de decembro.
- Tramitación das competencias derivadas do Real Decreto 56/2016, do 12 de febreiro, relativo a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía. Este Real Decreto establece a obriga para as grandes empresas de realizar unha auditoría enerxética cada 4 anos e comunicarlle a Administración. No primeiro período de 4 anos recibíronse máis de 2.500 comunicacións de auditorías.
- Desenvolvemento de proxectos pilotos e demostrativos.
- Xestión autonómica polo Inega do Sistema CAE, establecido polo Real Decreto 36/2023, do 24 de xaneiro.
- Ensaio de prototipos na zona experimental de enerxías mariñas de Punta Langosteira.

A continuación detállanse outras necesidades que se atenden con este programa, desenvolvidas pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas:

- Loitar contra a pobreza enerxética, contribuíndo ao pagamento da factura eléctrica, a través da concesión dunha axuda directa que complementa o Bono Social Eléctrico para aqueles consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, así como compensando os gastos necesarios para garantir o subministro de enerxía para usos térmicos aos consumidores vulnerables a través do pagamento do Bono Social Térmico.
- Impulsar á dixitalización da Administración enerxética mediante actuacións de revisión da xestión de procedementos administrativos e actuacións de preparación e dixita-

lización de arquivos e sistemas co obxectivo de acadar unha xestión telematizada e transparente.

- Atender as consultas relativas á facturación eléctrica a través do servizo de información telefónica do 012.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

En xeral, as actuacións no eido da planificación enerxética, das enerxías renovables e da eficiencia e aforo enerxético van dirixidas á totalidade da poboación de Galicia, coas seguintes liñas e actuacións xenéricas:

1. Por medio de convenios de colaboración entre diferentes consellerías, organismos ou entes do sector público.
2. Por medio de estudos e información estatística: balance enerxético, información na páxina web do INEGA (<http://www.inega.gal>).
3. Por medio de axudas a familias, institucións sen ánimo de lucro, empresas e sector público, que permitan o acceso ás enerxías renovables.
4. Por medio de axudas a familias, institucións sen ánimo de lucro, empresas e sector público que permitan a substitución de determinados equipos ou instalacións cuxo resultado sexa unha maior eficiencia e un maior aforo enerxético.
5. Tamén por medio de plans demostrativos que levan aparelado o desenvolvemento de proxectos piloto para achegar á poboación galega as enerxías renovables e a eficiencia enerxética para coñecer o seu funcionamento e as vantaxes que proporciona a súa implantación.
6. As actuacións da dirección xeral orientaranse cara as familias vulnerables, no caso do Bono Social Térmico e da axuda complementaria ao Bono Social Eléctrico, e ás empresas distribuidoras de enerxía eléctrica, no caso das axudas para adecuación de tendidos eléctricos para evitar danos á avifauna.
7. En xeral, o resto das actuacións desta dirección xeral no ámbito da enerxía van dirixidas á totalidade da poboación de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Segundo o último Balance Enerxético de Galicia publicado, correspondente ó ano 2022, a dependencia enerxética de Galicia sitúase no 66,4%. De forma que, aínda que as enerxías renovables seguen mantendo un papel fundamental dentro do escenario enerxético galego (a súa participación en 2022 no consumo de enerxía final bruto foi do 44,7% e, no caso da xeración eléctrica, foi do 69,6%) é necesario seguir avanzando cara a un modelo limpo e sostible nos usos e transformación da enerxía, aliñado cos obxectivos de descarbonización recollidos na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Así, entre as fortalezas do sistema enerxético galego, destacan os importantes recursos renovables existentes en Galicia, que permiten aproveitar certas oportunidades como o desenvolvemento tecnolóxico destas enerxías, e o gran desenvolvemento das enerxías renovables para a xeración eléctrica nos últimos anos, fundamentalmente a eólica.

En Galicia, as políticas de fomento das enerxías renovables e do aforro enerxético véñense desenvolvendo dende hai anos, e axudaron a incrementar de forma significativa a contribución das enerxías renovables e a reducir o consumo enerxético. Nos últimos anos destaca o desenvolvemento da Estratexia integral de impulso á biomasa forestal 2014-2020 que, entre 2014 e 2018, deu lugar a distintas convocatorias de axuda con importes duns 50 M€, e que ten a súa continuidade nunha nova Estratexia 2025, actualmente en elaboración. Non obstante, a transformación do sistema enerxético é un proceso a longo prazo e as debilidades aínda existentes obrigan a desenvolver actuacións encamiñadas a diminuír a dependencia enerxética co exterior, garantindo a subministración enerxética de Galicia, polo que é importante potenciar o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables autóctonas, diversificar o mix enerxético actual, fomentar o aforro e diminuír a intensidade enerxética. Neste sentido cómpre destacar a aprobación das Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020 orientadas á consecución dunha economía baixa en carbono, que tivo a súa continuidade coa Axenda Enerxética de Galicia 2030 aprobada no mes de xuño do ano 2022.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As actuacións en materia de enerxías renovables, de eficiencia e de aforro enerxético, en xeral encádranse dentro das competencias e atribucións establecidas no Decreto 140/2024, do 22 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

A nivel de obxectivos enerxéticos da UE destaca o da consecución da neutralidade climática do continente non máis tarde do ano 2050, tal e como recolle a chamada Lei Europea do Clima no Regulamento 2021/1119 do Parlamento Europeo e do Consello de 30 de xuño de 2021. Sendo que, para acadar tal obxectivo, é necesario actuar sobre as principais fontes de emisión de GEI, que son as relacionadas con usos enerxéticos.

A Directiva UE 2023/2413 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de outubro de 2023 marca o obxectivo de que a cota de enerxías renovables dentro do consumo total de enerxía da UE en 2030 sexa do 45%, dos que o 42,5% son obrigatorios e o 2,5% orientadores, a Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética (LCCTE) pono no 42 %, e o Plan Nacional de Enerxía e Clima 2021-2030 no 42% e a Axenda Enerxética de Galicia 2030 no 58%.

A Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética (LCCTE) marca o obxectivo de que a electricidade renovable sexa, ao menos, o 74% do total xerado no ano 2030 e a Axenda Enerxética de Galicia 2030 establece este obxectivo no 84,8%.

A Directiva UE 2023/1791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de setembro de 2023 marca o Obxectivo que a eficiencia enerxética da enerxía primaria mellore polo menos nun 40,5% en 2030 con respecto ás previsións de consumo enerxético futuro sobre a base dos criterios actuais. A Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética (LCCTE) ponno no 39,5 %, e o Plan Nacional de Enerxía e Clima 2021-2030 entre o 39% e o 40% e a Axenda Enerxética de Galicia 2030 no 48,8%.

O obxectivo do PNIEC 2021-2030 é que se alcance o 28% de renovables no transporte, porcentaxe obtida mediante a aplicación das consideracións da Directiva 2018/2001 relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables (que marca un obxectivo do 14%). Nesta última aplícanse correccións no consumo final de aviación e multiplicadores en biocarburantes e biogás avanzados e electricidade renovable.

Os programas cofinanciados con fondos FEDER compren o establecido nos Regulamentos 2021/1058 e 2021/2060, do 24 de xuño, do Parlamento Europeo e do gramas cofinanciados con fondos FEADER teñen en contan o Regulamento UE 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021 en relación co Plan Estratéxico da PAC para o período 2023-2027.

As actuacións relativas ao MOVES III están incluídas no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) dentro do Compoñente 1 do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRR), financiando tamén dentro deste Plan actuacións relativas a autoconsumo, almacenamento e enerxías renovables térmicas, dentro dos Compoñentes 7 e 8 do dito Plan.

As actuacións financiadas co Fondo de Transición Xusta compren o establecido no Regulamento UE 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021.

As actuacións relativas á corrección de tendidos eléctricos para evitar danos na avifauna están incluídas no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) dentro do Compoñente 4 do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRR).

As actuacións en materia de pobreza enerxética encádranse no marco da nova regulación estatal establecida no RD 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica. Ademais, veñen a desenvolver a Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica.

Tamén cabe citar o Real Decreto 56/2016, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos.

Por último, cómpre facer referencia ao Real Decreto 36/2023, do 24 de xaneiro, polo que se establece un sistema de Certificados de Aforro Enerxético, no que o Inega actúa como xestor autonómico.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A cidadanía ten que ser o motor da transición enerxética, co obxectivo de avanzar cara á descarbonización da economía, reducir a factura enerxética e incrementar a súa renda dispoñible. Fomentaranse as enerxías renovables e o aforro enerxético como panca para impulsar a economía e xerar emprego.

No tocante ás enerxías renovables e o aforro e eficiencia enerxética os beneficios que se pretenden acadar a través de actuacións para o seu fomento, que impliquen un maior emprego e coñecemento delas, son fundamentais para conseguir:

1. Diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións á poboación de Galicia.
2. Reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles.
3. Reforzar aspectos ambientais como a diminución da emisión de substancias contaminantes a atmosfera.
4. Impulsar un sector tan estratéxico como é o das enerxías renovables que permitan a Galicia estar na vangarda do desenvolvemento destas fontes enerxéticas, o que sen dúbida proporcionará un incremento da actividade económica, que terá tamén unha positiva repercusión na xeración de emprego e no desenvolvemento rexional da nosa comunidade autónoma.

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese con todas estas actuacións diminuír as emisións de CO₂ á atmosfera e contribuír coas boas prácticas a unha concienciación cidadá, co papel exemplar da Administración.

Coa certificación enerxética os beneficios que se pretenden acadar son:

1. Maior información da cidadanía para mellorar a toma de decisión de alugueiros e compra-venda de inmobles.
2. A optimización enerxética dos edificios públicos, así como a redución dos custos asociados.

Coas actuacións de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables na administración pública autonómica preténdense xerar aforros enerxéticos e económicos, o que repercutirá en beneficio de todos os galegos. Non en van, as administracións públicas deben desempeñar un papel activo no aforro da enerxía e na mellora da eficiencia enerxética, non só como lexisladores, promotores e financiadores de medidas de mellora, senón tamén como consumidores de enerxía.

As actuacións no eido da pobreza enerxética, van dirixidas ás familias máis vulnerables de Galicia, para contribuír ao pagamento da factura eléctrica e evitar os cortes de subministración.

As actuacións para adecuación de liñas eléctricas para evitar danos á avifauna articularanse a través dunha liña de axudas dirixida ás empresas distribuidoras, de acordo cos criterios establecidos na Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, para a aplicación do Real Decreto 1432/2008, de 29 de agosto, para modificación de tendidos eléctricos causantes de electrocución a especies de avifauna ameazada.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As axudas xestionadas dende o INEGA, e no seu caso pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas, teñen catro tipos de beneficiarios principais:

1. Persoas físicas: os beneficiarios das axudas para evitar cortes de subministración eléctrica son todas as persoas es risco de exclusión social. Non se dispón de información do número de mulleres e homes que cumpre este requisito, non obstante, na maioría dos casos a axuda beneficia ó conxunto da unidade familiar, xa que se trata de sufragar a factura eléctrica.
2. Empresas: empresas distribuidoras de enerxía eléctrica para adecuación dos tendidos eléctricos e protección da avifauna. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia, xa que supón unha mellora medioambiental.
3. Administración autonómica e local: Axudas dirixidas a entidades da administración local ou autonómica de Galicia. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia, xa que todas as axudas teñen por obxecto incentivar melloras no consumo ener-

xético ou implantar sistemas de enerxías renovables, o que supón unha redución nos seus gastos enerxéticos e un maior coidado do medio natural.

4. Agrupacións, asociacións e institucións sen ánimo de lucro: Axudas dirixidas a diversas entidades con centro de traballo ou actividade no territorio de Galicia. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia xa que todas as axudas son para incentivar melloras no consumo enerxético ou para implantar sistemas de enerxías renovables, o que supón unha redución nos seus gastos enerxéticos e un maior coidado do medio natural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas

Axencia Instituto Enerxético de Galicia - INEGA

III.1.7. PROGRAMA 734A - FOMENTO DA MINERÍA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Xunta de Galicia sendo consciente do carácter estratéxico do sector mineiro, defende unha minería baseada nos valores de sustentabilidade, seguridade e responsabilidade social, concibindo intimamente unidos os obxectivos de crear emprego e riqueza e a garantía da preservación ambiental, a protección das persoas traballadoras e o desenvolvemento de actitudes empresariais éticas e responsables, entendendo a sustentabilidade tanto en termos ambientais como sociais e territoriais, considerando polo tanto ao sector mineiro como un sector estratéxico e principal da nosa economía, máxime nunha situación de crise na que se está a producir unha carestía das materias primas críticas.

No novo modelo industrial para unha economía descarbonizada e dixitalizada precísanse estas materias primas e procesos de produción descarbonizados, para o que a industria das Materias Primas Minerais xoga un papel clave como provedora de materias primas tanto primarias como secundarias.

A dispoñibilidade das materias primas necesarias para a transición enerxética suporá novos desafíos para a seguridade de subministro dun sistema enerxético baseado en fontes de enerxías renovables.

Na Xunta de Galicia como resposta ao contexto actual estase en proceso de aprobar unha Axenda de impulso da Minería Sostible de Galicia(AMSG) 2030, polo que as actuacións previstas no programa de gasto 734A dos orzamentos xerais para 2025 veñen aliñadas cos obxectivos estratéxicos desta Axenda de impulso da Minería Sostible de Galicia(AMSG) 2030, que nas súas distintas iniciativas contemplan actuacións encamiñadas á promoción e apoio á minería sustentable, entendida nas súas distintas dimensións: social, ambiental e económica, nas que se inclúen axudas para a sustentabilidade destinadas ás empresas do sector mineiro, mediante, entre outras, a protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras nas empresas mineiras para a loita contra as enfermidades profesionais, axudas para implantación e certificacións de normas UNE de Minería Sostible, axudas para a eficiencia enerxética nas explotacións mineiras. Así mesmo actuacións relativas ao reforzamento e o apoio técnico para seguimento ambiental das explotacións mineiras, ou a execución pola Administración de actuacións en materia de rehabilitación medioambiental ou de posta en seguridade de explotacións mineiras, a través, no seu caso, de procedementos de execución subsidiaria.

Tamén, seguindo coa mesma liña de actuacións en liña coa Axenda de Minería Sustentable, e co aproveitamento dos Fondos Next Generation (Mecanismo de Recuperación e Resiliencia(MRR), cabe sinalar a xestión de parte destes Fondos relativos ao Compoñente 4"Conservación e Restauración de Ecosistemas e a súa Biodeversidade", que se destinarán á recuperación de solos e zonas afectadas por actividades mineiras abandonadas.

No eido da dixitalización, cabe remarcar a necesidade do Impulso á dixitalización e modernización da Administración mineira mediante actuacións de auditoría e revisión de procedementos administrativos e actuacións de preparación e dixitalización de arquivos e sistemas co obxectivo de acadar unha xestión telematizada e transparente, así como a simplificación administrativa e a tramitación electrónica dos procedementos de minas.

Así mesmo, continuarase co apoio ao funcionamento da Cámara Oficial Mineira de Galicia, en canto entidade de dereito público de carácter consultivo e de colaboración coa Administración Pública e como institución representativa do sector que ten encomendado en xeral o seu fomento.

Tamén se continuará coa valorización dos recursos mineiros nos concellos de Galicia como forma de poñer en valor o patrimonio mineiro galego, en especial o patrimonio termal coa convocatoria de axudas a concellos para acondicionar os espazos termais destinados a aproveitamentos lúdicos.

Así mesmo, a través do Programa de sustentabilidade no Sector mineiro, agrúpanse actuacións para levar a cabo iniciativas de fomento da sustentabilidade da actividade mineira e dos recursos naturais, mediante colaboracións cos axentes relevantes no sector mineiro, caso da Cámara Mineira de Galicia, Clúster da Pizarra de Galicia, e/ou a Fundación dos Centros Tecnolóxico do Granito e da Pizarra, e outras entidades representativas dun sector como é o mineiro, que se

compón de distintos subsectores de actividades industriais, que teñen carácter estratéxico para a Comunidade Autónoma de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións van dirixidas ao sector mineiro no seu conxunto, abrangendo a industria mineira propiamente con especial atención aos seus traballadores e traballadoras, entidades e institucións sen ánimo de lucro con actividade relevante no sector, os concellos e a poboación dos territorios máis directamente afectados polos impactos ambientais e socioeconómicos da actividade extractiva e, en último termo, a sociedade e xeral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sector da minería, é un dos sectores económicos estratéxicos da Comunidade Autónoma, para a modernización das principais cadeas de valor industriais, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital se abasteza de maneira sostible coas imprescindibles materias primas. Neste sentido, trátase dun momento especialmente adecuado para incentivar dende a Administración a reactivación económica en xeral e, en particular respecto do sector mineiro, a consecución dos obxectivos indicados nos parágrafos anteriores e, singularmente, a incorporación efectiva do principio de sustentabilidade nas actividades mineiras.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal das actuacións en materia de minería ven constituído fundamentalmente pola Lei 3/2008, 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, o Real Decreto 2857/1978, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minería, e o Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita Lei, son así mesmo de aplicación no que atinxe ás partidas orzamentarias que comprenden axudas regulamentadas por tales normas.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é promover accións que contribúan ao desenvolvemento dun sector mineiro seguro e sustentable a través da innovación, a mellora da competitividade, a modernización das súas técnicas e tecnoloxías, a identificación das mellores prácticas aplicables, a divulgación do seu coñecemento,, a procura da excelencia ambiental e o control do cumprimento da legalidade vixente.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A finalidade deste programa é, como xa queda dito anteriormente, promover accións que contribúan ao desenvolvemento dun sector mineiro seguro e sustentable a través da innovación, a mellora da competitividade, a modernización das súas técnicas e tecnoloxías, a identificación das mellores prácticas aplicables, a divulgación do seu coñecemento, a procura da excelencia ambiental e o control do cumprimento da legalidade vixente.

Con carácter transversal, nas actuacións reseñadas e nas políticas públicas que se implementen e, no seu caso, nos criterios de valoración das liñas de axudas e subvencións, terase en conta a necesidade da incorporación da variable de xénero no ámbito mineiro, atendendo ás problemáticas específicas en materia de igualdade que se presentan neste ámbito, incidindo na visibilización da presenza da muller no sector.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓN

Introdución da variable de xénero como criterio de valoración respecto das iniciativas e proxectos que se presenten no marco das liñas de axudas que impliquen procesos de valoración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Contribuír á visibilización da muller no sector. Fomentar actuacións que atendan ás especificidades da presenza da muller neste sector relativas á seguridade e saúde das traballadoras e á aplicación de políticas de igualdade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO

No ano 2019 introduciuse por primeira como criterio de valoración para a concesión de subvencións no ámbito da minería a variable de xénero, puntuando o desempeño por mulleres de postos de responsabilidade, dispor dun plan de igualdade no suposto de non ser obrigatorio ou dispor do distintivo Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou similar (Vid. Convocatorias de subvencións DOG 2-7-2019 e 6-6-2019).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PRO- GRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRIP- CIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

Introdución da perspectiva de xénero e dos obxectivos de igualdade na definición do programa e nos obxectivos das liñas de actuación que financia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas

III.1.8. PROGRAMA 741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia tanto no ámbito do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) como no ámbito da Axencia Galega de Industria Forestal (XERA).

No ámbito das actividades do IGAPE, este programa contén apoios ao investimento empresarial, internacionalización, mellora da competitividade, o emprendemento e outras.

No ámbito das actividades da XERA o impulso da actividade económica asociada ó sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

O obxectivo deste programa é a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

No ámbito das actividades do IGAPE, este programa contén apoios ao investimento empresarial, internacionalización, mellora da competitividade, o emprendemento e outras.

Utilizaranse instrumentos coma liñas de axuda, novos instrumentos financeiros e servizos adaptados ao marco comunitario 2021-2027.

O programa 741A complementa ao 561A no que se refire ao desenvolvemento do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. Tendo en conta isto, o obxectivo fundamental de desenvolver un sistema de innovación eficiente para situar á economía galega en posición de competir nunha economía global é común a ambos programas. Dentro dos retos que contempla o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, o programa 741A céntrase nos seguintes:

- Converter a innovación no principal mecanismo de competitividade das empresas galegas.
- Crecemento empresarial. Crecemento corporativo a través da innovación que contribúa a xeración de emprego e a internacionalización das empresas.
- Cambio no modelo para ter un sistema competitivo máis aló de 2022. Desenvolver un sistema de I+D+i eficiente que de prioridade aos resultados de impacto como a creación de empresas, activación do emprego, investigación de calidade e valorización desta.

- Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

Faise necesario impulsar a modernización, a mellora tecnolóxica e a competitividade da industria forestal-madeira, así como favorecer o incremento da demanda da utilización da madeira local como elemento estrutural na obra nova, de rehabilitación e reforma, e finalmente resulta obrigado pulir a produción e demanda de bioproductos de orixe forestal, que substitúan aos produtos cunha forte pegada de carbono, favorecendo un desenvolvemento económico que impulse unha mellora do clima, en concordancia coa estratexia europea de loita contra o cambio climático e o impulso dunha nova economía verde.

Neste ámbito, a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) dótase dunha ferramenta de prioridade de actuacións, consensuada co sector, denomina Axenda de Impulso da industria forestal-madeira, que pretende dar resposta a todas as necesidades do sector forestal-madeira e impulsar a bioeconomía circular utilizando este eido produtivo como panca deste cambio noutros ámbitos tamén estratéxicos da economía galega, impulsando novos produtos e novos usos na construción, no automóbil, nos mobles e/ou no téxtil.

Asemade, no 2023 a Axencia formalizou un contrato de xestión no que se establece o marco de relacións entre a mesma e a Xunta de Galicia e, polo tanto, o sinalamento dos compromisos asumidos por cada unha das partes para a consecución da misión da dita Axencia como entidade encargada do desenvolvemento da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal-madeira. No que se establecen catro obxectivos estratéxicos:

01. Mellora do capital humano do sector (formación).
02. Ecosistema de innovación ao servizo do sector.
03. Cooperación Intrasectorial e Intersectorial.
04. Competitividade, desenvolvemento e diversificación.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

Os destinatarios das actuacións específicas contidas no programa 741A son moi diversos: empresas privadas, especialmente as Pemes, institucións sen fin de lucro (asociacións e confederacións empresariais, clúster, cámaras de comercio, etc.), entidades financeiras, sociedades de garantía recíproca e outras.

- Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

Os destinatarios das actuacións específicas contidas no programa 741A son moi diversos: empresas privadas, especialmente as pemes, institucións sen fins de lucro (asociacións, fundacións, colexios profesionais, etc.), e particulares como demandantes de produtos de madeira ou bioproductos de orixe forestal.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

A situación de partida ven determinada pola conxuntura económica e financeira actual, que limita severamente o acceso ao financiamento das empresas.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica estase a desenvolver nunha conxuntura de grave crise económica. Os recursos públicos están diminuíndo e o Sistema Galego de I+D+i ten unha forte dependencia destes polo que as actuais restricións orzamentarias poden por en perigo a sustentabilidade económica a medio prazo dalgúns axentes do sistema. A isto súmase que a crise financeira supón un incremento das dificultades das empresas para obter financiamento.

Non obstante, esta crise tamén puxo de manifesto a necesidade de promover o progreso económico e social a través dunha economía baseada na investigación e a innovación.

Por tanto, neste marco, as administracións públicas deben xestionar os recursos dispoñibles coa máxima eficiencia posible, atendendo aos resultados acadados, e as empresas e demais axentes do sistema de I+D+i deben fomentar a internacionalización e especialmente a cooperación para facer fronte a súa reducida dimensión e capacidade de financiamento.

En resumo, nun contexto como o actual, a innovación como elemento clave para a competitividade e o crecemento económico adquire, se cabe, unha relevancia aínda maior da que xa tiña en épocas de maior bonanza económica.

- Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

No ámbito da industria forestal, sendo Galicia o maior produtor de madeira no Estado, faise necesario impulsar a xeración de valor na cadea monte industria, impulsando a produción e demanda de bioproductos que conteñan valor engadido na súa produción e que permitan substituír a outros produtos cunha forte pegada de carbono.

O potencial da nova estratexia europea de impulsar un novo sistema económico neutro en carbono e respectuoso co medio ambiente fai necesaria a aplicación de estratexias de fomento da industria baseada en produtos certificados, que garantan a sustentabilidade da xestión forestal e permitan a biodiversidade de especies nos montes galegos.

Por todo isto, faise necesario que a XERA actúe como un instrumento de xestión eficiente que impulse a actividade económica asociada ao sector, a mellora da competitividade e da innovación das empresas, que promova a valorización na cadea monte-industria impulsando un novo papel dos centros dependentes da Axencia Galega da Industria Forestal como son o Centro de Innovación e Servizos-Madeira e o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

O programa 741A desenvólvese dentro do marco delimitado polas Directrices sobre as axudas estatais de finalidade rexional para o período 2021-2027 e no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado CE.

O marco referido complementouse, nos pasados exercicios económicos, coa Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, que ten como obxecto a definición dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, e coa Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0, instrumento para aumentar o peso da actividade industrial no conxunto da economía galega, rexenerar tecido industrial para aumentar o peso do sector industrial e crear emprego de calidade.

A Constitución Española establece no artigo 149.1.15ª a competencia exclusiva do Estado en materia de “fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica” e no artigo 148.1.17ª establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir atribucións para “o fomento da cultura e da investigación”.

O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico créase ao abeiro da lei 12/1993, do 6 de agosto, de Fomento de Investigación e de Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. O Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 aprobou o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación establece no artigo 2 como finalidade desta, “fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes”.

Pola súa banda, o Instituto Galego de Promoción Económica, como a axencia, adscrita á Consellería de Economía e Industria, para o desenvolvemento económico de Galicia, ten como misións apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

- Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

O Decreto 81/2017, do 3 de agosto (DOG núm. 163 do 19 de agosto de 2017), creou a Axencia Galega da Industria Forestal en virtude da autorización prevista na disposición adicional sexta da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

O Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria adscribía a axencia á devandita consellería e modificaba o Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e

se aproban os seus estatutos mediante a creación dunha nova Área de Información Forestal e a adscrición do Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

O programa desenvolve medidas de fomento específicas para acadar a mellora do tecido empresarial da nosa Comunidade Autónoma, contando cunha importante contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e Fondo Social Europeo, así como de outros proxectos e iniciativas da Unión Europea.

Neste sentido, o Instituto Galego de Promoción Económica desenvolve a súa actividade no marco dos obxectivos fundamentais do programa 741A:

- Impulsar a creación de novas empresas e fomentar decididamente o espírito emprendedor.
- Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Atraer investimentos empresariais a Galicia.
- Facilitar a internacionalización.
- Apoiar a cooperación e os proxectos colectivos de empresas.

A finalidade do programa, compartida ca do 561A, é fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, centros tecnolóxicos e organismos de investigación, a través da estratexias e programas de innovación eficientes. Dentro das estratexias nas que se concretan no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación 2011-2015 o programa 741A centrase nas seguintes:

- A innovación como motor de crecemento: A innovación é fundamental para a mellora a competitividade das empresas e o crecemento empresarial. O crecemento empresarial deriva dunha innovación sistemática, estratéxica e eventualmente disruptiva. Para iso é necesario a estimulación da cultura empresarial innovadora, apoiar as organizacións que están na súa fase inicial e apostan pola innovación, as Pemes que teñen un alto potencial de crecemento a través da innovación e os modelos colaborativos de innovación (innovación aberta).
- Internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación: Desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación con perspectiva global. Os obxectivos son a internacionalización da empresa galega, fomentar a cooperación a nivel internacional, facilitar o acceso aos fondos europeos, desenvolver proxectos competitivos de maneira colaborativa e optimizar os investimentos e os procesos de investigación.

- Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

A Axencia Galega da Industria Forestal ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada ao sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

A importancia estratéxica do bosque na economía galega xustifica as actuacións levadas a cabo pola Axencia, recollidas na Axenda de Impulso da industria forestal-madeira, que contén unha estratexia de impulso da bioeconomía utilizando a industria forestal como panca para súa implantación noutros sectores, como a construción, o automóbil e/ou téxtil, impulsando a demanda de produtos de madeira en substitución doutros produtos con importante pegada de carbono, situándose estas actuacións en liña coa estratexia europea de impulso dunha economía libre de carbono, xustificándose o esforzo orzamentario da comunidade autónoma.

Desde a Axencia preténdese impulsar ás industrias que obteñen bioprodutos de orixe forestal, elaborando propostas de inclusión desta nova denominación nos documentos de instrumentos financeiros, ao considerar que este concepto, de carácter integrador e favorecedor dos procesos de integración vertical da cadea, reflexa de mellor modo unha actividade clave no ámbito da bioeconomía circular e que engloba, tanto actividades tradicionais como novas, que permiten a utilización integral dun recurso biolóxico como é o forestal e a valorización dos residuos para a obtención de biomateriais.

A estratexia do programa concrétese nestas actividades:

- Impulsar o uso da xestión activa e valorización das masas de frondosas caducifolias galegas, procurando o maior valor engadido dos produtos obtidos a través da dita xestión.
- Favorecer o uso da madeira en aplicación de políticas de descarbonización e de consumo de produtos de proximidade.
- Promover a demanda da madeira como produto ecosustitutivo fronte a outros de maior pegada de carbono, especialmente no seu uso en construción, e dun xeito máis decidido en todas aquelas rehabilitacións, ampliacións, e novas construcións da Xunta de Galicia.
- Reforzar as labores de asesoramento e promoción da madeira que está a achegar o CIS-Madeira aos diferentes centros directivos da Xunta de Galicia e ás entidades e organizacións públicas e privadas, fomentando dun coñecemento experto e especializado de excelencia.
- Promover a renovación tecnolóxica na primeira e segunda transformación, como ferramenta de incremento da produtividade.
- Fomentar a formación cualificada e altamente especializada nos diferentes eidos de maior valor.

- Reforzar os centros de investigación (CIF Lourizán) e innovación (CIS Madeira) de Galicia en materia forestal, avanzando cara un complexo de bioeconomía forestal.
- Participar en proxectos de investigación e innovación de programas europeos, en diferentes eidos, dende a resiliencia dos bosques, os programas de mellora xenética forestal, os sistemas silvopastoris, as actuacións de prevención contra incendios, a implantación de novos biomateriais, ou a posta en funcionamento de accións exemplarizantes no uso da biomasa con fins enerxéticos.
- Avanzar no proceso de restauración da finca de Lourizán, mediante a tramitación dun concurso de ideas e posterior redacción do proxecto básico e de execución.
- Promover a ecoinnovación no desenvolvemento de novos bioproductos de orixe forestal, valorizando subprodutos derivados da produción industrial, buscando produtos de valor engadido ou que poidan ser utilizados por outros sectores como a automoción ou téxtil.
- Fomentar a dixitalización e trazabilidade nos diferentes subsectores da cadea monte industria.
- Reforzar o esforzo na recollida de información, analítica e obtención de resultados e tendencias que precisa a cadea monte industria de Galicia. En particular, abordar os traballos para o pleno desenvolvemento do Inventario forestal continuo de Galicia (IFCG), en coordinación con outros departamentos da Administración Autonómica de tal xeito que permita facer unha diagnose adecuada e converterse nunha ferramenta esencial para a planificación e toma de decisións.
- Impulsar a base de información que sustente a posta en marcha do Sistema de créditos de carbono voluntario da Xunta de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	
--	--

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:**

A maioría das actuacións están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que o análise da situación debe facer énfase nestas. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.
- Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:**

A maioría das actuacións de carácter orzamentario están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que o análise da situación debe facer énfase nestas. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

Baixo a denominación #ElasXeranSector, promóvense iniciativas activas para visualizar e incrementar a presenza do talento feminino no sector, xerando grupos de traballo con compromisos certos na súa axenda de reunións e de actuacións a favor da igualdade efectiva, nunha industria na que tradicionalmente había unha representación inferior das traballadoras. Complementariamente, a Axencia foi pioneira na adhesión ás iniciativas #HeForShe, promovida pola ONU, e #DóndeEstánEllas, promovida polo Parlamento Europeo, sendo a segunda entidade galega en adherirse tras o COAG (Colexio oficial de arquitectos de Galicia).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

O IGAPE velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

Naqueles programas de axuda nos que se valore a creación ou mantemento de emprego, establecerase unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

Por outra parte, para os distintos programas de axuda obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.
- Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

No ano 2025, a Axencia Galega da Industria Forestal, nas liñas de axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais cofinanciadas co FEADER, así como as destinadas á valorización e á segunda transformación da industria forestal galega e do contract, terán unha puntuación adicional as empresas que contén con mulleres que desempeñen funcións de dirección ou xerencia.

No ano 2025, a liña de axudas destinada á valorización e á segunda transformación da industria forestal galega e do contract contemplará que as empresas que teñan un plan de igualdade voluntario terán unha puntuación adicional.

No ano 2025, a liña de axudas destinada á formación non regulada no eido industrial-forestal contemplará que as asociacións que presenten proxectos nos que participe unha muller

como docente ou nun rol principal diferente ao de presentadora terán unha puntuación adicional.

Así mesmo, consolidaranse as actuacións dos grupos de traballo amparados baixo a denominación #ElasXeranSector que permiten, non só visualizar o talento feminino existente no sector, senón tamén realizar tarefas de información e divulgación que permitan a implantación de políticas de igualdade efectiva nas diferentes empresas da cadea monte industria.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:
Soamente nalgúns proxectos de gasto é posible a avaliación dos efectos deste programa sobre un e outro sexo e sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
Así, nos proxectos dirixidos especificamente á vinculación de persoas (p. ex. xestores de internacionalización), establécense criterios de mellora da intensidade de axuda no caso de contratación de mulleres.
- Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:
Soamente nalgúns proxectos de gasto é posible a avaliación dos efectos deste programa sobre un e outro sexo e sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
No caso das axudas dirixidas á formación e divulgación, ademais da análise estatística dos asistentes, estase a traballar no desenvolvemento dun novo sistema de indicadores que facilite a interpretación dos efectos do programa en cada sexo así como a igualdade de oportunidades.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO

- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:
Coa limitación indicada nos apartados anteriores, pode constatarase a maior presenza de mulleres en accións formativas ou de difusión.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:
Non se teñen implantado novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero na xestión, desenvolvemento e avaliación das accións que financia o programa de gasto, polas razóns deducibles do explicitado nos apartados anteriores.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 312A PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Dotar de integridade un sistema de garantía de ingresos para que as persoas sen recursos ou con insuficiencia destes podan cubrir as súas necesidades básicas	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0005 - Programas de axudas para persoas con déficit de recursos, en risco ou en situación de pobreza (bonos sociais, bono social térmico, etc.)	
Programa: 531A PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - Transferencias internas	
Programa: 561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0002 - Fomentar a cultura de innovación nas empresas establecendo incentivos e programas efectivos de financiamento para I+D+i, especialmente nas PEMES e sectores, nos ámbitos de especialización de Galicia. Mellorar o impulso e seguimento do ciclo innovador de todas as empresas.	
0003 - Reforzar as estruturas de transferencia de coñecemento e tecnoloxía a través da capacitación, adestramento e especialización dos seus profesionais (xestores de I+D+i).	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P0076A - Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i	17
Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Impulsar a economía dixital cara a un territorio intelixente, máis sostible e conectado, promovendo a innovación tecnolóxica no aproveitamento e preservación dos recursos naturais e impulsando a mobilidade intelixente así como os novos modelos para a dinamización do noso patrimonio e a produción cultural	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas tic e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	251
Programa: 731A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E02 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas TIC e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

0001 - Mellora da competitividade mediante a incorporación da innovación e as TIC nas empresas, especialmente nas PEMES . Transformar o tecido empresarial nun tecido avanzado, intelixente.

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Programa: 732A REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL

Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible

Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico

Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E02 - Aumentar o peso das enerxías renovables autóctonas no mix enerxético para favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono e reducir a dependencia enerxética do exterior

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0005 - Aproveitar o potencial doutras fontes renovables aínda sen explotar como as enerxías mariñas.

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

0001 - Promoción e desenvolvemento de instrumentos de apoio á constitución, crecemento, fortalecemento e consolidación empresarial, especialmente importante en sectores tradicionais e emerxentes. Xerar elementos que promovan o emprendemento e reduzan a aversión ao risco e incentiven o investimento privado nas pequenas empresas.

0003 - Comprobar a adecuación da posta en funcionamento e as condicións de servizo dos establecementos e das instalacións, así como da fabricación e comercialización dos produtos industriais, respecto dos regulamentos de seguridade e normativa que lles sexan aplicables.

0004 - Axudas para a renovación de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial e para mellora de equipamentos industriais.

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	50
P01000 - Parques empresariais con equipamentos mellorados	45

Programa: 733A EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES

Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible

Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico

Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI02 - Gastos de persoal

0001 - Promoción de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas, administración e particulares. Apoio á realización de auditorías enerxéticas e a implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellor diagnose e unha mellor da xestión da enerxía nos distintos ámbitos de consumo.

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0003 - Actuacións relacionadas coa mobilidade sostible, especialmente aquelas que contribúan a dispoñer da infraestrutura necesaria, tanto pública como privada, de subministración enerxética para as diferentes alternativas de propulsión limpa na mobilidade e o transporte.	
Indicador	Valor Previsto
DOE001 - Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas	2
P00020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	5
P0045G - Axudas concedidas en eficiencia enerxética	770
P01055 - Axudas a actuacións que contribúan á diversificación enerxética	3.770
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Aumentar o peso das enerxías renovables autóctonas no mix enerxético para favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono e reducir a dependencia enerxética do exterior	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0002 - Desenvolver accións informativas sobre recursos renovables.	
0003 - Fomentar o aproveitamento da biomasa autóctona.	
0004 - Fomentar o autoconsumo enerxético.	
0005 - Aproveitar o potencial doutras fontes renovables aínda sen explotar como as enerxías mariñas.	
0006 - Desenvolver medidas de acompañamento para facilitar o cambio de vector enerxético no sector residencial	
0007 - Impulsar a implantación de novos fabricantes de compoñentes relacionados coas enerxías renovables.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P0045F - Axudas concedidas ao fomento das enerxías renovables	6.765
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Dotar de integridade un sistema de garantía de ingresos para que as persoas sen recursos ou con insuficiencia destes podan cubrir as súas necesidades básicas	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0005 - Programas de axudas para persoas con déficit de recursos, en risco ou en situación de pobreza (bonos sociais, bono social térmico, etc.)	
Programa: 734A FOMENTO DA MINARÍA	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0008 - Actividades de I+D+i no sector primario (agro gandeiro, forestal, minería, pesca e acuicultura)	
Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0005 - Fomento da sustentabilidade da mineiría e do uso dos recursos mineiros e medidas de apoio para a utilización de produtos mineiros nos edificios.	
0006 - Recuperación dos espazos afectados por labores mineiros abandonados, actuacións de recuperación e posta en seguridade de labores mineiros.	
Indicador	Valor Previsto
P00045 - Axudas concedidas.	25
P0045B - Accións de apoio ao sector mineiro	21

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E02 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas TIC e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P0045B - Accións de apoio ao sector mineiro	9
Programa: 741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	
Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0003 - Actuacións relacionadas coa mobilidade sostible, especialmente aquelas que contribúan a dispoñer da infraestrutura necesaria, tanto pública como privada, de subministración enerxética para as diferentes alternativas de propulsión limpa na mobilidade e o transporte.	
Indicador	Valor Previsto
P00020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	2
Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	
Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E04 - Xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. Desenvolvemento efectivo dunha xestión dos residuos baseada na economía circular. Situar á Galicia entre as rexións europeas con maior taxa de residuos tratados e reciclados	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0008 - Promover a economía circular e modelos de consumo máis sustentables mediante campañas de concienciación (a favor do consumo local, de tempada; contra o consumo masivo).	
Indicador	Valor Previsto
P00201 - Número de proxectos de carácter ambiental.	1
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	
Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Promoción e desenvolvemento de instrumentos de apoio á constitución, crecemento, fortalecemento e consolidación empresarial, especialmente importante en sectores tradicionais e emerxentes. Xerar elementos que promovan o emprendemento e reduzan a aversión ao risco e incentiven o investimento privado nas pequenas empresas. 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	450
Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E02 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas TIC e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0001 - Mellora da competitividade mediante a incorporación da innovación e as TIC nas empresas, especialmente nas PEMES . Transformar o tecido empresarial nun tecido avanzado, intelixente.	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0004 - Mellorar a capacitación das persoas e organizacións para liderar os procesos de cambios nas empresas e organizacións.

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	1.500
P00103 - Inversión privado que acompaña á axuda pública	7.500.000
P0045B - Accións de apoio ao sector mineiro	1
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	90
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	78
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, en especial as PEME	

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0001 - Atracción e fomento do investimento produtivo
0002 - Consolidar a aposta pola innovación e a internacionalización mediante a diversificación de produtos e mercados.
0003 - Promocionar a comercialización de produtos galegos de calidade. Promoción da mellora do deseño e transformación de produto e materias primas galegas.
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	1.168

Prioridade de Actuación: PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomento da xestión forestal sostible. Optimizar a gobernanza do monte e a mobilidade das terras, para lograr unha mellora na sostibilidade e eficiencia das explotacións

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
0001 - Fomentar a ordenación, a xestión sostible e o aproveitamento dos montes e impulsar a certificación da xestión forestal sustentable. Inversións forestais e fomento da silvicultura.
0005 - Manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais. Loita contra pragas e enfermidades que afectan aos montes galegos
0011 - Impulsar o uso da madeira local na construción e rehabilitación, para facer da industria forestal a panca da bioeconomía.
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	02	03	04
312A-Protección e inserción social				18.244
531A-Promoción de solo para actividades económicas			11.161	
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica		461	16.780	622
731A-Dirección e servizos xerais de industria	8.257		426	
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	7.770	2.420	9.329	
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables				5.417
734A-Fomento da minaría				7.306
Total	16.027	2.881	37.695	31.589

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos			
	A1	A3	A4	Total
312A-Protección e inserción social				18.244
531A-Promoción de solo para actividades económicas				11.161
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	46.787			64.650
731A-Dirección e servizos xerais de industria				8.683
732A-Regulación e soporte da actividade industrial				19.518
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables		84.620		90.036
734A-Fomento da minaría				7.306
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	231.693		20.021	251.714
Total	278.479	84.620	20.021	471.312

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos								
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
312A-Protección e inserción social	139			18.105					18.244
531A-Promoción de solo para actividades económicas				876		10.285			11.161
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	262			845	18.227	45.316			64.650
731A-Dirección e servizos xerais de industria	4.496	1.413		24	2.750				8.683
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	10.978	12			2.163	6.365			19.518
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables	5.031	585		2.064	3.576	78.780			90.036
734A-Fomento da minaría				160	3.426	3.721			7.306
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	9.260	2.880	0	2.377	17.728	122.559	95.750	1.160	251.714
Total	30.165	4.890	0	24.452	47.870	267.025	95.750	1.160	471.312

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	12.194	12.265	0,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	916	988	7,8
Cap. IV - Transferencias correntes	24	24	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	2.750	2.750	0,0
Total	15.884	16.027	0,9

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.502	1.548	3,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	0	12	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.336	1.321	-1,1
Total	2.838	2.881	1,5

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.862	1.923	3,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	426	426	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	825	1.721	108,7
Cap. VI - Investimentos reais	31.594	15.512	-50,9
Cap. VII - Transferencias de capital	12.027	18.114	50,6
Total	46.734	37.695	-19,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E MINAS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.990	2.056	3,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	224	224	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	22.265	20.265	-9,0
Cap. VI - Investimentos reais	5.503	5.323	-3,3
Cap. VII - Transferencias de capital	3.721	3.721	0,0
Total	33.703	31.589	-6,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A1 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	7.323	7.593	3,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.209	2.209	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.827	1.827	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	15.417	16.029	4,0
Cap. VII - Transferencias de capital	125.479	153.912	22,7
Cap. VIII - Activos financeiros	95.750	95.750	0,0
Cap. IX - Pasivos financeiros	1.160	1.160	0,0
Total	249.166	278.479	11,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A3 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.873	3.114	8,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	389	361	-7,2
Cap. IV - Transferencias correntes	64	64	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.395	2.300	64,8
Cap. VII - Transferencias de capital	74.975	78.780	5,1
Total	79.696	84.620	6,2

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A4 AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.228	1.667	35,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	472	671	42,1
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	550	550	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.653	4.635	180,3
Cap. VII - Transferencias de capital	13.620	12.499	-8,2
Total	17.523	20.021	14,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	15.884	16.027	0,9
02 SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO	2.838	2.881	1,5
03 DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL	46.734	37.695	-19,3
04 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E MINAS	33.703	31.589	-6,3
A1 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	249.166	278.479	11,8
A3 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	79.696	84.620	6,2
A4 AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	17.523	20.021	14,3
Total	445.544	471.312	5,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autónomas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	17.548	17.791	0	12.374	0	0	0	30.165
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.566	1.649	0	3.241	0	0	0	4.890
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IV - Transferencias correntes	37.225	40.050	0	2.442	0	18.040	0	24.452
OPERACIÓNS CORRENTES	56.339	59.490	0	18.057	0	18.040	0	59.507
Cap. VI - Investimentos reais	41.183	24.907	0	22.963	0	0	0	47.870
Cap. VII - Transferencias de capital	192.931	285.153	0	246.191	0	264.319	0	267.025
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	95.750	0	0	0	95.750
Cap. IX - Pasivos financeiros	0	0	0	1.160	0	0	0	1.160
OPERACIÓNS DE CAPITAL	234.114	310.060	0	366.063	0	264.319	0	411.805
Total	290.453	369.550	0	384.120	0	282.358	0	471.312

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Cons. Economía e Industria	2025
Altos Cargos	5
Persoal Funcionario	275
Subgrupo A1	115
Subgrupo A2	52
Subgrupo C1	54
Subgrupo C2	48
Agrupacións profesionais	6
Persoal Laboral	37
Grupo I	14
Grupo II	4
Grupo III	15
Grupo IV	3
Grupo V	1
TOTAL	317

Medios Persoais

Inst. Galego de Promoción Económica	2025
Altos Cargos	1
Persoal Laboral	109
Grupo I	79
Grupo IV	2
Grupo V	28
TOTAL	110

Medios Personais

Instituto Enerxético de Galicia	2025
Persoal Funcionario	3
Subgrupo A1	3
Persoal Laboral	30
Grupo I	15
Grupo II	1
Grupo III	13
Grupo IV	1
TOTAL	33

Medios Personais

Axencia Galega da Industria Forestal	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	16
Subgrupo A1	11
Subgrupo A2	2
Subgrupo C1	3
Persoal Laboral	3
Grupo II	2
Grupo III	1
TOTAL	20

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	
Fundación C.T. do Granito de Galicia	332	
Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
SODIGA Galicia, Soc. de capital risco	775	
Xesgalicia, Soc.Xest.Ent. Capital Risco	2.953	25
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	3.016	570
XESTUR Galicia	39.278	20
Total	46.353	615

(Miles de Euros)

SECCIÓN 10

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia aproba a estrutura orgánica superior da Consellería de Facenda e Administración Pública cos seguintes órganos de dirección:

- Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro.
- Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.
- Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos.
- Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.
- Dirección Xeral de Simplificación administrativa e do Patrimonio.
- Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, con rango de secretaría xeral.

Adscribíense á consellería:

- O Instituto Galego de Estatística (IGE), organismo autónomo que se axustará, en canto aos seus fins, estrutura e funcionamento, ao previsto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, e ás normas que a desenvolven.
- A Escola Galega de Administración Pública (EGAP), organismo autónomo que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, e demais normas de aplicación.
- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, axencia pública autonómica creada polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro.
- A Axencia Tributaria de Galicia (Atriga), axencia pública autonómica creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro.
- O Consello Económico e Social de Galicia, ente institucional de dereito público, órgano consultivo da Administración autonómica en materia socioeconómica, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño.

Tamén está adscrita á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a Sociedade Anónima Redes de Telecomunicación Galegas - Retegal, consonte ao disposto no citado Decreto 252/2011, do 15 de decembro.

Así mesmo, segundo o Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, quedan adscritos á consellería os órganos colexiados seguintes:

- A Xunta Superior de Facenda, creada coa denominación de Tribunal Económico Administrativo da Comunidade autónoma de Galicia pola Lei 13/1991, do 9 de decembro, e regulada polo Decreto 34/1997, do 20 de febreiro, que modifica a súa denominación en virtude do exposto na disposición adicional primeira da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O Consello Galego de Estatística, creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo.
- O Comité Técnico de Coordinación dos Fondos Europeos, regulado polo Decreto 127/2023, do 31 de agosto.
- A Comisión de Nóminas, regulada polo Decreto 93/2016, do 21 de xullo.
- A Comisión de Persoal da Xunta de Galicia creada pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e regulada no artigo 18 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e no Decreto 156/1988, do 9 de xuño.
- O Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública Galega, creado polo Decreto 143/2008, do 3 de xullo.
- O Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, creado pola disposición derradeira segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que modifica a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- A Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Calidade dos Servizos Públicos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, prevista na Lei 1/2015, do 1 de abril, e creada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de xullo de 2015.
- A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, creada polo Decreto 237/2007, do 5 de decembro.
- A Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión, creada polo Decreto 11/2024, do 11 de xaneiro.
- A Comisión do Xogo de Galicia, creada pola Lei 14/1985, do 23 de outubro.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Facenda e Administración Pública é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda e de función pública se establecen no Estatuto de autonomía, así como a coordinación en materia de contratación pública e as competencias en materia de simplificación administrativa e de xogo, de conformidade coa lexislación vixente, e en materia de estatística e de formación, sempre que non correspondan a outra consellería. Así mesmo, corresponde-

ranlle as competencias relativas á definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións e a súa aplicación para a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

O Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG), aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece no artigo 7 as seguintes competencias da Consellería de Facenda e Administración Pública:

- A administración, xestión e recadación dos dereitos da facenda da comunidade autónoma.
- A ordenación dos pagamentos nos termos establecidos na presente lei.
- A elaboración do anteproxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma.
- O control de eficacia e eficiencia respecto dos obxectivos previstos nos orzamentos xerais da comunidade.
- O exercicio directo das demais funcións de control interno reguladas nesta lei e a dirección e execución da contabilidade pública.
- A execución ou dirección da política económica e financeira aprobada pola Xunta, na forma que esta determine.
- O desenvolvemento das actividades inherentes ao exercicio da tutela financeira sobre os entes locais, que ten atribuída a comunidade no artigo 49 do Estatuto de autonomía.
- As funcións executivas en materia de ordenamento e control das institucións de crédito corporativo público e territorial e das caixas de aforro que operen no seu territorio, nos termos previstos no artigo 30 do Estatuto de autonomía.
- As demais funcións e competencias que lle asigne a normativa legal vixente.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO

Á Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro correspóndenlle as competencias seguintes:

1. As establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e as establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas das consellerías, así como o exercicio daquelas que lle sexan delegadas pola persoa titular da consellería.
2. As competencias que lle corresponden á comunidade autónoma en materia financeira, que se desenvolverán a través das seguintes funcións:
 - a) O endebedamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma e doutros entes públicos.
 - b) As operacións de garantía que corresponda outorgar ao Consello da Xunta de Galicia, así como os procedementos de reintegro que se inicien polos avais executados con cargo á Tesouraría da Comunidade Autónoma.

- c) A tutela financeira sobre as corporacións locais galegas.
 - d) Os centros de contratación de valores.
 - e) As mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social e noutras entidades aseguradoras.
 - f) A mediación de seguros e reaseguros privados.
 - g) As caixas de aforro e demais entidades financeiras.
 - h) A ordenación do crédito, banca e seguros, incluídas as relativas ao recoñecemento, á inscrición e á supervisión dos intermediarios de crédito inmobiliario, dos seus representantes designados e dos prestamistas inmobiliarios, nos termos previstos na normativa reguladora dos rexistros de intermediarios de crédito inmobiliario e de prestamistas inmobiliarios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. A xestión da Tesouraría da Comunidade Autónoma e, en canto estea atribuída á comunidade, a doutros entes públicos, en especial:
- a) A realización dos ingresos.
 - b) A ordenación xeral de pagamentos en canto lle fose delegada pola persoa titular da consellería.
 - c) A ordenación xeral dos pagamentos do Servizo Galego de Saúde, así como a periodización de pagamentos e provisión de fondos dos seus centros de xestión.
 - d) A ordenación xeral de pagamentos dos organismos autónomos e entidades do sector público autonómico con tesouraría centralizada na Tesouraría da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - e) A xestión dos depósitos e fianzas que deban constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma.
 - f) A autorización da apertura de contas nas entidades de crédito e o seu réxime de disposición, de acordo co establecido no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.
 - g) A xestión e rendibilización de todos os recursos financeiros da Tesouraría Xeral da Comunidade Autónoma e a súa distribución para o pagamento das obrigacións.
4. En materia de xogo:
- a) O outorgamento, a denegación, a extinción e a renovación das autorizacións en materia de xogo, coa excepción do previsto no artigo 18.c da Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia.
 - b) A homologación do material de xogo.
 - c) A inspección e control das actividades relacionadas co xogo e dos establecementos en que se practiquen.
 - d) O exercicio da potestade sancionadora, nos termos establecidos na Lei 3/2023, do 4 de xullo.
 - e) A xestión dos correspondentes rexistros en materia de xogo e a elaboración das estatísticas en materia de xogo.

- f) A autorización da instalación e apertura das salas adicionais dos casinos de xogo, así como a modificación da autorización dos casinos de xogo e as súas salas adicionais.
 - g) A elaboración dos correspondentes estudos, informes e anteproxectos de disposicións xerais na materia.
 - h) Aqueloutras que lle sexan atribuídas pola Lei reguladora dos xogos de Galicia ou polo seu desenvolvemento regulamentario.
5. As competencias relativas ao rexistro de fundacións de interese galego na Consellería de Facenda e Administración Pública, a través do exercicio das funcións da persoa encargada da sección do rexistro na dita consellería.

DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

A Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico lle corresponde dirixir e coordinar as actuacións relativas á planificación, programación e elaboración de orzamentos do sector público autonómico e dos seus custos de persoal, así como o seguimento da súa execución. Exercerá estas competencias a través das seguintes funcións:

1. A realización de estudos e actuacións relativos á determinación dos recursos económicos que deben ser transferidos á comunidade autónoma desde os orzamentos doutras administracións públicas, agás os que este decreto lles asigne a outros centros directivos.
A formulación de propostas sobre as variables que forman parte do sistema de financiamento autonómico, ou a valoración das propostas formuladas por outras comunidades autónomas.
2. A formulación e seguimento dos obxectivos da política orzamentaria, a realización dos estudos relacionados coas ditas actuacións e a elaboración dos criterios para a súa aplicación. A definición das directrices que se deban seguir na elaboración dos escenarios orzamentarios e na evolución das políticas orzamentarias de gasto público que neles se integran. A formulación da normativa e das instrucións precisas para a elaboración anual dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
3. A elaboración dos marcos financeiros plurianuais en que se deberá enmarcar a elaboración dos orzamentos anuais, a través dos cales se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.
4. A coordinación permanente do desenvolvemento do proceso orzamentario, tanto no momento da elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma como nos períodos anteriores e posteriores, velando pola efectividade da execución das distintas fases do dito proceso e para que estas se desenvolvan dentro dos prazos previstos. O desenvolvemento das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda e Administración Pública en materia orzamentaria.
5. A preparación dos estudos que informan as decisións dos escenarios de ingresos. Partindo destas decisións, a proposta do límite de gasto non financeiro e a elaboración do proxecto

de orçamentos xerais da Comunidade Autónoma con base nas dotacións propostas polos centros xestores, axustadas ao límite de gasto aprobado e ás directrices formuladas nas comisións funcionais do gasto.

6. A análise económico-financeira da evolución orçamentaria na súa vertente de ingresos e gastos; se é o caso, poderá propor aquelas medidas que se consideren convenientes para o necesario equilibrio orçamentario.
7. O exercicio das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda e Administración Pública en materia de retribucións do persoal, aprobación e modificación de anexos de persoal, autorización de masa salarial en convenios e acordos colectivos e, en xeral, en todas aquelas materias relacionadas con decisións sobre o persoal que teñan repercusión económica.
8. A xestión do Fondo de Cooperación Local.
9. A programación e a xestión do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI).
10. Polo que se refire aos xestores das políticas de gasto sanitario, sen prexuízo das competencias xerais, correspóndelle a este centro directivo:
 - a) O establecemento dos criterios que se deben seguir en materia de xestión de recursos propios.
 - b) O coñecemento daqueles actos de control, inspección e avaliación da xestión, tanto en centros ou servizos sanitarios propios coma concertados, efectuados pola sección e servizos competentes en materia sanitaria ou por órganos de control interno e externo, que teñan contido económico e que sexan de interese para este centro directivo.
 - c) A emisión de informe sobre os proxectos de novos investimentos e novos servizos en canto á súa incidencia nos gastos recorrentes.
 - d) Así mesmo, requirirán o informe previo da dirección xeral o establecemento de concertos de vinculación, revisión de tarifas ou outras modificacións nas condicións económicas dos servizos concertados que impliquen a adquisición de novos compromisos financeiros ou que condicionen a asignación dos recursos económicos para futuros exercicios.
11. No exercicio das competencias que o Estatuto de autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma en materia de planificación e programación económica, desenvolverá a función de avaliación estratéxica e financeira dos plans elaborados no seo do sector público autonómico.
12. A solicitude aos centros xestores de gastos e demais entidades do sector público autonómico de tanta información resulte necesaria para o adecuado exercicio das competencias recollidas nos puntos anteriores.
13. A definición e coordinación da formación específica do seu persoal nas materias relacionadas coa política económica e orçamentaria; co contido e estrutura das políticas de gasto público; coas técnicas de previsión económica, orçamentarias e de avaliación de obxectivos e proxectos, e coas demais materias de coñecemento imprescindible para un adecuado exercicio das súas competencias.

DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS.

Exercerá as competencias que lle corresponden en relación con todos os programas de fondos europeos en que actúe como autoridade de xestión, organismo intermedio, organismo coordinador ou organismo equivalente, a través das seguintes funcións:

- a) A coordinación e o seguimento da execución da programación cofinanciada con fondos europeos, executada polo sector público autonómico.
- b) A negociación, elaboración, programación, planificación, avaliación e modificación dos programas e demais formas de intervención cofinanciados co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), Fondo Social Europeo (FSE) e outros fondos que se lle asignen.
- c) O exercicio, no ámbito da comunidade autónoma, das funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen ás autoridades de xestión, organismos intermedios, organismos coordinadores ou organismos equivalentes.
- d) A garantía da realización das actividades de avaliación previstas nos regulamentos, relacionadas cos distintos fondos xestionados.
- e) O fomento do cumprimento dos principios horizontais de igualdade de xénero, igualdade de oportunidades e non discriminación, accesibilidade e desenvolvemento sustentable, así como a vixilancia do cumprimento do principio de adicionalidade.
- f) A realización de análises e estudos económicos no ámbito dos fondos europeos.
- g) A coordinación das misións de control comunitarias, así como da resposta ás solicitudes de información realizadas por institucións comunitarias, sobre os programas de fondos europeos.
- h) A interlocución da comunidade autónoma coa Administración xeral do Estado e coas institucións comunitarias, así como, de ser o caso, con outras comunidades autónomas ou Estados membros, no ámbito dos programas de fondos europeos.
- i) A coordinación da actuación dos organismos xestores da comunidade autónoma participantes nos citados programas.
- j) En relación cos programas de fondos europeos en que así se determine, o exercicio, no ámbito da comunidade autónoma, das funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen aos organismos intermedios das autoridades de certificación.
- k) O seguimento doutros programas comunitarios desenvolvidos no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma, así como dos proxectos europeos en que organismos xestores da Administración da Comunidade Autónoma teñan a condición de persoas beneficiarias.
- l) En relación cos fondos procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea, a coordinación e o seguimento da xestión dentro do ámbito da comunidade autónoma, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España.

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

A Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal é o órgano ao cal lle corresponde a execución da política de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos previstos na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais normativa que a desenvolva, e a xestión das competencias atribuídas á Consellería de Facenda e Administración Pública nesta materia.

Para iso, exercerá as seguintes funcións:

- a) A realización dos estudos e traballos que en materia de persoal lle sexan encomendados ou coide conveniente efectuar.
- b) A elaboración dos anteproxectos de disposicións en materia de función pública.
- c) A fixación dos criterios a que se deberán someter todas as convocatorias públicas de libre designación e de persoal directivo.
- d) A elaboración das ofertas de emprego público.
- e) A coordinación coas distintas consellerías e coa Seguridade Social dos expedientes de xubilación parcial do persoal laboral.
- f) A coordinación das eleccións sindicais do persoal funcionario e laboral.
- g) A coordinación na elaboración das estatísticas do número de efectivos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) A elaboración dos informes en materia de persoal conxuntos coa dirección xeral competente en materia de orzamentos e coa dirección xeral competente en materia de simplificación administrativa.
- i) A proposta á persoa titular da consellería da convocatoria de probas selectivas para o ingreso nos corpos, escalas e categorías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, xestionados pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.
- j) A proposta de resolución dos expedientes de incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, agás do persoal que preste os seus servizos en centros pertencentes ao Sistema público de saúde de Galicia.
- k) A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos ao título II da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como a custodia e a xestión dos rexistros de actividades e de bens patrimoniais de altos cargos.
- l) A coordinación das relacións laborais e sindicais con respecto ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma.
- m) As convocatorias para a elaboración de listas para a cobertura temporal de postos de persoal funcionario e laboral, en aplicación da norma que as regule.

- n) A proposta, se é o caso, ao órgano competente da incoación de expedientes disciplina-rios cando se detecten indicios racionais de responsabilidade administrativa na actuación do persoal, e a elevación ao Consello da Xunta de Galicia das propostas de imposición da sanción de separación do servizo ou despedimento do persoal xestionado pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.
- o) A emisión dos informes preceptivos e previos que sobre os proxectos de disposicións que afecten a materia de réxime de persoal ou estrutura orgánica estableza a normativa vixente.
- p) A elaboración dos estudos e propostas sobre as relacións de postos de traballo, así como a elevación ao Consello da Xunta de Galicia das propostas ou modificacións das relacións de postos de traballo para a súa aprobación.
- q) A coordinación coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio para levar a cabo, de ser o caso, a reasignación de efectivos, unha vez que esta realice os estudos organizativos necesarios para valorar as cargas de traballo das distintas unidades administrativas da Xunta de Galicia.
- r) A xestión do Rexistro de persoal e de postos de traballo da Xunta de Galicia.
- s) A xestión do Rexistro de persoal directivo e dos contratos de alta dirección.
- t) A coordinación e/ou xestión do Rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo da Administración xeral da Xunta de Galicia e dos seus organismos, axencias e entidades dependentes.
- u) A proposta á persoa titular da consellería da convocatoria e resolución dos concursos ordinarios de traslados para a provisión de postos de traballo dos distintos corpos, es-calas e categorías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia xestionados pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.
- v) A fixación dos criterios para a elaboración das convocatorias dos concursos específicos por parte das persoas titulares das consellerías.
- w) A ordenación e xestión dos procedementos de recoñecemento profesional e a elabora-ción das propostas de resolución do recoñecemento da carreira administrativa do per-soal funcionario e do complemento de desempeño do persoal laboral do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.
- x) A coordinación e o impulso do teletraballo, xunto coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO

Son competencias da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio:

A. En materia de funcionamento dos servizos públicos:

- a) A planificación e coordinación de auditorías relativas ao funcionamento dos centros, servizos e unidades, dentro do seu ámbito de actuación, para a detección de posibles deficiencias, emitindo o correspondente informe e propoñendo medidas correctivas ou evolutivas dirixidas ao órgano competente para a súa adopción.
- b) O labor de control establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en relación cos procesos de creación de novas entidades instrumentais ou de integración no sector público autonómico doutras existentes, a través da análise e do informe sobre a súa procedencia, tendo en conta razóns de eficacia, autonomía de xestión e non duplicidade.
- c) A coordinación e supervisión dos sistemas de verificación do cumprimento da normativa vixente en materia de xornada laboral, así como, en coordinación coa Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, as funcións que correspondan en materia de teletraballo.
- d) O deseño e a coordinación dos sistemas de avaliación do desempeño e de rexistro de actividade, así como o impulso da extensión destes sistemas, en coordinación coa Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.
- e) A coordinación e o impulso da instauración e a consolidación da cultura da xestión por obxectivos e a rendición de contas, e a colaboración coas unidades para a súa implantación eficaz.
- f) Aquelas funcións de información, investigación, inspección, auditoría e control que determine a persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública.

B. En materia de calidade dos servizos públicos:

- a) A promoción e o impulso dun novo deseño dos servizos públicos, en coordinación co órgano ou entidade con competencias horizontais en materia de administración electrónica e en colaboración cos distintos departamentos da Administración autonómica, que se basee na escoita activa, no acompañamento de feitos vitais, na diversidade xeracional e na análise personalizada das necesidades da cidadanía, e na oferta de servizos ou procesos que poidan resultar do seu interese.
- b) A promoción da realización de estudos de análise da demanda de servizos públicos e da avaliación do grao de satisfacción das persoas usuarias.
- c) A promoción da participación da cidadanía no deseño dos servizos públicos coa finalidade de que resulten máis próximos, confiables, eficientes e transparentes.

- d) A promoción, en colaboración cos distintos departamentos da Administración autonómica, da implantación de canles de comunicación coa cidadanía que se adapten en cada caso ás súas necesidades e capacidades.
- e) O impulso dos instrumentos e documentos de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia.

C. En materia de racionalización e simplificación dos procedementos administrativos:

- a) A promoción, planificación e coordinación dos procesos de racionalización, simplificación e modernización, harmonización, accesibilidade e afabilidade dos procedementos administrativos.
- b) A promoción e o impulso da redución de cargas burocráticas, facilitando o acceso da cidadanía aos servizos públicos dun xeito sinxelo, mediante o acompañamento aos distintos departamentos da Administración autonómica no deseño e implantación dos servizos públicos, baixo as premisas de optimización de trámites e documentos, redución de cargas administrativas, emprego xeneralizado de comunicacións previas e declaracións responsables, lectura fácil e implantación da Administración electrónica, a aplicación de tecnoloxía innovadora e o ofrecemento proactivo dos servizos públicos, coa finalidade de mellorar a confianza e a resposta á cidadanía e ás empresas.
- c) A emisión do informe conxunto co órgano ou entidade con competencias horizontais en materia de administración electrónica, con carácter preceptivo e previo á súa aprobación e posterior publicación no Diario Oficial de Galicia, sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que regulen procedementos administrativos por instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos á cidadanía e ao persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entidades integrantes do sector público autonómico.
- d) A emisión do informe conxunto co órgano ou entidade con competencias horizontais en materia de administración electrónica, para a incorporación ao inventario de información administrativa e á sede electrónica dos procedementos administrativos iniciados de oficio na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) A coordinación cos órganos e coas entidades do sector público autonómico dos contidos e dos servizos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- f) O impulso, en coordinación co órgano ou entidade con competencias horizontais en materia de administración electrónica, das actuacións que contribúan á mellora e ao desenvolvemento da interoperabilidade na Comunidade Autónoma de Galicia e á implantación progresiva de solucións tecnolóxicas innovadoras, tanto nas relacións da cidadanía co sector público autonómico coma nas actuacións de carácter interno deste, que redunden nunha simplificación dos procedementos administrativos.
- g) A elaboración e mantemento actualizado, en coordinación co órgano ou entidade con competencias horizontais en materia de administración electrónica, da Guía de proce-

dementos e servizos, que está á disposición da cidadanía na sede electrónica da Xunta de Galicia.

- h) A colaboración e coordinación na aplicación da normativa europea relativa ao acceso en liña á información, procedementos administrativos e servizos ou asistencia para a cidadanía e as empresas europeas a través do portal Your Europe.

D. En materia de transparencia, información administrativa e atención á cidadanía:

- a) A supervisión do cumprimento das obrigas de publicidade activa do sector público autonómico, de conformidade coa normativa reguladora en materia de transparencia.
- b) A colaboración e asistencia aos departamentos da Administración autonómica na xestión das solicitudes de acceso á información pública presentadas pola cidadanía.
- c) O desenvolvemento das accións e, de ser o caso, a implantación de catálogos que permitan incrementar o nivel de calidade e transparencia da información pública que difunde o sector público autonómico a través do Portal de transparencia e goberno aberto.
- d) d) A xestión e a coordinación funcional do Sistema integrado de atención á cidadanía (Siaci).
- e) A actuación funcional como oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos do sector público autonómico, de acordo co indicado no artigo 25 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, tendo en conta a avaliación anual das suxestións e queixas presentadas pola cidadanía.
- f) A garantía, en coordinación coas secretarías xerais técnicas das respectivas consellerías, da axeitada tramitación das suxestións e queixas presentadas pola cidadanía ante a Oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos do sector público autonómico, coa excepción dos ámbitos sanitario, educativo e xudicial, co obxecto de mellorar a calidade na prestación dos servizos públicos.

E. En materia de integridade institucional:

- a) O impulso da política de integridade institucional da Administración autonómica e a colaboración na instrumentación dunha infraestrutura ética sólida, cos mecanismos axeitados para que a conduta dos responsables políticos e do persoal empregado público sexa exemplar, e consolidar a transparencia, a integridade e a rendición de contas na toma de decisións.
- b) A xestión e a coordinación funcional do Sistema interno de información da Xunta de Galicia e a súa canle de denuncias en materia de integridade institucional.
- c) A realización da investigación preliminar das comunicacións que se reciben a través da canle de denuncias e o outorgamento do tratamento que proceda.
- d) A coordinación da aplicación das pautas de protección das persoas informantes recollidas na normativa vixente que resulte de aplicación, sen prexuízo das funcións atribuídas á Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante.

- e) A coordinación, impulso e colaboración na elaboración e actualización dos plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.
- f) O impulso, en colaboración coa Asesoría Xurídica Xeral, da mellora da calidade normativa, baseada nos principios de boa regulación, no fomento da participación cidadá no proceso de produción normativa e da súa pegada, e na comprensión das normas xurídicas pola cidadanía.

F. En materia de estruturas orgánicas e relacións de postos de traballo:

- a) A avaliación, desde o punto de vista funcional, das propostas de estrutura orgánica e relación dos postos de traballo co obxecto de conseguir unha Administración pública eficaz e eficiente. Os órganos competentes en materia de persoal das consellerías deberán solicitar o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio con carácter previo á solicitude do informe da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal e da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autónomo sobre as estruturas orgánicas e as relacións de postos de traballo.
- b) A realización de estudos sobre a dimensión dos cadros de persoal, propondo as medidas necesarias sobre a reasignación de efectivos en función das cargas de traballo soportadas polas distintas unidades administrativas para conseguir un mellor funcionamento dos servizos.

G. A persoa titular da dirección xeral exercerá a Presidencia da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e se regulan a súa composición e funcións.

H. En materia de patrimonio:

As competencias que as normas reguladoras do patrimonio da Comunidade Autónoma e sobre sucesión intestada lle asignen, e todas aquelas que as mesmas normas lle atribúen á Consellería de Facenda e Administración Pública, sen prexuízo das competencias atribuídas pola normativa a outro órgano.

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- I. Correspóndenlle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, con rango de secretaría xeral, as seguintes competencias:
 - a) O control interno da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o exercicio da función interventora e do control financeiro na forma e co contido previstos no capítulo I do título V do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

- b) A dirección e xestión da contabilidade pública na forma e co contido previstos nos capítulos II e III do título V do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.
 - c) A dirección da contabilidade das entidades que forman parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos dispostos no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e na súa normativa de desenvolvemento.
 - d) As actuacións de control financeiro de subvencións, de acordo co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento.
 - e) As actuacións de auditoría de fondos europeos que lle correspondan, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios e na restante normativa de aplicación.
 - f) A xestión da información económico-financieira e formulación de informes e propostas de actuación derivadas do exercicio das súas funcións contables e de control.
 - g) O exercicio das demais funcións que ao dito órgano lle asigna a lei e demais normativa de aplicación.
2. Son competencia propia da persoa titular da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da súa delegación:
- a) A fiscalización previa dos seguintes gastos:
 - i. Os de contía indeterminada.
 - ii. Os que deben ser aprobados polo Consello da Xunta de Galicia ou afectan a máis dunha consellería.
 - iii. Aqueles que deban ser sometidos a informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia ou doutro alto órgano consultivo.
 - b) A emisión de informes de expedientes de gasto que deban ser sometidos á autorización do Consello da Xunta de Galicia.
 - c) O nomeamento de representantes da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como a designación de funcionarias/os asesoras/es para a comprobación material das cantidades destinadas a obras, subministracións, adquisicións e servizos, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso.
 - d) O exercicio da dirección da Oficina Galega de Auditoría e Control.
 - e) A aprobación dos plans estratéxicos de control financeiro e auditoría pública e das estratexias de auditoría de fondos europeos, así como das súas modificacións.
 - f) A aprobación dos plans anuais de actuacións de control financeiro, de auditoría pública e de control de fondos europeos e das súas modificacións.
 - g) O ditado das instrucións que sexan necesarias para o exercicio das actuacións de control financeiro, de auditoría pública e de control de fondos europeos, así como a homoxeneización de criterios aplicables nas distintas unidades da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE)

O Instituto Galego de Estatística é un organismo autónomo creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e cuxo Estatuto foi aprobado por Decreto 60/2016, do 26 de maio. Entre as súas funcións están as seguintes:

- Dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Coordinar a actividade estatística levada a cabo polas distintas administracións públicas de Galicia.
- Realizar as estatísticas ou as fases delas que lle encomenden o Plan galego de estatística e os seus correspondentes programas estatísticos, así como calquera outra que lle poidan encomendar ou que se estableza en virtude de convenios con outros organismos estatísticos.
- Colaborar en estatísticas de interese estatal ou supraestatal promovidas polos organismos competentes.
- Asegurar a difusión adecuada das estatísticas publicadas en Galicia, a través dos medios máis pertinentes, e expedir certificacións dos resultados estatísticos da súa competencia.
- Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e a aplicación das garantías necesarias para que sexan respectados o segredo estatístico e as outras condicións xurídicas a que se debe suxeitar a actividade estatística.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

A EGAP é un organismo autónomo, creado pola Lei 4/1987, do 27 de maio, encargado das tarefas de formación do persoal ao servizo da Administración pública galega, así como do estudo e a difusión das ciencias da administración.

Son fins da EGAP os seguintes:

- Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma convocadas de conformidade co disposto na normativa de emprego público aplicable, e doutras administracións públicas que previo convenio llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, correspondentes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.

- Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao que se alude no apartado a) do artigo 3 da lei.
- Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
- Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais con "habilitación de carácter nacional", nos termos previstos no artigo 98.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril.
- Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos ou complementarios de selección dos funcionarios dos entes locais de Galicia "sen habilitación nacional", de acordo cos convenios que se subscriban coas distintas entidades locais.
- A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.
- O establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel estatal e internacional.
- A difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.
- Calquera outros que se lle asigne por lei.

1.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES)

Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, é un órgano consultivo da Administración autonómica en materia económica e social, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución Española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, co obxecto de facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia.

1.2.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)

Foi creada polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, ao abeiro da disposición adicional terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da

Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, co obxecto da definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

Entre as funcións da Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia están as seguintes:

- a) A dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta de Galicia en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.
- b) O impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outras entidades do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.
- c) A elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia.
- d) A definición dos estándares e directrices tecnolóxicas a que deberán axustarse a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.
- e) A promoción da inclusión e execución do despregamento das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos.
- f) Garantir o axeitado apoio á xestión tributaria e orzamentaria, así como ao sistema de información contable, de competencia da Xunta de Galicia.
- g) O deseño e execución, en todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta de Galicia, dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte á súa operativa, incluíndo a planificación, deseño, xestión e operación das tecnoloxías e sistemas que garantan o funcionamento dunha Administración completamente dixital.
- h) A xestión e coordinación, ben de forma autónoma, ben en colaboración cos órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma e cos órganos de goberno das entidades públicas instrumentais, de instrumentos e actuacións de órganos con competencias en tecnoloxías da información e as comunicacións.
- i) O fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.
- j) O deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia e coordinación coas distintas consellerías e organismos para o desenvolvemento das actuacións nesta materia no ámbito das súas competencias, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.
- k) A planificación e proposta da normativa relativa ao exercicio das competencias en materia de sociedade da información e das telecomunicacións.
- l) O impulso, xestión e coordinación da Administración dixital, como elemento indispensable para a modernización da Administración pública.

- m) A definición, consolidación e homoxeneización da infraestrutura TIC e dos servizos de telecomunicacións do sector público autonómico.
- n) A dirección, xestión e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia.
- o) A planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.
- p) Sen prexuízo das competencias que, en materia de innovación, poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico, o fomento da innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións en colaboración cos organismos e institucións competentes na materia.
- q) A participación en órganos de colaboración deliberantes ou consultivos, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.
- r) Todas as demais que deriven dos fins que ten atribuídos e aquelas que se lle sexan asignadas legal ou regulamentariamente.

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA)

É unha axencia pública autonómica, creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei. Ten por obxecto a aplicación de todos os tributos propios, así como, por delegación do Estado, dos tributos estatais cedidos, como instrumento ao servizo dos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación efectiva dos recursos ao seu cargo.

Entre as funcións da Axencia Tributaria de Galicia están as seguintes:

- a) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora dos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, cando así o estableza a súa normativa reguladora.
- b) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora dos tributos estatais cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na normativa reguladora do financiamento autonómico.
- c) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora das recargas que se establezan sobre os tributos estatais.
- d) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora doutros tributos estatais ou locais recadados en Galicia que poida asumir por delegación ou encomenda.
- e) A recadación dos ingresos de dereito público de natureza non tributaria que a normativa atribúa á consellería competente en materia de facenda.
- f) A revisión en vía administrativa das actuacións e actos realizados no exercicio das funcións anteriores, con excepción das reclamacións económico-administrativas, da revi-

sión de actos nulos de pleno dereito e daquelas outras que por lei específica se atribúan a outros órganos.

- g) A colaboración e coordinación coas demais administracións tributarias e, en particular, a participación nos órganos de goberno da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, de ser o caso, nos das entidades que se creen en relación coa aplicación dos tributos en Galicia.
- h) Calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por convenio administrativo.

1.2.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL S.A.

Os estatutos de Retegal, S.A. foron aprobados polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, que foron modificados posteriormente en diversas ocasións, publicándose o texto refundido mediante Resolución do 9 de abril de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (DOG 78, do 23 de abril de 2013), e modificados finalmente polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de maio de 2015 (DOG 215, do 11 de novembro de 2015).

Segundo estes estatutos, Retegal é unha sociedade mercantil pública autonómica, que ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan así mesmo a consideración de medios propios polo que está obrigada a executar as encomendas ou encargos que aquela e máis estas lle realicen dentro do ámbito do seu obxecto social.

O artigo 2 dos seus estatutos sinala que ten por obxecto a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia, para as que obterá os títulos habilitantes que sexan necesarios en cada caso.

En particular, constituirán parte do obxecto social as actividades de promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións. Igualmente, forma parte dese obxecto social a prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Facenda e Administración Pública é a responsable da xestión orzamentaria dos programas propios da consellería e dos créditos consignados na sección de “Gastos de diversas consellerías” destinados ao pago de servizos de carácter horizontal como aluguer, seguros e o imposto de bens inmobles dos que integran o patrimonio da comunidade autónoma.

Os recursos asignados á Consellería de Facenda e Administración Pública no proxecto de orzamentos para o exercicio 2025 deben perseguir o incremento do grao de eficacia e eficiencia do gasto público da consellería co fin de profundar na reforma da Administración pública autonómica como elemento clave no funcionamento da economía, desenvolvendo sistemas e procedementos máis eficientes e modernos. A mellora das infraestruturas tecnolóxicas da administración, de forma que permitan a automatización de procesos, é outra das liñas de acción a seguir.

Os principais obxectivos que se pretenden conseguir son os seguintes:

- No eido do control interno, nas actuacións de control continuarase a configurar un sistema de control baseado en riscos; ademais continuarase potenciando a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a Administración, a través de sistemas de seguimento, avaliación e control.
- No ámbito da planificación económica e orzamentaria, o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 orientará as liñas estratéxicas de investimento e gasto do orzamento 2025. Para garantir o cumprimento da planificación estratéxica levarase a cabo unha exhaustiva selección de proxectos de investimento que estea en total concordancia coas prioridades de actuación establecidas.
- En materia de fondos europeos, no ano 2025 o principal obxectivo é a xestión dos programas do período 2021-2027 (FEDER, FSE+ e FTX), tamén se realizarán as tarefas necesarias para o peche dos programas do período 2014-2020. No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España o obxecto da dirección é a coordinación, asesoramento e seguimento da xestión de proxectos públicos financiados con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) dentro do ámbito da comunidade autónoma.
- En relación co emprego público, no marco da estabilización do persoal temporal, o remate dos procesos selectivos convocados no 2022, e o desenvolvemento da lei de emprego público de Galicia.
- No eido da mellora da calidade dos servizos públicos, no 2025 continuará o desenvolvemento das accións pendentes de executar de acordo co calendario incluído no Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizo do Sector Público Autonómico de Galicia, aprobado o 4 de marzo de 2021.

Por último, na área da política tecnolóxica da Xunta de Galicia, a AMTEGA exercerá o liderado das funcións de seguimento e avaliación da Estratexia Galicia Dixital 2030, a cal está composta de 7 eixos estratéxicos e un eixo transversal: Goberno e Administración intelixente, Sociedade dixital e inclusiva, Entorno dixital para a saúde e o benestar social, Territorio intelixente, verde e resiliente, Conectividade dixital do territorio, Cultura e turismo intelixente, Economía dixital e sostible e Especialización tecnolóxica.

Estas actuacións desenvolveranse dende os diferentes centros directivos, organismos, axencias e entes públicos tal e como se detalla a continuación.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOIRO

A Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro exerce as competencias e funcións establecidas polo ordenamento xurídico vixente, correspóndelle en particular a asistencia técnica e administrativa á persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública; as funcións de réxime interior, os asuntos xerais e as competencias en materia de xogo e financeira da comunidade autónoma.

Os obxectivos e liñas fundamentais, dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse nos seguintes eidos:

1. O apoio e a coordinación das actividades do resto das direccións xerais e entes mediante as seguintes funcións:
 - A organización, simplificación e racionalización da actividade administrativa.
 - O seguimento dos convenios e protocolos de colaboración.
 - A coordinación e xestión da contratación pública da consellería e do orzamento da mesma.
 - O apoio administrativo e técnico-xurídico nas diferentes materias de competencia da consellería.
2. En materia financeira, os obxectivos para o ano 2025 son:
 - Planificar o endebedamento da comunidade autónoma.
 - Negociar e formalizar operacións crediticias coa banca pública europea.
 - Lanzamento de débeda pública da comunidade autónoma a longo prazo.
 - Obter as mellores condicións financeiras posibles para o endebedamento do exercicio, respectando en todo caso o principio de prudencia financeira.
 - Afondar no asesoramento, control e seguimento do endebedamento do sector público da comunidade autónoma.
 - Reforzar o asesoramento e a colaboración coas entidades locais da comunidade autónoma.

- Incrementar o seguimento e control dos procedementos de reintegro iniciados polos avais executados con cargo á Tesourería da Comunidade Autónoma.
 - Fortalecer a supervisión das mutualidades de previsión social, os intermediarios de crédito inmobiliario e prestamistas inmobiliarios, así como das entidades e distribuidores de seguros.
 - Coordinar e xestionar os procedementos para constituír e devolver avais por medios electrónicos.
 - Mellorar os procedementos de pago.
3. En materia de xogo, continuarase co desenvolvemento dos traballos para a aprobación da normativa de desenvolvemento da nova Lei reguladora dos xogos de Galicia, co impulso da tramitación da norma reguladora do Observatorio Galego de Xogo, así como a elaboración e tramitación do resto de normativa regulamentaria, mantendo a colaboración cos diversos sectores afectados.

Tamén se manterá a colaboración coas distintas asociacións que traballan na prevención e asistencia ás persoas con adicións ao xogo asinando convenios de financiamento das súas actividades. A estes efectos constan consignadas nos orzamentos partidas específicas para o Observatorio Galego de Xogo así como para a celebración dos referidos convenios.

Por último, a Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro continuará a realizar todas as tarefas de colaboración e coordinación co Instituto Galego de Estatística nos cometidos recollidos na lei do plan galego de estatística de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

Os obxectivos da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para o ano 2025 correspóndense coas funcións propias e específicas relativas á planificación, programación e elaboración dos orzamentos do sector público autonómico, así como o seguimento da súa execución. En particular detállanse os seguintes:

- Deseño dos escenarios de previsión plurianual establecidos na Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, que constituirán a programación do sector público autonómico con orzamento limitativo nos seguintes anos, e definirán a senda financeira da comunidade autónoma en base á previsible evolución dos ingresos, así como os recursos que se van asignar ás diferentes políticas de gasto, en función dos diferentes obxectivos estratéxicos e os compromisos plurianuais asumidos.
- Realización de estudos e actuacións relativas á determinación dos recursos económicos que deben ser transferidos á comunidade autónoma desde os orzamentos doutras administracións públicas e formulación de propostas, ou valoración das mesmas, formuladas por outras

comunidades autónomas, sobre as variables que forman parte do sistema de financiamento autonómico ou da súa posible reforma.

- Análise das novas regras fiscais do marco de gobernanza da UE e do seu impacto nas contas autonómicas. As novas regras fiscais do 30 de abril de 2024 tratan de garantir unhas finanzas públicas saneadas e sostíbles, fortalecer a supervisión e coordinación fiscal, e fomentar o crecemento por medio de reformas e investimentos que contribúan ás prioridades da UE, e obrigan a todos os Estados membros a elaborar un Plan Estrutural de Política Fiscal nacional a medio prazo, no que o elemento central é o compromiso relacionado coa taxa de crecemento do gasto primario neto financiado a nivel nacional. Establecen, pois, límites máis estritos para o déficit orzamentario e a débeda pública, e os gobernos terán que axustar os seus orzamentos e estratexias fiscais a partir de 2025.
- Elaborar un límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado que enmarque o proceso de elaboración orzamentaria, e así establecer o tope cuantitativo do orzamento do vindeiro exercicio en función das expectativas de ingresos, do obxectivo de estabilidade orzamentaria de débeda pública e a regra de gasto.
- A análise económico-financeira da evolución orzamentaria na súa vertente de ingresos e gastos, propoñendo, de ser o caso, aquelas medidas que se consideren convenientes para o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e regra de gasto enmarcados na senda de consolidación fiscal acordada no consello de política fiscal e financeira para a Comunidade Autónoma de Galicia.
- Planificación e avaliación estratéxica e financeira dos plans elaborados no seo do sector público autonómico, co análise das repercusións orzamentarias de cada plan, proxecto plurianual ou norma que se propoña.
- Proseguir co proceso de mellora continua na elaboración e calidade dos orzamentos da comunidade autónoma. En particular recollerán a visión transversal das políticas de gasto con perspectiva de xénero, o orzamento en clave de infancia e un informe do orzamento en clave de obxectivos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable.
- A Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia establece a obriga de deseñar os contratos plurianuais de xestión das axencias públicas autonómicas, para o que se colaborará no seu deseño e se informará respecto do encaixe dos gastos dimanantes da súa aplicación co escenario financeiro da comunidade autónoma.
- Obter as contas parciais ao longo do ano e dun estado do orzamento vixente de ingresos é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Así mesmo, en colaboración coa IXCA, mellorarase a aplicación informática soporte do sistema contable a nivel consolidado.
- Xestionar eficazmente os expedientes que modifican gasto promovidos polas diferentes consellerías, realizando unha análise da súa procedencia e oportunidade así como o estudo das súas repercusións orzamentarias e do seu financiamento.
- Levar a cabo todas aquelas actuacións que permitan mellorar o seguimento e mantemento dos diferentes programas orzamentarios e os obxectivos neles definidos mediante o esta-

blecemento de sistemas específicos para os gastos da dependencia, da sanidade pública, dos investimentos en infraestruturas e dos gastos de persoal na Administración institucional.

O Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 orientará as liñas estratéxicas de investimento e gasto do orzamento 2025. Para garantir o cumprimento da planificación estratéxica levarase a cabo unha exhaustiva selección de proxectos de investimento que estea en total concordancia coas prioridades de actuación establecidas. Nesta selección de proxectos serán moi relevantes os recursos procedentes dos fondos europeos, que permitirán financiar actuacións transformadoras que sigan a impulsar o noso tecido económico e permitan un crecemento máis sostible e dixital. Así mesmo, levarase a cabo o seguimento e avaliación do exercicio inmediato anterior en termos do devandito Plan Estratéxico. Este seguimento realízase en base á eficacia e eficiencia dos indicadores financeiros, de produtividade e de resultado.

DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS

O obxectivo da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos, no que atinxe á xestión dos Fondos Europeos, consiste en avanzar na implementación da política de cohesión económica, social e territorial da Unión Europea en liña coas prioridades da Comisión Europea e en acadar unha xestión correcta, eficiente e eficaz dos recursos procedentes dos fondos estruturais que contribúen a financiar a política rexional. No ano 2025 o principal obxectivo é a xestión dos programas do período 2021-2027 (FEDER, FSE+ e FTX), tamén se realizarán as tarefas necesarias para o peche dos programas do período 2014-2020. No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España o obxecto da dirección é a coordinación, asesoramento e seguimento da xestión de proxectos públicos financiados con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) dentro do ámbito da comunidade autónoma.

Así, en relación ao período de programación 2014-2020, os esforzos centraranse en culminar con éxito a correcta execución dos programas operativos FEDER, FSE e POEJ, tanto en termos de absorción financeira como de consecución de resultados. Ademais, realizaranse as tarefas previstas nos plans específicos de avaliación dos programas.

Polo que respecta ao novo período de programación 2021-2027, unha vez aprobados os programas, este centro directivo, na súa condición de unidade de coordinación do Organismo Intermedio Xunta de Galicia para os programas do Fondo de Transición Xusta (FTX), FEDER e FSE+ Galicia 2021-2027 e FSE + BASICO plurirrexional, centrarase na selección de operacións para avanzar na execución e cumprir as exixencias da regra N+3 (N+2) no novo período, na realización da revisión intermedia que asignará o importe de flexibilidade, así como en realizar as primeiras certificacións de gasto correspondentes ao período.

Outros aspectos nos que se continuará a traballar, por tratarse dun procedemento que debe ser periodicamente revisado e actualizado, serán o marco de xestión de riscos e a adopción

de medidas antifraude eficaces e proporcionadas, no marco do Plan de Prevención de Riscos de Xestión e Medida Antifraude da Xunta de Galicia. Tamén se levarán a cabo as actuacións previstas na estratexia de comunicación dos fondos europeos, realizando unha campaña específica de difusión das actuacións cofinanciadas; así como o reforzo da difusión das actuacións en determinados actos, especialmente durante os días próximos ao Día de Europa.

Asemade, a Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos no marco do obxectivo da Cooperación Territorial Europea recollido no Regulamento 2021/1059 CTE 2021-2027 do Parlamento Europeo e do Consello, realizará as funcións de Coordinador Rexional para os programas operativos de Cooperación Transnacional e Interrexional, en particular, a coordinación coas Autoridades dos Programas Operativos; Interreg Espacio Atlántico, Interreg SUDOE (Sudoeste Europeo) e Interreg Europe, así como a representación nos Comités dos referidos programas.

Neste contexto, as principais liñas de acción da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos para o ano 2025 son as seguintes:

- Garantir unha xestión eficaz, eficiente e correcta dos fondos europeos asignados para o período 2021-2027 no marco dos Programas FEDER, FTX e FSE+ 2021-2027 e do Programa FSE + BASICO plurirrexional e asegurar a execución dos mesmos.
- Revisar e/ou actualizar os procedementos de xestión de riscos, que inclúe a autoavaliación dos riscos de fraude e a adopción de medidas eficaces e proporcionadas contra o fraude, no marco dunha estreita e continua colaboración cos organismos xestores de FEDER e FSE+, aos que se se proporcionará asistencia técnica e asesoramento continuo, en coherencia co Plan de Prevención de Riscos de Xestión e Medida Antifraude da Xunta de Galicia.
- Realizar a revisión intermedia dos programas FEDER e FSE+ 2021-2027 que inclúe a asignación definitiva do importe de flexibilidade.
- Realizaras tarefas de verificacións administrativas e in situ de operacións e gastos financiados no período 2021-2027.
- Implementar os plans de acción e/ou medidas preventivas ou correctivas que poidan derivarse das verificacións e/ou dos controis e auditorías efectuados polas distintas instancias comunitarias, estatais ou autonómicas de control.
- Manter actualizada a formación e mellorar a capacitación administrativa e técnica do persoal que participa nas tarefas de xestión e control no seo do OI Xuntade Galicia, mediante a participación e/ou organización de cursos, seminarios ou xornadas divulgativas sobre os distintos aspectos que atinxen aos programas do período 2021-2027.
- Avanzar na implementación da estratexia de comunicación e dos plans de información e comunicación dos programas do período 2021-2027, e levar a cabo as medidas de comunicación necesarias para lograr unha maior difusión da contribución dos fondos europeos, xunto ao seguimento das actuacións nesta materia desenvolvidas polos xestores.
- Realización das avaliacións programadas no ámbito dos Programas Operativos FEDER e FSE 2014-2020.

- Elaborar a documentación necesaria para o peche dos programas operativos do período 2014-2020. Coordinación, asesoramento e seguimento da execución dos proxectos financiados co MRR.

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

A actividade da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal no 2025 virá determinada polos seguintes elementos singulares que se superporán ao seu funcionamento ordinario:

- Desenvolvemento das aplicacións informáticas de recursos humanos e do expediente persoal electrónico do empregado público.
- Preparación e elaboración dos regulamentos de desenvolvemento da nova lei do emprego público de Galicia, coa fixación dos posibles criterios a ter en conta para o seu articulado.
- Posta en marcha e o desenvolvemento da nova aplicación informática nas listas para o nomeamento de persoal funcionario interino e de persoal laboral temporal.
- Tramitación dos concursos de traslados de persoal funcionario e laboral, e en concreto o desenvolvemento dos concursos específicos de persoal funcionario.
- Desenvolvemento das actuacións do Consello Asesor para a Integración da discapacidade na función pública de Galicia.
- Elaboración da Oferta de Emprego Público anual.
- Desenvolvemento dos procesos selectivos derivados das ofertas públicas de emprego de anos anteriores.
- Cumprimento das obrigas de publicidade derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Continuación cos procesos de integración dos entes.

DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO

Unha administración que busque altos estándares de calidade debe impulsar as actuacións orientadas ao logro da eficacia no seu funcionamento e da eficiencia na asignación dos recursos, ao impulso da transparencia e da axilización dos procedementos administrativos; a potenciar o acceso electrónico aos servizos públicos, a garantir o coñecemento dos dereitos das persoas usuarias e, en definitiva, a establecer os mecanismos necesarios que contribúan á mellora continua dos servizos públicos para incrementar así o grao de satisfacción da cidadanía.

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, supuxo un cambio de tendencia no ámbito da modernización na Administración autonómica de Galicia por varios motivos. En primeiro lugar, porque estableceu cambios na organización e no xeito de desenvolver a actividade administrativa sobre as novas bases que deben presidir as relacións entre a Administración e a sociedade en xeral. E, en segundo lugar, porque se enfocou na prestación de servizos á cidadanía e nas formas de ofrecelos a partir da aplicación dos principios de boa administración, mellora continua, proximidade e fomento da participación cidadá nos asuntos públicos, e simplificación administrativa.

Coa nova lexislatura, o Consello da Xunta aprobou o Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia. Un documento de estratexia ata o final de lexislatura.

O plan inclúe 36 accións que se agrupan en 10 eixos. En concreto, os eixos de actuación do Plan son os seguintes:

- Eixo 1: Funcionamento dos servizos públicos.
- Eixo 2: Xestión da calidade e instrumentos de mellora da calidade.
- Eixo 3: Racionalización e simplificación de procedementos administrativos.
- Eixo 4: Contratación administrativa.
- Eixo 5: Xestión do persoal.
- Eixo 6: Transparencia.
- Eixo 7: Información e atención á cidadanía.
- Eixo 8: Participación cidadá.
- Eixo 9: Integridade institucional.
- Eixo 10: Difusión e comunicación.

A parte final do plan inclúe as accións calendarizadas para os anos de desenvolvemento ata o ano 2027.

Neste marco, ademais de dar continuidade ás actuacións e aos proxectos xa iniciados nos exercicios anteriores, os obxectivos e as liñas de acción da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio para o exercicio 2025 presentan unha dobre vertente, cidadá e administrativa, que se expón a continuación.

a) Perspectiva da cidadanía

Supervisaranse e proporanse os criterios e as actuacións para aumentar as obrigas de publicidade activa e o exercicio do dereito de acceso da cidadanía á información pública, de conformidade coa normativa básica de transparencia e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; en particular traballarase en aumentar a visualización territorial das políticas públicas a través de ferramentas GIS e incorporar melloras na

ferramenta que permitan o apoio as distintas unidades tramitadoras dos procesos de información pública.

Poranse en marcha melloras tecnolóxicas no portal que permitan aumentar os niveis de participación na elaboración de normas e plans. En particular aumentarase o nivel de accesibilidade de contidos, a utilización de vídeos, a reorganización das canles de participación existentes a fomentar a participación infantil e adolescente.

Continuarase coa mellora da ferramenta do Sistema Electrónico de Atención á cidadanía (SIACI), incorporando ademais os estudos e auditorías, xa iniciados no ano 2021, respecto daqueles procedementos onde se produza un numero destacable de queixas ou suxestións. E incorporaranse melloras na ferramenta que permitan o apoio ás distintas unidades tramitadoras dos procesos de información pública.

No obxectivo de simplificación de procedementos continuarase cunha parte de dixitalización de procedementos que aínda non estaban incorporados á sede así como a eliminación de aqueles que na actualidade teñen un baixo ou escaso uso. Ao tempo, traballarase nunha harmonización de políticas subvencionadoras mediante a revisión de ordes de axuda.

No marco da contratación, ademais de continuar o proceso de normalización da documentación de uso común nos procesos de contratación, velarase pola extensión a todos os centros directivos da Xunta e das súas entidades instrumentais no marco plataforma de xestión de contratos PLATION.

En materia de xestión de persoal continuaranse os traballos nun piloto de medición do rexistro de actividade dos empregados públicos en cumprimento do acordo sindical sobre a modalidade de teletraballo que permita diagnosticar o futuro modelo de cargas de traballo das unidades. Impulsarase a formación en materia de xestión da calidade e do propio Plan de Mellora.

b) Perspectiva administrativa

Fomentarase a rendición de contas dos centros directivos a través das súas memorias-balance e na aprobación de memorias de cumprimento por parte das entidades instrumentais.

En cumprimento do programa de melloras das entidades instrumentais do sector público autonómico, continuarase co impulso da aprobación dos contratos programa do sector público autonómico.

No relativo aos órganos colexiados continuarase a traballar na mellora do rexistro dos existentes e das persoas que o compoñen mediante a creación dunha base de datos de grupos de traballo.

No que se refire á avaliación de calidade as accións centraranse na elaboración de guías metodolóxicas para a elaboración de instrumentos de planificación de políticas públicas ou outros procedementos de interese para a organización.

Continuarase coa difusión do Manual de acollida para o persoal de novo ingreso do sector público autonómico co fin de favorecer a súa incorporación e facilitarlle a adaptación ao posto de traballo.

Continuarse informando, con carácter previo á súa aprobación, as estruturas orgánicas, as relacións de postos de traballo, as normas reguladoras dos procedementos administrativos, e as bases e as convocatorias das axudas e subvencións do sector público autonómico, con especial atención aos criterios de racionalización e simplificación dos trámites, de eliminación da documentación accesoria e de normalización dos anexos que ha de utilizar a cidadanía.

O Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión é a estratexia derivada do Diagnóstico dos sistemas de control interno e prevención de riscos elaborado polo Consello de Contas de Galicia.

A estratexia da Xunta de Galicia para o afianzamento da súa política institucional de integridade, materialízase a través da actualización deste Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión que contempla a posta en marcha, de xeito gradual, de distintas medidas orientadas ao fortalecemento dos sistemas de control interno e infraestrutura ética para o control das actividades máis vulnerables ou sensibles aos riscos de xestión para unha xestión pública eficaz, nun marco de legalidade, transparencia e rendición de contas.

Trátase de adoptar medidas que contribúan á mellora dos estándares éticos na Administración autonómica fomentando unha cultura cívica a favor da transparencia, a rendición de contas e o comportamento ético.

Este Programa, de carácter eminentemente preventivo, que non reactivo, supón, non soamente o reforzo e a consolidación das medidas e as actuacións xa en marcha senón que, seguindo o esquema e recomendacións formuladas polo Consello de Contas, incorpora todos os elementos que como mínimo, permitan consolidar no sector público autonómico un sistema sólido e avanzado de integridade, obxectividade, eficiencia e transparencia no funcionamento da Administración pública galega e no desempeño da función pública.

Asumirase a xestión e a coordinación funcional da canle de comunicación en materia de integridade institucional para o outorgamento do tratamento que proceda.

Asúmese ademais, a coordinación e xestión de todos os instrumentos relacionados coa administración e o tráfico dos bens e dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a administración, xestión e liquidación das herdanzas intestadas e o desenvolvemento da normativa autonómica en materia patrimonial.

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2025 formula como obxectivos primordiais os seguintes:

- Potenciar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a Administración, dedicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos. Este obxectivo concrétese en:
 - Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, así como de auditoría dos expedientes de gasto.
 - Auditar e controlar os distintos programas de gasto e especialmente as actuacións con fondos comunitarios, así como as axudas e os procedementos de contratación pública, calquera que sexa a fonte de financiamento, para gañar en eficacia.
 - Levar a cabo o control financeiro permanente e a auditoría das entidades do sector público dentro dunha programación plurianual.
- Potenciar as actuacións de control, tanto no marco da función interventora coma do control financeiro e a auditoría pública, mediante a configuración dun sistema de control baseado en riscos.
- Actualizar a normativa da fiscalización limitada previa e traballar en sistemas de simplificación das labores de comprobación dos aspectos da mesma.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE)

A actividade do Instituto Galego de Estatística ven determinada polos plans anuais de actuación previstos na LOFAXGA e no seu Estatuto e polos plans estatísticos plurianuais concretados nos programas estatísticos anuais. No 2025 abordaranse os seguintes elementos singulares que se superporán ao seu funcionamento ordinario:

- Realizar as estatísticas do Programa Estatístico Anual (PEA 2025) que lle correspondan e as que se establezan por convenio con outros organismos públicos. Elaborarase nova información sobre capital social, deporte, coberturas do solo, inventario forestal, alugueres de vivendas e afiliacións á Seguridade Social.
- Seguir intensificando o uso estatístico dos rexistros e integrais para construír bases de datos que permitan reducir a carga dos informantes, abaratar custos e dispor de indicadores máis rápidos para a gobernanza. En particular, cos datos cedidos polas universidades galegas elaborarase información estatística sobre inserción laboral das súas persoas egresadas.

- Aumentar o valor da información dispoñible e profundar nas análises demografía, social, económica e territorial. O sector do transporte e da loxística recibirá un tratamento singular no 2025.
- Realizar as actividades que se lle encomenden no Plan Anual de Actuación (PAA 2025), complementarias das que lle correspondan do Programa Estatístico Anual (PEA 2025). Posición cíclica da economía galega, microsimulación de impactos no IRPF e aplicación do modelo QUEST3RD para Galicia, serán algunhas delas.
- Seguir colaborando coa Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para, entre outros asuntos, construír un sistema harmonizado de indicadores da Axenda 2030 e acordar posicións comúns sobre o esquema nacional de interoperabilidade e o novo ecosistema de datos.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

A Escola Galega de Administración Pública orienta a súa actuación a garantir o cumprimento, coa máxima eficiencia, dos obxectivos marcados na súa Lei de creación.

Neste marco, algunhas das principais liñas de actuación en 2025 serán:

- O deseño dunha formación continua específica para todos e cada un dos colectivos de empregados públicos da comunidade autónoma, a través dun plan formativo único que contempla materias transversais e as propias de coñecementos sectoriais relacionados coas competencias de cada consellería ou ente público instrumental.
- A aposta polas diferentes contornas de aprendizaxe, metodoloxías e novas técnicas docentes, co obxectivo de facilitar a formación continua do persoal empregado público e favorecer a conciliación da vida laboral e familiar, potenciando a teleformación e a telepresenza.
- A adecuación da oferta formativa ás necesidades e aos novos obxectivos das administracións públicas no momento presente desde un compromiso de transparencia e ética pública.
- O fomento dunha nova Administración máis participativa e colaborativa no contexto post Covid, co fin de contribuír á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.
- A especial atención á formación específica en materia emprego público, co fin de contribuír a que garanta a mesma calidade no servizo e a mellor consecución dos obxectivos da Administración.
- O reforzo da formación no eido da Administración electrónica e da capacitación dixital do persoal empregado público a través dunha programación específica tanto técnica como normativa. Neste punto cómpre destacar que, no marco do Universo Egap In-

nova, a EGAP desenvolverá sesións exclusivamente prácticas en diversas materias deste ámbito.

- A consolidación da programación do Instituto de Economía Pública de Galicia coa impartición de materias relevantes e de actualidade no eido da economía pública con especial atención ás de carácter transversal, de xeito que se poda testar o interese dos destinatarios da formación na actividade do instituto.
- A oferta de formación específica en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero dirixida especificamente a concienciar da necesidade de asumir os principios de igualdade e non discriminación.
- A consolidación da Escola como un foro de debate e interlocución entre a Administración e a cidadanía que implicará, entre outras cousas, a impartición de formación práctica e teórica na materia de administración electrónica, tanto para persoal empregado público como para a cidadanía en xeral.
- A docencia nas materias obxecto da lexislación administrativa básica en todas as modalidades docentes e para todos os colectivos de empregados públicos, con especial atención ás novidades lexislativas que se vaian producindo neste eido.
- A formación en lingua galega e en redacción de documentos técnico-xurídicos nesta lingua para todos os niveis de coñecemento, co obxecto de facer reais e efectivos os dereitos da cidadanía en materia lingüística.
- A aposta pola formación en linguas estranxeiras co fin de dotar ao persoal empregado público da posibilidade de empregar outros idiomas que constitúan unha necesaria ferramenta no desempeño do seu traballo.
- A organización e a impartición dos cursos selectivos para o acceso aos corpos e escalas da Administración autonómica que se determinen, así como o acceso aos corpos de funcionarios locais con habilitación de carácter nacional.
- A continuidade da implicación da EGAP no apoio ao persoal empregado público que decida participar nos procesos selectivos de promoción interna de acordo coas pausas que vaia establecendo a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.
- A formalización de convenios de colaboración e protocolos de actuación e a realización de intercambios formativos con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel nacional e internacional.
- O fomento da investigación, da documentación e do debate nas materias relacionadas coas administracións públicas, mediante a edición de dúas publicacións científicas periódicas- a Revista Galega de Administración Pública (REGAP) e a revista Administración&Cidadanía- e a publicación de monografías.
- A ampliación, mantemento e difusión do fondo bibliográfico e documental da EGAP, especialmente en soporte electrónico, así como a utilización das novas tecnoloxías para a creación de espazos que favorezan a difusión do coñecemento xerado a partir das actividades organizadas pola escola.

- A convocatoria de bolsas, axudas e premios destinados a fomentar o estudo e a investigación en materias relacionadas coas actividades da Escola e a Administración Pública.
- O desenvolvemento de programas de capacitación e formación para o exercicio da función directiva e pre-directiva en colaboración, de ser o caso, con outros centros ou órganos de formación especializados.
- A consolidación e mellora do Sistema Integral de Avaliación da Calidade da Formación da Escola.
- A divulgación e fomento dentro do marco de seminarios e xornadas, de análises en profundidade de temáticas de actualidade que motiven e dean respostas ás inquedanzas xurdidas a raíz da evolución esencialmente do Dereito Público e das Administración Públicas.

II.3. DAS ENTIDADES PUBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES)

As liñas de acción para o exercicio económico 2025 son atender plenamente as súas actividades, tales como:

- I. Ditames de solicitude preceptiva: son aqueles que versen sobre:
 - I.1. Anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos, plans xerais e sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.
 - I.2. Anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, ás competencias ou funcionamento do consello.
 - I.3. Anteproxectos ou proxectos relativos a materias que por precepto expreso dunha lei teñan que serlle consultadas ao consello.
2. Ditames facultativos: son aqueles solicitados polo Consello da Xunta ou polas consellerías.
3. Informes ou estudos por solicitude da Xunta de Galicia:
 - 3.1. Sobre as reformas de normativa vixente sempre que afecten ao desenvolvemento económico e social.
 - 3.2. Sobre a elaboración de plans e programas, en relación ás mesmas materias.
4. Informes ou estudos por propia iniciativa, que se levarán a cabo en colaboración coas tres universidades públicas galegas:
 - 4.1. Sobre as reformas da normativa vixente coa intención de mellorar o desenvolvemento económico e social da comunidade.
 - 4.2. Sobre a elaboración dos plans e programas, co mesmo obxectivo.

- 4.3. Sobre as repercusións e adaptacións necesarias que a introdución das novas tecnoloxías impoñan no sistema económico e social galego.
- 4.4. Sobre a execución de plans ou programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia.
5. Memoria anual:
 - 5.1. Sobre a situación económica e social de Galicia.
 - 5.2. Sobre as recomendacións ou orientacións, se é o caso, acerca da política orzamentaria.
6. Organización de Xornadas de Estudo sobre materias propias do ámbito de funcións que incumben ao CES.
7. Realización de publicacións sobre materias de interese relativas á área socioeconómica.
8. Presenza institucional en foros de discusión ou de colaboración que podan resultar de interese para o organismo.

II.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA)

A actividade da Axencia Tributaria de Galicia para o 2025 ven determinada polo desenvolvemento das funcións previstas no seu Estatuto, de acordo co previsto no Decreto 202/2012, e concretamente:

- Dar cumprimento ás previsións orzamentarias do estado de ingresos nos tributos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: tributos propios e tributos cedidos polo Estado.
- Levar a iniciativa nas modificacións legislativas en materia tributaria.
- Incrementar a eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal a través da mellora do tratamento da información e dos procesos de control, a racionalización e modernización dos procedementos internos e a detección de áreas de risco (Plan de Control Tributario).
- Mellorar a información e asistencia ao contribuínte orientando a actuación administrativa ao servizo dos cidadáns e á transparencia.
- Consolidar os mecanismos de colaboración coa AEAT, as Administracións Tributarias das restantes comunidades autónomas e a Administración local.
- Promover a alta cualificación do persoal.
- Fomentar e estender a colaboración social e impulsar as novas tecnoloxías, á busca da redución de trámites administrativos e dos custos fiscais indirectos.
- Garantir o funcionamento da sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia con novas funcionalidades e novos servizos.

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como entidade encargada da definición, desenvolvemento e execución da política tecnolóxica da Xunta de Galicia, exercerá o liderado das funcións de seguimento e avaliación da Estratexia Galicia Dixital 2030, aprobada no Consello da Xunta.

A dita estratexia contempla 7 eixos estratéxicos e un eixo transversal:

- **GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE:** consolidando un goberno dixital, máis eficaz e eficiente que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos. Informando e comunicando as súas decisións e actuacións baixo un enfoque centrado na cidadanía.

No ámbito da seguridade da información, as liñas de traballo a desenvolver en 2025 estarán aliñadas coa nova Estratexia galega de ciberseguridade 2030, destacando a prestación de servizos de ciberseguridade máis aló do ámbito autonómico, estendendo un servizo básico ao ámbito da administración local e asesoramento a cidadanía e empresas. Tamén se continuará a obra do novo Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia, continuaranse os traballos de coordinación entre as entidades públicas e privadas a través do Nodo de ciberseguridade de Galicia, e continuarase coa execución do proxecto RETECH en ciberseguridade, que persegue despregar unha rede de centros de innovación e competencia en ciberseguridade de ámbito transrexional para impulsar a cohesión do ecosistema de ciberseguridade, e fomentar a innovación, a transferencia de coñecemento, a captación de fondos e a internacionalización do tecido empresarial das rexións participantes.

Con respecto ás telecomunicacións, continuarase coa mellora do cableado dos centros e da monitorización da rede.

Continuarase modernizando os sistemas que dan soporte ao Sistema Público de Emprego de Galicia, co obxectivo de mellorar e simplificar a relación da Administración coas persoas empregadoras.

- **E2. SOCIEDADE DIXITAL E INCLUSIVA:** dotando ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no contexto dixital, apoiando a adquisición das competencias dixitais básicas.

Impulsar a transformación do sistema educativo galego a través das TIC, coa consolidación e ampliación do modelo de Educación Dixital galego que permite ao alumnado e profesorado dos centros sostidos con fondos públicos de Galicia aproveitar as posibilidades dun ensino completamente dixital e impulsando, así mesmo, iniciativas como a creación dunha plataforma de intelixencia de negocio do eido educativo.

En 2022 púxose en marcha o Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT, que dá continuidade e intensifica o labor desenvolvido ao longo de máis de dez anos dedicados a facilitar a alfabetización e capacitación dixital da cidadanía. Ao longo de 2023 e ata 2025, proporcionará equipamento tecnolóxico innovador, a reforma física das aulas facéndoas

máis flexibles, novos servizos de formación e capacitación dixital aliñados co Marco Galego de competencias dixitais, a ampliación de servizos de inclusión dixital no rural a través dun servizo de aula móbil itinerante e o desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento dos sistemas da Rede CeMIT.

- E3. ENTORNO DIXITAL PARA A SAÚDE E O BENESTAR SOCIAL: traballando por un entorno intelixente centrado nas persoas e no seu benestar ao longo de todo o ciclo vital a través do uso eficiente das tecnoloxías dixitais para mellorar a saúde e a autonomía persoal, mitigando os riscos para a saúde e a protección da poboación, e reforzando a robustez e sustentabilidade dos sistemas e servizos socio-sanitarios. Continuarase a transformación do modelo de atención socio-sanitaria nas residencias de maiores e discapacitados, baseándonos na tecnoloxía e poñendo en valor as leccións aprendidas durante o período de pandemia e aproveitando o impulso dos fondos MRR.
- E4. TERRITORIO INTELIXENTE, VERDE E RESILIENTE: avanzando cara a un territorio máis sostible, máis verde e resiliente, mellorando a xestión e o coñecemento do territorio para fortalecer a cohesión territorial, a preservación medio ambiental e a acción polo clima, a sustentabilidade dos recursos e ecosistemas naturais, a seguridade e a prevención de riscos sociais e ecolóxicos.

Contribuiremos á dixitalización dos sectores primarios, especialmente o agrogandeiro, o forestal, o pesqueiro e o desenvolvemento rural, potenciando o uso de plataformas dixitais de xestión, venda e trazabilidade dos produtos.

Así mesmo, a Xunta de Galicia puxo en marcha a Rede Galega da Internet das Cousas, unha rede de sensores conectados aos 300 centros de telecomunicacións públicos de Retegal que proporcionará información para a toma de decisións e a xestión eficiente dos recursos naturais.

- E5. CONECTIVIDADE DIXITAL DO TERRITORIO: asegurando o acceso á conectividade dixital para todos e avanzando na transición cara a un sistema intelixente de transporte e mobilidade conectado, sostible e seguro como factores esenciais para garantir a vertebración económica, social e territorial.

Avanzaremos cara a un transporte público moderno e tecnolóxicamente avanzado, aproveitando o impulso dos fondos MRR para o deseño da nova plataforma de pagamentos no transporte público de Galicia. No relativo á dixitalización do proceso de planeamento urbanístico, daremos continuidade aos traballos para convertelo nun proceso normalizado, estruturado, transparente e simplificado.

Destaca tamén o desenvolvemento de liñas de traballo no ámbito da banda larga ultrarápida, en coordinación co Goberno central, e o despregamento do plan de dotación de cobertura móbil no rural xa en marcha.

- E6. CULTURA E TURISMO INTELIXENTE: impulsando o uso de tecnoloxías dixitais para o fomento da competitividade do turismo, a dinamización do patrimonio e a produción cultural e a construción dunha identidade cultural máis aló dun ámbito territorial ou temporal determinado.

- E7. ECONOMÍA DIXITAL E SOSTIBLE: permitindo mellorar a produtividade, a xeración de novos produtos, servizos e modelos de negocio, e facilitar o cambio cara a unha economía circular, eficiente no uso de recursos e de baixa emisión de carbono.

Neste senso desputa o novo programa ReactivaTEC, que inclúe actuacións para a incorporación das TIC nas pequenas e medianas empresas de Galicia, xunto co impulso do uso de servizos dixitais por parte de todos os sectores produtivos, a través da continuidade do programa de apoio á transformación dixital das pemes.

- EIXO TRANSVERSAL: ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA: centrándose en reforzar as capacidades e infraestruturas dixitais de Galicia en tecnoloxías disxuntivas (IA, ciberseguridade, intelixencia do dato e 5G) e en garantir o seu amplo uso na economía e a sociedade. Para isto, o Centro GaiásTech continuará a ofrecer un conxunto de servizos para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e startups, a ser máis competitivos, ao tempo que exerce como eixo coordinador da rede de Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia (Conectivi.ga, Intelixencia artificial e Ciberseguridade), xa en marcha.

Tamén, e trala posta en marcha do ecosistema GobTech, durante o 2025 traballarase no desenvolvemento das actuacións contempladas no seo do acordo marco para o impulso de tecnoloxías avanzadas no sector público, perseguindo fomentar o liderado da administración na adopción de tecnoloxías dixitais innovadoras. Por último, levaranse a cabo ademais actuacións diversas enfocadas a impulsar e potenciar ao sector TIC galego.

Estas liñas de traballo están en directa relación coa execución do Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público; co deseño do Plan de Administración e Goberno Dixital: Horizonte2025; co III Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2025; co programa de mellora das capacidades e infraestruturas dixitais da AAPP; co Plan de Infraestruturas Dixitais Educativas 21-23 (EDUI00); co Modelo dixital de Atención Socio-sanitaria para Residencias de Maiores e Discapacidade; co Plan de Transporte e Mobilidade dixital e sostible (Plan E-Mobility); co Plan Galicia 5G; coa Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030; coa Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico; coa Estratexia de Ciberseguridade de Galicia 2030; coa posta en marcha do ecosistema GobTech; co Plan Digitalent 2030: Camiñando en Dixital; co Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT, co Plan SmartTurismo; coa iniciativa do catálogo colectivo e dixitalización das bibliotecas; co proxecto para a difusión do patrimonio cultural de Galicia Memoria Dixital de Galicia; co desenvolvemento da Plataforma de Territorio Intelixente; coa rede iCousas; co desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais; e co Plan de Software Libre.

II.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL S.A.

Con carácter xeral e segundo o establecido nos seus Estatutos, os obxectivos xerais de Retegal no ano 2025 tenderán a:

- Manter, ampliar e consolidar a súa posición no mercado nacional e autonómico como operador neutro de servizos de radiodifusión e de infraestruturas.
- Manter, ampliar, renovar e mellorar as infraestruturas existentes, tanto activas como pasivas, para garantir a calidade e continuidade dos servizos que vén prestando RETEGAL, con especial atención á mellora da eficiencia enerxética e uso de infraestruturas de comunicacións máis eficientes.
- Administrar con eficiencia os recursos xestionados desenvolvendo actuacións para ofrecer servizos máis competitivos, con tarifas transparentes e orientación a custos que deriven nunha mellora da calidade e accesibilidade dos servizos que se prestan a toda a sociedade galega.
- Na súa condición de medio propio, planificar, executar e operar os encargos previstos así como os que se lle poidan encargar pola Xunta de Galicia, e seguir xestionando servizos en réxime de autoprestación.
- Continuar as accións definidas no plan de cambio organizacional que permitan adaptar a actual estrutura organizativa ao contexto tecnolóxico actual, e garanta os niveis de calidade e servizo comprometidos cos clientes.

Inda que a escalada dos conflitos bélicos na Franxa de Gaza e Ucraína poderían impactar negativamente no crecemento da zona euro, prevese que a actividade económica mostre signos de estabilización.

Os prezos da enerxía nos mercados internacionais seguiron caendo no último ano, especialmente no caso do gas natural, o que contribuíu o dinamismo da actividade e a moderación da inflación. No ano 2025 espérase unha estabilización desta evolución dos custos da enerxía e prevese unha redución dos prezos acadados no ano 2024. Por parte da Xunta de Galicia, definiuse unha nova estratexia de contratación da subministración eléctrica para xestionar o risco de prezos e a volatilidade do mercado da electricidade, que axudará a normalizar a evolución do custo da subministración eléctrica nos vindeiros anos.

Os programas UNICO adxudicados polo goberno de España para ampliar a cobertura 5G no territorio poderán supoñer un incremento das necesidades de coubicación por parte dos operadores móbiles, incremento que permitirán mitigar os efectos de concentración e compartición de infraestruturas por parte dos principais actores do mercado.

Con carácter máis específico, os obxectivos de Retegal no ano 2025, serán:

I. Servizos de operador neutro de telecomunicacións.

O posicionamento de RETEGAL como operador neutro de infraestruturas é acorde coas tendencias actuais de mercado, nas que as estratexias dos operadores de servizos de telecomunicación se orientan ao núcleo do negocio evitando, no posible, investimentos en infraestruturas e realizando acordos marcos con operadores de telecomunicacións xestores das mesmas. As infraestruturas e redes que xestiona RETEGAL, especialmente no eido rural, facilitan a prestación de futuros servizos, reducindo os tempos de implantación, investimentos e custos recorrentes de mantemento e explotación a outros operadores.

Neste ano 2024 prevese que se acelere a xestión dos procesos de regularización (altas e baixas) das infraestruturas por parte dos operadores involucrados nos procesos de sinerxías (proxecto JUMPING), co potencial impacto no volume de ingresos derivados destes servizos.

En base ao contrato centralizado de subministración eléctrica da Xunta de Galicia, prevese unha evolución positiva dos custos de subministración eléctrica no vindeiro ano que implicará a redución dos ingresos asociados aos servizos de albergamento. Os traballos de regularización e optimización das subministracións eléctricas contratados a terceiros iniciados por parte dos grandes operadores nos últimos meses para tratar de paliar na medida do posible o elevado custo da enerxía eléctrica, tamén poderían impactar no volume de ingresos destes servizos.

Por parte destes operadores móbiles prevese novas necesidades derivadas da implantación do 5G, asociadas en moitos casos aos programas de financiamento do 5G impulsados polo goberno central.

Ao longo do período 2024-2025 incorporaranse novos servizos de albergamento asociados ás novas infraestruturas despregadas por parte da Xunta de Galicia para a mellora de cobertura móbil en núcleos rurais e illados, que axudarán a compensar as potencias reducidas derivadas dos proxectos de sinerxía e optimización enerxética iniciados polos operadores móbiles.

No ámbito dos pequenos operadores prevese unha evolución a baixa dos ingresos derivada do incremento de penetración da fibra nos ámbitos rurais.

2. Servizos de TDT.

2.1.- CRTVG.

O obxectivo fundamental de RETEGAL para o ano 2025, é manter as porcentaxes de cobertura de difusión do sinal do múltiple autonómico de TDT, no que están presentes as dúas canles de TVG, mantendo ademais os actuais niveis de calidade e dispoñibilidade na prestación do servizo.

Retegal ao longo do ano 2025 continuará analizando as novas tecnoloxías e funcionalidades neste eido para garantir o acceso por parte da cidadanía aos novos servizos de TV e dotar dunha maior redundancia á rede actual de difusión e servizos asociados.

2.2.- Concesionarios autonómicos.

RETEGAL presta servizo de difusión ao múltiple autonómico, que está integrado polo xestor técnico do múltiplex (a CRTVG) e por outros dous concesionarios de xestión privada.

O 18 de xaneiro de 2022, a Secretaría Xeral de Medios emitiu unha resolución pola que se dou publicidade ao acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia do 11 de novembro, polo que se autorizou a transmisión dunha licenza para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva de cobertura autonómica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, titularidade de Radio Popular, S.A. Cadena de Ondas Populares Españolas, en favor de Squirrel Media, S.A. nos termos regulados na proposta efectuada pola Secretaría Xeral de Medios.

Doutra banda, en data 8 de novembro de 2021, publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución de 25 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se dou publicidade ao acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro, polo que se aprobaron as bases que rexen o concurso público para o outorgamento dunha licenza para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva de ámbito autonómico e titularidade privada, e se procedeu a súa convocatoria.

No orzamento de ingresos estimado para o ano 2025, non se prevén novos ingresos derivados do inicio de explotación destas licenzas e a incorporación de novos integrantes no múltiple autonómico.

RETEGAL, operador técnico do múltiple compartido, continuará prestando o servizo portador de difusión de dito múltiple cun despregamento de rede que permite dar cumprimento aos deberes de cobertura da CRTVG (98% da cobertura de Galicia), e un dimensionamento de equipos, redundancias, proteccións e sistemas de supervisión e aseguramento que permitan manter os actuais servizos adicionais tales como as desconexións territoriais e os niveis de calidade e continuidade comprometidos coa CRTVG.

No ano 2024 finalizaron as emisións en calidade estándar (SD), pasando a emitirse unicamente en alta definición (HD), derivado das previsións do vixente Plan Técnico Nacional de TDT, e das obrigas definidas no Real Decreto 16/2023, do 17 de xaneiro, polo que se modifican o Regulamento sobre o uso de dominio público radioeléctrico, aprobado polo Real Decreto 123/2017, do 24 de febreiro, e o Real Decreto 391/2019, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital.

Por parte da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, iniciouse este ano 2024 a elaboración dunha folla de ruta para planificar a evolución tecnolóxica da TDT a estándares avanzados, incluíndo a tecnoloxía de transmisión DVB-T2, que incrementa de maneira importante a capacidade de réxime binario dispoñible en cada múltiple dixital, e realiza polo tanto un uso máis eficiente do espectro, permitindo evolucionar cara a contidos (canles) en calidade UHD. Este plan aínda está en elaboración, polo que non se prevé ningún impacto no orzamento 2025.

No vindeiro ano será necesario iniciar o proceso de renovación do equipamento de cabeceira de televisión para manter a calidade e prestación do servizo, así como a posibilidade de incorporar novos estándares de resolución de imaxe.

2.3.- Concesionarios locais.

Prestación dos servizos de difusión a varios múltiples de TDT Local con índices de calidade e continuidade do servizo comprometidos.

2.4.- Cadeas estatais.

Prestación do servizo de transporte e difusión do sinal do múltiple de TVE nos centros contratados pola adxudicataria do contrato.

Este contrato foi renegociado ao longo do ano 2023, polo que non se prevén variacións ao longo do 2025.

3. Servizo da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade da Xunta de Galicia (RESGAL).

En virtude da encomenda de xestión da AMTEGA a RETEGAL, durante o ano 2025 realizaranse as seguintes accións:

- Manter e xestionar a Rede de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia (RESGAL).
- Mellorar e facilitar, no seu caso, as coberturas naquelas micro-áreas nas que sexa preciso, mediante estudos das pegadas de cobertura.
- Mellorar e facilitar, no seu caso, as pegadas de cobertura mediante a execución dos eventuais encargos que se reciban.
- Implantar novos servizos aos usuarios, que permitirán manter e mellorar o aseguramento de continuidade do servizo e actualizar, ampliar e mellorar as capacidades dos servizos e aplicacións actuais. Entre os servizos de maior valor engadido, destaca a integración de móbiles intelixentes, que permite o acceso de terminais convencionais para o acceso do servizos da rede e integración de conversacións sen necesidade de pasarelas inter-sistema.

No último trimestre do 2024, cómpre iniciar unha nova licitación de terminais por parte da Amtega para dar resposta á demanda de terminais por parte dos usuarios, demanda derivada da obsolescencia dos terminais e as novas adhesións por parte das entidades.

Ademais dos traballos de mantemento e actualización dos terminais integrados na rede, ao longo do 2025 RETEGAL, como xestor da rede, continuará realizando labores de potenciación e fomento do coñecemento da RESGAL coa finalidade de difundir os seus beneficios entre todas as entidades prestadoras de servizos de emerxencia, ademais de seguir fomentando a adhesión de novos organismos á RESGAL, todo iso coa finalidade de potenciar e facilitar a coordinación entre os diferentes efectivos de emerxencias que operan en Galicia.

Amais destes traballos de difusión, ao longo do 2025 será necesario abordar coas administracións locais á potencial prórroga do servizo RESGAL, servizo que en base ás adhesións actualmente vixentes remataría no primeiro semestre do ano 2026.

No último cuadrimestre de 2024 prevese que finalice o actual contrato de soporte e mantemento integral do equipamento e sistemas asociados á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia. Cómpre renovar e actualizar algúns dos elementos e sistemas integrantes da rede, así como o servizo de soporte asociado, polo que se prevé un incremento do custo respecto a actual licitación.

Con data de resolución do 30 de xaneiro de 2024, encargouse a Retegal o servizo de desenvolvemento, apoio e coordinación na operación e soporte aos usuarios da rede dixital de emerxencias de Galicia do dispositivo de prevención de incendios forestais da Xunta de Galicia.

Ao longo do 2025, Retegal, en canto medio propio e instrumental da Administración da Xunta de Galicia, continuará prestando o servizo de desenvolvemento, apoio e coordinación na operación e soporte aos usuarios da rede dixital de emerxencias de Galicia do dispositivo de prevención de incendios forestais da Xunta de Galicia no período de vixencia do encargo.

4. Rede de Videovixilancia dos Espazos Forestais de Galicia.

A finais do ano 2022, procedeuse a formalizar unha nova addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural, a AMTEGA e RETEGAL para o despregamento da Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, Medida, asinado o 9 xaneiro de 2018. Esta nova addenda incorpora a adquisición e instalación de novos vanos de enlace de microondas para dotar de conectividade ás novas cámaras do proxecto Interlumes, proxecto de colaboración entre España e Portugal para reforzar a capacidade operativa dos medios de extinción e minimizar os danos que poidan ocasionar os incendios; así como un plan de renovación no período 2023-2025 das cámaras de videovixilancia instaladas na primeira e segunda fase do proxecto. As cámaras renovadas incorporarán novas funcionalidades, tales como maior sensibilidade, mellora no zoom óptico, novos algoritmos de compresión de vídeo, menor consumo eléctrico e nas cámaras de tipo pedestal menor peso e carga aerodinámica, o cal permitira mellorar as tarefas asociadas ao proceso de videovixilancia dos espazos forestais.

Co obxecto de avanzar no desenvolvemento de sistemas de predición de incendios baseados na tecnoloxía de intelixencia artificial, que permitirían detectar e combater os incendios dunha maneira moito máis rápida e eficaz, no ámbito desta addenda adquiriuse un hardware e software específico que posibilite a ofuscación das imaxes captadas por 11 das cámaras que integran a Rede de Vixilancia Forestal, co obxecto de dispoñer da información necesaria para alimentar e adestrar un sistema intelixente de predición de incendios.

A peche do 2023, están plenamente operativas e integradas na Rede Dixital de Vixilancia dos espazos forestais de Galicia, Emerxencias e Seguridade de Galicia 153 cámaras en 76 centros de telecomunicacións. Na anualidade 2023 renováronse un total de 41 cámaras de videovixilancia, e adquiríronse e instaláronse varios radioenlaces para dotar de conectividade os centros asociados ao proxecto interlumes da Consellería de Medio Rural.

Nesta anualidade 2024 está previsto renovar un total de 52 cámaras para finalizar o proceso de renovación das cámaras instaladas na primeira fase do proxecto.

Ao longo do 2025, está previsto seguir prestando por parte de RETEGAL os servizos de operación e mantemento, albergamento e conectividade da Rede de Vixilancia dos espazos forestais de Galicia, así como a renovación de máis de 30 cámaras despregadas na segunda fase do proxecto. E continuaranse os traballos necesarios para dispoñer da información necesaria e suficiente para alimentar o futuro sistema intelixente de predición.

5. Servizos de Radiodifusión.

- Radio Galega. No ano 2025 continuarase co plan de renovación de equipamento de difusión, substituíndo os equipos máis antigos por outros de maior eficiencia enerxética, o que permitirá mellorar os custos de explotación de RETEGAL.
- En 2024 formalizouse unha addenda ao convenio entre Retegal e a CRTVG para a prestación do servizo portador de radio e televisión para ampliar a cobertura de Radio Galega Música no territorio, que permitirá poñer en servizo 10 novas estacións de radio FM e incrementar a cobertura desta canle en todo o territorio.
- Prestación de servizos a operadores de radiodifusión privados. RETEGAL dispón das infraestruturas idóneas para cumprir uns elevados obxectivos de cobertura para servizos de Radiodifusión.

6. Servizo de transporte e conectividade.

Retegal dispón dunha rede de fibra de máis de 1.855 km, apoiada por unha rede de radioenlaces de alta e media capacidade integrada por 138 vans cunha lonxitude de 2.565 km que ademais de ser utilizada para o transporte de recursos propios integrando nun anel de fibra redundante dos centros de telecomunicacións máis significativos, en calidade de operador neutro, pon a disposición doutras empresas e operadores de telecomunicacións. Entre outros, esta rede está a ser utilizada por operadores de radiodifusión para a distribución da súa programación.

7. Novos encargos a realizar como medio propio.

En data 7 de xuño do 2024, Retegal recibiu un novo encargo por parte da Amtega para o desenvolvemento, xestión e mantemento de infraestruturas públicas como soporte á dixitalización e desenvolvemento das estratexias de Smart Villages en poboacións rurais, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027.

No período 2024-2025, Retegal executará os seguintes traballos no marco da actuación de extensión de telefonía móbil en núcleos rurais e illados:

- Validación da viabilidade das parcelas identificadas polos concellos, postas a disposición para a execución das infraestruturas públicas precisas como soporte ás redes de telefonía móbil.
- Apoio na tramitación dos convenios cos concellos para a posta a disposición das parcelas para a execución das infraestruturas soporte ás redes de telefonía móbil.
- Execución dun programa de investimentos para a construción dos emprazamentos precisos como soporte ás redes de telefonía móbil, incluíndo adecuación de terreos, execución de torres e casetas, execución das acometidas eléctricas e equipamento auxiliar

preciso para a súa xestión e posta a disposición dos operadores de telefonía móbil, para a instalación do equipamento preciso para dotar de cobertura ás zonas obxectivo da actuacións.

- Xestión dos emplacementsos construídos no marco desta actuación durante o período de execución dos investimentos por parte dos operadores de telefonía móbil, incluíndo:
 - Xestión da demanda dos operadores de telefonía móbil para a instalación do equipamento preciso para dotar de cobertura ás zonas obxectivo.
 - Mantemento e explotación das infraestruturas, gastos que serán sufragados polos operadores de telefonía móbil segundo o plan de prezos indicado no punto anterior.

As actuacións derivadas do encargo deben ser realizadas antes do 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que por causas xustificadas puidesen producirse posibles prórrogas. A xestión e explotación destas novas infraestruturas incrementará o catálogo de servizos de albergamento de Retegal a partir do ano 2025.

Adicionalmente a estes novos emplacementsos, Retegal realiza a xestión, operación e mantemento dos emplacementsos construídos no período 2022-2023 ao abeiro do encargo da Amtega, para o desenvolvemento, xestión e mantemento de infraestruturas públicas no marco da actuación de extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados, financiado ao 100% no marco do Eixo REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia de COVID-19, en base á Resolución de data 29 de decembro de 2022, que modifica a resolución do 31 de xaneiro de 2022. No período 2022-2023 finalizouse a execución de 37 centros de telecomunicacións distribuídos pola xeografía galega, dos cales 28 dispoñían de acometida eléctrica executada.

No que respecta ao proxecto iCousas (Rede Galega de Internet das Cousas), o despregamento dunha rede para a implantación de novos servizos IoT por parte da Administración autonómica, ao longo do período 2022-2023, executouse o deseño, desenvolvemento e posta en operación dunha rede de acceso formada por máis de 300 puntos de acceso instalados nos centros de telecomunicacións titularidade da Xunta de Galicia xestionados por Retegal e outras infraestruturas de interese para a Administración, así como unha plataforma IoT para a xestión dos dispositivos e obxectos IoT conectados a rede, e os aplicativos e bases de datos necesarios para o tratamento da información subministrada polos dispositivos, acadando unha cobertura de máis do 71% do territorio.

A avaliación do rendemento da rede de acceso IoT executada esixiu a comprobación de parámetros técnicos tales como a cobertura, patrón de tráfico, ocupación de canais radio, verificación do alcance e análise dos retardos do tempo de transmisión da información. Para a monitorización destes parámetros, iniciáronse varias probas de concepto que requiriron á adquisición e instalación de dispositivos (sensores) IoT específicos, tales como a monitorización de vivendas deshabitadas, a monitorización de centros de procesamento de datos (CPDs), a medición e control de variacións ambientais, ou a monitorización do cauce dos ríos ou torres de telecomunicacións que están expostas ás inclemencias do tempo e cambios continuos de condicións da contorna.

A implantación e posta en marcha desta rede permitirá o desenvolvemento e implementación de servizos verticais de valor engadido que poidan resultar de utilidade para diferentes organismos da Administración autonómica, tanto para a conexión co medio directamente sensorizado como a través doutros sistemas que xestionan a sensórica rexistrada, existentes ou por desenvolver.

Ao longo de 2024, ademais de asumir a xestión e explotación da nova rede de acceso, avanzaase, da man da Amtega, na definición do réxime de explotación do servizo, o que incluírá os termos de acceso á mesma por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, das entidades do sector público autonómico, así como, no seu caso, doutras entidades públicas. A tales efectos precisarase o mecanismo ou mecanismos de adhesión á rede que no seu caso proceda, as condicións de adhesión á mesma e, no seu caso, o réxime de tarifas que resulte aplicable para facer sostible a rede.

Ao longo do ano 2025, Retegal continuará o traballo iniciado no plan de comunicación e difusión do proxecto con todos os organismos da Administración autonómica co obxecto de identificar as necesidades e ámbitos de sensorización a priorizar no desenvolvemento da Plataforma Galicia Territorio Intelixente.

8. Adecuación Operativa de RETEGAL.

Debe considerarse este un proceso en continuo ciclo de mellora, polo que no ano 2025 RETEGAL deberá implantar tanto novos procesos e sistemas, como continuar mellorando a súa operativa de xeito permanente coa execución dos proxectos xa iniciados en anos anteriores relativos ao plan de sistemas, e a adecuación de procedementos, indicadores e políticas aos estándares existentes no mercado en relación a calidade, medio ambiente, prevención de riscos laborais e penais entre outros.

Neste sentido, durante o ano 2025, continuaranse os traballos para a implantación dunha nova ferramenta de xestión de incidencias da rede que permita optimizar e mellorar os indicadores de calidade comprometidos cos clientes.

No eido financeiro, continuarase co proceso de mellora do actual sistema de xestión contable para continuar a transformación e automatización dos procesos contables e financeiros para dispoñer dunha maior información para a toma de decisións estratéxicas e operativas e axilizar os procesos de reporte da información neste ámbito. Co obxecto de dispoñer dunha maior información relativa aos ingresos e custos asociados a cada servizo, no ano 2024 iniciouse un estudo de adaptación das tarifas a un novo modelo de reparto de custos á servizos, así como a súa adaptación á Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Derivado dos traballos de continua adecuación operativa e no marco da mellora continua, RETEGAL volveu a renovar no primeiro semestre do 2024 a renovación da ISO9001, e traballábase para a renovación das ISO14001 de Medio Ambiente e as ISO45001 de Sistemas de Xestión da Seguridade e Saude no traballo no último trimestre do ano. Ao longo do ano 2025, continuaranse traballando nos plans de acción e mellora planificados no ámbito destas certificacións.

En 2022 iniciouse nesta sociedade o diagnóstico e definición dos plans de acción de adecuación a RGPD-LOPDGDD e a Certificación do Esquema Nacional de Seguridade. Esta certificación resulta necesaria para especificar as medidas de seguridade necesarias para salvagardar os distintos eidos da organización susceptibles de ser atacados. No contexto actual, é imprescindible protexer a información e os datos da organización, de forma que non poida ser interceptada por terceiros, manipulada, inaccesible ou eliminada, entre outras posibles ameazas.

Ao longo do ano 2024, prevese finalizar a execución das accións prioritarias definidas nos plans de accións relativos a adecuación a RGPD-LOPDGDD e aquelas accións máis prioritarias para acadar a medio prazo a Certificación ao Esquema Nacional de Seguridade.

No ano 2023, iniciouse un plan de dixitalización na sociedade que permita avanzar cara a unha organización sen papeis. Este proceso permitirá a medio e longo prazo aumentar a efectividade e eficiencia na xestión interna, mediante a dixitalización e automatización da xestión dos procesos que permita un funcionamento máis sinxelo, áxil e seguro.

A primeira fase do plan de dixitalización aborda parte dos procesos realizados no eido administrativo, así como a dixitalización dos contratos formalizados cos clientes. Ao longo do 2025, avanza nos traballos necesarios para finalizar esta primeira fase do plan de dixitalización.

O consumo e a xestión eficiente da enerxía é un dos principais retos aos que se enfrontan as empresas na actualidade. Esta necesidade ven determinada, por unha banda, pola evolución dos prezos da enerxía e, doutra banda, pola necesidade de contribuír a loita contra o cambio climático. Retegal prevé iniciar a instalación no último trimestre do 2024 de sistemas baseados en enerxías renovables nalgúns dos centros de telecomunicacións que xestiona para analizar a eficiencia e optimización enerxética acadada con este tipo de instalacións, que se continuarán ao longo do 2025. Adicionalmente, iníciase a posibilidade de actualizar o parque móbil con vehículos máis eficientes e cun menor impacto na pegada de carbono.

No último trimestre do 2023, iniciouse a renovación da rede de alta velocidade constituída por máis de 130 vans de radioenlaces de microondas, que permite a interconexión das infraestruturas titularidade da Xunta de Galicia. Estes equipos, cunha antigüidade superior a 12 anos, necesitaban ser renovados por outros máis novos para garantir os compromisos de calidade e dispoñibilidade comprometidos por Retegal. Ata o primeiro semestre do 2024, renováronse un total de 74 radioenlaces, o que supón máis do 55% da planta actual.

No período 2024-2027, prevese completar a renovación da meirande parte da rede de radioenlaces, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

No ano 2025 iníciaranse tamén os traballos para a renovación da actual cabeceira de televisión. Parte deste equipamento, cunha antigüidade superior a 15 anos, debe ser renovado por outros máis novos para garantir os compromisos de calidade e dispoñibilidade comprometidos por Retegal e permitir a emisión de novos estándares de imaxe, ademais de instalar equipos máis eficientes que permitan reducir o consumo eléctrico e minimizar as emisións.

Será necesario tamén iniciar os traballos de análise para a evolución e migración dos equipos que configuraran a rede troncal de transporte, así como iniciar a súa renovación en función da dispoñibilidade orzamentaria.

En 2025 Retegal seguirá realizando todas as labores de mantemento e melloras necesarias nos centros xestionados por Retegal para o aseguramento do servizo e o cumprimento da normativa vixente en materia de medio ambiente, prevención e seguridade do traballo, así como para dar resposta a demanda de servizos de coubicación por parte dos operadores.

9. Innovación tecnolóxica.

Ao longo do 2025, RETEGAL continuará colaborando coa Amtega e as diferentes Consellerías na implementación de novos servizos e funcionalidades baseadas nas novas tecnoloxías emerxentes, tales como o Internet das Cousas (IoT), Big Data ou a intelixencia artificial.

No eido da Rede de Videovixilancia Forestal de Galicia, derivado da formalización dunha nova addenda do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a AMTEGA e RETEGAL, iniciouse o despregue de hardware e software específicos para ofuscar as imaxes captadas polas cámaras da Rede de Videovixilancia, co obxecto de dispoñer da información necesaria para alimentar e adestrar un sistema intelixente de predición de incendios.

O despregue de redes de sensorización avaliarase tamén na contorna máis rural, onde se despregaron ao longo do ano 2023 varios pilotos baseados na tecnoloxía LoRaWan que permitirán a mellora da competitividade e a posta a disposición de información relevante para o control, seguimento e mellora dos procesos xestionados pola Administración Pública.

Ao longo do 2025, continuarase colaborando coa Amtega e os diferentes organismos da Administración Pública na aplicación das novas tecnoloxías, entre outros a sensorización do territorio necesaria para captar a información necesaria para a mellora da xestión do territorio.

10. Redes de quinta xeración.

Coa finalidade de contribuír á implantación e extensión das novas tecnoloxías na comunidade autónoma, especialmente no que atinxe ao 5G, RETEGAL na súa condición de medio propio da Administración Autonómica, seguirá participando activamente nos plans institucionais para o desenvolvemento de novas tecnoloxías.

En decembro do 2023 formalizouse un novo convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, Amtega e Retegal para o testeo e simulación de tecnoloxías de comunicación avanzadas sen fíos e sensorización. O obxecto do convenio é a colaboración entre a Universidade de Vigo, Amtega e Retegal para o fomento do uso de tecnoloxías de comunicación avanzadas e sen fíos dentro dun espazo de teste e simulación dentro da Comunicación Autónoma de Galicia.

Por parte de Retegal, no período 2023-2024, levaranse a cabo todas as actuacións precisas para a consecución dos obxectivos acordados, así como a financiación das actividades, apoio e comunicación relativos a existencia e funcións do espazo de teste.

Prevese a prórroga do convenio no período 2024-2025 ao manterse vixente a necesidade de seguir fomentando o uso de tecnoloxías de comunicación avanzadas e sen fíos na contorna actual.

Independentemente do anterior, Retegal promoverá a participación dos diferentes axentes do sector na elaboración de proxectos piloto para a extensión dos novos servizos da sociedade da información en Galicia.

II. Plan de cambio organizacional.

Durante o ano 2025, continuaranse as accións definidas no plan de cambio organizacional para adaptar a estrutura organizativa ao contexto tecnolóxico actual e garantir a continuidade e calidade do servizo, así como a planificación dos recursos necesarios para cubrir as xubilacións do persoal previstas a corto e medio prazo. Ademais de xestionar o coñecemento especializado do persoal de Retegal nos procesos de despregue e explotación de redes de telecomunicacións.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 122A - AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMNISTRACIÓN PÚBLICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio configúrase como o órgano central, con ámbito de actuación sobre a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico definido pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de impulso de actuacións no ámbito dos servizos públicos e da contratación pública, co obxectivo de acadar unha Administración pública eficaz, eficiente, proactiva e orientada á prestación de servizos de calidade á cidadanía, así como de velar polo cumprimento da política de integridade institucional.

Impútanse a este programa as actividades tendentes a:

- Apoiar ás unidades administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico.
- Impulsar a mellora continua da calidade na prestación dos servizos.
- Harmonizar, simplificar e modernizar os procedementos administrativos, mediante a redución dos trámites accesorios, a redución de cargas administrativas e a promoción da Administración electrónica.
- Fomentar unha contratación pública máis eficaz, mediante a redución de cargas administrativas e custos de cumprimento, a homoxeneización e informatización dos sistemas de contratación e de garantir a máxima transparencia nos procesos.
- Coordinar o cumprimento das obrigas de publicidade activa e impulsar as accións que melloren a calidade da información e a accesibilidade en materia de transparencia.
- Xestionar as queixas e as suxestións da cidadanía.
- Impulsar a política de integridade institucional da Administración autonómica, colaborar na instrumentación duna infraestrutura ética sólida e consolidar a transparencia, a integridade e a rendición de contas na toma das decisións públicas.
- Redistribuír os espazos para conseguir o seu aproveitamento óptimo e rebaixar no posible o gasto en alugueiros, así como xestionar o alleamento daqueles inmobles que resulten innecesarios para a prestación do servizo público.
- En particular para o ano 2025 os obxectivos da dirección xeral que fundamentarán a súa actuación están definidos polo novo Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia e pola actualización do Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión do 26 de maio de 2021.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Busca permanente dos mecanismos eficaces que contribúan a mellorar a calidade dos servizos públicos e, con ela, o grao de satisfacción da cidadanía á que van dirixidos.

Neste eido, cómpre poñer á disposición da cidadanía uns servizos homoxéneos fáciles de utilizar, cuns procedementos administrativos áxiles e uns modelos normalizados que reduzan as cargas administrativas e os tempos de tramitación; e garantir, tanto o acceso electrónico aos servizos públicos, como o coñecemento das persoas usuarias dos seus dereitos e o seu exercicio, en particular, o exercicio do dereito de acceso á información pública, mediante o cumprimento das obrigas de publicidade activa e a reutilización da información pública.

Para coñecer o grao de satisfacción e actuar en consecuencia, cómpre ofrecer un servizo de Oficina de defensa das persoas usuarias que centralice a recepción das súas queixas e suxestións, e propoña as accións correctivas ou de mellora do seu funcionamento dos servizos públicos.

Entre as necesidades de xestión, destacan os traballos de agrupación dos procedementos existentes e de incorporación dos non electrónicos, para intentar acadar unha tramitación electrónica integral no novo contexto da Administración dixital; así como os procesos de avaliación periódica da calidade do sistema de información administrativa.

Busca continua da mellora da eficiencia interna do sector público implantando un sistema de rendición de contas dos centros directivos a través de memorias balance da súa actividade e do cumprimento por parte das entidades instrumentais de elaborar e publicar os seus contratos de xestión ou contratos programa.

Nesta liña resultan cada vez máis necesarias novas formas de traballo administrativo que sistematicen os obxectivos e as tarefas asignadas, cunha especial incidencia respecto do persoal que presta os seus servizos na modalidade do teletraballo derivado do acordo coas organizacións sindicais e publicado o 7 de xaneiro de 2021.

Esta busca continua esixe velar pola racionalidade e a simplificación das estruturas orgánicas dos departamentos e das entidades instrumentais, as relacións de postos de traballo, as normas reguladoras dos procedementos administrativos, e as bases e as convocatorias das axudas e subvencións do sector público autonómico.

Nos últimos anos, ademais, os niveis de demanda da cidadanía de servizos públicos eficientes téñense incrementado en paralelo coa demanda dun comportamento ético e dunha conduta exemplar de integridade nos servidores públicos e esixe das institucións maior integridade e transparencia, principios que se integran, como nunca antes o fixeran, no seo da administración.

Por esta razón, resulta necesario traballar na consolidación da transparencia, a integridade e a rendición de contas na toma de decisións públicas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións diríxense a todos os centros directivos que conforman a estrutura do goberno galego e a todas as entidades do sector público autonómico galego con independencia da súa localización xeográfica, así como a todos os procedementos e servizos públicos que presta a Administración da Xunta de Galicia. A totalidade da cidadanía galega será a beneficiaria destas accións na medida en que o obxectivo primario sempre se dirixe a acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión pública que se traduza nuns servizos públicos que funcionan ben e satisfacen as demandas e necesidades da sociedade de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Xunta de Galicia mantén aberta unha axenda de reformas iniciada no ano 2009 e que proseguirá no presente exercicio orzamentario. Trátase dunha axenda de mellora continua -centrada na modernización da Administración autonómica- e vertebrada nos ámbitos esenciais, como o da transparencia, a eficiencia na xestión pública, a redución dos trámites, a eliminación de duplicidades, o aproveitamento do potencial tecnolóxico, a simplificación das estruturas e das cargas administrativas ou a mellora do marco de regulación, entre outras.

O compromiso da Administración autonómica cunha política de integridade tivo un avance relevante no ano 2015 coa aprobación do Programa de impulso democrático.

Este programa, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 27 de xaneiro de 2015, constitúe o punto de partida na adopción de medidas cualificadas de rexeneración democrática e exemplaridade coa proposta de aprobación de cinco leis e 50 medidas no eido da participación cidadá e dos partidos políticos, con medidas de control externo e medidas no ámbito interno do propio goberno e da propia Administración.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico supuxo un importante impulso na área de simplificación e racionalización, tanto do sector público, como dos procedementos administrativos.

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, supuxo un cambio de tendencia no ámbito da modernización na Administración autonómica de Galicia; estableceu cambios na organización e no xeito de desenvolver a actividade administrativa sobre as novas bases que deben presidir as relacións entre a Administración e a sociedade en xeral, e porque se enfocou na prestación de servizos á cidadanía e nas formas de ofrecelos a partir da aplicación dos principios de boa administración, mellora continua, proximidade e fomento da participación cidadá nos asuntos públicos, e simplificación administrativa.

Especial relevancia ten a aprobación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que ademais de incrementar as obrigas de publicidade activa e regular o dereito de

acceso á información pública por parte de calquera cidadá, aumentou as obrigas de transparencia dos altos cargos.

Máis recentemente, a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, resultado da transposición da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións no Dereito da Unión, reforza a cultura da integridade pública e privada coa regulación de aspectos novidosos tales como a protección das persoas que comuniquen infraccións coñecidas no ámbito laboral ou profesional, as canles de comunicación, os responsables do sistema ou a autoridade independente.

Múltiples iniciativas que converxen nun único propósito final: mellorar a xestión e incrementar a calidade dos servizos e prestacións que reciben os cidadáns e as cidadás de Galicia.

Tanto o Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia como o Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión realizan un diagnóstico da situación de partida e todas as medidas e accións están dirixidas a paliar as debilidades.

No que se refire á publicidade activa e á transparencia, o portal de transparencia recibiu ata o ano 2023 un total 1.864.265 visitas.

En materia de simplificación informáronse 648 procedementos incluídos en 526 normas cun promedio de 8,41 días de tramitación para procedemento.

O Sistema Integrado de Atención a Cidadanía resolveu 2.290 queixas e suxestións.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia.
- Actualización do Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión aprobado no Consello da Xunta do 26 de maio de 2021.
- Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección ás persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

- Decreto 11/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a actuación da Xunta de Galicia mediante grupos de traballo, se crea a Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión e se racionalizan os órganos colexiados da Xunta de Galicia.
- Decreto 97/2020, do 25 de xuño, polo que se regulan determinados instrumentos para a xestión, a avaliación, a supervisión e a mellora da calidade no sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 48/2014, do 30 de abril, polo que se autoriza o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para adaptar e incorporar á sede electrónica os procedementos administrativos da Xunta de Galicia (DOG nº 83, do 2 de maio).
- Orde do 7 de decembro de 2012 pola que se regula a tarxeta de acreditación especial de empregados públicos do sector público autonómico.
- Orde do 25 de maio de 2011 pola que se regula a tarxeta do persoal ao servizo do sector público autonómico.
- Resolución do 8 de setembro de 2014, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 polo que se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galicia.
- Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Racionalización, reordenación e reestruturación do sector público autonómico de Galicia. Simplificación, redución de cargas administrativas, incremento da transparencia e mellora da calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos, nun marco de integridade institucional de tolerancia cero ante a fraude.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

III.1.2. PROGRAMA 122B - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Escola Galega de Administración Pública orienta a súa actuación a garantir o cumprimento, coa máxima eficiencia, dos obxectivos marcados na súa lei de creación. Así, procurará consolidar a súa oferta formativa, mesmo ampliándoa, optimizando os recursos dispoñibles.

Baixo esta premisa, entre as necesidades que atenderá o programa son as seguintes:

- Diseñar unha formación específica, o que se logrará a través dun plan formativo único para todos e cada un dos colectivos de empregados públicos da comunidade autónoma.
- Modernizar e mellorar a eficiencia no traballo do persoal das distintas administracións, para o cal se ofertará unha formación común, pero tamén uns contidos diferenciados e específicos adecuados ás necesidades de cada colectivo que atenda ás especificidades e aos desafíos concretos que se lle presentan ao persoal de cada Administración. En tal sentido, ofertarase a formación en lexislación administrativa básica e en toda a normativa incidente na Administración pública e no seu funcionamento e en particular, polas necesidades derivadas do actual contexto no que nos atopamos, prestarase especial atención á materia de emprego público.
- Conciliar a vida laboral e familiar dos empregados públicos, para o cal a EGAP aposta, a partir de criterios de innovación pedagóxica, polas diferentes contornas de aprendizaxe, novas técnicas docentes e metodoloxías de carácter flexible, entre as que están a autoformación e a teleformación, ou o uso de sistemas de videoconferencia e telepresenza, configurándose a pluralidade de formatos, modalidades e metodoloxías de ensino como unha das liñas distintivas da acción formativa da EGAP.
- Capacitar e actualizar constante dos coñecementos do persoal empregado público e, en relación con ela, a de que se presten uns servizos de calidade á sociedade, para o cal a EGAP adecuará a súa oferta formativa ás necesidades e aos novos obxectivos das administracións públicas, desde un compromiso de transparencia e ética pública.
- Fomentar unha nova Administración máis participativa e colaborativa, co fin de contribuír á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas, o que se substanciará mediante a realización de obradoiros prácticos denominados comunidades de práctica nos que os empregados e empregadas públicos poderán intercambiar experiencias de innovación e poñer en común novas destrezas adquiridas no exercicio das súas competencias.
- Consolidar e facer efectivos os fins da administración electrónica en Galicia trae como consecuencia que se convocarán cursos superiores na materia e se desenvolverán, no marco do Universo Egap Innova, sesións exclusivamente prácticas en materias coma

certificado dixital, sede electrónica, sinatura electrónica, facturación electrónica ou contratación electrónica.

- Afianzar a programación do Instituto de Economía Pública de Galicia coa impartición de materias relevantes e de actualidade no eido da economía pública con especial atención ás de carácter transversal, de xeito que se poda testar o interese das persoas destinatarias da formación na actividade do instituto.
- Concienciar ao persoal empregado público do respecto aos principios de igualdade e non discriminación como principios básicos da nosa sociedade, mediante un plan de formación específico en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.
- Precisar que o persoal empregado público e a sociedade en xeral conte cun foro de debate e interlocución, o que se conseguirá a través da realización de actividades divulgativas, tales como xornadas, cursos monográficos, congresos, seminarios e conferencias en materias de interese para as administracións públicas e a sociedade no seu conxunto, con especial atención ás novidades normativas, e aos retos que se lles presentan actualmente ás administracións públicas.
- A formación na lingua galega, reforzando a misión da escola de difundir e normalizar o idioma galego na Administración pública e de contribuír á capacitación lingüística do seu persoal, co obxecto de facer reais e efectivos os dereitos da cidadanía en materia lingüística, mediante a realización de actividades destinadas ao persoal das distintas administracións e o incremento do uso dos medios telemáticos na formación en lingua galega.
- A formación en linguas estranxeiras co fin de dotar ao persoal empregado público da posibilidade de empregar outros idiomas dos países da nosa contorna que constitúan unha ferramenta necesaria no desempeño do seu posto de traballo, tórnase unha prioridade inescusable.
- Continuar apoiando ao persoal empregado público que decida participar nos procesos selectivos de promoción interna. En tal sentido, a EGAP profundará na organización de actividades que resulten de utilidade para que o dito persoal conte con material de apoio e ferramentas suficientes, así como coa titorización de persoas expertas de cara a preparar adecuadamente para as probas selectivas que se prevexan para a promoción interna na Xunta de Galicia.
- Internacionalizar a actividade formativa de cara a ampliar a dita actividade e aforrar custos, para o que se asinarán convenios e acordos para a realización de intercambios formativos con organismos semellantes das Administracións públicas, a nivel nacional e internacional.
- Lograr o maior grao de difusión, ampliación, mantemento e difusión do coñecemento xerado a partir das actividades organizadas pola escola, para o que se aposta especialmente pola utilización das tecnoloxías da comunicación e a información de cara a crear espazos que favorezan a posta á disposición dos interesados do fondo bibliográfico e documental da EGAP.

- Incorporar a opinión dos distintos axentes participantes no proceso formativo e de tomar en consideración as peculiaridades de cada modalidade de impartición para adecuar a formación ás necesidades reais e ás expectativas das persoas usuarias.
- Poder contar con programas de capacitación e formación para o exercicio da función directiva de actividades dirixidas á formación dos cadros de persoal directivo das administracións públicas - e predirectiva –actividades formativas para xefes/as de sección e negociado- na Administración, así como de organizar e impartir cursos selectivos para o acceso aos corpos e escalas da Administración autonómica que se determine, así como o acceso aos corpos de funcionarios locais con habilitación de carácter estatal.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actividade da Escola por unha banda ter un carácter sectorial, porque ofrece formación aos seguintes colectivos: empregados públicos ao servizo da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia (20.310 persoas), empregados públicos da Administración local (27.508 persoas), empregados de xustiza transferidos á comunidade autónoma (2.956 persoas), persoal da administración e servizos do Sistema Universitario de Galicia (PAS) (2.741 persoas). En total, a EGAP atende ás demandas de formación de 53.515 empregados públicos.

Non obstante, non é menos certo que por outra banda a EGAP tamén é un organismo aberto á sociedade, especialmente por tratar daqueles temas de actualidade e de especial interese social, desenvolvéndoo a través de xornadas, seminarios e a súa páxina web, instrumentos aos que pode acceder calquera persoa allea á Administración, o que lle imprime un carácter dimensional máis amplo e universal.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A EGAP elabora para cada un dos colectivos mencionados anteriormente (Administración autonómica, local, xustiza e PAS) e en estreita colaboración co persoal que os representa a estes efectos, un programa de formación específico que se integra no plan de formación da EGAP. O devandito plan de formación, incluído programa que se aproba para o PAS mediante convenio coas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia, materialízanse en convocatorias de cursos que se publican no DOG. A través das actividades convocadas, a escola forma persoal empregado público tanto con materias de carácter transversal (procedemento administrativo, ofimática, lingua galega, idiomas estranxeiros, xénero etc.), que incrementan a súa capacitación profesional- promovendo o seu desenvolvemento persoal e facilitando a súa mobilidade e promoción profesional- como con outras materias específicas máis estreitamente relacionadas cos diversos ámbitos de traballo da Administración.

Este programa de gasto reflicte o esforzo realizado de cara a consolidar a impartición da formación de acordo con criterios de racionalización e eficiencia no gasto público, criterios que permiten manter, en todo caso, tanto os niveis de calidade na prestación do servizo coma as diferentes liñas de acción do organismo e tanto no ámbito da formación coma no ámbito da investigación e divulgación.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº. 143, do 2 de xuño), modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo (DOG nº. 141, do 24 de xullo de 1989) e pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro.
- Decreto 306/1990, do 24 de maio, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento da EGAP (DOG nº 141, do 12 de xuño).
- Decreto 52/2013, do 14 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 62, do 1 de abril).
- Decreto 294/1992, do 10 de setembro, que regula o diploma de directivo (DOG nº 208, do 26 de outubro), modificado polo Decreto 1/1995, do 12 de xaneiro (DOG nº 9, do 13 de xaneiro de 1995), polo Decreto 319/1996, do 26 de xullo (DOG nº 153, do 6 de agosto de 1996) e polo Decreto 172/2011, do 4 de agosto (DOG nº. 159, do 22 de agosto de 2011).
- Resolución do 10 de maio de 2023 pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm. 96, do 23 de maio).
- Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas do 9 de marzo de 2018 (BOE nº 74, do 26 de marzo).
- Decreto 13/2014, do 30 de xaneiro, polo que se crea a Comisión Paritaria de Formación Local da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014).
- Lei 7/2023, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG núm. 233, do 11 de decembro).
- Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 15 de xuño de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2023, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (DOG. Núm. 119, do 23 de xuño).

As actuacións desenvólvense, así mesmo, no marco dos seguintes plans estratéxicos da Administración autonómica:

- Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.
- VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade entre mulleres e homes 2021 - 2027.
- Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2021-2024.
- Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Mediante as diferentes actividades formativas, a EGAP procura a capacitación profesional do persoal empregado público coa finalidade non só de mellorar o seu rendemento laboral e de facilitar a súa mobilidade dentro da Administración, senón tamén de que se lle traslade á cidadanía un mellor servizo público.

Ademais, a EGAP, a través das diferentes actividades de divulgación (xomadas, seminarios, edición de publicacións) pretende achegar á sociedade en xeral aqueles temas relacionados coa Administración que poidan ser do seu interese, e facilitar a comprensión das diferentes novidades normativas.

Finalmente, a escola traballa con diferentes iniciativas relacionadas coa detección de necesidades formativas, a calidade e a satisfacción, que contribúen a mellorar non só a formación, senón que tamén axudan a racionalizar os procesos de xestión.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Escola Galega de Administración Pública vén desenvolvendo actividades de formación específicas sobre igualdade e violencia de xénero dirixidas a todos os colectivos do persoal da Administración, que se imparten a través das distintas metodoloxías de ensino, co propósito de achegar a formación nesta materia ao maior número posible de persoas destinatarias. Cómpre destacar neste sentido o incremento da oferta formativa nesta materia que se vén producindo nos últimos anos e tamén a diversificación dos contidos.

As actuacións da EGAP neste eido están enmarcadas na Lei 7/2023, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG núm. 233, do 11 de decembro), así como na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Así mesmo, as actuacións desenvólvense ao abeiro do I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia (DOG núm. 214, do 10 de novembro) e do VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027. En todo caso, esta formación ten dende o ano 2019 un novo alicerce que no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese a obriga de que os centros encargados da formación do persoal empregado público deseñen e executen plans de formación en igualdade entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero.

Ademais da formación especificamente centrada en materia de igualdade, incorpóranse este tipo de contidos nos programas doutras actividades formativas, co propósito de que o alumnado poida formarse en contidos xenéricos respecto do xénero e a igualdade. Trátase, en definitiva, de achegar os conceptos básicos en materia de igualdade de oportunidades e as ferramentas necesarias para integrar a perspectiva de xénero no traballo cotián do persoal empregado público.

Así, nas actividades que organiza a escola abórdase a igualdade desde unha perspectiva xurídica, para coñecer o marco legal das políticas de igualdade e aténdese especificamente á igualdade nas Administracións públicas, mediante o estudo da avaliación do impacto de xénero e os instrumentos de intervención nesta materia.

Porén, a formación neste eido non se circunscribe á igualdade no contexto da Administración pública, senón que tamén se forma ao persoal desde a perspectiva de xénero noutros ámbitos, para fomentar a igualdade en todos os contextos.

Ao mesmo tempo seguirá a desenvolverse un módulo sobre políticas de igualdade nas actividades formativas de maior impacto e que procuran unha capacitación xeral e multidisciplinar do persoal empregado público, co propósito de incorporar a cuestión de xénero como unha materia transversal á formación daquel. Por outra banda, e para promover a igualdade no acceso á formación de todo o persoal ao servizo da Administración, na EGAP asígnaselle unha puntuación adicional no baremo de selección ás persoas que gozasen dun permiso de maternidade ou doutro proxenitor distinto da nai biolóxica, así como dunha redución de xornada ou dunha excedencia para o coidado de familiares, favorecendo así a súa preferencia no acceso ás actividades de formación.

Polo que se refire ás actividades formativas organizadas pola EGAP durante o ano 2023 poden extraerse os seguintes datos:

- % de mulleres que participaron nas actividades formativas: 71,79%.
 - a) Do total do alumnado que participou nas actividades formativas da EGAP en 2023, un 71,79% foron mulleres, o que vén dar conta do elevado grao de participación das empregadas públicas no conxunto da formación desenvolta pola escola.
 - b) Se atendemos de xeito diferenciado aos distintos colectivos de empregados públicos aos que se dirixe a formación da EGAP, atopamos o seguinte:
 - i. No caso do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma e á Administración institucional e dos entes instrumentais do sector público de Galicia, o 70,9% son mulleres.
 - ii. No caso das actividades para o persoal ao servizo da Administración local, un 69,81% dos participantes foron mulleres.
 - c) Destaca a elevada presenza feminina nas actividades dirixidas ao persoal da Administración de xustiza, cun 78,7% de mulleres, e nas actividades que desenvolve a EGAP dirixidas ao persoal de Administración e Servizos (PAS) das universidades do Sistema Universitario de Galicia, nas cales un 81,28% das persoas que participaron nas ditas actividades foron mulleres.
- Nº de cursos impartidos en 2023 en materias especificamente relacionadas coa igualdade ou a prevención da violencia de xénero: 49 edicións, correspondentes a 24 actividades formativas diferentes. Adicionalmente, desenvóléronse 5 actividades na modalidade de autoformación.

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS/ EDICIÓN	PERSOAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO)
Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	7	20	Participantes: 326 Mulleres: 224
Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	3	20	Participantes: 133 Mulleres: 98
A educación emocional como ferramenta para promover a igualdade	1	20	Participantes: 46 Mulleres: 39
Apoderamento feminino e crecemento persoal	1	15	Participantes: 23 Mulleres: 23

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS/ EDICIÓ	PERSOAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO)
Liderado con impacto de xénero	1	15	Participantes: 24 Mulleres: 21
O enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos	3	25	Participantes: 146 Mulleres: 119
Elaboración e implantación de Plans de igualdade nas entidades locais	1	25	Participantes: 43 Mulleres: 40
Integración da perspectiva de xénero na xestión pública	2	30	Participantes: 96 Mulleres: 71
Incorporación da perspectiva de xénero nos centros museísticos	1	16	Participantes: 24 Mulleres: 21
Aproximación á violencia de xénero	1	30	Participantes: 45 Mulleres: 31
Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	5	20	Participantes: 241 Mulleres: 168
A atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero: especial referencia ás mulleres e nenas con discapacidade	1	20	Participantes: 18 Mulleres: 17
Violencia de xénero nas mulleres maiores	1	20	Participantes: 22 Mulleres: 19
Acompañamento social e apoio as mulleres que sofren violencia de xénero	1	25	Participantes: 46 Mulleres: 39
Violencia familiar. Violencia sobre a muller e os menores. A violencia vicaria.	1	14	Participantes: 22 Mulleres: 21
Delitos de odio por orientación sexual e identidade de xénero	1	20	Participantes: 26 Mulleres: 23
A atención ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual	1	20	Participantes: 25 Mulleres: 20
Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	5	30	Participantes: 235 Mulleres: 175
Comunicación incluínte nas administracións públicas	1	20	Participantes: 19 Mulleres: 16
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	3	30	Participantes: 143 Mulleres: 116
Muller, medios de comunicación e TIC	2	25	Participantes: 95 Mulleres: 82
Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital	4	20	Participantes: 188 Mulleres: 150
Ciberviolencias sexistas. Novos espazos para a violencia de xénero	1	25	Participantes: 48 Mulleres: 38
Violencia de xénero na adolescencia e xuventude	1	30	Participantes: 44 Mulleres: 39

- Programa de autoformación.

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS/ EDICIÓ	PERSOAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO)
A educación emocional como ferramenta para promover a igualdade	1	20	Participantes: 173 Mulleres: 134
Aproximación á violencia de xénero	1	30	Participantes: 172 Mulleres: 130
Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	1	20	Participantes: 176 Mulleres: 131
Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	1	20	Participantes: 167 Mulleres: 125
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	1	30	Participantes: 176 Mulleres: 136

- N° de cursos impartidos en 2023 nos que existe un módulo de igualdade: 5 cursos (4 edicións).

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS/ EDICIÓN	PERSONAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO)
Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais	1	20	Participantes: 68 Mulleres: 51
Incorporación de cláusulas sociais e de xénero na contratación pública	1	20	Participantes: 49 Mulleres: 37
Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución	2	20	Participantes: 99 Mulleres: 82
Contratación estratéxica	1	35	Participantes: 77 Mulleres: 45

Por outra parte, entre o conxunto do persoal docente da EGAP, isto é, os titores/as das actividades en liña e os docentes da formación presencial, rexistramos así mesmo unha notable presenza feminina, sendo un total de 219 as mulleres que participaron como colaboradoras docentes da EGAP ao longo do 2023.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Formación do persoal ao servizo da Administración pública para a aplicación do principio de igualdade e a prevención da violencia de xénero, convocando un programa formativo completo e actualizado de actividades formativas relacionadas especificamente coa igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero. Este programa formativo vén reforzar a actividade da escola neste eido a través dunha importante oferta do número de accións específicas e de prazas de formación, co propósito de que o maior número de empregados/as públicos, das distintas administracións públicas da comunidade autónoma poida acceder a unha formación específica sobre estes contidos; e contribuír así, a través da capacitación do persoal, a integrar a igualdade de oportunidades de forma transversal nas actuacións das administracións públicas de Galicia.

Mellora da conciliación dos empregados/as públicos, a través da potenciación da formación baseada no uso dos medios telemáticos, isto é a teleformación, telepresenza, mixta, autoformación. O desenvolvemento dun maior número de actividades formativas baseadas no uso das TIC, ao reducir os desprazamentos e posibilitar unha mellor organización do tempo, contribúe a mellorar a conciliación, e promover, deste xeito, que todos os empregados/as públicos poidan acceder á formación nas mellores condicións, aproveitando todas as potencialidades que brindan as novas tecnoloxías.

Proxección do principio de igualdade nos distintos ámbitos de actuación da Administración pública.

Recollida da perspectiva de xénero nas estatísticas, memorias, informes e noutro tipo de material divulgativo que edite a EGAP; e incorporación así mesmo, de indicadores específicos en materia de igualdade que posibiliten comprobar os avances nesta materia no conxunto da actividade formativa da EGAP (tales como o número de actividades formativas realizadas na materia, o número de persoas formadas nestes contidos), achegando de maneira periódica os datos de xeito desagregado por sexo.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Con este programa conséguese de maneira efectiva a igualdade de trato e oportunidades no acceso á formación de todo o persoal ao servizo da Administración autonómica e local. Así mesmo, téñense en conta as diferenzas que seguen existindo entre mulleres e homes respecto á asunción das responsabilidades familiares, polo que ao ofertar un porcentaxe considerable da actividade formativa na modalidade de teleformación ou telepresenza, estase a favorecer a conciliación e a corresponsabilidade.

Ademais, ao incluír módulos específicos sobre igualdade en cursos de temática xenérica promóvese a conciencia de que se debe aplicar a perspectiva de xénero de xeito transversal nas diferentes áreas competenciais da Xunta de Galicia.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO

Respecto das actividades específicas en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero:

- Número de edicións convocadas (incluídas as actividades de autoformación): 54.
- Horas de formación impartidas: 1.240.
- Persoas formadas: 2.740.
- Mulleres formadas: 2.266 (82,7% do total).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

Implantáronse as seguintes estratexias:

- I. Realización dunha convocatoria de actividades de formación en materia de igualdade e violencia de xénero independente da convocatoria xeral. Esta forma de xestionar as convocatorias permite a este organismo facer énfase nestas actividades que non só perseguen formar

senón tamén sensibilizar e concienciar ao persoal empregado público sobre a importancia de ter unha cultura de traballo baseada na igualdade.

2. Recollida sistemática de datos desagregados por sexo acerca dos empregados/as públicos que cursaron actividades formativas na EGAP. A escola conta actualmente cunha base de datos que permite desagregar por sexo a información relativa aos empregados/as públicos que cursaron actividades formativas na correspondente anualidade, atendendo aos distintos colectivos de persoal e ás diversas modalidades de formación. Se ben anteriormente só se dispuña de información desagregada por sexo relativa ás persoas que cursaron formación especificamente en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero, desde 2021 esta información diferenciada por razón de sexo fíxose extensiva ao conxunto da actividade formativa da EGAP; posibilitando así dispoñer de información diferenciada acerca do número de mulleres e homes que se forman nos distintos contidos e modalidades de formación.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Escola Galega de Administración Pública

III.1.3. PROGRAMA 124A - DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é levar a cabo as funcións propias deste centro directivo, que se concretan nas seguintes:

- Tramitación de procesos selectivos en todas as súas fases.
- Tramitación de procesos de contratación temporal.
- Procesos de provisión: concursos de traslados de persoal laboral e funcionario.
- Subvencións aos comités de empresa.
- Resolución das situacións administrativas e demais do persoal funcionario e laboral da Administración da comunidade autónoma previstas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no Convenio colectivo único da Xunta de Galicia.
- Emitir os informes previos en relación coas retribucións e, en xeral, con calquera autorización de melloras retributivas, individuais e colectivas, que afecten ao persoal ao servizo da comunidade autónoma.
- Coordinación, información e participación nos órganos correspondentes relativos ás relacións laborais do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.

- A inscrición no rexistro central de persoal de todos os actos que afecten á vida administrativa do persoal da súa competencia.
- A clasificación de órganos de selección de persoal e fixación do límite máximo de asistencias que percibirán os membros de tales órganos.
- A xestión dos rexistros de altos cargos.
- A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Mantemento e xestión do rexistro de persoal eventual da Xunta de Galicia.
- A emisión dos informes preceptivos e previos que sobre os proxectos de disposicións que afecten en materia de réxime de persoal.
- Rexistro do persoal directivo e dos contratos de alta dirección.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Racionalización e control do persoal ao servizo da Administración autonómica.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoal do sector público autonómico.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Neste momento debemos partir do seguinte contexto:

- Remate da unificación do réxime de prestación de servizos do persoal cara ao réxime funcionarial (remate dos procesos de funcionarización).
- Remate dos procesos de estabilización do persoal laboral ou funcionario interino, que, colocará a temporalidade na Administración por debaixo do 8%.
- Implantación do expediente persoal electrónico a través do sistema FIDES.
- Desenvolvemento do I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.
- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Racionalización e optimización dos efectivos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O principal obxectivo deste programa orzamentario dende o punto de vista da perspectiva de xénero é o de manter e avanzar na consecución dunha Administración autonómica máis igualitaria.

Os principais indicadores que se poden utilizar para facer unha análise da situación actual aplicando a perspectiva de xénero son: porcentaxe de mulleres e homes que son persoal ao servizo da Administración pública autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que desem-

peñan postos directivos na administración, porcentaxe de mulleres e homes que desempeñan altos cargos na administración autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que participan nos procesos selectivos e porcentaxe diferenciado de mulleres e homes que superan ditos procesos e polo tanto acceden a un emprego público.

No caso do acceso á función pública, a desagregación deses datos por sectores de actividade, corpos, escalas ou categorías de acceso, permitiría detectar aqueles sectores onde o grao de paridade no acceso sexa menor.

Para obter esta información que permita facer este análise dende o punto de vista do xénero, a propia administración dispón do Rexistro de Persoal, dos Rexistros de altos cargos, do futuro Rexistro do persoal directivo así como da información de xestión dos procesos selectivos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

A administración debe desenvolver un tratamento exemplar en canto á introdución do principio de igualdade entre mulleres e homes na súa xestión de recursos humanos, máxime nunha administración pública estatisticamente feminizada en termos xerais, malia que non a todos os niveis.

Por iso vanse desenvolver medidas que favorezan a mellora da acción pública en materia de igualdade de xénero entre o persoal ao servizo da Administración autonómica e con efecto exemplar na sociedade e así fomentarse a flexibilidade horaria no desenvolvemento da xornada de traballo e o teletraballo co obxectivo de favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral e a corresponsabilidade.

No terreo do acceso e promoción profesional, manterase a esixencia de coñecemento da normativa en materia de igualdade nos programas dos procesos selectivos e valoraranse os cursos sobre igualdade de xénero nos concursos de emprego público.

Ademais, difundiranse os datos sobre a presenza de mulleres e de homes en cada corpo, escala ou categoría de emprego público.

Todas as actuacións que desenvolve a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal teñen como destinatarios potenciais o conxunto de persoas empregadas públicas na administración autonómica. Ademais, no exercicio das súas competencias relacionadas cos procesos selectivos, as persoas destinatarias son as que participan en ditos procesos para obter un posto de traballo. Debido á inclusión de mecanismos que garanten a aplicación dos principios de igualdade, mérito e capacidade, non existen nestes procesos distincións de xénero e está garantida a composición paritaria dos tribunais.

Todo o exposto anteriormente queda reforzado coa aprobación do I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia, Plan que conta, ademais, cun Protocolo da Xunta de Galicia de actuación fronte ao acoso e ás violencias sexuais e psicolóxicas no traballo e que recolle como medida a aprobación dun Protocolo da Xunta de Galicia para a protección ás persoas empregadas públicas vítimas de violencia de xénero, que xa foi aprobado pero pendente de publicación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

III.1.4. PROGRAMA 571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACION E DO COÑECENTO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O Programa 571 A “Fomento da sociedade da información e do coñecemento” atende ás prioridades de actuación do Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 PA 3.2 “Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible”, incluída no “EIXE 3. COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO”, e PA 4.4 “Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única.”, incluída no “EIXE 4. COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL”.

Adicionalmente, as actuacións da axencia noutras áreas (Xustiza, Política Social, Facenda e Educación) aparecen recollidas nos correspondentes programas de gasto:

- 131 A “ Administración de Xustiza”.
- 311 A “ Dirección e Servizos Xerais de Promoción Social”.
- 421 A “Dirección e Servizos Xerais de Educación”.
- 611 A “Dirección e Servizos Xerais de Facenda”.

As necesidades e retos detectados neste eido son os de:

- Promover unha Administración dixital innovadora que permitan desenvolver un servizo máis pro activo e personalizado á cidadanía e empresas, aberto e accesible dende calquera lugar e en calquera momento.
- Fomentar a incorporación de tecnoloxías innovadoras para mellorar os modelos de prestación de servizos públicos (educación, xustiza, etc.) á vez que contribúen á innovación e ao emprendemento dixital en Galicia. Aproveitar os avances en intelixencia

artificial e Big Data para mellorar os servizos públicos, desenvolvendo un efecto tractor que impulse e dinamice a iniciativa privada neste eido.

- Situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa que facilite a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto, tanto no sector público como nos diferentes sectores económicos, prestando especial atención ás PEMES.
- Asegurar que Galicia conte cos profesionais necesarios para dar resposta á transformación dixital. Diseñar actuacións dirixidas a os profesionais e a cidadanía que posibiliten a formación e o desenvolvemento das habilidades precisas para dar resposta á transformación dixital.
- Impulsar a adopción das tendencias tecnolóxicas en todos os sectores produtivos como un elemento clave para potenciar a competitividade.
- Impulsar o uso de solucións dixitais para mellorar a xestión e o coñecemento do territorio como base para permitir aumentar a capacidade de adaptación ás necesidades e oportunidades que se lle presenten á comunidade, dunha forma ordenada, áxil, eficiente e eficaz.
- Afondar na adopción das novas tendencias tecnolóxicas para aumentar a capacidade de xeración de valor no territorio reducindo o consumo de recursos e mellorando o seu rendemento, avanzando cara a un modelo de rexión sostible e climaticamente neutra.
- Potenciar a innovación dixital aplicada á dinamización e salvagarda do patrimonio e a produción cultural da comunidade como recurso vivo e accesible e compoñente fundamental da nosa tradición, identidade e recoñecemento colectivo; incluíndo a lingua galega como creadora de cultura e vehículo de posibilidades representativas.
- Favorecer a conectividade TIC necesaria para garantir a vertebración dixital do territorio de xeito seguro e sostible. Posta en marcha da plataforma Galicia territorio intelixente, que consolide en base cartográfica única toda a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos.

Así, os resultados que se pretende conseguir son os de acadar a modernización tecnolóxica dos servizos públicos mediante proxectos vinculados á Administración electrónica e consolidar o e-Goberno e a incorporación das TIC e as novas posibilidades de xestión que estas ofrecen á Administración pública para facilitar e facer máis eficientes as relacións coa cidadanía e as empresas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Galicia suma un amplo percorrido do proceso de transformación dixital nos últimos anos, centrado en promover a conectividade e a dixitalización dos servizos e actividades, construíndo o camiño da transformación dixital de todas as áreas de desenvolvemento da comunidade.

Actualmente, facilitar a transición cara a unha sociedade máis dixital e ecolóxica constitúe unha prioridade comunitaria fundamental para potenciar a revitalización da economía e asegurar unha senda de crecemento sostible. Un aspecto que cobra aínda máis importancia para apoiar á recuperación dos danos económicos e sociais provocados pola pandemia do coronavirus e os conflitos en Ucraína e Oriente Próximo.

Neste contexto, tomando como base os logros acadados no ámbito dixital na comunidade nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico; no 2020 aprobouse a Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) coa visión posta en situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúe a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto (ciudadanía en xeral, Administracións Públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), contribuíndo de xeito decisivo na xeración dunha economía do coñecemento que sirva de base para o progreso económico e social cara uns maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega, ademais de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da Administración pública.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Ao longo da historia, os avances tecnolóxicos aumentaron a eficiencia dos medios para producir, mudaron a forma de consumir e diminuíron barreiras de espazo e tempo. Ningún destes avances tivo a capacidade transformadora das tecnoloxías dixitais; a transformación dixital xa non consiste en adaptarse aos cambios, senón en xerar o cambio aproveitando o potencial da tecnoloxía. Neste contexto, xurde o proceso de elaboración da Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de establecer unha estratexia dixital única para Galicia, da que sexan partícipes a cidadanía, as empresas e as administracións, estratexia que constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algúns dos desafíos clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

En febreiro de 2021 publicouse o resultado final, que conta cos ambiciosos obxectivos de situar a Galicia como unha rexión dixital de referencia en Europa, implantar un marco dixital co-

mún para todas as administracións públicas galegas, desenvolver un novo marco xurídico que regule a nova realidade dixital e buscar un ecosistema atractivo para facilitar o investimento privado.

Galicia conta ademais cunha estratexia propia para o desenvolvemento da Intelixencia Artificial, a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030, adoptada en 2021 e que suporá un investimento público de máis de 330 millóns de euros no período 2021- 2030. Galicia aspira, a través da implantación das accións que nela se recollen, a converterse nunha rexión intelixente en base ao desenvolvemento e despregamento dunha Intelixencia Artificial de vangarda, ética e segura que lle permita avanzar cara a unha economía baseada no coñecemento.

Galicia conta tamén cunha Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030, aliñada coa Estratexia de ciberseguridade da UE e a Estratexia nacional de ciberseguridade, particularizada para a nosa comunidade, desenvolveuse a Estratexia galega de ciberseguridade en vixencia ata o 2030, coa intención de promover un ciberespazo global, aberto, fiable e seguro, xurde esta estratexia, contemplando iniciativas en dous ámbitos diferenciados: sociedade en xeral e Administración pública de Galicia.

En 2024 deben resaltarse avances en diferentes ámbitos:

- No ámbito do desenvolvemento dixital da administración pública galega, continuou a execución do “III Plan de Administración e Goberno Dixital. 2025”, aliñado cos obxectivos da EGD2030, contribuíndo á introdución das tecnoloxías dixitais que permitan á Administración mellorar a súa relación coa cidadanía e empresas dando lugar a xestións administrativas máis áxiles e eficientes, e incrementando a proactividade e personalización. Debe mencionarse tamén o contexto normativo que establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
- Licitouse o nodo de información cidadá, que permite a construción do modelo de información e de prestación de servizos orientado a dispor dunha visión 360º do cidadá e prestarlle servizos proactivos. Tendo como referencia a orientación cara a identidade dixital do cidadán. Como parte visible deste liña iniciada, en 2023 ampliáronse os medios de identificacións da cidadanía permitindo a identificación de non residentes (Chave para non residentes, Cl@ve). Destaca a ampliación de servizos na app XuntaEU, que fai accesible para o cidadán a información actualizada de expedientes, notificacións, certificados e tarxetas, citas, etc. Continuou tamén o proceso de dixitalización plena dos procedementos administrativos, extendendo os sistemas de tramitación dixital, ou de dixitalización dos rexistros administrativos, ampliación dos certificados dispoñibles no nodo de intermediación PasaXe!, etc. Púxose en marcha a plataforma de automatización de procesos da Xunta de Galicia, iniciándose o análise de máis de 30 oportunidades de aplicación destas tecnoloxías en diferentes ámbitos da administración pública.
- Finalizou a implantación do novo sistema de Comisión e Consello e abordouse o desenvolvemento dun novo sistema de soporte ao Diario Oficial de Galicia, incorporando tecnolóxicas de IA para o tratamento de contidos. Púxose en marcha o sistema de información para os procesos da Autoridade Galega de Protección ao Informante.

- No 2024 consolidouse a plataforma dixital para o emprego público, FIDES. A través do que se tramitaron convocatorias de procesos selectivos e oferta pública de emprego, carreira profesional e desenvolvemento do expediente dixital do persoal empregado público.
- Igualmente, no 2024 no ámbito do desenvolvemento da plataforma de sistemas de análise e sistemas de indicadores de administración dixital, ampliáronse os ámbitos de análise (sistemas de quendas, consumo, turismo,...), e continuo a execución do Plan Plataforma Galicia Territorio Intelixente como elemento transversal dos sistemas de información da Xunta de Galicia, orientada a permitir o coñecemento e xestión dixital do territorio, imprescindible para o desenvolvemento de servizos dixitais. Abordouse a posta en marcha do proxecto RETECH para o desenvolvemento de xemellos dixitais territoriais.
- Continuou a actualización continuada dos postos de persoal empregado público, estendeuse o modelo de posto de traballo con capacidade de mobilidade así como o uso da plataforma de virtualización de criterios, e a renovación de medios adecuados en diferentes ámbitos. Levouse a cabo tamén a ampliación da prestación dos servizos de soporte tanto remoto, como soporte in-situ, derivado da necesidade de atender o incremento de usuarios e medios e sistemas de información en funcionamento na administración pública galega. E licitáronse novos acordos marco para dar continuidade a xestión do modelo de impresión corporativa.
- Doutra banda, dentro do plan de posta en marcha do MGCD, no marco do decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, abordouse o proceso de certificación no eido educativo, publicáronse novas convocatorias para a certificación de persoal formador, e para o persoal empregado público, e as primeiras convocatorias para á cidadanía. As actividades de capacitación do persoal empregado público víronse tamén reforzados cunha nova edición do convenio coa EGAP para actividades de formación no ámbito da administración electrónica e seguridade.
- No eido da Administración de Xustiza, estase a executar o "III Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia. Senda 2025", que da continuidade a consolidación do expediente xudicial electrónico íntegro, a potenciar tamén as relacións dixitais coa cidadanía e profesionais, nunha contorna dixital, e que se alínea tanto coa EGD2030 e coas iniciativas estatais desenvolvidas no plan de execución dos fondos MRR xestionados pola conferencia sectorial deste ámbito. Destacou en 2024 a mellora das ferramentas, e mellora na calidade de contidos e consolidación do índice do expediente xudicial electrónico, e o desenvolvemento dunha nova sede electrónica xudicial. Igualmente a consolidación dos repositorios xudiciais nas provincias de Lugo e Ourense e a integración en novas iniciativas de interoperabilidade. Levouse a cabo a posta en marcha do sistema de atención á vítima do delito, así como a renovación do sistema de gravación de vistas, e posta en marcha do plan de automatización neste ámbito. Deuse continuidade tamén as actividades de formación e difusión no ámbito da administración xudicial electrónica e da ciberseguridade. Continuou o proceso, en coordinación co Ministerio

de Justicia, de posta en marcha do novo modelo de rexistro civil, e a dixitalización de libros en xulgados de paz.

Por outra banda compre destacar proxectos de dixitalización en ámbitos específicos:

- No eido da empresa e dos consumidores, continuouse cos procesos de dixitalización dos rexistros industriais e da relación cos consumidores. E iniciouse o proceso de desenvolvemento do Mapa Industrial de Galicia.
- No eido do Patrimonio e Cultura, e en concreto na iniciativa “Memoria Dixital de Galicia”, avanzouse na execución de proxectos para o aproveitamento das TIC no eido da dixitalización, xestión e difusión do patrimonio cultural de Galicia. Neste senso, púxose en marcha a iniciativa GalicianaSemántica, orientada a establecer novos modos de consulta e difusión dos fondos patrimoniais recollidos en Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia, mediante a xeración de grafos de coñecementos. Deuse continuidade á colaboración proxecto Nós, para a aplicación de intelixencia artificial para a integración da lingua no contexto da intelixencia artificial, mediante a publicación do tradutor GAIO utilizando os recursos xerados en Nós. No ámbito do sistema galego de bibliotecas, continuou a extensión nas bibliotecas escolares, especializadas ou rede galega de bibliotecas municipais.
- No ámbito de turismo, continuouse coa dixitalización dos procedementos incluídos no sistema de Xestión de Recursos Turísticos de Galicia. Ampliouse o Sistema Intelixente de Turismo (SIT) baseado en tecnoloxías bigdata tanto no relativo á oferta como á identificación dos usos de turistas e visitantes. Igualmente, continuaron as actuacións vinculadas á sensorización do territorio para o mellor da actividade turística en Galicia. E púxose en marcha o sistema de información de recursos turísticos para ás oficinas de turismo.

Neste sentido, a Xunta de Galicia puxo en marcha a Rede Galega da Internet das Cousas, unha rede de sensores conectados aos 300 centros de telecomunicacións públicos de Retegal, que proporcionará información para a toma de decisións e a xestión eficiente dos recursos naturais.

Por outra banda, merecen mención tamén:

Nos ámbitos sectoriais, a modernización tecnolóxica de distintas áreas: educación, servizos sociais, transporte, vivenda, urbanismo, medio ambiente, emprego, agro-gandería, forestal, mar, turismo, cultura, ... implica a necesidade de procesos de transformación e de plataformas e sistemas de información que dean soporte a ditos procesos de modernización e permitan tanto a relación telemática entre os cidadáns e a administración como a xestión dixital desas áreas e a xeración de valor engadido a través da análise da información. Esta necesidade tamén se ve acrecentada pola necesidade de sistemas que permitan a xestión dos instrumentos dispoñibles no novo período de financiamento europeo.

En particular destacar proxectos estratéxicos de transformación nos seguintes ámbitos:

- O impulso ao proxecto de transformación do sistema educativo galego a través das TIC, que acadou ao longo do curso 2023-2024 máis de 63.000 alumnos e alumnas en 630 centros educativos.

Ademais avanzaouse na dixitalización das aulas do sistema educativo galego, incorporando máis de 10.000 novas aulas dixitais entre primeiro de Primaria e segundo de Bacharelato.

En canto aos contidos dixitais, o novo contrato de contidos curriculares dixitais puxo a disposición do sistema educativo contidos actualizados de tres editoriais, atendendo ademais á petición das familias de incorporar un resumo imprimible para cada unidade, o que redundará nunha maior comodidade para acceder aos contidos en calquera circunstancia. Tamén se rematou a incorporación das ensinanzas artísticas superiores no sistema de xestión académica (Xade).

- A consolidación do sistema de Historia Social Única Electrónica que segue a rexistrar aumento nos seus indicadores de uso, e co que agora se contempla avanzar na coordinación socio-sanitaria coa materialización do acceso a este sistema desde os equipos de traballo social de Sanidade (SERGAS). Especialmente relevante neste ámbito resulta a continuidade na execución dos proxectos definidos dentro do novo Modelo residencial promovido pola Consellería de Política Social e Xuventude e enmarcados no concepto da Residencia dixital intelixente. Neste contexto cabe mencionar a potenciación do sistema de xestión corporativa de centros de políticas social (CENPOS); a continuación do proxecto de despregue do sistema de historia clínica electrónica (IANUS/HCEPRO) en residencias socio-sanitarias privadas; a continuación do proxecto de implantación dun censo avanzado de residentes no global das residencias de Galicia, comezando a súa extensión voluntaria a centros de día e a súa sincronización automática cos sistemas sanitarios; a consolidación e integración de proxectos tecnolóxicos actualmente en plena execución, coma os sistemas de comunicación residente-enfermeira ou de monitorización da actividade do residente, que están a ser obxecto de extensión a centros do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar; ou o proxecto de renovación dos medios tecnolóxicos empregados no servizo de Teleasistencia da Xunta de Galicia, en plena execución.
- No eido da mobilidade executáronse diversas medidas contidas no plan de mellora tecnolóxica neste ámbito, como: a extensión do proxecto QR Xente Nova a novos contratos para permitir aos mozos e mozas menores de 21 anos dispoñer de 60 viaxes de balde nos servizos de transporte público, a pilotaxe no contrato XG863 do novo sistema de pagamentos baseado en conta (ABT) a través dun QR no móbil, o inicio do desenvolvemento dunha aplicación que permita a xestión integral das inspeccións en materia de transporte, o desenvolvemento dun cadro de mando para o seguimento da tarifa +65 e a evolución da oficina virtual do transporte co desenvolvemento de novas funcionalidades como: a solicitude de novas paradas integradas ou a posta en marcha do módulo de facturación.

- Na xestión e conservación do medio ambiente, seguiu a traballar na xestión da información medioambiental na plataforma GalA e completouse a renovación do portal web de Meteogalicia. Continuouse ademais co mantemento e evolución das aplicacións de xestión no ámbito da biodiversidade e a caza e pesca continental.
- Consólidase o desenvolvemento da Plataforma Integral de Vivenda e Solo, coas aplicacións de Rexistro de Demandantes, o Inventario de bens do Instituto Galego de Vivenda e Solo, Construcións e Xestión do Solo Empresarial e Residencial, ademais da xestión das actuacións relacionadas co Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 e as iniciativas autonómicas en materia de vivenda.
- No ámbito de urbanismo, licitouse a Plataforma Urbanística Dixital de Galicia, e púxose en funcionamento un tramitador de expedientes para a Axencia de Protección de Legalidade Urbanística (APLU), integrado coas ferramentas de administración electrónica.
- Na transformación do sector primario a través das TIC abrangue múltiples actuacións nos ámbitos pesqueiro, agrogandeiro e forestal. Como exemplos pode indicarse a implantación do novo sistema integral de xestión do ámbito de gandería (XESGAN), co módulo de xestión dos movementos gandeiros, así como a integración coa Oficina Virtual Gandeira así como a primeira parte do proxecto Agro 4.0 coa posta en uso da Xestión de Explotacións de Galicia (XEAGA); ou tamén a posta en produción dun Sistema de Información de Terras de Galicia (Sitegal) para o soporte e apoio na xestión dos instrumentos e procedementos de recuperación da terra agraria de Galicia contidos na Lei 11/2021, do 14 de maio, co gallo do apoio na mobilización da terra agroforestal; ou a operatividade do Inventario Forestal Continuo de Galicia, a detección de cortas forestais non autorizadas coa axuda de visión por satélite e procesado con intelixencia artificial xunto así como a axilización das actas de inspección sobre as ditas cortas.
- Seguindo os calendarios dos orzamentos europeos puxéronse en funcionamento sistemas vencellados ao novo período das axudas da Política Agraria Común do novo período 2023_2027 (Plan Estratéxico da PAC, PEPAC) mesmo reforzando o cumprimento das obrigas de seguridade da información definidas pola Comisión Europea na xestión destes fondos, como por exemplo a evolución da ferramenta SICOP de xestión económica do organismo pagador (FOGGA) para adaptala ao PEPAC, co código fonte desta ferramenta desenvolto en Galicia en compartido cos organismos pagadores nacionais para a súa reutilización, en colaboración co FEGA (Fondo Español de Garantía Agraria). Igualmente puxéronse en funcionamento sistemas de xestión cara ao período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura (FEMPA) do período 2021-2027 nos que, por exemplo, inclúen a xestión das axudas polos Grupos de Acción Costeira (GALP).
- No ámbito do Emprego, continuouse coa modernización dos sistemas que dan soporte ao Sistema Público de Emprego de Galicia con novos servizos no portal do empregador e no portal de formación. Tamén realizamos melloras nas canles de intermediación entre cidadáns, administración e o sector empresarial.

Os proxectos máis relevantes no eido da Facenda Autonómica no ano 2024 foron:

- No ámbito tributario, leváronse a cabo importantes avances, como a evolución do módulo de recadación executiva e a continuación da integración das zonas de recadación, así como a posta a disposición dos expedientes tributarios electrónicos na plataforma de interoperabilidade do TEAR. Tamén se iniciou o desenvolvemento da nova aplicación de axuda á liquidación do imposto de sucesións (ALIS), e púxose en marcha a canle de denuncias tributarias e a nova aplicación móbil, ademais da ampliación das opcións de pagamento mediante transferencia dende entidades non colaboradoras. Destaca tamén a posta en marcha da nova Plataforma de Automatización de Procesos.
- No ámbito económico-financeiro, realizouse unha actualización tecnolóxica da plataforma de desenvolvemento de aplicacións, a integración do sistema contable das universidades galegas, e comezouse co desenvolvemento do novo sistema de información para a xestión e certificación de fondos comunitarios do período 2021-2027.
- En canto á xestión do persoal, desta a incorporación de mecanismos para o control da temporalidade, a proba de concepto de minaría de procesos en procedementos de contratación, e a implantación do novo sistema TAIS para a tramitación das indemnizacións por necesidades do servizo, incluíndo o pago das dietas nos procesos selectivos. Ademais, implantáronse melloras e novas funcionalidades nos sistemas do nodo de contratación de Galicia, co inicio do proceso de actualización tecnolóxica.

En canto á infraestrutura de telecomunicacións, na actualidade, a rede corporativa da Xunta de Galicia dá servizo a preto de 3.000 centros repartidos por toda a xeografía galega. Esta dispersión fai moi complexo garantir unha equidade no servizo proporcionado, debido a que hai moitas localizacións rurais onde non é tecnoloxicamente posible chegar co mesmo nivel de servizo que nas zonas urbanas.

Así pois, é imprescindible manter e evolucionar o servizo de comunicacións de datos e de telefonía para estes centros, ao mesmo tempo que é preciso mellorar a monitorización do servizo, o que require importantes investimentos, que son precisos para acadar unha equidade nos servizos, independentemente da situación dos centros galegos. Para o ano 2025 continuarase coa mellora do cableado dos centros e da monitorización da rede.

En materia de seguridade, estará en marcha a execución das liñas de acción da nova Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030, destacando a continuidade da construción do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia (CECIGA), así como a progresiva incorporación de novos servizos de ciberseguridade dirixidos á administración local (concellos e deputacións). A dinamización do Nodo de Ciberseguridade de Galicia será de vital importancia para a mellora da colaboración público-privada neste ámbito. No relativo ao CECIGA está previsto que durante o 2025 se avance de forma moi significativa das obras, coa previsión de que a finais de ano o edificio estea practicamente terminado co obxectivo de que comece a súa actividade no primeiro trimestre de 2026.

Continuarán realizándose tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa da Xunta de Galicia así como de seguimento do cumprimento normativo en materia de protección de datos persoais e do Esquema Nacional de Seguridade, ademais da promoción e realización de actividades de concienciación e formación.

Continuarase co servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade, para mellorar as capacidades de prevención, detección e reacción ante incidentes de ciberseguridade.

Tamén se continuará coa execución do proxecto RETECH en ciberseguridade, que persegue despregar un centro de innovación e competencia en ciberseguridade de ámbito transrexional para impulsar a cohesión do ecosistema de ciberseguridade, e fomentar a innovación, a transferencia de coñecemento, a captación de fondos e a internacionalización do tecido empresarial das rexións participantes. Ao longo de 2025 continuarase coa execución das diferentes actuacións previstas, entre as que destacan estas dúas iniciativas:

- Rede de laboratorios / centro demostradores en ciberseguridade: execución do convenio de colaboración con centros tecnolóxicos para a posta en marcha de 4 laboratorios sectoriais e licitación do laboratorio / centro demostrador do CECIGA.
- Programa de formación en ciberseguridade no ámbito da Formación Profesional: execución do convenio de colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para desenvolver cursos de especialización en ciberseguridade ("másters de FP") no ámbito da Formación Profesional.

No eido da conectividade, debemos resaltar que segundo o establecido no Artigo 149.1.2.I da Constitución Española, é o Estado a administración competente en materia de telecomunicacións e a pesar do anterior, a Comunidade Autónoma de Galicia de xeito excepcional e complementario aos compromisos do Estado logrou a autorización da Comisión Europea da primeira liña de axudas para a extensión da telefonía móbil en España.

Grazas ás actuacións das administracións do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia a mediados de 2023 o 93% dos galegos e galegas tiñan cobertura de redes de 30Mbps e un total do 93% da superficie empresarial total de Galicia conta con cobertura de fibra óptica.

Coas subvencións concedidas por ambas administracións ata agora, agárdase que preto do 90% dos galegos conte con cobertura de redes de máis de 100Mbps no ano 2023, o que supón un incremento de 29 puntos porcentuais respecto á cobertura existente antes de que se iniciasen estas actuacións.

Cómpre salientar, que actualmente é o Goberno de España o que conta cos principais fondos europeos para continuar coa extensión de redes de moi alta velocidade no territorio do Estado e, por conseguinte, en Galicia. Neste senso, o Goberno central aprobou a finais de 2020

o novo Plan para a Conectividade e as Infraestruturas Dixitais da sociedade, a economía e os territorios, así como a Estratexia de impulso ao desenvolvemento da tecnoloxía 5G.

Con estes mecanismos, o Goberno de España pretende acadar os novos obxectivos 2025 establecidos por Europa, entre os que se atopa acadar ao 100% da poboación con cobertura de 100Mbps; dotar de 1Gbps ao principais motores socioeconómicos e estender as novas redes 5G en vías de transporte e cidades. Ademais, o Estado contempla o traslado ás CCAA de parte dos fondos europeos enmarcados no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para actuacións relacionadas coa conectividade.

Por outra banda, o Goberno galego, consciente da importancia dos servizos de comunicacións en mobilidade, tamén traballou e o seguirá a facer, de xeito complementario e paliativo ao Goberno de España, ao longo do ano 2024 na mellora de cobertura móbil en zonas con deficiencias do rural. Trala aprobación por parte da Comisión Europea en decembro de 2021, concedeuse a Vodafone una subvención para o despregamento de redes móbiles por un importe de 3,7 millóns de euros. Esta rede móbil que se vai despregar no período 2022-2025 dotará de cobertura a 290 entidades de poboación de 65 concellos galegos, que contan con máis de 7.000 habitantes.

Neste ámbito, cómpre recordar tamén o traballo realizado no marco do Plan Galicia 5G para posicionar á comunidade como territorio preferente na fase de pilotaxe de solucións tecnolóxicas baseadas na tecnoloxía 5G, coa posta en marcha do Nodo de Cooperación 5G para facilitar o desenvolvemento de solucións baseadas nesta tecnoloxía e que estableceu os cimentos para que Galicia conseguira 2 dos 3 pilotos 5G licitados por Red.es a nivel nacional.

Na actualidade estase a traballar no reposicionamento do Nodo 5G para convertelo no Nodo Conectivi.gal, que expandirá o ámbito do mesmo ao conxunto de tecnoloxías de comunicación sen fíos e ao longo de 2024 se asentaron as bases de funcionamento do novo Nodo e se asinou o convenio que dará soporte ás devanditas actividades.

No mesmo eido, a Xunta de Galicia puxo en marcha xa no ano 2022 as actuacións predefinidas polo Estado nas que se estivo a traballar no ano 2023 e continuaron en 2024: extensión de redes ultrarrápidas en polígonos coa que se coseguíu mellorar a conectividade en 132 áreas empresariais, concesión de bonos para a conectividade de colectivos vulnerables e mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios.

No eido da inclusión dixital da cidadanía, a Rede CeMIT, composta por 96 aulas en 91 concellos e o Programa de Voluntariado Dixital de Galicia, leva traballando desde o seu lanzamento en 2011 e 2012, respectivamente, na promoción do uso das TIC na poboación, proporcionando plans de alfabetización e capacitación dixital á cidadanía en xeral e especialmente entre os colectivos en risco de exclusión dixital. Ambas iniciativas foron os instrumentos clave para desenvolver o Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, que se centrou na consecución dunha sociedade plenamente dixital, e xerou as bases para que calquera persoa poida evolucionar no

seu nivel de madurez dixital. Adicionalmente, o Plan de Inclusión Dixital puxo en funcionamento, desde o ano 2016, un modelo de relación en rede, baseado en “alianzas dixitais”, que potencia a colaboración entre a Xunta de Galicia, Entidades Locais e FEGAMP, Universidades e Colexios Profesionais. Actualmente a Rede CeMIT conta coa colaboración de 937 aliados dixitais o que permite agregar capacidades, recursos e iniciativas, así como xerar sinerxías e conseguir un efecto multiplicador para acadar unha maior chegada das actuacións de inclusión dixital ao territorio e, en definitiva, á cidadanía.

Nesta liña, desenvólvese tamén o Plan de Promoción do Talento Dixital de Galicia, DigiTalent, orientado á promoción do talento dixital e para asegurar que Galicia compite como rexión de referencia a nivel europeo no ámbito da transformación dixital a través de profesionais que respondan ás necesidades tecnolóxicas actuais e futuras. Deste Plan colaboran as empresas asinantes do Pacto Dixital.

En 2023 aprobouse por parte do Consello da Xunta de Galicia, o desenvolvemento dun novo Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, para o Impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia, cunha visión agregada e integrada para asegurar que Galicia conta cunha cidadanía capaz e empoderada dixitalmente e cos profesionais e expertos dixitais para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia.

Adicionalmente, en 2022 púxose en marcha o Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT, que dá continuidade e intensifica o labor desenvolvido ao longo de máis de dez anos dedicados a facilitar a alfabetización e capacitación dixital da cidadanía. A transformación da Rede CeMIT permitirá adaptarse ás novas demandas de capacitación dixital e que as aulas sigan a ser unha referencia tecnolóxica e un centro ao que acudir para formarse, asesorarse, acceder a equipamento e a conectividade, etc.

Esta modernización e evolución da Rede CeMIT proporciona, ao longo de 2023 e ata 2025, equipamento tecnolóxico innovador, novos servizos de formación e capacitación dixital aliñados co Marco Galego de competencias dixitais, a ampliación de servizos de inclusión dixital no rural a través dun servizo de aula móbil itinerante e o desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento dos sistemas da Rede CeMIT, transformando e adaptando ás aulas CeMIT para dar resposta aos novos tempos e ás necesidades establecidas na Estratexia Dixital de Galicia 2030. Así, ao longo de 2023 e 2024, distribuíronse máis de 1.300 novos dispositivos entre impresoras 3D, drones, gafas de realidade virtual e kits de placas de comunicación e programación nas máis de 80 aulas adheridas a este Plan. Xa en 2023, máis de 620 persoas participaron nas máis de 170 actividades formativas centradas neste material.

Ao abeiro do Plan de Software Libre, durante o ano 2024 deuse continuidade ás actuacións dirixidas tanto á cidadanía en xeral como ao sector empresarial en particular a prol de incrementar o uso e o coñecemento das solucións tecnolóxicas baseadas no software libre, coa colaboración coas diferentes asociacións de promoción do Software Libre tanto no eido em-

presarial (AGASOL), como no eido da sociedade e a cidadanía, mediante unha convocatoria en concorrència competitiva de axudas.

Así mesmo, dende o ano 2016 estase a desenvolver o programa ReAccionaTIC, orientado a impulsar a modernización tecnolóxica do tecido empresarial galego ofrecendo ás pemes galegas un catálogo unificado de servizos a prezos reducidos orientados a mellorar a súa competitividade a través de aspectos operativos, estratéxicos ou de incorporación de tecnoloxía, que se reposicionou durante o ano 2024 para poder volver a lanzalo en 2025, tendo en conta as novas inquietudes.

No marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial, no ano 2024 avanzouse na elaboración e publicación da Guía para o uso da IA nas administracións públicas. Esta guía, de forma coherente coa normativa europea, pretende servir como soporte na xestión de proxectos que integren sistemas de intelixencia artificial na Administración pública e achegar os pasos que se han de dar e os controis de riscos que se han de realizar desde que se concibe unha oportunidade ata que se converte nun proxecto, de forma que se garanta a óptima adopción desta tecnoloxía. Do mesmo xeito, avanzouse na redacción do anteproxecto de Lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia, de acordo ás recomendacións derivadas do Estudo sobre o marco ético e normativo e o potencial impacto da adopción da intelixencia artificial en Galicia que tiña por obxectivo ofrecer á sociedade galega, ao ecosistema económico e aos reguladores autonómicos os elementos necesarios para comprender os principios éticos e xurídicos que se están definindo nesta materia nos ámbitos autonómico, nacional, e internacional, con especial atención á Unión Europea, e que serán a base da regulación autonómica e nacional que se desenvolva nun futuro próximo. No eido formativo, avanzouse coa organización e impartición da formación Intelixencia artificial no teu día a día co apoio da rede de aulas CeMIT.

Ademais, co foco posto no impulso da transformación dixital de Galicia, no ano 2020 pónse en marcha o proxecto do centro GaiásTech localizado na Cidade da Cultura, orientado a ofrecer un conxunto coherente e coordinado de servizos necesarios para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e start-ups, a ser máis competitivos.

O centro GaiásTech actúa ademais como eixo vertebrador da rede de nodos de especialización tecnolóxica, da que forman parte o nodo Conectivi.gal, o nodo de ciberseguridade (ciber.gal) e o nodo galicIA no ámbito da intelixencia artificial.

Tamén se puxo en marcha o ecosistema GobTech, que busca implicar ao tecido produtivo na xeración de produtos e servizos tecnolóxicos para o sector público baseados en tecnoloxías disruptivas e adxudicouse o acordo marco para o impulso de tecnoloxías avanzadas no sector público por un importe global de 30 millóns de euros. Así mesmo, ao longo de 2024, levántáronse diversos retos dentro do sector público autonómico e redactáronse diversas licitacións ao respecto.

A Xunta de Galicia conta, a través da AMTEGA, co Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), que se define como un sistema de información e divulgación de informes e estudos enfocados na análise, seguimento e observación dos principais datos, información e coñecemento sobre as materias da sociedade da información, a modernización administrativa e a administración dixital dentro do ámbito das administracións públicas de Galicia.

Ao longo de 2024, ante a necesidade de seguir medindo os principais indicadores para poder establecer eficientes políticas públicas, seguiu desenvolvendo e promovendo estudos e análises de datos, elaborando informes de situación e evolución, facilitando datos a outros organismos e contribuíndo á definición estratéxica de políticas públicas; analizando constantemente o estado de desenvolvemento da dixitalización para toda a cidadanía.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa orzamentario e os instrumentos de planificación sectoriais que enmarcan as distintas actuacións previstas desenvolveranse, con carácter xeral, dentro do marco establecido pola Estratexia Galicia Dixital 2030 nas súas diferentes liñas estratéxicas.

En concreto, a normativa legal e os instrumentos de planificación máis salientables son os seguintes:

- A lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
- O Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- O Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- O Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- A Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Decreto 150/2014, do 27 de novembro, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en estradas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Decreto 11/2016, do 28 de xaneiro, polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia e a súa integración na rede corporativa da Xunta de Galicia.
- Orde do 19 de setembro de 2016 pola que se aproba a Guía de especificacións das infraestruturas de telecomunicacións na Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 127/2016, do 15 de setembro, polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do fogar dixital nas vivendas de nova construción.
- A Estratexia Galicia Dixital 2030, a folla de ruta para a vindeira década destinada a que a comunidade estea preparada para afrontar os retos da futura dixitalización e poida beneficiarse das oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías.
- O "III Plan de Administración e Goberno Dixital. 2025" orientado ao desenvolvemento dixital do funcionamento da administración pública galega tanto para acadar a dixitalización plena dos seus procesos, incorporando aspectos como a xestión orientada ao dato, ou a aplicación de tecnoloxías de automatización e intelixencia artificial, para o desenvolvemento de servizos dixitais que permitan facilitar servizos máis avanzados e proactivos cara a cidadanía.
- A Estratexia galega de ciberseguridade 2030, que mellorará a seguridade dos sistemas de información.
- O "III Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia. Senda 2025" para o desenvolvemento da Administración xudicial electrónica e o expediente xudicial electrónico. Ademais de dar continuidade ás actuacións de infraestrutura, seguridade, implantación de sistemas de información e formación específica do uso das TIC neste contexto.
- O Plan Plataforma Galicia Territorio Intelixente, para a dotación de sistemas e servizos que permitan o desenvolvemento de servizos dixitais para a xestión de servizos en territorio, baseada nunha cartografía única e a xestión de datos de sensorización do territorio.

- O Plan para o impulso da Inclusión e Talento Dixital en Galicia, para asegurar que Galicia conta cunha cidadanía capaz e empoderada dixitalmente e cos profesionais e expertos dixitais para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia.
- A Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 que ten por obxectivo converter a Galicia nunha rexión intelixente que contribúa á soberanía dixital da Unión Europea.
- A estratexia de Educación Dixital Innovadora para o impulso do uso de contidos dixitais nos centros educativos que imparten educación primaria e secundaria en Galicia.
- O Plan tecnolóxico do Transporte en Galicia.
- O Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente.
- O Modelo Dixital de Atención Sociosanitaria para residencias de maiores ou discapacidade.
- O Plan Tecnolóxico de Modernización no eido de Urbanismo.
- O programa Primare, de impulso TIC o sector primario, artellado a través de varios retos.
- O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA).
- A 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica".
- Regulamento (UE) 2023/1115 relativo á comercialización de determinadas materias primas e produtos asociados á deforestación – (Regulamento EUDR ou de deforestación cero).
- O Plan SmartTurismo, para a consolidación das TIC como ferramenta para a xestión, promoción, fidelización e innovación no turismo de Galicia.
- A iniciativa Memoria Dixital de Galicia, para avanzar na dixitalización e difusión do patrimonio cultural de Galicia.
- O Programa TransformaTIC que establece unha política común da Administración autonómica contando cos axentes do sector, coas universidades e co tecido empresarial para o impulso e desenvolvemento do sector TIC en Galicia. Co obxectivo de dinamizar o tecido rexional TIC a través da aplicación de solucións en sectores tradicionais e estratéxicos para Galicia. Así como impulsar a produtividade de todos os sectores produtivos e favorecer o emprego e a xeración de riqueza en Galicia.
- O Pacto Dixital de Galicia, un acordo entre a Xunta, o Cluster TIC e 12 grandes empresas tecnolóxicas, no que tanto o Goberno galego como as empresas asinantes asumen un decálogo de compromisos para atraer investimento a Galicia, favorecer a internacionalización das pemes galegas e lograr a colaboración activa entre as grandes e pequenas empresas para conseguir o crecemento do sector.
- Decreto 77/2018, do 26 de xullo, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en áreas empresariais promovidas polas administracións públicas de Galicia.
- Plan Galicia 5G.
- Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT 2022-2025.

- Plan de software libre.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ano 2020, aprobouse a Estratexia Galicia Dixital 2030 que establece a estratexia tecnolóxica global de Galicia para dar unha resposta integral aos retos sociais, económicos e medio ambientais aos que se enfronta Galicia, aproveitando as oportunidades que brindan as tecnoloxías dixitais.

Así, tomando como base os logros acadados no ámbito dixital en Galicia nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico, as actuacións da Estratexia Galicia Dixital 2030 encadraranse en 20 programas que operativizan as distintas áreas de actuación para a consecución dos obxectivos. Estes obxectivos establécense en 7 eixos estratéxicos que potenciarán solucións dixitais para contribuír a dar resposta aos novos retos globais, baixo un enfoque integrado de rexión que asegure á cidadanía no centro e se oriente cara á construción dunha Galicia máis sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental. E hai 1 eixo transversal, que promove a especialización tecnolóxica ao servizo do resto de eixos.

En definitiva, durante o ano 2025:

- No ámbito da administración dixital, será relevante a continuidade da execución do plan de automatización de procesos mediante a plataforma RPA da administración pública galega, que reducirá os tempos de tramitación en especial no caso de procesos masivos. Abordarase o desenvolvemento da identidade do cidadán co nodo de información cidadá (citizen data hub) e continuará a incorporación de contidos en XuntaEU e carpeta cidadá, así como posta de novos servizos no eido de atención a cidadanía, entre outros a identificación remota no proceso de acreditación en Chave365 ou o desenvolvemento de asistentes virtuais e melloras nas canles de atención e información, e ampliación dos servizos en mobilidade. E en conxunto continuarase co desenvolvemento dos principios e instrumentos que quedan recollido na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia. Igualmente debe mencionarse a extensión dos servizos dispoñibles na plataforma de xestión dos procesos de emprego público e do expediente dixital do empregado público. E abordarase a elaboración da estratexia do dato dentro do desenvolvemento da economía do coñecemento.
- Abordarase unha metodoloxía de desenvolvemento de servizos ao cidadá, centrado na experiencia de usuario.
- Continuará a incorporación de tecnoloxías innovadoras mediante a posta en marcha da asistencia virtual e o sistema para a analítica de procesos. E a posta en marcha da renovada da plataforma de elaboración, publicación e difusión do Diario Oficial de Galicia.
- Abordaranse novas áreas analíticas na plataforma de análise corporativo, así como abordarase a evolución cara o almacén de información corporativa. Porase en marcha a

estratexia do dato e os procedementos vinculados a coordinación da información corporativa.

- Por outra banda, dentro dos sistemas corporativos para o desenvolvemento de servizos dixitais, darase continuidade ás iniciativas no contexto da “Plataforma de Territorio intelixente”, que ten como finalidade garantir a dispoñibilidade e coñecemento de información do territorio a partir da información de fontes diversas tanto de tramitación como de sensorización do territorio, e que evolucionará como plataforma de base para o desenvolvemento de xemelgos dixitais territoriais.
- No relativo a capacitación dixital da cidadanía en xeral, e do persoal empregado público en particular, desenvolveranse os plans de capacitación e procesos de acreditación da certificación galega en competencias dixitais. Ampliaranse as capacidades das plataformas de formación utilizadas nos diferentes ámbitos sectoriais da Xunta, así como as específicas do marco galego de competencias dixitais.
- Darase tamén continuidade á execución do “III Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2025”. Abordarase a execución dos proxectos a desenvolver no marco do MRR de Xustiza. Será especialmente relevante a posta en marcha do novo sistema para a xestión dos recursos humanos deste ámbito, a consolidación do expediente xudicial electrónico, así como o análise de opcións para a renovación do sistema de xestión procesal e fiscal.
- No ámbito dos medios para o persoal empregado público, continuara o proceso de dotación de medios para o teletraballo, e dos medios para a xestión sostible do equipamento, así como a ampliación da canle de autoservizo na relación coas persoas usuarias dos medios dixitais, tanto do sector público autonómico como da Administración de Xustiza en Galicia.

Nos ámbitos sectoriais (educación, servizos sociais, medio ambiente, transporte, vivenda, urbanismo, emprego, agrogandeiro, forestal, pesqueiro, consumo, cultura, turismo, ...), desenvolveranse diversos programas de modernización tecnolóxica entre os que destacan:

- O Proxecto Abalar de transformación do sistema educativo galego a través das TIC, coa consolidación e ampliación dun modelo de Educación Dixital que permita ao alumnado e profesorado dos centros sostidos con recursos públicos de Galicia aproveitar as posibilidades dun ensino completamente dixital. Tamén este curso rematarase a dixitalización das aulas do sistema educativo galego, chegando a máis de 14.000 aulas dixitais para todas as ensinanzas non universitarias. Complementáanse con múltiples actuacións como a adecuación dos sistemas aos novos reais decretos relacionados coa lei orgánica 3/2022 de ordenación e integración da Formación Profesional, a evolución tecnolóxica de toda a plataforma software, ou o inicio do desenvolvemento dunha nova versión do sistema de xestión académica (Xade).
- Continuarase coa execución de proxectos relacionados co novo Modelo residencial da Consellería de Política Social e Igualdade, enmarcados no concepto da Residencia dixital intelixente (extensión de solucións corporativas ao Consorcio Galego de Servizos

de Igualdade e Benestar), coa implantación de solucións de teleasistencia avanzada e sensorización nas residencias de maiores e discapacitados e no ámbito domiciliario. Así mesmo no contexto do desenvolvemento do proxecto de Historia Social continuarase coa renovación da actual ferramenta de traballo de referencia en servizos sociais comunitarios, iniciárase o despregue do novo módulo de Educación familiar, e iniciárase a implantación do novo sistema de información da FUNGA.

- Na modernización tecnolóxica do transporte, continuarase coa execución do proxecto plataforma galega de mobilidade 4.0. que integra entre outros compoñentes: un planificador avanzado e un sistema de reservas que integre servizos de transporte de toda a comunidade autónoma (interurbanos, urbanos, navieiras, transporte adaptado, etc); a modernización dos sistemas de billete adoptando un modelo baseado en conta que permita o pago co móbil, tarxeta bancaria (EMV) ou una nova tarxeta de transporte de Galicia; o lanzamento dunha nova tarxeta de transporte público de Galicia e os servizos financeiros, de soporte e de atención aos usuarios da plataforma. Así mesmo avanza-se no desenvolvemento dunha aplicación para a dixitalización da labor inspectora en materia de transporte e continuarase co desenvolvemento de novas funcionalidades na oficina virtual do transporte (OTRANS) e no Sistema de Axuda á Explotación de Galicia (SAEGAL).
- Na modernización tecnolóxica da xestión e conservación do medio ambiente, incorporaranse á plataforma medioambiental Gaia novos procesos para unha xestión dixital da relación co sector e novas ferramentas para o seguimento e control dos expedientes medioambientais. Desenvolveranse novas aplicacións para a xestión dos espazos naturais de Galicia e o seguimento da biodiversidade, a xestión dos permisos e licenzas de caza e pesca, e a tramitación de axudas relacionadas coa fauna silvestre.
- Continuarase coa mellora da publicación e xestión da información meteorolóxica e climática, predición e observación meteorolóxica, calidade do aire e modelos numéricos, incorporando novos servizos neste senso no portal de Meteogalicia e as aplicacións móbiles.
- Desenvolverase a Plataforma Urbanística Dixital de Galicia, que permitirá a tramitación integral dos instrumentos de planificación territorial e urbanística e facilitará a participación cidadá nos procedementos de planificación urbanística.
- Continuarase co desenvolvemento da Plataforma Integral de Vivenda e Solo, que unifique a información neste ámbito e a súa xestión axudando á posta en valor dos recursos habitacionais de Galicia e facilitando á Administración unha visión global sobre a realidade do sector, simplificando a información e servizos dixitais facilitados aos cidadáns. Continuarase ademais coa posta en marcha dos sistemas necesarios para dar resposta ás liñas de actuación do Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 e das iniciativas autonómicas en materia de vivenda.
- A modernización dos sistemas que dan soporte ao Servizo Público de Emprego coa aplicación de IA para mellorar a empregabilidade. Modernización dos sistemas de toma de decisión así como o desenvolvemento de novos sistemas informáticos de xestión

para centros especiais de emprego ou libros de subcontratación. Novas funcionalidades nos portais de formación, ou no portal do empregador ou a incorporación de chatbots na relación co cidadán.

- No relativo ao Medio Rural abordaranse múltiples actuacións entre as que poden destacarse a adaptación dos sistemas de xestión á nova Política Agraria Común 2023-2027 e ao Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC), o desenvolvemento de funcionalidades do novo sistema de xestión para as explotacións agrarias e a súa extensión cara a unha Plataforma Agroforestal Dixital de Galicia, a actualización do Rexistro Vitícola, e a implantación de ferramentas para a realización de actas sobre o terreo polo persoal da consellería e integración automática cos sistemas de xestión.
- No eido Forestal evolucionaranse as ferramentas de cortas privadas, de cortas públicas e de trazabilidade, vencelladas á orixe extractiva da madeira e a súa rastrexabilidade, facilitando un cumprimento áxil das obrigas de deforestación cero (Regulamento EUDR). Afondarase na explotación de información de orixe satelital, aérea e sobre o terreo no Inventario Forestal Continuo de Galicia, aliñando os sistemas de información para facilitar un mercado de Créditos de Emisión de Carbono na estratexia de Dixitalización e Descarbonización (D&D). Acometeranse melloras e extensión de uso nos aplicacións móbiles para os traballos de campo tanto nas tarefas de inspección forestal como nas de defensa contra o lume.
- No sector pesqueiro, completárase e extenderase a novos procedementos de axudas ao desenvolvemento e posta en marcha de sistemas de xestión cara ao período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura (FEMPA) do período 2021-2027, engadíranse ferramentas de explotación analítica de datos (BI) na Plataforma Tecnolóxica da Pesca e mellóranse os procesos de comercialización no proxecto Lonxas Galegas 4.0 extendendo o mesmo e implantando estas solucións en novas lonxas e confrarías; e evolucionarase o sistema de xestión dos permisos de marisqueo.
- No eido da empresa, continuarase coas iniciativas vinculadas ao desenvolvemento do mapa industrial de Galicia. Adicionalmente, continuarase co proceso de dixitalización do ámbito de consumo.
- No eido do Patrimonio e Cultura, e en concreto na iniciativa “Memoria Dixital de Galicia”, continuarase coa posta en marcha da plataforma Galiciana Semántica para a aplicación de tecnoloxías baseadas en grafos de coñecemento que permitirán abordar un novo xeito de difusión do patrimonio; estenderanse os arquivos integrados nos sistemas corporativos de xestión de arquivos; continuarase coa ampliación do sistema de xestión do catálogo de patrimonio. E continuarase coa colaboración no pilotaxe dos compoñentes desenvolvidos no ámbito do proxecto Nós, e o plan de vitalidade de lingua no entorno dixital.
- No relativo ao sistema de bibliotecas de Galicia, continuarase coa extensión nas bibliotecas municipais, escolares e especializadas. E poráse en marcha a converxencia das bibliotecas físicas e dixitais para a prestación de servizos dixitais que integren ambos contidos.

- No ámbito de turismo, continuarse coa execución do Sistema de Información Intelixente de Turismo de Galicia (SIT), a posta en marcha do sistema de información para as oficinas de turismo, e o impulso de tecnoloxías innovadoras para o achegamento ao visitante, con iniciativas como o asistente virtual para a axenda turística.

No ámbito da Transformación Dixital da Facenda Autonómica estas son as principais iniciativas que se desenvolverán no 2025:

No que respecta á xestión tributaria, seguirase a traballar nos tres eidos que marcan a estratexia tecnolóxica dos vindeiros anos:

- Mellora da relación co contribuínte: potenciación de canles dixitais, como a web, o emprego de asistentes virtuais e a posta en marcha da videoasistencia como unha nova canle de relación cos contribuíntes. Ademais, evolucionaranse os medios de pago, incluíndo o pago por Bizum dende mostrador e as transferencias bancarias dende zonas non SEPA. Tamén se traballará na mellora da Oficina Virtual Tributaria e da aplicación móbil, optimizando o acceso a servizos e trámites.
- Eficiencia na xestión: continuarase co proceso de robotización dos principais procesos de negocio da axencia e se lle dará cobertura nos sistemas a novos ámbitos funcionais. Abordarase unha importante evolución tecnolóxica dos sistemas existentes e porase en marcha o novo sistema centralizado de Valoracións e a nova aplicación de axuda á liquidación do imposto de sucesións (ALIS).
- Loita contra o fraude: Seguirase a avanzar no emprego de tecnoloxías avanzadas de análise de datos para detectar a fraude tributaria.

No que se refire aos sistemas de nómina e contratación, as principais iniciativas están vencelladas ao impulso definitivo á estandarización do Xestor de Expedientes de Contratación (PLATON) nas entidades do sector público Galego.

No ámbito dos sistemas de xestión e control económico continuaremos avanzando cara ao funcionamento plenamente electrónico do sector público con diversas actuacións entre as que cabe destacar a posta en funcionamento do documento contable electrónico e a integración das 3 universidades galegas na plataforma de xestión contable da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Dende un punto de vista transversal, a plataforma tecnolóxica empregada pola Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica precisa da modernización da seus elementos para poder seguir prestando os servizos á cidadanía e administración cos parámetros de calidade necesarios. No ano 2025 continuarase coa actualización da infraestrutura tecnolóxica de base dos principais sistemas de información da consellería, e avanzarase na evolución tecnolóxica dos sistemas existentes así como no desenvolvemento dos novos sistemas empregando os estándares de desenvolvemento e calidade da Amtega.

Con respecto ás telecomunicacións, continuarase coa mellora na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa.

A evolución tecnolóxica do equipamento continuará coa ampliación e mellora da infraestrutura de almacenamento e sistemas de backup para asegurar a capacidade de gardado e recuperación de datos, optimizando a seguridade e a continuidade dos servizos, así como coa mellora na conectividade e xestión de servizos cloud, facilitando a escalabilidade e a interoperabilidade con provedores hiperescalares e garantindo unha interconexión segura e eficiente.

O Regulamento Xeral de Protección de Datos europeo (RXPd), Regulamento UE 2016/679, introduciu unha serie de importantes cambios no relativo á protección de datos persoais, que a Amtega debe promover no ámbito da Xunta de Galicia. Durante o ano 2025 están previstas unha serie de actuacións encamiñadas a dar cumprimento a este regulamento, que garanten a confidencialidade, autenticidade, integridade e dispoñibilidade da información sensible da cidadanía e das empresas que as administracións públicas e empresas teñen almacenada nos seus sistemas de información. Así mesmo, garantirá o bo funcionamento dos servizos ofrecidos pola Xunta de Galicia, acadando unha protección avanzada, sendo capaces de anticipar, detectar e resistir ciberataques.

Entre as actuacións previstas podemos destacar a progresiva adecuación técnica ao RXPd e ao ENS (Esquema Nacional de Seguridade) dos sistemas de información, o servizo de apoio aos Delegados de Protección de Datos, así como o impulso da formación e concienciación en seguridade da información.

Como novidades máis relevantes para o ano 2025 cómpre destacar a continuidade da execución da obra do edificio que albergará o Centro de ciberseguridade de Galicia e tamén a execución de contratos derivados do novo acordo marco de servizos de ciberseguridade (licitado en 2024), que permitirán dar continuidade á prestación de servizos de ciberseguridade no ámbito da administración local. Tamén se executarán os convenios de colaboración no ámbito do programa RETECH ciberseguridade (convenio con centros tecnolóxicos para posta en marcha de rede de laboratorios e convenio con Educación para formación en ciberseguridade no ámbito da FP), ademais de realizar a licitación do laboratorio /centro demostrador transversal que estará no CECIGA.

No ámbito da sociedade dixital, manteranse as iniciativas que se están a levar a cabo e lanzaranse outras orientadas aos colectivos obxectivo, aqueles nos que a fenda dixital é máis evidente: no ámbito empresarial ás pemes, micropemes e autónomos, e no ámbito da cidadanía, facendo foco nos colectivos en risco de exclusión dixital, intensificando a atención adicada ás persoas maiores, mulleres e poboación asentada no rural.

Os obxectivos estratéxicos seguen sendo dotar ao conxunto da cidadanía dos medios, a conectividade e a capacitación dixital necesaria e impulsar un ecosistema de transformación dixital

no tecido empresarial galego a través da introdución de solucións avanzadas. As actuacións máis relevantes son as seguintes:

- No eido da conectividade, resaltamos que é o Goberno de España o que conta cos principais fondos europeos para continuar coa extensión de redes de moi alta velocidade no territorio do Estado e, por conseguinte, en Galicia. Neste senso, o Goberno central aprobou a finais de 2020 o novo Plan para a Conectividade e as Infraestruturas Dixitais da Sociedade, a Economía e os Territorios, así como a Estratexia de impulso ao desenvolvemento da tecnoloxía 5G. Con estes mecanismos, o Goberno de España pretende acadar os novos obxectivos 2025 establecidos por Europa, entre os que se atopa: acadar ao 100% da poboación con cobertura de 100Mbps, dotar de 1Gbps ao principais motores socioeconómicos, estender as novas redes 5G en vías de transporte e cidades. A AMTEGA fará un seguimento dos principais indicadores de cumprimento. A pesar do anterior, o Goberno galego, consciente da importancia dos servizos de comunicacións en mobilidade, seguirá traballando, de xeito complementario e paliativo ao Goberno de España, ao longo do ano 2025 nunha mellora de cobertura móbil en zonas con deficiencias do rural. Trala aprobación por parte da Comisión Europea en decembro de 2021, concedeuse a Vodafone una subvención para o despregamento de redes móbiles por un importe de 3,7 millóns de euros. Esta rede móbil que se vai despregar no período 2022-2025 dotará de cobertura a 290 entidades de poboación de 65 concellos galegos, que contan con máis de 7.000 habitantes.
- Actuacións para a incorporación das TIC nas pequenas e medianas empresas de Galicia, xunto co impulso do uso de servizos dixitais por parte de todos os sectores produtivos, a través da continuidade do programa de apoio á transformación dixital das pemes, reposicionado como ReactivaTEC.
- Actuacións enfocadas a impulsar e potenciar ao sector TIC galego.
- Proseguirase co desenvolvemento das actuacións de inclusión, alfabetización, capacitación e talento dixital recollidas no novo Plan Digitalent 2030 co obxectivo de converter á sociedade galega nunha "Comunidade Dixital" e en liña coa Estratexia Galicia Digital 2030 que marca como obxectivo asegurar que a cidadanía conta coas capacidades dixitais básicas para participar de forma efectiva no novo contexto dixital, propiciando unha mellor calidade de vida, a creación de oportunidades de emprego e a redución das fendas de participación existentes, en especial entre os colectivos máis vulnerables.

No ano 2025, no seo do Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT deseñado co fin de transformala e facela evolucionar para dar resposta aos novos tempos coa disposición de centros de referencia tecnolóxica e que impacten en todo o territorio con actuacións de alfabetización, capacitación e talento dixital, continuará coas seguintes iniciativas:

- A dotación de equipamento tecnolóxico innovador e a renovación do equipamento de base.

- Continuación de novos servizos de formación e capacitación dixital aliñados co Marco Galego de competencias dixitais, que contribuirán a lograr o obxectivo marcado polo Compoñente 19.II do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- A ampliación de servizos de inclusión dixital no rural contará cun servizo de aula móbil itinerante.
- Unha quinta liña focalizará o seu esforzo na integración, soporte e mantemento dos servizos dixitais para o fomento da inclusión e capacitación dixital.

Estas cinco liñas de traballo serven de apoio ao desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais, regulado polo Decreto 123/2021, do 2 de setembro, un labor que dá continuidade ao traballo iniciado en 2022 e que conta coa Rede de aulas CeMIT e os seus profesionais como aliados clave para lograr os seus obxectivos. Así, poranse en marcha e deseñaranse plans de capacitación e certificación para a cidadanía e o persoal empregado público, así como sistemas e ferramentas que permitan xestionar esta capacitación.

- Durante o 2025 o centro GaiásTech seguirá a prestar os servizos necesarios para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e startups, a ser máis competitivos.
- Despois do éxito acadado pola Guía de Boas Prácticas elaborada en 2022, continuarase co desenvolvemento de actuacións para o fomento e difusión do Software Libre no sector empresarial, a cidadanía e a propia administración pública, a través do novo Plan de Software Libre de 2025, en colaboración cos diferentes axentes do tecido do sector en Galicia.
- Trala posta en marcha do ecosistema GobTech, durante o 2025 traballarase no desenvolvemento das actuacións contempladas no seo do acordo marco para o impulso de tecnoloxías avanzadas no sector público, perseguindo fomentar o liderado da administración na adopción de tecnoloxías dixitais innovadoras.

A innovación tecnolóxica ten un papel chave á hora de mellorar o desenvolvemento económico, facilitar a inclusión social e permitir unha mellor protección do medio ambiente. Neste senso, continuarase co desenvolvemento da Estratexia Galicia Dixital 2030 para aproveitar o potencial dixital para responder aos novos retos globais co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos contribuíndo ao aumento da calidade de vida na comunidade e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medioambiental. Con esta nova folla de ruta para a vindeira década refórzase o compromiso e aposta pola transformación dixital adquirido en 2009, e que se foi renovando e reforzando cos diferentes obxectivos marcados nas dúas Axendas Dixitais de Galicia.

No marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial, traballarase no deseño e posta en marcha da Oficina de Intelixencia Artificial de Galicia, elemento clave no modelo de goberno establecido polo goberno galego para o desenvolvemento e impulso desta tecnoloxía en Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A pesar de que as actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto (cidadanía en xeral, administracións públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), o mesmo ten tamén un impacto positivo na redución da fenda dixital de xénero existente na actualidade. Ao longo de 2024, conseguíuse eliminar a fenda dixital de xénero pois as mulleres empregan máis e mellor, as ferramentas e coñecementos tecnolóxicos.

O Plan para o impulso da Inclusión e Talento Dixital incluído no presente programa, aínda que non dirixido unicamente a mulleres, si seguirá mantendo un impacto positivo dende a perspectiva de xénero na medida en que contribúe á redución da fenda dixital e a facilitar o acceso á sociedade da información daqueles colectivos máis desfavorecidos (persoas con discapacidade, mulleres, persoas maiores...).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Realización de actividades formativas, de sensibilización e de capacitación co apoio do voluntariado dixital e os aliados dixitais do Plan para a Inclusión e Talento Dixital de Galicia, destinadas á alfabetización dixital, redución da fenda dixital e a facilitar o acceso á sociedade da información daqueles colectivos máis desfavorecidos (persoas con discapacidade, mulleres, persoas maiores...), así como a mellorar a súa calidade de vida e empregabilidade a través da capacitación dixital e a espertar as vocacións tecnolóxicas desde idades temperás e a potenciar a presenza da muller no eido dixital.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

A priori, as actuacións enmarcadas no Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento destínanse a toda a cidadanía, pero permitirán mellorar a incorporación das mulleres e dos homes á sociedade dixital e mellorar a súa calidade de vida e empregabilidade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO

No marco do Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento continuouse reducindo a fenda existente entre homes e mulleres no acceso á sociedade da información.

No que se refire ás liñas de traballo creadas para a formación en Competencias Dixitais, tamén será fundamental o papel dos centros para acadar que o 70% dos galegos e galegas teña, polo menos, competencias dixitais básicas, o 50% deles mulleres, segundo establece a Estratexia Galicia Dixital 2030.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

Na análise previa para a definición do Plan DigiTalent, para o fomento das vocacións tecnolóxicas e novos perfís dixitais, tívose especialmente en conta a perspectiva de xénero, tanto na presenza actual das mulleres nas carreiras do ámbito STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) como no ámbito profesional, adoptándose iniciativas tendentes a reducir a fenda de xénero identificada.

Así cabe salientar:

Ante a demanda e os bos resultados acadados en anteriores edicións polo programa 'GIRL STEAM: demubando estereotipos', prevese a continuidade desta iniciativa, unha actividade desenvolvida ao abeiro do Convenio de Colaboración asinado entre o Colexio Profesional de Enxeñeiros Técnicos en Informática e a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modemi-

zación Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e enmarcado no Plan de Promoción do Talento Dixital da Amtega, que busca reducir a fenda de xénero que existe entre mulleres e homes nos estudos nos campos STEAM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería, Artes e Matemáticas).

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

III.1.5. PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

Este programa inclúe as actividades do Instituto Galego de Estatística (IGE) e das conselleiras, a través dos seus órganos estatísticos sectoriais (OES), encadradas nos programas estatísticos anuais (PEA), que desenvolven o Plan Galego de Estatística (PGE 2022-2026).

O obxectivo do plan é desenvolver e consolidar o sistema estatístico e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que contribúa ao coñecemento e á análise da realidade, ao tempo que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns, axeitándose aos criterios de economía e uso das fontes existentes, minimizando as molestias aos cidadáns e garantindo o segredo estatístico.

Este obxectivo central concrétase nos informativos, instrumentais e de calidade, que se satisfán coas actuacións relacionadas e descritas nos programas anuais.

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Crear, organizar e difundir coñecemento estatístico acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns.

Contribuír a estruturar e desenvolver a organización estatística, potenciando a coordinación e a colaboración institucional coas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, estatais, europeas e internacionais, relacionadas coa estatística.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Crear, organizar e difundir coñecemento estatístico acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns.

Contribuír a estruturar e desenvolver a organización estatística, potenciando a coordinación e a colaboración institucional coas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, estatais, europeas e internacionais, relacionadas coa estatística.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Fornecedores de datos (fogares e empresas, fundamentalmente) e calquera que utilice a información estatística (cidadanía, persoal investigador, administracións públicas e universidades; Xunta de Galicia, Parlamento de Galicia e demais órganos estatutarios).

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O PEA 2025, vencellado con este programa orzamentario, será o cuarto do PGE 2022-2026, aprobado por Lei 16/2021, do 20 de decembro.

Para avaliar este plan, o sexto da comunidade autónoma (1998/2001, 2002/2006, 2007/2011, 2012/2016, 2017/2021 e 2022/2026), cómpre medir os resultados de cada un dos seus cinco programas. Os indicadores básicos elixidos reflicten a execución das actividades programadas, a puntualidade na difusión, a oportunidade dos datos e a satisfacción das metas de información. Pendente de executar o PEA 2024, o cadro seguinte recolle os resultados dos sete anteriores e os obxectivos para 2024.

IGE E DEPARTAMENTOS DA XUNTA	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021	PEA 2022	PEA 2023	OBXECTIVOS PEA 2024
Execución operacións e actividades	89%	97%	98%	98%	93%	90%	87%	93%
Execución operacións novas	90%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Cumprimento calendario difusión	69%	72%	66%	70%	75%	72%	73%	75%

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal que ampara o Programa 581A queda establecido na seguinte lexislación:

- Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, modificada polas leis 7/1993, do 24 de maio, 10/2001, do 17 de setembro, 16/2006, do 27 de decembro e 8/2011, do 9 de novembro.

- Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan Galego de Estatística 2022-2026.
- Decreto 173/2007, do 30 de agosto, polo que se establece a forma de designar aos membros do Consello Galego de Estatística (CGE).
- Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o procedemento de designación.
- Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.
- O IGE e os OES executan os programas estatísticos anuais aprobados por decreto, logo do informe do CGE.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O PEA 2025, vencellado co programa orzamentario 581A, recollerá e describirá as actividades que darán cumprimento aos obxectivos do PGE 2022-2026, en particular, aos informativos plasmados nas súas metas. No PEA 2025 tamén figurarán as relacionadas coas liñas de actuación salientables do Plan.

En relación cos obxectivos instrumentais tentarase implantar unha política de formación profesional continua para o persoal estatístico e intensificarase o uso estatístico das fontes administrativas. Entre os obxectivos de calidade, reforzaranse a transparencia e a accesibilidade das estatísticas cunha mellora da web para reforzar a súa seguridade e desenvolver aplicacións de consulta do seu banco de datos territorial.

A consideración das perspectivas de xénero e idade tamén será unha obriga da organización estatística.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Segundo a Lei 16/2021, do 20 de decembro, do PGE 2022-2026, as estatísticas programadas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas no PEA 2025 que prevexan datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar) Programa que ten por finalidade xerar información estatística sobre a desigualdade entre mulleres e homes	X

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

1. Elaboración e difusión de "Indicadores de xénero".
 - Orzamento: 0€.
 - Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral.
2. Elaboración e difusión de "A realidade da muller galega".
 - Orzamento: 0€.
 - Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral.
3. Elaboración e difusión da "Estatística de violencia de xénero".
 - Orzamento: 0€.
 - Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

O Informe de seguimento do PEA 2023 aprobado polo Consello Galego de Estatística e remitido ao Parlamento, contempla os resultados das actividades directamente relacionadas coa perspectiva de xénero do apartado anterior:

1. Elaboración e difusión de "Indicadores de xénero".
 - Execución: 100%.
2. Elaboración e difusión de "A realidade da muller galega".
 - Execución: 100%.
3. Elaboración e difusión da "Estatística de violencia de xénero".
 - Execución: 100%.

Con respecto ao obxectivo xeral de considerarmos a perspectiva de xénero en todas as estatísticas que prevexan datos sobre persoas físicas, o Informe de avaliación do PGE 2012-2016 inclúe un anexo específico e indicadores de cobertura de cada actuación programada. A estimación media é que se cumpre no 81% das operacións e no 65% das variables difundidas e potencialmente desagregables por sexo. No próximo informe de avaliación do PGE 2017-2021 calcularanse estes indicadores.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Estatística

III.1.6. PROGRAMA 611A - DIRECCIÓN E XERVIZOS XERAIS DE FACENDA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa de gasto atende as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos que, por non ter orzamento singularizado para o desenvolvemento da totalidade das súas funcións, precisan do apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As actividades céntranse na dirección, coordinación e xestión nas áreas de actividade competencia da consellería, e mais en concreto:

- Na preparación, licitación e adxudicación dos expedientes de contratación pública competencia da consellería.
- Na xestión e administración dos recursos económicos da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro.
- Na xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais.
- No control dos convenios e protocolos nos que sexa parte a consellería.
- Na emisión de informes sobre os anteproxectos de lei e proxectos de regulamentos da consellería.

O marco de vida económica e social galega é a referencia na que o CES desenvolve a súa actividade. Entre as súas funcións asignadas pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o CES, o artigo 5 destaca a elaboración de ditames, informes ou estudos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Todas as prestacións e servizos desenvoltoos por este organismo teñen un ámbito de actuación que afectan a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación actual encádrase dentro do fomento da e-administración, incrementando a informatización dos procesos administrativos, sobre todo naqueles que incidan dunha forma máis directa nas relacións coa cidadanía. Así mesmo, estanse a incorporar novas funcionalidades nos sistemas horizontais da Consellería de Facenda e Administración Pública que permitan incrementar as medidas de control económico-financeiro como medio necesario para acadar os obxectivos de austeridade e disciplina orzamentaria.

O Consello Económico e Social de Galicia créase como ente consultivo da Xunta de Galicia en materia socio-económica en aplicación do previsto no artigo 9.2º da Constitución española e nos artigos 4.2º e 55.4º do Estatuto de autonomía de Galicia, co obxecto de facilitar a participación de todas/os galegas/os na vida política, económica, social e cultural.

Por outra parte, o Consello Económico e Social responde tamén á aspiración dos axentes económicos e sociais de que se atendan as súas opinións e propostas, no proceso de adopción de decisións pola Xunta de Galicia, e á pretensión desta de centralizar a participación social para tales efectos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, así como no resto da normativa aplicable ás diferentes actividades incluídas no programa.

O marco regulamentario que ampara as actuacións deste programa, no relativo ao CES é o seguinte:

- Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.

- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é a de atender e xestionar os gastos dos servizos centrais da Consellería de Facenda e Administración Pública, coordinando os diferentes servizos tanto no que respecta a medios humanos como materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

Con respecto ao CES, a finalidade é facer efectiva a participación dos distintos axentes na política social e económica de Galicia. Responde así o seu espírito á lexítima aspiración da sociedade civil organizada, de que as súas opinións sexan escoitadas e os seus traballos tidos en conta á hora de adoptar decisións que afecten aos seus intereses por parte do Goberno galego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Consello Económico e Social de Galicia

Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro

III.1.7. PROGRAMA 612A - PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Elaboración e seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma:

1. Elaboración do proxecto anual de orzamentos xerais da comunidade autónoma e xestionar as modificacións precisas para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan Estratéxico e na normativa de estabilidade orzamentaria.
2. Análise e seguimento da execución do orzamento de ingresos, con especial atención ao sistema de financiamento autonómico e ao financiamento finalista doutras administracións.
3. Seguimento da execución dos programas de gasto orzamentados e do equilibrio orzamentario, no eido dun sistema de orzamentación encamiñado a resultados.
4. Información sobre calquera iniciativa lexislativa ou norma de rango regulamentario, plans ou programas de actuación, co fin de valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento das esixencias do principio de estabilidade orzamentaria, tendo en conta os escenarios financeiros da comunidade autónoma.
5. Seguimento e soporte da execución financeira do Sergas.
6. Mantemento e seguimento dos obxectivos estratéxicos e operativos de cada programa de gastos.
7. Orzamentación, seguimento e proposta de racionalización dos gastos de persoal, tanto na Administración xeral coma na instrumental co obxectivo de optimización dos recursos existentes, garantindo unha consolidación do gasto de persoal axustada á capacidade financeira da comunidade autónoma e en consonancia co acordo marco sobre sustentabilidade das finanzas públicas.
8. Programación, seguimento, inspección, avaliación, estudos e comunicación dos fondos estruturais FEDER, FSE e POEJ Galicia 2014-2020 e dos programas do Fondo de Transición Xusta (FTX), FEDER e FSE+ Galicia 2021-2027 e FSE + BASICO plurirrexional do período 2021-2027.
9. Análise dos obxectivos e actuacións das entidades que integren o sector público autonómico, da súa coherencia coas políticas de gasto e avaliación da súa incidencia financeira.

10. Seguimento e avaliación dos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Incrementar a eficacia e a eficiencia nos procedementos de coordinación de axudas públicas e da programación, xestión e seguimento dos programas europeos da política rexional comunitaria.

Deseñar un marco orzamentario que de soporte financeiro ás políticas estratéxicas de gasto da comunidade autónoma e garanta a sustentabilidade das finanzas públicas.

Realizar un seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma consonte a lei aprobada polo Parlamento e os obxectivos de estabilidade orzamentaria previamente determinados.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa actúa sobre a elaboración, execución e liquidación dos orzamentos de todo o sector público autonómico.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Un dos principais condicionantes na elaboración dos orzamentos para o ano 2025 é o retorno ás regras fiscais cun novo modelo de gobernanza, centrado na sustentabilidade da débeda a medio prazo, derivado da aprobación por parte da Comisión Europea de dous regulamentos nos que se actualiza a normativa relativa aos marcos orzamentarios plurianuais e á determinación do procedemento de déficit excesivo, publicados o pasado 30 de abril.

Trátase dun conxunto de regras que se deben cumprir a nivel de Estado, polo que terán impacto na capacidade de gasto e de déficit, e por tanto, nas contas públicas polo xeral, se ben esta normativa non ten sido aínda adaptada a nivel xeral, nin tan sequera se coñece como aplicará estas normas o Ministerio de Facenda entre os diferentes niveis de administración territorial. A falta de información ao respecto engade novas incertezas, que se engaden ás habituais na elaboración dos orzamentos.

Outro dos elementos que hai que ter en consideración na elaboración dos orzamentos do vindeiro ano é a programación e execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (BOE núm. 103, do 30 de abril) que establece os principios reitores que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público, orientada cara a estabilidade e a sustentabilidade como garante dun crecemento económico sostible, e da creación de emprego.
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG).
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.
- Normativa de aplicación aos fondos estruturais e PEG 2022-2030.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	X

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

En relación á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a DX de Cohesión e Fondos Europeos presenta unha tipoloxía de actividades de carácter "indirecto", é dicir, que non inflúen directamente en ningún colectivo de mulleres ou homes, nin asociacións ou outras entidades. As actuacións deste órgano en relación da promoción da igualdade, presentan resultados xerais no ámbito da xestión de fondos estruturais.

Así, a DX de Cohesión e Fondos Europeos leva a cabo a tarefa de coordinación e impulso da promoción da igualdade en todas as fases de xestión dos programas operativos FEDER e FSE de Galicia 2014-2020 e FEDER e FSE+ Galicia 2021-2027, en calidade de Organismo Intermedio en delegación da Autoridade de xestión do citado programa; así, este centro directivo conta con representación e participación activa na Rede de Políticas de Igualdade entre Mulleres e Homes nos Fondos Comunitarios Coordinada polo Instituto das Mulleres do Ministerio de Igualdade, que aglutina a todos os axentes implicados na xestión de fondos EIE e os organismos con competencias en materia de igualdade e actúa como foro de intercambio de información, experiencias e capacitación para fomentar a incorporación da perspectiva de xénero nos diferentes ámbitos de intervención dos fondos EIE.

Por outra banda, a DX de Cohesión e Fondos Europeos ven de aplicar determinadas medidas de “discriminación positiva” para empresas cun maior desenvolvemento en materia de igualdade, para os casos de empate. Concretamente:

Nas cláusulas administrativas dos pregos dos procedementos de contratación especifícase que, no caso de persistir empate de proposicións, logo de aplicar o recuento de persoal con discapacidade, resolverase para aquela empresa que acredite obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade conforme ao artigo 75 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Por outra banda, no que respecta a rexímenes de axuda nos que a contratación de persoal ten un peso relevante, en particular no eido dos proxectos de I+D+i, foméntase a valoración do equilibrio de xénero na composición do equipo investigador.

No ámbito do Plan Estratéxico de Galicia realízase o seguimento e avaliación do principio horizontal de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres o do obxectivo estratéxico correspondente.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico

Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos

III.1.8. PROGRAMA 621A - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DO CONTROL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Inclúense neste programa as actuacións en materia financeira, tributaria, patrimonial e de control.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A planificación, control e xestión do programa de endebedamento da comunidade autónoma, a correcta xestión dos tributos propios e cedidos, a xestión do patrimonio da comunidade autónoma e o control da actividade económico-financeira.

O Programa atopa o seu fundamento na aplicación efectiva dos tributos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia a través de procedementos que redunden na eficacia e na eficiencia na recadación dos ingresos públicos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación dos mercados financeiros que nos últimos anos dificultaron o acceso ao financiamento para as comunidades autónomas, tanto nos mercados de capitais como nos mercados de crédito.

Nun marco recesivo a diminución de ingresos, en especial en autoliquidacións, fai necesario poñer o énfase na optimización dos medios materiais e humanos para manter a recadación, en especial a través de actuacións de investigación e comprobación.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

- En materia de endebedamento e tutela financeira das entidades locais: a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como os acordos adoptados no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira das CCAA, que determinan a súa capacidade de endebedamento. No ámbito da normativa galega, o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia establece no seu Título II o réxime básico ao que haberán de axustarse as operacións de endebedamento que efectúe a comunidade autónoma.
- O programa desenvólvese dentro do ámbito marcado pola normativa en materia de política financeira: o Real Decreto-lei 3/2020, no ámbito dos seguros privados, a Lei 20/2015 de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como os acordos adoptados no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas en materia de endebedamento.
- Axencia Tributaria Galega (Atriga) creada ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para realizar as funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei.
- O Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.
- A Orde do 19 de decembro de 2012 de inicio das actividades da Axencia Tributaria de Galicia.
- A Orde do 20 de decembro de 2012 pola que se establece a organización e se atribúen determinadas funcións no ámbito de competencias das áreas de Xestión e de Colaboración Social, Información e Asistencia da Axencia Tributaria de Galicia.
- A Orde do 20 de decembro de 2012 pola que se organiza e se atribúen funcións á Inspección de Tributos no ámbito de competencias da Área de Inspección Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dende o punto de vista das competencias en materia financeira, a finalidade do programa é a seguinte:

- A planificación do endebedamento da comunidade autónoma.
- O desenvolvemento normativo e execución en materia de mediación de seguros.
- A tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
- A ordenación de pagamentos e xestión de cobros

Dende o punto de vista das competencias tributarias, o control da aplicación dos tributos e ingresos xestionados pola Atriga coas seguintes accións:

- A análise e deseño da política global de ingresos públicos, e elaboración da súa normativa no relativo aos tributos cedidos polo Estado á comunidade autónoma e aos tributos propios e prezos que esta estableza.
- As accións de mellora da eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal.
- As accións de mellora na información e asistencia ao contribuínte.
- O impulso da administración electrónica.
- O impulso e a coordinación das relacións de colaboración en materia tributaria con outras administracións públicas.
- O apoio ás actuacións da Xunta Superior de Facenda.

Atendendo ás competencias en materia patrimonial e de control, as finalidades do programa e as actuacións para a súa consecución son as seguintes:

- Coordinar e xestionar a contabilidade orzamentaria, financeira e patrimonial da comunidade autónoma.
- Levar a cabo o control interno da actividade económico-financeira.
- Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, e auditoría dos expedientes de gasto.
- Auditar e controlar os distintos programas de gasto e especialmente as actuacións con fondos comunitarios e as axudas públicas financiadas con fondos non comunitarios, para gañar en eficiencia.
- Levar a cabo o control financeiro permanente e as auditorías das entidades do sector público dentro dunha programación plurianual.
- Buscar unha maior eficiencia na utilización do patrimonio inmobiliario e no gasto en aluguer (xestión patrimonial).

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro

Axencia Tributaria de Galicia

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 122A AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA		
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza		
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)		
0001 - Accións para o aumento da eficiencia das administracións públicas (modernización administrativa e mellora na calidade da xestión e avaliación administrativa).		
Programa: 122B FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C.A.		
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza		
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Optimización dos recursos humanos. Unha administración que xestiona o seu persoal apostando pola innovación, o talento, a formación continua e adaptada estruturalmente aos novos retos Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)		
0001 - Accións formativas para os empregados e empregadas públicas.		
	Indicador	Valor Previsto
	P240.H - Persoal público participante nas actividades de formación (Homes)	40.173
	P240.M - Persoal público participante nas actividades de formación (Mulleres)	90.757
Programa: 124A DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA		
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza		
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Optimización dos recursos humanos. Unha administración que xestiona o seu persoal apostando pola innovación, o talento, a formación continua e adaptada estruturalmente aos novos retos Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)		
Programa: 131A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA		
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento		
Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
0005 - Dixitalización no eido xudicial: consolidación do Expediente Xudicial Electrónico, aumento da dixitalización dos procedementos xudiciais e os medios dixitais para os profesionais, desenvolvemento de novos servizos para a cidadanía e garantía da interoperabilidade con outros territorios e administracións.		
	Indicador	Valor Previsto
	DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica	5.000
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Impulsar o crecemento do ecosistema dixital, a través da innovación e a especialización tecnolóxica, favorecendo a adopción de tecnoloxías avanzadas que dean resposta aos retos de futuro Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental		
0007 - Xestión en materia de ciberseguridade para a prestación de servizos ás administracións públicas, empresas e cidadanía. Realización de accións de capacitación e fomento do talento en ciberseguridade, concienciación e difusión en materia de ciberseguridade; posta en marcha do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia; establecemento dunha rede de laboratorios e centros demostradores en ciberseguridade.		
Programa: 311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL		
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento		

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) O012 - Transformación dixital dos procedementos vinculados á xestión dos servizos sociais promovendo o traballo en rede entre os distintos sistemas e entidades implicadas cos servizos relacionados co benestar social e asistenciais.	
Indicador	Valor Previsto
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	20.000
Programa: 421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) O010 - Dixitalización no eido da educación: fomento da ensinanza dixital e modelos híbridos; creación de contido dixital; mellora da capacitación dixital e tecnolóxica do alumnado e do profesorado;	
Indicador	Valor Previsto
DOE015 - Poboación escolar que esta cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos	204.547
Programa: 571A FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) OI03 - Transferencias internas O002 - Impulso á dixitalización dos servizos públicos nos diferentes ámbitos sectoriais mediante a aplicación de solucións innovadoras, que permitan mellorar a súa calidade, seguridade, eficiencia e eficacia. O003 - Avance na xestión intelixente dos datos públicos para mellorar a toma de decisións, a participación cidadá e fomentar un modelo de goberno aberto. O004 - Mellora da accesibilidade aos servizos públicos dixitais por parte da cidadanía. O006 - Evolución cara un modelo intelixente de posto de traballo do empregado público que propicie a mobilidade e o teletraballo, capacitación dixital do empregado público nese novo modelo e desenvolvemento do expediente dixital do empregado público. O007 - Reforzo da calidade e seguridade das infraestruturas dixitais e de telecomunicacións da Administración. O008 - Posta en marcha dun novo Data Center para asegurar a dispoñibilidade de servizos e maximizar a súa seguridade.	
Indicador	Valor Previsto
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	2.210.000
DE024A - Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación	1
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no novo contexto dixital	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O002 - Difusión e desenvolvemento de formación en competencias dixitais considerando especialmente ás persoas maiores, atendendo á perspectiva de xénero e buscando chegar aos profesionais de todos os sectores económicos. O003 - Aplicación do Marco Galego de Competencias Dixitais para que a cidadanía poida acreditar os seus coñecementos dixitais e mellorar ou actualizar as súas competencias neste eido.	
Indicador	Valor Previsto
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	243.000

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Impulsar a economía dixital cara a un territorio intelixente, máis sostible e conectado, promovendo a innovación tecnolóxica no aproveitamento e preservación dos recursos naturais e impulsando a mobilidade intelixente así como os novos modelos para a dinamización do noso patrimonio e a produción cultural

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0009 - Apoio ao despregamento de infraestruturas para dotar de conectividade a todos os cidadáns e empresas a través de: plans para a mellora de cobertura de redes; o impulso da cobertura de redes 4G e 5G, con foco nas zonas máis rurais e illadas; bonos dixitais para colectivos vulnerables; adaptación das infraestruturas para telecomunicacións en edificios.

0010 - Xeración dun ecosistema dixital de apoio á mobilidade seguro e respectuoso co medio ambiente, poñendo especial atención nas actuacións definidas no eido do plan e-Mobility.

0012 - Adopción das tecnoloxías dixitais para a posta en valor dos activos patrimoniais e culturais (incluídas as industrias culturais e creativas).

0013 - Desenvolver e implantar o Plan de Smart Turismo de Galicia facendo foco na incorporación de tecnoloxías avanzadas e utilización do dato para a promoción de Galicia como destino seguro.

Indicador

Valor Previsto

DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica 30

DE024A - Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación 19

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Impulsar o crecemento do ecosistema dixital, a través da innovación e a especialización tecnolóxica, favorecendo a adopción de tecnoloxías avanzadas que dean resposta aos retos de futuro

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

0001 - Prestación de servizos de demostración e experimentación dixital a través do centro GaiásTech.

0002 - Actuacións para o fomento da modernización e innovación tecnolóxica, fomentando o emprego das TICs en sectores estratéxicos e empresas, especialmente PEMES

0007 - Xestión en materia de ciberseguridade para a prestación de servizos ás administracións públicas, empresas e cidadanía. Realización de accións de capacitación e fomento do talento en ciberseguridade, concienciación e difusión en materia de ciberseguridade; posta en marcha do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia; establecemento dunha de rede de laboratorios e centros demostradores en ciberseguridade.

Indicador

Valor Previsto

DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica 2.210.000

DE024A - Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación 500

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0003 - Articulación dixital do territorio.

Programa: 581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza

Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunda nunha atención eficiente e de calidade

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

0002 - Impulso da estatística oficial a través das operacións estatísticas.

Programa: 611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0002 - Impulso á dixitalización dos servizos públicos nos diferentes ámbitos sectoriais mediante a aplicación de solucións innovadoras, que permitan mellorar a súa calidade, seguridade, eficiencia e eficacia. 0004 - Mellora da accesibilidade aos servizos públicos dixitais por parte da cidadanía.	
Indicador	Valor Previsto
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica	10.400
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0003 - Modernización, adaptación e mellora das infraestruturas sobre as que se prestan os servizos públicos (incluídas novas instalacións e equipamentos) Prioridade de Actuación: PA02 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Proseguir na mellora da eficiencia das administracións públicas e administrar os recursos públicos de forma eficaz e eficiente, mediante uns servizos públicos sostibles	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0001 - Garantir a tramitación telemática de todos os expedientes e trámites coa administración autonómica. 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Programa: 612A PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA02 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Mantemento dos niveis máis baixos de débeda de entre as CCAA. Estabilidade e competitividade das finanzas públicas que favorezan un custe moderado do servizo da débeda e un clima favorable ao investimento en Galicia	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0002 - Reforzar as tarefas de planificación da Xunta e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais. 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Programa: 621A ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0006 - Desenvolvemento de auditorias e controis internos Prioridade de Actuación: PA02 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Mantemento dos niveis máis baixos de débeda de entre as CCAA. Estabilidade e competitividade das finanzas públicas que favorezan un custe moderado do servizo da débeda e un clima favorable ao investimento en Galicia	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Reforzar as tarefas de planificación da Xunta e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais. Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Sistema tributario competitivo e xusto, que apoia a os que máis o precisan e incentiva a realización de negocios e proxectos vitais en Galicia	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento) 0002 - Garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé, non en implementar novas normas e requisitos, senón en aplicar con contundencia as xa existentes.. 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	05	06
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	90				3.010	
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública				5.008		
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	5.317					
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	1.323	1.999	5.298			
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	2.190					9.816
Total	8.918	1.999	5.298	5.008	3.010	9.816

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos					
	80	81	A1	A2	B1	Total
122A-Avaliación e calidade da Administración pública						3.099
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.		5.068				5.068
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública						5.008
131A-Administración de xustiza			9.137			9.137
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social			10.704			10.704
421A-Dirección e servizos xerais de educación			8.479			8.479
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento			151.949			151.949
581A-Elaboración e difusión estatística	5.474					5.474
611A-Dirección e servizos xerais de facenda			10.632		1.153	17.102
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica						8.620
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control				20.407		32.412
Total	5.474	5.068	190.901	20.407	1.153	257.052

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	3.010			90		3.099
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.	1.519	2.314	700	535		5.068
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública	5.008					5.008
131A-Administración de xustiza		366		8.771		9.137
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social				10.704		10.704
421A-Dirección e servizos xerais de educación		3.289		5.190		8.479
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	21.426	12.100	1.491	115.396	1.536	151.949
581A-Elaboración e difusión estatística	3.689	409		1.376		5.474
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	4.974	1.180	194	10.754		17.102
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	7.298			1.312	11	8.620
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	27.915	3.307		1.191		32.412
Total	74.837	22.965	2.386	155.318	1.547	257.052

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOIRO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.590	5.725	2,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	760	791	4,1
Cap. III - Gastos financeiros	3	0	-100,0
Cap. IV - Transferencias correntes	42	14	-66,7
Cap. VI - Investimentos reais	2.391	2.378	-0,5
Cap. VII - Transferencias de capital	13	11	-16,0
Total	8.799	8.918	1,4

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.910	1.999	4,7
Total	1.910	1.999	4,7

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.102	5.298	3,8
Total	5.102	5.298	3,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.847	5.008	3,3
Total	4.847	5.008	3,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.901	3.010	3,7
Total	2.901	3.010	3,7

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

06 INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	9.451	9.816	3,9
Total	9.451	9.816	3,9

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.559	3.689	3,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	366	409	11,8
Cap. VI - Investimentos reais	1.419	1.376	-3,1
Total	5.345	5.474	2,4

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

81 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.467	1.519	3,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.085	2.314	11,0
Cap. IV - Transferencias correntes	758	700	-7,6
Cap. VI - Investimentos reais	635	535	-15,7
Total	4.945	5.068	2,5

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	20.725	21.426	3,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	16.648	15.914	-4,4
Cap. IV - Transferencias correntes	2.077	1.491	-28,2
Cap. VI - Investimentos reais	133.083	150.533	13,1
Cap. VII - Transferencias de capital	19.089	1.536	-92,0
Total	191.621	190.901	-0,4

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	16.042	16.606	3,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.698	3.307	22,5
Cap. VI - Investimentos reais	290	495	70,7
Total	19.031	20.407	7,2

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

B1 CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	722	743	2,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	230	230	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	175	180	3,0
Total	1.127	1.153	2,3

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO	8.799	8.918	1,4
02 DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO	1.910	1.999	4,7
03 DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS	5.102	5.298	3,8
04 DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL	4.847	5.008	3,3
05 DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO	2.901	3.010	3,7
06 INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	9.451	9.816	3,9
80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	5.345	5.474	2,4
81 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	4.945	5.068	2,5
A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	191.621	190.901	-0,4
A2 AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	19.031	20.407	7,2
B1 CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	1.127	1.153	2,3
Total	255.077	257.052	0,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	29.801	30.856	0	43.982	0	0	0	74.837
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	760	791	0	22.174	0	0	0	22.965
Cap. III - Gastos financeiros	3	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IV - Transferencias correntes	66.207	67.499	0	2.372	0	67.485	0	2.386
OPERACIÓNS CORRENTES	96.771	99.145	0	68.527	0	67.485	0	100.187
Cap. VI - Investimentos reais	2.391	2.378	0	152.939	0	0	0	155.318
Cap. VII - Transferencias de capital	154.528	154.486	0	1.536	0	154.476	0	1.547
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IX - Pasivos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	156.919	156.865	0	154.476	0	154.476	0	156.865
Total	253.690	256.010	0	223.003	0	221.961	0	257.052

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Cons. Facenda e Administración Pública	2025
Altos Cargos	8
Persoal Funcionario	527
Subgrupo A1	199
Subgrupo A2	138
Subgrupo C1	127
Subgrupo C2	59
Agrupacións profesionais	4
Persoal Laboral	9
Grupo I	1
Grupo III	1
Grupo IV	6
Grupo V	1
TOTAL	544

Medios Persoais

Instituto Galego de Estatística	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	55
Subgrupo A1	40
Subgrupo A2	8
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	1
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	9
Grupo I	1
Grupo III	8
TOTAL	65

Medios Persoais

Escola Galega de Administración Pública	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	24
Subgrupo A1	6
Subgrupo A2	3
Subgrupo C1	3
Subgrupo C2	10
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	10
Grupo I	1
Grupo III	3
Grupo IV	5
Grupo V	1
TOTAL	35

Medios Persoais

Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	227
Subgrupo A1	98
Subgrupo A2	48
Subgrupo C1	80
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	171
Grupo I	9
Grupo II	72
Grupo III	75
Grupo IV	13
Grupo V	2
TOTAL	399

Medios Persoais

Axencia Tributaria de Galicia	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	396
Subgrupo A1	96
Subgrupo A2	95
Subgrupo C1	129
Subgrupo C2	68
Agrupacións profesionais	8
Persoal Laboral	9
Grupo III	3
Grupo IV	4
Grupo V	2
TOTAL	406

Medios Persoais

Consello Económico e Social	2025
Altos Cargos	2
Persoal Laboral	10
Grupo I	7
Grupo III	3
TOTAL	12

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autónomo

Sociedades mercantís públicas autónomas	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	12.077	406
Total	12.077	406

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SECCIÓN 11

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, deseñando unha nova estrutura organizativa baseada nos principios de eficacia e economía, que se desenvolve no Decreto 49/2024 do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no que se establece un segundo nivel organizativo, estruturado en distintos órganos superiores e de dirección e en diversas entidades do sector público, coa finalidade de acadar un maior grao de racionalización e eficacia.

O artigo 7 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, establece a estrutura da Consellería Vivenda e Planificación de Infraestruturas, cos seguintes órganos de dirección:

- A Secretaría Xeral Técnica.
- A Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.
- Dirección Xeral de Urbanismo.

Ademais, quedan adscritos á consellería:

- A Axencia Galega de Infraestruturas.
- O Organismo Autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a través da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.
- O xurado de Expropiación de Galicia.
- O ente público, de natureza consorcial, Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, a través da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.
- Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

Esta estrutura é a que se regula de xeito pomenorizado a través do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (DOG nº 101, do 27 de maio).

I.2. COMPETENCIAS

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é o departamento da Xunta de Galicia encargado do desenvolvemento, promoción e coordinación da política en materia de vivenda, urbanismo e planificación de infraestruturas.

A vivenda, a rexeneración urbana e a planificación do territorio constitúen os eixos fundamentais da acción política da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, có fin de impulsar e axilizar a tramitación dos procedementos previstos na normativa autonómica para facilitar o acceso á vivenda, principalmente aos colectivos con maiores dificultades, con especial incidencia na necesidade de potenciar a creación de solo residencial destinado a vivenda protexida e a implantación de programas de axuda, tanto para o acceso á vivenda como para a rehabilitación edificatoria, potenciando a accesibilidade e a eficiencia enerxética do parque residencial existente.

Tamén, a dotación e mantemento dunhas boas infraestruturas de comunicación, érnxense como unha peza importante no crecemento económico, pois, ademais de reducir os desequilibrios espaciais derivados do noso territorio e sistema de asentamentos, deben contribuír a potenciar tanto as actividades económicas como as actividades sociais co fin de mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns.

En definitiva, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas pretende, por una banda, dar resposta ao reto urxente de favorecer a planificación territorial e a execución de vivenda protexida e, por outro lado, contribuír a contar cunhas infraestruturas que permitan artellar axeitadamente o territorio, unindo as nosas cidades e vilas, conformando eixes de comunicación entre o medio urbano e o medio rural de xeito que se facilite o acceso a ámbolos dous, e permitindo unha mobilidade máis sostible e áxil e accesible a todos os cidadáns.

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Secretaría Xeral Técnica da consellería exercerá as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, así como aqueloutras previstas na normativa aplicable ou mesmo as que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería, de acordo coa Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritas a esta consellería; ou as delegadas pola persoa titular da Axencia Galega de Infraestruturas de acordo coa Resolución do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo é o órgano superior da consellería encargado de desenvolver, promocionar e coordinar a política en materia de vivenda, rehabilitación, rexeneración urbana, habitabilidade, urbanismo e planificación territorial dentro da comunidade autónoma, coordinando, para iso, o exercicio das competencias da Dirección Xeral de Urbanismo

e dos entes dependentes, organismo autónomo Instituto Galega da Vivenda e Solo e o ente de natureza consorcial, Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

A Dirección Xeral de Urbanismo, ten encomendadas as funcións inherentes á dirección, planificación, impulso, xestión e coordinación das competencias que, en materia de urbanismo e ordenación do territorio, ten atribuídas a consellería, centrándose principalmente, no impulso dos procedementos previstos pola normativa autonómica para favorecer a implantación das iniciativas en materia de vivenda, baixo os principios de coordinación, cooperación e colaboración interadministrativa, ademais do exercicio das funcións previstas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

O Xurado de Expropiación de Galicia, creado pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, defínese pola actual lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, como un órgano colexiado permanente da comunidade autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a administración expropiante sexa a comunidade autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial, actuando no cumprimento das súas funcións con plena autonomía funcional.

A súa composición foi regulada polo artigo 7.2 da Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e o seu funcionamento regulase polo Decreto 172/2018, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e réxime de funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias da actual competencia da consellería son os seguintes:

- Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfire á Xunta todas as competencias atribuídas á Administración do Estado pola lei sobre réxime do solo, ordenación urbana e disposicións regulamentarias, no que afecte ao ámbito territorial da Xunta. Asumidas e asignadas polo Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, as funcións e servizos son traspasadas polo Real decreto 2424/1982, do 24 de xullo, e asumidas e asignadas polo Decreto 130/1982, do 4 de novembro. Tales competencias comprenden todas as relativas ás ordes normativa, organizativa, resolutiva, consultiva e de calquera outro xénero atribuídas á Administración do Estado polas disposicións vixentes nas citadas materias.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define os organismos autónomos como entidades públicas instrumentais cuxa organización e funcionamento se regulan polo dereito adminis-

trativo, e que se someten a dereito privado só naqueles casos nos que corresponda de acordo coa normativa xeral ou sectorial aplicable.

Adscritos á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, con natureza de organismo autónomo figuran:

O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS)

Organismo autónomo creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, ao que lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia. O IGVS adscríbese á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo exerce as competencias e funcións que a continuación se indican:

- En xeral correspóndenlle as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada.
- O fomento das actuacións de rehabilitación do patrimonio e arquitectónico en materia de vivenda tanto rural como urbana.
- A creación de solo residencial e de equipamentos acorde coas necesidades de asentamento da poboación.

Estas competencias e funcións relacionadas de xeito xenérico son consecuencia de sucesivas transferencias, que de seguido tamén se relacionan:

- Patrimonio arquitectónico, control de calidade na edificación e vivenda: o Real decreto 1926/1985, do 11 de setembro, dispón o traspaso de funcións e servizos na materia. A asunción e asignación lévase a cabo mediante Decreto 230/1985, do 24 de outubro.
- Real decreto 2498/1983, do 20 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda rural. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 152/1983, do 11 de outubro.
- Real decreto 1461/1989, do 1 de decembro, sobre ampliación de medios adscritos ós servizos da administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de patrimonio arquitectónico, control da calidade da edificación e vivenda.

1.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Segundo o disposto no artigo 74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, son axencias públicas autonómicas, aquelas que, para o cumprimento dos programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, se lles encomenda a realización de actividades en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos.

Na Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten esta natureza a:

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, na súa Disposición Adicional Cuarta, outorgou autorización ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á consellería competente en materia de infraestruturas.

En virtude desta autorización, o Decreto 173/2011, do 4 de agosto (DOG nº 1693), modificado polo Decreto 66/2021, do 15 de abril (DOG nº 77 do 26 de abril) procedeu á creación da axencia que asume as competencias atribuídas á Dirección xeral de Infraestruturas e aos servizos de infraestruturas das xefaturas territoriais, órganos que se suprimen, subrogándose o novo ente nos dereitos e obrigas derivados das competencias, dende a súa posta en funcionamento.

Os obxectivos básicos da Axencia Galega de Infraestruturas son impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas: Para tales efectos, correspóndelle á Axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. Ademais, fíxase como obxectivo garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

A axencia poderá, directamente ou a través de sociedades adscritas ou sobre as que teña atribuída a súa tutela funcional, planificar, proxectar, construír, conservar e explotar outras infraestruturas, en virtude das encomendas ou encargos que reciba dos órganos ou entidades competentes.

Precisamente, a través da figura da encomenda, dende fai uns cinco anos a axencia é o encargada de desenvolver as grandes infraestruturas hospitalarias de Galicia, así como outros equipamentos públicos.

O Real decreto polo que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de estradas é o seguinte:

- O Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, modificado polo 2708/1983, do 21 de setembro, traspasa funcións e servizos do Estado en materia de estradas relativas á titularidade e xestión destas, así como as competencias que a Lei de Estradas de 1974 atribúe ao Ministerio de Obras Públicas en relación coas estradas provinciais e municipais. Competencias asumidas e asignadas a esta consellería polo Decreto da Xunta de Galicia 156/1982, do 15 de decembro.

I.2.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

A Lei 9/2002, do 30 de decembro creou a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante APLU) como instrumento fundamental para velar pola utilización racional do solo conforme ó disposto no ordenamento urbanístico, e proceder a súa regulación no seu artigo 226. Esta norma legal derogouse pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que dedica o seu artigo 10 á APLU, definíndoa como un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, así como o desempeño de cantas outras competencias lle asignen as leis e os seus estatutos. Está adscrita organicamente á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

A estrutura orgánica da APLU e a definición das funcións de cada unidade administrativa se estableceron inicialmente no Decreto autonómico 51/2008, do 6 de marzo, que estruturou a APLU do seguinte modo:

- a) Os órganos directivos: Consello Executivo e director/a.
- b) A Subdirección, dependendo directamente da dirección.
- c) As unidades administrativas centrais que, a súa vez, se dividen en dous grupos:
 - Baixo a dependencia da Dirección, o Servizo de Administración e Xestión.
 - Baixo a dependencia da Subdirección, os Servizos de Inspección Urbanística I (A Coruña) II (Pontevedra) e III (Lugo e Ourense), o Servizo de Inspección do Litoral, o Servizo Técnico e o Servizo de Ditames e Informes.
- d) As unidades administrativas provinciais, existindo os Servizos Provinciais en cada unha das provincias da nosa comunidade autónoma.

Este decreto modificouse polo Decreto 451/2009, do 23 de decembro, co obxectivo de introducir a Asesoría Xurídica da APLU, dependente organicamente da Dirección e funcional e xerarquicamente da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Posteriormente o Decreto 101/2013, do 27 de xuño introduciu as seguintes variacións:

- Eliminación dos Servizos de Inspección do Litoral e de Ditames e Informes.
- Atribución ós Servizos Provinciais da APLU da función de elaboración das propostas de incoación de procedementos en materia de disciplina conforme ó disposto na LOUGA e na Lei de costas e a súa remisión á dirección da Axencia, función que ata esta modificación correspondía ós Servizos de Inspección Urbanística.
- Eliminación da función de tramitación das autorizacións na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre atribuída ás unidades administrativas provinciais, ó corresponder agora o seu exercicio á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (actual Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo).

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ten por finalidade esencial velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Correspóndenlle, en todo caso, as seguintes competencias:

- I. As competencias que en materia urbanística lle sexan atribuídas polos seus estatutos. O artigo 3 do Decreto 213/2007 indica que son funcións da APLU as seguintes:
 - a) A inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso do solo.
 - b) A adopción das medidas cautelares previstas na lei urbanística, en especial, as de suspensión dos actos de edificación e uso do solo que se realicen en solo rústico sen a preceptiva autorización autonómica ou incumprindo as condicións da autorización outorgada.
 - c) A instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, cando a competencia para a súa resolución lle corresponda á comunidade autónoma.
 - d) A formulación ás distintas administracións de toda clase de solicitudes que considere pertinentes para asegurar o mellor cumprimento da legalidade urbanística.
 - e) A denuncia ante o Ministerio Fiscal e os órganos da orde xurisdiccional penal dos feitos que, como resultado das actuacións practicadas, se consideren constitutivos de delito.
 - f) A potestade sancionadora e de restitución e reposición da legalidade no ámbito da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.
 - g) O requirimento para a anulación de licenzas urbanísticas contrarias á normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral.

- h) O asesoramento e asistencia ás administracións públicas integradas na axencia, nas materias da súa competencia, así como a proposta á consellería competente en materia de urbanismo de modificación ou adopción de normas legais ou regulamentarias necesarias para o mellor cumprimento da legalidade urbanística.
 - i) As competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na axencia deleguen nela, nas condicións que se determinen nos correspondentes convenios de adhesión.
2. As competencias inicialmente asignadas ós órganos autonómicos para restaurar a legalidade urbanística e para impor sancións por infraccións urbanísticas graves e moi graves.

CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

O artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, habilita á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para constituír, mediante convenio, consorcios con outras Administracións Públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrente cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Creado no ano 2005, froito do compromiso das administracións local e autonómica, coa colaboración do Consorcio Zona Franca, ten como misión fundamental encabezar o proceso de rehabilitación integral do centro histórico da cidade de Vigo.

No ano 2007, por parte da Consellería de Vivenda e Solo, adquiriuse a participación da Zona Franca, pasando así a estar participado o Consorcio nun 90% polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e nun 10% polo Concello de Vigo.

1.2.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define as sociedades públicas autonómicas como sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei.

Na Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas está adscrita a sociedade pública autonómica de seguinte relacionada:

SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS (SPI)

Ao abeiro da disposición adicional décimo segunda da lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, o Decreto 56/1997, do 6 de marzo, constituíu como Sociedade Anónima a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

O obxecto da Sociedade é:

- Proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuacións, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver en ditas infraestruturas.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Como responsable da xestión coordinada das súas propias unidades administrativas, a Secretaría Xeral Técnica ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, procurando que os servizos administrativos funcionen de forma máis óptima posible, ademais de procurar o impulso de medidas de colaboración e apoio aos restantes órganos da consellería para facilitar a consecución dos obxectivos xerais.

Para iso, os orzamentos da Secretaría Xeral Técnica, baséanse no criterio de eficiencia que debe inspirar a actuación e a organización administrativa coa finalidade de dar cumprida resposta ás liñas básicas da súa actuación que son as seguintes:

- A coordinación do réxime interno das actividades do resto dos centros directivos da consellería así como dos departamentos territoriais, elaborando propostas de actuación sobre aspectos relativos á organización, estruturación, métodos de traballo e mellora, atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e redución do gasto público.
- A ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas, introducindo unha maior racionalidade no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións.
- A coordinación e xestión da contratación pública da Consellería.
- A coordinación e xestión en materia de transparencia e desenvolvemento da Administración electrónica.
- A asistencia e apoio xurídico, nas diferentes materias de competencia da consellería, aos órganos e entidades dependentes desta.
- A coordinación da produción normativa da consellería.
- En xeral, prestar apoio aos restantes centros directivos da consellería e aos seus entes adscritos coa finalidade de acadar unha mellora na calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos á cidadanía da nosa comunidade.

SECRETARIA XERAL DE VIVENDA E URBANISMO

Corresponde á Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo a coordinación das competencias e funcións en materia de vivenda, rehabilitación, rexeneración urbana, habitabilidade, urbanismo e planificación territorial enumeradas no artigo 11 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Neste marco, o dito órgano ten como obxectivo prioritario a elaboración dos informes previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia respecto dos instrumentos de ordenación do territorio que se formulen por iniciativa da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas relativos ao desenvolvemento de solo residencial e á implantación de vivendas, en concreto respecto dos proxectos de interese autonómico que se formulen co obxecto de planificar o desenvolvemento de solo residencial para a construción de aproximadamente 20.000 vivendas protexidas previstos na Estratexia galega de solo residencial, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO

As principais liñas de acción da Dirección Xeral de Urbanismo para o ano 2025 son:

- a) Colaborar activamente no impulso dos procedementos previstos pola normativa autonómica para favorecer a implantación das iniciativas en materia de vivenda, en aplicación dos principios de coordinación, cooperación e colaboración interadministrativa, e o exercicio das funcións que a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, lle atribúe á persoa titular do centro directivo competente en materia de urbanismo.
- b) O fomento da formación, da investigación e a elaboración e divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo e ordenación do territorio e da participación cidadá na formulación, tramitación e xestión do planeamento territorial e urbanístico. O fomento, seguimento e control da actividade urbanística, sen prexuízo das competencias dos municipios.
- c) A elaboración de proxectos e anteprojectos de disposicións normativas en materia de urbanismo e ordenación do territorio, sen prexuízo das competencias da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.
- d) A preparación de informes que, conforme á lexislación de carácter sectorial, lle corresponda emitir ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.
- e) A análise e proposta de informe dos expedientes de solicitude de autorización de execución de grandes establecementos comerciais sobre a súa adaptación ao plan vixente e en tramitación, para a posta en coñecemento da súa viabilidade á Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais.
- f) A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.
- g) A emisión do informe autonómico en materia de costas aos instrumentos de planeamento territorial e urbanísticos, así como as súas modificacións e revisións, cando incidan sobre as zonas de servidume de protección e de influencia do dominio público marítimo-terrestre.

- h) A preparación dos informes que, con carácter previo á aprobación inicial ou definitiva de instrumentos de planeamento urbanístico por parte dos concellos, e a elaboración das propostas de resolución respecto daqueles instrumentos cuxa aprobación definitiva sexa competencia da persoa titular da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de conformidade coa Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- i) O apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico, a súa xestión e execución e o seu seguimento, arquivo e rexistro.
- j) A elaboración dos informes respecto dos instrumentos de ordenación do territorio previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, cando así se exixa de acordo coa dita lei e a normativa e instrumentos que a desenvolvan, agás os que correspondan á Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.

A Dirección Xeral de Urbanismo continuará supervisando os contratos para redactar os Plans básicos municipais de varios concellos que cumpren os requisitos sinalados nos artigo 63.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Darase continuidade ao apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico, a través de axudas á redacción dos instrumentos previstos na lei.

Realizaranse unha serie de actuacións en materia de equipamentos e contornas urbanas en colaboración cos concellos de Galicia, como elementos revitalizadores do territorio e do reequilibrio territorial, co fin de contribuír ao desenvolvemento local desas zonas e poñer a disposición dos seus habitantes os valores de ditos espazos. Trátase de preservar, conservar e/ou transformar, segundo o caso, determinados espazos urbanos, a través de medidas puntuais e específicas para cada zona para a creación de riqueza e, en consecuencia, contribúan a unha maior calidade de vida dos seus cidadáns. As actuacións realizaranse coa colaboración dos concellos, xa que son as administracións máis próximas ao territorio e aos cidadáns, mediante o desenvolvemento dos programas de equipamentos públicos, de humanización de rúas e de urbanización e mellora de espazos públicos, para dar cobertura ás necesidades da cidadanía.

O obxectivo é que, ata o ano 2025, o 90 % de concellos de Galicia sexan partícipes desta colaboración, priorizando o gasto máis eficiente desde o punto social e económico.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS)

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, é o organismo autónomo ao que lle corresponde a realización da política do solo e vivenda da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e axeitada, e unha utilización do solo acorde co interese xeral, erradicando a especulación e actuando como elemento regulador do mercado inmobiliario e de mellora da calidade medioambiental.

Segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo queda adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como organismo autónomo, ao que, de acordo co Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo, lle corresponde a realización das políticas de vivenda e solo, coa finalidade de acadar os obxectivos previstos na Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e no marco dos principios reitores contidos no artigo 47 da Constitución española.

Os créditos que o proxecto de orzamentos pon a disposición do Instituto Galego da Vivenda e Solo destínanse a exercer as competencias e funcións descritas anteriormente.

En materia de vivenda seguiranse as directrices incluídas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, que se constitúe como un instrumento de planificación das políticas públicas neste eido para o período 2021-2025 na Comunidade Autónoma de Galicia. Este pacto asinouse, o 20 de xaneiro de 2021, polos membros do Pleno do Observatorio da Vivenda de Galicia constituído polos representantes das Administracións públicas con competencias na materia e os representantes de entidades, institucións ou asociacións que agrupan persoas físicas ou xurídicas que teñen a consideración de axentes da edificación na lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación así como as axencias e as administracións da propiedade inmobiliaria, como profesionais da intermediación inmobiliaria.

No dito pacto recóllense as seguintes liñas estratéxicas:

Liña estratéxica A - Acceso á vivenda.

Liña estratéxica B - Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

Liña estratéxica C - Solo residencial.

Liña estratéxica D - Outras medidas en materia de vivenda e rehabilitación.

En execución do pacto desenvolveranse as citadas liñas estratéxicas mediante programas e accións, dos que se destacan os seguintes:

Liña estratéxica A - Acceso á vivenda.

Esta liña divídese en dous eixes: acceso á vivenda e prevención da exclusión residencial. Dentro dos programas do eixe 1, orientados a facilitar o acceso á vivenda, destaca a promoción pública de vivendas que se ve impulsada co compromiso do Goberno galego de duplicar o parque público de vivenda ata 2028, acadando as 8.000 vivendas. Para cumprir esta meta, o IGVS vai reforzar a súa aposta polo desenvolvemento de inmobles de promoción pública a través de diferentes vías, ao tempo que impulsará a construción de vivendas protexidas por parte de promotores privados e cooperativas, para o que porá á súa disposición solo residencial da súa propiedade alí onde se concentra a maior demanda; impulsarase a vivenda protexida de protección autonómica; seguirase co programa de mobilización de vivendas para o alugamento dirixido a fomentar a posta no mercado de vivendas baleiras en réxime de alugueiro e continuarase convocando axudas para o alugamento. Esta aposta polo acceso á vivenda en réxime de alugueiro complementase coa convocatoria de axudas para a adquisición de vivendas en núcleos rurais, centros históricos e para a adquisición de vivendas protexidas ou a prezo limitado, con especial reforzo para as persoas mozas, que busca ademais fixar poboación e dinamizar os núcleos rurais e centros históricos, así como facilitar o acceso a unha vivenda protexida ou a prezo limitado. Preténdese tamén continuar co programa de avais para a mocidade dirixido a persoas menores de 36 anos que adquiren a súa primeira vivenda.

No eixe 2, dirixido á prevención da exclusión residencial, inclúense 5 accións destinadas a axudar ás persoas con maiores dificultades de acceso á vivenda ou en situación de risco de exclusión social. Dentro destes programas figuran o Bono de alugueiro social, o Bono de alugueiro social para persoas vítimas de violencia de xénero, a reparación de infravivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes, a atención a colectivos vulnerables e a persoas sen fogar.

Neste sentido debe destacarse tamén a xestión polo IGVS dos programas en materia de acceso á vivenda previstas no Plan estatal para o acceso á Vivenda 2022-2025.

Liña estratéxica B - Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

Nesta liña, seguirase apostando pola rehabilitación de vivendas e edificios, tanto nos ámbitos urbanos como nos núcleos rurais, nos conxuntos históricos ou no ámbito dos Camiños de Santiago, no marco da Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, tanto a través de programas de axuda á rehabilitación como de actuacións directas por parte do IGVS, tanto no seu propio parque como a través da rehabilitación de vivendas no marco do programa Rexurbe.

Dentro dos programas de rehabilitación, merecen especial atención as actuacións en Contornos Residenciais de Rehabilitación Programada, Áreas de Rehabilitación integral, Áreas Rexurbe e o programa Rexurbe. Continuarase tamén coa xestión dos programas de axudas

a particulares e comunidades, con especial incidencia nas axudas á rehabilitación enerxética de edificios e vivendas e a redacción de proxectos e do libro do edificio existente incluídas na compoñente 2 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como dos programas de axuda á mellora da accesibilidade ás vivendas.

Neste ámbito seguirase tamén coas axudas a concellos, nomeadamente a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal con destino a alugueiro social; a reparación de infravivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes e o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

Liña estratéxica C - Solo residencial.

Nas dúas accións desta liña destinadas á promoción de solo residencial para vivenda protexida, seguirase coa promoción en San Paio de Navia, Vigo e á adxudicación de solo neste ámbito, con destino á promoción de vivendas protexidas de protección autonómica (VPA).

Liña estratéxica D - Outras medidas en materia de vivenda e rehabilitación.

Nesta liña seguirase a impulsar o Observatorio da Vivenda de Galicia, a realización de estudos e análises do sector inmobiliario e a posta a disposición de emprendedores e entidades locais de titularidade do IGVS.

Debe destacarse tamén a estratexia galega de solo residencial, elevada ao Consello da Xunta o 10 de xuño de 2024, co obxectivo de impulsar a construción de 20.000 vivendas protexidas e outras 5.000 libres. Esta estratexia enmárcase na aposta do Goberno autonómico de ampliar a oferta de vivenda na comunidade co compromiso de dobrar o parque residencial público nesta lexislatura, para pasar das 4.000 actuais a 8.000 vivendas.

Neste sentido reforzase claramente a construción de VPP tanto no marco das actuacións financiadas con cargo ao Plan de Recuperación, transformación e Resiliencia como das promovidas pola sociedade de solo residencial que xurda da escisión da sociedade Xestión do Solo de Galicia - Xestur S.A., a quen se lle apoiará economicamente dende o IGVS para dar viabilidade á promoción da vivenda pública pola dita entidade.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)

O 20 de xaneiro de 2012 entrou en funcionamento a Axencia Galega de Infraestruturas. A axencia ten como obxectivos básicos impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas e, en especial, a planificación, proxección, construción, conservación e explotación das estradas que sexan competencia da nosa comunidade autónoma, e os servizos

que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas e, tamén, garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

Así mesmo depende funcionalmente da Axencia Galega de Infraestruturas a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., cuxa actividade fundamental a día de hoxe consiste na realización da conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense.

Ademais, como medio propio da administración da Xunta de Galicia recibe encargos para desenvolver ou colaborar no desenvolvemento de infraestruturas que son competencia de outros centros directivos.

Cómpre sinalar que, de acordo coa liña política seguida por este Goberno, todo o investimento prográmase pola vía orzamentaria fronte ao financiamento non específico, vía financiamento bancario coa Sociedade Pública de Investimentos (SPI) ou pola execución das obras incluídas en contratos de concesión de obra pública. Deste modo, non se aumenta a carga financeira a longo prazo da comunidade autónoma con novos compromisos de gasto. De feito, nos últimos anos foise diminuindo a carga financeira da Axencia, coa amortización dos créditos bancarios da SPI, tamén os da antiga ACEOUSA (pola autoestrada Dozón - A-52), e ao apartarse a Xunta do convenio de subvención de peaxe na AP-9 en Rande e A Barcala. Este proceso permitiu liberar recursos para obra nova e conservación, e se culmina coa liberación dos créditos asignados ás peaxes en sombra por canon de demanda.

A actividade da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2025 estará dirixida a conseguir:

- Unha Galicia mellor vertebrada, coa planificación, construción e mellora dunha Rede de Estradas competencia da comunidade autónoma ao servizo da mobilidade, de acordo cos obxectivos da Estratexia Galega de Mobilidade.
- Estradas 24/7, asegurando que estean á disposición da mobilidade interurbana de Galicia en todo momento, asegurando a vialidade e o bo estado da infraestrutura a través dunha axeitada conservación.
- Estradas seguras, co desenvolvemento de accións e actuacións en materia de seguridade viaria.
- Estradas verdes, que sexan cada vez máis infraestruturas de soporte para unha mobilidade sostible, a través da estratexia Sendas de Galicia; e que contribúan á loita contra o cambio climático.
- Estradas intelixentes, coa estratexia en materia de dixitalización e innovación da axencia.
- Colaborando con outras administracións para promover a mobilidade sostible nas fachadas marítimas das cidades de Coruña, Ferrol e Vigo.

- E, adicionalmente, poñendo a disposición a experiencia e a capacidade de xestión da axencia para a execución de infraestruturas competencia doutros centros directivos e Consellerías da Xunta de Galicia.

Estas liñas de acción fórmulanse no marco da Planificación estratéxica da Xunta de Galicia e de modo coherente coas directrices da Unión Europea. Aos tradicionais traballos da Xunta de Galicia en materia de estradas engádense actuacións que procuran o fomento da mobilidade sostible. Ao tempo, e de modo transversal, estanse a incorporar criterios de deseño cada vez máis respectuosos co medio ambiente e coa seguridade das persoas no desenvolvemento das tarefas das que se encarga a Axencia Galega de Infraestruturas.

- Unha Galicia mellor vertebrada. Planificación, construción e mellora da Rede de Estradas competencia da comunidade autónoma.

As infraestruturas ao servizo da mobilidade constitúen un elemento fundamental para o desenvolvemento de Galicia, por tres motivos principais: a posición xeográfica de Galicia, o seu sistema urbano policéntrico e a dispersión dos seus asentamentos. Ademais, a rede hidrográfica e a topografía condicionan o desenvolvemento de infraestruturas lineais como son as estradas, polo que requiren un maior esforzo que noutros territorios para o seu desenvolvemento e conservación. Sen embargo, son fundamentais para lograr unha axeitada vertebración do territorio, achegando os servizos ás persoas e conectando con nodos de comunicación como portos, aeroportos, estacións de ferrocarril e intermodais e conexións viarias exteriores.

Xerarquicamente, as Vías de Altas Prestacións titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coas do Estado, son as máis importantes xa que unen as principais poboacións e nodos de comunicacións e loxísticos. Nos últimos anos houbo un importante desenvolvemento destas vías, cun total de 527,62 que comparados cos 313,32 km do ano 2009 supón un incremento do 69%. As últimas vías de altas prestacións que entraron en servizo foron como de nova traza o enlace da Autovía Tui - A Guarda coa A-55 e o polígono de Areas, e en canto á mellora da calidade, a conversión en autovía dos corredores do Morrazo e Nadela-Sarria. Treito: Pobra de San Xiao-Sarria Centro. Estas últimas dúas actuacións, se ben non incrementan a lonxitude da rede de estradas de alta capacidade, si que supoñen unha mellora de calidade dos parámetros de deseño da vía por supoñer a duplicación da calzada separando os sentidos de circulación. Así mesmo, desenvólvense outros eixos como a Autovía Santiago - A Estrada, coa obra do treito entre A Ramallosa e a AC-241 moi avanzada, e prevéndose en 2025 a licitación do treito AC-241 - PO-841 (O Rollo); continuando coa continuación da conversión en autovía ca VAC Nadela - Sarria, coa conversión tamén en autovía do Corredor CG-1.5, Brión - Noia, a prolongación da autovía da Costa da Morte, ou a VAC da Costa Norte.

Unha vez que as actuacións en materia de infraestruturas viarias que a día de hoxe se encontran en obras ou en fase de planificación se poñan en servizo, suporá que máis do 85% da poboación encontrárase a menos de 15 minutos dunha Vía de Altas Prestacións.

Pero, ademais, é necesario que todo o territorio acceda do modo máis curto e rápido posible á rede de alta capacidade: é necesaria a máxima capilaridade da rede de estradas, e

nas mellores condicións. Para iso, trabállase no programa de acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais, fundamental para o equilibrio territorial e o reto demográfico, ao ofrecer unha maior accesibilidade ás zonas que máis o necesitan do territorio galego. Recolle o acondicionamento de estradas existentes para mellora das súas características e aumento da seguridade viaria, de diversas actuacións en estradas como a mellora da estrada LU-651 entre Folgoso de Courel e Seoane, na AC-862 entre San Sadumiño e Ponte Mera, a LU-540 entre Viveiro e Cabreiros, as estradas PO-234, PO-235 e PO-230 na provincia de Pontevedra, ou a OU-540 entre Celanova e a fronteira portuguesa entre outras.

Finalmente, prográmanse tamén actuacións vertebradoras da contorna dos centros urbanos, de acordo co grao de avance dos seus respectivos proxectos: a Rolda Este de Lugo, o treito Bemposta - N-525 da circunvalación Este de Ourense, a variante de Alba (pendente da conformidade do Ministerio de Transportes ao cambio de titularidade en favor do concello do treito da N-550 no que entronca) e o novo acceso ao CHUO dende a N-525 en Ourense, entre outros.

- Estradas 24/7. Conservación de estradas para garantir un servizo público esencial.

Nos peores anos da crise económica a Xunta de Galicia blindou a conservación de estradas, de modo que se mantivesen os alicerces para a recuperación económica, e nos anos da pandemia se revelou como unha decisión axeitada, dado o servizo esencial que supón asegurar a mobilidade as 24 horas do día, os 7 días da semana e os 365 días ao ano. Por iso, e co obxectivo de manter o estado das estradas nas debidas condicións de viabilidade, seguridade, limpeza, sinalización e comodidade, nos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas teñen un importante protagonismo as partidas destinadas á conservación de estradas.

Comezando pola labor máis básica, que é a conservación ordinaria e o Plan de Vialidade Invernal da Xunta de Galicia, pero tamén mantendo a intensidade nos traballos de conservación extraordinaria co Plan de Reforzos de firme, que dende hai anos conta cunha liña de actuación específica para rehabilitación e mellora do firme das estradas autonómicas.

Como tamén é fundamental o programa de inspección e actuacións en estruturas nas estradas da Xunta de Galicia, co que se realiza un seguimento continuo do estado das obras de paso, pontes e viadutos e da que se derivan actuacións de rehabilitación cando son necesarias así como a posta en marcha dun programa pioneiro para o inventario e inspeccións principais de noiros e muros na rede autonómica de estradas que xa está a ser unha ferramenta de gran axuda tendo en conta a topografía desta comunidade autónoma e a súa climatoloxía que condicionan en grande medida o deseño das infraestruturas viarias. O peso que van gañando estes dous programas de inspección e execución de actuacións preventivas en estruturas, obras de paso, muros e noiros, fai oportuno que contén coa súa propia partida orzamentaria.

Así mesmo, e dado que a Axencia Galega de Infraestruturas asume a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos, a actuación da axencia debe de contemplar as actividades desenvolvidas por esta sociedade. En concreto esta actividade está dirixida principalmente á realización das labores de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense.

- Estradas seguras. Estratexia 2024 - 2027.

En maio de 2024 o Consello da Xunta de Galicia aprobou a Estratexia de actuación en Treitos de Concentración de Accidentes e Treitos de Alto Potencial de Mellora en vías autonómicas para o período 2024-2027. Ademais estas intervencións poden ser cofinanciadas con Fondos Feder, para o que a Xunta xa dispón dunha destas liñas de financiamento asignada. O obxectivo é continuar incrementando a seguridade viaria nas estradas autonómicas, unha prioridade para a Xunta de acordo co establecido no Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025, que establece como principio a “Visión 0”, é dicir, buscar un horizonte no que non haxa vítimas de accidentes de tráfico a longo prazo. Se ben as cifras de vítimas en accidentes de tráfico están moi alonxadas das que se rexistraban hai anos, os anos posteriores á pandemia estanse revelando difíciles, en especial polo incremento de sinistros derivados de causas como distraccións ou excesos de velocidade, pero tamén derivadas da conducións en condicións inaxeitadas polo non uso de elementos de protección, ou polo consumo de alcohol ou drogas, favorecidas ademais pola situación que se está a producir cos avisos en redes sociais dos controles de velocidade e alcoholemia. Cuestións que obrigan a poñer o foco na sensibilización, con campañas en medios de comunicación que incidan nas principais causas de sinistralidade, como as distraccións, ou retomando os cursos de condución segura para motoristas. Pero sen descoidar á infraestrutura, que é a principal competencia da axencia na materia.

Previsión a mellora da seguridade en 21 treitos de concentración de accidentes que se estenden ao longo de 33,7 km de estradas, con actuacións de reformas de interseccións, calmados de tráfico ou melloras de pasos de peóns, entre outras accións. Estas intervencións daránlle continuidade ás executadas na primeira Estratexia, que entre os anos 2016 e 2020 permitiu reducir a sinistralidade nun 60% nos treitos nos que se actuou. Pero, ademais, na nova estratexia tamén se programan obras en 109 treitos de alto potencial de mellora que se desenvolven ao longo de 480,41 km de vías autonómicas. Trátase da eliminación de obstáculos co fin de conseguir “estradas que perdoen” os erros que poidan cometer os condutores e dar unha segunda oportunidade de volver á calzada. As obras previstas para acadar este obxectivo engloban melloras do firme, optimización da sinalización e o balizamento, mellora dos sistemas de contención, reforzo da iluminación en pasos de peóns, mellora do trazado e interseccións ou acondicionamento de marxes.

E, por suposto, a busca da mellora da seguridade viaria, ademais, informará de modo transversal todas as actuacións que desenvolve sobre a rede autonómica de estradas. Todas elas oríentanse á seguridade viaria: a execución de novas vías de altas prestacións, por evitar o paso por travesías urbanas; os desdobrementos de calzadas existentes; as sendas peonís e ciclistas, e moitas outras pequenas actuacións que melloran en continuo a seguridade das estradas autonómicas.

- Estradas verdes. Estratexia Sendas de Galicia e xestión da biomasa.

É unha prioridade estratéxica seguir avanzando cara un modelo de mobilidade baseado no uso de modos colectivos e outros modos alternativos ao emprego do vehículo particular, tanto no ámbito interurbano e metropolitano. No marco destas actuacións estase a pro-

mover a construción de sendas como elementos que permiten o aforro enerxético e unha redución da pegada de carbono (carbon footprint, pegada de carbono). Esta estratexia, que se vai desenvolvendo por comarcas, permitiu poñer en servizo case 300 quilómetros de novos itinerarios peonís e ciclistas en estradas autonómicas nos últimos anos. A maiores, continuarase a colaborar coa Dirección Xeral de Mobilidade para rematar as actuacións de maior envergadura que contan con financiamento dos fondos Next Generation UE, cos que se promoven sendas metropolitanas nas cidades galegas máis aló da rede autonómica de estradas, e outras medidas tamén favorecendo a mobilidade sostible, como son os aparcamentos disuasorios nas cidades e para carpooling, e as melloras nas paradas de transporte público en estradas autonómicas.

Cómpre destacar pola súa importancia estratéxica a construción de sendas ciclistas e/ou peonís recollidas na estratexia Sendas de Galicia. Trátase dun programa ao que se destinaron fondos FEDER e REACT-EU correspondentes ao período 2014-2020, e que teñen continuidade no programa operativo para Galicia para o período 2021-2027, co complemento de fondos propios da comunidade autónoma. Comprende un conxunto de actuacións que promoven a mobilidade alternativa ao vehículo privado, compatibilizando os tránsitos peonís e ciclistas co vehículo automóbil na rede autonómica de estradas nas axeitadas condicións de seguridade para todos os usuarios. A dotación orzamentaria para o ano 2025 permitirá promover novas actuacións nas 11 comarcas da primeira e segunda fase, e iniciar as actuacións dunha nova terceira fase, nas comarcas do Baixo Miño, Condado, Deza, Sarria, Terra de Lemos, Barbanza e Noia. No ano 2025 continuarase a execución da senda na PO-546 no treito Mollabao - Praceres en Pontevedra; e impulsaranse tamén outras como a senda na OU-402 en Reza (Ourense); a senda na PO-841 en A Estrada; ou a senda na PO-313 en Broullón (Moaña) entre outras. Estas actuacións complementanse coas financiadas polos fondos Next Generation EU (como a actuación para mellora da mobilidade sostible na PO-323 en Teis (vigo), e coordínanse ademais coas políticas de fomento do transporte público da Dirección Xeral de Mobilidade, continuándose o acondicionamento das paradas de autobús situadas na rede autonómica de estradas para unha maior accesibilidade e seguridade viaria, e renóvanse ou instálanse marquesiñas onde é necesario.

Cómpre ademais destacar que en 2024, se comezou un programa de actuacións que supón un salto cualitativo importante para esta conversión das estradas en corredores verdes. Tradicionalmente, na xestión das estradas o obxectivo fundamental era o desbroce e control do crecemento da vexetación nas marxes inmediatas das estradas, para facilitar o tránsito, mellorar a visibilidade e tamén dificultando as incursións de animais na calzada. Xa nos últimos anos se incrementou o traballo neste eido, coa supresión do uso extensivo de herbicidas, o que obriga a un maior esforzo no desbroce, e coa eliminación no dominio público viario de especies pirófitas, como acacia, eucalipto ou mimosa, en colaboración coa empresa pública Seaga. Así, as estradas contribúen coa loita contra os lumes. Pero en 2024 iniciouse o traballo para que nas grandes superficies de Dominio Público Viario de titularidade autonómica haxa unha transformación que as converta nun verde propio de Galicia, reforestándoas con arborado autóctono e deste modo conseguindo importantes obxectivos a medio prazo, con luces longas: contribuír a loita contra o cambio climático, deixar menos espazo dispoñible

para as especies invasoras, e ademais diminuír costes de mantemento, xa que o sombreado do bosque implicará un menor crecemento baixo as árbores.

Ademais, continuarase a traballar no Plan de Acción contra o Ruído nas estradas autonómicas, con medidas destinadas a mitigar as molestias que se produce en vivendas e equipamentos públicos polo paso dos vehículos.

- Estradas intelixentes. Mellora da xestión e aproveitamento das novas tecnoloxías.

A organización e o sistema de traballo da axencia deben rexerse polo principio de calidade e mellora continua que garanta un nivel axeitado na xestión e prestación de servizos aos destinatarios da súa actividade coa máxima racionalización dos orzamentos públicos. Dende hai anos trabállase de modo integrado co resto da Xunta de Galicia na dixitalización dos procedementos administrativos de modo que se axilicen os mesmos e se avance na relación dixital coa cidadanía. Ademais, nos tres últimos anos traballouse intensamente na dixitalización dos expedientes de expropiacións e da liña e dominio público viario, así como na adquisición de datos sobre o terreo e posterior procesado para lograr o xemelgo dixital da estrada. Estas tarefas permitirán poñer unha información fundamental a disposición da cidadanía, axilizando ademais os expedientes administrativos e a actividade propia da axencia ao contar unha información máis accesible, mellor estruturada e de maior calidade.

Para continuar o traballo feito, pero no marco dun contexto orientado a aproveitar a tecnoloxía para obter grandes oportunidades de mellora, aprobouse a Estratexia de dixitalización e innovación en materia de estradas de Galicia que fixa cinco retos concretos. O primeiro é conseguir máis rapidez e eficacia na xestión, tanto para promover a optimización e innovación das infraestruturas e do transporte por estrada como para tramitar as autorizacións precisas para actuar no dominio público viario e que suporá un grande impulso técnico para aproveitar ao máximo as potencialidades das vías e unha maior axilidade no outorgamento de permisos ao cidadán. O segundo reto que se fixa é facilitar o despregamento do vehículo autónomo. O terceiro, a aplicación de tecnoloxías Big Data e a intelixencia artificial para unha maior eficacia e eficiencia no mantemento e conservación das estradas. O cuarto reto é a xestión avanzada da seguridade viaria para a protección dos usuarios: prevención de accidentes empregando técnicas de intelixencia artificial para previr os sinistros con animais. E o quinto reto, a formación especializada.

- Mellora da mobilidade e da integración porto - cidade en Coruña, Ferrol e Vigo.

Trátase de actuar nas fachadas marítimas destas cidades, aproveitando as oportunidades que se presentan para mellora da integración urbana e da mobilidade nos espazos portuarios máis centrais e con maior transcendencia nos núcleos urbanos

No proceso de recuperación da fachada marítima da cidade de A Coruña abriuse unha nova etapa co compromiso da financiación, licitación e execución dos accesos ferroviarios necesarios para a posta en funcionamento do Porto exterior de Punta Langosteira que garanta a súa plena actividade e competitividade co resto de instalacións portuarias existentes e, de outra, na transformación, reordenación urbanística e humanización dunha boa parte dos espazos portuarios interiores (peirao de Batería, peirao de Calvo Sotelo, e peirao de

San Diego) que pode xerar un amplo valor económico e un gran beneficio social para a cidadanía de a cidade de A Coruña e tamén na súa área de influencia.

A Xunta de Galicia busca facilitar que se leve a cabo unha transformación e reordenación do espazo portuario interior de la cidade de A Coruña, no novo marco de colaboración co resto de administracións que se estableceu no 2024. Neste proxecto de marcado carácter estratéxico e urbanístico, a Xunta materializará xa o seu compromiso coa execución da nova estrutura flotante na zona do Parrote do porto da Coruña.

En canto ás intervencións nas zonas portuarias de Ferrol e Vigo, están moi avanzadas as actuacións dos fondos do Mecanismo de Recuperación y Resiliencia para apoiar de modo decisivo as intervencións de integración urbana e mellora da mobilidade sostible que están a promover as Autoridade Portuaria de Ferrol - San Cibrao e Vigo.

En Vigo, co impulso da mobilidade peonil e ciclista en dous treitos da fachada marítima da cidade: entre A Laxe e O Berbés (xa en servizo), e no treito da Avenida de Beiramar entre a Rúa Coruña e Bouzas (moi avanzada). Isto, xunto coas actuacións en marcha ou xa executadas pola Autoridade Portuaria de Vigo, permitirá unir todo o borde litoral de Vigo, no ámbito portuario, para a mobilidade peonil e ciclista. A maiores e tamén cunha vinculación directa co mar e en Vigo, iníciase por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a execución das obras de urbanización do sector PS-6 do Campus da Mar da ETEA en Vigo, e colaborase coa Zona Franca de Vigo na execución da urbanización do sector PS-1, de viario e servizos xerais. Finalmente, nesta cidade, a Xunta de Galicia ábrese á colaboración co concello na prolongación do túnel da Porta do Sol e de Elduayen, prevendo a cofinanciación desta actuación municipal pero de grande transcendencia para a mobilidade e en especial para o transporte público no centro da cidade.

En Ferrol, tamén está xa en servizo o novo itinerario peonil e ciclista entre a cidade e A Malata a través da estrada Baixa do Porto, e moi avanzada a humanización da contorna da Dársena de Curuxeiras e a execución dos aparcamentos disuasorios que axudarán a evitar a entrada de vehículos privados no casco histórico da cidade de Ferrol. Un conxunto de actuacións no ámbito portuario ao que se dará continuidade en colaboración co concello xa en ámbito urbano, de modo que se consiga o obxectivo, máis amplo e ambicioso, de abrir Ferrol ao mar.

- Colaboración na execución de infraestruturas competencia doutros centros directivos e Consellerías da Xunta de Galicia.

Nos últimos anos afondouse no potencial da Axencia Galega de Infraestruturas para aportar a súa experiencia na xestión administrativa e construción de infraestruturas, ampliando o ámbito de actuacións máis alá das infraestruturas viarias, o que implicou unha adaptación da súa estrutura para asumir as novas funcións. Así, estase a colaborar en distintos traballos de apoio na licitación e/ou execución de infraestruturas da mobilidade, sanitarias e administrativas, entre outras. Neste senso cómpre destacar as encomendas nas que se traballará ao longo do ano 2025: simultaneamente coas obras xa moi avanzadas da ampliación e mellora dos hospitais de Ferrol e Montecelo (Pontevedra), continuando as dos hospitais de Ourense, Clínico Universitario (Santiago) e das fases iniciais do novo Complexo Hospitalario Univer-

sitario da Coruña; avanzando en centros de saúde como os da Rúa, Vilagarcía, da Milagrosa (Lugo) e poñendo en servizo o CIS Olimpia Valencia (Vigo); con obras en edificios administrativos como o novo edificio de San Caetano, en Santiago de Compostela; e actuacións tan singulares como o Centro de excelencia en ciberseguridade de Galicia. En xeral a dotación orzamentaria continúa nos órganos coa orixe da competencia de cada unha das actuacións, polo que non hai reflexo nos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, pero supón unha importante labor en canto a xestión técnica e administrativa. A maiores, iníciase por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a execución das obras de urbanización do sector PS-6 do Campus da Mar da ETEA en Vigo.

II.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Para a fixación das principais liñas de acción para o período 2025 da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística tivéronse en conta 3 premisas fundamentais:

- a) A cada vez maior preocupación social pola materia urbanística e, mais en concreto, pola disciplina e potestade sancionadora neste eido. Non pode esquecerse que nos últimos anos desenvolvéronse ao longo da xeografía española actuacións xudiciais e policiais que puxeron en evidencia a existencia de numerosos ilícitos urbanísticos.
- b) A crecente importancia das políticas de ordenación do territorio e de protección do medio ambiente.
- c) A relación existente entre as competencias autonómicas e locais nesta materia, que esixe o exercicio coordinado do conxunto de potestades integradoras da mesma para un axeitado exercicio da competencia urbanística.

Sentado o anterior, o primeiro a destacar é que o obxectivo xenérico desta axencia céntrase principalmente en mellorar a vixilancia e inspección do territorio e a protección do litoral para velar polo cumprimento da legalidade urbanística. Partindo deste obxectivo xenérico as accións concretas a realizar son:

- A prevención e persecución das infraccións urbanísticas e de costas, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia e inspección do territorio para detectar obras en execución sen licenza municipal ou autorización autonómica; outorgar ao persoal formación especializada para mellorar a calidade e eficacia da disciplina urbanística, facilitando a súa participación en conferencias e cursos; a promoción de investigacións para determinar os feitos e identificar os presuntos responsables da comisión de infraccións graves ou moi graves; a paralización e/ou incoación prioritaria e urxente de expedientes de reposición da legalidade de obras en curso de execución sen licenza municipal ou autorización autonómicas preceptivas e cuxo prazo de caducidade estea próximo

a cumprirse; a imposición de multas coercitivas no caso de incumprimento voluntario da orde de demolición ou a súa execución subsidiaria transcorrido un ano dende a súa executividade.

- A consecución da máxima coordinación, colaboración e participación dos concellos para a consecución de óptimos resultados no eido do urbanismo, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia do cumprimento por parte dos concellos do seu deber de revisar licencias contrarias ao ordenamento xurídico; dar a coñecer a actividade e as funcións da axencia aos concellos galegos non adheridos á mesma ou o asesoramento aos concellos na interpretación da normativa urbanística.

E que, en última instancia, toda a actuación da Administración pública diríxese á protección do benestar dos cidadáns e, en materia urbanística, esta finalidade última da actividade administrativa maniféstase na promoción do seu dereito a un medio urbano e rural axeitado para o desenvolvemento da persoa, consonte ao disposto no artigo 45 da Constitución Española de 1978, e na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 451A - FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

OE 01.03.02 Promover medidas de mellora da accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, que sexan saudables e que se adapten aos futuros cambios demográficos, ás novas tecnoloxías e aos retos que supón o cambio climático. Impulsar a rehabilitación da vivenda e a renovación e rexeneración urbana.

Indicador de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico:

Vivendas e edificios rehabilitados.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 451A consiste basicamente en dispoñer dunha estratexia global que facilite e potencie a recuperación do construído mellorando as condicións de habitabilidade e calidade das vivendas no máis amplo sentido, incluíndo a reparación das vivendas propias do parque de vivendas de promoción pública do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e o apoio e fomento da rehabilitación tanto illada como a través da declaración de áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica, con especial incidencia nas áreas de rehabilitación supramunicipal declaradas (ARI dos Camiños de Santiago, ARI das Illas Atlánticas e ARI da Ribeira Sacra) e na figura das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe).

Entre as liñas destinadas ao fomento da rehabilitación, destacan os seguintes programas:

- Rehabilitación de vivendas propias do instituto.
- Programa de áreas de rehabilitación integral.
- Declaración de áreas Rexurbe, aprobación dos correspondentes plans de dinamización e seguimento dos ditos plans.
- Programa de préstamos para as actuacións de rehabilitación promovidas por persoas físicas e comunidades de propietarios, coa subsidiación de xuros en función dos seus ingresos, incentivando así o financiamento destas obras.

- Programa Rexurbe, que busca potenciar a rehabilitación dos núcleos históricos de vilas e cidades cun especial valor patrimonial.
- Rehabilitación de vivendas de titularidade municipal.
- Programa de Infravivenda.
- Programa Rehaluga de axudas para a rehabilitación de vivendas para incorporar ao programa de mobilización de vivendas para posibilitar a posta no mercado de vivendas baleiras “vivendas vivas”.
- Continúase tamén co financiamento da mellora da eficiencia enerxética dos edificios en consonancia coas estratexias europeas e da accesibilidade a través dos programas de rehabilitación existentes. Neste sentido, é importante destacar a xestión dos programas do compoñente 2 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiados cos fondos MRR, regulados polo Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do plan de recuperación, transformación e resiliencia e o programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 451A ten un carácter universal, sempre respectando as limitacións que estableza a normativa vixente. En concreto, o colectivo afectado deságase en:

- Persoas propietarias, usufrutuarias ou inquilinas beneficiarios de actuacións en materia de rehabilitación, de acordo coa normativa aplicable.
- Poboación residente en núcleos rurais, cascos históricos, e nas áreas de rehabilitación e áreas Rexurbe.
- Poboación residente en vivendas que non reúnen as condicións mínimas de habitabilidade ou de accesibilidade.
- Veciños e veciñas das parroquias dos Camiños de Santiago, Illas Atlánticas e Ribeira Sacra.
- Persoas titulares de vivendas que as incorporen ao programa de mobilización de vivendas para posibilitar a posta no mercado de vivendas baleiras.
- Persoas xurídicas promotoras das actuacións de rehabilitación e outras administracións públicas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O patrimonio arquitectónico (no que hai que incluír de maneira salientable os edificios e vivendas nos que habitan as persoas) require investimentos significativos non só para a súa

conservación senón tamén para a súa mellora, sobre todo se temos en conta que representa un activo que vai máis alá do valor material. Neste ámbito incide a elevada dispersión da poboación de Galicia.

Malia a súa riqueza e importancia, existe, nalgúns casos, un abandono e deterioro do patrimonio arquitectónico, das vivendas, e dos espazos públicos no medio rural e nos conxuntos e núcleos históricos, con despoboamento e envellecemento da poboación, perda de actividades produtivas e da calidade de vida. En algúns casos, as vivendas construídas e de nova construción non acadan os niveis necesarios de calidade, habitabilidade e sostibilidade propios dunha vivenda digna.

Para facilitar estes obxectivos aprobouse a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia que persegue impulsar a participación pública e privada nas actuacións de rehabilitación.

Segundo datos da Enquisa estrutural a fogares, do IGE, no ano 2020 existían en Galicia 1.068.882 fogares, dos cales o 34,75% residía en vivendas familiares principais con 50 ou máis anos de antigüidade, o 47,74% en vivendas con entre 20 e 49 anos de antigüidade, o 15,58% en vivendas con entre 10 e 19 anos e o 1,93% restante, en vivendas con menos de 10 anos dende a construción.

No tocante ao tipo de edificio, case a metade (49,13%) eran vivendas unifamiliares (independentes ou acaroadas). Os pisos ou apartamentos que formaban parte de edificios con 10 ou máis vivendas supoñían o 31,71% do total de vivendas, mentres que os situados en edificacións máis pequenas (menos de 10 vivendas) conformaban o 19,13% do total.

Polo que se refire ao estado dos edificios, o número de edificacións ruinosas ou con deficiente mantemento en 2020 era de 265.858, polo que cómpre incidir nas políticas de rehabilitación de edificios, sen esquecer as necesidades de impulsar as actuacións en materia de eficiencia enerxética e de accesibilidade.

DEBILIDADES:

- Escasa tendencia á rehabilitación e mantemento dos edificios por parte dos seus usuarios.
- É necesario realizar un gran esforzo para axuntar vontades entre os propietarios e romper as inercias que impiden a rehabilitación.
- Dificultade para estimar os prazos da actuación e para establecer unha programación adecuada do financiamento o que, cando é importante aquilatar custos e convencer aos propietarios, constitúe un obstáculo máis que desincentiva a actuación.

AMEAZAS:

- A alta porcentaxe de vivenda unifamiliar, a dispersión da poboación e o progresivo envellecemento de quen ocupan as vivendas con maiores deficiencias, supoñen un risco de que unha parte importante do parque de vivendas quede á marxe do proceso de rehabilitación.
- Dada a estrutura da propiedade de vivenda os custos da rehabilitación deben asumilos os particulares e hoxe en día a situación económica e a escasa renda dispoñible das familias fai moi difícil que se poidan destinar fondos á rehabilitación.

FORTALEZAS:

- Opinión pública cada vez máis sensibilizada na necesidade de rehabilitación e abandono do modelo expansionista de desenvolvemento urbano.
- Experiencia dos últimos anos dos axentes implicados: administracións, técnicos e empresas, xerada como consecuencia das políticas anteriores de apoio á rehabilitación. É de destacar, especialmente, a experiencia xerada a través do Programa de Áreas de Rehabilitación Integral, Áreas Rexurbe e dos programas autonómicos de fomento á rehabilitación.
- A presión lexislativa derivada do cumprimento das esixencias europeas en materia de eficiencia enerxética e accesibilidade universal pode constituír un incentivo para a rehabilitación.
- A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, facilita as actuacións de rehabilitación a través de diversas medidas tendentes a axilizar a licenza en actuacións de rehabilitación, eliminar as trabas e incentivar a rehabilitación.
- O Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios.
- O Decreto 128/2023, do 7 de setembro, polo que se modifica o Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

OPORTUNIDADES:

- A participación activa dos diferentes axentes que interveñen no sector inmobiliario e que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia, para recoller as súas contribucións que melloren os diferentes programas ou novas iniciativas en materia de rehabilitación, e que quedaron recollidas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado o 20 de xaneiro de 2021, froito do consenso de todos os implicados no sector.
- O investimento público xera unha alta porcentaxe de retorno do devandito investimento e contribúe a mellorar a economía.

- A posibilidade de novos modelos de intervención pública previstos na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- A rehabilitación xurde como unha alternativa para a reconversión do sector da construción pola súa capacidade de xerar emprego e de permitir o desenvolvemento de empresas vinculadas ao territorio no que se desenvolve.
- Mellora da calidade de vida dos cidadáns, das cidades e dun parque inmobiliario antigo.
- Redución da factura enerxética e aproximación aos obxectivos das Estratexias Europeas.
- A declaración dende o 2020 das áreas Rexurbe nos concellos de Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui, Ribadeo, Ferrol, Betanzos e Monforte de Lemos.
- A xestión dos programas de axudas para a rehabilitación enerxética en edificios existentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia: Programas de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio; de apoio ás oficinas de rehabilitación; de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio; de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas e o programa de axuda á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación.
- A rehabilitación de barrios incentiva a eliminación de guetos e permite aproveitar ao máximo os recursos materiais e do territorio e pode contribuír á rexeneración social de determinados ámbitos.
- A Comunidade Autónoma de Galicia veu realizando un esforzo para mellorar a calidade, accesibilidade e habitabilidade das vivendas no seu territorio. Así, veu actuando no eido das subvencións en todas as súas vertentes para a rehabilitación (vivendas en conxuntos históricos, vivenda rural, reforma de edificios de vivendas de promoción pública...) no marco do plan estatal de vivenda e das normas autonómicas que o complementan, e dos programas propios do IGVS, especialmente o Rexurbe. Tamén, e dado o estado de degradación dalgúns cascos históricos e núcleos rurais, o IGVS interveu nos anos anteriores para proceder na medida do posible á súa rehabilitación e posterior posta en valor. Tamén se levaron a cabo iniciativas de colaboración a través de convenios e outros mecanismos legalmente establecidos con distintos axentes (concellos, universidades, institucións sen fins de lucro...) nos distintos aspectos (tanto de rehabilitación como técnicos) referidos á calidade da vivenda.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 451A é o seguinte:

- Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e o Decreto 288/1988, que a desenvolve.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

- Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Alugueiro Mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

Contase coa participación activa dos diferentes axentes que interveñen no sector inmobiliario, e que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia, para recoller as súas contribucións nesta materia e que quedaron recollidas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado o 20 de xaneiro de 2021, que foi froito do consenso de todos os implicados no sector.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 451A ten a finalidade de mellorar as condicións de vida das persoas propietarias e usuarias das vivendas, de xeito que se favoreza a consecución dunha perfecta habitabilidade das vivendas ao mesmo tempo que se recupera o patrimonio residencial xa edificado, actuando con criterios de calidade e sostibilidade.

Deste xeito, e atendendo tamén a criterios de necesidade de xerar actividade e desenvolvemento económico, é necesario prestar atención a este progresivo deterioro das zonas rurais e barrios históricos intentado promover a súa conservación. Ao mesmo tempo cómpre, tamén, fomentar a recuperación do xa construído en aquelas zonas de crecemento, favorecendo a compacidade urbana, de tal xeito que supoña un adecuado aproveitamento entre infraestruturas, dotacións, servizos, actividades e residencia.

Para estes efectos establécense medidas de fomento e rehabilitación das vivendas individuais ou en réxime de división horizontal, de reparación do parque público de vivendas e de actuacións sobre ámbitos máis extensos, coa declaración de Áreas de Rehabilitación Integral e Áreas Rexurbe. Merece especial atención a recuperación dos núcleos rurais a través da rehabilitación de vivendas de titularidade municipal, e o programa de infravivenda.

Continúa a liña de financiamento iniciada en 2017 consistente na subsidiación de xuros dos préstamos para a rehabilitación, como ferramenta que posibilitará que as persoas con menos posibilidades económicas podan afrontar as obras de rehabilitación da súas vivendas.

Unha vez aprobada a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, desenvólvese con mais forza o programa Rexurbe, que nace da concienciación da necesidade de recuperar e potenciar o noso patrimonio construído, con especial incidencia nos barrios históricos de Galicia que contan coa declaración de BIC, conseguindo dinamizar estes ámbitos rehabilitando as vivendas, e rexenerando os espazos urbanos.

Nestes momentos, é de especial importancia nas políticas de vivenda facer unha aposta decidida pola rehabilitación como solución eficiente, sostible e de futuro para responder ás necesidades de vivenda da poboación e minorar os impactos no medio, evitando na medida do posible os novos desenvolvementos urbanísticos e fomentando a cultura da rehabilitación, é dicir, que a persoa propietaria da vivenda e o resto da cidadanía sintan a necesidade e valoren a rendibilidade de recuperar o xa construído.

Apóstate especialmente pola accesibilidade e a eficiencia enerxética mediante a xestión dos programas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia: Pree 5000, Programas de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio; de apoio ás oficinas de rehabilitación; de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio; de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas e o programa de axuda á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación, así como do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

A rehabilitación de vivendas é unha necesidade permanente que cumpre varios obxectivos:

- Manter a poboación residente en conxuntos históricos, núcleos rurais e barrios de vilas e cidades necesitados de melloras.
- Conservar nas mellores condicións o patrimonio residencial construído.
- Recuperar e rexenerar ámbitos urbanos de especial valor histórico, favorecendo a súa dinamización, para que constitúan centros de actividade social, cultural e económica.
- Promover un rural mais vivo que favoreza o equilibrio territorial.
- Mellorar as condicións de vida dos seus moradores e adaptar as vivendas existentes á realidade actual.
- Reducir a demanda de novos desenvolvementos urbanísticos.
- Mellorar as condicións de accesibilidade dos edificios e vivendas.
- Aforro enerxético ao facer máis eficiente o consumo das vivendas rehabilitadas e reducir a demanda de enerxía.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo

Instituto Galego da Vivenda e Solo

III.1.2. PROGRAMA 451B - ACESSO Á VIVENDA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

OE 01.03.01. Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente para a mocidade e as persoas en situación de vulnerabilidade, e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual.

Indicador de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico:

Unidades convivenciais que se benefician das medidas de acceso á vivenda.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 451B consiste basicamente en facilitar o acceso á vivenda, tanto en propiedade como en réxime de alugueiro, para aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións máis desfavorecidas.

En materia de vivenda segúranse as directrices incluídas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, que se constitúe como un instrumento de planificación das políticas públicas neste eido para o período 2021-2025 na Comunidade Autónoma de Galicia. Este pacto asinouse, o 20 de xaneiro de 2021, polos membros do Pleno do Observatorio da Vivenda de Galicia constituído polos representantes das Administracións públicas con competencias na materia e os representantes de entidades, institucións ou asociacións que agrupan persoas físicas ou xurídicas que teñen a consideración de axentes da edificación na lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación así como as axencias e as administracións da propiedade inmobiliaria, como profesionais da intermediación inmobiliaria.

En execución do pacto, no que afecta a este programa de gasto, destacan as seguintes actuacións:

Liña estratéxica A.- Acceso á vivenda.

Esta liña divídese en dous eixes: acceso á vivenda e prevención da exclusión residencial. Dentro dos programas do eixe 1, orientados a facilitar o acceso á vivenda, segúrase coa construción de vivendas protexidas de promoción pública polo IGVS e coa súa adxudicación aos colectivos con maiores dificultades de acceso á vivenda, todo iso en execución da liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida en execución do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 elevada ao Consello da Xunta o 30 de marzo de 2023; impulsarase a vivenda protexida de protección autonómica; implementarase un programa dirixido a fomentar a posta no mercado de vivendas baleiras en réxime de alugueiro: o programa “vivendas vivas” e convocaranse axudas para o alugamento do plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025. Esta aposta polo acceso á vivenda en réxime de alugueiro complementase coa convocatoria de axudas para a adquisición de vivendas en núcleos rurais, centros históricos e para a adquisición de vivendas protexidas ou a prezo limitado, con especial reforzo para as persoas mozas, que busca ademais fixar poboación e dinamizar os núcleos rurais e centros históricos, así como facilitar o acceso a unha vivenda protexida ou a prezo limitado. Destaca tamén o programa de avais para a mocidade destinado a incentivar o financiamento para as persoas menores de 36 anos que adquiren a súa primeira vivenda.

No eixe 2, dirixido á prevención da exclusión residencial, inclúense 5 accións destinadas a axudar ás persoas con maiores dificultades de acceso á vivenda ou en situación de risco de exclusión social. Dentro destes programas figuran o Bono de alugueiro social, o Bono de alugueiro social para persoas vítimas de violencia de xénero, convocados en 2022 como

prestación, a reparación de infravivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes, a atención a colectivos vulnerables e a persoas sen fogar.

Hai que sinalar que no 2022 publicouse o Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Alugueiro Mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, que se xestiona polo IGV5.

Por último, é imprescindible destacar o compromiso asumido polo Goberno autonómico de duplicar nos vindeiros anos, ata 2028, o parque público de vivenda así como crear solo para a construción de 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 451B ten un carácter universal, sempre respectando as limitacións que estableza a normativa vixente. En concreto, o colectivo afectado desagrégase en:

- Persoas inquilinas que vaian alugar unha vivenda con axudas autonómicas e estatais.
- Persoas beneficiarias das medidas implantadas pola Xunta de Galicia para evitar e paliar os desafuzamentos hipotecarios ou por falta de pagamento dos alugueiros e garantir o acceso á vivenda (programa de realoxos, bono alugueiro, mobilización de vivendas baleiras, asesoramento xurídico gratuíto...).
- Mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Persoas menores de 35 anos adquirentes de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes, en centros históricos e de vivendas protexidas ou a prezo limitado.
- Adquirentes de vivendas de promoción pública.
- Persoas menores de 36 anos que adquiren a súa primeira vivenda.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Actualmente segue habendo sectores de poboación con dificultades de acceso a unha vivenda en propiedade ou en alugueiro, polo que deben consolidarse as actuacións dirixidas a facilitar o dito acceso.

DEBILIDADES:

- Existencia de familias con necesidade de vivenda e escasos recursos económicos.
- Dificultades de acceso ao crédito para o financiamento da adquisición de vivenda.

- Pouca oferta de vivendas, principalmente en alugamento, en algunhas localidades

AMEAZAS:

- A dispersión da poboación existente en Galicia.
- Progresivo envellecemento da poboación.

FORTALEZAS:

- Necesidade de potenciar as políticas de carácter social en materia de vivenda, en particular as dirixidas a posibilitar a permanencia das familias con menos recursos nas súas vivendas.
- Os últimos cambios lexislativos no Estado e na Comunidade Autónoma en materia de protección dos debedores hipotecarios e, concretamente, as medidas da Xunta, o Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025.
- A implantación de programas por parte da Xunta, en execución das medidas para evitar e paliar os desafuzamentos hipotecarios ou por falta de pagamento dos alugueiros e garantir o acceso á vivenda, nos que destacan a colaboración coa SAREB, entidades financeiras, a institución do Valedor do Pobo, o programa de mobilización de vivendas para posibilitar a posta no mercado de vivendas baleiras e o do Bono de alugueiro, que buscan dar solucións áxiles ás persoas para posibilitar a permanencia nas súas vivendas ou o acceso a unha vivenda alternativa.
- A aposta do Goberno autonómico de ampliar a oferta de vivenda na comunidade co compromiso de dobrar o parque residencial público nesta lexislatura, para chegar ás 8.000 vivendas.

OPORTUNIDADES:

- A participación activa dos diferentes axentes que interveñen no sector inmobiliario, e que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia, para recoller as súas contribución que melloren os diferentes programas ou novas iniciativas, e que quedaron recollidos no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado o 20 de xaneiro de 2021, que foi froito do consenso de todos os implicados no sector.
- Incremento da percepción do alugueiro como forma alternativa de acceso á vivenda; consolidación dos programas destinados a fomentar a axuda ao alugamento para os colectivos máis desfavorecidos, con especial incidencia nas persoas incursoas en procedementos de desafuzamentos ou execucións hipotecarias e as vítimas de violencia de xénero, a través dos programas do bono de alugueiro social.
- A aprobación dun novo plan de vivenda estatal, que coincide en gran medida cos programas xa implantados pola Xunta de Galicia.

- Tamén se procura facilitar o acceso a vivenda a persoas menores de 35 anos a través de axudas específicas, tanto para alugamento como para a adquisición, contando ademais cun programa de avais para a mocidade destinado a persoas menores de 36 anos.
- É importante tamén favorecer e impulsar o parque de vivendas en alugamento e neste sentido existen medidas orientadas a fomentar a construción de vivendas en alugamento por parte de promotores públicos ou privados, tendo en conta ademais a existencia dun programa específico financiado tanto con fondos MRR de axuda á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxéticamente eficientes, así como a previsión da posibilidade de incrementar o parque público existente con cargo ao plan estatal para o acceso á vivenda.
- Esta promoción pública vese reforzada co obxectivo de contar en 2028 con 8.000 vivendas de titularidade pública o que supón duplicar nos vindeiros anos o parque público de vivenda.
- Ademais de todo o anterior, o IGVS seguiu a impulsar nos últimos anos unha política de desenvolvemento de solo residencial con destino a vivendas protexidas nas principais cidades de Galicia. Esta actuación cobra especial importancia coa estratexia galega de solo residencial que prevé a creación do solo para a construción de 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres, utilizando os instrumentos de ordenación territorial para axilizar a xestión do solo e prestando especial atención á mocidade na adxudicación das vivendas que se promovan.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 451B é o seguinte:

- Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e o Decreto 288/1988, que a desenvolve.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS.
- Decreto 17/2016, do 18 de febreiro, polo que se crea e se regula o Censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Alugueiro Mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

Contase ca participación activa dos diferentes axentes que interveñen no sector inmobiliario, e que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia, para recoller as súas contribucións nesta materia e que quedaron recollidas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado o 20 de xaneiro de 2021, que foi froito do consenso de todos os implicados no sector.

Estratexia galega de solo residencial aprobada polo Consello da Xunta o 10 de xuño de 2024 para impulsar a construción de 20.000 vivendas protexidas e outras 5.000 libres.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 451B ten a finalidade de facilitar o acceso á vivenda dos sectores con máis dificultades.

Contase coa participación activa dos diferentes axentes que interveñen no sector inmobiliario, e que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia, para recoller as súas contribucións nesta materia e que quedaron recollidas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado o 20 de xaneiro de 2021, que foi froito do consenso de todos os implicados no sector.

Executaranse as actuacións previstas na liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida en execución do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 elevada ao Consello da Xunta o 30 de marzo de 2023 que busca incorporar máis de 1800 inmobles para acadar as 5600 vivendas no ano 2026. Para cumprir esta meta, o IGVS vai reforzar a súa aposta polo desenvolvemento de inmobles de promoción pública a través de diferentes vías, ao tempo que impulsará a construción de vivendas protexidas por parte de promotores privados e cooperativas, para o que porá á súa disposición solo residencial da súa propiedade alí onde se concentra a maior demanda.

Seguirase tamén a estratexia galega de solo residencial, elevada ao Consello da Xunta o 10 de xuño de 2024, para impulsar a construción de 20.000 vivendas protexidas e outras 5.000 libres. Unha iniciativa que se enmarca na aposta do Goberno autonómico de ampliar a oferta de vivenda na comunidade co compromiso de dobrar o parque residencial público nesta lexislatura, para pasar das 4.000 actuais a 8.000 vivendas.

A programación desenvolverase en dúas fases. Na primeira, entre 2025 e 2028, abordarase a planificación, a adquisición de solo, a redacción de proxectos e os acordos con concellos. Posteriormente, en canto estea xa avanzada esta primeira etapa arrancará a segunda, relativa á execución das obras de urbanización, a comercialización das parcelas e á execución das edificacións.

Na citada estratexia prevese o desenvolvemento de solo residencial principalmente nas localidades con maior demanda, isto é, nas áreas urbana da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago, Ferrol e en Vilagarcía de Arousa.

Por outra banda está prevista a construción de vivendas de promoción pública naquelas localidades onde existe mais demanda, en cumprimento do obxectivo de acadar as 8.000 vivendas de titularidade pública ao final da lexislatura.

Tamén se establecen medidas de fomento para a adquisición de vivendas en núcleos rurais, centros históricos e vivendas protexidas ou a prezo limitado e para facilitar o acceso ao financiamento de persoas adquirentes de vivendas protexidas e para o alugueiro, con especial atención ás persoas mozas.

Fomentarase a construción de vivendas e outras modalidades habitacionais en alugamento con axudas a promotores públicos e privados.

Ademais, de xeito moi especial, preténdese dar cobertura ás situacións de risco de exclusión residencial a aquelas familias que están a atravesar situacións de especial dificultade. Estes apoios realízanse a través da implantación de medidas consistentes en programas de marcado carácter social, incluídos no pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 como son os programas do bono de alugueiro social como prestación que integra os dous anteriores programas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero e o programa de infravivenda.

Con estas medidas preténdese posibilitar o acceso á vivenda tanto en compra como en alugueiro, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos, incrementar a vivenda de promoción pública, impulsar a iniciativa privada para desenvolver vivenda a prezos limitados e xestionar solo residencial que permita a construción de vivendas a prezos limitados.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

III.1.3. PROGRAMA 511A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

É este un programa instrumental de servizos administrativos que ten como finalidade proporcionar os medios materiais, persoais e de organización para o funcionamento dos servizos de carácter xeral da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas na procura da mellora da eficacia e eficiencia nos servizos públicos que se prestan aos cidadáns.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As actividades que se desenvolven céntranse na dirección, coordinación e control nas áreas de actividade competencia da consellería e, máis en concreto:

- Na ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas.
- Na xestión e control dos convenios e protocolos nos que sexa parte a consellería.
- Na preparación, licitación e adxudicación dos expedientes de contratación pública competencia da consellería.
- Na xestión e administración dos recursos económicos da Secretaría Xeral Técnica.
- No estudo e tramitación dos anteproxectos e proxectos de disposicións de carácter xeral que elaboren os distintos centros directivos, así como a coordinación das funcións xurídico-administrativas que desenvolvan as distintas unidades da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas.
- Na realización das funcións inspectoras sobre todos os órganos e servizos de carácter técnico da consellería.

Ademais, a través deste programa de gasto, préstase a cobertura necesaria para garantir o funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións financiadas con este programa de gasto están orientadas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos da Consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas, así como do Xurado de Expropiación de Galicia, o que redunda en beneficio dos cidadáns demandantes dos servidos prestados por este departamento e os seus entes dependentes.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (DOG nº 101, do 27 de maio).
- Orde do 7 do setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritas á Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
- Resolución do 7 de setembro de 2017 pola que se delega o exercicio de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 172/2018, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e réxime de funcionamento do Xurado de expropiación de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade que se persegue e continuar avanzando na procura da mellora da calidade dos servizos nos que se concreta este programa:

- Xestión do persoal da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas.
- Xestión do gasto corrente e dos investimentos asociados ao funcionamento operativo dos servizos administrativos.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería co fin de acadar un funcionamento máis eficiente dos servizos, evitando duplicidades.
- Coordinación e tramitación da produción normativa da consellería e dos entes do sector público adscritos a este departamento.
- Avanzar na centralización da contratación administrativa da consellería.
- Coordinación e execución en materia de transparencia e implantación da Administración electrónica.
- Apoio e asistencia xurídica aos demais órganos e entes dependentes da consellería.

- Estudo, elaboración e tramitación ata acadar a fixación do prezo xusto expropiatorio en taxacións individuais así como nos procedementos de taxación conxunta.
- Estudo, elaboración e tramitación para a fixación das indemnizacións por ocupacións temporais e requisas.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Xurado de Expropiación de Galicia

III.1.4. PROGRAMA 512B - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As infraestruturas, especialmente as viarias constitúen instrumentos que vertebran o territorio, atendendo á seguridade viaria e, polo tanto, son un elemento fundamental para o desenvolvemento económico e social.

Nesta liña, a Axencia Galega de Infraestruturas, en consonancia coas prioridades establecidas no marco do Contrato de Xestión, conta con catro obxectivos estratéxicos:

1. Exercitar de forma eficiente as competencias de planificación e programación en materia de estradas.
2. Optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes como instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da nosa comunidade, conservar en estado axeitado as existentes, e velar pola súa defensa.
3. Garantir a seguridade na mobilidade, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios. Cómpre sinalar o carácter transversal da seguridade viaria en todo o proceso de xestión da rede de estradas, que afecta dende a propia planificación, proxección, construción e explotación, nun proceso cíclico que se vai nutrindo do resultado e análise dos estadios anteriores.
4. Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da axencia, para o desenvolvemento das competencias que lle son propias e para atender as encomendas de xestión que reciba de outros centros directivos.

Os obxectivos estratéxicos conseguiranse coa actividade da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2025 a través dunhas liñas de acción formuladas no marco da Planificación estratéxica da Xunta de Galicia e de modo coherente coa directrices da Unión Europea:

- Unha Galicia mellor vertebrada, coa planificación, construción e mellora da Rede de Estradas competencia da comunidade autónoma.
- Estradas 24/7, asegurando que estean a disposición da mobilidade interurbana de Galicia en todo momento, asegurando a vialidade e o bo estado da infraestrutura a través dunha axeitada conservación.
- Estradas seguras, co desenvolvemento de accións e actuacións en materia de seguridade viaria.
- Estradas verdes, que sexan cada vez máis infraestruturas de soporte para unha mobilidade sostible, a través da estratexia Sendas de Galicia; e que contribúan a loita contra o cambio climático.

- Estradas intelixentes, coa estratexia en materia de dixitalización e innovación da axencia.
- Colaborando con outras administracións para promover a mobilidade sostible nas fachadas marítimas das cidades de Coruña, Ferrol e Vigo.
- E, adicionalmente, poñendo a disposición a experiencia e a capacidade de xestión da axencia para a execución de infraestruturas competencia doutros centros directivos e Consellerías da Xunta de Galicia.

Cómpre destacar que no ano 2023 iniciáronse as liñas de actuación financiadas con fondos europeos FEDER do programa operativo 2021-2027, que continúa as liñas principais de fomento da mobilidade sostible e de dixitalización da estrada do programa operativo e fondo REACT-EU anteriores, pero que ademais, incorporou importantes novidades, pola súa transcendencia: actuacións derivadas do Plan de Acción contra o Ruído nas estradas autonómicas; mellora da seguridade viaria en treitos de concentración de accidentes (TCAs) e conservación preventiva de muros e noiros.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa non está soamente dirixido ás persoas usuarias da estrada, senón que se beneficiará toda a cidadanía da comunidade autónoma e todos aqueles que a visiten, e favorecerá ademais a actividade económica.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A evolución das infraestruturas viarias de Galicia estivo sempre moi influenciada polas súas singularidades territoriais. Un dos aspectos máis característicos é a dispersión dos asentamentos e a orografía da comunidade galega. Este feito provoca que a rede de estradas sexa moi extensa (17.745 km), cunhas competencias repartidas entre o Estado (14%), a Xunta de Galicia (31%) e as Deputacións Provinciais (55%).

Outro dos condicionantes mais influentes é a súa topografía, debido a que o 77% do territorio ten características de terreo accidentado, o que repercute na dificultade do deseño e no custe das estradas.

Nos últimos anos a rede autonómica de estradas de Galicia foi experimentando un constante incremento na súa lonxitude, pasando dos 4.448,70 Km de estradas existentes no ano 1998 ata os 5.478,61 km no ano 2024, é dicir, sumou máis de 1000 quilómetros, o que supón un incremento de case un 25% neste período, e isto sen contar cos cambios de titularidade materializados, nos que o balance é de maior lonxitude de cesión que asunción de estradas.

No caso das Vías de altas prestacións, a nosa comunidade autónoma sitúase, ao igual que co resto da rede, por riba da media estatal, tanto no que se refire a lonxitude da rede por superficie territorial como en relación a súa poboación.

Ademais, unha vez que as actuacións en materia de infraestruturas viarias que a día de hoxe se encontran en obras ou en fase de planificación se poñan en servizo, suporá que máis do 85% da poboación se encontre a menos de 15 minutos dunha Vía de Altas Prestacións.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario que comprenden as actuacións deste programa é a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, así como a Estratexia Galega de Mobilidade e diferentes estratexias que desenvolven máis en detalle a planificación en materia de sendas peonís, seguridade viaria ou dixitalización e innovación. Ademais, artellarase co resto de programas de gasto público da comunidade autónoma.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Son obxectivos deste programa conservar en bo estado as estradas da comunidade autónoma, ordenar e xerarquizar a rede de estradas da Xunta de Galicia en coordinación coas iniciativas das distintas administracións, completar as comunicacións de Galicia co seu entorno (Asturias, Castela e León e Portugal) e mellorar a accesibilidade ás cidades, aos espazos urbanos principais e ás grandes áreas industriais e loxísticas fomentando unha mobilidade sostible e situando a máis do 85% da poboación a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións, integrando a seguridade viaria como criterio básico desde o propio deseño da infraestrutura.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Infraestruturas

III.1.5. PROGRAMA 521A - URBANISMO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa centra a súa atención tanto en racionalizar a problemática urbanística en xeral, como en tratar de resolver as necesidades e desequilibrios xurdidos no devir do patrimonio urbano. Neste programa están orzamentados os medios financeiros destinados ao cumprimento dos obxectivos que ao respecto se determinen, fundamentalmente os que fomenten un adecuado planeamento urbanístico.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A súa execución preséntase para dar solución as seguintes *necesidades*:

- Ordenación urbanística do territorio galego.
- Fomento do planeamento e da actividade urbanística.
- Creación dunha Plataforma Urbanística Dixital de Galicia que permita a tramitación integral dos instrumentos de planeamento territorial e urbanísticos, a través dun modelo de sistemas que dea soporte ao proceso completo de tramitación e posibíle de xeito seguro e transparente o intercambio e acceso á información a todos os axentes implicados no proceso.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O ámbito de aplicación das actuacións do programa abarcan a totalidade do territorio da Comunidade autónoma o que determina o seu carácter universal.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación actual, desde a premisa do obrigado cumprimento da normativa de ordenación do territorio e da planificación urbana, está determinada polos seguintes datos significativos:

- Por unha parte, o feito de que máis do 55 % dos concellos de Galicia están redactando o seu planeamento municipal, determina que a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, teña comprometido axudas económicas para estes concellos para o cumprimento do obxectivo de que o planeamento acade a todo o territorio da Comunidade Autónoma, o que se pretende para o horizonte de 2025-2029.
- Por outra, as actuacións que se veñen desenvolvendo en materia de equipamentos e contornos urbanos en colaboración cos concellos de Galicia, como elementos revitalizadores do territorio e do reequilibrio territorial, co fin de contribuír ao desenvolvemento local desas zonas e poñer a disposición dos seus habitantes os valores de ditos espazos. Durante os últimos anos asináronse máis de 300 acordos de colaboración con concellos.

Compre salientar as execucións en investimento inmaterial relativas á elaboración dos Plans Básicos Municipais e á investigación e divulgación de estudos e normativa en materia de urbanismo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal de desenvolvemento das actuacións do programa de urbanismo ven determinado, por un lado, polo establecido na lexislación de ordenación do territorio e urbanismo, en canto as subvencións para a redacción do planeamento urbanístico ás entidades locais e, por outro, polos acordos de colaboración para as actuacións que se veñen desenvolvendo en materia de equipamentos e contornos urbanos en colaboración cos concellos de Galicia, que se enmarcan no disposto pola lexislación de réxime local, en canto lle corresponde á Comunidade Autónoma a prestación da cooperación e asistencia activa que as entidades locais puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, podendo levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscripción de convenios as relacións de colaboración e cooperación económica. Cabe así mesmo mencionar a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e o Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas

en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público, como instrumentos normativos para desenvolver as actuación do contido do programa.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Co desenvolvemento do programa preténdese a consecución da finalidade prevista, que se describe do seguinte xeito:

- Elaboración, coordinación, seguimento e control das políticas territoriais e de utilización racional do solo e dos seus instrumentos de planificación.
- Programación e impulso da tramitación telemática dos instrumentos de planificación e proxectos en materia de ordenación do territorio e urbanismo.
- Accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais.
- Sistema de seguimento das DOT e dos restantes instrumentos de ordenación do territorio.

Para a consecución deste obxectivos prevese dar continuidade á colaboración coas entidades locais para a redacción do seu planeamento urbanístico a través de axudas, a selección de actuacións en materia de equipamentos e contornos urbanos e formalización dos acordos de colaboración cos respectivos concellos e, de ser o caso, efectuar a correspondente convocatoria de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos. Con todo isto dáse solución a problemas concretos ao poñer a disposición da cidadanía, a través das corporacións locais, as infraestruturas e os equipamentos executados e os instrumentos de planeamento para un desenvolvemento harmónico das actuacións sobre o territorio.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Para contribuír co Obxectivo “Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade”, identifícanse as seguintes medidas:

Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas):

- Indicador estimado (número de actuacións): 28
- Importe que se estima destinar a estas actuacións: 842.720,00 €

Instrumentos de planeamento de desenvolvemento

- Indicador estimado (número de plans en tramitación): 166
- Importe que se estima destinar a estas actuacións: 3.223.998 €

Humanización de espazos e equipamentos públicos con perspectiva de xénero e de conciliación

- Indicador estimado (número de actuacións): 24
- Importe que se estima destinar para estas actuacións: 10.063.550 €

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Urbanismo

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 451A FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA03 - Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente para a mocidade e as persoas en situación de vulnerabilidade, e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0003 - Articular medidas destinadas a facilitar o acceso á vivenda en réxime de alugueiro	
0004 - Accións encamiñadas á mobilización de vivendas baleiras	
0005 - Fomentar actuacións que incidan na prevención da exclusión residencial, con especial atención ás persoas incursas en procedementos de desafiuzamento, vítimas de violencia de xénero, residentes en infravivendas e outros colectivos vulnerables	
Indicador	Valor Previsto
P0045J - Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda	31
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Promover medidas de mellora da accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, que sexan saudables e que se adapten aos futuros cambios demográficos, ás novas tecnoloxías e aos retos que supón o cambio climático. Impulsar a rehabilitación da vivenda e a renovación e rexeneración urbana	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI03 - Transferencias internas	
0003 - Potenciación do aforro enerxético ao facer máis eficiente o consumo das vivenda rehabilitadas. Rehabilitación enfocada á eficiencia enerxética	
0004 - Fomentar a rehabilitación de vivendas, a rehabilitación illada de edificios, mellorar as condicións de habitabilidade e accesibilidade, impulsar as áreas de rehabilitación integral (ARI).	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P00067 - Convenios e/ou acordos asinados	5
P00315 - Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación	21
P00316 - Vivendas reparadas	160
P0045J - Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda	166
Programa: 451B ACCESO Á VIVENDA	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA03 - Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente para a mocidade e as persoas en situación de vulnerabilidade, e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Accións encamiñadas á construción de vivenda de promoción pública	
0002 - Articular programas para facilitar a adquisición de vivendas, principalmente polas persoas menores de 35 anos.	
0003 - Articular medidas destinadas a facilitar o acceso á vivenda en réxime de alugueiro	
0005 - Fomentar actuacións que incidan na prevención da exclusión residencial, con especial atención ás persoas incursas en procedementos de desafiuzamento, vítimas de violencia de xénero, residentes en infravivendas e outros colectivos vulnerables	
0006 - Fomentar o aloxamento colaborativo (cohousing) e outros modelos de aloxamento	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P00305 - Superficie de solo en proceso de urbanización	106.361
P00314 - Vivendas de promoción pública licitadas	200
P0045D - Axudas concedidas para o acceso á vivenda	4.115
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0011 - Actuacións no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.	
Programa: 511A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA02 - Garantir unha mobilidade sustentable	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e o emprego de medios de transporte menos contaminantes. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural. Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros como de mercadorías. Incrementar a resiliencia climática da rede de transporte e comunicacións de Galicia	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P01090 - Vehículos de transporte eficiente adquiridos	3
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servicios no territorio baixo o concepto de cidade única	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Programa: 512B CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	
Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	
Prioridade de Actuación: PA02 - Garantir unha mobilidade sustentable	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e o emprego de medios de transporte menos contaminantes. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural. Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros como de mercadorías. Incrementar a resiliencia climática da rede de transporte e comunicacións de Galicia	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0003 - Desenvolver actuacións e medidas destinadas a acadar unha mobilidade sostible (urbana e interurbana) así coma a intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano.	
Indicador	Valor Previsto
P00030 - Quilometraxe total de estradas con actuacións de conservación	1.500
P00106 - Quilometraxe total de estradas con actuacións de mantemento, acondicionamento e mellora	3
Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	
Prioridade de Actuación: PA04 - Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións. Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía. Modernizar e mellorar as infraestruturas produtivas e de rede así coma a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Garantir unha rede de infraestruturas viarias funcional, competitiva, segura, acorde coa política territorial e accesible dende os distintos territorios, para contribuír na loita contra o despoboamento no rural.	
0002 - Remodelar o sistema de peaxes de forma que se mellore a competitividade de Galicia en relación co resto de Comunidades Autónomas do Estado.	
0004 - Aumentar a capacidade e mellorar a calidade e funcionalidade das vías de comunicación.	
0005 - Continuar a mellorar a seguridade viaria e xestión dun plan de seguridade viaria de Galicia para reducir a sinistralidade e as mortes e feridos graves nas estradas. Mellorar a seguridade dos usuarios vulnerables con elementos de seguridade activa e pasiva nas estradas, especialmente nos TCAs.	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0008 - Realizar actuacións de formación, concienciación e educación, especialmente dos colectivos vulnerables, con especial atención ás travesías e ás vías próximas que conflúen co Camiño de Santiago.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
P00030 - Quilometraxe total de estradas con actuacións de conservación	3.903
P00039 - % Amortización investimento desenvolvido mediante xestión indirecta para a construción e acondicionamento de estradas	4
P00082 - Quilometraxe total de estradas de nova construción	49
P00106 - Quilometraxe total de estradas con actuacións de mantemento, acondicionamento e mellora	70
Programa: 521A URBANISMO	
Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	
Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI03 - Transferencias internas	
0001 - Elaboración, coordinación, seguimento e control das políticas territoriais e de utilización racional do solo e dos seus instrumentos de planificación	
0007 - Programación e impulso da tramitación telemática dos instrumentos de planificación e proxectos en materia de ordenación do territorio e urbanismo	
0008 - Accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais	
Indicador	Valor Previsto
P00024 - Número de actuacións de mellora de contornos urbanos e dos núcleos rurais	24
Programa: 621A ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.	
Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza	
Prioridade de Actuación: PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0003 - Modernización, adaptación e mellora das infraestruturas sobre as que se prestan os servizos públicos (incluídas novas instalacións e equipamentos)	

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	02	03	04
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	6.025			1.315
521A-Urbanismo		2.300	17.707	
Total	6.025	2.300	17.707	1.315

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos		
	81	A1	Total
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda	68.273		68.273
451B-Acceso á vivenda	153.027		153.027
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas			7.339
512B-Construción, conservación e explotación de estradas		244.499	244.499
521A-Urbanismo			20.007
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control		20.636	20.636
Total	221.301	265.136	513.783

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda	11.596	4.550		335	12.719	38.633	440	68.273
451B-Acceso á vivenda	177			13.249	121.259	18.143	200	153.027
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	6.134	529		8	668			7.339
512B-Construción, conservación e explotación de estradas	15.675	1.056	50	5.574	207.758	14.386		244.499
521A-Urbanismo	3.805	35		2.030	7.767	6.370		20.007
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control					18.636	2.000		20.636
Total	37.387	6.170	50	21.196	368.808	79.532	640	513.783

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.920	5.138	4,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	311	311	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	8	8	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	568	568	0,0
Total	5.807	6.025	3,7

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 SECRETARÍA XERAL DE VIVENDA E URBANISMO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	265	271	2,3
Cap. IV - Transferencias correntes	1.992	2.030	1,9
Total	2.257	2.300	1,9

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.428	3.534	3,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	34	35	3,5
Cap. IV - Transferencias correntes	38	0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	8.019	7.767	-3,1
Cap. VII - Transferencias de capital	4.674	6.370	36,3
Total	16.192	17.707	9,4

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

04 O XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	963	996	3,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	218	218	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	100	100	0,0
Total	1.281	1.315	2,6

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

81 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	11.378	11.773	3,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.550	4.550	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	13.384	13.584	1,5
Cap. VI - Investimentos reais	50.689	133.977	164,3
Cap. VII - Transferencias de capital	86.075	56.776	-34,0
Cap. VIII - Activos financeiros	640	640	0,0
Total	166.715	221.301	32,7

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	15.134	15.675	3,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.056	1.056	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	50	50	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	5.574	5.574	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	244.384	226.395	-7,4
Cap. VII - Transferencias de capital	17.422	16.386	-5,9
Total	283.620	265.136	-6,5

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	5.807	6.025	3,7
02 SECRETARÍA XERAL DE VIVENDA E URBANISMO	2.257	2.300	1,9
03 DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO	16.192	17.707	9,4
04 O XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA	1.281	1.315	2,6
81 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	166.715	221.301	32,7
A1 AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	283.620	265.136	-6,5
Total	475.872	513.783	8,0

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	9.575	9.939	0	27.449	0	0	0	37.387
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	563	564	0	5.606	0	0	0	6.170
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	50	0	0	0	50
Cap. IV - Transferencias correntes	42.228	41.170	0	19.158	0	39.132	0	21.196
OPERACIÓNS CORRENTES	52.366	51.673	0	52.262	0	39.132	0	64.803
Cap. VI - Investimentos reais	8.687	8.435	0	360.372	0	0	0	368.808
Cap. VII - Transferencias de capital	405.488	433.454	0	73.162	0	427.084	0	79.532
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	640	0	0	0	640
OPERACIÓNS DE CAPITAL	414.175	441.890	0	434.174	0	427.084	0	448.980
Total	466.541	493.563	0	486.436	0	466.216	0	513.783

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	2025
Altos Cargos	5
Persoal Funcionario	182
Subgrupo A1	72
Subgrupo A2	38
Subgrupo C1	37
Subgrupo C2	27
Agrupacións profesionais	8
Persoal Laboral	17
Grupo I	5
Grupo III	2
Grupo IV	8
Grupo V	2
TOTAL	204

Medios Persoais

Inst. Galego da Vivenda e Solo	2025
Persoal Funcionario	243
Subgrupo A1	49
Subgrupo A2	73
Subgrupo C1	63
Subgrupo C2	47
Agrupacións profesionais	11
Persoal Laboral	11
Grupo I	1
Grupo II	2
Grupo IV	8
TOTAL	254

Medios Persoais

Axencia Galega de Infraestruturas	2025
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	187
Subgrupo A1	56
Subgrupo A2	57
Subgrupo C1	54
Subgrupo C2	17
Agrupacións profesionais	3
Persoal Laboral	198
Grupo I	2
Grupo III	76
Grupo IV	120
TOTAL	386

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	Explotación	Capital
Axencia Protección Legalidade Urbanística	4.185	1.163
Cons. Casco Vello de Vigo	503	1.634
Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Soc. Pública de Investimentos de Galicia	3.877	1.520
Total	8.564	4.316

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DE SANIDADE

SECCIÓN 12

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, establece no seu artigo 8 a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade. Para dar cumprimento ás súas funcións, a Consellería de Sanidade estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Dirección Xeral de Saúde Pública.
3. Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.

Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Servizo Galego de Saúde.
2. A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.
3. A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

Forman parte desta consellería os seguintes órganos:

- As direccións territoriais.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, está adscrito á Consellería de Sanidade e, para o desenvolvemento das súas competencias, de conformidade co Decreto 145/2024, do 20 de maio, estrutúrase nos seguintes órganos:

- I. Órganos centrais de dirección:
 - a) Órganos colexiados:
 - Consello de Dirección.
 - Comité Executivo.
 - b) Órganos unipersoais:
 - A Presidencia.
 - A Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
 - A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
 - A Dirección Xeral de Recursos Económicos.
 - A Dirección Xeral de Recursos Humanos.

2. Órganos de coordinación e asesoramento do Servizo Galego de Saúde:
 - Consello Asesor de Pacientes.
3. Órganos periféricos de dirección:
 - Xerencias das áreas sanitarias.
 - Direccións dos distritos sanitarios.

Estes órganos periféricos rexeranse pola súa normativa específica.

O Decreto 134/2019, do 10 de outubro, regula as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do sistema público de Galicia como estruturas organizativas sen personalidade xurídica integradas na estrutura periférica do Servizo Galego de Saúde que xestionan, con autonomía funcional e de forma integrada, a xestión de centros, recursos sanitarios, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como hospitalaria, así como a coordinación sociosanitaria e de promoción e protección da saúde, no seu respectivo ámbito territorial.

Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias que constitúen o marco de referencia para a coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria.

Na actualidade, as áreas sanitarias recollidas no decreto 134/2019 son as seguintes:

- ANEXO I. Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
- ANEXO II. Área Sanitaria de A Coruña e Cee.
- ANEXO III. Área Sanitaria de Ferrol.
- ANEXO IV. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- ANEXO V. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- ANEXO VI. Área Sanitaria de Vigo.
- ANEXO VII. Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

A estrutura das áreas sanitarias está formada por órganos unipersoais e órganos colexiados.

- I. Órganos unipersoais:
 - a) Xerencia da área sanitaria.
 - b) Dirección asistencial.
 - c) Dirección de recursos económicos.
 - d) Dirección de recursos humanos.
 - e) Dirección do distrito sanitario.
2. Órganos Colexiados:
 - a) Consello de dirección da Área
 - b) Comisión de dirección
 - c) Consello de saúde da área

- d) Consello de saúde de distrito
- e) Comisión de atención primaria da área
- 3. Outros órganos colexiados:
 - a) O Consello asesor de pacientes da área

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Sanidade é o órgano da administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Así mesmo correspóndelle o exercicio das competencias e medidas especiais que para situacións sanitarias urxentes ou de necesidade deban adoptarse en materia de saúde pública.

COMPETENCIAS DA PERSOA TITULAR DA CONSELLERÍA

É a responsable da superior dirección e control do departamento e da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Tamén exerce a presidencia do Servizo Galego de Saúde, da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

COMPETENCIAS DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica exerce as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia en relación con todas as unidades e servizos dependentes da consellería e a inspección dos servizos, centros e organismos dependentes ou adscritos á consellería, sen prexuízo das funcións que se lles atribúan a outros órganos das diferentes consellerías da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén lle corresponde:

- a) Con respecto aos sistemas e tecnoloxías da información, e baixo a perspectiva de articular un proxecto único para a Consellería de Sanidade e para o Servizo Galego de Saúde, o deseño da estrutura básica do sistema de información do sistema sanitario de Galicia, a normalización, mantemento e explotación dos sistemas e tecnoloxías da información e a definición, coordinación e supervisión dos plans de información e sistemas, así como a xestión do proceso de transformación dixital, o goberno do dato e a aplicación de tecnoloxías dixitais, especialmente as relativas aos sistemas de intelixencia artificial, na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das funcións atribuídas a outros órganos das consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a outras entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia. Asemade, a Secretaría Xeral Técnica poderá definir e articular as comisións técnicas necesarias para o desenvolvemento do citado sistema de información.
- b) A inspección de todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias e farmacéuticas de titularidade pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia. Os efectivos que desenvolvan esta función dependerán organicamente da dirección territorial que corresponda e funcionalmente da Secretaría Xeral Técnica, sen prexuízo do disposto polo artigo 10.4 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.
- c) A ordenación das actuacións preliminares ou investigacións reservadas previas, a iniciación dos procedementos disciplinarios e o exercicio das potestades disciplinarias dos recursos humanos da Consellería, do Servizo Galego de Saúde, da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, sen prexuízo das competencias atribuídas á consellería competente en materia de emprego público.
- d) A ordenación das actuacións preliminares ou investigacións reservadas previas a centros, servizos, e establecementos sanitarios e aos establecementos onde se fabriquen, distribúan e dispensen medicamentos e produtos sanitarios.
- e) A iniciación e resolución dos procedementos sancionadores aos centros, servizos e establecementos sanitarios, incluídas as entidades de distribución de medicamentos e produtos sanitarios e os laboratorios farmacéuticos dentro do seu ámbito de competencias.
- f) O exercicio das funcións e competencias que lle son atribuídas en materia de oficinas de farmacia e a emisión das certificacións de cumprimento das normas de boas prácticas de fabricación e de distribución de medicamentos.
- g) A elaboración, redacción, seguimento e avaliación dos plans de traballo establecidos no ámbito da sanidade galega, así como as funcións de coordinación, apoio e documentación nas relacións que, en materia sanitaria, mantén a Consellería con outras administracións públicas e co Consello Interterritorial do Sistema Nacional da Saúde.
- h) A coordinación da biblioteca virtual Bibliosaúde do Sistema público de saúde de Galicia, para o que contará co apoio da Comisión Técnica Asesora de Bibliosaúde.

- i) A autorización, modificación, revogación e peche de biobancos.
- j) Como responsable do sistema de información de saúde de Galicia, o exercicio das funcións de responsable de todos os tratamentos de datos que se realizan na Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o resto de entidades que compoñen o Sistema público de saúde de Galicia.
- k) Aquelas competencias que lle atribúa a normativa en vigor e o exercicio das funcións que lle sexan singular ou especificamente encomendadas ou delegadas pola persoa titular da Consellería, nos termos previstos na correspondente orde de delegación.

COMPETENCIAS DA DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

É o órgano encargado da prevención, promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e do desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública.

A súa misión é a mellora da saúde da poboación galega desde unha perspectiva comunitaria e de equidade. Para iso, identifica perigos para a saúde, os problemas de saúde e as poboacións máis susceptibles; avalía os riscos asociados aos perigos e os problemas de saúde identificados; vixía e monitoriza os perigos, os riscos e os problemas de saúde que afectan a poboación galega e, de acordo coas políticas de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia, propón, planifica e, se procede, desenvolve programas e actuacións para controlar os riscos de enfermarse ou morrer prematuramente.

A xestión, desde o punto de vista da saúde pública, das pandemias e crises sanitarias corresponderalle á Dirección Xeral de Saúde Pública, establecendo as liñas de actuación en colaboración coas direccións territoriais, o Servizo Galego de Saúde e calquera outra unidade implicada nesta.

Á Dirección Xeral de Saúde Pública correspóndelle a coordinación de todos os axentes que poidan intervir nos programas sanitarios de saúde pública, así como na vixilancia en saúde pública, campañas de vacinación, detección precoz de enfermidades e calquera outra actividade da súa competencia. Neste senso a Dirección Xeral de Saúde Pública establecerá as liñas de actuación e directrices para o correcto desenvolvemento destas actuacións no Sistema de saúde de Galicia.

Os efectivos que exerzan nos servizos periféricos as funcións de desenvolvemento e execución dos programas de saúde pública dependerán organicamente da dirección territorial que corresponda e funcionalmente da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Co fin de conseguir a adecuada planificación e integración dos recursos de saúde pública que mellore a resposta ante situacións de emerxencia sanitaria e na prevención e vixilancia da saúde poboacional, as/os profesionais do Sistema público de saúde de Galicia, que desenvolvan as súas competencias nos departamentos territoriais da Consellería de Sanidade e nas xerencias das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, nos ámbitos do control e prevención de

enfermidades, actuarán baixo a coordinación funcional da persoa titular do órgano directivo da Consellería de Sanidade con competencias en materia de saúde pública.

Corresponde a esta dirección xeral, no marco da actuación sanitaria, o desenvolvemento das actividades como autoridade competente en materia de saúde pública e exercer a potestade sancionadora nos termos previstos na lexislación vixente. Para tal efecto, poderá acordar o inicio, de oficio, de expedientes sancionadores en materia de seguridade alimentaria, saúde ambiental, alcohol, tabaco ou outras comprendidas no seu ámbito de actuación.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Saúde Pública emitirá o informe vinculante a que fai referencia o artigo 4 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

A persoa titular da Dirección Xeral de Saúde Pública dirixirá as actividades da Escola Galega de Saúde Pública, iniciativa creada mediante o Decreto 86/2022, do 19 de maio, polo que se establecen a creación e o marco normativo regulador das actividades da Escola Galega de Saúde Pública, e que ten o obxectivo de fomentar a formación e investigación científica en materia de saúde pública necesaria para dar resposta aos desafíos e perigos para a saúde da poboación e, en particular, ante ameazas sanitarias globais.

A Dirección Xeral de Saúde Pública velará pola transparencia e a información relevante e de calidade sobre saúde a través do desenvolvemento do Observatorio de Saúde Pública.

Correspóndelle a esta dirección xeral, no ámbito das súas competencias, a definición e priorización dos desenvolvementos necesarios nos sistemas de información de saúde pública.

A persoa titular da Dirección Xeral de Saúde Pública exercerá a presidencia da Comisión galega para avaliación do manexo da tuberculose resistente a fármacos, da Comisión Galega de Enfermidades Inmunoprevibles, da Comisión galega de coordinación e seguimento da actividade fronte á infección por VIH/Sida e outras infeccións de transmisión sexual, da Comisión Asesora sobre Diabetes en Galicia, e do Consello técnico de seguimento e mellora da calidade no control oficial en saúde pública, da Comisión técnica para o seguimento e avaliación do Plan Obesidade Zero en Galicia, do Comité asesor do Programa galego para a detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas en período neonatal e do Consello de Asesoramento do Rexistro Galego de Tumores.

COMPETENCIAS DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E REFORMA SANITARIA

A Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria establece a planificación estratéxica do sistema sanitario, coordina as actuacións, xestión e seguimento da Estratexia galega de saúde, e establece as bases da modernización do Sistema público de saúde de Galicia.

As súas funcións son:

- a) Determinar os criterios xerais de planificación sanitaria e sociosanitaria.
- b) Establecer as bases para a implantación do novo modelo sanitario público, a súa planificación, avaliación e comunicación.
- c) Impulsar a sustentabilidade e modernización do Sistema público de saúde de Galicia, mediante a consolidación dun modelo de atención compartida, de traballo en rede e de cooperación multidisciplinar con especial atención á complexidade, a través dun enfoque holístico, individualizado, preventivo e proactivo.
- d) Elaborar, dirixir e avaliar a Estratexia galega de saúde, procurando o seu fortalecemento para afrontar os retos, presentes e futuros.
- e) Deseñar estratexias e iniciativas transversais que faciliten a atención integral das persoas, desde un enfoque que prevexa a saúde, a calidade de vida e o benestar.
- f) Establecer as directrices e estratexias para o desenvolvemento da carteira de servizos no Sistema público de saúde de Galicia, baseada en criterios de efectividade, seguridade e eficiencia.
- g) En xeral, aquelas outras que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

Para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Está adscrito á Consellería de Sanidade e rexerase polo establecido na Lei 1/1989, do 2 de xaneiro e na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

COMPETENCIAS DO CONSELLO DE DIRECCIÓN

Correspóndelle ao Consello de Dirección:

- a) Definir os posicionamentos, orientacións e liñas de actuación de carácter estratéxico do Servizo Galego de Saúde, de acordo cos criterios emanados da Consellería competente en materia de sanidade.
- b) Definir as políticas de financiamento e orzamentos do Servizo Galego de Saúde de acordo cos criterios emanados da Consellería competente en materia de sanidade.
- c) Coñecer do informe sobre o anteproxecto do orzamento do Servizo Galego de Saúde e elevalo á Consellería competente en materia de sanidade.

- d) Definir as políticas de recursos humanos, os proxectos de carácter estratéxico e o cadro de mando de alta dirección do Servizo Galego de Saúde.
- e) Elaborar todos aqueles informes, en materia da súa competencia, que lle sexan solicitados pola consellería competente en materia de sanidade.
- f) Definir o acordo de xestión anual entre os servizos centrais e as áreas sanitarias.
- g) Realizar o seguimento dos acordos de xestión.
- h) Realizar as avaliacións periódicas e o seguimento dos obxectivos, programas e procesos pactados.
- i) Cantas outras deriven da normativa vixente e lle sexan encomendadas pola persoa titular da Consellería competente en materia de sanidade.

COMPETENCIAS DO COMITÉ EXECUTIVO

Correspóndelle ao Comité Executivo:

- a) Efectuar o seguimento e acordar actuacións nas políticas e estratexias do Servizo Galego de Saúde.
- b) Realizar o seguimento e acordar actuacións nas políticas de investimentos e recursos humanos.
- c) Definir as actuacións nas políticas de financiamento e orzamentos, e realizar o seu seguimento.
- d) Acordar as actuacións nos proxectos conforme as estratexias definidas e realizar o control e o seu seguimento.
- e) Efectuar o seguimento e acordar actuacións nos programas e procesos que se vaian desenvolver.
- f) Realizar as reorientacións do cadro de mando sobre os resultados obtidos, de ser o caso, e controlar o seu seguimento.
- g) Resolver as incidencias no seu ámbito.
- h) Calquera outra derivada da normativa vixente e que lle sexa encomendada pola persoa titular da Consellería competente en materia de sanidade.

COMPETENCIAS DA PRESIDENCIA

A persoa titular da consellería competente en materia de sanidade preside o Servizo Galego de Saúde, e como tal correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) A representación legal do organismo.

- b) A sinatura dos convenios e demais instrumentos de colaboración en nome do organismo, e actuar como órgano de contratación.
- c) A aprobación dos plans de obras, instalacións e equipamentos centralizados do Servizo Galego de Saúde.
- d) O exercicio da xefatura superior do persoal adscrito ao organismo.
- e) A autorización e disposición dos gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta da ordenación dos pagamentos do organismo.

COMPETENCIAS DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

A Xerencia do Servizo Galego de Saúde, que terá a consideración de alto cargo e rango de dirección xeral, é o órgano responsable dos servizos de asistencia sanitaria e ten, baixo a dependencia da persoa titular da secretaría xeral técnica da Consellería de adscrición, a dirección e control do Servizo Galego de Saúde, e como tal correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) A dirección, avaliación e control de todas as actividades do organismo autónomo relacionadas coas funcións encomendadas a este polas disposicións legais que o rexen, sen prexuízo das facultades e competencias do Consello de Dirección e da Consellería competente en materia de sanidade.
- b) Dar conta ao Consello de Dirección do anteproxecto de orzamento do organismo.
- c) A execución dos acordos do Consello de Dirección.
- d) A xestión do patrimonio do organismo en coordinación coa Dirección Xeral de Recursos Económicos.
- e) A xestión do persoal do organismo.
- f) A presentación ao Consello de Dirección da memoria anual de actividades do organismo.
- g) A coordinación e planificación das áreas sanitarias, así como das direccións xerais de asistencia sanitaria, recursos económicos e recursos humanos dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde.
- h) A resolución dos conflitos de atribucións que xurdan entre as direccións xerais dependentes do organismo.
- i) En xeral, aquelas outras que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas pola persoa titular da Consellería ou pola persoa titular da secretaría xeral técnica da Consellería competente en materia de sanidade.

COMPETENCIAS DA DIRECCIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA

É o órgano responsable da coordinación asistencial das áreas sanitarias e dos centros e servizos de financiamento público. Correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) A definición, validación e implantación de programas e obxectivos asistenciais das entidades, organismos, estruturas e centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde.
- b) A coordinación, control e avaliación da actividade asistencial e o seguimento, control e xestión da accesibilidade na atención sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- c) A ordenación, planificación e innovación dos recursos asistenciais; o desenvolvemento e coordinación da política autonómica en relación coa prestación farmacéutica.
- d) A elaboración, implantación e avaliación de obxectivos de carácter asistencial que deben cumprir as áreas sanitarias e organismos adscritos ao Servizo Galego de Saúde.
- e) O establecemento das directrices de carácter xeral e o seguimento das actividades asistenciais desenvolvidas polas áreas sanitarias, organismos e centros do Sistema público de saúde de Galicia mediante a subscrición dos oportunos acordos de xestión.
- f) A análise das necesidades de contratación en centros e servizos, así como a proposta de subscrición dos correspondentes acordos marco de xestión e o seu seguimento e control asistencial.
- g) A promoción da integración e a coordinación de todos os dispositivos e recursos, fomentando as actuacións multidisciplinares dos diferentes ámbitos ou niveis, para garantir a continuidade asistencial.
- h) O impulso da efectividade e da eficiencia nos procesos asistenciais, e a promoción da seguridade, calidade e a súa mellora continua.
- i) O fomento dun modelo de avaliación periódica da actividade asistencial que permita sistematizar a medición do uso dos recursos sanitarios a partir dos resultados de saúde obtidos nos procesos asistenciais.
- j) A planificación do dimensionamento dos recursos de todos os/as profesionais sanitarios/as en coordinación coa Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
- k) A actualización e a transformación organizativa e funcional dos centros e áreas sanitarias de cara a mellorar os niveis de efectividade, calidade, seguridade e eficiencia, en coordinación coa planificación sanitaria elaborada pola Consellería de Sanidade.
- l) A aprobación dos plans, programas, directrices e criterios de actuación a que deben someterse os centros, servizos e establecementos incluídos no Servizo Galego de Saúde, así como o exercicio da supervisión e control respecto a estes.
- m) A elaboración, desenvolvemento e avaliación dos programas sanitarios do Servizo Galego de Saúde.
- n) O establecemento e a xestión da carteira de servizos que presta cada un dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais propios ou adscritos, con arranxo ao previsto no artigo 60 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- o) O desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e de mellora da xestión.

- p) A análise e a coordinación do programa Oficina Técnica de Medicina Personalizada.
- q) En xeral, aquelas outras funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

COMPETENCIAS DA DIRECCIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS

É o órgano encargado, con carácter xeral, da dirección económica e financeira e da planificación, execución e control dos programas de investimentos de obras, instalacións, servizos e subministracións e da coordinación da xestión económico-administrativa, de compras, loxística e de servizos xerais dos centros do Servizo Galego de Saúde. Para iso correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

- a) A elaboración e redacción do anteproxecto de orzamento do Servizo Galego de Saúde.
- b) O establecemento das bases e directrices da xestión económica do Servizo Galego de Saúde, así como o desenvolvemento das actuacións de control e avaliación da xestión económica e orzamentaria dos seus centros de gasto.
- c) A tramitación das modificacións orzamentarias e outras operacións sobre os orzamentos que sexan necesarias para o axeitado funcionamento do Servizo Galego de Saúde e daqueles expedientes de gasto do organismo autónomo que non fosen obxecto de delegación noutros órganos.
- d) A supervisión da xestión económica e orzamentaria dos centros de gasto do Servizo Galego de Saúde e o seu seguimento.
- e) Os actos de execución da xestión do patrimonio do organismo autónomo.
- f) A planificación, a execución e o control dos programas de investimentos relativos a obras, instalacións e equipamentos dos centros asistenciais, en coordinación coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- g) A xestión contractual e económico-administrativa da actividade desenvolvida polos órganos centrais do Servizo Galego de Saúde e da asistencia sanitaria prestada con medios alleos, sen prexuízo das competencias da Xerencia e da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- h) A coordinación dos servizos económico-administrativos, de contratación, de aprovisionamento, hostaleiros, de mantemento técnico e loxística en xeral dos centros do organismo autónomo.
- i) A declaración de uniformidade dos bens e servizos de adquisición centralizada do organismo autónomo, e a coordinación e potenciación dos sistemas de información económica.
- j) A coordinación das relacións do organismo cos órganos de control internos da Xunta de Galicia ou con órganos de control externos.
- k) Determinar as actuacións para a racionalización e a simplificación dos procedementos e dos métodos de traballo dos órganos da dirección.

- l) En xeral, aquelas outras funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

COMPETENCIAS DA DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS

É o órgano ao cal lle corresponde o exercicio das seguintes funcións:

- a) Deseño e execución da política de persoal do organismo autónomo.
- b) Xestión de todos os colectivos que se integran no Servizo Galego de Saúde.
- c) Convocatoria e execución dos procesos de selección e provisión de postos de traballo do persoal estatutario.
- d) Proposta, tramitación e ordenación de gastos e pagamentos referentes ás retribucións do persoal de centros de gasto do organismo que non posúan esta atribución, así como a aprobación dos expedientes de modificación do persoal dos centros sanitarios, de conformidade co previsto para estes efectos pola Lei de orçamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- e) Deseño e xestión do sistema de desenvolvemento profesional, conforme as directrices marcadas pola Consellería de Sanidade.
- f) Colaboración na redacción do plan anual de formación do persoal do organismo autónomo.
- g) Impulso e participación cos órganos de representación de persoal, particularmente nas mesas sectoriais de negociación, e a elaboración e tramitación de proxectos de pactos e acordos.
- h) Coordinación en materia de prevención de riscos laborais do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
- i) Elaboración e modificación, se é o caso, dos plans de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde e a súa elevación ao Consello de Dirección para a súa aprobación.
- j) Desenvolvemento, xestión e seguimento do expediente profesional electrónico dos/das profesionais do Sistema público de saúde de Galicia.
- k) Calquera outra que lle poida corresponder de acordo coa normativa vixente, ou que poida serlle asignada.

CONSELLO ASESOR DE PACIENTES

Creado por Orde do 22 de agosto de 2011, é un órgano de asesoramento do Servizo Galego de Saúde, adscrito á Xerencia do Organismo autónomo, que ten como finalidade avanzar na mellora da seguridade dos/das pacientes, familiares e persoal coidador, actuando coma unha estrutura que sirva para incrementar a calidade dos servizos sanitarios, fomentando os niveis de

participación e facilitando aos/ás pacientes a información necesaria para a toma de decisións e calquera outra de interese.

COMPETENCIAS DAS ÁREAS SANITARIAS

Son funcións da Xerencia da Área Sanitaria as seguintes:

- a) Desempeñar a representación da respectiva área sanitaria e a superior responsabilidade dentro dela.
- b) Presidir a Comisión de Dirección, o Consello de Dirección da Área, a Comisión de Atención Primaria da Área e as comisións específicas que sexan creadas no seu ámbito.
- c) Elaborar o plan estratéxico dentro do seu ámbito e establecer os obxectivos dos servizos integrados e a súa avaliación, de acordo coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- d) Cumprir e facer cumprir, no seu ámbito, os acordos de xestión asinados anualmente cos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde.
- e) Xestionar todos os recursos da respectiva área sanitaria para garantir a prestación dos servizos definidos na carteira de servizos.
- f) Propoñer á Xerencia do Servizo Galego de Saúde, con carácter facultativo, a subscripción e resolución dos contratos de servizos sanitarios necesarios para cubrir a demanda asistencial no seu ámbito, sendo a unidade encargada da xestión e seguimento da execución ordinaria do contrato, de maneira que se adapte ás necesidades reais da poboación coa utilización eficiente de todos os recursos.
- g) Xestionar, no seu respectivo ámbito, as prestacións básicas e complementarias recollidas no Catálogo de prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- h) Programar, dirixir e controlar a execución da actividade, a través dos medios persoais e materiais dispoñibles e a coordinación das súas unidades. Para estes efectos poderá facer uso dos mecanismos previstos no artigo 124 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, en relación coa expedición de nomeamentos ou ditar ordes de servizo necesarias, así como exercer as competencias resolutorias, propias ou delegadas, en relación co persoal da área.
- i) Organizar os recursos humanos, materiais, tecnolóxicos e financeiros no seu respectivo ámbito.
- j) Coordinar e elaborar a proposta de anteproxecto de orzamentos dos servizos asistenciais do seu ámbito de xestión.
- k) Coordinar e elaborar a proposta integrada do plan anual de investimentos e dar cumprimento do plan aprobado.
- l) Xestionar os plans de calidade, seguridade e atención ao/á paciente, no seu respectivo ámbito.

- m) Potenciar a participación social e da cidadanía, mellorando as canles de información, propoñendo accións de formación á cidadanía para a toma de decisións e potenciando a xestión eficaz e o funcionamento do Consello de Saúde da Área.
- n) Instruír e resolver os procedementos de reclamacións, suxestións e agradecementos.
- o) Propoñer e executar, logo da aprobación pola dirección xeral con competencias en asistencia sanitaria, a reorganización asistencial que se considere necesaria para mellorar a equidade, accesibilidade e autonomía de elección do/da paciente.
- p) Fomentar a investigación, o desenvolvemento e a transferencia de coñecementos do ámbito sanitario na súa área.
- q) Potenciar a cooperación en materia de investigación, desenvolvemento, innovación e transferencia de coñecementos entre o sistema sanitario público, outras administracións, as empresas e as universidades, sobre todo coas da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias atribuídas á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.
- r) Supervisar a actividade docente que se realice nos centros da súa competencia, incluída a formación especializada, conforme as acreditacións, concertos e convenios establecidos ou que se establezan, sen prexuízo das competencias atribuídas á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.
- s) Resolver os procedementos e recursos nos casos establecidos pola normativa vixente que se susciten no ámbito da competencia da Xerencia da Área Sanitaria.
- t) Asumir as tarefas de encargado de tratamento, nos termos definidos na lexislación en materia de protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais. Estas tarefas aplicaranse a todos aqueles tratamentos que conteñan datos de tal carácter nos centros ou servizos abranguidos no seu respectivo ámbito e realízanse seguindo as instrucións corporativas emitidas pola persoa titular da Consellería de Sanidade, na súa condición de responsable destes tratamentos, sen prexuízo das funcións atribuídas neste ámbito á Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información.
- u) Determinar a suplencia temporal das persoas titulares dos postos directivos recollidos no artigo 4, para os casos de vacante, ausencia ou enfermidade, e tamén para os casos en que sexa necesario designar suplente como consecuencia da concorrencia de causas de abstención ou recusación, nas situacións previstas legalmente.
- v) Corresponderalle ao titular da xerencia, ou persoa en quen delegue, presidir as reunións cos representantes dos traballadores nas respectivas comisións de centro.
- w) Exercer calquera outra función que lle sexa encomendada ou delegada polos órganos competentes.

DIRECCIÓNS DOS DISTRITOS SANITARIOS

Son funcións da Dirección de Distrito as seguintes:

- a) Será responsable da execución das directrices e proxectos establecidos para o seu ámbito.
- b) Xestionar a demanda asistencial tanto de atención primaria, como hospitalaria, como sociosanitaria do distrito sanitario, baixo a coordinación da dirección asistencial da xerencia da área.
- c) Desenvolver os procesos asistenciais integrados entre atención primaria e atención hospitalaria.
- d) Asumir, no seu respectivo ámbito, a responsabilidade do cumprimento dos acordos de xestión asinados anualmente cos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde.
- e) Asumir, no seu respectivo ámbito, a responsabilidade da xestión de todos os recursos asignados ao seu ámbito de competencias para garantir a prestación dos servizos definidos na carteira de servizos.
- f) Executar os plans de calidade, seguridade e atención á cidadanía no seu respectivo ámbito.
- g) Potenciar a participación social e da cidadanía, mellorando as canles de información, e potenciando o funcionamento dos consellos de saúde do distrito sanitario.
- h) Instruír en tempo e forma as reclamacións e queixas.
- i) Coordinar a actividade docente que se realice nos centros da súa competencia, incluída a formación especializada, conforme as acreditacións, concertos e convenios establecidos ou que se establezan, sen prexuízo das competencias atribuídas á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.
- j) Impulsar e fomentar a investigación, o desenvolvemento, a innovación e a transferencia de coñecemento sanitario no seu respectivo ámbito, sen prexuízo das competencias atribuídas á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.
- k) Exercer calquera outra función que lle sexa delegada polos órganos competentes.

1.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Figuran adscritas á Consellería de Sanidade as seguintes axencias públicas:

- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, creada mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, para a xestión da docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.
- Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, creada mediante o Decreto 142/2015, do 17 de setembro. A creación da axencia responde á necesidade de acadar a coordinación, aumentar a eficacia e a eficiencia nas distintas actividades que se agrupan e que responden aos seguintes fins xerais:

- Garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes.
- Coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o implante de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes.

Asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.

1.2.4. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAS

Figura adscrita á Consellería de Sanidade a seguinte sociedade mercantil:

GALARIA S.A.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., creada en virtude do Decreto 209/2008, do 28 de agosto, polo que se modifican a denominación e os estatutos do Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A, creado polo Decreto 229/1994, do 14 de xullo, coa finalidade de adaptar a denominación e o obxecto social do citado instituto ás novas finalidades e necesidades públicas detectadas.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no campo sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario. Coa entrada en vigor do Decreto 88/2015, do 25 de xuño, intégranse no Servizo Galego de Saúde as unidades de cirurxía cardíaca e cardioloxía intervencionista, que dependían de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

1.2.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Figuran adscritas á Consellería de Sanidade as seguintes fundacións públicas:

- Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía.
- Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-06 I.
- Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

A función principal da Consellería de Sanidade é a protección da saúde dos galegos, un obxectivo absolutamente prioritario que explica a relevancia deste departamento nos Orzamentos da Administración autonómica.

A configuración das Contas públicas responde así á necesidade de dispoñer as dotacións necesarias para garantir unha cobertura sanitaria integral e para promover a saúde da cidadanía a través de ferramentas de prevención e control eficaces; así como dunha asistencia á enfermidade de máxima calidade, humanizada e sustentada nun impulso permanente á formación, á investigación e á innovación sanitarias.

A orientación básica das políticas sanitarias que se desenvolverán en 2025 está recollida na Estratexia de Saúde de Galicia 2030, documento esencial aprobado no ano 2023 co fin de acadar unha maior integración do conxunto de actuacións en materia sanitaria, dotándoas de mecanismos de coherencia global. Así, establécense como fins transversais, a procura dunha maior transparencia nos resultados en saúde do sistema; a integración áxil das innovacións tecnolóxicas e terapéuticas; a aposta polos modelos de atención personalizados; e o enfoque proactivo que contribúa á anticipación da enfermidade.

As accións deseñadas para a consecución dos obxectivos das políticas sanitarias veñen, en gran medida, determinadas por un contexto marcado polo déficit de profesionais sanitarios, pola dispersión territorial, pola evolución sociodemográfica e pola necesidade de canalizar de forma racional e beneficiosa para o sistema o potencial de progreso que ofrecen as novas tecnoloxías e a intelixencia artificial.

Nese marco común desenvólvense o conxunto de programas destinados a mellorar a calidade da saúde dos galegos e a optimizar o funcionamento do sistema sanitario público: desde os programas orientados a consolidar a Atención Primaria como o pilar central do Servizo Galego de Saúde, ata os plans de xestión do cancro, da saúde mental, das enfermidades raras, da oncoloxía de precisión, da reprodución humana asistida, da saúde comunitaria, de atención á cronicidade e de entrega dos medicamentos no entorno dos domicilios dos pacientes, pasando pola erradicación do tabaquismo, a eliminación da hepatitis C como problema de saúde pública, ou a transformación cara á saúde dixital ou á sostibilidade ambiental do sistema sanitario.

Os orzamentos da Xunta de Galicia para 2025 reflicten, igualmente, as metas fixadas no Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade; así como no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, que, entre outras novidades, fixeron efectiva a creación do Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades, a subdirección xeral de Atención

á Saúde Mental, a Unidade de Procesos e Enfermería e o Servizo de Xestión Intelixente do Dato e a Intelixencia Artificial.

Tendo en conta todo o anterior, a Secretaría Xeral Técnica, dótese dos recursos necesarios para desenvolver o seu papel coordinador, baixo a dirección da persoa titular da Consellería, dos diferentes programas e actuacións impulsados polas direccións xerais e entes do sector público adscritos, así como das iniciativas normativas e trámites xurídicos do sistema sanitario de Galicia, ao tempo que presta soporte aos equipos de inspección médica e farmacéutica e continúa a liderar o desenvolvemento normativo da lexislación autonómica en materia de ordenación farmacéutica.

Dentro da Secretaría Xeral destaca a crecente relevancia do labor que desempeña a Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías de Información na planificación, coordinación e execución das distintas iniciativas relacionadas cos sistemas e tecnoloxías de información impulsadas no sistema sanitario público.

Neste eido, a Secretaria Xeral Técnica continuará a desenvolver en 2025 o plan estratéxico de Transformación e Saúde Dixital 2023-2026, que abrangue desde os servizos de saúde pública ata os asistenciais, pasando polas aplicacións de xestión económica e as plataformas de formación e investigación. Para o desenvolvemento deste plan prevense investimentos orzamentarios relevantes e financiación comprometida a través dos fondos propios da comunidade autónoma, os fondos rexionais Feder 21-27 e os fondos do mecanismo MRR asociados a programas concretos, tales como a transformación dixital de atención primaria, as plataformas para a xestión da xenómica ou a integración de Galicia nos espazos de datos europeos.

Entre as liñas de investimento estratéxicas que se impulsarán ao abeiro deste plan en 2025 destacan:

- Desenvolver as capacidades da intelixencia artificial no ámbito sanitario e promover unha organización sanitaria sustentada na xestión intelixente do dato:
Consolidando a evolución da historia clínica electrónica galega IANUS5 cara á unha historia clínica máis intelixente e enfocada a medir os resultados en saúde.
Investindo para facer extensivo o uso da intelixencia artificial para a mellora das capacidades de diagnóstico clínico, a detección e prevención de enfermidades e a mellora dos procesos produtivos da organización.
Fortalecendo a compartición dos datos en espazos autonómicos, nacionais e supranacionais.
Promovendo a figura do Consello Técnico Asesor en Intelixencia Artificial e Espazo de Datos do Sistema Público de Saúde para asegurar un uso intensivo, seguro, responsable e ético destas tecnoloxías e os seus datos asociados.
- Evolucionar cara a unha sanidade máis conectada e accesible para o paciente:

Mellorando a capacidade dos cidadáns para relacionarse dixitalmente con nós, aumentando a prestación dos canles dixitais de saúde (como SergasMóbil), así como dos dispositivos médicos conectados á internet IoMT (Internet das cousas médicas, nas súas siglas en inglés), permitíndonos, ademais, optimizar os procesos asistenciais e administrativos e mellorar a interacción co paciente.

Despregando asistentes virtuais de apoio á cidadanía que melloren o grao de acceso e autonomía dos pacientes no seguimento da súa saúde.

Potenciando os sistemas de videoconferencia e mensaxería asíncrona entre pacientes e o persoal sanitario.

Ampliando as canles de promoción da saúde e de educación sanitaria á cidadanía.

Desenvolvendo centros sanitarios intelixentes que posúan tecnoloxía que permita ao cidadán interactuar facilmente coa administración a través de quioscos intelixentes, evitando colas ou esperas innecesarias na súa atención, realizando un control de ocupacións de salas, permitindo axilizar trámites administrativos ou informando adecuadamente dos seus dereitos ou posibilidades de atención.

- Avanzar nunha organización sanitaria desburocratizada e áxil a través da automatización das tarefas de baixo valor engadido e do despregamento de plataformas tecnolóxicas que potencien o diagnóstico en rede:

Implantando sistemas intelixentes de xestión e diagnóstico en rede, especialmente nas áreas de UCI, quirófanos, imaxe radiolóxica e anatomopatolóxica, ciencias ómicas e investigación e estudos clínicos.

Unificando os procesos asistenciais e administrativos para a eliminación de ineficiencias ou duplicidades.

Realizando unha optimización dos contornos clínicos complexos e multidisciplinares a través da creación de sistemas de xestión para a planificación e demanda de recursos e a análise e simulación de procesos clínicos e administrativos.

Desenvolvendo plataformas que permitan relación cada vez máis dixital entre a administración e os seus profesionais e entre a administración e as empresas.

Despregando ferramentas de RPA (automatización robótica de procesos) para axilizar os procesos burocráticos e reducir a carga de traballo dos profesionais da organización.

- Asegurar unha organización sanitaria ciberresiliente

No ano 2024 a sanidade pública galega certificouse no Esquema Nacional de Seguridade en todos os seus ámbitos de actuación dixital e no ano 2025 continuaremos facendo importantes investimentos en ciberseguridade e ampliando a capacidade das comunicacións, do procesamento e do almacenamento dixital.

No marco das funcións da Secretaría Xeral Técnica, en 2025 terá, tamén, un papel especialmente relevante a Subdirección Xeral de Inspección no labor de seguimento das prestacións

sanitarias, abondando no control da prestación de incapacidade temporal para loitar contra a fraude.

Promoverase a posta en marcha de programas de control do absentismo coa implicación directa do persoal inspector médico e subinspector sanitario das Unidades de Inspección e control de Saúde Laboral. E consolidarase a unidade de apoio para o control desta prestación en todas as áreas sanitarias de Galicia, con persoal de Servizos Centrais de Inspección, e mesmo outro persoal que, voluntariamente, participe desde outras unidades periféricas cos dispositivos informáticos necesarios.

Procurarase o control efectivo da prestación de incapacidade laboral en todos os niveis, promovendo o seguimento presencial dos pacientes por parte dos médicos de Atención Primaria con carácter previo á emisión dos partes de baixa ou alta e garantindo que os usuarios dispoñan das citas na data necesaria para o seu control.

Facilitarase a formación do persoal médico nas normas e ferramentas tecnolóxicas para o control efectivo da prestación de incapacidade temporal e tomaranse medidas para o control do absentismo do persoal da Administración Pública autonómica, incluíndo o persoal que se determine nas encomendas de xestión asinadas pola Consellería de Sanidade con MUFACE ou MUGEJU.

Ademais, coordinarase coas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social o seu papel de control do absentismo, facilitando a realización de probas con autorización da Inspección e a súa posta á disposición da rede sanitaria pública. Para isto prevese reforzar a Inspección dos Servizos Sanitarios cos efectivos necesarios para resolver con axilidade as solicitudes de autorización de probas.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Saúde Pública afianzará en 2025 o liderado de Galicia na prevención dos riscos sanitarios e na promoción da saúde e dos estilos de vida saudables.

A través do recentemente creado Centro Galego para o Control e Prevención de Enfermidades (Cegace) reforzase a capacidade de vixilancia epidemiolóxica de enfermidades e de riscos para a saúde.

Ao tempo, a Dirección Xeral de Saúde Pública realizará achegas decisivas ao desenvolvemento da Estratexia galega para a xestión do cancro a través do impulso do Rexistro Galego de Tumores (REGAT), co fin de recoller información sobre os tumores malignos diagnosticados na poboación de Galicia para dar resposta ás necesidades da xestión asistencial, de investigación, de planificación e de vixilancia epidemiolóxica.

No ámbito da prevención primaria, continuarase a apostar en 2025 por manter o calendario de inmunización para toda a vida máis completo de España, convertido en referente pola súa incorporación en 2023 do anticorpo contra o virus respiratorio sincital, da vacina do rotavirus e da meningocócica tetravalente na poboación infantil, que complementan á introdución en 2022

da vacina contra a meninxite B xunto á extensión da vacina do papiloma humano aos nenos varóns e a xeneralización da vacina antigripal infantil. Por outra banda, consolidarase, tamén, o reforzo introducido de vacinación infantil e de adultos contra o pneumococo a máis serotipos e coa inclusión da vacinación contra o herpes zóster en adultos. Estas inmunizacións e a inclusión de vacinas noutros grupos de risco, xunto ás altas taxas de cobertura acadadas nas campañas das vacinacións xa establecidas, explican o incremento de recursos destinados a estas actuacións.

Os programas de cribado para a detección precoz de cancro de cérvix, mama e colon seguirán a desenvolverse no 2025 consolidando a súa implantación en Galicia e aplicando estratexias para o aumento de participación. Paralelamente, seguirase a traballar nos programas piloto para programas de detección precoz dos cancros de pulmón e de próstata.

Galicia continuará mantendo o carácter pioneiro do seu programa de cribado neonatal, afianzándoo como o máis completo do Estado. A nova ampliación da carteira de cribados a finais do ano 2024, engadindo tres novas patoloxías pouco frecuentes, e a súa consolidación no ano 2025, pon de manifesto a aposta pola prevención secundaria nos máis cativos. Cómpre destacar, así mesmo, a próxima introdución do cribado neonatal de cardiopatías conxénitas críticas.

Pola súa banda, o desenvolvemento da Estratexia para a eliminación da Hepatite C como problema de saúde pública en Galicia continuará facilitando o cribado progresivo desta enfermidade na poboación de entre 40 e 69 anos.

Xunto á estratexia relativa á hepatitis C, seguirase a desenvolver a actividade de loita contra outras enfermidades transmisibles, a través da colaboración coas entidades locais para actividades de prevención ou a través do reforzo de instrumentos como o Programa galego de prevención e control da Tuberculose ou o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS), que experimentou importantes innovacións coa incorporación dos programas VIH/XIA nas urxencias hospitalarias ou en colaboración con entidades sociais.

No que se refire á saúde ambiental, como novidade, terán unha especial atención todas as actuacións que se leven a cabo para paliar os efectos do cambio climático na saúde da poboación galega, como por exemplo as que teñen que ver co impacto na saúde das temperaturas extremas (altas e baixas) ou da calidade de aire exterior. Relacionado co cambio climático e dentro dun enfoque dunha soa saúde reforzase a colaboración con outras unidades das consellerías competentes en materia de sanidade humana e de sanidade animal a través da Rede Galega de Vixilancia de Vectores, realizando unha vixilancia ambiental e entomolóxica dos vectores (fundamentalmente mosquitos e carrachas) transmisores de enfermidades emerxentes en España tales como o dengue, Zika, chikungunya, febre do Nilo Occidental ou febre hemorráxica do Crimea-Congo.

Continuarase durante o ano 2025 coa transformación dixital dos procesos do Laboratorio Galego de Saúde Pública e da Inspección de Saúde Pública, para modernizar, simplificar e estan-

darizar as actuacións de todo o persoal do control oficial da Comunidade Autónoma de Galicia (nos ámbitos da saúde ambiental e da seguridade alimentaria).

Todo o equipamento incorporado durante o ano 2024 ao Laboratorio de Saúde Pública, por medio de fondos propios e, sobre todo, europeos, permitirá a esta unidade central localizada en Lugo aumentar a súa capacidade analítica e a súa carteira de servizos, con especial atención na secuenciación xenómica colaborando cos servizos de microbioloxía das áreas sanitarias na rede de técnicas ómicas que se está a desenvolver.

A colaboración coas universidades galegas servirá, tamén, para seguir sustentando a actuación de redes como a de Aerobioloxía ou a de Vixilancia de Enfermidades Transmitidas por Vectores, que se están a revelar como cada vez máis útiles para abordar a prevención de riscos ambientais. Continuarase a colaboración coa universidade a través da recentemente creada Cátedra de Saúde Ambiental co obxectivo de identificar novos riscos, factores emerxentes ou contaminantes ambientais e estudar o impacto en saúde da exposición da poboación galega aos factores ambientais para conseguir diminuír a súa repercusión na saúde pública.

No eido da promoción dos estilos de vida saudables, os plans Obesidade Zero e Inspira Saúde seguirán a guiar as actuacións a realizar na prevención de problemas de saúde tan relevantes como a obesidade ou o tabaquismo. Manteranse programas en marcha como 'Adestra a túa saúde' e ampliaranse as redes de espazos sen fume (praías, parques...); o apoio á investigación nestes eidos con instrumentos como a Cátedra de Vida Saudable creada coa USC ou a divulgación de contidos e actividades a través de plataformas como a xa consolidada Xanela Aberta á Familia e a nova Sanidade Mediaverso.

Ao mesmo xeito, no marco do plan Obesidade Zero afondarase no traballo en rede coas universidades, coas escolas e cos concellos, e como novidade incluírase a rede galega de promoción da saúde na etnia xitana.

No ámbito da prevención das adicións promóvese a Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas, tras o cal poderase avanzar na implantación das liñas contempladas nela.

Tamén afondarase na investigación en colaboración coa universidade para a determinación de substancias psicoactivas en augas residuais.

Xunto ao traballo nos programas autonómicos de prevención das adicións, o departamento de saúde pública participará tamén nos programas relativos á prevención dos trastornos mentais e do suicidio en coordinación co departamento de asistencia sanitaria.

Con carácter transversal traballarase nun plan de calidade para todas as unidades implicadas na saúde pública, seguindo a estela da recente acreditación pola norma UNE-EN ISO 17020 da inspección de saúde pública de Pontevedra.

Finalmente, a Escola Galega de Saúde Pública e o Observatorio de Saúde Pública de Galicia creados nesta lexislatura facilitarán a divulgación do coñecemento xerado polas actuacións da Xunta nesta materia, así como os principais indicadores de saúde, entre os sectores profesionais, o tecido social e a cidadanía en xeral.

As políticas impulsadas pola Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, avanzarán en 2025 cara á promoción de modelos sanitarios nos que pacientes e profesionais sexan o centro das estratexias, sendo Galicia, unha vez máis, a comunidade de referencia que marca o rumbo da transformación da Atención Primaria.

Así, neste ano consolidaranse as bases da planificación estratéxica para a modernización do sistema público de Saúde de Galicia dirixíndoo cara ao modelo de gobernanza, xestión e seguimento da Estratexia Galega de Saúde 2030, baseado na planificación a medio e longo prazo, á coordinación efectiva dos diferentes axentes do ecosistema e a análise de resultados.

A Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria coordinará o desenvolvemento da Estratexia Galega de Saúde Comunitaria en Atención Primaria 2023-2027, que supón a evolución da atención centrada na enfermidade a un sistema centrado na persoa, cunha abordaxe biopsicosocial, a través de intervencións comunitarias de alto impacto sanitario e social co obxecto de influír positivamente no estilo de vida e os determinantes de saúde da poboación.

Nese marco, reforzarase a estrutura organizativa da Atención Primaria e facilitaranse ferramentas e recursos para desenvolver os tres niveis de orientación comunitaria, impulsando, ao tempo, a innovación e coñecemento en saúde para a mellora continua neste eido. Deste xeito, faise imprescindible a extensión dos Plans Locais de Saúde á totalidade dos servizos de Atención Primaria e, como complemento, en 2025 levaranse a cabo actividades formativas destinadas a mellorar a función de liderado dos xefes dos servizos de atención primaria implicados.

A través da nova historia clínica electrónica IANUS5, promoverase un novo modelo de atención integral e personalizado, a avaliación dos resultados en saúde e a experiencia dos pacientes e dos profesionais. Para iso, requírese, entre outras cousas, a definición, deseño e implantación dos procesos, vías e guías clínicas na historia clínica, así como a xeración e validación de contidos para o apoio aos modelos de gobernanza algorítmicos, sendo necesaria a formación dos profesionais sanitarios no manexo da funcionalidade da historia clínica para velar pola calidade da mesma.

Estase a traballar para que IANUS5 dispoña dun servidor terminolóxico único e común para todos os profesionais, con independencia do seu ámbito asistencial, o cal permitirá representar con precisión a información e coñecemento clínico no ámbito da asistencia sanitaria.

Doutra banda IANUS5 vai ser, tamén, a ferramenta que dea soporte ao novo modelo de atención sociosanitaria. Tras o seu deseño, estase elaborando o plan de atención ao paciente crónico complexo e/ou avanzado. Ao tempo continuará o traballo conxunto coa Consellería de Política Social para a súa posta en marcha no ámbito residencial.

A colaboración de ambas as consellerías permitiu a creación da Plataforma de Atención Sociosanitaria, sen precedentes no ámbito nacional, facilitando a comunicación bidireccional entre os ámbitos social e sanitario.

Cómpre destacar a relevancia da formación dos profesionais sanitarios en aspectos tan significativos como a xestión clínica, a organización da información na historia clínica de maneira que permita acadar a nitidez e veracidade dos datos clínicos, tanto para a asistencia como para o bo funcionamento dos sistemas de axuda, así como o coñecemento e manexo das novas funcionalidades das que dispón a nova historia e que achegan moito valor á prestación sanitaria (TELEA, PHR, HEXIN,...), cronicidade, ecografía clínica, así como en enfermería de práctica avanzada; e a formación dos profesionais non sanitarios en xestión da demanda ou CRM100, polo que desde a Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria seguirase a traballar na formulación dunha oferta formativa de interese.

Continuarase co investimento en equipamento clínico innovador que permita aumentar a capacidade de resolución da Atención Primaria, como xa se fixo coa dotación de ecógrafos, bisturís eléctricos e point of care, entre outros. Ademais, tamén se dedicarán recursos á renovación e mellora de infraestruturas e mobiliario, adaptándose así ás novas necesidades da poboación e mellorando a experiencia de usuarios e profesionais.

Adoptaranse as medidas previstas no Plan de desburocratización da Atención Primaria, co obxectivo de reducir ao mínimo imprescindible as tarefas administrativas que desempeñan os facultativos para que poidan dedicar o máximo tempo posible á atención médica aos pacientes.

Para axilizar esa carga burocrática en atención primaria optimizaranse os recursos dispoñibles para mellorar a eficiencia co desenvolvemento de modelos para a redución da burocracia, centrando o labor do médico na atención ao paciente e facilitando ao usuario a xestión dos trámites.

Con ese mesmo espírito, levaranse a cabo cambios a nivel organizativo co obxectivo de acadar o límite superior de competencias en todas as categorías existentes en Atención Primaria, sempre respectando o marco competencial regulado pola normativa actual. Ademais, seguirase a facer unha adecuada xestión da demanda de xeito que se estableza a cada persoa a atención axeitada en función do tipo de necesidade e que esta sexa prestada polo profesional idóneo.

Desenvolvéranse os protocolos de xestión de enfermería a demanda XED, como instrumentos de soporte e apoio clínico que, permiten ao persoal de enfermería de atención primaria dar unha resposta de xeito seguro e homoxéneo ás necesidades dos pacientes no marco das súas competencias, e seguirase a traballar na liña proposta pola Iniciativa Marco de Coidados do Sistema Nacional de Saúde.

O Orzamento de 2025 tamén contempla a posta en marcha do Plan Galego de Cirurxía Menor en Atención Primaria, establecendo a carteira de servizos de cirurxía menor a prestar nos citados centros, identificando as patoloxías máis relevantes e os procedementos cirúrxicos

máis axeitados a realizar neste nivel asistencial. Este plan requirirá da formación de máis de 300 profesionais a través de 14 edicións nas que se porán en práctica o uso dos 104 bisturís eléctricos dos que foron dotados no ano 2024 os servizos de atención primaria e así garantir e potenciar a súa capacitación.

Reforzase a calidade da Atención Primaria mediante o Plan Galego de Atención Domiciliaria en Atención Primaria 2024-2025, que potencia a asistencia no domicilio en función da situación clínica e das necesidades sociosanitarias do paciente, establecendo un modelo baseado na proactividade do sistema, a continuidade asistencial e o plan de atención individualizado.

Para continuar garantindo os principios de equidade, calidade e accesibilidade do noso sistema sanitario, desenvolverase e implementarase o Plan organizativo e funcional para a Atención Primaria no ámbito Rural, como medio para facer fronte ás necesidades específicas do eido rural galego.

No eido da reprodución humana asistida, durante o vindeiro ano levarase a cabo a coordinación do desenvolvemento do novo modelo de biovixilancia de células e tecidos reprodutivos destinados ao seu uso en humanos, no marco do proxecto de Sistema nacional de biovixilancia de células e tecidos para a área de reprodución asistida do Ministerio de Sanidade, así como a xestión das novas solicitudes de Diagnóstico Xenético Preimplantacional que requiran de informe preceptivo por parte da Comisión Nacional de Reprodución Humana Asistida.

En materia de aseguramento sanitario, ademais das actuacións en materia de asesoramento, elaboración e tramitación dos expedientes dos convenios especiais de prestación de asistencia sanitaria para as persoas que non teñen dereito a asistencia sanitaria por outra vía, en 2025 publicaráse a nova Guía de Aseguramento, que recolle as modificacións normativas e actualización dos procedementos nesta materia.

No tocante á planificación sanitaria, realizarase a determinación das necesidades de médicos especialistas para o sistema sanitario de Galicia a medio prazo en relación coas necesidades de formación especializada en ciencias da saúde, así como a análise e informe das necesidades de formación universitaria no grao de medicina, tendo en conta as baixas agardadas e os facultativos especialistas que finalizan a súa formación no Servizo Galego de Saúde durante o período 2025-2037.

No eido da ordenación farmacéutica, desenvolverase o proxecto de declaración de determinadas zonas farmacéuticas especiais para garantir a cobertura do dereito esencial á prestación farmacéutica. Paralelamente, definirase un mapa de atención farmacéutica de carácter dinámico, que permita identificar as particularidades de esas zonas farmacéuticas especiais.

No referente ao sistema de tarxeta sanitaria, manterase a xestión do sistema poboacional de Galicia e o deseño e xestión dos documentos que acreditan aos cidadáns para o acceso aos servizos sanitarios públicos. Durante o ano 2025 rematará a substitución de todas as unidades de tarxeta sanitaria do antigo modelo (anteriores a agosto de 2014).

Paralelamente, desenvolveranse actuacións para a implantación dun novo deseño da Tarxeta Sanitaria Galega e colaborarase coa Dirección Xeral de Recursos Humanos no deseño e na implantación dunha tarxeta identificativa para os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

No eido das colaboracións co Ministerio de Sanidade, participaremos no proxecto para a creación dunha base de datos poboacional completa e continuaremos desenvolvendo o proxecto de creación dunha tarxeta sanitaria virtual válida para todo o Sistema Nacional de Saúde.

Continuarase prestando atención directa á cidadanía e aos profesionais en relación a xestión e requisitos de acceso aos servizos sanitarios.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

A atención prioritaria que a Xunta de Galicia lle concede á asistencia sanitaria maniféstase con claridade no feito de que este organismo autónomo sexa novamente o centro directivo que capta o maior volume de recursos nos orzamentos autonómicos en 2025, canalizando un dos fins fundamentais do goberno e a administración autonómica.

O traballo de incorporación de novos servizos á carteira sanitaria; de dotación de máis recursos humanos e de estabilización dos xa existentes; de renovación e incorporación de tecnoloxía punteira; e de construción de novas infraestruturas motivan que, novamente, a sanidade pública acade un investimento inédito na historia da Comunidade, como sostén necesario dun sistema que medra en servizos e en recursos.

O vindeiro ano impulsarase o traballo de humanización dos servizos asistenciais dos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, con ferramentas que favorezan o despregue dunha cultura de humanización entre a cidadanía e deseñando as liñas formativas de atención, colaborando coas Universidades para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitaria, promovendo a carreira docente dos profesionais sanitarios e conxeniando con entidades e asociacións do ámbito da saúde para complementar a asistencia.

No ámbito asistencial, a consolidación do traballo realizado nos últimos anos e o avance cara aos obxectivos marcados na Estratexia Galega de Saúde 2030 guiarán a execución deste relevante orzamento.

A distribución dos recursos responde á necesidades asistenciais dunha poboación cada vez máis envellecida e pluripatolóxica que necesita accións preventivas da aparición ou da evolución dos seus problemas de saúde; modelos personalizados de atención directa integrada e orienta-

dos a resultados en saúde, que faciliten a comunicación do paciente co sistema e eviten percorridos asistenciais redundantes e ineficientes, así como unha incorporación áxil, segura e efectiva das técnicas de diagnóstico ou tratamento con eficacia clínica contrastada.

O envellecemento e a cronicidade que caracteriza á nosa poboación, sitúan o noso sistema sanitario ante retos como a xestión da polifarmacia ou a dispensación de terapias hospitalarias que requiren frecuentes desprazamentos para garantir o acceso ás mesmas, polo que en 2025 se poñerán en marcha melloras no sistema de receita electrónica/historia clínica que axuden a mellorar o proceso de atención e acceso á medicación crónica, así como un programa de achegamento e entrega de medicamentos na contorna domiciliaria de pacientes con determinadas características, garantindo en todo momento a atención farmacéutica necesaria e a integración dos procesos farmacéuticos na actividades asistencial.

Así, a actividade dos servizos de atención primaria estará guiada cada vez máis polos Plans Locais de Saúde cuxa implantación se está a estender polas distintas áreas sanitarias buscando consolidar modelos de funcionamento en equipo e multidisciplinares centrados en resolver as necesidades do paciente e en promover actividades de promoción da saúde en liña coa Estratexia Galega de Saúde Comunitaria. Impúlsanse uns centros de saúde capaces de saír á rúa e ter un papel central na vida social da súa contorna ao tempo que adquiren maior autonomía para fixar uns obxectivos adaptados á súa realidade local e para organizar os seus recursos na procura de resultados en saúde na súa poboación asignada.

Estes recursos potenciarán o incremento da capacidade resolutiva deste nivel asistencial, dada a aposta da Xunta por utilizar os fondos de mellora de infraestrutura e equipamento en atención primaria de xeito prioritario no aumento da capacidade diagnóstica deste nivel asistencial, coa instalación de novos equipos diagnósticos que chegarán aos centros no ano 2025. Con isto empoderamos a atención primaria para aumentar a súa capacidade de xestión e para facer deste nivel asistencial o centro real do sistema. Para acadar unha completa integración asistencial entre atención primaria e a atención hospitalaria, faise preciso regular os fluxos asistenciais por priorización de procesos clínicos de forma consensuada entre os profesionais de ambos os ámbitos (primaria e hospitalaria).

Durante este ano ampliouse a carteira de servizos na asistencia á saúde bucodental dentro das unidades destinadas a este fin na Atención Primaria. Estanse a desenvolver os plans, a compra de material e a adaptación dos recursos para ofrecer estas novas prestacións orientadas a infancia, ás embarazadas e aos doentes con discapacidade física ou intelectual.

Por outra banda, a atención hospitalaria ten ante si o reto de ofrecer unha asistencia sanitaria cada vez máis completa, complexa e baseada en priorizacións por gravidade e na medición de resultados en saúde. O principal reto é atender máis (polo incremento da súa prevalencia e demanda), e mellor (con menores esperas) aquelas patoloxías que son máis graves. Estas son aquelas que teñen unha maior prioridade por tratarse de enfermidades que na súa evolución

posterior orixinan un risco de morte ou de discapacidade, ou porque diminúen a súa calidade de vida.

Ao tempo, o Servizo Galego de Saúde ten como obxectivo manterse como unha das Comunidades Autónomas con mellor tempo medio de espera cirúrxica e espera media dentro do Sistema Nacional de Saúde, sempre de acordo ao sistema de priorización existente e ao previsto no Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas, que abrangue xa 115 patoloxías.

De xeito global, ambos os niveis asistenciais deben afondar, xunto cos profesionais, nun modelo real de integración naquelas patoloxías crónicas máis prevalentes, con elementos como o establecemento de novos fluxos asistenciais regulados por priorización clínica e consensuados entre os facultativos, ou a renovación dos distintos órganos colexiados de asesoramento e calidade das áreas sanitarias para que aseguren esta visión integradora dos distintos niveis asistenciais.

Do mesmo xeito, a estrutura de atención sanitaria galega debe abordar de xeito integral a coordinación sociosanitaria coa posta en marcha dos primeiros centros de coidados intermedios e que segue a reforzar o programa de atención farmacéutica nas residencias sociosanitarias co obxectivo de garantir unha farmacoterapia de calidade, segura e eficiente, adaptada ás características particulares deste ámbito asistencial, mediante un seguimento farmacoterapéutico individualizado.

É tamén un reto conxunto de ambos os niveis asistenciais o esforzo formativo, que se materializará en 2025 cunha promoción récord de formación sanitaria especializada, especialmente en especialidades deficitarias como a medicina de familia, e coa vixencia dun novo decreto regulador desta formación en Galicia que desenvolve as figuras dos titores e resto de colaboradores docentes, así como os incentivos derivados desta colaboración co sistema formativo. No relativo á formación universitaria, os reforzados acordos co sistema universitario galego están a fomentar unha participación cada vez maior de profesionais da atención primaria na docencia dos graos universitarios en ciencias da saúde.

O desenvolvemento da Estratexia de xestión do cancro de Galicia nos eidos da prevención, da mellora asistencial dos pacientes e da aposta polo futuro e innovación require un potente exercicio de integración asistencial, así como un reforzo das capacidades investigadoras e innovadoras da nosa comunidade. A estes efectos, traballarase en plans asistenciais do cancro que permitan unha implantación efectiva desta estratexia.

Por outra banda, iniciarase en 2025 a produción de terapias avanzadas en ensaio clínico por parte do Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia e a Unidade cooperativa de investigación na que participan as tres universidades galegas, acollida polo mesmo. Isto forma parte dun plan de acceso a medicamentos de terapia avanzada, industriais e académicos, que busca garantir un acceso equitativo e unha utilización homoxénea, segura e eficiente destas terapias aos usuarios del Servizo Galego de Saúde, e que ten previsto a creación dun Consello Asesor de Te-

rapias Avanzadas, que contará cunha estrutura encargada da súa coordinación (COMETA) e con Comisións técnicas para aqueles medicamentos e/ou patoloxías subsidiarias de ser tratadas con terapia avanzada que polas súas características, impacto sanitario, clínico ou económico, requiran a participación dun grupo multidisciplinar de profesionais altamente cualificados.

Neste mesmo eido, avanza na implantación da Estratexia de oncoloxía de precisión de Galicia, coa implantación da carteira de biomarcadores moleculares, a rede de análise xenético molecular ou a infraestrutura de tecnoloxías de información, entre outras medidas, que facilitarán o acceso temperán e igualitario á mellor opción de diagnóstico molecular e terapia dirixida. Para iso a normalización e integración da información clínica e de actividade analítica dos servizos de soporte do Servizo Galego de Saúde nos sistemas de información corporativos e nun cadro de mando é crucial, e sustentarán unha base sólida para o gran impulso que precisa esta iniciativa.

Como parte da resposta do Servizo Galego de Saúde ás novas necesidades sanitarias e da sociedade, o Plan Galego de Reprodución Humana Asistida porá ao dispor da cidadanía galega a carteira de prestacións de reprodución humana asistida máis ampla do Estado. Constituirá un sólido compromiso coa mellora continua e a excelencia na prestación de servizos de reprodución asistida no Servizo Galego da Saúde, así como unha contribución desde o eido da sanidade ás medidas de incremento da natalidade na nosa comunidade autónoma.

Outras liñas de acción serán o inicio de elaboración dun Plan actualización de coidados paliativos, así como reforzo da calidade prestada no domicilio do paciente polas unidades de Hospitalización a Domicilio de todas as áreas sanitarias.

Para dar continuidade aos obxectivos acadados no actual Plan de Saúde Mental de Galicia 2020-2024, estase a traballar na elaboración do novo Plan de Saúde Mental, no que vai cobrar especial relevancia o establecemento de indicadores enfocados a medir os resultados das intervencións na saúde mental das persoas, é dicir, o impacto real que ten a atención á saúde mental na vida da cidadanía.

Ao tempo, o Servizo Galego de Saúde acentuará o traballo na prevención, con proxectos como o modelo YAM de intervención na poboación moza en colaboración coa Consellería de Educación en desenvolvemento do Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo. Pero tamén se actuará na integración e inserción social das persoas con trastorno mental severo, con programas innovadores no eido da empregabilidade que se están a desenvolver en colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración.

Desde a Consellería de Sanidade seguimos apostando pola promoción da saúde mental entendendo que é algo máis que a ausencia de trastornos mentais. É un estado de benestar que abarca distintas esferas na vida dos individuos. Por iso, apostamos polos seguintes eixes: continuidade asistencial e equidade no acceso aos dispositivos de saúde mental, atención comunitaria, implicación do/a paciente na toma de decisións situándoo no centro do seu proceso asisten-

cial, sen esquecer o impacto que o padecemento dun trastorno mental ten nas súas familias e achegados/as, garantía e fomento dos dereitos das persoas con trastorno mental e enfoque de xénero para adaptar as actuacións ás necesidades. Por todo isto, é prioritario levar a cabo unha distribución de recursos equitativa, garantindo a súa extensión a toda a poboación.

Seguirá a mellora da calidade da atención sanitaria a nivel galego como o Programa Galego de Atención ao Infarto de Miocardio (Progaliám) ou o Plan Ictus, que continuarán o seu desenvolvemento integrando melloras asistenciais e tecnolóxicas e farase un desenvolvemento estratéxico conxunto e corporativo de todos os aspectos relacionados coas que pasa por normalizar a información dos seus rexistros oficiais e medir resultados en saúde dos pacientes que se beneficiaron destes programas para cuantificar a súa efectividade. Segundo o traballo nesta liña, ampliáranse este tipo de programas con novos procesos de atención asistencial para este tipo de patoloxías como son o Shock cardioxénico ou a atención ao Paciente Politraumatizado.

En relación coas patoloxías respiratorias, no marco do Plan Inspira Saúde, un dos principais obxectivos do Servizo Galego de Saúde será a posta en marcha dunha rede de apoio á cesación tabáquica apoiada na plataforma de teleasistencia Telea.

O desenvolvemento desta plataforma seguirá beneficiando a pacientes doutras patoloxías, ben coa progresiva integración dos seus dispositivos sanitarios electrónicos coa mesma (caso de cardioimplantables, bombas de insulina, etc...), ben coa extensión de novos perfiles de seguimento que faciliten a comunicación entre paciente e profesional e melloren a calidade asistencial.

Co obxectivo de acadar a excelencia en todos os procesos asistenciais, desenvolverase unha oficina técnica orientada a deseñar e desenvolver a Estratexia galega de resultados en saúde.

Do mesmo xeito, os orzamentos do Servizo Galego de Saúde para 2025 consolidarán incrementos de prestacións sanitarias acometidos nos últimos anos, como as sucesivas ampliacións do catálogos de material ortoprotésico que se fixan normativamente cunha nova orde reguladora; a cobertura de gastos de desprazamento e manutención a familias de afectados por enfermidades raras que sexan tratados fóra de Galicia.

No referente aos investimentos, ademais dos equipos cos que se continuará a dotar os centros de atención primaria para reforzar a súa capacidade resolutiva, os Orzamentos de 2025 reflicten a previsión de seguir a investir en equipamento de alta tecnoloxía para os centros hospitalarios galegos. Dese xeito continuará medrando a calidade, eficiencia e eficacia da asistencia prestada aos pacientes. Así mesmo, o Servizo Galego de Saúde avanza na súa aposta pola innovación e pola incorporación de intelixencia artificial na atención sanitaria.

Continuaremos avanzando no eido da robotización, iniciada na cirurxía de especialidades como uroloxía, xinecoloxía, otomíngoloxía, cirurxía xeral e dixestiva ou cirurxía torácica e estendida cara a cirurxía ortopédica e tamén a tratamentos ambulatorios en unidades específicas como as de lesionados medulares. Así mesmo, seguirase impulsando a robotización dos servizos de farmacia hospitalarios, e concretamente dotárase aos hospitais comarcais de sistemas auto-

matizados de dispensación de medicamentos aos pacientes ingresados co eido de optimizar a atención farmacéutica e diminuír os erros de medicación. Outro paso se dará para a robotización dos servizos de rehabilitación para prestar a mellor atención de recuperación funcional a aqueles pacientes que sofren enfermidades raras ou neurodexenerativas.

Do mesmo xeito, tamén para os hospitais comarcais, prevese no 2025 levar a cabo unha actuación de renovación dos equipos de ecografía para diversos servizos.

Entre os proxectos de dotación de equipamento hospitalario que se levarán a cabo no vindeiro 2025 destaca a execución do Plan de investimentos que permita a posta en servizo do Novo Hospital Público de Pontevedra (Novo Montecelo), prevéndose a adquisición e instalación de equipos de alta tecnoloxía, equipamento de farmacia hospitalaria, mobiliario de hospitalización, equipos de laboratorio ou de xestión de imaxe en quirófano, entre outros.

As actuacións en materia de infraestruturas contemplan proseguir a planificación marcada nos vindeiros anos, conseguindo o obxectivo de realizar actuacións de mellora ao longo desta lexislatura nos 14 hospitais da rede pública galega.

Despois de poñer en servizo nestes últimos anos importantes ampliacións e reformas en hospitais como os de Lugo, Vigo, A Mariña, Verín, O Barco de Valdeorras, Salnés, O Barbanza ou Monforte de Lemos, prevese no 2025 a finalización da construción (actualmente cun elevado grao de execución) do Novo Hospital Montecelo, actuación que permitirá dotar á capital pontevedresa dunha nova infraestrutura moderna e funcional, coa reordenación de unidades sanitarias. Co importante investimento destinado ao Novo Montecelo, tanto na obra como no seu equipamento, acadarase unha maior eficacia asistencial ao tempo que se mellorarán os espazos e medios de traballo dos profesionais sanitarios.

No vindeiro ano está prevista tamén a licitación das obras do aparcadoiro e da nova cafetería do hospital pontevedrés.

Continuarase, tamén, en 2025 coa execución de grandes proxectos de mellora de infraestruturas hospitalarias, actualmente en marcha, como é o do Novo CHUAC coruñés, no cal se atopan en execución as primeiras actuacións xa licitadas; seguirase avanzando no Plan director do Complexo Hospitalario de Ferrol e proseguirase coas obras de ampliación dos Complexos Hospitalarios de Ourense e Santiago; así como o inicio de novas fases de actuación nos hospitais comarcais. Neste sentido, prevese o avance na execución dos plans directores dos hospitais da Mariña e de Monforte de Lemos, e o desenvolvemento das melloras previstas no Hospital do Barbanza, priorizando o proxecto do Hospital de Día Oncohematolóxico.

No vindeiro ano, o Servizo Galego de Saúde seguirá adecuando os espazos de atención hospitalaria ás necesidades da cidadanía. Como exemplo podemos citar os procesos xa iniciados neste ano 2024 de humanización das áreas de oncoloxía, coa finalidade de que estas zonas sexan o máis personalizadas e confortables posible para os pacientes.

E, co firme obxectivo de que no ano 2026 se estean a tratar os primeiros pacientes no Centro de Protonterapia, en 2025 seguirase a traballar nas obras deste gran proxecto de infraestrutura sanitaria común para toda Galicia. Este novo centro atenderá especialmente as necesidades médicas de pacientes oncolóxicos con larga supervivencia, sobre todo na poboación infantil. Emprazado no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, converterá en pioneira á nosa comunidade autónoma e situará na vangarda no tratamento do cancro. Ademais da súa orientación asistencial, o Centro de Protonterapia permitirá tamén desenvolver unha actividade investigadora de alto nivel neste ámbito.

Destacan, tamén, os plans de reforma, modernización, accesibilidade, adaptación e adecuación das bases das infraestruturas da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia-061, cos que o Goberno galego prevé acometer durante o período comprendido entre os anos 2024 e 2026, actuacións de mellora nas bases de Santiago, Foz, A Coruña, Ferrol, Mos, Pontevedra, Monforte, O Salnés (xa finalizada) e a Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia.

Por outra banda, a mellora dos centros nos que se presta atención primaria á cidadanía continuará a ser no exercicio 2025 unha prioridade para a Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde. Así, seguirase a desenvolver o Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, a medida en que a Xunta obteña dos concellos afectados as parcelas necesarias e os permisos urbanísticos preceptivos para desenvolver os proxectos e iniciar as obras.

Unha vez rematadas as obras dos Centros Integrals de Saúde (CIS) de Lugo e de Lalín, cómpre continuar coa finalizar a construción do CIS Olimpia Valencia en Vigo, co obxectivo de que as obras conclúan a mediados do vindeiro 2025, e avanzar no proxecto do CIS Ourense, entre outros.

Prevese rematar no primeiro semestre de 2025 as obras do novo centro de saúde de Moaña, coas que se triplicará a superficie do centro actual e que permitirán crear novos espazos en execución do seu plan funcional.

No ano 2025 executaranse as obras dos novos centros de saúde de Vilagarcía de Arousa e A Rúa xa licitadas en 2024. Con estas novas infraestruturas sanitarias acadarase non só unha mellora da calidade asistencial senón que tamén permitirán obter unha maior funcionalidade e maior comodidade para as persoas usuarias.

De igual xeito, 2025 tamén será o ano de finalización das obras xa adxudicadas neste exercicio para o novo centro de saúde de Abegondo (no que destaca o seu deseño integrado e no que priman o seu uso sostible e a utilización da madeira) e tamén se avanzará e se executará a obra de reforma integral e ampliación do centro de saúde e unidade de saúde mental de Conxo en Santiago de Compostela.

Logo da súa licitación e adxudicación, prevista nos vindeiros meses, 2025 será o ano do comezo das obras para os centros de saúde de Boborás, Muíños, Antas de Ulla ou A Milagrosa, en Lugo.

O Servizo Galego de Saúde avanzará en 2025 na redacción dos proxectos dos novos centros de saúde de Meis, Noia, Baltar (Sanxenxo), Ponteareas, Mos ou Meira, entre outros. Continuarase no vindeiro exercicio 2025 coa tramitación administrativa e contractual preceptiva conducente á supervisión dos proxectos e a posterior licitación das obras para estes centros de saúde.

Seguirase a traballar neste ámbito -da man dos concellos- para a formalización das cesións polas entidades locais dos terreos que permitan continuar avanzando nas distintas fases do Plan de Infraestruturas de Atención Primaria, como por exemplo, os casos da obtención das parcelas para os centros de saúde do Carballiño, Ribadeo ou os barrios de San Xoán en Ferrol, Teo e O Sagrado Corazón en Lugo, entre outros.

Pero non só se traballará na construción de novos centros, senón que o Servizo Galego de Saúde continuará a levar a cabo no vindeiro ano obras de reforma en centros de atención primaria de titularidade autonómica e seguirá colaborando coas administracións locais nas reformas necesarias de centros de titularidade municipal. Pódense citar como exemplos de obras de reforma que se levarán a cabo o vindeiro ano as do centro de saúde de Domaio (adxudicadas en 2024) ou as previstas para o centro de saúde de Vedra.

No referido ao material sanitario, o Servizo Galego de Saúde continuará coa política estratéxica de centralización de contratos iniciada nos últimos anos e que neste último exercicio posibilitou as compras centralizadas de equipos de protección individual, balóns de dilatación coronaria ou dispositivos de asistencia ventricular, implantes xenitourinarios, implantes de mama e material de cirurxía cardíaca, xerando aforros de custos e garantindo unha homoxeneidade e estándares de calidade dos produtos en todo o sistema público sanitario galego.

No ano 2025 está prevista a primeira contratación centralizada de sistemas de preservación e transporte de órganos para transplante, suturas mecánicas, hemodiálise, terapias continuas de intercambio renal, material de cementación e ácido hialurónico, implantes de ombro así como do material de embolización para radioloxía intervencionista.

Como novidade, iniciarase na nosa comunidade autónoma a entrega domiciliaria de bombas de insulina (dando continuidade á subministración domiciliaria dos sensores de motorización de glucosa que comezou no segundo semestre deste ano), ademais da integración informática dos datos recollidos por estes dispositivos na Historia Clínica Electrónica.

O vixente contrato de servizo de loxística integral permitirá seguir avanzando na automatización dos pedidos, garantindo a máxima trazabilidade do produto e minimizando a dedicación do persoal sanitario a tarefas relacionadas coa subministración de material.

Todas estas actuacións de investimento estarán guiadas pola Estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde, que prevé estratexias de construción sostible e de redución da xeración de recursos e combustibles fósiles, uns principios que se aplicarán en todos os novos contratos tanto de obra como de equipamento e que tamén xerarán actuacións específicas

para a implantación de enerxías renovables en infraestruturas existentes ou proxectos concretos como o programa de anestesia sostible destinado á redución de gases nestes equipos.

En materia de xestión dos recursos humanos, os Orzamentos para 2025 prevén a aplicación das melloras laborais acordadas coas organizacións sindicais da Mesa Sectorial de Sanidade do 2023, entre as que están a aplicación paulatina na redución de xornada ordinaria, que xa se recolleron no 2023 con 21 horas, no 2024 con 49 horas e por último para o 2025 con 42 horas, chegando ao total de 112 horas.

Para esta nova redución de xornada precísase unha dotación de 523 prazas en diversas categorías.

Así mesmo, para a adecuación do cadro de persoal á estabilización do persoal en diversas categorías con nomeamentos temporais superiores aos 3 anos, prevese continuar coa dotación de prazas segundo o cronograma proposto no ano 2024, correspondo dotar no orzamento de 2025 un total de 790 prazas.

En relación á carreira profesional, lémbrese que en setembro de 2024 abrírase un novo prazo para o recoñecemento dun novo grado a preto de 4.000 profesionais, así mesmo, uns 7.065 profesionais acadarán o 100 % do importe do grado recoñecido no 2024, dado que para ese ano só percibían un 50 %.

Mantense a posibilidade de ofertar en atención primaria contratos estables de tres anos para o persoal residente que remata a súa formación, así como o programa de relevo xeracional para persoal médico especialista de atención hospitalaria.

A principios de 2025 estarán incorporados preto de 5.000 profesionais a postos fixos, resolvendo as convocatorias de concurso oposición e concurso de méritos, cumprindo así a política de estabilización de cadro de persoal.

Así mesmo, e como un plan innovador, recollemos a sinatura do acordo de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Consellería de Sanidade para impulsar e potenciar a formación profesional no ámbito sanitario, na que participarán no ano 2025 un total de 44 estudantes de Formación Profesional Dual en Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear.

No ano 2025 prevese publicar o Plan de Ordenación de Atención Primaria, onde se esbozará o futuro da primaria en Galicia, atendendo en especial a o colectivo de Médicos de Familia ante o alto número de xubilacións que se esperan nos próximos anos fronte ao número de novos profesionais MIR que se incorporan.

O Servizo Galego de Saúde prevé completar e aprobar en 2025 un Plan completo de Recursos Humanos como folla de ruta integral que permita responder de forma eficaz ás necesidades persoal do sistema público de saúde no medio prazo.

Por último, o Servizo Galego de Saúde seguirá avanzando no seu compromiso social co desenvolvemento das medidas do I Plan de igualdade entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde, con melloras xa concretadas no eido da protección contra a discriminación das traballadoras por motivos de maternidade. En materia de integración social, a sanidade pública galega seguirá desenvolvendo os procesos que permitirán superar o centenar de persoas con discapacidade intelectual cun emprego fixo no sistema sanitario público galego.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

Creada en virtude do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, ten como fins xerais e obxectivos básicos realizar a xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia, o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

Asume as competencias e medios persoais e materiais que lle correspondían á Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria. Asume tamén, desde a súa posta en funcionamento, as competencias e medios persoais e materiais que lle corresponden ao Servizo de Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e todas as competencias en materia de investigación, innovación e formación.

Neste exercicio axustará a súa actividade ao previsto no seu contrato plurianual de xestión, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en abril de 2022, e que se estrutura en seis eixos: a formación continua dos profesionais, a docencia, o fomento dunha investigación de calidade, o impulso da innovación no Sergas, a avaliación e unha xestión eficiente dos recursos da axencia.

En 2025, estes eixos desenvolveranse a través das seguintes actuacións:

- Coordinar o sistema de formación sanitaria especializada de Galicia, conforme ao Decreto 48/2023, do 20 de abril, de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na Comunidade Autónoma de Galicia, así como desenvolvendo as demandas de reforma da normativa básica estatal nesta materia.
- Coordinar e autorizar a formación práctica do alumnado de titulacións universitarias, tanto sanitarias coma non sanitarias, nos centros dependentes da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- Exercer apoio técnico e administrativo á Comisión Autonómica de Formación Continua das Profesións Sanitarias, asumindo a Secretaría Técnica do Sistema Acreditador

da Formación Continuada das Profesións Sanitarias, así como do Comité de Acreditación.

- Analizar as necesidades formativas dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia e executar o Plan AFEDAP (Acordo de formación de emprego do persoal das Administracións Públicas) e o plan PEF (Plan estratéxico de formación).
- Impulsar a formación en simulación clínica, e promover a incorporación de novas tecnoloxías de realidade virtual e realidade aumentada, para a formación e adestramento dos profesionais a través da Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- Executar as actividades formativas, sesións informativas e foros de consulta que sexan encomendadas pola Escola Galega de Saúde para Cidadáns e pola Escola Galega de Saúde Pública.
- Continuar co desenvolvemento para os profesionais do Servizo Galego de Saúde da Plataforma e-Learning para a xestión do coñecemento no ámbito sanitario Share, que incorpora ferramentas que permitirán recomendacións de contidos formativos personalizados.
- Facilitar sinerxías e colaboracións con outras institucións ou organismos líderes na xestión de proxectos de innovación formativa sumando puntos de vista complementarios e aliados estratéxicos para o sector saúde.
- Deseñar e executar un Plan de formación integral en ecografía en atención primaria, centrado en mellorar as competencias diagnósticas dos profesionais de saúde. O plan incluírá formación teórica e práctica, adaptada aos diferentes perfís profesionais, e aproveitará tecnoloxías innovadoras como a simulación clínica.
- Continuar coa programa de formación Rede de Capacitación Sanitaria (REDCASA) co obxectivo capacitar os equipos asistenciais dos PAC para mellorar a súa resposta en contornos de urxencias prehospitalarias de media e alta complexidade.
- Dar soporte á xestión de procesos de transferencia de resultados da investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia e impulsar procesos de excelencia neste eido, como a través do programa INTRES.
- Impulsar e transformar o coñecemento e os recursos da I+D+i biosanitaria en valor económico e social a través do Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación do Sistema Público de Saúde (PRIS).
- Favorecer o desenvolvemento profesional do persoal investigador traballando no desenvolvemento da carreira investigadora e colaborar no proceso de estabilización de persoal investigador do Servizo Galego de Saúde na categoría de persoal investigador.
- Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a retención, captación e desenvolvemento de persoal investigador altamente cualificado. Promover as boas prácticas dentro da acreditación "Human Resources Excellence in Research" nos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia.

- Consolidar o proceso de integración das Fundacións de investigación biomédica ou sanitaria que xestionan a investigación dos centros e institutos de investigación sanitaria de Galicia do Sistema Público de Saúde de Galicia no sector público autonómico.
- Impulsar e consolidar o tecido de estruturas de apoio á investigación. Potenciar a Rede de biobancos do Servizo Galego de Saúde.
- Potenciar a realización de ensaios clínicos e promover o acceso dos pacientes á participación neles, garantindo a equidade no noso sistema.
- Recoñecer e visibilizar a investigación traslacional de excelencia no ámbito sanitario mediante o fomento da investigación en atención primaria e recoñecemento daquelas traxectorias científicas emerxentes mediante a convocatoria do Premios de Investigación en Saúde de Galicia (PISGa).
- Participar nos mecanismos de goberno e vinculación con axentes de investigación autonómico e nacionais (CIBER, CNIO, CECBE, INVESTEN, COSCE, Foro de Investigación Sanitaria IISCI, etc).
- Difundir a toda a sociedade a actividade investigadora desenvolvida no ámbito sanitario e accións de difusión que permitan visibilizar a investigación feita en Galicia a través do Portal de investigación en Saúde en Galicia.
- Impulsar a investigación, a innovación e a avaliación en saúde mediante o acceso á reutilización e cruce dos datos sanitarios garantindo plenamente a confidencialidade e a ética na utilización dos datos.
- Participar no desenvolvemento da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3 GALICIA 2021-2027, nos aspectos relacionadas coa saúde, e análise das capacidades do sistema galego de coñecemento en saúde.
- Impulsar un modelo de innovación aberta, baseada no modelo de Cuádrupla Hélice, traballando xuntos para co-crear o futuro e impulsar cambios estruturais máis aló do alcance do que calquera organización ou persoa podería facer só. Continuar, para iso, coa dinamización da Plataforma de Innovación sanitaria e a potenciación da rede de Nodos de Innovación, formalizando normativamente esta estrutura a través do desenvolvemento dun decreto no que se regule a súa composición, organización e funcións.
- Procurar a participación activa das persoas na ciencia e innovación dende as fases mais temperás dos proxectos para aliar os resultados a obter coas necesidades sociais, con actividades como a convocatoria da V edición dos premios de innovación en saúde do sistema público de saúde de Galicia.
- Apoio ao funcionamento do Consello Técnico Asesor en Intelixencia Artificial e Espazo de Datos do Sistema Público de Saúde de Galicia que poda axudar a orientar as medidas a adoptar para garantir un uso seguro e ético da Intelixencia Artificial e da xestión dos datos e contribúa á consolidación da competitividade das empresas TIC galegas a través das actividades de I+D no conxunto das Tecnoloxías Habilitadoras Dixitais, no ámbito da saúde.

- Xestionar e coordinar o proxecto de CPI INNOVATRIAL no marco do Convenio entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), co desenvolvemento e validación dunha plataforma que abarque de forma integral a xestión dos ensaios e estudos clínicos do sistema público galego.
- Xestionar e coordinar o novo Plan de innovación sanitaria en CPI do Servizo Galego de Saúde, o programa PRECISAÚDE centrado na medicina 5P para afondar na aplicación de técnicas de diagnóstico e tratamento específicas para cada paciente en función das súas características individuais.
- Coordinación e execución dos proxectos europeos PROCURE4HEALTH, , CIRCE, INVEST4HEALTH, INNOV4LIFE, TRANSFIRESAÚDE y HERCULES e promover e colaborar na participación do Servizo Galego de Saúde en novos proxectos.
- Promover a internacionalización e fomento da cultura innovadora no Servizo Galego de Saúde a través da participación en novos proxectos de innovación.
- Impulsar a participación do Sistema de Saúde Público de Galicia na rede EUROPEAN INNOVATION PARTNERSHIP on Active and Healthy Ageing (EIPonAHA).
- Impulsar a participación do Sistema de Saúde Público de Galicia na Rede Europea de Living Labs (ENoLL).
- Promover a participación do Sistema de Saúde Público de Galicia no consorcio europeo EIT Health - European Institute of Innovation and Technology.
- Convocar unha nova edición do premio á mellor innovación do Sistema Galego de Saúde.
- Desenvolver os informes de avaliación que soliciten a Comisión Asesora para a incorporación de técnicas, tecnoloxías e procedementos; a Consellería de Sanidade e o Sergas.
- Participar na Rede Española de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias (RedETS) e desenvolver as actividades asignadas no plan anual de dita rede.
- Participar nas actividades de avaliación de tecnoloxías que se poñan en marcha no ámbito europeo derivadas da aplicación do Regulamento (UE) 2021/2282
- Participar nas organizacións internacionais de avaliación de tecnoloxías e de Guías de Práctica Clínica: INAHTA (International Network of Agencies for Health Technology Assessment), HTAi (Health Technology Assessment international) e G.I.N (Guidelines International Network).
- Analizar a difusión e os patróns de utilización das tecnoloxías médicas de maior impacto, en termos de saúde ou económicos, no sistema sanitario, principalmente en relación coa súa accesibilidade, demanda potencial e utilización apropiada.
- Elaborar e difundir guías de práctica clínica e recomendacións baseadas na evidencia, en diferentes ámbitos de actuación: prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación.
- Detectar as tecnoloxías sanitarias, novas ou en uso, susceptibles de avaliación, pola súa repercusión.
- Deseñar estudos específicos de investigación en avaliación de tecnoloxías.

- Incorporar o uso de datos vida real aos informes de avaliación que se realizan.
- Promover a investigación especificamente dirixida a obter a información necesaria para a avaliación de tecnoloxías fomentando a colaboración entre as universidades, os centros, unidades de investigación, as empresas e outras institucións.
- Levar a cabo unha formación práctica en materias de posgrao relacionadas coa documentación e a avaliación e tecnoloxías sanitarias.
- Analizar e revisar a información científica relacionada coa avaliación das tecnoloxías sanitarias e a súa difusión entre os profesionais e os servizos sanitarios.
- Asesorar na creación e desenvolvemento de programas de avaliación de tecnoloxías sanitarias, nos diferentes niveis de decisión.
- Asesorar no desenvolvemento de sistemas de información dirixidos a obter os datos necesarios para a avaliación de tecnoloxías.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

De acordo co Decreto 142/2015, do 17 de setembro, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, executará os seus orzamentos de acordo co desenvolvemento no desenvolvemento das liñas de actuación dirixidas á consecución dos obxectivos fundacionais.

O contrato plurianual de xestión aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en xuño de 2022, guiará as actuacións, de acordo coa súa estrutura en catro eixos: o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, o procesamento e almacenaxe de mostras de células, tecidos de máxima calidade e a coordinación co resto das comunidades autónomas nos ámbitos da doazón, transfusión e transplante de órganos e tecidos.

Así, en 2025 a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos avanzará na súa tarefa de promoción e sensibilización da doazón de sangue, órganos e tecidos poñendo en marcha distintas iniciativas que faciliten o acto solidario da doazón, traballando na sensibilización e concienciación desde a infancia, consolidando o liderado de Galicia nesta materia. Convocaranse:

- A VII edición do concurso escolar de carteis relacionados coa doazón e os transplante.
- A XI Edición do concurso de curtametraxes relacionados coa doazón e os transplantes.

Para optimizar a xestión das doazóns, apostarase pola mellora das infraestruturas da Axencia, renovando en 2025 o local de doazón hospitalaria de Vigo, e adquirindo unha nova unidade móbil que se sumará ás 12 unidades móbiles coas que se conta na actualidade, o que permitirá a cada doador realizar a súa doazón nas máximas condicións de seguridade e confort.

Igualmente, a Axencia aspira a manter e incrementar as cifras acadadas no Programa Galego de doazón e transplante de órganos, tendo en conta que durante o ano 2023 o Servizo Galego

de Saúde acadou un total de 331 transplantes (168 de ril, 88 de fígado, 49 de pulmón, 22 de corazón e 4 de páncreas) e realizáronse 109 doazóns de órganos.

Os obxectivos funcionais concretos a acadar para o ano 2025 son:

- Garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
- Coordinar a doazón e transplantes de órganos, e o procesamento, almacenamento, distribución e implante de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
- Asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.
- Coordinar as actuacións de Galicia nos ámbitos da doazón, transfusión, e transplante de órganos e tecidos, coas comunidades autónomas do Estado español, co Goberno de España e cos organismos internacionais.

De conformidade co establecido na Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público de Galicia, a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades de dereito público dependentes dela, poderá ser encomendada intrasubxectivamente a outros órganos da mesma administración ou entidade que o encomendante, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios idóneos para o seu desempeño.

Deste xeito a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos desenvolve para o Servizo Galego de Saúde os seguintes servizos:

- Servizos Hemoterápicos. Denomínanse servizos hemoterápicos a subministración dos diferentes compoñentes sanguíneos aos hospitais. Esta denominación como servizo débese a que o sangue non se fabrica nin sofre alteracións na súa composición. Os elementos subministrados (hemacias, plaquetas e plasma) obtéñense por procesos de separación e realízanse sobre eles as probas de detección precisas para ser transfundidos.
- Servizo de probas analíticas. Dentro deste servizo inclúense determinacións analíticas das áreas de inmunohematoloxía, seroloxía e bioloxía molecular de enfermidades transmisibles, e estudos de histocompatibilidade, que sexan solicitados desde o ámbito hospitalario.
- Servizos de Criopreservación. Dentro deste servizo atópanse os concentrados de hemacias e plaquetas criopreservadas e os proxenitores hematopoéticos.
- Servizo de medicamentos derivados do plasma. A subministración aos hospitais da rede pública do SERGAS, dos medicamentos procedentes do fraccionamento industrial de plasma excedentario. Así obtéñense albumina, Factor VIII humano, Inmunoglobulina hu-

mana específica, Alpha I Antitripsina, medicamentos todos eles de uso habitual nos hospitais.

- Programa Galego de Plasmaférese. Atendendo os especiais requirimentos terapéuticos desenvolvidos polos doentes da nosa CCAA, a axencia está a desenvolver un programa específico para a obtención de plasma, na procura da mellora na autosuficiencia en plasmaderivados.
- Proxecto BLOOD. Este proxecto global xorde da necesidade de coordinar e homoxeneizar de forma integrada, o os sistemas de información que dan soporte ao traballo que estase a desenvolverse entre os servizos de transfusión dos centros hospitalarios e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. Este proxecto abrangue distintos obxectivos, e supón o deseño, desenvolvemento e implantación, dun sistema de que garante a xestión segura e de calidade dos compoñentes sanguíneos.

A Axencia continuará no compromiso máximo coa calidade, procurando manter na organización a certificación de calidade segundo a norma ISO 9001/2015 renovada un ano máis en 2024. Renovarase, tamén, a certificación pola Fundación CAT (Comité de Acreditación en Transfusión, Terapia celular e tisular) organismo de acreditación da calidade de conformidade aos estándares en transfusión sanguínea nas áreas: Análise, Doazón, Autodoazón, Almacenamiento-Distribución e Procesamento de compoñentes; e de conformidade aos estándares en obtención, procesamento, almacenamento e distribución de sangue de cordón umbilical e de produtos celulares para transplante. E manterase a acreditación da European Federation for Immunogenetics (EFI) na Unidade de Bioloxía Molecular e Histocompatibilidade para a tipificación de HLA.

II.4. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., continuará a desenvolver en 2025 os cometidos que ten asignados como sociedade pública autonómica, adscrita ao Servizo Galego de Saúde, de capital integramente público, creada mediante Decreto da Presidencia da Xunta de Galicia o 14 de xullo de 1994 para levar a cabo actividade asistencial, así como para o desenvolvemento, execución e xestión de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no eido sanitario, a prestación de servizos de xestión ordinaria e administración de outras sociedades ou fundacións públicas, así como a prestación de calquera servizo relacionado co ámbito sanitario.

Cómpre ter en conta que, adicionalmente, a principios de 2023 modificouse o obxecto social incorporándose a “participación en iniciativas, proxectos ou actividades de I+D+I en Bio-medicina ou en Ciencias e Tecnoloxías da Saúde e outras relacionadas co sector sanitario que

permitan a xeración de coñecemento científico ou tecnolóxico no ámbito da saúde, así como a súa aplicación e transferencia, sen prexuízo das competencias de ACIS”.

De conformidade co previsto no artigo I dos seus estatutos, Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. é un medio propio personificado respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico para a execución das actividades que lle sexan encomendadas, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social.

No ano 2025 elaborarse un novo contrato programa que dea resposta á nova realidade de Galaria e no que destacan os seguintes obxectivos:

- Consolidar o funcionamento do Centro de produción de terapias avanzadas coa fabricación de fármacos CAR-T a través do ensaio clínico ARI003 para linfoma, e avanzar no desenvolvemento de técnicas de inmunoterapia celular avanzada.
- Apoio na posta en marcha dun Centro de Protonterapia na comunidade autónoma, que o vindeiro ano rematará a súa obra civil e comezará a instalación do acelerador de protóns.
- Satisfacer a demanda asistencial no ámbito do diagnóstico por imaxe, con equipos de resonancia magnética móbiles, da máis avanzada tecnoloxía, nos hospitais comarcais e nos que o soliciten para unha mellor xestión das listas de agarda.
- Satisfacer a demanda asistencial no ámbito da medicina nuclear (tanto tradicional como PET) na Área Sanitaria de Vigo e na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- Producir e subministrar radiofármacos aos hospitais do Servizo Galego de Saúde que contan con equipos de diagnóstico PET (Santiago, A Coruña, Lugo Ourense e Vigo), a través da Unidade de radiofármacos de Galicia
- Colaborar, en proporción á súa participación empresarial, no subministro de radiofármacos convencionais a todas as unidades de medicina nuclear dos hospitais galegos (Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo) dende a Radiofarmacia centralizada de Galicia.
- Levar a cabo o control de calidade e a medición de niveis de radiación dunha gran parte das instalacións de radiodiagnóstico da rede hospitalaria pública de Galicia a través dos seu Servizo de Radiofísica e da súa Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), co fin de garantir a seguridade para pacientes e traballadores.
- Proporcionar servizos de protección radiolóxica e física médica aos servizos do Servizo Galego de Saúde que contan con instalacións médicas que empregan radiacións ionizantes. Consolidación do programa X-Dose para a medición da radiación acumulada dos pacientes que teñen que ser sometidos a unha proba con emisión de radiación e dar así cumprimento a normativa europea.
- Proporcionar asistencia sanitaria a través de unidades de alta tecnoloxía e alta especialización, no ámbito da Oncoloxía Radioterápica, para todo o sur de Galicia.
- Proporcionar asesoramento ao Servizo Galego de Saúde en materia de adquisición de equipamentos de alta tecnoloxía, planificación estratéxica de investimentos, plans funcionais e

dotación integral do equipamento de centros hospitalarios e de atención primaria a través da súa División de Consultoría.

- Colaborar e asesorar no ámbito técnico e metodolóxico na execución da primeira fase (Fase 0) do Plan de Investimentos do Novo Montecelo que contén a dotación que debe coordinarse coa fase final da obra. Coordinar as fases da adquisición e execución do Plan de Investimentos do Novo Montecelo a executar en 2025.
- Colaborar nos proxectos de innovación xestionados pola Axencia de Coñecemento do Servizo Galego de Saúde (ACIS) e de forma moi importante no novo proxecto de técnicas de inmunoterapia celular avanzada.
- Continuar coa xestión da plataforma multiservizo “Saúde en Liña”, na que se centraliza a cita previa telefónica dos centros de atención primaria de Galicia, a anulación / cancelación de citas de atención especializada implantada co obxecto de reducir os custes derivados da non asistencia a citas, por parte dos usuarios e avanzar na implantación dun servizo de apoio os centros de saúde na xestión de casos CRM 100.
- Realizar os cambios necesarios na organización para manter en 2025 a certificación de calidade ISO 9001/2015.
- Coordinar a xestión, tanto na parte de persoal como de recursos económico financeiros como de adquisición e compras da Fundación Pública Xenómica de Galicia e o proxecto Xenoma Galicia. Apoio metodolóxico á Fundación na elaboración dun novo Plan Funcional e Programa de espazos que dea resposta ás necesidades tanto asistenciais como de investigación dos diferentes bloques e procesos que compoñen o laboratorio. Acompañamento á Fundación na realización en 2025 do seu Plan Estratéxico.
- Coordinar a implantación e o seguimento da Estratexia de Economía Circular do Sergas aprobada polo Consello da Xunta en xuño de 2023.

Xestionar a participación do Servizo Galego de Saúde en proxectos europeos e internacionais relacionados co desenvolvemento sostible e a economía circular como a New European Bauhaus, o programa europeo Life Resystal ou o proxecto Race to Zero de redución de emisións liderado pola Organización das Nacións Unidas

II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA

A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX) ten entre os seus obxectivos o de asegurar no sistema público de saúde, un acceso universal ao diagnóstico xenético dos pacientes e/ou familias con sospeita de enfermidade de base xenética co fin de que este sexa efectivo, áxil e en condicións de equidade e calidade científico-técnica.

A súa liña estratéxica de actuación en 2025 está orientada ao desenvolvemento de políticas de innovación que permitan prestar unha atención sanitaria 5P (Poboacional, Preventiva, Predictiva, Personalizada e Participativa) adecuando o progreso do sistema sanitario ás esixencias da sociedade actual.

A fundación, en 2025, baixo o marco do Contrato-Programa SERGAS/FPGMX e da súa liña estratéxica de fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade, desenvolverá as súas actividades mediante unha oferta crecente de servizos e de solucións eficaces na liña da atención sanitaria 5P. Os seus obxectivos son:

- Satisfacer a demanda asistencial para a realización de probas xenéticas no Servizo Galego de Saúde a través dunha adaptación continua da carteira de servizos da fundación, instrumento dinámico que revisa e actualiza as súas prestacións incorporando progresivamente á asistencia sanitaria técnicas e tecnoloxías novidosas con evidencia científica demostrada.
- Incorporar e desenvolver a nova carterira aprobada polo Ministerio de Sanidade para dar resposta a crecente demanda da poboación de probas xenéticas que dean resposta á medicina 5P.
- Validar as novas tecnoloxías e actualizar o equipamento necesario co fin de materializar a carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde na área das enfermidades de base xenética, respectando os indicadores de calidade na prestación dos servizos e no eido actual da medicina personalizada de precisión.
- Implantar os cambios precisos derivados da participación da entidade tanto nos programas externos nacionais e internacionais de control de calidade como nos desenvolvidos no eido da investigación co fin de dar traslado dos seus resultados á práctica clínica.
- Impulsar a integración e coordinación cos sistemas de xestión da información do Servizo Galego de Saúde, consolidando a atención sanitaria 5P e avanzando na implantación da petición electrónica en todos os hospitais (mellora nas solicitudes do estudos xenéticos, na súa trazabilidade e na comunicación cos solicitantes).
- Manter á colaboración co Rexistro Galego de Pacientes con Enfermidades Raras (RERGA).
- Elaborar guías, procedementos e recomendacións dirixidos aos profesionais, sobre a aplicación das técnicas e recursos de axuda a pacientes e ás súas familias.
- Continuar as actuacións de visibilización desenvolvidas pola fundación como axente institucional e dirixidas dun xeito transversal a todos os estamentos da sociedade (profesionais do Sergas, investigadores, cidadanía en xeral e, en particular, á poboación escolar).
- Reforzar as relacións de colaboración con outros centros e institucións na xestión do coñecemento, investigación e innovación de xeito que se consolide o desenvolvemento dunha medicina xenómica competitiva en Galicia e a súa integración nas redes nacionais e internacionais existentes.

- Colaborar coa Consellería de Sanidade na potenciación da investigación no eido da medicina xenómica a través de acordos de investigación con outras entidades, preferentemente de carácter público, que permitan xerar un valor engadido en materia de detección precoz aos seus traballos.
- Desenvolver o proxecto Xenoma Galego, mediante o cal vaise realizar o estudo xenético de 400.000 galegos nos próximos 5 anos co fin de ter un banco xenético representativo da poboación que permita avanzar na investigación, prevención e predicción de enfermidades de base xénetica.
- Elaboración dun novo Plan Funcional e Programa de espazos que dea resposta ás necesidades tanto asistenciais como de investigación dos diferentes bloques e procesos que compoñen o laboratorio.
- Elaboración dun Plan Estratéxico da Fundación.

FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 06I

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-06I é unha entidade sen ánimo de lucro, de competencia autonómica, con personalidade xurídica propia e inscrita, segundo a Orde do 5 de outubro de 1999, no rexistro de Fundacións de Interese Galego. Foi creada o 4 de decembro do ano 1995 pola Xunta Galicia, ante a necesidade de desenvolver unha estratexia de resposta ás urxencias sanitarias.

A principal actividade da fundación consiste na atención e coordinación das urxencias e emerxencias sanitarias extrahospitalarias. Presta servizos sanitarios sen e con mobilización de recursos: información sanitaria, consulta e consello médico, asesoría a profesionais de atención primaria, asistencia ás urxencias e emerxencias no ámbito extrahospitalario, transporte sanitario urxente, dispositivos de risco previsible e coordinación da visita domiciliaria.

Ten como misión a “Atención das demandas de asistencia sanitaria para calquera persoa que atópease na Comunidade Autónoma de Galicia en situación de urxencia ou emerxencia sanitaria no medio extrahospitalario”.

A súa visión é: “Que o 06I sexa o referente na atención á urxencia e emerxencia sanitaria de forma integral e centrada no paciente, adaptándose de xeito continuo ás necesidades e retos do entorno”. E os seus valores son:

1. Humanidade
2. Compromiso
3. Flexibilidade e adaptabilidade
4. Accesibilidade e equidade
5. Colaboración
6. Innovación

7. Desenvolvemento sostible

Ao longo de 2025, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-06I xestionará unha rede de atención á urxencia e á emerxencia sanitaria en constante crecemento e integrada actualmente por unha Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias-06I (CCUSG-06I), situada na Estrada, (13) bases asistenciais de soporte vital avanzado terrestre situadas nas principais cidades galegas: dous na cidade de A Coruña e unha en cada unha das seguintes: Santiago de Compostela (base dobre), Lugo, Ourense, Pontevedra (base dobre), Vigo (base dobre), Ferrol, Monforte, comarca do Salnés, Mos, Foz e Lalin (comarca de Deza)) e dúas bases de helicópteros medicalizados en Ourense e Santiago. Ademais, comezará a funcionar a nova base de ambulancia de soporte vital avanzado en enfermería en Moaña.

A FPUSG-06I xestiona un conxunto de recursos, que constitúen a Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia:

- 2 helicópteros sanitarios nas cidades de Santiago e Ourense, dotados de persoal facultativo e de enfermería, e co equipamento necesario para a realización de soporte vital avanzado.
- 17 ambulancias de soporte vital avanzado (AA-SVA), todas eles co material necesario para prestar soporte vital avanzado, co seguinte detalle:
 - 12 AA-SVA, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias, persoal médico e de enfermería.
 - 5 AA-SVA, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias e persoal de enfermería.
- 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico (AA-SVB), dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias, e o equipamento necesario para prestar soporte vital básico.
- 3 ambulancias convencionais (AC), localizadas en Folgoso do Caurel e Pedrafita do Cebreiro, dotadas de persoal técnico en emerxencias sanitarias, desfibrilador semiautomático (DESA) e material de inmovilización.

Neste ano iníciase un novo ciclo definido no Plan Estratéxico 2024-2028, que se estrutura arredor dos seguintes eixes estratéxicos: desenvolvemento de alianzas, excelencia na xestión, orientación ao paciente, posicionamento e visibilidade, talento cultura e organización. O plan de acción para o ano 2025 resúmese en:

- Identificar novas necesidades e oportunidades de colaboración con grupos de interese, como no caso do Programa de Alerta Escolar coa Consellería de Educación, para ampliar as patoloxías incluídas actualmente.
- Diseñar procesos e procedementos, coa finalidade de conseguir unha homoxeneidade e estandarización. Desenvolver novas guías asistenciais para as ambulancias de soporte vital básico e soporte vital avanzado de enfermería.

- Mellorar na xestión de provedores críticos establecendo reunións periódicas de seguimento dos contratos de transporte urxente terrestre e aéreo, así como de operación telefónica.
- Retomar a formación con servizos simulados como medida educativa para unha xestión eficiente dos recursos.
- Impulsar a transferencia interna de coñecemento establecendo novas canles de comunicación (Venres de coordinación) e actualizando as actuais (intranet).
- Retomar e impulsar a formación externa adaptado as necesidades identificadas e buscando novos nichos de formación.
- Impulsar a excelencia asistencial monitorizando e analizando obxectivos asistenciais orientados á calidade asistencial e a excelencia, priorizando a asistencia as patoloxías tempo dependentes e incorporando innovacións nos recursos móbiles.
- Impulsar a comunicación externa para lograr unha visibilidade na poboación que permita empregar a nosa accesibilidade como punto de educación sanitaria.

FUNDACIÓNS PÚBLICAS GALEGAS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA

As Fundacións de investigación que xestionan os centros e institutos de investigación sanitaria de Galicia teñen por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, servindo de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores das distintas Áreas Sanitarias.

O artigo 45 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, recolleu a incorporación das Fundacións no sector público autonómico para os efectos do establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Teñen unha especial importancia dentro do ecosistema de investigación sanitaria de Galicia, dado que son as entidades que xestionan os Institutos de Investigación sanitaria, a través dos cales se promove a colaboración coas Universidades galegas en proxectos de investigación e a utilización conxunta de infraestruturas científicas, dado que estes son entidades sen personalidade xurídica propia: o instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), o instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC) e o instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS).

Debe destacarse que os tres Institutos están xa acreditados polo Instituto de Saúde Carlos III. Esta acreditación outorgada supón a confirmación da existencia de grupos básicos e clínicos con excelencia investigadora, así como a existencia dunha adecuada infraestrutura de apoio á investigación na nosa Comunidade.

Para a súa xestión, Galicia conta con tres Fundacións de investigación Sanitaria:

- A Fundación Pública Galega Instituto de investigación sanitaria de Santiago de Compostela, cun ámbito de actuación nas Áreas Sanitarias de Santiago e Barbanza e de Lugo a Mariña e Monforte de Lemos.
- A Fundación Pública Galega de investigación Biomedica Inibic, cun ámbito de actuación nas Áreas Sanitarias da Coruña e Cee e de Ferrol.
- A Fundación Pública Galega de investigación Biomedica Galicia Sur, cun ámbito de actuación nas Áreas Sanitarias de Vigo, de Pontevedra e O Salnés, e de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Os orzamentos da Consellería de Sanidade son coherentes co traballo realizado na administración autonómica para a incorporación destas Fundacións ao sector público autonómico, coas modificacións dos seus estatutos e a súa aprobación dos mesmos polo Consello da Xunta, adscribíndose as mesmas á Consellería de Sanidade.

En 2025, o seu labor fundamental será, non só o desenvolvemento científico nas respectivas áreas, senón contribuír tamén á mellora da asistencia sanitaria aos cidadáns, xa que un centro sanitario que investiga é un centro sanitario que presta unha mellor asistencia ao manter unha constante actualización das súas capacidades e do coñecemento dos seus profesionais.

Os fins que rexerán a súa actuación son:

- Fomentar a cooperación da sociedade galega coas institucións sanitarias públicas, na consecución dos obxectivos fundacionais.
- Promover a investigación científica, poñendo a disposición dos investigadores os medios e/ou recursos da Fundación para o desenvolvemento dunha máis alta calidade na prestación dos seus servizos á Comunidade Galega.
- Propoñer e levar a cabo accións de promoción e dinamización da investigación.
- Favorecer a colaboración entre os distintos equipos de investigación, así como a relación con outros centros que realicen actividades afíns.
- Difundir os resultados das actividades investigadoras e facilitar o coñecemento dos avances científicos e tecnolóxicos, fomentando así a súa aplicación.
- Fomentar a transferencia á sociedade dos resultados de investigación xerados no seu ámbito, a través dunha axeitada protección e xestión do coñecemento.
- Intervir e participar en todos os ámbitos que en xeral estean relacionados con estes obxectivos.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 411A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

É o programa de soporte xeral dos servizos xerais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Profesionais que desenvolven o seu labor profesional nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, así coma nas Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Este programa ten carácter universal.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Profesionais que desenvolven o seu labor profesional nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. A poboación protexida que se beneficia dos avances das novas tecnoloxías aplicadas ao ámbito da saúde.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 14/1986, do 25 do abril, xeral de sanidade.
- Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.
- Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

- Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Facer real e efectiva o achegamento dos servizos e prestacións sanitarias aos pacientes, a continuidade asistencial, a humanización dos servizos sanitarios e a confianza dos doentes no servizo público de saúde.

Aumentar a eficiencia na utilización de todos os recursos sanitarios.

Incorporar liñas innovadoras na xestión e na provisión da asistencia sanitaria pública.

Mellorar os sistemas de información como potente ferramenta para a continua avaliación de resultados na organización e autoxestión.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

É un programa transversal dende o punto de vista da perspectiva de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Está dirixido a toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Consellería de Sanidade:

- 1201 Secretaría Xeral Técnica
- 1203 Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.

Servizo Galego de Saúde

- 5001 Servizos Centrais

III.1.2. PROGRAMA 412A E 412B - ATENCIÓN HOSPITALARIA E ATENCIÓN PRIMARIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Ambos programas comprenden aquelas actividades asistenciais e de xestión de servizos xerais nos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, así como nos centros concertados para dar resposta efectiva ás necesidades da cidadanía con calidade e garantías.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Nas sete áreas sanitarias postas xa en funcionamento en toda Galicia, ambos programas xestiónanse de xeito conxunto e a súa finalidade é prestar asistencia sanitaria de xeito integral a toda a poboación protexida.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Estes programas teñen carácter universal; as actividades que se financian a través deles van dirixidas á consecución de obxectivos asistenciais que xiran arredor da mellor atención ao paciente, de calidade e seguridade, que redundan na mellora da saúde da poboación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Estratexia galega de saúde 2030 realiza unha análise da situación da asistencia sanitaria dende a situación de partida da Estratexia Sergas 2020 que marcaba o obxectivo de “mellorar a saúde da cidadanía”, cara a un novo modelo de saúde. A sociedade estase a transformar rapidamente, demanda novas formas de acceso aos sistemas sanitarios, achega un maior coñecemento

sobre o seu estado de saúde e quere asumir un rol mais decisivo na súa vida, o que fai inevitable unha transformación do modelo sanitario actual para adaptarse a estas características.

A transformación do modelo que se planea na Estratexia galega de saúde 2030 implica unha viraxe respecto ao modelo tradicional, baseado exclusivamente na atención das patoloxías, cara a un modelo en que se entende a sanidade como un todo, que vai máis alá do contorno sanitario e onde a personalización, a prevención, a promoción e a sustentabilidade da saúde son as claves.

Este novo contexto empurra necesariamente a transformación sanitaria, empregando como base pancas de cambio como:

- Saúde 6P23: un enfoque centrado en seis elementos chave para promover a saúde e o benestar das persoas: preventivo, proactivo, participativo, personalizado, de precisión e poboacional. O modelo busca abordar de forma integral os factores que inflúen na saúde e promover accións en diferentes niveis, do individual ata o comunitario e o político.
- Abordaxe biopsicosocial: comprender a saúde máis alá da atención á enfermidade, onde a súa ausencia deixa de ser o elemento chave de saúde e configúrase como “un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou doenzas”.
- A transformación dixital: onde as tecnoloxías como a intelixencia artificial, a robótica, o Big Data, a monitorización remota do paciente (RMP), a telemedicina, as aplicacións e os dispositivos móbiles, ou o deseño de hospitais líquidos, van revolucionar o futuro da nosa saúde. Con elas mellorarase o acceso ás prestacións sanitarias achegando á sociedade un sistema de saúde capaz de mellorar a experiencia do paciente, a súa calidade de vida e, en definitiva, a súa saúde. - A equidade: entendida como igualdade no acceso a unha carteira de servizos homoxénea e aos medicamentos máis efectivos e seguros en toda a xeografía galega.
- Envellecemento activo: o obxectivo é estender a calidade e esperanza de vida a idades avanzadas. Para ter un envellecemento activo e saudable é necesario aproveitar ao máximo as oportunidades de ter boa saúde física, emocional e dispor dun contorno social favorable.
- Medicina personalizada e de precisión: a farmacoxenómica, a nanomedicina e a epixenómica permiten deseñar fármacos máis efectivos e a diminución das posibles reaccións adversas dos medicamentos. Aproximadamente o 50% dos principios activos teñen indicacións de biomarcadores farmacoxenómicos e o número de medicamentos con recomendacións farmacoxenéticas aprobados polas axencias reguladoras aumenta progresivamente.
- Prevención e autocoidado: o enfoque de prevención integra non só a capacidade de evitar a aparición de enfermidades, senón tamén en deter o seu avance e atenuar as súas consecuencias. O autocoidado demostrou beneficios para a saúde en termos de mellora da calidade de vida, prevención de enfermidades graves e pola súa contribución á sustentabilidade financeira dos sistemas de saúde.

- Perspectiva de xénero: mellorar a abordaxe da saúde da muller a través de propostas e recomendacións da Atención Integral da Muller, incorporando a perspectiva de xénero.
- Condicionantes sociais da saúde: a saúde inflúe directamente no desenvolvemento social. É preciso tratar de reducir as desigualdades sociais ante a saúde, reducir o impacto que provoca a crise entre os máis desfavorecidos, conformar programas integrais de benestar social e mellorar as condicións de vida e de saúde das grandes maiorías, especialmente dos grupos máis desprotexidos.
- A colaboración público-privada: a colaboración establecida durante a pandemia para encontrar unha solución á COVID-19 supuxo un fito sen precedentes. Debemos avanzar na colaboración entre os sistemas públicos e a empresa privada dentro dun marco claramente establecido, con intereses aliñados, transparente e ético, que produza o maior beneficio e impacto positivo na sociedade.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- Estratexia Sergas 2030: Mellorar a saúde da cidadanía.
- Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se establece a estrutura organizativa de xestión integrada do Sergas e se crean as estruturas organizativas de xestión integrada da Coruña e Santiago de Compostela.
- Decreto 162/2011, do 28 de xullo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Pontevedra e O Salnés.
- Decreto 163/2011, do 28 de xullo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- Decreto 193/2010, do 18 de novembro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Ferrol.
- Decreto 46/2013, do 7 de marzo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Vigo.
- Decreto 55/2013, do 21 de marzo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada das áreas de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.
- Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.
- Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia de Órganos, Sangue e Tecidos.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dentro dos obxectivos e liñas de actuación destes programas hai que destacar:

- Continuar coa adopción de medidas que permitan garantir os obxectivos de tempos de espera xa acadados en enfermos con sospeita de cancro ou patoloxías graves, tanto para o seu diagnóstico (vías rápidas) como para o seu tratamento (prioridade I). Desenvolver e actualizar procesos asistenciais integrados.
- Impulsar o modelo de xestión de enfermidades crónicas: a definición do Plan Galego de Atención á Cronicidade e o Proceso Asistencial Integrado do Paciente Crónico Complexo, como paso seguinte.
- Seguir consolidando as vías rápidas de atención, e seguir coa implantación das garantías de atención sanitaria (intervencións cirúrxicas, probas e consulta).
- A vixilancia, prevención e control da infección: Comisión galega de enfermidades infecciosas e política antibiótica, código sepsis, programas PROA (programas de optimización de uso de antibióticos)...
- Potenciar a telemedicina, a atención domiciliaria e a atención non presencial co fin de achegar todos os recursos, tanto materiais como de recursos humanos, aos pacientes.
- Potenciar o traballo en rede, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías, para unha maior eficiencia.
- Prestar programas sanitarios específicos con necesidades diferenciadas como son os pacientes anciáns, nenos, a muller e a saúde mental.
- Mellorar a información e o acceso da cidadanía ao sistema sanitario de forma interactiva, potenciando os servizos a través das novas tecnoloxías de información e a comunicación e as diversas canles (teléfono, web, sms).
- Seguir incorporando novos servizos no Centro de Servizos Sanitarios Multicanle e de relación paciente-administración sanitaria como é o canal É-saúde.
- Facilitar información sobre educación sanitaria e prevención e promoción da saúde a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, e seguir aproveitando as vantaxes que ofrecen as redes sociais para a promoción de hábitos de vida saudables, como o programa “xente con vida”.
- Manter a implantación da receita electrónica en todos os centros sanitarios e a súa interoperabilidade no resto do SNS.
- Continuar cos programas de bo uso dos medicamentos e continuar xestionando os recursos farmacoterapéuticos dispoñibles de forma eficiente, potenciando a prescrición de medicamentos xenéricos e biosimilares.
- Ampliar o programa de atención ao paciente polimedicado e seguir facilitando información aos profesionais a través da unidade de apoio á prescrición con incorporación de novos servizos.

- Continuar co programa de atención farmacéutica ás residencias de maiores e residencias de discapacitados a través do servizo de farmacia dos hospitais da rede, co apoio dos farmacéuticos de atención primaria.
- Realización de concursos de compras centralizadas de produtos sanitarios, produtos farmacéuticos, produtos non sanitarios e servizos.
- Potenciar a xestión eficiente e o uso adecuado do transporte sanitario e prestación ortoprotésica.
- Continuar cos programas de seguridade do paciente.
- Potenciar a utilización da historia clínica en todos os eidos de traballo e continuar incorporando novas funcionalidades.
- Aposta polas novas tecnoloxías que faciliten o traballo dos nosos profesionais e ao mesmo tempo a accesibilidade dos nosos pacientes.
- Renovar e modernizar as infraestruturas sanitarias, de xeito sostible e no menor tempo posible, para mellorar a asistencia prestada á cidadanía e o contorno de traballo dos profesionais.
- Seguir incorporando equipamento tecnolóxico punteiro e modernizar ou renovar as infraestruturas sanitarias (tanto centros de saúde como hospitais).
- Continuar coa integración dos valores sociais, medioambientais e de sustentabilidade económica de acordo cos criterios xerais internacionais, seguir mellorando a cualificación enerxética dos edificios e potenciando o uso de enerxías renovables, iluminación máis eficiente, mellora das envolventes de edificios e aproveitar os recursos naturais como a biomasa.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	
--	--

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En xeral, as persoas beneficiarias deste programa son a totalidade da poboación protexida polo Servizo Galego de Saúde.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Servizo Galego de Saúde:

- 500I Servizos Centrais
- 150I Área Sanitaria de A Coruña e Cee.
- 1505 Área Sanitaria de Ferrol.
- 157I Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
- 270I Área Sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos
- 320I Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
- 360I Área Sanitaria de Vigo
- 3603 Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés

Fundación Pública Urxencias Sanitarias 06I

Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía

Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

Axencia Galega do Sangue, Órganos e Tecidos

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

III.1.3. PROGRAMA 413A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa de Promoción e Protección da Saúde ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da súa detección precoz, a identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores. Para todo isto impulsaranse accións de asesoramento, información, formación, vixilancia e control, sanción, elaboración de normativa de protección da saúde e actividades de detección precoz poboacional. É tamén o programa soporte dos servizos administrativos das xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco, a promoción de hábitos e estilos de vida saudables e a súa detección precoz.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten carácter universal, pois as actividades que se financian a través del van dirixidas ao total da poboación galega.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Dirección Xeral de Saúde Pública ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación de Galicia, diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da súa detección precoz, a identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores.

Para isto, é preciso continuar co mantemento e actualización dos programas que se veñen levando a cabo nos ámbitos da promoción de estilos de vida saudable, da prevención de enfermidades transmisibles, dos programas de cribado poboacional, dos programas de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e protección radiolóxica e dos programas de vixilancia epidemiolóxica.

Relación dos principais problemas ou carencias que se teñen que afrontar:

- É necesario fortalecer a coordinación e os recursos asistenciais para manter e mellorar os programas de detección precoz de cancro colorrectal e de cancro de mama e os programas de detección precoz da hipoacusia neonatal e de enfermidades metabólicas.
- É preciso reforzar os programas de protección e promoción da saúde, en particular con aqueles orientados á prevención das enfermidades crónicas e os seus determinantes, con especial fincapé nos estilos de vida saudables.
- Actuar sobre os problemas de saúde que ocasiona o consumo de alcohol e outras adicións sen sustancia (uso problemático de novas tecnoloxías e práctica de xogo) en menores.
- Son necesarias melloras no programa de detección de metabolopatías para mellorar a súa calidade.
- É necesario manter o sistema de vixilancia entomolóxica para responder aos retos que a introdución de novos vectores de enfermidades poden orixinar á poboación galega.

A situación á que se quere chegar é a seguinte:

- Manter e actualizar os programas de protección e promoción da saúde que se veñen levando a cabo:
 - Programas de vacinación, tanto infantil como de adultos, de control de tuberculose e de prevención das infeccións de transmisión sexual, incluíndo o VIH/SIDA.
 - Programas de promoción de estilos de vida saudable, como eixe da loita contra as enfermidades crónicas.
- Mantemento e mellora da eficiencia e a efectividade dos programas de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e protección radiolóxica, cunha adaptación constante aos cambios normativos e ás esixencias establecidas nos órganos de consenso a nivel nacional e europeo.
- Mellora e constante actualización da carteira de servizos do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia como soporte esencial aos programas de control oficial en materia de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e investigación de abrochos.
- Programa de sistema de Información de Saúde Pública.
- Intervir sobre o consumo de alcohol en menores e sobre adicións comportamentais a través de actuacións intersectoriais que impliquen a todos os actores que podan influír de xeito directo ou indirecto, con especial fincapé na prevención no ámbito familiar.
- Realización da enquisa quinquenal de saúde bucodental, seguindo as indicacións da Organización Mundial da Saúde (OMS), para monitorizar a evolución dos índices do estado de saúde bucodental dos escolares de 6 e 12 anos de Galicia, cara a consecución dos obxectivos OMS 2020.
- Manter a cobertura e a calidade dos programas poboacionais de cribado. Necesidade de mantemento e impulso da rede de aerobioloxía de Galicia, como pilar básico para

un mellor diagnóstico e tratamento da alerxia, así como unha ferramenta básica no eido da prevención.

- Programa de Vixilancia Entomolóxica para detección e seguimento de vectores posibles transmisores de novas enfermidades como a Febre do Nilo, o Chikungunya, a Zika, a Febre Hemorráxica de Crimea Congo, ...
- Hai que reforzar o Rexistro Galego de Tumores para vixilar novos cancros como colo-rectal, cervix ou os tumores infantís.
- Hai que desenvolver unha nova enquisa de seroprevalencia para obter datos do seu estado de protección fronte a unha serie de enfermidades infecciosas coma o sarampelo, a rubéola, a parotidite, a hepatite A, a difteria, o tétanos, ... entre outras.
- Fomentar e impulsar estratexias encamiñadas a diminuír a exposición da poboación ao radon.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de Saúde Pública.
- Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública.
- Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Concellería de Sanidade.
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre Drogas.
- Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde
- Regulamento CE 882/2004, do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004 sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar animal.
- Regulamento CE 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controles oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Dirección Xeral de Saúde Pública é o centro directivo encargado da promoción e protección da saúde da poboación galega.

As principais actividades nestes ámbitos de actuación son as seguintes:

- A promoción de estilos de vida saudables e a realización de actividades de prevención e control de enfermidades non transmisibles.
- O fomento de actividades de prevención e control de trastornos aditivos e, en xeral, o desenvolvemento do plan neste ámbito.
- A detección precoz de enfermidades mediante os programas de cribado poboacional aprobados e financiados.
- A xestión dos sistemas de información da Saúde Pública e a vixilancia e control mediante a coordinación do Sistema de Alerta Epidemiolóxica de Galicia.
- O fomento de actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles, incluíndo a estratexia fronte á infección polo VIH/SIDA.
- As actividades programadas e financiadas do programa galego de vacinacións.
- As actividades de protección da saúde fronte aos riscos asociados ao consumo de alimentos e o seguimento da Rede de Alerta Alimentaria.
- As actividades de protección da saúde fronte aos riscos ambientais específicos.
- O exercicio das funcións de protección radiolóxica.
- A coordinación e control da rede de laboratorios de saúde pública.
- A coordinación e apoio nos diferentes ámbitos da xestión ás unidades centrais e periféricas que conforman a área de saúde pública.

Dentro do ámbito do Servizo Galego de Saúde as finalidades deste programa son as seguintes:

- Actividades correspondentes ao plan de loita contra as drogodependencias, mellorando e ampliando os recursos de incorporación social de drogodependentes, e reforzando a rede asistencial de drogodependencias.
- Mellorar a eficiencia dos recursos socio sanitarios para aqueles enfermos xeralmente crónicos que polas súas características se benefician de actuacións sinérxicas para aumentar a súa autonomía, paliar as súas limitacións e facilitar a súa reinserción social e laboral.
- Atención á saúde mental desenvolvendo programas de trastorno mental grave destinados á atención integral do paciente desde as fases precoces, desenvolvendo os programas de psioxeriatría e potenciando a investigación en saúde mental.

- Establecer unha completa coordinación e circuítos cos outros niveis asistenciais e integración funcional completa das redes de asistencia a patoloxías mentais e a trastornos aditivos de igual forma que se presta atención dende o Sergas aos outros trastornos da saúde.
- Completar o mapa de recursos asistenciais e de reinserción social de acordo cos plans estratéxicos.
- Integrar dentro da rede do Servizo Galego de Saúde a prestación da asistencia sanitaria e consulta aos enfermos con estas patoloxías.
- Coordinar a través da atención pública mediante convenios, concertos ou outro tipo de relación xurídica con outras entidades, as prestacións de atencións de media ou longa estancia de pacientes crónicos.
- Fomentar a formación dos profesionais sanitarios nestas patoloxías.
- Impulsar estudos para detectar carencias e necesidades de abordaxe terapéutico e de recursos para mellorar a atención sanitaria a estes pacientes.
- Impulsar o desenvolvemento da atención sociosanitaria, a través do desenvolvemento do plan estratéxico e en coordinación cos servizos sociais.
- Establecer unha completa e axeitada coordinación entre todos os recursos sociais que atenden a colectivos de perfil sociosanitario e os recursos sanitarios.
- Definir e optimizar os recursos sociosanitarios actualmente dispoñibles.
- Homoxeneizar a continuidade de coidados nos doentes de perfil sociosanitario institucionalizados e non institucionalizados.
- Impulsar o uso das novas tecnoloxías na coordinación asistencial e de coidados nos doentes de perfil sociosanitario e como medio de comunicación cos pacientes e para prestar novos servizos.
- A avaliación das prestacións sanitarias para o seu financiamento polo SNS e a avaliación de novos procedementos e técnicas para a súa incorporación á rede pública sanitaria.
- A avaliación de tecnoloxías sanitarias antes da súa introdución.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En xeral os beneficiarios deste programa son todos os galegos e galegas. Se ben é certo que algunhas actividades poden ter un impacto diferente en homes e mulleres e nos distintos grupos de idade. Por exemplo o cribado de cancro de mama realízase en mulleres entre 50 e 69 anos; o cribado de cancro de colon nas persoas entre 50 e 69 anos, e o cribado de cancro cervical que se realiza entre as mulleres de 25 a 65 anos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	

Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS(TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Programa dirixido, en xeral, a toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Consellería de Sanidade:

- I201 Secretaría Xeral Técnica
- I202 Dirección Xeral de Saúde Pública

Departamentos Territoriais

Servizo Galego de Saúde:

- 5001 Servizos Centrais.

III.1.4. PROGRAMA 414A - FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa comprende o conxunto de actividades dirixidas a actualizar os coñecementos dos profesionais sanitarios, así como desenvolver os plans de formación dos futuros especialistas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa comprende o conxunto de actividades dirixidas a:

Actualizar os coñecementos e habilidades dos profesionais do sistema sanitario, no aspecto asistencial, preventivo e de xestión.

Desenvolver un plan de excelencia na formación sanitaria especializada que articule, coordine, impulse e execute iniciativas encamiñadas a mellorar a aprendizaxe dos futuros especialistas.

Colaborar co sistema educativo tanto nos niveis preuniversitarios como universitarios e posgraduado, na formación dos seus alumnos nos centros do Servizo Galego de Saúde.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Dende o punto de vista asistencial, este programa ten carácter universal, pois as actividades que se financian a través del van dirixidas á consecución de obxectivos xerais que redundan no benestar da poboación protexida polo sistema de saúde; porén, o colectivo ao que se dirixen as actividades formativas, é o conxunto dos profesionais sanitarios que realizan o seu labor asistencial no Sergas.

DEFINICIÓ DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 16/2003, do 28 maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.
- Lei 44/2003, do 21 novembro, de ordenación das profesións sanitarias.
- Estratexia galega de saúde 2030.
- Real decreto 1142/2007, do 31 de agosto, polo que se determina a composición e funcións da Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias e se regula o sistema de acreditación da formación continua.
- Decreto 8/2000, do 7 de xaneiro, polo que se regula a organización do sistema acreditador da formación continuada dos profesionais sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 13 de novembro de 2007 pola que se establece o procedemento para tramitación e xestión das solicitudes de formación práctica de alumnas/os de universidades non pertencentes ao sistema universitario de Galicia en centros asistenciais adscritos ao Servizo Galego de Saúde.
- Resolución do 5 abril 2006, da Dirección Xeral de Traballo, sobre Formación Profesional Continua.

- Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Na aposta por un novo modelo produtivo baseado na economía do coñecemento e innovación, o Servizo Galego de Saúde inviste en novas plataformas que, ademais de xestionar programas e itinerarios formativos, xestionen a transferencia do coñecemento depositado no conxunto dos profesionais e actúen como elementos de comunicación, identificación, participación e motivación dos profesionais.

No ámbito da formación de profesionais sanitarios, realizaranse as seguintes actuacións:

- Desenvolver un plan de excelencia na formación sanitaria especializada que articule, coordine, impulse e execute iniciativas encamiñadas a mellorar a aprendizaxe dos futuros especialistas.
- Reforzar o papel das Comisións docentes en todos os centros para mellorar a formación sanitaria especializada, co fin de acadar a excelencia docente e ser cada vez máis atractivos para a formación de especialistas. Coordinar e impulsar o traballo da Rede de Comisións de Docencia de Galicia (REDEGA).
- Fortalecer a figura do titor de formación sanitaria especializada. Desenvolver un modelo de xestión da calidade docente.
- Analizar e avaliar as necesidades de especialistas na nosa comunidade autónoma co fin de adecuar cada vez máis a oferta e a demanda.
- Seguir traballando na elaboración dun Plan de Formación Continuada orientado tanto ás necesidades estratéxicas da organización coma ás demandas dos profesionais, para adaptar e mellorar as súas competencias.
- Axilizar e simplificar o sistema de detección e análise de necesidades formativas.
- Mellorar e estender o proceso de auditorías in situ das actividades docentes acreditadas.
- Avaliar as ofertas de formación continuada co fin de que cada vez máis se adapten ás necesidades da organización e ás expectativas dos traballadores.
- Manter a colaboración e cooperación coas universidades para o desenvolvemento das súas titulacións a través dos correspondentes concertos e convenios.
- Seguir favorecendo os novos ámbitos de aprendizaxe e potenciar as novas metodoloxías docentes, aproveitando as TICs: ámbitos virtuais, teleformación, simulación médica. O fin último é aumentar e garantir a seguridade dos pacientes, por medio da sistematización do adestramento dos profesionais, homoxeneizando criterios de valoración, para optimizar a transferencia do coñecemento á habilidade.
- Seguir desenvolvendo estratexias de formación de formadores.

- Proporcionar formación de calidade en xestión sanitaria a través da escola de directivos.
- Facilitar a difusión a toda a organización das mellores prácticas, a través de programas como o Divulga.
- Impulsar a Rede de Capacitación e Entrenamento Sanitario (RED CASA).
- Impulsar novas dinámicas de innovación educativa.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os programas de formación van dirixidos a acadar a excelencia nos profesionais, independentemente do xénero. Se ben é certo que se fomenta a participación igualitaria nas distintas actividades de formación postas en marcha.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
--	--

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Servizo Galego de Saúde

- 500I Servizos Centrais
- 150I Área Sanitaria da Coruña e Cee.
- 1505 Área Sanitaria de Ferrol.
- 157I Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
- 270I Área Sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

- 3201 Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
- 3601 Área Sanitaria de Vigo
- 3603 Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

III.1.5. PROGRAMA 561C - INVESTIGACIÓN SANITARIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como finalidade xenérica facilitar a investigación e a innovación no ámbito sanitario e o desenvolvemento de criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+i en saúde do sistema sanitario público cara a excelencia científica para a mellora da saúde da cidadanía, cun importante foco na transferencia do coñecemento á sociedade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten carácter universal, pois está dirixido á consecución de obxectivos xerais que redundan no benestar da poboación protexida polo sistema público de saúde de Galicia. As actividades que se realizan e financian no marco do programa desenvólvense a través do traballo conxunto coas estruturas de xestión e apoio aos grupos e entidades de investigación.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.
- Estratexia Sergas 2020
- Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3
- Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.
- Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dentro dos obxectivos e liñas de actuación deste programa, cabe destacar:

- Orientar as políticas e actividades de I+D+i cara á resolución dos problemas de saúde que afectan á poboación galega.
- Identificar e definir liñas prioritarias de investigación, potenciando a investigación traslacional.
- Impulsar o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, o Instituto de Investigación Sanitaria de A Coruña, e o Instituto de investigación sanitaria Galicia Sur, fomentando o seu traballo en rede como elemento para a captación de recursos.
- Promover o desenvolvemento de redes de investigación e grupos colaboradores multidisciplinares e facilitar a agregación para mellorar a competitividade.
- Potenciar as tres fundacións de xestión da investigación sanitaria, que coinciden cos tres campus e os tres institutos de investigación.
- Seguir potenciando a biblioteca virtual Bibliosaúde como ferramenta na xestión de coñecemento no Sistema Sanitario Público de Galicia. Colaborar na posta en marcha do repositorio do Sistema Sanitario Público de Galicia (RUNA) e participar en repositorios nacionais (CVN) e internacionais (ORCID).
- Ordenar e coordinar aos distintos axentes de investigación sanitaria. Manter un marco fluído e aberto de relacións cos axentes externos de investigación sanitaria (universidade, centros sanitarios, e empresas). Aliñar esforzos coas nosas necesidades de saúde e do sistema sanitario, tendo presente os retos definidos na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia, RIS3.
- Potenciar a Plataforma de Innovación e a súa Rede de Nodos de Innovación como canle para recibir, avaliar e impulsar de forma estruturada dentro do sistema as iniciativas innovadoras xurdidas dos nosos profesionais e articular un sistema integral de xestión destas iniciativas, focalizado nos problemas de saúde da cidadanía, así como un espazo de encontro onde converxan usuarios, centros xeradores de coñecemento, empresas e o Servizo Galego de Saúde.
- Colaborar coas asociacións empresariais do ámbito biosanitario, coo BIOGA e o Clúster da Saúde, para contribuír ao incremento do tecido empresarial biosanitario galego e aportar valor incrementando a competitividade das empresas galegas que se agrupan neste clúster.
- Valorizar os resultados da investigación. Promover a transferencia de resultados mediante a posta en marcha de iniciativas como o programa PRIS, dirixido a dar soporte aos proxectos de investigación xurdidos dos nosos hospitais e que teñan potencialidade de chegar ao mercado. Apoiar, tanto desde o punto de vista normativo como funcional, a creación de empresas biosanitarias (spin-off), o desenvolvemento de patentes e demais accións emprendedoras, como dinamizador económico de Galicia.

- Fortalecer e desenvolver o traballo en rede dos catro biobancos do Servizo Galego de Saúde autorizados con fins de investigación biomédica conforme ao RD 1716/2011, do 18 de novembro, ao resultar plataformas de apoio á investigación imprescindibles que poden actuar como nexo de unión entre doadores/as, clínicos/as e investigadores/as.
- Seguir desenvolvendo procedementos para axilizar e facilitar a investigación e a innovación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro dos marcos ético-legais vixentes a través dunha dinámica de traballo e estrutura funcional eficiente na Xestión da Ética da Investigación. Adaptación ás futuras normativas nacionais e europeas. Dinamizar a xestión administrativa dos estudos de investigación a través de ferramentas telemáticas.
- Desenvolver unha dinámica de traballo en rede entre os tres Comités Territoriais de Ética da Investigación, Coruña-Ferrol, Santiago-Lugo e Pontevedra-Vigo-Ourense eles, e co Comité Autonómico de Ética da Investigación (CAEI) de Galicia.
- Impulsar a Oficina de Apoio á Investigación-IDI saúde como facilitadora e provedora de servizos aos investigadores.
- Facilitar a participación da organización e dos grupos de investigación en consorcios cooperativos europeos e incrementar o financiamento dependente de convocatorias europeas.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os programas de investigación van dirixidos a acadar a excelencia nos profesionais e mellorar a calidade dos servizos que prestan, independentemente do xénero. Ademais, perseguen o obxectivo de contribuír ao desenvolvemento económico e social e a creación de riqueza da nosa sociedade. Se ben é certo que se fomenta a participación igualitaria nas distintas actividades de formación postas en marcha.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Servizo Galego de Saúde:

- 500I Servizos Centrais
- 150I Área Sanitaria da Coruña e Cee.
- 1505 Área Sanitaria de Ferrol.
- 157I Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
- 270I Área Sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos
- 320I Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
- 360I Área Sanitaria de Vigo
- 3603 Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 411A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación, aproveitar as tecnoloxías para impulsar a atención a domicilio e a teleasistencia que permitan prestar un mellor servizo asistencial a unha poboación moi avellentada e espallada no territorio	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Xestión eficiente dos recursos asistenciais e da atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.	
0002 - Mellorar os coñecementos de pacientes e cidadáns con respecto á súa saúde.	
0003 - Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos. Mellorar a fiabilidade dos servizos que se prestan, reducir a variabilidade e mellorar a súa coordinación, con intervencións que incrementen a calidade asistencial e a seguridade do paciente. Potenciar os servizos de inspección sanitaria.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Desenvolver, manter e implantar tecnoloxías e sistemas de información innovadores para mellorar as labores de prevención, diagnose, tratamento, control e xestión na sanidade	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Optimizar os sistemas de información para que faciliten a toma de decisión. Mellorar os cadros de mando dos distintos sistemas, os sistemas de avaliación e de codificación.	
0002 - Priorizar e asegurar a implantación das innovacións tecnolóxicas en desenvolvemento e que foron avaliadas positivamente despregando no sistema as innovacións tecnolóxicas con probado impacto na saúde da cidadanía.	
Indicador	Valor Previsto
DOE019 - Poboación beneficiada por servizos dixitais de xestión de patoloxías crónicas ou outros servizos específicos na área de	3.706.953
P00129 - Número de e-interconsultas	339
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0009 - Potenciar a versatilidade-polivalencia dos profesionais do sistema acometendo un proceso de planificación e ordenación que permita dispoñer de profesionais suficientes e con formación axeitada para darlles unha resposta adecuada aos cambios que a organización precisa.	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxeticamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Programa: 412A ATENCIÓN HOSPITALARIA	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación, aproveitar as tecnoloxías para impulsar a atención a domicilio e a teleasistencia que permitan prestar un mellor servizo asistencial a unha poboación moi avellentada e espallada no territorio	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Xestión eficiente dos recursos asistenciais e da atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0003 - Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos. Mellorar a fiabilidade dos servizos que se prestan, reducir a variabilidade e mellorar a súa coordinación, con intervencións que incrementen a calidade asistencial e a seguridade do paciente. Potenciar os servizos de inspección sanitaria.

0004 - Accións de integración sanitaria da saúde mental e desenvolvemento da coordinación sociosanitaria.

0007 - Prestación ortoprotésica

0008 - Impulso da medicina xenómica para o tratamento de enfermidades e mellora do coñecemento das mesmas

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
P00121 - Número de consultas en atención hospitalaria	4.912.235
P00353 - Persoas beneficiarias de prestacións ortoprotésicas	52.902
P00356 - Unidades de sangue	116.000

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Desenvolver, manter e implantar tecnoloxías e sistemas de información innovadores para mellorar as labores de prevención, diagnose, tratamento, control e xestión na sanidade

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

0002 - Priorizar e asegurar a implantación das innovacións tecnolóxicas en desenvolvemento e que foron avaliadas positivamente despregando no sistema as innovacións tecnolóxicas con probado impacto na saúde da cidadanía.

Indicador	Valor Previsto
P00163 - Centros hospitalarios construídos e/ou mellorados	2
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados	

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxeticamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI03 - Transferencias internas

0001 - Adecuar as instalacións e o equipamento en atención hospitalaria ás necesidades de usuarios e traballadores, coa mellora dos centros de traballo e mantemento das súas instalacións e equipos, e coa posta en marcha de novos centros asistenciais.

0003 - Consegur un sistema de saúde mellor adaptado ás necesidades que impón o cambio climático

Indicador	Valor Previsto
P00163 - Centros hospitalarios construídos e/ou mellorados	66
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Fomentar a I+D+i no Sistema Público de Saúde de Galicia dirixida as necesidades dos e das pacientes co obxectivo de mellorar a súa atención e a transferencia dos resultados á sociedade	

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0001 - Impulsar a xestión do coñecemento e a investigación, dirixida ás necesidades dos e das pacientes e aos retos do sistema sanitario en xeral, co obxectivo de mellorar a atención e a transferencia dos resultados á sociedade. Proceso de innovación aberto e internacionalización tanto das actividades de investigación como de transferencia

Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible

Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0001 - Promoción de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas, administración e particulares. Apoio á realización de auditorías enerxéticas e a implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellor diagnose e unha mellor da xestión da enerxía nos distintos ámbitos de consumo.

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 412B ATENCIÓN PRIMARIA	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación, aproveitar as tecnoloxías para impulsar a atención a domicilio e a teleasistencia que permitan prestar un mellor servizo asistencial a unha poboación moi avellentada e espallada no territorio	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Xestión eficiente dos recursos asistenciais e da atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.	
0003 - Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos. Mellorar a fiabilidade dos servizos que se prestan, reducir a variabilidade e mellorar a súa coordinación, con intervencións que incrementen a calidade asistencial e a seguridade do paciente. Potenciar os servizos de inspección sanitaria.	
0004 - Accións de integración sanitaria da saúde mental e desenvolvemento da coordinación sociosanitaria.	
0006 - Continuar a sufragar parte do custo dos medicamentos para garantir que toda a poboación poida permitirse acceder aos tratamentos que precisa	
Indicador	Valor Previsto
P00122 - Número de consultas en atención primaria	29.401.925
P01003 - Número de receitas dispensadas	76.694.725
P402.H - Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Homes	1.850
P402.M - Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Mulleres	1.500
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Desenvolver, manter e implantar tecnoloxías e sistemas de información innovadores para mellorar as labores de prevención, diagnose, tratamento, control e xestión na sanidade	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Optimizar os sistemas de información para que faciliten a toma de decisión. Mellorar os cadros de mando dos distintos sistemas, os sistemas de avaliación e de codificación.	
Indicador	Valor Previsto
DOE019 - Poboación beneficiada por servizos dixitais de xestión de patoloxías crónicas ou outros servizos específicos na área de	2.706.953
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxeticamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Adecuar as instalacións e o equipamento en atención primaria ás necesidades de usuarios e traballadores, coa mellora dos centros de traballo e mantemento das súas instalacións e equipos, e coa posta en marcha de novos centros asistenciais.	
Indicador	Valor Previsto
P00162 - Centros de saúde construídos e/ou mellorados	37
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Fomentar a I+D+i no Sistema Público de Saúde de Galicia dirixida as necesidades dos e das pacientes co obxectivo de mellorar a súa atención e a transferencia dos resultados á sociedade	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Impulsar a xestión do coñecemento e a investigación, dirixida ás necesidades dos e das pacientes e aos retos do sistema sanitario en xeral, co obxectivo de mellorar a atención e a transferencia dos resultados á sociedade. Proceso de innovación aberto e internacionalización tanto das actividades de investigación como de transferencia	
Programa: 413A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación, aproveitar as tecnoloxías para impulsar a atención a domicilio e a teleasistencia que permitan prestar un mellor servizo asistencial a unha poboación moi avellentada e espallada no territorio

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
0001 - Xestión eficiente dos recursos asistenciais e da atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.
0003 - Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos. Mellorar a fiabilidade dos servizos que se prestan, reducir a variabilidade e mellorar a súa coordinación, con intervencións que incrementen a calidade asistencial e a seguridade do paciente. Potenciar os servizos de inspección sanitaria.
0004 - Accións de integración sanitaria da saúde mental e desenvolvemento da coordinación sociosanitaria.
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
P00007 - Número de doses de vacinas administradas a persoas adultas	590.000
P402.H - Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Homes	3.330
P402.M - Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Mulleres	2.585
P408.H - Persoas beneficiarias de programas de atención sociosanitaria. Homes	2.147
P408.M - Persoas beneficiarias de programas de atención sociosanitaria. Mulleres	1.305

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
0001 - Manter os programas de vacinación xa consolidados.
0002 - Manter o desenvolvemento dos programas de detección precoz de enfermidades, de seguridade alimentaria e ambiental e aumentar a participación da poboación nestes programas e cribados
0005 - Ampliar as medidas para evitar ou diminuír o consumo de tabaco, alcohol e outras substancias perxudiciais na poboación galega. Programas de axuda a dependentes e adictos.
0006 - Promover medidas para a reducir o comportamento sedentario da poboación galega.
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
P00005 - Número de doses administradas en primovacinação	14.400
P00007 - Número de doses de vacinas administradas a persoas adultas	1.701.000
P00011 - Participantes no programa de cribado de cancro de colon	54
P00012 - Participantes no programa de cribado de cancro de mama	80
P402.H - Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Homes	14.018
P402.M - Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Mulleres	3.833

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Desenvolver, manter e implantar tecnoloxías e sistemas de información innovadores para mellorar as labores de prevención, diagnose, tratamento, control e xestión na sanidade

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0001 - Optimizar os sistemas de información para que faciliten a toma de decisión. Mellorar os cadros de mando dos distintos sistemas, os sistemas de avaliación e de codificación.

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI02 - Gastos de persoal

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Diseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos	
Programa: 414A FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI02 - Gastos de persoal	
0009 - Potenciar a versatilidade-polivalencia dos profesionais do sistema acometendo un proceso de planificación e ordenación que permita dispoñer de profesionais suficientes e con formación axeitada para darlles unha resposta adecuada aos cambios que a organización precisa.	
0010 - Coordinación dun modelo integral de xestión da formación sanitaria especializada no Servizo Galego de Saúde. Promover a formación continua.	
Programa: 561C INVESTIGACIÓN SANITARIA	
Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico	
Prioridade de Actuación: PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Fomentar a I+D+i no Sistema Público de Saúde de Galicia dirixida as necesidades dos e das pacientes co obxectivo de mellorar a súa atención e a transferencia dos resultados á sociedade	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Impulsar a xestión do coñecemento e a investigación, dirixida ás necesidades dos e das pacientes e aos retos do sistema sanitario en xeral, co obxectivo de mellorar a atención e a transferencia dos resultados á sociedade. Proceso de innovación aberto e internacionalización tanto das actividades de investigación como de transferencia	
Indicador	Valor Previsto
P00362 - Publicacións bibliosaúde	1.900

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	02	03	80
411A-Dirección e servizos xerais de sanidade	11.197		3.603	62.815
412A-Atención hospitalaria				3.452.488
412B-Atención primaria				1.668.415
413A-Protección e promoción da saúde pública	15.553	88.534		19.293
414A-Formación de graduados e posgraduados				83.544
561C-Investigación sanitaria				19.366
Total	26.750	88.534	3.603	5.305.922

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos		
	A1	A2	Total
411A-Dirección e servizos xerais de sanidade	30		77.644
412A-Atención hospitalaria		28.487	3.480.975
412B-Atención primaria			1.668.415
413A-Protección e promoción da saúde pública			123.379
414A-Formación de graduados e posgraduados	999		84.544
561C-Investigación sanitaria	3.932		23.298
Total	4.961	28.487	5.458.256

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	IV	V	VI	VII	VIII	Total
411A-Dirección e servizos xerais de sanidade	21.956	3.884	73		51.340		392	77.644
412A-Atención hospitalaria	1.600.798	1.471.485	145.532	7.980	253.198	1.723	258	3.480.975
412B-Atención primaria	635.728	76.924	884.571	3.420	65.511	2.261		1.668.415
413A-Protección e promoción da saúde pública	49.308	3.000	18.319		52.452	300		123.379
414A-Formación de graduados e posgraduados	83.059	1.034			450			84.544
561C-Investigación sanitaria	3.659	190	463		18.986			23.298
Total	2.394.507	1.556.518	1.048.959	11.400	441.938	4.284	650	5.458.256

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	21.880	22.684	3,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.227	2.467	10,8
Cap. IV - Transferencias correntes	73	73	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.525	1.525	0,0
Total	25.705	26.750	4,1

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	33.447	34.559	3,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.086	1.494	37,7
Cap. IV - Transferencias correntes	2.100	2.100	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	48.633	50.381	3,6
Total	85.264	88.534	3,8

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACION E REFORMA SANITARIA	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.069	3.188	3,9
Cap. VI - Investimentos reais	415	415	0,0
Total	3.484	3.603	3,4

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

80 SERVIZO GALEGO DE SAUDE	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.198.782	2.318.990	5,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.476.609	1.535.722	4,0
Cap. IV - Transferencias correntes	979.709	1.046.323	6,8
Cap. V - Fondo de continxencia	11.400	11.400	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	386.684	388.553	0,5
Cap. VII - Transferencias de capital	2.802	4.284	52,9
Cap. VIII - Activos financeiros	650	650	0,0
Total	5.056.636	5.305.922	4,9

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.826	2.779	-1,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.123	1.135	1,0
Cap. IV - Transferencias correntes	263	463	76,0
Cap. VI - Investimentos reais	729	584	-19,9
Total	4.941	4.961	0,4

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	2024	2025	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	11.960	12.308	2,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	14.820	15.699	5,9
Cap. VI - Investimentos reais	480	480	0,0
Total	27.260	28.487	4,5

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2024	2025	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	25.705	26.750	4,1
02 DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA	85.264	88.534	3,8
03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACION E REFORMA SANITARIA	3.484	3.603	3,4
80 SERVIZO GALEGO DE SAUDE	5.056.636	5.305.922	4,9
A1 AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	4.941	4.961	0,4
A2 AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	27.260	28.487	4,5
Total	5.203.290	5.458.256	4,9

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Cap. I - Gastos de persoal	58.396	60.431	0	2.334.076	0	0	0	2.394.507
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.312	3.962	0	1.578.384	0	25.827	0	1.556.518
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IV - Transferencias correntes	4.466.401	4.727.720	0	1.046.786	0	4.725.547	0	1.048.959
OPERACIÓNS CORRENTES	4.528.110	4.792.112	0	4.959.246	0	4.751.375	0	4.999.984
Cap. V - Fondo de continxencia	0	0	0	11.400	0	0	0	11.400
Cap. VI - Investimentos reais	50.573	52.321	0	389.617	0	0	0	441.938
Cap. VII - Transferencias de capital	358.610	369.033	0	4.284	0	369.033	0	4.284
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	650	0	0	0	650
OPERACIÓNS DE CAPITAL	409.183	421.354	0	405.951	0	369.033	0	458.272
Total	4.937.293	5.213.466	0	5.365.197	0	5.120.408	0	5.458.256

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Cons. Sanidade	2025
Altos Cargos	4
Persoal Funcionario	1.074
Subgrupo A1	673
Subgrupo A2	105
Subgrupo C1	111
Subgrupo C2	169
Agrupacións profesionais	16
Persoal Laboral	97
Grupo I	18
Grupo II	1
Grupo III	34
Grupo IV	40
Grupo V	4
TOTAL	1.175

Medios Persoais

Servizo Galego de Saúde	0000	Total
Altos cargos	4	4
P. Directivo	147	147
P. Estatutario Facultativo	8.590	8.590
P. Estatutario Sanitario non facultativo	20.024	20.024
P. de Xestión e Servizos	9.012	9.012
P. Funcionario	453	453
P. laboral	54	54
P. en formación	2.191	2.191
P. de cota	123	123
Outro persoal	52	52
TOTAL	40.650	40.650

Medios Persoais

A. G. Xestión do Coñecemento en Saúde	2025
Persoal Funcionario	9
PERSOAL FUNCIONARIO SUBGRUPO A1	5
PERSOAL FUNCIONARIO SUBGRUPO C1	2
PERSOAL FUNCIONARIO SUBGRUPO C2	2
PERSOAL LABORAL	10
PERSOAL LABORAL GRUPO I	6
PERSOAL LABORAL GRUPO II	1
PERSOAL LABORAL GRUPO III	1
PERSOAL LABORAL GRUPO IV	1
PERSOAL LABORAL GRUPO VII	1
Outro persoal	21
TOTAL	40

Medios Persoais

A. G. de Sangue, Órganos e Tecidos	2025
PERSOAL LABORAL	8
PERSOAL LABORAL GRUPO I	5
PERSOAL LABORAL GRUPO III	2
PERSOAL LABORAL GRUPO IV	1
Outro persoal	197
TOTAL	205

**Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Funda-
cións do Sector Público Autonómico**

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.419	
Fund. Públ. Urxencias Sanit. Galicia 061	98.901	
Fund. de Medicina Xenómica	8.520	1.723
Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica (INIBIC)	10.265	627
Fund. Instit. Invest. Sanitaria Santiago	25.596	1.200
Fundación Biomédica Galicia Sur	8.869	850
Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
GALARIA Empr. Públ. de Servizos Sanitarios	18.601	3.214
Total	172.171	7.614

(Miles de Euros)

